

**INSTITUTO DA LINGUA GALEGA**

**A LINGUA GALEGA:  
HISTORIA E ACTUALIDADE  
ACTAS DO I CONGRESO INTERNACIONAL**

**16-20 DE SETEMBRO DE 1996  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**VOLUME I**

Rosario Álvarez Blanco  
Francisco Fernández Rei  
Antón Santamarina  
(editores)

Congreso Internacional A Lingua Galega: historia e actualidade (1º. 1996.  
Santiago de Compostela)

A Lingua Galega: historia e actualidade : actas do I Congreso Internacional,  
Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996 / [organizado polo] Instituto  
da Lingua Galega ; Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei, Antón  
Santamarina (editores). - Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega :  
Instituto da Lingua Galega , 2004. - 4 v. : 24 cm

DL VG-681-2004. – ISBN 84-95415-80-1 (V. I). - ISBN 84-95415-81-X (O. C.)

1. Lingua galega-Congresos e asembleas. I. Álvarez Blanco, Rosario, ed. lit. II.  
Fernández Rei, Francisco, ed. lit. III. Santamarina, Antón, ed. lit. IV. Instituto da  
Lingua Galega. V. Consello da Cultura Galega

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 957 202 Fax 981 957 205  
correo@consellodacultura.org

© INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Praza da Universidade, 4  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 981 563 100 Fax 981 572 770  
ilgsec@usc.es

Deseño de cubertas: Táktika Comunicación. Vigo

Maquetación

María del Carmen Pérez González

ISBN: 84-95415-80-1 (Volume I)

ISBN: 84-95415-81-X (Obra completa)

Depósito legal: VG-681-2004

Realización: Táktika Comunicación. Vigo

**A LINGUA GALEGA:  
HISTORIA E ACTUALIDADE**



## ADRO

Os volumes que presentamos acollen as actas do Congreso Internacional ‘A Lingua Galega: Historia e Actualidade’, organizado polo Instituto da Lingua Galega para conmemorar o 25 aniversario da súa creación. Sen dúbida, tratouse da máis ampla e representativa asemblea científica axuntada arredor do noso idioma ata a data. Un acontecemento de gran transcendencia, que no porvir será considerado como un sinal certo da madurez e do alto nivel atinxido polos estudos de Lingüística e Filoloxía galegas, en abrollo hai trinta anos e esplendidamente florecidos en diversas pólas durante as últimas décadas.

Non imos salientar o papel protagonista do Instituto da Lingua Galega nese pulo extraordinario da Lingüística Galega e na súa proxección internacional. Limitarémonos a lembrar que o ILG está representado no Pleno do Consello desde a mesma fundación da nosa institución e que varios membros do ILG formaron parte da súa Executiva. En todo este tempo nunca lle faltaron ao Consello, e moi especialmente á súa Sección de Lingua e ao Centro de Documentación Sociolingüística, a guía, o alento e a colaboración do principal centro de investigación sobre o noso idioma. Na actualidade, a colaboración entre o Consello da Cultura Galega e o Instituto da Lingua Galega atopou un eido máis en que fructificar, pois o ILG acolle o equipo editorial do proxecto Sarmiento, o ambicioso plan do Consello que ten como obxectivo a edición completa dos escritos dunha das figuras máis sobranceiras da historia da nosa cultura, non por azar considerado ao mesmo tempo como primeiro precursor do galeguismo e como fundador da Lingüística e a Filoloxía galegas.

Sempre coa mira posta no servizo ao idioma e á cultura de Galicia, en atención á colaboración prestada polo Instituto da Lingua ao Consello, e á vista do interese excepcional que presenta a edición da imponente colección de traballos presentados ao devandito Congreso Internacional, acollemos coa mellor vontade a proposta que o ILG nos

presentou de coedición dos correspondentes volumes de actas. Estamos seguros de que ofrecemos aos estudantes, investigadores e expertos unha utilísima ferramenta de traballo, e confiamos que a súa publicación marcará un antes e un despois nos estudos de Lingüística Galega. Folgámonos, pois, de rescatar para os prelos unha obra que corría o risco de ficar na sombra, un triste destino para moitas iniciativas merecentes de mellor fado nun país coma o noso, tan falto de luces que alumen os vieiros do porvir.

Beizón, pois, e longa e vizosa vida para o Instituto da Lingua Galega e para o idioma do país.

Santiago, outubro de 2003

Alfonso Zulueta de Haz  
Presidente do Consello da Cultura Galega

## VERBAS LIMIARES

En 1996 cumpríronse 25 anos da fundación do Instituto da Lingua Galega. Con este motivo celebrouse, no mes de setembro, un congreso que tivo un gran nivel de participación, tanto de asistentes como de inscritos con contribucións de diferente tipo. O programa científico do congreso constaba de conferencias plenarias (10), mesas redondas (4) e relatorios (194). Os temas deste programa abrangueron a lingua galega en tódolos seus aspectos: historia interna e externa, gramática, fonética, dialectoloxía, onomástica, estilística, semántica, sociolingüística, contacto lingüístico, planificación (corpus e status), didáctica, edición de textos e traballos en curso. En conxunto hai nestas colaboracións un corpo moi importante de doutrina que merece ser dada a coñecer, con máis razón aínda se temos en conta que a lingua galega non anda ata agora sobrada de bibliografía en comparanza coas linguas dos arredores ou con outras linguas minorizadas con vontade de normalización.

Era a nosa intención pórmonos á obra de editar todo aquel material ó día seguinte de rematado o congreso e así o intentamos. Pero houbo razóns que nos obrigaron a demoralalo. Por unha banda, non sempre tódolos autores das colaboracións son o dilixentes que se espera deles na entrega dos orixinais nin na corrección de probas; por outra parte, algunhas das colaboracións (como as mesas redondas) foron repentizadas diante da audiencia e foi mester transcribilas e poñelas nun galego gramaticalmente aceptable, e iso tomou tamén o seu tempo; o mesmo maquetado e composición da obra son laboriosos porque esixen o manipulado de moitos textos e moi heteroxéneos, particularmente aqueles que teñen gráficas de moi distintos formatos; houbo que contar tamén coa demora a que os editores se viron forzados por teren simultaneamente outras obrigacións. E finalmente houbo as dificultades materiais derivadas do custoso da edición dun texto coma este que, só despois dunha longa peregrinaxe, atopa finalmente acollida no Consello da Cultura Galega.

Unha demora de seis anos na publicación dun libro pode parecer excesiva; no que sexa atribuíble a nós, como editores, pedimos desculpas ós colaboradores por lles retermos tanto tempo “no prelo” os seus traballos e agradecemos a súa comprensión. En seis anos, ademais, as cousas avelloan e mesmo caducan. Pero unha das vantaxes que teñen as investigacións humanísticas é que sempre hai algún público para o que non perden vigor. As noticias que deron Varrón ou Quintiliano sobre a lingua latina hai máis de 2000 anos seguen aínda tendo interese non só para o historiógrafo da lingüística latina senón tamén para o latinista en xeral, e mesmo para o romanista ou o historiador da cultura. Non sabemos cantos Varróns ou Quintilianos haberá entre os colaboradores destas actas, pero o que é seguro é que, mesmo entre os traballos que nos poidan parecer máis perecedoiros (como os que se refiren á situación da lingua nos meses inmediatamente anteriores a setembro de 1996) sempre ha de haber algún dato que, a quen faga a historia externa da lingua galega, lle ha de ser útil. Con tanta razón ou máis seguen tendo pleno vigor tamén aqueloutros que teorizan ou describen aspectos máis permanentes da lingua, como pode ser a súa fonética, a súa evolución, o seu léxico ou os seus textos. Esta é entre outras unha das razóns que nos animou a non deixar no esquecemento este conxunto de traballos. Hai case cen anos, en outubro de 1906, celebrábase o Primer Congrès Internacional de la Llingua Catalana organizado por Mn. Alcover. Aquele congreso marcou un fito na historia da lingüística catalá porque foi o xermolo dunha serie de empresas moi importantes. As situacións non son comparables, entre outras razóns porque para nós en 1996 xa había moitas iniciativas acometidas, unhas polo propio ILG e outras fóra del. Con todo, foi un encontro moi fructífero; e aínda que os resultados non sexan espectaculares, cremos que valeu a pena celebralo daquela e dalo agora a coñecer nestas actas.

No seu lugar (en discursos de inauguración e clausura, aquí incluídos) demos as gracias a cantos co seu traballo contribuíron a que o congreso fose un éxito. Queremos desde aquí volver a manifestar ese agradecemento, e agora facémolo extensivo a cantos ó longo dos 25 anos (nesta data xa máis de 30) apoiaron coa súa simpatía e xenerosidade o Instituto da Lingua Galega. O Consello da Cultura Galega xa colaborara co ILG na celebración do congreso; del foi o agasallo ós congresistas dun estoxo cunhas cintas e a transcripción en libro de textos orais galegos. Ó editar agora estas actas quedámoslle dobremente agradecidos ó Consello da Cultura.

Santiago, outubro de 2003

Os editores:  
Rosario Álvarez Blanco  
Francisco Fernández Rei  
Antón Santamarina



# **ACTO DE INAUGURACIÓN**



## ACTO DE INAUGURACIÓN

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

Sr. Director do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela

Mgfc. e Excmo. Sr. Rector da Universidade de Santiago de Compostela, Sr. Representante da Real Academia Galega, Ilmo. Sr. Decano da Facultade de Filoloxía, Sr. Director Honorario do Instituto da Lingua Galega, señores profesores, congresistas e amigos todos.

Antes de comeza-la miña alocución de apertura quero que quede constancia do pésame do Instituto da Lingua Galega pola desaparición de Don Xosé Fernando Filgueira Valverde. Pertenceu ó Patronato do Instituto desde a súa fundación e agora, despois da actualización dos Estatutos do Instituto da Lingua Galega, era membro do seu Consello de Goberno, como presidente do Consello da Cultura Galega. Por tal razón figuraba no Comité de Honra deste congreso. En Filgueira tivo sempre o Instituto un valedor moi entusiasta. Sexa para el esta primeira lembranza.

En segundo lugar, quero desculpa-la ausencia nesta mesa dun membro do Comité de Honra, a Sra. Condesa de Fenosa, que me pide que exprese o seu desexo de que as actividades do congreso resulten con éxito.

Cúmpreme a min dicir unhas palabras para inicia-lo Congreso e as primeiras teñen que ser de xustificación. Un congreso é sempre un foro de debate e de encontro de ideas. A lingua galega, como obxecto de estudio en si e ademais pola súa problemática social, é obxecto de debate en múltiples congresos, aquí en Galicia e fóra dela. Nunca no Instituto da Lingua se celebrara ningún destas características e por dúas coincidencias acordamos celebralo este ano. Unha é a celebración do V Centenario da fundación da Universidade de Santiago de Compostela. Teño que manifestar publicamente que foron os que promoveron a celebración dos actos do V Centenario, e lembro aquí especialmente ó profesor González Beramendi, os que nos incitaron á posta en marcha deste congreso para que a lingua galega non quedase excluída de tan importante festexo.

Outra, a celebración dos 25 anos da fundación do Instituto da Lingua Galega. 25 é unha cifra moito menos impresionante ca 500. Con todo, se o pensamos doutra maneira xa non é tan pouco, porque 25 é a vixésima parte de 500 e é unha boa porción de anos. E hai que ter en conta outra cousa: que o tempo correu moito máis rápido nestes 25 anos que case nos 475 anteriores. Ademais, facer 25 anos quere dicir facerse persoa entrega. Daquela, é tempo de facer memoria e, principalmente, de facer planos para o futuro. A estas alturas, sobre nós mesmos como institución convén este debate. Pero cómpre, sobre todo, acerca da lingua galega, e ningunha ocasión máis oportuna ca esta do centenario e o vixésimo aniversario.

A resposta á nosa chamada superou tódalas previsións pois entre conferenciantes, participantes en mesas redondas, asistentes con relatorio e simples asistentes hai 674 persoas inscritas. Isto motivou que *in extremis* tivesemos que cambia-la sede do congreso, acto que aceptou esta facultade á que manifestámo-lo noso agradecemento na persoa do seu Decano.

As comunicacións espontáneas, é dicir, as que non foron encargadas especialmente a unha persoa ou sobre un tema, son 194 e abarcan o abano máis completo de temas como tiveron a ocasión de comprobar polo programa. Para poder escoitalas todas o congreso tería que durar cinco veces o que dura. Iso quere dicir que cada congresista terá que facer unha escolla entre cinco opcións e agardar a que se publiquen as actas para le-las opcións que latou.

Aproveitamos para facer un rogo moi encarecido, que se atean estritamente ó horario e en caso de pecaren por algo fágano por defecto e non por exceso. Só así se permitirá o trasfego dunha aula para outra ás horas e medias horas.

O programa é case definitivo. De todas maneiras sempre nun congreso cunha asistencia tan numerosa sempre hai algún conferenciante que falta ou algún autor de relatorio que non pillou o tren ou o avión ou que enfermou. Polo tanto, diariamente iremos dando as pequenas modificacións que haxa do programa nun cartel que se colocará á entrada desta Facultade.

Como o horario de actividades académicas é longo e case sen recreos o Comité Organizador preparoulles uns seráns de diversión nos que se ofrece unha boa mostra do que é a actividade musical da Galicia moderna en tódolos seus rexistros, o rock bravú, música popular, cámara e folk, no que participan sucesivamente o Pinto de Herbón e Os Diplomáticos, o grupo Ultreia, o grupo de cámara In Itínere e o grupo Milladoiro. Para o último día unha sesión de teatro. Ó invítalos a todos estes queremos recoñecérllle-lo labor que nestes anos eles e tantos outros grupos, compañías e persoas, levan feito pola dignificación e normalización do noso idioma a través da música e da escea.

Este congreso faise con moitas e moi variadas colaboracións. A económica da Universidade de Santiago, da Dirección Xeral 22 da Comisión Europea e da Deputación de Pontevedra e coa colaboración en especie de diferentes organismos: a Fundación Caixa Galicia, que axuda ós gastos do concerto de Milladoiro; o Seminario Maior de Santiago,

que presta os seus locais para o concerto de Ulteira e os petiscos (que non están contemplados no programa, anúncioo agora); Ulteira mesmo, que fai *gratis et amore* o seu concerto; o Centro Dramático Galego da Consellería de Cultura que ofrece a sesión especial dunha obra de teatro *Como en Irlanda*; o Consello da Cultura Galega que regala un estoxo que contén os libros e as casetes da nosa fala; Edicións Xerais de Galicia, que nos agasalla cunha bibliografía da lingüística galega que non se puido incluír na bolsa de documentación e que será repartida no curso do Congreso; Edicións do Castro que ofrece unha medalla e un libro; a Editorial Sotelo, que sufragou o custo da impresión do libro-programa; Artes Gráficas Litonor, que sufragou o custo do papel do mesmo libro; a Editorial Galaxia, que regalou o caderno para que tomen as súas notas; e o Grupo Revisión, que deseñou as circulares e o programa. Para todos eles queremos que quede constancia pública da nosa gratitude.

As miñas gracias tamén, como membro do Comité Organizador, a tódolos bolseiros e persoal do Instituto da Lingua Galega, que xa prestaron unha grande axuda e aínda están prestando durante o desenvolvemento do Congreso durante esta semana.

As miñas gracias por último, pero non menos grandes, a tódolos que asistides e calquera que sexa a participación que teñades.

Finalmente, como organizadores do congreso queremos que esta celebración sexa dedicada ó que nestas horas é Director Honorario do Instituto, Constantino García, que hai 25 anos tivo a idea de crear un centro que sen dúbida ha de haber que ter en conta no futuro, non só na historiografía da lingüística galega, senón mesmo na propia historia da lingua galega.

Moitas gracias.

EMILIO MONTERO CARTELLE

Ilmo. Sr. Decano da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Mgfc. e Excmo. Sr. Rector, Sr. representante da Real Academia Galega, Sr. Director Honorario do ILG, señores profesores, congresistas e amigos todos.

Ante todo, quero sumarme a ese recordo emocionado e grato ó profesor Filgueira Valverde. Sei que a miña presenza neste acto vén motivada por razóns estrictamente protocolarias e, a pesar diso, non podo deixar a un lado a miña vocación filolóxica. Véxome polo tanto na obriga nestes momentos de facer, moi brevemente, unha dobre reflexión sobre este *I Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade*.

Como estudioso da lingua galega, os meus parabéns pola iniciativa que supón congreso. A forza de ser sincero, teño que recoñecer que non sei moi ben qué parámetros aplicar para medir a importancia dun congreso. Aínda así, sempre chego á mesma conclusión. Se o punto de partida é o interese que poida espertar, se tomo como referencia a súa capacidade de convocatoria, o número de participantes, a diversidade e im-

portancia dos contidos, o seu éxito está máis que asegurado. Se, por contra, a referencia vén dada pola calidade dos profesores invitados a impartir as conferencias plenarias, ¿que podo dicir ante a perfecta selección levada a cabo polos seus organizadores? Se me fixo nos temas, no seu interese científico, na súa repercusión social, na actualidade das mesas redondas, as conclusións son as mesmas. Mírese como se mire, hai que recoñecer que estamos ante un congreso que vai marcar un punto de referencia inequívoco no estudio da lingua galega.

Como Decano, agradezo ó Director do ILG o seu recoñecemento polas facilidades prestadas pola Facultade para ser sede deste evento. Non se merecen. É unha obriga e unha consecuencia lóxica da miña forma de pensar e de senti-lo ILG como unha prolongación da Facultade e os seus integrantes como parte do cadro de persoal docente dela. Por iso veño mantendo que os seus 25 anos de existencia son parte da historia da Facultade de Filoloxía e que o seu éxito é tamén o noso.

Si vexo oportuno subliñar e agradecer o esforzo dos organizadores, de esas persoas que, nas sombras, moverán os fíos necesarios para que cada un de nós saiba onde dirixirse, onde escoitar a comunicación que esperta o noso interese, onde atopar o conferenciante que queremos coñecer, en definitiva, cómo movernos neste pequeno mundo de máis de 600 asistentes, de cerca de 200 comunicacións. A eles, polo que levan traballado e polo tempo que nos dedicarán, o noso recoñecemento.

Antes de rematar e de saudar a tódolos participantes, permítanme unha última reflexión. A miña fundamental preocupación reside en que este congreso non sexa un acto illado, que teña lugar cada 25 anos. O meu desexo máis profundo é que este *1 Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade* sexa o primeiro doutros eventos similares que favorezan a reflexión sobre a nosa lingua e, por riba doutras consideracións, a súa proxección social, cultural e científica.

O meu máis afectivo saúdo a tódolos participantes, a benvida ós que veñen de fóra e o meu desexo de que a estancia sexa grata a todos.

Moitas gracias.

DARÍO VILLANUEVA PRIETO

Mgfc. e Excmo. Sr. Rector da Universidade de Santiago de Compostela

Ilmo. Sr. Decano da Facultade de Filoloxía, Sr. Director Honorario do Instituto da Lingua Galega, Sr. Director do Instituto da Lingua Galega, Sr. académico representante da Real Academia Galega, señoras e señores.

É moi doado comprender a satisfacción que sinto por ter sido convidado a participar neste acto inaugural do congreso que hoxe comeza. En primeiro lugar pola miña condición de filólogo. Dáse a circunstancia de que polas carambolas da vida, con motivo do V Centenario da Universidade, podo participar en calidade de Rector en moitas activida-

des que están moi preto da miña actividade académica habitual. E así, ademais, péchase un ciclo porque o primeiro Rector da Universidade de Compostela de que temos noticia foi precisamente tamén un filólogo, Pedro de Vitoria.

En segundo lugar, porque os comezos do Instituto da Lingua Galega forman parte tamén da miña experiencia directa desta Universidade e da antiga Facultade de Filosofía e Letras. E tamén do recordo inesquecible que eu teño como alumno de D. Constantino García González, un profesor que naqueles momentos –estou a falar dos primeiros anos 70– representaba para moitos de nós unha maneira distinta de entende-la universidade, e polos seus froitos podédelo ben coñecer.

Algúns dos máis recentes documentos sobre a mellor política para as universidades, non nun sentido limitado a un ámbito estatal ou un ámbito nacional, senón internacional, o documento que o ano pasado publicou a UNESCO, fala de que o futuro das universidades ten que pasar, necesariamente, por tres conceptos eixo. Por unha parte a pertinencia, en segundo lugar a calidade e en terceiro lugar a internacionalidade. Pois ben, o Instituto da Lingua Galega, desde o seu primeiro comezo, estaba xa cumprindo con eses triples obxectivos.

En primeiro lugar a pertinencia, que significa axeitamento entre o labor desenvolvido pola universidade e as necesidades do seu entorno inmediato. E non cabe dúbida de que con todo o mérito que os pioneiros no estudio da Filoloxía Galega merecen de nós, o Instituto da Lingua Galega veu a cubrir un baleiro, e dun xeito non só pertinente senón tamén cheo de calidade. E por outra parte, o terceiro eixo, a internacionalización, forma parte dos obxectivos do Instituto da Lingua Galega. Como proba, a propia composición deste Congreso e as distintas intervencións e deliberacións que nel se producirán. A través do Instituto da Lingua Galega a nosa lingua formou parte dese ámbito supranacional dos estudos filolóxicos, e pasou a ocupar un lugar destacadísimo nos estudos románicos, un lugar que merecía, pero que cecais antes nunca tivera acadado.

Así pois, moitas gracias Antón, moitas gracias D. Constantino por este convite a participar neste acto de inauguración.

Existe tamén unha terceira razón que non quero esquecer. Xa foi comentada polo Director do Instituto da Lingua Galega. Este congreso vén a formar parte das actividades do V Centenario da Universidade de Santiago. Efectivamente, eu recordo que sendo membro da Comisión Executiva que empezou a organizar o V Centenario no ano 92 baixo a dirección do entón Vicerrector González Beramendi, nós artellamos unha serie de actividades especificamente concibidas a prol do estudio e do coñecemento da lingua e da literatura galega que se foron cumprindo neste ano xubilar de xeito escrupuloso. Estou a recordar, por exemplo, o que significou o *Encontro de Centros de Estudos Galegos* das universidades de todo o mundo, o que significou o Congreso sobre *A Universidade na Torre de Babel*, o que representou a exposición *Letras Galegas e Universidade* que fixemos no marco das exposicións do V Centenario con motivo do Día das Letras Galegas o pasado mes de maio. Penso tamén no traballo sociolingüístico, diri-

xido precisamente polo profesor Santamarina e encargado ó seu equipo do Instituto da Lingua Galega e ó Servicio de Normalización Lingüística da Universidade, sobre a situación actual do emprego do galego no ámbito universitario compostelán e lucense.

E finalmente tamén quero ter un especial recordo emocionado ó que representou o acto de doutoramento *Honoris Causa* de D. Xosé Fernando Filgueira Valverde o pasado 26 de abril, un acto no que o profesor Filgueira xa non era exactamente, no vigor físico, o home que sempre foi, pero conservaba todo o pulo intelectual, académico e universitario que o caracterizou desde que publicara en Santiago de Compostela no ano 1937 a súa tese de doutoramento sobre a cantiga 103 de Afonso X O Sabio. No seu prólogo Filgueira di: “*moitas gracias á miña nai, á Universidade de Santiago de Compostela*”. Estaba facendo un xogo de traducción do concepto xa tópico de *alma mater* referido á Universidade. Pero ó dicilo non en lingua latina soaba cunha proximidade que producía sorpresa e que logo, universitariamente falando, enchía de satisfacción a quen participa dese mesmo sentimento.

Este congreso, pois, no tramo final desa conmemoración do V Centenario vén a representar, como dicía o noso Decano, o comezo dunha xeira de encontros que eu estou seguro que se producirán porque a vida do Instituto da Lingua Galega está absolutamente consolidada, o seu recoñecemento nacional e internacional é extraordinario, e, ademais, estamos nunha fase especialmente interesante co proxecto demandado por toda Galicia de que este Instituto, nacido na Universidade de Santiago, promovido pola Universidade de Santiago e sempre acollido pola Universidade de Santiago, se converta nun auténtico Instituto da Lingua Galega interuniversitario ó servizo de Galicia, como o foi desde un principio, desde hai 25 anos, pero coa incorporación do apoio e da comprensión das outras dúas universidades do noso sistema.

Non quixemos facer deste V Centenario unha conmemoración que incorrera nun triunfalismo retrospectivo. Trátase non tanto de festexar como de conmemorar, de recordar conxuntamente entre todos o que puido ser a historia da nosa *alma mater* e, sobre todo, proxectar desde esa historia un futuro.

Ó longo deses cinco séculos é evidente que houbo momentos que fixeron honra do lema *Gallaecia fulget*, que Álvaro de Cadaval escribiu no Claustro de Fonseca, en louvanza de Don Alonso III de Fonseca e Acevedo, pero houbo tamén momentos de decaemento. Isto é típico de tódalas universidades do mundo, polo tanto non é privativo da nosa. Eu penso de todas formas que o noso sentimento de autoestima demanda que, sen esquecer os momentos baixos, saibamos recoñecer aqueles outros en que a nosa universidade representou aquilo que debería ter representado sempre en todo tempo.

Unha das relacións probablemente menos satisfactoria que se deu ó longo destes cinco séculos entre a universidade e o seu entorno é a que se ten producido en relación á lingua galega. Sen embargo non se pode dicir que a Universidade estivera totalmente afastada da lingua galega durante este amplo período de tempo. É moi significativo, por exemplo, que o documento fundacional do que partimos para conmemorarmos o V Cen-



tenario, a doazón por parte de Lope Gómez de Marzoa das súas rendas para constituír o Estudio Vello, estea escrito en galego na parte na que fala Lope Gómez de Marzoa, se ben está en castelán na parte que lle corresponde a Frai Juan de Melgar, o prior do Mosteiro de San Martiño Pinario, que era o outro parceiro daquela aventura. Nos séculos seguintes, nos que o cultivo do galego adoeceu dunha ausencia notable, sen embargo a Universidade recolleu algúns dos poucos textos poéticos na nosa lingua de que temos noticia.

Evidentemente a situación lingüística da Universidade por aquel entón era complexa. O latín era unha lingua viva aínda para a docencia universitaria, estaba tamén o castelán coa súa presenza oficial e o galego tiña unha consideración sen dúbida xa decrecida. Sen embargo, que o galego formaba parte da vida ordinaria e común da Universidade non cabe ningunha dúbida. Domingo Fontán, o máis importante xeógrafo que ten ensinado nas aulas da nosa universidade antes do século XX, nunha intervención parlamentaria do ano 1837 en Madrid argumentaba o seguinte: a Universidade de Santiago na súa historia estivo sobre todo ó servizo de estudantes procedentes do campo de Galicia. El mesmo se identificaba como tal e dicía que de mil estudantes que a Universidade tiña, novecentos procedían do medio rural galego, e non é difícil pensar que a lingua nai que aportaban e coa que se comunicaban era precisamente o galego.

No século XVII a Universidade realizou varias xustas poéticas ou Festas Minervais nas que aparecen textos poéticos en galego. A xusta poética máis importante a este respecto é a de 1697 en louvanza de Alonso III de Fonseca, e dos sete tópicos que se trataron no concurso, un, o segundo, foino exclusivamente na lingua de Galicia. E conservamos, polo tanto, unha ducia de poemas de romances galegos que, por certo, foi Filgueira Valverde o primeiro en publicar no ano 1932, concretamente o romance de Gil Dávila. De que existía xa un sentimento de minorización da lingua galega entón dá proba un dos citados poemas, concretamente o de Xoán del Río e Otero, que foi o que gañou o primeiro premio. O poema di así:

*xa que nos puxo o certamen  
a porfia ou o probrema  
na nosa lingua esquecida  
nomais que por ser galega,  
ledo agora hasta nomais  
porque lle coupese a ela  
no ceu daquel gran escudo  
tan siquer o ter estrela.*

Temos que chegar ó S. XIX para que se empece a percibir no mundo universitario compostelán unha reacción a prol da recuperación do galego, no contexto cultural e politicamente máis amplo do Rexurdimento da nosa cultura; pero xa no século XX contamos tamén con outros momentos de especial significación como é, sobre todo, a creación do Seminario de Estudos Galegos, unha especie de centro de investigación especí-

fico dedicado á temática de Galicia cando a Universidade institucional non tiña abondo flexibilidade como para crealo.

Eu estou absolutamente certo de que despois daquel intento e aquel logro do Seminario de Estudos Galegos, no que participou tamén o noso lembrado D. Xosé Fernando Filgueira Valverde, o feito máis importante que se ten producido nese reencontro entre a Universidade de Santiago de Compostela e o galego foi a creación en 1971 do Instituto da Lingua Galega.

Moitos dos asistentes a este Congreso son moi novos, pero saben que aqueles anos non eran exactamente como os actuais. Non existían moitos instrumentos legais democráticos que hoxe existen e, sen embargo, polo pulo de Constantino García como líder dun grupo importantísimo de novos filólogos como moitos de vós podedes chegar a ser, aquel Instituto callou e chegou a esta realidade fructífera que hoxe temos diante de nós.

Nada máis. Moitas gracias, por suposto, a todos e cada un dos que patrocinaron ou axudaron materialmente a que este Congreso fose o que vai ser: un dos acontecementos máis importantes no transcurso do V Centenario da Universidade de Santiago que agora remata.

Queda inaugurado este *I Congreso Internacional A lingua galega: Historia e Actualidade*.

Moitas gracias señoras e señores.

## **ACTO DE CLAUSURA**



## ACTO DE CLAUSURA

CONSTANTINO GARCÍA GONZÁLEZ

Sr. Director Honorario do Instituto da Lingua Galega

Excmos. e Ilmos. Sres., queridos compañeiros:

Para min é un motivo de gozo participar na clausura deste congreso que celebra os 25 anos de fundación do ILG, empresa na que empeñei os meus esforzos pouco tempo despois de ter chegado como catedrático a esta Universidade. Non foi unha tarefa doada botala a andar en tempos anteriores á restauración da democracia nin mantela activa durante aqueles tempos e os posteriores. Polo que eu podo xulgar creo que os resultados non foron ruíns.

Desde a miña chegada a Santiago moito cambiaron as cousas; unhas por razóns ás que eu fun alleo: a situación social do galego, daquela a hoxe, mudou unha enormidade; antes do 68 o galego malamente resoaba nos corredores da Universidade e case fóra deles; era case inconcibible que puidese se-la lingua dunha Xunta de Facultade, nin sequera dunha asemblea de alumnos ou dunha discusión dun cineclub; era mesmo rara nas tendas da cidade. Era en cambio a lingua única dos galegos das zonas non urbanas.

Noutras cousas a situación cambiou tamén e creo que desde o ILG temos certo protagonismo no cambio. Desde a fundación do ILG, por primeira vez na historia da lingüística galega, a lingua do país era obxecto de estudo desde a Universidade de Santiago; había certamente algún estudio académico sobre o galego antes do 71, pero eran maioritariamente obra de estranxeiros e, ás veces, escritos en alemán. Desde o 67 eu mesmo e outros colegas da Facultade impulsámo-la redacción de teses e tesinas tanto de recolleita como de interpretación do galego. Impulsamos ou axudamos a impulsar outras empresas máis ambiciosas cá do simple traballo de graduación, como é a revista *Verba* ou o *Atlas Lingüístico Galego*.

E prestamos atención tamén ós aspectos didácticos da lingua; antes do 79 case as únicas ferramentas que había para a aprendizaxe práctica do galego eran os manuais do

ILG. Xa se dixo aquí que o feito de que o galego ingresase definitivamente nas bibliografías de romanística non se debe exclusivamente ó traballo do ILG, porque afortunadamente xa son moitos os que sen seren do ILG teñen o galego como obxecto das súas investigacións; pero sería inxusto con nós se minimizase o labor feito desde o ILG para que o galego deixase de se-la irmá pobre nos estudos filolóxicos.

Estou feliz de que todo isto sucedese sendo eu fundador e director do ILG e axudado por tan bos colaboradores e compañeiros.

Moitas gracias

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

Sr. Director do Instituto da Lingua Galega, que fala en nome no Comité Científico e do Comité Organizador do Congreso

Mgfc. e Excmo. Sr. Rector da Universidade de Santiago de Compostela, Exmo. Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, Ilmo. Sr. Decano da Facultade de Filoloxía, Sr. Director Honorario do ILG, señoras e señores.

Chegou o momento de poñermos punto final a esta intensa e esgotadora semana e intentarmos facer un pequeno balance, tanto dos logros conseguidos como das necesidades evidenciadas.

Á marxe do discutido e do presentado no Congreso, á vista da *Guía Bibliográfica de Lingüística Galega* elaborada por un equipo do Instituto e distribuída a tódolos congresistas como agasallo, quen revise as datas de publicación dos máis de 2.500 traballos incluídos nesa obra poderá observar que os publicados despois do ano 71 son a inmensa maioría, o que evidencia un considerable progreso na investigación sobre o galego nun breve espazo de tempo.

Cando no seu día vexan a luz en forma de actas as case 200 comunicacións presentadas, as nove conferencias plenarias e os relatorios das catro mesas redondas agrandarase notablemente a cifra destes traballos citados.

Como organizadores do congreso non foi posible estarmos en todas e cada unha das comunicacións, pero polo que apreciamos naquelas ás que asistimos, polos informes recibidos dos Presidentes das sesións e polos comentarios de moitos congresistas podemos afirmar que o nivel científico e xeral foi moi notable.

Á vista da bibliografía mencionada e do aquí presentado apréciase que hai campos da lingüística que conviña privilexiar no futuro, como é o caso da Sociolingüística e en especial o da variación social do idioma.

Por outra parte evidénciase a necesidade de emprender estudos lingüísticos, etnográficos e históricos referidos á fronteira de Galicia con Portugal, que de levárense a cabo sen dúbida van contribuír a un maior coñecemento das nosas raíces comúns e posiblemente van evidenciar que as fronteiras mentais fabricadas desde as esferas políticas

na vida real foron pouco eficaces. A necesidade destas investigacións transfronteirizas séntese tanto polos investigadores de aquí como de alén Miño.

O feito de que se inscribisen case 700 congresistas dá unha idea das expectativas que xerou no seu día o noso chamamento do pasado febreiro; que moitos dos relatorios fosen presentados por investigadores que traballan en centros do resto do Estado español e do estranxeiro evidencia o interese que esperta a nosa lingua e a súa situación tanto dentro como fóra das súas fronteiras.

Felicítámonos de que a asistencia a tódolos actos fose masiva, a pesar de que a xornada era de case doce horas diarias, co único breve descanso das dúas horas do xantar, sen termos en conta tampouco as actividades lúdicas e culturais de despois da cea. Iso manifesta que o principal obxectivo dos congresistas era académico e non administrativo.

Chamounos así mesmo a atención, e agora teño que rectifica-la miña redacción de hai un pouco, a grande normalidade coa que se desenvolveron tódalas sesións –nisto non rectifico– pois parece claro que triunfou a razón fronte a visceralidade á que estábamos afeitos.

Como organizadores temos que deixar claro que neste congreso participou ben como asistente ben como relator, toda persoa que tiña algo que dicir xa que se admitiron tódolos relatorios e tódalas solicitudes de inscrición. Polo que puidemos apreciar, o respecto de tódalas opinións manifestadas foi absoluto, gustaríanos que este espírito de colaboración e respecto se mantivese no futuro, calquera que sexa o organizador de encontros semellantes. E rogo que llelo transmitan a eses señores que viñeron antes rebentar esta sesión de clausura.

Non como conclusión que afecta ós logros científicos deste Congreso, pero á vista do manifestado en múltiples comunicacións das seccións de Sociolingüística, Planificación Lingüística e na mesa redonda correspondente, evidénciase unha situación preocupante sobre o porvir do galego, o cal require que a este respecto se dean pasos tan firmes e decididos como se deron no estudio do idioma mesmo.

Antes de acabar queremos deixar constancia do noso agradecemento, a algúns outra vez, a outros de novo agora: ás autoridades que nos honran neste acto de clausura; a tódolos que participaron cos seus traballos científicos; ós asistentes, naturalmente; ós presidentes de sesión e en especial ós que non forman parte do Consello Científico do Instituto da Lingua Galega; ós bolseiros, licenciados e funcionarios do Instituto polo que xa se dixo na sesión de apertura; ós medios de comunicación, pois sen eles este acto científico non tería a transcendencia social necesaria; ás entidades colaboradoras, unha vez máis: a Universidade de Santiago, a Fundación Caixa Galicia, Comisión Europea-Dirección Xeral 22, Consello da Cultura Galega e en especial ós membros do seus Arquivo Sonoro, Deputación de Pontevedra, Centro Dramático Galego da Consellería de Cultura, Seminario Maior de Santiago, Edicións Xerais de Galicia, Editorial Galaxia, Edicións do Castro, Editorial Sotelo, grupo Revisión de Deseño, Obradoiro de Música Tradicional Ultra e Artes Gráficas Litonor.

Nestes 25 anos, o traballo de documentación e investigación do Instituto da Lingua Galega cremos que non é desdeñable, tal e como quedou manifesto na conferencia coa que se clausurou o programa científico. Este traballo sería impensable sen a colaboración entusiasta dos investigadores, bolseiros e colaboradores durante este medio cuarto de século. Sería impensable sen a axuda material de diferentes organismos, en especial o da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a través da súa Dirección Xeral de Política Lingüística. E tamén sería impensable se hai 25 anos ó *carbayón* Constantino García non se lle ocorrese a idea de botar ó mar un barco no que con tanta ilusión se enrolou tanta xente.

Gracias.

#### EMILIO MONTERO CARTELLE

Ilmo. Sr. Decano da Facultade de Filoxía da Universidade de Santiago de Compostela

Mgfc. e Excmo. Sr. Rector, Exmo. Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Sr. Director Honorario do ILG, Sr. Director do ILG, señoras e señores:

Despois de cinco días de congreso, de dez sesións plenarias, de catro mesas redondas e de innumerables comunicacións, supoño que todos estarán desexando que isto remate. Intentarei ser moi breve.

No acto inaugural preguntábame, un tanto retoricamente, polos parámetros para medir a importancia dun congreso. Neste momento de clausura non é que teña unha resposta concreta pero si teño un convencemento. As oportunidades académica, científica, cultural e social dun congreso son factores que no futuro terei moi en conta cando me faga ou me fagan unha pregunta como aquela. Tiven a oportunidade de comprobar a importancia dos números, léase relatorios, mesas redondas, comunicacións, participantes, asistentes, pero sobre todo tiven a posibilidade de percibir que, por riba dos datos, están as persoas e as súas ilusións. Se, como ocorreu nesta ocasión, un congreso ten esa capacidade de implicar a xente e ilusionala quere dicir que o seu deseño foi o adecuado e o seu futuro está garantido.

Poñer punto final é sempre un momento de reflexión, de xeito que, na mesma liña que apuntei no día do acto inaugural, quixera volver a insistir en que este Congreso non debería ser un fito illado, por moi importante que sexa, senón o inicio de algo. As palabras do director do ILG son neste senso tranquilizadoras. Dedúcese delas que xa se sacaron conclusións prácticas, que xa hai campos de investigación que manifestan un pulo moi forte, que xa hai liñas de reflexión que empezan a dar os seus froitos. É evidentemente moi significativo que no mesmo momento da súa clausura xa se perciba a súa proxección de futuro, pero tamén é unha responsabilidade para todos, institucións académicas e administrativas, que, dende os seus ámbitos respectivos, deberían recolle-lo reto que supón dar resposta a tanta inqueda, a tanta necesidade de contar con foros nos que expoñer os resultados de moitas horas de traballo, de dedicación e refle-



xión sobre a lingua galega. Desexo que non sexa necesario esperar outros 25 anos para que tanta forza contida poida novamente saír á luz pública, ter un marco adecuado para a súa difusión.

Xa como remate, un novo desexo, espero que ninguén se sinta defraudado nas súas expectativas, que creo que non, e un último recoñecemento a todos, organizadores, participantes e colaboradores, pola dedicación e esforzo neste congreso e, pola súa mediación, no enriquecemento da lingua galega.

Moitas gracias.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

Excmo. Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

Mgfc. e Excmo. Sr. Rector da Universidade de Santiago de Compostela, Ilmo. Sr. Decano da Facultade de Filoloxía, Sr. Director do ILG e Sr. Director Honorario do Instituto da Lingua Galega, señoras e señores:

Desexo expresárle-la miña satisfacción por estar con vostedes na clausura deste I Congreso Internacional, marco que serve para conmemorar-lo 25 aniversario da creación do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago e que sen dúbida servirá de acicate para a proxección cara ó futuro do propio Instituto e da nosa lingua. Non deixa de ser significativo que dúas das leis que o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade foran a Lei de Símbolos e a Lei de Normalización Lingüística. Máis alá das discrepancias propias do pluralismo democrático, a representación parlamentaria de tódolos galegos amosaba así, dun xeito rotundo e claro, a súa preocupación unánime polos elementos máis definitorios da nosa cultura e da nosa identidade, dos cales a lingua ten un papel decisivo pola súa capacidade para vencellar un pobo coa súa fala.

Lembrouse neste congreso a preocupación que na década dos 60 houbo na sociedade galega en xeral, e na Universidade de Santiago de Compostela en particular, polo estudo de Galicia. Neste tempo tivo unha importancia capital a creación da Cátedra de Lingua Galega e o labor realizado dentro do Departamento de Filoloxía Románica e do Instituto da Lingua Galega.

Cando fago memoria dos meus anos de estudio e como profesional do ensino, recordo que era referencia obrigada dirixirse ó Instituto da Lingua Galega para recadar información de material básico tanto para a nosa formación como para poder iniciarlos alumnos na nosa lingua.

Alá polo ano 71 unha das iniciativas que tivo esta institución foi a elaboración dun método de ensino en galego que deu orixe ós coñecidos *Galego 1, 2 e 3* que todos usabamos constantemente. Tamén se publicaron as *Lecturas Galegas*, un manual de apoio para o ensino ou o *Diccionario Básico da Lingua Galega*, que sería de grande importancia para a normalización do noso idioma por se-lo primeiro diccionario feito integramente en galego.

Non é o momento para facer un relatorio *in extenso* pero convén lembrar que paralelamente a unha lexislación reguladora dos usos do idioma cumpría o establecemento dunha lingua estándar. O Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega propoñen, en 1982, as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* que acadan o carácter de oficiais coa promulgación da Lei de Normalización Lingüística.

No seu labor de realización do *Atlas Lingüístico Galego*, nas publicacións filolóxicas desta institución, nos traballos de normalización de formularios e documentos administrativos. En resume, na súa tarefa investigadora da lingüística galega e na convocatoria dos Cursos de Lingua Galega para Estranxeiros, sempre existiu unha colaboración estreita entre a Consellería de Educación e o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago. Colaboración que se materializou ademais no financiamento ordinario por parte do departamento que teño a honra de dirixir e que nos dous últimos anos duplicou os seus esforzos cara a posibilita-la consecución dos traballos de investigación que ano tras ano realizan os compoñentes deste instituto universitario.

Ó clausura-lo *1 Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade*, quero agradece-lo labor desenvolvido ó longo destas dúas décadas e media por este Instituto e referirme, como non, á figura do Dr. Constantino García, primeiro director do mesmo, hoxe Director Honorario e sen lugar a dúbidas *alma mater* dunha xeración de lingüistas galegos que fixeron posible a celebración deste Congreso.

Neste acto no que nos toca poñer fin ás actividades realizadas na semana, quérolles dicir a todos que o que tentamos e desexamos é que se coñeza Galicia e a nosa lingua en todo o mundo e que medre o seu uso na sociedade. Isto será posible co coñecemento, difusión e estudos serios e rigorosos sobre a mesma.

Neste senso constato no libro resumo do congreso a existencia de aportacións que están na vangarda da investigación lingüística e outras que son consideracións de temas xa estudados e que son sometidos a revisión. En todo caso, temos unha pluralidade de asuntos que requiren atención, estudo e naturalmente priorización para actuación. Non se fai todo nun só momento, precisamos dun tempo e dunha imaxinación para encara-lo futuro. Neste congreso en poucos días fixéronse aportacións que agradecemos e agora o importante será o traballo silandeiro e cotián ó que vos invito a todos.

Moitas gracias ós que fixeron posible este Congreso, e por suposto ó Director nestes momentos do Instituto da Lingua Galega e ó Decano desta Facultade.

Moitas gracias a todos.

DARÍO VILLANUEVA PRIETO

Mgfc. e Excmo. Sr. Rector da Universidade de Santiago de Compostela

Excmo. Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, Ilmo. Sr. Decano da Facultade de Filoloxía, Sres. Director e Director Honorario do Instituto da Lingua Galega, señoras e señores:

O pasado luns tiven oportunidade, no acto de inauguración deste Congreso, de lembrar diante de todos vostedes a historia de encontros e desencontros entre a Universidade de Santiago de Compostela e a lingua galega, e lembraba entón o feito de que o documento fundacional do que se parte para conmemorármolo seu V Centenario que agora vai rematar, o documento de Lope Gómez de Marzoa, está escrito na parte que lle corresponde a el, que é en definitiva quen outorga os bens necesarios para empezar aquela empresa, está escrito en galego.

Hoxe non vou repetir aqueles mesmos argumentos e non vou falar tampouco desde unha perspectiva xeral da Universidade senón que, como membro da Facultade de Filoloxía, como ex-alumno do Director Honorario do ILG e tamén do Director do ILG e como compañeiro de Departamento do noso Decano, querría falar familiarmente nun ámbito ó que regresarei cando remate a miña responsabilidade como Rector para seguir facendo o que aprendín a facer nesta mesma Facultade e seguirei facendo ata que os anos mo concedan.

O V Centenario da Universidade permitiu lembrar o que fomos ó longo do tempo, e vendo as cousas como filólogo teño a enorme satisfacción de que cando comezabamos aquela conmemoración o inverno pasado, tivemos que lembrar e conmemorar os 25 anos da fundación da sección de Filoloxía Clásica nesta Universidade. Un momento igualmente moi decisivo para o artellamento actual e fortalecemento da nosa Facultade. E agora, cando xa albiscamos o final deste período, estou outra vez convidado a intervir noutro Congreso no que se conmemora un feito igualmente transcendente como é o primeiro cuarto de século de vida do Instituto da Lingua Galega.

Somos, pois, desde Filoloxía, en certo modo, o alfa e o omega deste período de 370 días no que intentamos relembra-la a Historia de Universidade cun sentido crítico, porque nesta universidade como en tódalas do mundo, incluso as que teñen máis sona, houbo momentos bos, momentos medianos, momentos malos e momentos pésimos, e a actitude universitaria esixe recordalos todos e asumilos igualmente todos para saber que é o que non se debe repetir e, polo contrario, para potenciar aquilo que, sen dúbida, fará da nosa Universidade o que realmente debe ser.

Ó longo destes meses dixemos moitas veces, e ninguén o rebateu, que a Historia de Galicia non se pode entender sen a Historia da súa Universidade de Santiago de Compostela. E é moi difícil facer un mapa desta historia prescindindo daquel feito que comezou modestamente en setembro de 1495 ata chegar a hoxe.

Recibimos moitos testemuños do recoñecemento xeneralizado que Galicia lle ten á súa *alma mater*. Eu estou completamente certo de que unha das manifestacións de xenerosidade, de oportunidade, de traballo e de esforzo, de visión de futuro por parte da Universidade de Santiago, que meirande transcendencia tivo foi precisamente a creación do Instituto da Lingua Galega nun momento en que as cousas non eran moi doadas; pero, houbo entón a iniciativa, houbo a imaxinación suficiente e houbo a capacidade de integración de persoas, de esforzos, de perspectivas, ata chegar a esta evidencia de hoxe.

Pero a Universidade de Santiago de Compostela, que se ten caracterizado precisamente por esa xenerosidade de cara á sociedade galega, aínda vai emprender, e o propio ILG xa ten tomado este acordo e esta decisión, vai emprender outra xeira de entrega xenerosa a Galicia, que é acubillar no seo do propio ILG, concibido como instituto interuniversitario, aqueles grupos investigadores que estean en harmonía co que o ILG representa. Iso é o que todos agardamos que se produza nos vindeiros meses, o artellamento dun ambicioso Instituto Interuniversitario da Lingua Galega que será máis potente, non porque o que hoxe en día existe non o sexa xa, senón porque pola xenerosidade coa que abrirá as súas portas a todos cantos se queiran incorporar á tarefa común, recuperará novos bríos, novos folgos, e emprenderá deste xeito os segundos 25 anos da súa historia.

Quero agradecer a Don Constantino García González hoxe nada máis que a iniciativa que tivo hai cinco lustros e a teimosía con que a mantivo dende entón. Quero tamén agradecer a Antón Santamarina que tomara, como tomou, a continuidade daquel proxecto e que ó fronte da Comisión Organizadora deste congreso traballara arreo desde a súa inauguración ata este momento de clausura. E tamén quero agradecer a presenza aquí da máxima autoridade educativa de Galicia, o noso Conselleiro Celso Currás, que é home vencellado polos seus estudos e as súas publicacións á Universidade de Santiago de Compostela e vencellado tamén a esa tarefa nunca acabada da ensinanza e do estudo, por acompañarnos neste último momento que está copresidindo co Rector da Universidade.

Estou certo que el participa desde a súa alta responsabilidade no goberno galego deste proxecto de fortalecemento do Instituto da Lingua Galega a prol, en principio, das tres Universidades do país; pero en definitiva, a prol dese índice definitivo da cultura galega que é a lingua.

Queda pois clausurado en nome do Exmo. Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e do Rector da Universidade o *1 Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade*.

Moitas gracias señoras e señores.

## O INSTITUTO DA LINGUA GALEGA: 25 ANOS DE PROTAGONISMO E TESTEMUÑO

*Antón Santamarina*

Instituto da Lingua Galega

A miña intervención neste acto, que case é de clausura, non vai te-lo carácter dunha conferencia científica maxistral senón máis ben de memoria e lembranzas persoais do que foi o ILG nestes vinte e cinco anos de vida. Como o meu currículo persoal a penas existe fóra do ILG pido desculpas anticipadas polas deformacións boas ou malas que a paixón me leve a cometer. Quizais, descontado Constantino García, son eu o único membro do staff do ILG que pertenceu á institución desde maio de 1971, primeiro como simple colaborador, despois como secretario (entre o 78 e o 90) e despois como director. Só esta razón xustifica que fale de último e deste tema.

Neste momento gustárame ter sido coma Filgueira Valverde, minucioso en ir apuntando día a día calquera suceso, relevante ou irrelevante, referente á vida da institución. Pero nin eu nin ningún dos colegas do ILG fixo un arquivo destas características, así é que botarei man do rexistrado na miña memoria; pero advirto que a miña memoria é pouco tenaz, de tal maneira que cando boto a vista ó lonxe (coa miña mirada de miope) preséntanse máis ben, borrosamente, os vultos e non os detalles.

Das orixes lembro antes que nada o lugar, a nosa Facultade, primeiro unida á de Xeografía e Historia nunha única Facultade de Filosofía e Letras e despois segregada orgánica e fisicamente; creo que aquela división era inevitable non só por razóns de orde pública senón tamén pola tendencia á especialización. Nun primeiro momento as dúas Facultades quedaran unidas por corredor; finalmente o corredor foi tapiado tamén; eran os anos inmediatamente posteriores ó 68 e vía con señardá desde o meu despacho da Praza de Mazarelos a aula 4 da Facultade de Historia, unha aula enorme para 250 alumnos, na que eu pasaba tres pánicos por semana ante tal morea de xente; daquela aula, por unhas ventás que estaban a seis ou sete metros do chan, brincaban os rapaces para fóra cando a policía desfecía as asembleas que alí se celebraban; tal era o medo que agarraban os alumnos que preferían romper unha perna ou un brazo na caída botándose pola

ventá, antes ca recibir un toletazo no lombo ou exporse a pasar unha noite na comisaría e se cadra ser multados ou enviados ó Tribunal de Orde Pública. Naquela aula, outras veces, ensaiaba o Orfeón Universitario, así é que en vez de gritos de euforia ou de pánico o que se oía desde as ventás da aula 4 eran as notas do piano de Zumalave que lle daba entrada ó coro para interpretar unha peza de Haendel; non sei por qué mallaban moito en Haendel.

A nova Facultade de Filoloxía era pequeniña, tanto polo espacio físico coma polo número de estudantes e profesores (estamos falando do ano 1971): a Xunta de Facultade (á que eu non pertencín ata o ano 75, cando saín Adxunto) celebrábase arredor dunha mesa redonda de 20 asentos e aínda sobran sitios; a primeira orla de licenciados en galego tiña cinco retratos (ademais dos dos profesores); por aquela mesma época as orlas de español andaban polos 30 ou 40; en clásicas e francés o número de matriculados tamén era moi baixo.

É unha época de crecemento enorme da universidade; de ano en ano o número de alumnos ía en aumento e proporcionalmente o número de profesores. Destes tempos (que non lembro con moita precisión, como dixen antes) veu o cambio de Cátedras en Departamentos, cunha estrutura nova onde non había xa Catedrático, Adxunto e Axudantes senón novas figuras (como Agregado); con todo, a terminoloxía vella continuou unha tempada de maneira que en vez de Departamento de Literatura, ou de Filoloxía Románica, etc. dicíase o Departamento de Moreno, o Departamento de Constantino, o Departamento de Díaz, o Departamento da Bobes, como antes se dicía (xa tamén algo impropriamente) a Cátedra de Moreno, de Constantino, de Díaz... igual que en tempos de Cotarelo ou de Barcia Trelles.

Naquel espazo e época teño tamén, sen moita precisión, colocadas as figuras, desde a portería ata o poleiro de arriba onde estaba Constantino no seu dúplex. Na portería había un bedel que, naturalmente, fora garda civil, e disque andaba con pistola; era un namorado das veigas do Lor e falaba sempre marabillas das troitas e da augardente daquelas terras; nunca nos sacou a pistola pero estou seguro que como bo lector de El Alcázar non aprobaba moito que se andasen poñendo polas noites bandeiras republicanas no vestíbulo da Facultade.

Por alí rebulían naquela época os do meu igual: Luís Iglesias, que era da miña promoción; Couceiro e Guillermo das seguintes; e despois xa algúns que me sufriran a min nas clases de dialectoloxía, como Pen a ou Xosé Luís Rodríguez. Destaco con moita claridade e con tristeza a figura de Manolo Taboada. Case todos empezaron facendo as súas tesinas e teses sobre o galego aínda que despois derivasen os seus intereses para outros campos. A taza de ribeiro valía tres réas nos bares do Franco e os soldos non eran sequera proporcionais ó prezo do viño. Había naturalmente moitos outros compañeiros (que aínda andan por esta Facultade ou polas de Vigo ou da Coruña, ou noutras universidades ou fóra delas) cos que había sempre unha relación cordial e que vexo algo máis desenfocados porque non nos frecuentabamos tanto nin despois tiveron moita relación

co ILG. Algúns dos que mencionei tampouco a tiveron nunca e outros, se a tiveron en principio, despois arredáronse algo por razóns profesionais. Nesta foto non aparecen Charo, Paco e Manolo porque no ano 1971 aínda andaban debullando no Vidos e no Lausberg; só é algún tempo despois cando os vemos sentados no banco dianteiro porque lles tocou a eles realizar un dos traballos máis laboriosos dos feitos nunca no ILG (as enquisas do ALGa).

Por riba de nós estaban figuras de moito vulto, ou pola súa posición académica ou pola súa autoridade científica ou polas dúas cousas. Para os ollos dun estudante ou dun PNN estas catro ou cinco figuras son imborrables e consérvaa (se cadra algo idealizadas, ou desidealizadas) ó longo da vida toda. Enumero as que o son para min, empezando polo andar de abaixo: Rabanal, un bo mestre de grego a quen vexo co seu rostro atormentado por non sei qué (fora alumno de Unamuno e tiña un sentimento tráxico da vida). Díaz, tan sabio e tan brillante, que lucía unha aura de autoridade que o tempo foi acrecentando. Carmen Bobes, a única muller catedrática naquela Facultade, que se cadra foi a primeira que falou de Chomsky en Santiago (aínda que despois falase Guillermo para rectificala). Moreno, que foi o primeiro catedrático que me invitou a ir á casa tomar un té, xunto con Arcadio e Casares; estivera en Oxford e notábaselle tanto no saber coma nas teimas: houbo unha época en que decidiu bordar no bolso da chaqueta o escudo do arcebispo Yermo e estendeu a moda a tódolos axudantes, que andaban cun uniforme que parecían dun College. No cabo estaba Constantino, que aínda había pouco que viñera de Alemaña, e naquela época pasaba por se-lo catedrático máis «moderno» de todo Santiago; aínda os catedráticos eran pouquiños e moi decimonónicos e que un catedrático fose cos seus alumnos ós magostos ou mesmo organizase algún festexo que outro con cubas libres e pinchos nos seus seminarios rompía moito coa tradición clasista de que estudantes e catedráticos non eran clases mesturables.

Non eran catedráticos, pero xa se vía que só lles faltaba o trámite da oposición, Carballo Calero e Ramón Lorenzo. Carballo chegara a Santiago no ano 1965 ou 66, andaba xa pola metade da súa cincuentena, e viña precedido por unha merecida sona de bo escritor e bo investigador; tiña para nós un mérito engadido que engrandecía máis a súa figura: sufrira cadea por unhas ideas que moitos de nós compartiamos e seguía fiel a elas. A Lorenzo precedeuno tamén a súa fama antes de chegar a Santiago. Por Piñeiro e por outros sabiamos que andaba por Alemaña e que era un gran romanista e que tiña unha descomunal capacidade de traballo; aínda que o tratábamos de «ti» xa daquela lle tiñamos moito respecto e para nós era tan «catedrático» coma os outros; pouco despois unha oposición arredouno de Compostela varios anos pero cando o ILG foi fundado aínda andaba por acó.

O ambiente xeral da Universidade era moi movido; a pesar de que a cresta do 68 xa non volveu ser alcanzada, o estudiantado era un fervedoiro e con calquera escusa íase acantaza-lo coche do Rector G. Garrido. É verdade que había moitos grupos e moitos indiferentes; pero, en xeral, había unha causa común contra a que todos estaban. A si-

tuación do galego, na Universidade e fóra, era dramática. Hai un informe de Alonso publicado hai 23 anos (2 despois da fundación do ILG) que usa este adxectivo desacou-gante e que lle valeu graves recriminacións por parte dalgúns galeguistas; pode ser que Alonso cargase algo as tintas pero se se le o capítulo 7 do seu libro (que lles recomendo ós que non coñezan o tema por experiencia) pódese ver que as cousas non estaban para desdramatizar. A parte maioritaria da poboación era indiferente, senón hostil, ó galego. E non é de estrañar porque o galego era unha auténtica «lingua B» e cada vez o era máis. Existía unha elite galeguista concienciada, formada por antigos galeguistas repu-blicanos e por xente nova que, por reflexión ou por persuasión, chegara ó descubri-mento do propio país. Pero era un número pequeno e pouco influínte aínda (pouco in-fluínte en termos relativos porque a pobreza cultural do país na «lingua A» era tamén dramática). Podemos dar números orientativos: no primeiro premio de teatro «Caste-lao», organizado pola Asociación Cultural «O Galo», fallado no Hostal dos Reis Católi-cos, ó que acudiron practicamente tódolos «galeguistas» da época (desde Cunqueiro e Otero ata varios nenos quinceneiros do «Facho» e do «Galo») cabiamos todos no Co-medor Real e sobra moito sitio; deben de anda-las contas pola miña casa, pero non pasabamos de 150 persoas.

Na Universidade había unicamente a Cátedra de Galego. Para a súa creación disque fo-ran máis activos os galeguistas, coas súas influencias diante do ministro, do que as propias autoridades universitarias; se cadra nas memorias que lle dictou Piñeiro a Casares se fala de todo isto e sería interesante que se soubese. Naquela Cátedra impartíase, na sección de Románicas (subseccións de Español e de Francés), gramática en 3º curso, literatura medie-val en 4º e literatura contemporánea en 5º. Os alumnos de Historia podían tomar como optativas a lingua e literatura galegas de Filoloxía; os doutras Facultades que querían clase de galego podían ir ó Instituto de Idiomas onde o propio Carballo impartiu algún curso. Noutras Cátedras (como a de Filoloxía Románica) o galego tamén era estudiado pero máis ben como materia de investigación; a isto xa me referirei máis detalladamente.

A presenza do galego nas aulas fóra desa Cátedra era nula; non sei se na Facultade de Económicas habería alguén que dese clases en galego; pode ser que si, pero en cal-quera caso era un risco que podía acabar en expediente porque entre os alumnos sempre había matriculado algún policía ou algún militar do SIM.

Mesmo entre o estudiantado, onde a defensa da lingua asoballada podía ter sido un incentivo de adhesión, a unanimidade tardou en ser alcanzada; a moitos, intervir en galego nunha asemblea, tenlles custado apupos e asubíos máis dunha vez. Nas asem-bleas de PNN o galego aínda era máis reprimido ou autorreprimido. É unha situación, con todo, que tardou pouco en superarse. Na panfletería da época (creo que Carlos Gar-cía Martínez, o do Museo do Pobo Galego, ten a colección máis completa) pode verse como as porcentaxes lingüísticas de castelán e galego se van invertendo. En novembro de 1975 (e despois) a lingua da contestación e da reivindicación universitaria era case exclusivamente a galega.



Estes panfletos podían demostrar aínda outra cousa: que a calidade idiomática era igualmente penosa, ou ben porque os que os redactaban acababan de aprendelo daquela mesma e de oídas, ou ben porque sendo galegofalantes recuaran ás etapas máis primitivas do Rexurdimento pois non se facía o mínimo caso da gramática nin da tradición escrita. Creo que foi o mesmo Alonso quen chamou a atención sobre este galego referíndose a el como unha variedade románica nova, aínda sen catalogar.

Os estudos técnicos sobre o galego moderno eran escasísimos. Na *Gramática* de Carballo, a partir da 4ª edición (1974), inclúese un capítulo chamado «Orientación bibliográfica» que está sen dúbida tomado da súa memoria de oposición a Cátedra; iso quere dicir que era a bibliografía máis *aggiornata* no momento e velaquí o que contén: No apartado 4, referido á lingua moderna, en «a) Estudios generales» cita 9 obras, das cales 7 teñen interese só para o historiógrafo da lingüística galega (Mirás, Cuveiro, Valladares, Santiago y Gómez, Lugrís, Cornu e Carré); quedan en pé a gramática de Saco e a do propio Carballo. En «b) Dialectoloxía» rexístranse 15 traballos, uns sobre falas e outros sobre fenómenos; de carácter xeral só o do propio Carballo «Sobre os dialectos do galego»). En «c) Fonoloxía» só un autor, A. Veiga, con varios artigos que publicara en *Grial* e que só máis adiante apareceron en libro. En «d) Diccionarios» os 13 de sempre. Probablemente se podería engadir algo a esa bibliografía, tanto nos apartados considerados como en posibles apartados novos; non se cita, por ex. *O que cómpre saber...* de Alonso, do ano 1969, e que Carballo omitiu polas razóns que fose. Sexa como queira, aqueles 30 e tantos traballos que rexistra Carballo poderíamos subilos a 40 pero como di o refrán galego, *ese é todo o ben que a vella ten*. Así era de crúa a realidade; por iso Dámaso Alonso falara había pouco da lingüística galega e do seu «atraso increíble...». Nun relatorio dramático presentado por Piñeiro en 1956 ó I Congreso da Emigración Galega dicíase o seguinte: «Mas velaquí unha triste realidade: a única destas linguas [románicas] que non está estudada cientificamente é mesmamente a lingua galega. A nosa lingua permanece aínda fóra do mundo científico. Así pódese explicar que un ilustre sabio suízo, o profesor Walter v. Wartburg, sin dúbida a máxima autoridade na Filoloxía Románica dos nosos días, puidese declarar nun Congreso Internacional da súa especialidade que, “o galego, de gloriosa historia, tiña perdido hoxe a súa condición de lingua”. Para este sabio a ausencia do gran corpo científico da Lingüística Románica viña a ser como unha proba obxectiva da súa degradación».

Parece que estou interesadamente pintando un panorama como para prepara-lo advenio milagroso do ILG, pero nada máis lonxe disto. Dixen noutras ocasións que o nacemento do ILG o propiciaran unha serie de circunstancias favorables. Estas circunstancias non foron outras que as xa medio insinuadas. Aquelas 30 obras citadas por Carballo sobre o galego moderno foran case todas escritas ou ben por afeccionados con máis patriotismo que profesionalidade, ou ben por estranxeiros, principalmente por romanistas da escola de Hamburgo ou da española. En todo caso, a atención prestada ó galego como obxecto de estudio fora moi escasa. Mesmo as xeracións Nós e do Semina-

rio, que tan importantes son na historia lingüística deste país, e que tan acuciantemente sentían o problema do idioma, tendo bos profesionais (como podía ser Filgueira ou Martínez López), foron adiando para tempos mellores os estudos gramaticais, lexicográficos e dialectolóxicos. Os anos da posguerra non propiciaron tampouco en Galicia a aparición de Fabras nin de Corominas. Lembrade que aquelas palabras de Piñeiro no ano 56 con vistas á creación dun Patronato da Lingua Galega que «artellase os medios técnicos e económicos» para a produción de tales obras foron pronunciadas nun congreso da emigración, fóra do país, porque na Galicia interior tal empresa era inviable.

Aquel patronato que pedía Piñeiro en nome propio e no de Otero, Cabanillas, Rof Carballo, García-Sabell, Celestino Fernández de la Vega, del Riego e Isla Couto non chegou a constituírse nunca e aínda tardarían 10 anos en darse as circunstancias para que empezase a haber realmente «medios técnicos e económicos» (entendendo por medios técnicos, simplemente os «técnicos», é dicir, os filólogos). A historia empezou a cambiar no ano 1963 cando dentro da Facultade de Filosofía e Letras se creou a Sección de Filoloxía Románica (con licenciatura en Español). En xuño de 1966 saía a primeira formada de licenciados en filoloxía. É verdade que tiña habido moitos estudantes galegos que foran a Madrid face-la carreira pero só dous acabaron realmente interesándose pola lingua: Alonso (que empezou a facer etimoloxías con saudade pero acabou máis amigo da historia literaria ca da filoloxía) e Lorenzo que é un caso de vocación e fidelidade (á que tal vez non sexa alleo Piñeiro). Fóra deste caso (Lorenzo), que é cualitativa e cuantitativamente moi importante, as cousas empezaron a cambiar, como dixen, en 1966.

A historia fana as circunstancias pero tamén a fan as persoas. E neste ano de 1966 (a final de curso, para incorporarse ás clases so a principios do curso 1966-1967), apareceu Constantino García. Non é este o momento de conta-los seus méritos; só quero referirme a un: o de se-lo home adecuado na cátedra adecuada e no momento adecuado. Era o home adecuado polas cualidades persoais que tiña e pola súa formación académica: vira como se traballaba nos seminarios de Lapesa e de H. Meier e comezou inmediatamente a aproveitar aquí aquela experiencia. Era a cátedra adecuada porque estaba dotada e tamén porque podía orienta-lo seu traballo á materia de lingüística galega, dedicando xente e recursos, sen que ninguén lle puxese atrancos. E era o momento adecuado porque estaban entrando estudantes na especialidade e saíndo licenciados moi motivados para se dedicaren ó galego e se converteren nos Meyer-Lübke ou nos Wagner da filoloxía galega; o galego literario e o galego popular, a lingua galega en xeral con toda a súa problemática social, estaba á porta da Facultade coma unha seara sen partir. En cartas de Krüger a Aníbal Otero falábase de Galicia como o Eldorado dos dialectólogos. Constantino tivo o talento de saber aproveitar esta ocasión iniciando empresas e alentando vocacións e iso quedará para a historia lingüística deste país.

E velaquí como 10 anos despois daquel chamado de Piñeiro se daban as circunstancias para que aparecese o Patronato da Lingua Galega, agora baixo o nome de Instituto da Lingua Galega. Probablemente as motivacións de Piñeiro e as de Constantino non coincidían

porque as de Piñeiro eran máis «políticas» (abonda rele-lo artigo que mencionei) e as de Constantino máis «científicas» (desgraciadamente nos primeiros estatutos do ILG non hai unha exposición de motivos detallada); pero no fondo o obxecto de traballo era o mesmo e o programa de actividades moi similar; por outra parte, o ILG era xustamente o organismo que «artellaba a adecuación entre os medios técnicos e económicos».

Así é que en 1971 había un Departamento de Filoloxía Románica, unha Cátedra de Galego, e agora tamén un Instituto da Lingua Galega. ¿Facía falta realmente un ILG? Probablemente non sexa eu a persoa máis indicada para xustificalo pero a resposta é si. É probable que desde un punto de vista estrictamente académico haxa quen poida poñer reticencias posto que, desde máis arriba ou desde máis abaixo, o galego era obxecto de estudio nas dúas cátedras. Pero na práctica as cousas non eran así. A Cátedra de Galego naquel momento estaba dotada pero non cuberta e abarcaba as dúas materias: lingua e literatura; como estamos a falar de persoas coñecidas podemos dici-lo que todos saben: que Carballo máis ben orientaba os seus intereses cara á literatura que non á lingua. Pola súa banda a Cátedra de Filoloxía Románica era excesivamente xenérica como para especializala en galego (ou simplemente privilexiar dentro dela o galego). Por outra parte, externamente estábanse dando circunstancias políticas favorables para a creación dun organismo universitario que orientase as súas actividades non só á investigación, senón a «extensión universitaria». De feito a maior parte das actividades do ILG no ano do nacemento e nos posteriores foron neste sentido. As Cátedras daquela malamente podían desenvolver estas actividades de extensión universitaria, como igualmente, tampouco desde unha cátedra universitaria resultaba doada a captación de recursos externos.

Así é que o 26 de xullo de 1971 aprobábase a creación do ILG, que daquela tiña dous órganos, un Patronato e un Consello de Dirección. Como recordo é ben que os mencionemos polos seus nomes aquí a todos. O Patronato, que presidía o Rector (G. Garrido), estaba formado polo Decano da Facultade (R. Otero Túñez), titulares dalgunhas Cátedras de Filoloxía: F. Románica (C. García), Filoloxía Latina (M. Díaz –que era ademais xefe do servizo de publicacións, da USC–); e representantes de institucións e fundacións (pola Real Academia Galega Marino Dónega; polo Instituto Padre Sarmiento, X. Filgueira; pola Fundación Penzol, Xerardo Fernández Albor; polo Centro de Estudos Fingoi, R. Carballo Calero e pola Fundación Barrié, J. Arias). Sería pola miña parte unha ousadía facer unha valoración «política» da composición deste patronato pero non é insulto para ninguén se dicimos que ten como un recendo a «transición» cinco anos antes de que empezase a verdadeira «transición» (é dicir, a de Suárez). Na primeira sesión nomeouse o Consello de Dirección constituído por C. García (Director), M. C. Díaz (Vicedirector) e R. Carballo (Secretario).

Ata o ano 91 mantívose con esa estrutura; despois adecuouse o regulamento do ILG á nova lexislación universitaria.

Os detalles desta historia así como a memoria do que fixo o ILG ata o ano 90 foi contada por Fernández Rei, que é moito mellor analista (e annalista) ca min. Non vou repetila aquí nin poñela ó día cos anos que faltan máis que dun modo sumario.

Con todo, igual que fixen ata agora, coa miña mirada borrosa e polo tanto deformante (sen dúbida en positivo), quero salientar algún feito polo que pode ser lembrado o ILG.

A primeira obra coa que se estreou foron os tres manuais de galego, que se repartiron ós congresistas como agasallo do Secretariado de Publicacións da Universidade de Santiago. Vistos desde hoxe, con tanto camiño andado, aqueles manualiños, de que tanto fachendamos daquela, poden parecernos un alicerce moi humilde, agrandado se cadra inmodestamente por nós porque era a nosa primeira obra. Eu pola miña parte (e creo que o resto dos autores igual) considero que son algo máis que «un manual práctico para el aprendizaje del gallego» como di algunha bibliografía, que dá a súa referencia nun apartado exclusivo ó final, evidenciando que aquilo non era equiparable a ningunha outra gramática, entre elas as de Mirás, Cuveiro ou Carré e outras, que como gramáticas son moito máis arcaicas có *Donato provenzal* do séc. XIII. Hoxe ninguén se acorda deles pero a verdade é que moita da doutrina que se expón na parte gramatical daqueles manuais pasou despois a moitos outros textos xa como coñecemento adquirido, como se a fonte viñese dunha tradición antiga. A fóra diso, aqueles manuais, vendidos por decenas de miles, foron entre o 71 e o 78 case os únicos usados tanto polos autodidactas como nos cursos voluntarios que daquela se celebraban. Hoxe os exemplares que quedan na editorial están fóra de mercado e sen esgotar. O paradoxo do asunto é que a aqueles libros matáronos as *Normas* que máis adiante fixo o propio Instituto. Se cadra unha falta de visión comercial impediu que sacáramos versións novas corrixidas segundo a nova normativa.

Xa que falamos destes libros quero lembrar tamén que naquela época comezaron a proliferar por toda Galicia os cursos de Galego. Moitos eran dados en asociacións culturais, en ateneos, círculos de toda clase e tamén, cando había algún mestre ou profesor algo galeguista, nos centros de ensino básico ou medio como actividade extracurricular. Aquí a Lei de Educación do 71 era clara a este respecto e non deixaba facer moito: «Las áreas de actividad educativa en este nivel [EXB] comprenderán: el dominio del lenguaje mediante el estudio de la lengua nacional, el aprendizaje de una lengua extranjera y el cultivo, en su caso [é dicir, se a hai], de la lengua nativa...» Nós mesmos fartámonos de dar cursos ou ir ás clausuras deles para botar un discursiño e repartir uns diplomas. Hoxe, que hai subvención para todo, non se concibirá que nós mesmos (e moitos amigos nosos que sen seren da Facultade pertencían ó círculo do ILG, como o vello Trigo de Vilagarcía, ou o Suso López no Seminario Menor de Santiago, ou o Valentín Arias en Vigo, ou o Paco Martín en Lugo; ou o Babarro en Muxía, ou o Ferro, ou o Lema e tantos outros, ondequera que estivesen) nos ocupáramos de dar clase ou de ir a clausuras a Ourense, a Vilagarcía ou a Pontevedra sen cobrar un peso e encima poñendo a gasolina (gracias que daquela estaba só a 12 pesetas o litro).

Todo este labor do ILG (e estou a falar sempre dos 70: do solpor do franquismo, da transición e da preautonomía) acabou, proporcións gardadas, sendo algo parecido ó que

era *Omnium cultural* en Cataluña, é dicir, nunha especie de Axencia de normalización lingüística de tipo case privado. Xa dixen cautelarmente «proporcións gardadas» porque nin nós eramos *Omnium cultural* nin este país era Cataluña nin as autoridades que se fixeron cargo da nosa autonomía ideoloxicamente equiparables ás de Cataluña nin o galeguismo de esquerda de aquí cheirara o que significa a palabra pragmatismo. Con todo e así, cando empezou a introducirse por lei o galego na escola (a finais dos 70) a nosa experiencia era tan imprescindible (non digo boa porque ó mellor non a era) que o primeiro que facían os Conselleiros de Educación despois de tomar posesión era pasar polo despacho do director do ILG para pedirlle que lle organizase cursos e outras historias. Eu mesmo por un tempo cheguei a ter na Consellería de Educación e Cultura un posto equiparable ó que hoxe se chama Director Xeral de Política Lingüística. Daquel paso meu polos despachos da Consellería de Cultura e Educación, non por méritos propios senón de todo o aparato do ILG que estaba por tras e tamén polo apoio de un que aínda é máis inxenuo ca min (o Babarro, que anda por aí), daquel paso, digo, veñen a introducción da lingua e da literatura galega no ensino non universitario, os requisitos para a habilitación de mestre ou profesor de galego e a estrutura dos cursos de reciclaxe para mestres e profesores. Creo que nin Babarro nin eu chegamos a aguantar un curso enteiro naquel gabinete porque o noso labor non era ben mirado nin en Raxoi nin polo galeguismo «progresista» da época. Este paso meu pola política foi o erro maior que cometín na miña vida (e desculpade que mencione episodios autobiográficos pero non é impertinente, porque non só me prexudicou a min senón o ILG todo). Seguramente non foi intencionado, pero tódolos expedientes dos cursos organizados por Babarro e por min perdéronse nun traslado da Consellería desde a República de El Salvador para a Praza de Vigo.

Dixen ó comezar que non quería converter este relatorio nunha memoria pero algo de memoria é inevitable que sexa, aínda que falsificada, sen quere-lo, por ser parte interesada. No que se refire a datos mais pormenorizados remito ó estudio de Fernández Rei xa mencionado. Creo de toda maneira que non podo obviar referirme a tres ou catro cousas polas que, cando se xebre o trigo do relón, o ILG poderá ser lembrado ou, polo menos, non ignorado.

A primeira será por ter levado a dialectoloxía galega tradicional ó rango de calquera outra dialectoloxía románica. Hai 34 anos que Dámaso Alonso escribiu os *Temas y problemas de la fragmentación fonética peninsular*, onde discute as hipóteses de Lüdke sobre o vocalismo á sarda no extremo occidental da península. Referíndose a este tema alega o imprescindible «testimonio del gallego», pero vía niso «una enorme dificultad, porque debido al increíble atraso de los estudios de lingüística gallega, esta lengua, en su estado moderno, es casi una incógnita; lo es desde luego su vocalismo: labor de años. Falta casi completamente una recogida sistemática de materiales» (OC I p. 31). Dámaso Alonso sabía moi ben o galego, porque era de Ribadeo, e posiblemente outros estudos sobre o galego non ían senón confirmar o seu propio testemuño, co cal o seu xuízo so-

bre as hipóteses de Lüdke non ía necesitar dunha revisión hoxe. Pero se necesitase máis testemuño, hoxe aquela queixa do ano 62 non lle ía servir de escusa porque ese «labor de años» está feito. Está claro que no territorio galego aínda se poderían facer máis prospeccións, non só en profundidade, como ocorre coas teses ou tesañas de falas, senón horizontalmente, como sucede cos cuestionarios repetidos aquí e acolá. Das dúas maneiras aparecen sempre fenómenos novos, unha palabra, unha variante morfolóxica, un arcaísmo illado, etc. Pero no esencial o traballo dialectolóxico está moi adiantado tanto no aspecto da recolleita como no da divulgación. É verdade que queda moito *Atlas* aínda por publicar, se cadra un 80%, pero aínda que o material non teña visto a luz (nin teña sequera forma de borrador) xa desde hai moito tempo existen sinopses para cada pregunta do *ALGa*. De feito hai moitas monografías publicadas, artigos de revista e mesmo libros, como é a *Dialectoloxía* do tantas veces citado Fernández Rei, que se basean fundamentalmente nos esquemas das respostas do *ALGa* (incluído ese 80% inédito). Neste mesmo congreso foron lidas varias destas monografías sobre as formas galegas para tal ou cal concepto; leuse ademais o relatorio de Xulio Sousa onde se dan detalles do estado dos traballos do *ALGa*. Realmente, se algunha queixa pode haber hoxe sobre a dialectoloxía galega é que foi privilexiada con respecto a outros campos da lingüística. De feito durante moitos destes 25 anos unha parte moi importante das teses e tesañas que se facían nos departamentos de Filoloxía Románica e de Filoloxía Galega foron sobre «falas» (estas teses e tesañas foron feitas case sempre por graduandos vinculados ó ILG; en calquera caso, os resultados en forma de ficheiro están integrados no seu Tesouro lexicográfico). Chegou mesmo a percibirse un certo esgotamento na recompilación de falas polo cal hoxe son xa escasos os estudantes que se senten incentivados para facer monografías deste tipo. Eu persoalmente laméntoo. O cal non me impide lairme tamén de que non haxa aínda case ningún estudio sobre as variedades sociais do idioma e sobre a variación lingüística en xeral.

Pero abonda de dialectoloxía.

Está claro que outra das tarefas polas que será lembrado o ILG (por uns para ben e por outros para mal) é a da codificación idiomática. É un tema espiñento sobre o que non quero falar aquí porque o teño estoxado (e seguramente moitos dos presentes tamén). A diferenza do que acontece coa dialectoloxía que consiste no estudo dunha realidade obxectiva e polo tanto, fóra dos erros de interpretación, non é polémica, a ortografía é polémica sempre porque se basea nunha realidade fabricada, xa que unha lingua codificada unifica nun modelo o que na realidade obxectiva é un contínuum de variantes; no noso caso hai que ter en conta ademais que a historia lingüística de Galicia provocou na lingua propia un deterioramento considerable; este deterioramento é acometido segundo cada tendencia con intervencións de alcance diferente. Por iso a cuestión ortográfica ten que ser polémica. A única ortografía non polémica para unha lingua sería a fonética pero esta, aínda que ten defensores entre nós, parece que non é viable, entre outras moitas razóns, porque estorbaría o «accorpamento» dunha lingua nacional e

dese modo estaríamos condenados a ser un país de dez ou vinte linguas indefinidamente. Con isto por diante está claro que a realidade fabricada polos do ILG non ten por que ser mellor cá fabricada polos partidarios doutra tendencia, pero tampouco ten porque ser peor. Desde logo é evidente que non se pode defende-la supremacía dunha sobre a outra con criterios lingüísticos (ou exclusivamente lingüísticos). Non entender isto levou a dicir moitas parvadas a uns e a outros sobre cuestións ortográficas.

Non imos expoñer aquí agora cal é a concepción que os do ILG temos sobre a lingua nacional; está ben explicada nos criterios básicos das *Normas* e nas xustificacións que facemos de cada escolla. Son os mesmos criterios que mantivemos para o *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*, do que se fixo unha edición en 1991, en coedición coa RAG.

Non sabemos o que vai pasar no futuro en materia de normativa. Evidentemente eu pola miña parte non creo que a ortografía non sexa reformable igual que calquera outro código cando non vale ou é inadecuado. Pero quen acometa a reforma deberá ter en conta que a lingua (despois da xente) é o máis importante que ten este país e para ben ou para mal unha lingua case é o que é a súa ortografía. Haxa reforma ou non, quede abolida, refundida ou modernizada a ortografía do ILG, se é que o galego dura aínda algún século máis, a pegada do ILG na elaboración da lingua vai ser recoñecida bastante tempo. Algúns dirán que se trata dunha coincidencia cronolóxica casual (que eu non creo que sexa tan casual) pero a pura verdade é que nunca na historia do galego moderno se deron pasos tan decisivos coma nestes últimos 25 anos na constitución dun idioma literario nacional. Iso evidentemente non é só mérito do ILG senón dos escritores, que se decataron definitivamente da responsabilidade que tiñan, e tamén das editoriais, que maioritariamente se fixeron solidarias desta responsabilidade.

Outro dos aspectos polos que o ILG se cadra é recordado algunha vez vai ser polas achegas de materiais lexicográficos. É verdade que o ILG a penas publicou aínda dicionarios, entre outras razóns porque desde o de don Eladio é difícil escribir un dicionario que engada novidades, fóra das metodolóxicas ou normativas. Pero no ILG hai desde a súa fundación un ficheiro lexicográfico que medra tódolos anos. Realmente hai dous ficheiros. Un tradicional, no que se foron incorporando non só as teses e tesinas de falas que mencionei, senón tamén centos de inquéritos parciais feitos por estudantes de 4º e 5º cursos. Seguramente algún dos presentes tivo que facer algunha vez para aprobar Lingüística Románica un traballo de curso sobre o vocabulario dos aveños de labranza, da mata do porco, da terra e dos accidentes topográficos, etc. na súa propia casa ou na dun parente; tódalas palabras recollidas están nese ficheiro coa súa localización de orixe. Contén materiais doutra procedencia, p. ex. todo o publicado por Aníbal Otero, Elixio Rivas, Acevedo e outros autores de monografías. Incorporáronse tamén os glosarios que figuran en obras literarias (Aquilino Iglesia, Novoneyra, etc.). Hoxe calquera dicionarista pode ter ó seu dispor moitos deses materiais (en especial despois da publicación do *Glosario de voces galegas de hoxe* de Constantino García), pero hai un bo

tercio de fichas, as correspondentes ás enquisas dos estudantes, que só se poden consultar aínda no ILG e alí, libres dunha desgracia, seguirán ó dispor da xente. Non podo calcular máis que de maneira aproximada o número de fichas que haberá; se dicimos 800 mil non imos andar moi errados.

O outro ficheiro é o electrónico do galego moderno (das Festas Minervais á actualidade); hai uns dez anos que traballamos nel. Este ficheiro baséase no baleirado de materiais escritos, fundamentalmente literarios. Anda a estas alturas por algo máis de 700 textos e os resultados están recollidos nunha base de datos que ten sobre 5,1 millóns de rexistros. Cando se fala de rexistros electrónicos non pode un imaxinar se iso (5,1 millóns) é moito ou é pouco; pois ben, traducíndoo a un ficheiro tradicional, supoñendo que se poidan meter 3000 fichas por caixón, equivale a 1700 ficheiros; ou traducíndoo a quilos, supoñendo que cada ficha pese 1 gramo, serían 5,1 toneladas de fichas. Esta base de datos vai estar en breve dispoñible para poder ser explotada.

Pido desculpas por me ter referido tan extensamente a este traballo lexicográfico do ILG (ó que dediquei a maior parte do meu tempo na institución). Non se trata de salientar un traballo que dirixo senón de deixar constancia do tempo e da cantidade de persoal e recursos que se teñen investido nesta empresa.

Á parte do labor normativo (que é común, polo tanto anónimo), do dialectolóxico e do lexicográfico que veñen desde a mesma fundación, foron aparecendo outras iniciativas no curso destes 25 anos, que deron lugar a outras tantas liñas de investigación, e que cristalizaron no que actualmente son as diferentes seccións do ILG; algunhas con froitos xa logrados, outras con froitos case maduros, e outras con froitos aínda máis verdes pero medrando. Rosario Álvarez (e Francisco Cidrás, Ernesto González Seoane, X. L. Regueira e X. Xove Ferreiro) expuxeron no curso deste congreso en que consisten e en qué estado está o seu proxecto de Gramática; Xavier Varela o referido á Gramática Histórica (no que traballan tamén os profesores Marisol López Martínez e X. A. Puentes Romay); e Ana Boullón o de Onomástica. Do Arquivo do Galego Oral teñen os congresistas unha mostra, no estoxo con que os agasalla o Consello da Cultura Galega, asinada polos dous responsables do Arquivo (Fernández Rei e Carme Hermida). Referente á fonética, a aspiración do ILG é levar a cabo unha descrición pormenorizada da fonética galega; estanse a facer de momento estudos parciais coa axuda do laboratorio fonético; varios traballos presentados neste congreso baséanse na utilización do espectrógrafo e outros aparatos moi sofisticados. Os profesores González e Regueira fan e dirixen alí eses traballos que acabarán desembocando na tan arelada descrición; colabora co ILG tamén nesta liña Alexandre Veiga. A lingua medieval é desde algún tempo despois da fundación do ILG obxecto de atención; o ILG hónrase con contar entre os seus membros co mellor filólogo medievalista galego (e dubido que haxa hoxe figuras equiparables á del en todo o mundo da filoloxía galego-portuguesa): R. Lorenzo. É coñecida a súa produción (algunha feita desde antes de pertencer ó Instituto); en breve vai volver sorprendemos cunha monumental edición de documentos. Outro membro do actual Consello



Científico do ILG, F. Tato Plaza, traballa na liña medievalística de Lorenzo; tamén ten prevista para logo unha sorpresa. Ó galego medio préstaselle atención na súa sección correspondente; Ramón Mariño aínda hai pouco que nos agasallou cunha nova e meticolosa edición das coplas de Sarmiento. A sección de Historia da lingua ten tamén dado froitos; en especial quero lembra-los traballos de Carme Hermida sobre a situación do galego na etapa do Rexurdimento, e os de H. Monteagudo sobre a situación da lingua na etapa das Irmandades.

Dentro das liñas de actividade do ILG tenas habido outrora bastante activas hoxe en espera de reactivación. É este o caso da linguaxe administrativa, ou se se quere dunha maneira máis xenérica, o da terminoloxía (que durante un tempo se orientou case exclusivamente á linguaxe xurídica). Realmente na terminoloxía téñense feito (aparecidas co nome ou co asesoramento do ILG) moitas máis contribucións que as referentes ás da lingua da administración. Seguramente en breve se vai reactivar esta liña na que ten moito entusiasmo (e na que persoalmente xa non se estrea) H. Monteagudo. Unha liña intermitentemente activa é a de sociolingüística. Non existe nos estatutos do ILG unha sección de estudos literarios pero iso non quita que haxa nel persoas abrindo esta liña como é o caso da Prfa. Dolores Vilavedra coordinadora dun Dicionario de literatura que está sendo publicado cos auspicios do ILG.

Quero manifestarlles ós que me escoitan que estar nesta lista non ten mérito ningún nin estar fóra dela ten demérito; de feito o labor do Instituto baséase non só no traballo que fan os membros do Consello Científico, que son os que mencionei, e que teñen a responsabilidade de que o ILG funcione ou de que fracase; senón tamén no labor, que nunca vai ser anónimo, dos bolseiros (estudiantes e licenciados) e dos licenciados non bolseiros; moitas veces o labor destes colaboradores supera en entusiasmo ó dos que somos membros do consello científico.

Nas miñas palabras precedentes quixen mostrar en forma de recordos e memoria complementaria (do 91 á actualidade) o que foi o ILG. Eu cando fago memorias coma esta (que o fago poucas veces) acabo coa sensación de que lle estou vendendo a besta a alguén; paréceme que quero mostrar ó mundo que o país vivía na escuridade e na miseria e que nestas apareceu o ILG coma un Mesías e que xa se fixo a luz e veu a abundancia. Nada máis lonxe disto. A luz e a abundancia viñeron porque era a hora de viren e de feito igual que apareceu o ILG foron aparecendo institucións e individuos que traballaron en dirección idéntica e quizais con éxito maior. Dentro da Universidade de Santiago de Compostela o Departamento de Filoloxía Galega creceu moito e aínda que comparte polo menos o 50% dos seus intereses co ILG, os traballos que nel se fan complementan (que non duplican) ou melloran os que se fan no ILG. Hai dentro da mesma Universidade moitos outros departamentos ou institutos ós que a lingua como tema social ou pedagóxico non é alleo. Pero ademais, desde hai algúns anos hai dúas universidades novas en Galicia e contan tamén cos seus Departamentos de Galego e doutras lingüísticas onde a lingua galega é tema preferente. Quería non mencionar senón institucións de ámbito

universitario galego, pero sería imperdoable esquece-lo labor da RAG tanto en lexicografía como, principalmente, en sociolingüística. Galicia e a súa lingua acabaron despertando interese e simpatía fóra das propias fronteiras non só en Portugal e nos países de fala portuguesa (onde a simpatía lle vén de sempre), ou en Alemaña (onde lle vén desde antes da guerra), senón en lugares máis distantes, desde o Xapón a América e desde Australia a Finlandia. Traballos, que ás veces son voluminosas e documentadas teses, están a aparecer constantemente nas bibliografías. E ademais de todo iso segue a existir entre nós (e agora abunda máis ca nunca) o individuo que desde diferentes escalas do ensino, doutras profesións ou desde a súa casa, sen título ningún, coma un Lugrís ou un Valladares, arrequece o noso saber sobre a lingüística galega con contribucións de diferentes valías.

Así e todo tamén sería parvo se intentase minimiza-lo labor do ILG en favor do dos outros. A cada un o que é xusto. Sexa de quen fose o labor o certo é que nestes 25 anos a lingüística galega deixou de se-la incógnita de que se queixaba D. Alonso, e non só en temas de vocalismo.

Por seguir con citas. Dicia Renan que unha lingua vivira abondo se chegara ata que un gramático a dese recollida nunha gramática e nun vocabulario. Renan era moi listo e sabía que unha lingua é un monumento cultural moi importante e que é un crime deixala morrer; por iso lavaba así a súa mala conciencia: o bretón morre e eu non fago nada por salvalo pero no fondo non importa moito porque os lingüistas xa teñen aí a gramática e o dicionario de Le Gonidec e a recolla *Barzaz Breiz* de Villemarqué para cando veñan os Thumeysen e os Sommerfelt estudiala e admirala.

É evidente que os estudos que se levan feito sobre o galego colmarían de sobra os desexos de Renan, pero a min, e creo que a tódolos que estades aquí, non nos importan nada as gramáticas se ó final a lingua morre. E a ese perigo hai que lle poñer remedio.

Tamén desde 1971 a situación legal e a situación lingüística do país cambiou moito, e afortunadamente para ben. É unha evidencia que non necesita ser comentada.

Naturalmente, o problema da supervivencia da lingua depende basicamente de medidas nas que a influencia da intervención do ILG é moi escasa. Pero non por iso me considero eximido desa preocupación e lavo a miña mala conciencia dicindo que a responsabilidade é doutros. Non é aquí o momento de facer unha crítica das medidas políticas que se levan tomado. Algunhas delas foron boas e mesmo moi boas, por exemplo, a implantación do ensino do galego obrigatorio ou a creación dunha radio e televisión galegas; pero fóra diso o alcance dos programas de normalización foi de resultados moi cativos. E todo iso porque non se asumiron unhas cantas cousas que hai que asumir, unhas polo goberno e outras por nós como cidadáns.

En primeiro lugar que a lingua propia de Galicia é o galego. Non é este o momento de falarmos da identidade e dos trazos que a definen pero parece fóra de dúbida que a lingua é o principal. Polo tanto, se se quere preserva-la identidade de Galicia e reforzala,

iso pasa necesariamente pola preservación e reforzamento da súa cohesión idiomática. É verdade que en Galicia hai tamén a outra lingua, pero a lingua histórica, a que lle dá personalidade a este país é a galega. Por iso, se se di que a lingua propia de Galicia é o galego hai que ser consecuentes con esa declaración.

En segundo lugar hai que ter en conta que non hai senón dous modelos de normalización lingüística: un que se basea na primacía dos dereitos chamados «colectivos» segundo o cal a cada lingua corresponde un territorio (digamos ó estilo suízo ou ó estilo belga), e outro que se basea na primacía dos dereitos «individuais» e que prevé que se lle garanta a cada individuo a liberdade de usar dentro do seu territorio a lingua que prefira das dúas ou máis que haxa. Aquí mentres non cambie a constitución, os estatutos e a lei de normalización lingüística o modelo primeiro, que garante unha normalización total, está descartado.

Queda daquela o outro modelo, que en aparencia é máis democrático e menos inxusto. O que pasa é que cando conviven dúas linguas de potencia desigual (no noso caso, moi desigual) ese liberalismo condena irremisiblemente a lingua subalterna a ser devorada pola hexemónica. Iso quere dicir que se deben tomar medidas compensatorias para evitar que o máis fraco estea en desvantaxe. Esta protección, que se practica en moitos sitios coas minorías e coas especies ameazadas, chámase «discriminación positiva». Non podo deseñar aquí (nin sabería facelo, porque non son especialista niso) un programa de medidas que discriminasen positivamente o galego ata facelo suficientemente resistente; en calquera caso teño a grave sospeita de que unha meta posta nun bilingüismo harmónico nunca poderá levar a medidas de discriminación positiva e polo tanto eficaces.

Pero seguramente aínda con esa discriminación positiva non sería suficiente; aquí caemos todos na desculpa do mal pagador de que como está na Constitución e no Estatuto todo ten que facelo o goberno e así xa quedamos nós eximidos de calquera intervención. Nós, en xeral, empezando por min. Porque cada galego concienciado (e teríamos que lograr que cada vez fosen máis) debería privada e publicamente exercer unha militancia indesmaiable, sen caer tampouco na arrogancia e na ofensa. O cal quere dicir que debemos falar en galego sempre que poidamos e esixir que nolo falen sempre que teñamos dereito a iso. Iso pasa por contestar en teléfono en galego, interpelar a un transeúnte en galego, poñer unha esquila en galego e pedi-la carta dun restaurante en galego. ¿Cantos de nós –e se cadra somos dos que lle esiximos á Xunta que faga tal ou cal cousa– o facemos sistematicamente. Pois «de París a Sansueña no hai un paso máis que de Sansueña a París»; é dicir, tanta dificultade ten para un castelán entende-lo galego como para un galego entende-lo castelán; pero aquí parece que hai unha convención que xa se converteu en lei de que somos nós os que temos que abdicar. Pois non, se seguimos a actuar así nós mesmos somos responsables de que se practique con nós unha discriminación negativa. Isto débemolo exercer sempre, sen caermos, como digo, na coacción e na prepotencia. Pero non o facemos nin sequera cando este perigo non existe.

Daquela: discriminación positiva, pero tamén militancia. Se non quedamos sen galego. E ó final, se os galegos queren deixar de falalo que o fagan, pero non sexamos nós reos desa culpa.

Persoalmente gustáriame poder chegar (sería eu xa un velliño) a conmemorar outros 25 anos do ILG, alá polo 2021, e festexar daquela que a expresión «normalización lingüística» é un arcaísmo que hai que explicarlles ós nosos netos e bisnetos, pois vivir en galego é a norma e non a excepción e que polo tanto non foi de balde, como diría Espriu, o noso traballo de salva-lo nome de cada cousa para que tivesen acceso ó pleno dominio da terra, terra que inclúe tamén a dos os nosos irmáns de aló do Eo, de Pedrafita e das Portelas, hoxe en situación lingüística máis dramática ca nunca.

## **MESAS REDONDAS**



## LINGUA GALEGA E ENSINO

*Antón Costa (Moderador)*

*Antón Costa, Agustín Fernández Paz, Manuel Portas, Henrique Harguindey  
(Participantes)*

### ANTÓN COSTA

Moi boas tardes, queridos amigos, queridas amigas... Encetamos aquí o que quere ser unha revisión necesariamente sintética sobre o estado e as perspectivas da normalización da lingua galega no ensino neste país, nesta nosa nación. Queremos, antes de máis nada, facer un saúdo moi cordial a todas e todos os asistentes; felicitar moi cordialmente ó Instituto da Lingua Galega tanto polo seu labor, pola súa traxectoria, por eses vinte-cinco anos de honra e ouro para a lingua e a normalización, mais tamén por este congreso. Estamos ó mesmo tempo agradecidos por ter sido invitados a participar e estar convosco na expresión dalgunhas das ideas, sentimentos e percepcións arredor do que aquí nos trae.

Están canda min, comezando pola miña esquerda, os profesores, Henrique Harguindey, Agustín Fernández Paz e Manolo Portas. Brevemente debo sinalar que Henrique Harguindey é, non vou dicir un vello ensinante; pero en todo caso si debo dicir que os primeiriños textos e materiais didácticos para a normalización da lingua galega, tanto estrictamente no campo lingüístico como noutros materiais didácticos teñen firmas, sendo unha delas a de Henrique Harguindey. Harguindey é dende hai moito catedrático de francés, mais tamén é profesor en activo no Instituto de Bacharelato de Cangas, vila onde ten desenvolvido e desenvolve moi diversas actividades sempre ligadas ó desenvolvemento cultural. Eu dicía con alguén de Cangas estoutro día que o mes de setembro é o mes da primavera cultural en Cangas e algo se lle debe ó seu traballo e iniciativas.

Agustín Fernández Paz é profesor de galego, dende non hai moito na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria, pero tradicionalmente estivo ligado ó ensino primario ou se queredes ó EXB. É un dos directores da liña de material didáctico e libros de texto de Xerais. A el débenselle pois moitos libros e materiais en moi distintos campos e, como non, habería que dicir aquí que é premio laureado de literatura infantil a escala española

e con obra presentada en lingua galega. Os seus títulos andan polo mercado e andan nas mans dos escolares.

Á miña dereita neste caso, está Manolo Portas. Manolo Portas é profesor no Instituto Xelmírez I de Santiago. Durante oito anos veu sendo o director do centro, rematou xusto agora nese cento cincuenta aniversario do Instituto de Santiago. Tamén creador de material didáctico e de libros e informes no campo da sociolingüística.

Queda por fin dicir que eu mesmo, Antón Costa, son profesor na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, son membro directivo de Nova Escola Galega, teño ocupado distintas responsabilidades na vida universitaria e, en fin, coma os meus compañeiros tamén con obra publicada en galego.

¿En que tempo estamos agora para falar de normalización no ensino? Estamos a relativa longa distancia da aprobación da Lei de Normalización (1983); en 1989 un amplo grupo de organizacións sociais, políticas, sindicais e pedagóxicas aprobamos coa presenza e intervención mesmo dos que estamos aquí na mesa, un modelo de normalización lingüística para o ensino. Veu un pouco despois un documento do *Consello da Cultura Galega* que tivo unha certa resonancia social sobre a problemática da normalización no ensino; viñeron despois e non acabaron de chegar aínda os informes da Real Academia Galega ou *Mapa Sociolingüístico*. Neste mesmo ano que andamos viñeron con algunha urxencia a publicarse dous números monográficos e especiais, un dentro dos *Cadernos da Nosa Terra* e outro máis da *Revista Galega de Educación*, que tamén era número 25, sobre a normalización lingüística no ensino... e aquí estamos.

¿De que datos partimos? Habería que dicir, e direino con brevidade, que tradicionalmente o sistema educativo en Galicia tivo unha pretensión, unha funcionalidade e uns obxectivos claramente españolizadores. Esta foi a pretensión da lexislación, foi tamén a práctica xeral do profesorado e eu creo que facendo un pouco de memoria nas infancias dos que aquí estamos, pois é a pegada que queda daquelo que foi a nosa primeira escola; era unha escola españolizadora. En fin, veu chegando ata o día de hoxe aínda que con trazos, elementos e notas particularizadas. Habería que dicir que no marco tradicional da escola, o galego intervén e ten un comportamento diferente; así falamos de mundo rural, mundo urbano, mundo vilego mesmo; así falamos de centros de iniciativa pública, a rede escolar estatal ou pública ou centros de carácter privado; así falamos tamén de clase social alta ou sectores populares e clases baixas.

Hai que dicir que nos primeiros anos setenta comezaron as primeiras iniciativas sólidas que empezaban a abrollar e a construír unha pequena idea do que puidera ser unha soñada escola galega, unha soñada nova escola. Foron trazos moi pequenos; haberá que recordar aquí, que en 1971, isto é, hai 25 anos, non máis de 31 títulos de documentos ou libros saíron editados en lingua galega. Hoxe imos afortunadamente nos mil cento e pico, o cal non quere dicir que necesariamente esteamos máis cerca da meta. Desde o setenta e un e desde esas diversas iniciativas dos anos setenta, atopámonos coa Constitución Española, Constitución que marca un modelo bilingüe fronte a un modelo territo-



rial como puidera ser o caso suízo, mesmo ó día de hoxe o caso belga. Estaríamos creio que todos os aquí presentes, e singularmente os que estamos nesta mesa, máis de acordo cun modelo territorial se así quedara marcado na Constitución Española. O caso é que quedou ese marco bilingüe. Sobre ese marco constitucional está o Estatuto de Autonomía de 1981 e a Lei de Normalización de 1983 que seguiu, aínda que con algún grao de explicitación menor á norma catalana; isto é, temos unha Lei de Normalización que substancialmente en canto ó dictado político ten ese horizonte legal que é similar ó catalán. Con esa lei comezamos a andar facendo a súa aplicación aqueles que tiñan autoridade, poder e competencia política, que eran efectivamente os que tradicionalmente falaran castelán.

Avanzamos e nos anos oitenta, con todo, encontramos que hai un abrollar de iniciativas diversas na sociedade galega; hai un emprendimento editorial serio, relativamente sólido e que ten uns froitos que todos hoxe coñecemos. Dos oitenta pasamos para os noventa. Nos noventa na vida dos centros, na vida da normalización do ensino, habería que citar que aí están en gran parte dos centros do noso país os Equipos de Normalización Lingüística. Aí estaban ata estoutro día dez profesores e profesoras que tiñan unha responsabilidade como coordinadores de galego para impulsar este proceso de normalización. Aí está unha pequena política de apoio á creación de materiais didácticos; e por fin, facendo unha referencia ó ano 1995, aí temos o Decreto 247, agora mesmo apoiado polo Decreto 324 que marca, digamos, o dictado legal actual que debe rexer e presidir a actuación ordinaria nos centros educativos públicos e privados da nosa Comunidade Autónoma.

Estes dictados legais que marcan que no ensino primario debe haber, cando menos, dúas áreas didácticas que teñen que impartirse en lingua galega, ademais da presenza do propio ensino da lingua galega. Márcase tamén que a área de Sociais e a de Naturais e outra a determinar desde o centro, na Educación Secundaria Obrigatoria, se impartan tamén en lingua galega; que no Bacharelato, cando menos, dúas disciplinas deban ser impartidas tamén en lingua galega. Presidindo estes elementos legais e normativos, o criterio, sobre o que se podería poñer algún interrogante, do equilibrio lingüístico, máis tamén a filosofía non compartida desde esta mesa do bilingüismo harmónico.

Algunhas evidencias neste momento: mantéñense e nalgún caso agrávanse as tradicionais conductas clase alta-clase baixa, rural-urbano e público e privado. O galego ten un comportamento diferente nestas circunstancias máis alá de consideracións específicas sobre algúns dentes de serra que se puideran ter producido na última década acerca do que era a constatación tradicional do comportamento do galego nestas circunstancias. Outra evidencia é que, en xeral, melloraron competencias e actitudes pero, en cambio, hai unha minoración no uso da lingua galega, tendo descendido extraordinariamente a transmisión familiar de avós, pais e fillos na lingua galega. Existe unha abundancia chamativa de linguaxe coloquial no mundo escolar en castelán. Os usos efectivos na docencia son deficientes; hai claros incumprimentos dos dictados legais. Hai tamén a eviden-

cia de que a lingua se non é para comunicarse, se non é para un enriquecemento cultural e unha expresión na vida das aulas máis alá do propio coñecemento lingüístico, dá uns resultados e unha efectividade pobre. A vida social non ten a tensión galeguizadora e normalizadora suficiente para avanzar na normalización no ensino. Diríamos doutro xeito que se pode falar de que falta demanda social explícita e habería mesmo que falar de inspectores, de directores ou de profesores que incumpren con algunha frecuencia os dictados legais. E aí entraríamos nun primeiro estado da cuestión, nun primeiro balance por parte dos que están na mesa, por parte dos meus compañeiros. Eu creo que é o momento dunha primeira ollada sobre como se ven os problemas neste momento.

#### HENRIQUE HARGUINDEY

Eu fundamentalmente quero incidir desde o ámbito de membro dun equipo de normalización dun centro. Esa é a miña experiencia para traer aquí á mesa, á parte de, digamos, os anos que levo como persoa inmersa na galeguización do ensino. Eu creo que fundamentalmente concordo perfectamente coa análise feita por Antón Costa, no sentido en que, inda que houbo avances substanciais na valoración do galego e no marco legal en que se desenvolve, é incuestionable o respaldo, o respecto que pode haber polas normas legais ou a mellora incuestionable de certos ámbitos culturais. Antón referíase por exemplo a publicacións de libros. Podíamos falar de moitas cousas, eso é incuestionable. Mellorou moito, pero o que si é certo é que a situación da práctica, de uso normal da lingua, que é a normalización en definitiva da lingua, a nivel social e mesmo no ensino, polo que fai ós nosos alumnos non é realmente positiva, non é realmente boa. Eu creo que aquí podíamos aplicar aquela frase de Castelao co debuxo da xente en masa disposta a emigrar que dicía: “Si, si, pero a xente vaise”. E o que é incuestionable é que os falantes galegos vanse.

É incuestionable que hoxe hai un nivel de competencia moitísimo máis grande nas novas xeracións. Hai, se se quere, mesmo unha actitude xeneralizada de simpatía cara ó galego, pero hai unha falta de práctica lingüística... E entre outras cousas porque, como se dicía antes, o galego aínda segue percibíndose senón cunha connotación negativa dese ruralismo que tradicionalmente se lle apuña, si se ve como algo innecesario e en todo caso algo vello, non do noso tempo. Habería que facer o posible para traducir a simpatía e a competencia lingüística das novas xeracións na práctica; iso é o que realmente é a pedra crucial, a pedra de toque e do que deberíamos falar aquí. E referido á cuestión do ensino debo dicir, para iniciar e que os demais compañeiros incidan no asunto, que o ensino é seguramente un elemento fundamental na cohesión dunha comunidade, dunha colectividade, pero o ensino tampouco é o único elemento, nin sequera o elemento decisivo en moitas cousas, e en concreto na cuestión lingüística.

Está moi de moda botar todo ó ensino: problema de alcoholismo, o ensino que faga campañas para tal; as drogas, a educación vial, todo o resolve o ensino. E despois sabemos que o ensino é unha cuestión limitada, que se move nun marco social moito máis

determinante, que no caso da lingua é evidente. Agora ben, se os dous elementos, a vida social, o ámbito social xeral, e o ensino son fundamentais, teñen que ir os dous de par e en sintonía, porque de nada serve que o ensino, mesmo coas modificacións necesarias das disposicións legais actuais, se galeguizara totalmente se non hai unha galeguización total de todo o ámbito social e, en definitiva, iso é un problema de toda a sociedade, non só da Administración como estamento organizado senón de todos os membros da sociedade, de todas as persoas que formamos parte dela. Eu, así a título moi breve, para dar unha pequena anécdota que me parece reveladora, pois quería contar o caso dun matrimonio en Vigo, hai dous anos, que vai e leva a súa filla a unha preescolar. Dinlle os pais á directora: “Aquí hai un asunto, esta rapaza fala en galego”. Resposta: “Non se preocupe, tivemos outra o ano pasado e ó final do curso falaba correctamente”. Pois isto é o que ocorre. Por moito que haxa un marco que quere incidir no ensino por unha parte, o ámbito social pode fallar, pode invalidar totalmente esa acción. En definitiva, seguiremos afondando nesa cuestión agora, despois das intervencións dos compañeiros.

#### AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Continuarei coa resposta á pregunta porque tentarei non repetir as cuestións das que xa se falou. Eu diría que os que somos dalgunha maneira testemuña de todo o que pasou nestes anos desde que se comezou a introducir o galego no ensino que quizais a sensación que podería definir ben o que sentimos é a de insatisfacción. É dicir, é certo que houbo avances. Os avances son innegables, entre outras cousas porque se partía de cero e, polo tanto, era case imposible que non houbera avances; pero o moderador referíase a que a escola da nosa infancia, nos anos grises da posguerra, era castellanizadora, e era certo. Hoxe mudaron as cousas, faise doutra maneira, pero a sensación que temos, e acaba de dicilo moi ben Harguindey coa súa anécdota, é que a escola segue a ser esencialmente castellanizadora. É dicir, constatamos que os nenos que falan castelán na súa vida familiar, na escola comprobamos que están moi cómodos no castelán e que non hai por que esforzarse na aprendizaxe do uso da lingua galega; pero os nenos que teñen como lingua primeira o galego comprobamos ó estar na escola que a súa opción non é a que está socialmente ben vista e, dalgunha maneira, son invitados, aínda que sexa dun xeito subterráneo, a abandonar a súa lingua.

Eu teño falado ás veces, e se hoxe tiveramos tempo poderíamos afondar nisto, do drama cotián que viven os nenos e nenas que falan en galego, que teñen o galego como lingua habitual, sobre todo os que se desenvolven en ámbitos urbanos. É unha vivencia dramática que eu ás veces, coñecendo os detalles dalgúns casos, mesmo teño comparado con situacións de represión en certos contextos dictatoriais. Estes nenos e nenas que falan galego, na escola teñen (durante as horas de clase e durante as de convivencia informal) que agachala, que ocultala, porque lles resulta moi difícil manter o uso da lingua no tanto dentro das aulas como fóra delas. Polo tanto, eu diría que, despois duns avances innegables nestes anos, dá a sensación de que a poboación parece estar satis-

feita xa coa situación á que se chegou, que as cousas están así e que dá a impresión de que hai como un consenso implícito para dicir: “está ben así e que así siga”, cando sabemos, e verémolo agora, cando afondemos, que estamos moi lonxe de nin tan sequera cumprir o que manda a lexislación que temos na actualidade, que abordaremos despois, e que esa idea de que a escola segue a ter unha función castelanzadora e desgaleguizadora segue tendo validez.

#### MANUEL PORTAS

Ben, como dicía hai un momento Agustín, resulta difícil non repetirse porque os diferentes enfoques que poidamos facer aquí da realidade sociolingüística do ensino, poderán partir de experiencias diferentes, pero a cosmovisión que se pode facer desa situación é máis ou menos a mesma. Cando días atrás nos reunimos para pensar de que maneira presentabamos aquí o tratamento da situación da lingua galega no ensino do noso país, partiamos evidentemente dunha obviedade, e é que o ensino sempre tivo como finalidade formar a xente máis nova desa sociedade segundo os parámetros da clase dominante. É un principio materialista, marxista. Resulta evidente que o elemento lingüístico é un elemento que entra dentro desa escala de valores para o cidadán ideal que todo sistema educativo procura. Un país coma o noso, comandado inicialmente durante un tempo por unha clase dirixente allea ó país, noutro tempo por unha clase dirixente propia pero desvencellada das características, das esenciais diferenciais do país; evidentemente deixouse a lingua propia a un lado. E non é baladí, non o é porque se considere que o idioma deste país sexa algo pouco importante. Era moi importante a reafirmación dunha lingua que ademais servía para “cohesionar” diferentes partes do territorio dun estado determinado, o español.

A historia legal coñecémola todos, non imos entrar a pormenorizar o que supuxo a Constitución, o Artigo 3º, o que supuxo o Estatuto de Autonomía consagrando unha oficialidade de dous idiomas e unha Lei de Normalización Lingüística que servía como marco que habería que desenvolver para as diferentes parcelas da vida social. O que resulta evidente é, no mundo do ensino –igual que se podería constatar noutros ámbitos da realidade colectiva– que esa legalidade –sendo digamos moi xenerosos na valoración– é ineficaz. Foi ineficaz e foi nula, mesmo tendo en conta que algunha letra da lexislación podería ser asumida por calquera galeguista que defendese unha planificación lingüística normalizadora para o país. Hai un momento, antes de entrar, líalle ós meus compañeiros algunhas frases tiradas dos DCB tanto de Primaria como de Secundaria que evidentemente asumiríamos supoño que nun 100% todos os homes e as mulleres galeguistas. A normalización lingüística, di o DCB de Educación Infantil, do noso sistema educativo é un obxectivo educativo. “A escola debe favorecer a lingua galega”, letra do DCB.

DCB de Educación Primaria: “o idioma galego debe presidir desde a base o proceso de ensino-aprendizaxe que se opera na escola; debe exercerse unha actuación positiva a respecto da lingua socialmente minorizada, sobre todo, e saliento outra vez, sobre todo

nos primeiros anos de escolaridade”. Poderíamos continuar con expresións semellantes no DCB, no Deseño Curricular Base de Secundaria.

Evidentemente estamos de acordo pero se por un lado temos unha, digo xenerosamente valorada, ineficaz lexislación, encontramos con que a partir do propio DCB de Educación Primaria houbo algún que outro centro –amparándose na propia lexislación e tendo en conta a lectura textual e a interpretación recta deste marco legal– que determinou por exemplo que no ciclo inicial a lingua ambiental do seu contorno era o galego. E resulta que as autoridades administrativas da provincia da Coruña, (estoume referindo claramente ao caso de Palmeira) as autoridades, digo, comezando polo propio delegado, ex-delegado nestes momentos, invalidaron o acordo. Isto é, decidiron impor o español como lingua do primeiro ciclo de Educación Primaria, como lingua “ambiental” da área de Palmeira. As autoridades, en vez de reforzar ou apoiar o cumprimento da lexislación, coa medida adoptada sabiamente polo claustro de profesorado, encargáronse de botar abaixo ese plano do centro que contemplaba a lingua galega como lingua ambiental. Polo tanto, a lexislación pode ser, se queremos, eficaz ou ineficaz, e a aplicación como neste caso concreto, este que acabo de comentar, demostra ás claras a vontade de normalizar que hai por detrás dos actuais responsábeis da Xunta.

Nula efectividade, ausencia absoluta dun plano de normalización global para este país. Non é exclusivamente o ensino. De atendermos á historia da lexislación lingüística veríamos que o mundo do ensino é o que concentrou un maior volume de desenvolvementos legais a partir da Lei de Normalización Lingüística. A existencia desa “efectividade” evidentemente quedou demostrada coa realidade que vivimos nos centros. Non avanzou o proceso de normalización lingüística. Houbo unha etapa de miraxe, de esplendor coa entrada do profesorado de lingua e literatura galegas nos centros educativos que supuxo o incremento dun 5.5% de profesorado e iso trouxo consigo unha euforia, un optimismo, como Harguindey lembraba nesta mesma mesa... Esa euforia trocouse, e eu quero dicilo mesmo con autocritica, nunha certa pasividade doutros compañeiros e compañeiras que dentro do propio ensino impartían a súa docencia en galego. Digo pasividade porque, entrando xa nun dos últimos puntos que quería tratar nesta primeira intervención, hai algo que pode caracterizar o conxunto da sociedade nas súas actitudes lingüísticas: a valoración positiva do galego, do seu uso e da súa promoción. Dío o *Mapa Sociolingüístico Galego* recentemente publicado, (estamos á espera do último dos volumes), pero xa se nos adiantou que hai un cambio moi positivo nas actitudes a respecto do noso idioma. En concreto, os galegos e as galegas preguntados pola súa opinión sobre o uso do galego na escola, indicaban estar total ou bastante de acordo con que o galego fose a lingua do ensino, máis de un de cada dous galegos. En contra non chega ao 20%, só un de cada cinco galegos. Pero iso non se está notando na esixencia por parte da sociedade dunha maior galeguización. Isto é, a valoración da lingua galega mellorou ostensiblemente na nosa sociedade pero iso non trouxo consigo unha defensa dos dereitos lingüísticos desta comunidade a respecto do que é a práctica normal no mundo educativo tanto na Primaria como na Secundaria.

Os decretos, as leis, os desenvolvementos estanse incumprindo de maneira xeneralizada. O actual decreto, o que está en vigor para o Bacharelato, é amplamente incumprido. Os inspectores visitan os centros e non se interesan polo cumprimento da lexislación lingüística. Envías informes e só recibes a calada por resposta.

A normalización no ensino ten que ser unha demanda global, e como antes indicaba Harguindey e como indicaba tamén Agustín Fdez. Paz, non se pode pretender descargar no mundo do ensino un proceso de regaleguización xeracional que competiría ao conxunto dunha sociedade ¿De que maneira podemos tentar levar adiante un proceso efectivo de mutación lingüística, de galeguización ou de mantemento lingüístico daqueles que son inicialmente galegofalantes, se os rapaces cando saen da escola non encontran un cómic en galego, teñen pouca música en galego? Encóntranse cunha oferta no cinema de pouca... de nula presenza do idioma galego, e evidentemente, non lle imos botar a culpa ós directores de cinema, ós grupos de música, senón ó apoio que se lles está dando ou que se lles está negando nestes momentos ós creadores culturais para estas parcelas.

¿Non hai demanda social? Si. Mais a demanda social pode exteriorizarse de maneiras moi diversas. O apoio ideolóxico está no *Mapa Sociolingüístico galego*. Supoño que buscarán a maneira máis interesante de o ocultar, igual que no seu momento se ocultaron outros informes sociolingüísticos realizados, por exemplo, no seo do propio ICE da Universidade de Santiago. O certo é que hai ausencia de política lingüística e a ausencia de política lingüística determinada é unha política lingüística con moita claridade. “O non de pé equivale a pé”, dicía a lóxica grega. Está claro que se non hai unha planificación lingüística é porque hai un apoio decidido ao mantemento da situación actual, que é un proceso que Louis-Jean Calvet no seu libro *Lingüística e colonialismo* definiu como glotofaxia lingüística, canibalismo lingüístico e isto é consciente. Non podemos pensar que isto é simplemente porque, desde a Dirección Xeral de Política Lingüística non hai un apoio explícito nin hai unha programación. Non hai vontade de normalizar.

#### ANTÓN COSTA

Creo que está trazado este panorama sobre o estado do galego no ensino coas notas, creo que todas elas complementarias e nunha mesma dirección. Creo que se traduce unha imaxe preocupada, quérese dicir que non hai unha imaxe negativa do proceso de normalización en canto que este é un barco que vaia a piques. Ó contrario hai avances, pero avances incertos e inseguros e hai esa imaxe preocupada que se detrae nas exposicións todas presentes aquí na mesa. Quizais por se alguén non coñecera esta linguaxe crítica que temos ás veces os ensinantes sobre os DCB, os Deseños Curriculares Base, aqueles documentos que marcan as orientacións didácticas para o sistema educativo tanto en Galicia como nos outros lugares do Estado, para a aplicación e posta en marcha da Reforma nestes momentos, isto é, os principios, as grandes orientacións... Neste momento habería que concordar con Manolo Portas que todas elas teñen un ton fervoro-

samente normalizador e unhas indicacións fervorosamente normalizadoras que quizais carecen de elementos concretos de como eso se traduce operacionalmente.

#### AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Eu quería dicir que, efectivamente, concordo cos meus compañeiros; pasaron os tempos daquela frase que alguén me mentou neste ano, aquela frase de cando eramos nenos: “Niño, te voy a lavar la boca con jabón”. Esto dicíase moito ós nenos que falaban galego. A frase realmente é moi grave. Pero algo de corrosivo segue existindo en moitos ambientes, en moitos sectores da sociedade galega para que, se dean, pois, estas situacións. Todos nós, os que estamos na mesa, e non quero collerlles a palabra ós meus compañeiros, somos venturosamente creo que pais de familia, con fillos e fillas que están galeguizados no ambiente familiar, que no ambiente familiar falan galego, pero que non necesariamente falan galego no seu contorno de nenos e rapaces ou que mesmo, en fin, nalgún momento tiveron ou teñen problemas no presente. Algo de corrosivo pasa aí na sociedade e nos ambientes escolares e exteriores para que isto ocorra.

#### ANTÓN COSTA

Tratando de ir tamén a aspectos moi particularizados e concretos, eu preguntaría a Agustín Fernández Paz sobre algúns dos problemas, algúns dos retos inmediatos no que fai en particular á aplicación e desenvolvemento do Decreto 247 de 1995, este que temos que poñer en marcha xusto neste curso que agora comeza.

#### AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Moi ben. Pois eu fago un resumo moi apresurado das dúas liñas do contido do Decreto, cales son as dúas liñas esenciais que contén, e logo centrareime nos problemas polos que me pregunta o moderador. O Decreto parte do mandato do artigo 14.3 da Lei de Normalización, onde se di que unha das obrigas do sistema educativo galego é conseguir que os nenos e nenas acaden unha competencia plena nas dúas linguas oficiais, é dicir, que sexan quen de ler, falar e escribir en galego e en castelán. A min o que me interesa analizar agora é cómo conseguir a competencia plena en galego. No Decreto ábrese dúas liñas para conseguir ese obxectivo. Unha delas a referida, como xa se dixo antes e eu reitero agora, ó ensino en galego, é dicir, pídese que unha parte das materias, cando menos, se dean en galego. A outra vía que abre refírese á promoción do seu uso, é dicir, ó que se chama, ó que chamamos entre nós a galeguización do centro. É dicir, a crear no centro unhas condicións que favorezan o uso do galego dentro del e que eviten o que está a pasar na actualidade e enlazo co último que dicía Antón Costa, nos ámbitos urbanos co ensino primario, onde os problemas moitas veces son distintos dos do ensino medio. Moitas veces o muro do colexio actúa como unha especie de fronteira lingüística, de maneira que do muro para dentro os nenos e nenas galegofalantes saben que, dalgún xeito, teñen que agachar, teñen que ocultar a súa lingua. E ben, este Decreto

pide, e desenvolve, e promove algunhas liñas nestes dous ámbitos, no do uso do galego como lingua vehicular noutras materias e no da galeguización do centro.

Sobre o uso do galego como lingua vehicular nalgunhas materias, eu, en vez dunha exposición teórica que nos roubaría un tempo que non temos, creo que podo resumir a situación cunha anécdota pequeniña. Unha anécdota que me comentaba un coordinador dun equipo de normalización dun centro de EXB dunha cidade, que me dicía que para coñecer as actitudes dos seus compañeiros e compañeiras de claustro fíxolles un pequeno cuestionario, un pouco para saber por onde respiraban, e unha das preguntas era qué lles parecía o que dicía o Decreto, cando fala que o sistema educativo debe garantir que os nenos e nenas acaden unha competencia parella nas dúas linguas oficiais. Atopouse, díciame el, con que a resposta era que á maioría lles parecía moi ben. Había un abrumador número de sis, que lle dicían que si, que aquilo que estaba moi ben. Pero varias preguntas máis abaixo, había outra que dicía: “Ben, se aceptas ou, polo tanto, se che parece ben ese obxectivo legal que é un dos eixos da Lei de Normalización, ¿estarías polo tanto disposto a cambiar a túa práctica educativa diaria para acadar ese obxectivo?”. E a que antes era unha resposta maioritaria afirmativa transformábase, cinco preguntas máis abaixo, nunha resposta maioritaria negativa é dicir, o que falabamos de que algunhas cousas están asumidas entre o profesorado e entre a sociedade en xeral, pois é certo, pero outras que implican cambios na práctica distan moito de estar asumidas.

Falaba Manolo Portas de que o Decreto anterior era incumplido, sobre todo en ensino medio, e o temor que temos moitos é que o novo Decreto teña tamén un incumplimento xeneralizado. Non o saberemos ata que estea funcionando, pero temos ese temor sobre todo sabendo o que pasou co anterior. Co anterior, Manolo Portas fixo referencia ó que pasaba no ensino secundario, eu quería facer referencia ó que pasou na EXB, que tamén se pode resumir en moi poucas liñas. O Decreto anterior, dicía que en EXB había que dar, ademais da materia de Lingua Galega, obviamente en galego, había que dar como mínimo unha materia máis en lingua galega, que era a de Ciencias Sociais, e que logo cada claustro decidiría que outras materias había que dar ata acadar un equilibrio entre o uso das dúas linguas oficiais. Pois ben, agora xa se pode dicir porque xa hai experiencia, teño que dicir que en toda Galicia, dende Ribadeo ata Tui, cunha rara unanimidade, a maior parte dos claustros dos colexios de EXB onde o Decreto anterior puña que había que dar como mínimo as Ciencias Sociais, eles entenderon, eles leron que había que dar como máximo as Ciencias Sociais. É dicir, os mínimos foron considerados como máximos, e había moita xente que, de boa fe, cando lle preguntabas como estaba a situación do galego no seu centro, pois dicíache que alí todo estaba ben. Daban o Galego en galego, daban as Ciencias Sociais en galego e, polo tanto, todo estaba ben.

Ese incumplimento do Decreto ou ese cumprimento formal, pero dalgún xeito desvirtuado na práctica, é o temor que nos asalta cando pensamos o que pode pasar co novo Decreto, que é máis ambicioso, que sitúa uns mínimos máis elevados cós anteriores, pero que soamente de aquí a uns anos poderemos dicir se se levou á práctica ou se, por



falta de demanda social explícita non pasa nada se non se cumpre. Eso é unha das cousas que coñeceremos nun ou dous cursos. Pero á parte do ensino en galego, que xa digo que é un dos retos que abre o novo Decreto e é que xa veremos a ver qué pasa, a outra liña que promove o Decreto é a galeguización do centro, é dicir, que se creen as condicións ambientais para que o galego poida ter un uso normal na comunidade educativa. Obviamente, aquí non se pode xeneralizar. É distinto o caso dos centros que estean no ámbito rural do dos que estean no ámbito urbano. A min os que me preocupan son estes últimos, quizais porque a miña filla está nun deles, porque eu vivo nunha cidade, quizais porque as cidades son hoxe os lugares onde está unha boa parte da poboación de Galicia, con tendencia a medrar nos ámbitos urbanos, e polo que teñen ademais de espello no que se miran as outras escolas; a min preocúpame porque, hoxe por hoxe, esa galeguización dos centros, sobre todo en ámbitos urbanos, dista moito de ser satisfactoria.

Xa dicía antes que hai nenos e nenas galegofalantes que se ven obrigados a agachar a súa lingua primeira na vida cotiá do centro, xa non me refiro nas clases senón nos corredores, no patio, etc. O gran problema é se dende os centros se poderá mudar esa tendencia. Este tema está moi ligado ó que a min me preocupa máis, e que espero que o moderador atope tempo para tratar, que é o tema que, por dicilo globalmente, eu resumiría como o das actitudes lingüísticas do profesorado. Preocúpanme as actitudes lingüísticas da sociedade. Os datos do *Mapa Sociolingüístico Galego* parece que son indubidables, son certos os datos do *Mapa* no sentido de que as actitudes negativas diminúen e as actitudes positivas medran; pero a realidade cotiá dos centros, polo menos a que eu vivo na cidade de Vigo, e paréceme extrapolable a outros ámbitos urbanos, a realidade dime que as cousas non son exactamente así. A realidade dime que hai moitas resistencias ás medidas galeguizadoras que se afasten do puramente folclórico ou episódico; é dicir, ás medidas galeguizadoras reais con consecuencias permanentes; polo tanto, o que eu teño é unha mestura de ilusión e de dúbidas respecto ó que pode pasar nestes anos. O Decreto vai entrar, entrou xa en vigor, vaise notar se é eficaz ou non neste curso que empeza, nos cursos vindeiros, a medida que se vaia implantando progresivamente o novo ordenamento educativo, e aí veremos se as boas intencións que aparecen no texto se trasladan ou non á práctica. Eu concluiría dicindo que aínda que a moita xente o Decreto lle pode parecer insatisfactorio, eu digo que sobre todo en ámbitos urbanos, se se aplicase hoxe e se conseguise levar á práctica suporía unha auténtica revolución.

#### ANTÓN COSTA

Quizabes o panorama nun espacio vilego sexa máis feliz, máis feliz mesmo na práctica escolar, na práctica docente, quizabes. Habería que saber qué é o que demanda a sociedade, os grupos sociais, que expectativas favorecen ou impiden a galeguización e a normalización. Eu creo que un bo miradoiro desto pode ser neste caso Cangas, e alguén como Henrique Harguindey, con moitos anos de vivir no medio desa sociedade, que nos pode falar, que é o que pasa nas vilas.

Ben. Hai que dicir que, primeiro, Cangas é unha vila, pero está dentro dun contorno tipicamente urbano, a área de Vigo, e polo tanto tampouco se pode considerar do mesmo xeito, poñamos por caso, que A Estrada. Por outra parte, é unha zona dunha conformación bastante particular e dunha tradición reivindicativa e de loita incluso no terreo galeguista ou no terreo da lingua, bastante específica e con moitos anos que non sei se se pode servir como referencia ao que é unha vila galega coma outras. De todas maneiras a miña experiencia alí, pois o que me di é que a sociedade na que nos movemos en Cangas acepta pois plenamente a galeguización, apoia, e estou falando dunha maneira xeral; apoia tódalas iniciativas galeguizadoras. Hai colexios de EXB que teñen practicamente, a non ser nalgunha asignatura concreta, pero teñen practicamente homoxeneizado o ensino en galego e son respaldados totalmente polos pais, polas nais, é dicir, polo contorno social que apoia eso e apóiao pois seguramente non por motivos puramente ideolóxicos, senón pola pedra de toque de toda cuestión académica e educativa. É dicir, “¿os rapaces saen ben preparados?, ¡Pois adiante!”; e entón, como hai suficiente calidade educativa nese ensino que se imparte, como está contrastado, pois non ofrece ningún tipo de resistencia, senón ó contrario, é dicir, xente que... pensemos por exemplo en pais e nais xoves, mozos que non teñen por que ser habitualmente de fala galega, sen embargo apoian a galeguización total deso. Entón, eu creo que... pero por outra parte, como tipo de sociedade e neste caso de pouco peso, se queremos pouco peso relativo porque Cangas ten bastante peso na historia deste país, pero non como órganos de decisión que están máis ligados como dicía antes Agustín Fdez. Paz, ó ámbito urbano. E ó mesmo tempo non esquezamos que a sociedade galega, e neso Cangas e calquera sitio, é bastante pasiva, é dicir, pode apoiar aquelas iniciativas que veñan marcadas por lei ou veñan por resultado de movementos pioneiros que actúan consolidando determinadas cousas. Pero non é suficientemente tamén pasiva como para ás veces non reivindicar como se debería reivindicar os avances, e neste caso, os avances lingüísticos. Naturalmente é peor a situación noutros ámbitos, noutros ámbitos urbanos, pero a idea é que o problema, como dicíamos nalgún momento, é como traducir a simpatía, como traducir esa actitude de galeguización que comparte xeralmente a sociedade en avances. Encontrámonos con que hai movementos minoritarios pero activos en contra do galego que, sen embargo, a eses si que se lles fai caso. A administración, penso eu, que lles fai un caso excesivo e ata non sei se non é unha xogada un tanto preparada.

Eu xa... Agustín Fdez. Paz aludía ó Decreto do ano pasado e eu quero recordar, quero lembrar un pouco o ámbito en que saíu ese Decreto. Empezou a falarse dunha excesiva imposición do galego por parte da Xunta de Galicia. Campañas incluso desde fóra de Galicia a través de *ABC*, etc. que acusaban de radicalismo, de pujolismo, de inmersión e todo isto é, como servíndolle de coartada, á Administración educativa galega que dixo: “Ollo, que aquí non somos nin radicais nin tampouco estamos en contra de que o galego teña presenza no sistema educativo. Quedamos no xusto medio”. Eu

creo que todo é dependendo como se queira programar ese xusto medio, porque se se poñen uns límites moi estreitos ese xusto medio queda demasiado pequeno e demasiado, que é o que ocorre nestes momentos, inferior ás necesidades de presenza do galego no sistema educativo. Entón, para resumir a contestación á pregunta, eu creo que a sociedade galega, neste caso o ámbito no que vivo, é favorable á iniciativa de galeguización do sistema educativo, pero que vai un pouco determinada a súa actividade a favor ou en que quede en simple pasividade, en se hai disposicións oficiais que determinan eso ou se hai movementos educativos, claustros, o profesorado, o alumnado, etc. que vai impondo eso. Entón a sociedade apóiaio plenamente e non constitúe ningún atranco senón que o ve con total normalidade e simpatía.

#### ANTÓN COSTA

Entramos agora nunha fase na que as contestacións ou as intervencións na mesa deberán ser forzosamente máis breves coa intención de que ás sete menos dez poidamos abrir un pequeno coloquio na brevidade do acto. Esta mañá eu entraba na Escola de Maxisterio de Santiago. Tropecei cuns alumnos: “Ola, bos días. Ata logo”. Pasei, fun tomar un café, era de boa mañá e os núcleos de estudantes que estaban alí, que fixeron primeiro o ano pasado estaban todos falando en castelán. A pesar de que moitas veces algúns profesores teñen ou temos esa conducta de recomendar, de favorecer de, en fin, solicitar mesmo, pregar: “Pero por favor, falade galego, eu que sei, neste país, podedes ser formadores”... Eu non sei, Manolo Portas ti tes moita experiencia desde o instituto, ¿que pasa cos rapaces ante o galego?

#### MANUEL PORTAS

Os rapaces eu creo que son un reflexo da sociedade. Non son unha parcela á parte da sociedade na que se integran. A xente máis nova da sociedade ten, por unha tendencia xeracional, unha actitude moito máis positiva cara ao idioma do que poden manter os seus avós, da mesma maneira que teñen un uso do idioma menor e unha competencia lingüística máis reducida que a que teñen os seus pais ou os seus avós. De tódalas maneiras, se inicialmente debemos indicar que a actitude no conxunto do que pode ser a actitude global da sociedade, a do alumnado, a da xente máis nova é máis positiva, é certo que os usos son case rituais. Están aprendendo tamén na escola determinados usos rituais. Explícome. Nun centro en que o profesor utiliza determinada lingua como vehículo de comunicación co seu alumnado, está claro que acaba predominando esa lingua no contacto co alumnado. Isto non é Euskadi. En Euskadi a fronteira lingüística, a barreira para expresarse en euskera para un castelanfalante é moi importante. Hai unha barreira engadida. Neste país, aínda que chapurree, aínda que coloque mal os pronomes, aínda que a súa fonética non sexa a máis adecuada, un rapaz que comeza a socializarse en galego, se ten unha actitude receptiva, non ten ningún problema para que na clase de Filosofía, de Ciencias, de Matemáticas utilice a lingua que está utilizando o docente ou

a docente. O que si é certo é que ese uso lingüístico vai mudar no momento en que saia da aula. Vai mudar porque se non ten interiorizado un determinado posicionamento lingüístico-ideolóxico prima a comunicación por riba do que pode ser esa autoafirmación lingüística. Eu nótoo incluso no meu fillo pequeno, ten seis anos, é galegofalante, ás veces máis “radical” do que un pode pensar, un queda sorprendido cando se atreve a valorar a outros veciños que ó mellor lle falan en español. Di: “Ese non é galego verdade”. Pero sen embargo na escola, nunha escola de aquí de Santiago, el cando ten que xogar ó balón pasa para o español rapidísimamente, porque é máis importante xogar ó balón do que manter o seu uso lingüístico. Os usos dos nenos e das nenas neste caso, sobre todo cando non hai unha asunción, unha conciencia lingüística, unha autoafirmación –por utilizar as palabras de Fraga–, está claro que se comporta igual que se comporta calquera outro sector de idade da sociedade galega. Está claro, e volvo. Ti preguntásmeme polos rapaces e eu volvo a que o uso do profesorado é o que condiciona. Se realmente queremos cotas de galeguización haberá que facer desde a administración, que é quen ten a competencia coercitiva, de que se cumpra a lei. Haberá que facer que esa administración a cumpra.

Hai outro sector, que non sei se pretendías preguntar por el despois, que é o dos pais e as nais. A demanda dos pais e das nais ás veces brilla pola súa ausencia. Hai sectores galeguistas que reclaman en asembleas de APAs, en consellos escolares, que demandan, que preguntan sobre o grao de cumprimento da lexislación en materia lingüística. Con todo, non deixa de ser unha cousa rara que isto aconteza. Creouse a principios de verán a Asociación de Pais e Nais pola Normalización Lingüística e é un colectivo aínda nacente, un colectivo que ten como aspiración defender os procesos de normalización lingüística a partir dun sector que nunca, ata o momento, chegou a facer unha plasmación pública nos órganos dos centros educativos de demanda dese proceso galeguizador. Agora, volvo ó de antes, eu súpome ó que dicía Agustín Fdez. Paz, eu non son pesimista, son expectante, son un ser expectante e sei que a expectación a crean as expectativas de mudanza, de cambio. Está claro que mentres neste país non se asuma desde aqueles sectores, desde aqueles ámbitos onde hai competencia e capacidade de normalización, a aplicación da propia lexislación emanada desas institucións, evidentemente non poderemos chegar a ningún lado. Supoño, non sei, non quero estenderme máis, que un dos elementos que deberíamos tratar aquí sería o papel que teñen que desenvolver as Equipas de Normalización, que son uns órganos creados dentro dos centros na propia lexislación que se teñen que encargar, tanto en Medias como en Primaria, de pular polo proceso de normalización. En todo caso...

#### ANTÓN COSTA

Falará dentro dun pouquiño sobre os Equipos de Normalización Henrique Harguindey. Eu quería preguntarlle a Agustín Fdez. Paz: ti tes xa moitos anos de experiencia na formación do profesorado tamén. Parece que hai unha lexislación que se cumpre a me-

días, parece que moitas veces hai insensibilidade do profesorado, as actitudes... ¿Deberemos mudar de formación lingüística e de formación do profesorado con respecto á galeguización? ¿Deberemos introducir algúns aspectos distintos na didáctica? Ás veces óese dicir: “é que faltan materiais didácticos”. Adúcese isto como causa dun non maior avance; en fin, comenta algo isto.

#### AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Si, con brevidade, inda que son varios temas xuntos. Empezando polo máis doado, o dos materiais didácticos, o avance que se está a dar nestes últimos catro ou cinco anos é moi grande. Partíase dunha carencia case total. Hoxe aínda as carencias son moitas, pero hai dous anos fixemos, no marco dunha campaña desenvolvida en Vigo, unha exposición do material didáctico para o ensino en galego e eu mesmo, que me preciaba daquela de coñecer todo o que había en galego para as distintas áreas, eu mesmo quedei abraiado, porque o que é o salón da Casa do Mestre de Vigo, onde fixemos a exposición, quedounos totalmente pequeno para meter todo o material que hoxe hai nas distintas áreas para o ensino en galego. Faltan moitas cousas, pero é obvio que hai xa bastantes máis ca antes e que se lles está acabando a coartada a aquel grupo de profesores e profesoras que sempre dicían que eles non daban a súa materia en galego porque non había material. Chegoulles o tempo de mudar de coartada.

É máis preocupante o da formación do profesorado, tanto do profesorado en exercicio como do que está agora na súa formación inicial. A min ás veces falando co profesorado en exercicio, abráiame o absoluto descoñecemento do máis elemental sobre sociolingüística aplicada ó ensino. É dicir, hai xente que está dando clase, que pode ser moi competente na súas materias ou noutros temas, pero que descoñece case todo o esencial sobre este tema. Eu creo que aquí habería que facer un esforzo grande porque penso que hai unha cousa innegable, xa o dixeran antes e reitéroo agora. Aínda que as actitudes da poboación en xeral segundo os datos de MSG, estean a mellorar, eu sosteño que as actitudes lingüísticas dun sector amplo do profesorado que actualmente está en exercicio deixan moito que desexar respecto do galego e da súa normalización. É dicir, un atopa prexuízos, atopa resistencias, atopa actitudes lingüísticas negativas.

Hai anos, un grupo de profesores e profesoras fixéran un repertorio das dificultades que atopaban nos centros para o funcionamento dos equipos. Abraiaba ver como unha grande parte delas estaban relacionadas cos seus compañeiros e compañeiras de claustro; é dicir, constatabase un conxunto de resistencias, de oposicións, de dificultades que, máis que derivadas da sociedade no seu conxunto ou da Administración educativa, viñan do interior do centro. Nese sentido, eu creo que si é urxente facer un esforzo grande, porque os prexuízos cúranse con moita información, dando datos, dando información, dando coñecementos que hoxe a xente non ten; cortándolle as raíces a un conxunto de prexuízos sobre o galego e sobre o ensino que hoxe están vixentes, tanto entre o profesorado como na sociedade en xeral, e que en canto se afonda sobre eles, en canto

se fala, pois descóbrese que non teñen ningunha base real e caen polo seu peso. Non sei se respondín...

#### ANTÓN COSTA

Nalgunha conexión con isto, aí están os equipos de normalización dos centros. Henrique Harguindey está nun deles, levan xa varios anos de experiencia. Hai algunhas experiencias moi positivas por canto que algúns deles efectivamente na práctica coordináronse comarcalmente abrindo algunha faceta nova de iniciativas comarcais favorables á normalización no ensino. Harguindey, quizais nos poderías comentar unha vez máis con brevidade.

#### HENRIQUE HARGUINDEY

Si, a maior posible. Os Equipos de Normalización Lingüística son unha peza máis, é dicir, por eles sos non son unha peza definitiva na galeguización do ensino. Teñen que estar enmarcados dentro dunha engranaxe que funcione ben e que abranxa todo. Agora ben, teñen unha misión importante e teñen moitas cousas que facer. Eu non vou ler o Decreto que regula os Equipos de Normalización Lingüística; unicamente pois moi brevemente dicir que as súas competencias son presentar a través do claustro propostas ó equipo directivo para a fixación de obxectivos de normalización, que se incluírán no Proxecto Educativo de Centro, documento moi importante nos centros educativos; poñer á comisión de coordinación pedagóxica para a súa inclusión no proxecto curricular o plano xeral para o uso do idioma; medidas para potencia-lo uso da lingua galega; proxectos tendentes a unha valoración positiva do uso da lingua galega; elaborar e dinamizar un plano anual de actividades, etc., etc.

E esto son cousas importantes, porque moitas veces o que ocorre nos centros é que, sobre todo seguramente nestes últimos anos, hai un certo laxismo, un certo abandono e unha certa desmobilización e parece con que se se chegasen a cumprir eses mínimos, se se chegan a cumprir eses mínimos legais que case nunca se cumpren na súa totalidade, pois xa é moito. Pero non se quere avanzar decididamente, sobre todo moitas veces, porque non te vas poñer a mal cun compañeiro, non lle vas dicir: “Oe ti, ¿por que non fas as clases en galego?”. Naturalmente eu creo que isto é grave, un abandono das nosas obrigas na medida en que as abandonemos, as abandonen os equipos directivos, as abandonen os claustros ou cada un de nós; e os equipos de normalización lingüística precisamente se están é para eso. Entón, moitas veces non saben nin sequera o marco en que se desenvolven porque non coñecen ou ben as posibilidades, ou non coñecen sequera moitas veces o grao de utilización do galego no propio centro. A primeira cousa que teñen que facer, nós fixémoslo no seu momento, é pois unha enquisa clara e contundente, seminario por seminario, qué cursos, qué grupos se dan aquí en galego, qué asignaturas, hai libro, os exames dos rapaces son en galego, etc., etc. Primeira cousa necesaria para coñecer como é a situación e para poder actuar sobre ela. Segundo, actuar sobre

os compañeiros evidentemente, no claustro, recordar puntualmente e reiteradamente cales son os mínimos legais e que eses mínimos non son un tope, porque son mínimos que hai que cumprir pero que se poden superar.

Eso pódese facer sen ningún tipo de hostilidade, sen ningún tipo de enfrontamento. De feito a nosa experiencia no Instituto de Cangas é absolutamente positiva, cordial e democrática e así o entenderon os compañeiros aos que se lle recordou como eran as disposicións vixentes e cal era o plano de normalización que presentabamos que foi aprobado por claustro, por consello escolar e por toda a comunidade. Pode facer que se incrementen substancialmente o número de horas en galego. Non sei se é debido á nosa actividade (porque por outra parte o Instituto de Cangas sempre tivo bastante tradición de horas de clase, de materias impartidas en galego) pero eu pododo dicir que o ano anterior ó curso, non este que concluíu senón o anterior, segundo o noso estudio, dábanse no instituto un 25% escaso de horas en galego. Este ano que concluíu foron o 39%, é dicir, pódese facer un incremento substancial se hai un traballo pois feito dunha maneira constante e como pensamos que se debe de facer. Por outra parte, os centros non están illados. Entón nós o que fixemos en Cangas foi unha coordinación dos equipos de normalización lingüística de institutos e colexios de EXB, porque moitas veces ademais pode haber nuns centros, pode haber situacións boas e noutros malas. As situacións boas axudan a ampara-lo traballo dos compañeiros que están en situacións malas e nós podemos axudar e lograr unha corrente que vaia modificando a situación. Nós fixemos, por exemplo, unha publicación *Maré*, que teño aquí algúns exemplares, se alguén lle interesa despois, que difundimos masivamente a través do noso alumnado en todo Cangas, simultaneamente.

Entón pensamos que eso ten un efecto positivo porque á parte do ámbito puramente educativo e do centro no que inexcusablemente debemos traballar porque é para o que estamos, non é menos certo como dicíamos, que os centros educativos son reflexo da realidade social. Polo tanto nós quixemos influír na comunidade escolar, que é un dos ámbitos asignados por lei para o equipo de normalización lingüística na comunidade escolar, non só nos alumnos, na comunidade escolar que inclúen os pais e nais dos alumnos e no contorno. Entón fixemos campañas desde o emprego do galego nas comisións de festas, Centros de Saúde non especificamente, non somentes da nosa localidade, Cangas, senón da nosa área, coordinados con outros equipos como sabe Agustín Fdez. Paz. Por exemplo, pois, sobre o Corte Inglés, e estamos levando a cabo iniciativas constantemente que tratan de rendabilizar os esforzos individuais fóra do marco, ademais do marco do propio centro. Aí é onde pensamos nós que é un elemento dinamizador de moita importancia.

#### ANTÓN COSTA

Case a modo de telegrama, catro cuestións. Para os tres. No conxunto dos centros actualmente a cuestión normativa, o incordio normativo, ¿é un problema? Resposta de telegrama. Actualmente, ¿como o vedes desde distintos ámbitos?

MANUEL PORTAS

De telegrama, é difícil.

ANTÓN COSTA

De telegrama. Porque estamos abusando do tempo nestes momentos.

MANUEL PORTAS

É e non é. Se queres de telegrama contesto. É un problema, pero é un problema en tanto en canto é un problema de normalización, de planificación, de visión de futuro. A falta dun acordo normativo é algo negativo para o proceso global de normalización. Da mesma maneira, a falta de materiais plenamente normalizados impiden a asunción dun galego estándar. De tódalas maneiras, o problema “normativo” non está aí...

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

En Primaria e EXB, eu salientaría que o único problema que ten iso é darlle unha arma máis, unha baza máis a aqueles partidarios de que nada se mova porque é unha dificultade engadida, un problema máis. Como din algúns graficamente: “Cuando os pongais de acuerdo, *daquella* yo empiezo”.

ANTÓN COSTA

Harguindey ¿terías algo que engadir?

HENRIQUE HARGUINDEY

Non; digamos que na miña experiencia no ámbito no que me movo non hai ese problema. Non hai un grave conflito, pero si sei que o houbo noutros momentos. Eu creo que de todas maneiras a cousa foi mudando e do desconcerto e unha certa anarquía que supoñía que os alumnos tivesen un ano un profesor cunha normativa e ó seguinte outra e tal, pois foi mudando bastante e agora xa non ten esa forza distorsionadora que tiña antes.

ANTÓN COSTA

Ben, outra cuestión. No xa moitas veces citado Québec, mais tamén en Cataluña ou noutros lugares séguense programas de inmersión. Programas de inmersión para nenos monolingües na lingua 1 dominante, allea e exterior, de modo que poidan reverter en bilingües precoces dende moi pequenos. En senso contrario a esas orientacións científicas e programas políticos a que están dando lugar noutras comunidades, a Dirección Xeral de Política Lingüística e a Xunta de Galicia neste caso, di que “rés de rés”. Aquí que iso que non, non o necesitamos. Sen embargo aí están realidades: A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, etc., urbanas, onde hai abondoso monolingüismo en castelán ¿Habería lugar ós programas de inmersión? Nada máis si ou non, moi brevemente. Sen entrar noutras consideracións de como se farían.



MANUEL PORTAS

Eu é que non gosto nada do termo inmersión no ensino na lingua do país, en galego, porque inmersión parece lembrar a aqueles negriños de Cunqueiro que dicía que os metía para tinxila roupa e despois cando perdían cor volvíanse a somerxer. Non. Eu creo que a lingua ambiental deste país mesmo en María Pita segue sendo o galego. Non é necesario falar de inmersión senón dun ensino en galego e dun ensino cohesionado en todo o país, aínda que se teñan en conta as diferentes situacións sociolóxicas.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Si, eu case non sei se pasar, porque Manolo Portas di moi ben o que eu penso, pero por insistir unha miguíña máis, a miña experiencia dime que esa presenza do galego como lingua ambiental, aínda nos espazos urbanos nos que o galego está máis desfavorecido, é real e, polo tanto, os programas de inmersión, os que tecnicamente se entenden como tales, pois dubido, salvo para sectores minoritarios, da súa eficacia. Agora, outros programas, efectivamente, de ensino na lingua do país, pois efectivamente, penso que cumprirían esa función. Non é hoxe o tema que na miña opinión debe de guiar a política lingüística en Galicia.

HENRIQUE HARGUINDEY

É igual, paso plenamente do tema. Simplemente dicir unha cousa que me parece obvia e que o compartirán os compañeiros. Calquera planificación lingüística ten que ter en conta os datos lingüísticos da zona e da localidade e sabemos que a realidade lingüística de Galicia non é homoxénea.

ANTÓN COSTA

Efectivamente. Eu quería comezar con outra cuestión con Henrique Harguindey. En distintos lugares, singularmente a experiencia bretona, educadores e militantes culturais e políticos de esquerda mesmo, chegaron a crear unha rede de centros privados laicos en bretón. Ás veces, desde ámbitos do progresismo político e social tense dito que aquí en Galicia deberíamos crear unha especie de rede, de centros escolares privados claramente marcados pola normalización ante as dificultades. ¿Sería unha estratexia?

HENRIQUE HARGUINDEY

O que si está claro é que ese tipo de propostas, ás veces, están dictadas pola desesperación. Á desesperación que leva o ver que rapaces que son galegofalantes, chegan á escola e lles arrincan a lingua nun prazo curto ou longo e entón se acode a dicir: “Se crearemos unha rede paralela exclusivamente monolingüe galega”. Entón eso pode en determinados momentos pensarse. Eu, de feito, tamén nalgún momento cheguei a pensar na súa conveniencia. O que si é certo é que, xa dixen ó principio das miñas intervencións, que o sistema educativo é algo que cohesionada toda unha comunidade e que crear

dúas redes pode ser algo distorsionante. O que si é certo é que xa tiña que haber centros monolingües, porque está claro que hoxe a inmersión que se fai é en castelán. Os rapaces galegofalantes que chegan en Preescolar ou en Primaria, a curto prazo, porque teñen unha maioría, un contorno en castelán, por moito que o profesorado dea as clases en galego, perderano. É certo que despois da escola tamén tería outro contorno social que lle influiría lingüísticamente. Pero eu creo que hoxe en día é máis importante galeguizar plenamente coa lingua do país o ensino que pensarmos en crear outra rede distinta. Outra cousa é que poida haber centros xa monolingües nalgún sitio.

Eu creo que ademais, o que hai que facer é unha inmersión, pero isto é outro tema que deixo aberto, é outra inmersión lingüística de toda a xente nova porque non está só o sistema educativo que dá a competencia, senón que a importancia da lingua é na práctica, ir traducindo constantemente esa actitude positiva na práctica, en crear unhas actividades de inmersión lingüística tanto nos centros como a nivel... nos concellos, os sindicatos, movementos pedagóxicos, asociacións de veciños, etc. asociacións culturais que creen actividades nas que propicien o encontro dos rapaces con actividade práctica lingüística e eso irá traducindo esa actitude positiva que tanto se falou en práctica e en asunción da súa lingua.

#### ANTÓN COSTA

A fume de carozo; todos, todas somos parte do problema ou parte da solución. Os que estamos aquí e os que hai fóra. Ó mesmo tempo unha escola en galego non asegura a normalización se o contorno non camiña en paralelo. Eu creo que isto é o que podemos traer nesta mesa redonda pola nosa parte e queda aberto un espazo, de cando menos dez minutos para falar o que dea de si. Aberto queda ó público.

#### MARTA DACOSTA

Eu só quería facer dous comentarios. O primeiro con respecto ó Colexio de Palmeira, tan mencionado pero que é un exemplo e como tal debe servirnos cara ó futuro. É certo que quixeron tumbalo, iso é certo, foi o que intentaron facer, pero non o conseguiron, o que pasa é que iso quizais foi o menos publicitado. Ó final todo quedou reducido a que se suprimise unha palabra, algo así como “todas”, poñamos por caso que no Proxecto Curricular do Centro puña que a galeguización debía acadar todas as materias do ensino e acabou poñendo soamente que debía acadar “as materias do ensino”. E non o puideron tumbar porque a lei estaba por detrás. Pero o que si é certo é que houbo un grupo de pais que eran contrarios a iso, un grupo moi pequeno, que fixo publicidade porque os medios de comunicación estaban abertos a iso e non a outras cousas que ó mellor son máis maioritarias, e tivo os resultados que tivo. Pero non o tumbaron, que nos sirva de cara ó futuro que a lei está por detrás e, ás veces pódese usar incluso, a pesar de que quen a fixo non a fixo para iso.

E eu recordo que na cafetería de Maxisterio puideron escoitar falar en español a moitísimos mestres da Escola de Maxisterio e incluso algúns, e non quero dicir de que mate-

ría, que nunca sospeitaría que falarían en español en público, nunca. E cando eu era alumna de cuarto de Filoloxía Galega nesta Facultade pasei pola experiencia de que na miña aula, todos e todas de acordo, pedímoslle a unha profesora, que non era do Departamento de Galego, claro, que nos dese as clases en galego, porque non nos estaba dando clases en galego, estaba falando en español, e negouse; e estou falando da licenciatura en Filoloxía galega e dunha persoa que está nesta casa.

#### MANUEL PORTAS

Mira, quería facer un comentario de Palmeira. Sabía o resultado. Eu simplemente quería salientar cá fora a actitude adoptada pola máxima autoridade provincial de educación. Non. O resultado... está claro que se hai insumisión civil ou desobediencia civil para os que incumpren, tamén a hai para os que van máis alá no proceso de normalización.

#### LUÍS CARLOS CACHAFEIRO

Eu realmente o que quería destacar respecto do que dicía Henrique Harguindey das Equipas é que, a nivel de galego, hai como tres actividades que hai que realizar. Unha, a concienciación individual de que o paso do español ó galego é un paso que non ten porque ser unha cuestión forzada, pode ser algo moi simple. En segundo lugar, creo que hai que dar a batalla non só no ensino, que reducir a cuestión do galego ó ensino, tamén lles interesa, digamos, a certas autoridades ou a certos estamentos que queren que realmente paulatinamente o galego vaia perdendo gas. E en terceiro lugar, salienta, respecto do que dixerá Henrique Harguindey, que se poden dar pequenas batallas dentro dos centros a nivel de falar cos compañeiros, a nivel de pequena presión, sempre e cando se apoie minimamente en decisións: “Mira, isto é unha decisión do claustro, isto é unha decisión, digamos, de raíz”, e que así se pode conseguir tamén modificar pouco a pouco as actitudes dos profesores, en xeral, dos distintos sistemas educativos; porque aquí case sempre se falaba de escola, pero a Universidade está aí, e ó mellor ten unha porcentaxe galegofalante inferior á dos sistemas primario e secundario. Creo que é importante porque ademais, a Universidade é o espello en que se ven realmente os alumnos, no que se demostra cal é a lingua dominante no país. Entón eses pequenos empuxes cos compañeiros a nivel de fóra e a nivel do centro poden axudar a aumentar a proporción de galego, que é necesario.

#### ANTÓN COSTA

Si. Nada máis unha cousa con respecto á Universidade. Que me rectifique, que o saberá mellor ca min Paco Fernández Rei, creo que é sobre o 16% de docentes os que damos as aulas en galego nestes momentos na Universidade de Santiago. Con moita diferenza, con respecto ó profesorado das Universidades da Coruña e de Vigo. Hai moito que facer entre o profesorado da Universidade. Tamén é doloroso para os profesores ver o traballo que temos que facer moitas veces entre o propio alumnado. A falta de eco que moitas veces notamos inferior a hai quince ou dezaioito anos. ¿Algunha intervención máis?

LUÍS DAVIÑA

Pareceume antes que Agustín acollía o Decreto, ese que ten nome de avión, ese de aplicación da Lei de Normalización Lingüística ás novas ensinanzas da LOXSE, con satisfacción porque representaba un avance con respecto á situación da EXB e do Bachareato. Eu penso que representa un retroceso. Pode representar un avance no que respecta á EXB, porque agora son dúas as materias que hai que dar en galego en vez dunha como antes. Pero nos niveis a partir de quince anos, antes eran obrigatorias dúas materias tanto en Bacharelato como en Formación Profesional e agora tamén son dúas, pero coa particularidade de que hai unha obrigatoria e outra optativa e ademais hai optativas que só se poden dar en terceiro da ESO e non se poden dar en cuarto. Polo tanto, e non o digo porque eu son da materia esa, pode haber no meu centro un alumno de cuarto da ESO, e houbo o ano pasado varios, que dan en galego o Galego e a Historia, porque a outra área é optativa, e a única optativa que hai que dar en galego son as Ciencias Naturais, pero se se colle Música ou Plástica, que son aprobados xerais e que todos collen para non dar Ciencias Naturais, que inclúe Física e Química, pois resulta que non é obrigatorio dar en galego máis que a Historia. E se cursaron o ano anterior Ciencias Medioambientais e da Saúde, que é a materia optativa para dar obrigatoriedade en galego, pois xa non a poden dar en cuarto e, polo tanto, dan unha como antes, ou sexa, Sociais. Non é avance, non é avance.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Moi brevemente, que xa me marcan o tempo. Ben, satisfacción, como moi ben matizaba Manolo Portas, satisfacción relativizada por todo o que dixemos antes. Sen embargo, reitero que si, respecto á situación anterior supón un avance, aínda que quen queira buscarlle as voltas para, cumprindo a letra incumprir o espírito, ha de o facer. Por exemplo, en Primaria e EXB xa se está dando o caso tamén de que claustros presionados para fixaren a segunda materia obrigatoria mínima, pois están fuxindo, están escollendo Educación Física, Plástica, etc. mentres que aqueles outros claustros interesados realmente en avanzaren están escollendo, por exemplo, Matemáticas, que é unha opción que elixiron bastantes centros de Primaria. E o mesmo pasa en Secundaria, como acaba moi ben de explicar, cunha matización: antes, polo que eu sei, unha das coartadas máis empregadas era a indefinición, había que dar entre tal e cal e iso levaba a que non se dese ningunha, mentres que agora esa indefinición queda parcialmente corrixida. Polo tanto, na miña opinión, hai unha posibilidade de avanzar máis que na anterior.

ANTÓN COSTA

Unha máis, última intervención...

MANUEL PORTAS

Se me permites. É a raíz da pregunta que fixo Luís Daviña e que en parte foi contestada xa por Agustín Fdez. Paz. O grande problema que había no ensino medio era a indefini-

ción. Había catro materias por cada curso: primeiro, segundo, terceiro, COU. E puña catro e de entre as catro escollede vós dúas. Consecuencia: non escollían ningunha, ou escollían todas, dependendo do ensinante. Sempre a vontade do ensinante foi a que determinou o uso lingüístico neste país. En cambio, en EXB, no sistema do Ensino Xeral Básico que agora desaparece, era preceptiva e falaba con claridade. E salientando o que dicía Agustín, agora no ensino secundario iso mellórase porque xa se di con toda claridade que na Educación Secundaria Obrigatoria impartirase en galego, a área de Ciencias sociais, Xeografía e Historia e a área de Ciencias da Natureza.

LUÍS DAVIÑA

Pero a área de Ciencias da Natureza, en 4º da ESO, é optativa, podendo un alumno escoller Plástica e visual ou Música, que non son en galego; e despois pode matricularse en primeiro de Bacharelato-LOXSE de Ciencias da Natureza sen estudar nin Bioloxía nin Xeoloxía nin Física nin Química en cuarto da ESO.

MANUEL PORTAS

Hai un estudio precioso, só para terminar, Antón, déixame só un segundo, que fixeron precisamente o Colectivo de Pais...

LUÍS DAVIÑA

E en segundo de Bacharelato aínda é peor, porque poden non dar nada en galego, porque como só é obrigatorio nunha das comúns, noutra das propias da modalidade e noutra das optativas, escollendo aquí e escollendo alá podes pasar sen dar galego.

MANUEL PORTAS

Dicía que hai un traballo precioso, para quen lle interesar, do Colectivo de Nais e Pais pola Normalización, no que se fai un estudio do abano de posibilidades que hai, das porcentaxes de materias en galego dependendo de opcións e de optativas. Digo, por se alguén está interesado, pódollo pasar ó moderador e que posteriormente faga as copias.

ANTÓN COSTA

Había unha persoa, será a última intervención.

SUSANA MAYO

Quería discrepar do profesor Harguindey porque antes mencionou que os Equipos de Normalización eran unha das múltiples posibilidades de actuación no ensino e eu creo que é todo o contrario, son a actuación fundamental. Se estivesen deseñados para o que eran en principio, se estivesen apoiados loxisticamente por unha coordinación eficaz, por recursos económicos, coa orientación necesaria, se houbese unhas canles de comunicación continuas e intensas entre os diversos equipos de comarcas e provincias ou

simplemente entre a xente que o necesítase, os equipos serían o fundamental para unir o profesorado, os pais e os alumnos. En definitiva, para lograr un sistema educativo en galego; porque as iniciativas individuais sempre son agradecidas e se eu algún día teño un fillo ou unha filla e vivo cerca de Cangas estaría encantada que vaia ó centro de alá, pero pode ser que non estea en Cangas, pode ser que resulte que no centro ó que vaian os meus fillos ou no centro no que eu dea clases non sexa a xente tan “enrollada”, non sexa a xente tan concienciada e iso creo que lesiona dereitos que están por riba de iniciativas individuais ou mesmo do tempo, que ás veces afecta para estas cousas. Por iso, gustárame incidir no que moita xente pensa: os Equipos de Normalización dos centros hoxe son inútiles porque neles traballan “voluntarios olímpicos”. Pódeselles chamar así, son xente que no seu tempo libre, por vocación ou por devoción, está intentando facer algo sen respaldo, incluso non poden conseguir que os seus compañeiros os tomen en serio ou que os respecten. En realidade falta moito traballo por detrás, hai moi pouca responsabilidade nas autoridades educativas que crearon estas figuras para que o profesorado de galego calase a boca e se sentise tranquilo, desde a miña opinión.

HENRIQUE HARGUINDEY

Non sei se é tanta discrepancia. Creo que non é ningunha discrepancia. E que non entendín exactamente ben ¿Consideras que os equipos son útiles ou inútiles?

SUSANA MAYO

Considero que hoxe son inútiles porque se está provocando que sexan inútiles, pero son a peza fundamental.

HENRIQUE HARGUINDEY

Entón si que hai discrepancia, porque eu considero que son útiles. Sen embargo dixen ó comezo que considero tamén que son unha peza da engranaxe e que se esa peza da engranaxe non vai respaldada por toda unha acción da engranaxe educativa poden quedar bastante reducidos no seu impacto. Pero en todo caso nunca creo que sexan inútiles, como tampouco nunca creo que a acción individual nosa, como profesores ou como individuos na sociedade, sexa inútil. Pode ser insuficiente, pero nunca é inútil; e, en todo caso, eu o que quero combater é un pouco a actitude á que temos tendencia, sobre todo, cando as situacións son difíciles, a considerar que todo ten que vir de fóra; é dicir, que se non o fai a Administración pois non hai nada que facer. Eso é parcialmente certo nada máis. Como todas as cousas que poden ás veces entrar con moita facilidade, é porque son parcialmente certas. A Administración evidentemente é unha parte importante, pero a Administración actuará se os individuos individualmente ou colectivamente imos presionando para que haxa actuación nun sentido ou noutro. Polo tanto, os equipos, eu reitérome, son unha peza importante coas súas iniciativas e que naturalmente teñen que coordinarse a nivel local, a nivel provincial e a nivel galego, a nivel nacional, para con-

seguir que o seu impacto sexa totalmente positivo e para conseguir que a Administración Educativa actúe creando todo o resto de organización que conleva eso e amparando e esixindo que haxa un ensino en galego.

ANTÓN COSTA

Moi ben. Chegados a este punto eu non sei se unha frase breve se se quere dicir para concluír e concluímos.

MANUEL PORTAS

Eu, como indicaba Harguindey, non encontraba a diferenza entre o que indicaba Susana Mayo e o que indicaba el. Pero o que está claro é que se hai alguén que ten capacidade para facer que a normativa de uso do idioma no mundo do ensino non universitario se cumpra, é a Administración. Se a Administración non dá un apoio real, explícito ou se non exerce esa capacidade, valla a redundancia, executiva, dificilmente desde as Equipas de Normalización poderemos levar un labor efectivo que traia como consecuencia unha materialización dese proceso de incremento. Nada máis.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Como complemento, urxe muda-las actitudes. Urxe muda-las actitudes que aínda, insisto, aínda que o Mapa Sociolingüístico afirme que mudan positivamente, a experiencia miña dime que no profesorado eu non constato tal muda. E creo que mentres non cambien, hai aí un atranco que vai impedir avances reais no proceso de normalización.

ANTÓN COSTA

Non sei se Harguindey quere dicir algo para concluír.

HENRIQUE HARGUINDEY

Pois, creo que con vontade e con intelixencia, se chegamos ata aquí, e as cousas foron peor, seguiremos avanzando. Moitas grazas.





## LINGUA GALEGA E LITERATURA

*Xoán González Millán (Moderador)*

*Darío Xohán Cabana, Antón Figueroa, Xosé Luís Méndez Ferrín, Antón Reixa  
(Participantes)*

### X. GONZÁLEZ MILLÁN

Resulta irónico que sexa eu o que teña que presentar os catro amigos que teño aquí ó meu lado cando en realidade son eu o único que precisaría de presentación porque eles son ben coñecidos de todos vós. A orde de intervencións vai se-la seguinte: en primeiro lugar, Antón Figueroa fará unha breve reflexión sobre as relacións entre lingua e literatura; e xa inmediatamente lles daremos a voz ós tres escritores. Comezaremos con Darío, logo irá Antón Reixa e rematará Ferrín. Unha vez rematadas as presentacións, queda aberto o espacio para o diálogo que sen dúbida vai ser a parte máis interesante desta pequena cerimonia.

Creo poder falar en nome dos meus compañeiros da mesa ó agradecerlle ó comité organizador a invitación a participar e case pechar as actividades deste congreso. A nosa gratitude é dobre porque se nos concedeu o privilexio de ser os autores dos últimos ecos desta extraordinaria xuntanza universitaria e porque se nos tivo en conta precisamente a nós que non somos lingüistas senón, todo o máis, esforzados canteiros da palabra literaria e teimudos escrutadores do fenómeno sociocultural galego. Debo confesarvos a miña irreprimible tentación a interpretar a nosa presenza aquí, hoxe, como sinal dun inmediato futuro, caracterizado por un activo diálogo interdisciplinar entre a lingüística e os estudos literarios galegos. As interrelacións son cada día máis obvias pero tamén cada vez máis complexas. A dinámica da sociedade galega, polo menos na súa dimensión sociocultural, vai a un ritmo tan acelerado que moito me temo, se non actuamos de inmediato, que esteamos perdendo unha ocasión única para establecer os principios operativos necesarios que nos permitan superar as distincións tallantes e paralizantes entre lingua e literatura como ámbitos de investigación e de reflexión.

E xa con esta breve nota de presentación, que eu quería deixar aquí coma testemuña da miña propia reflexión, voulle ceder a palabra, a primeira palabra, a Antón Figueroa:

Quixera antes de empezar, facer a observación seguinte: Nunha sociedade coma a nosa, na que comunicarse na propia lingua aínda ten significados engadidos, na que polo tanto aínda un filólogo é máis que un filólogo (como a propia organización deste congreso demostrou), na que aínda un escritor ou un músico teñen tamén outras funcións (como demostrou onte Milladoiro, o como demostra Antón Reixa moitas veces), dicir lingua ou dicir literatura constitúe unha abstracción con certos riscos. Tódalas literaturas utilizan sempre na escrita e na lectura, de maneira consciente ou inconsciente, materiais e esquemas da “experiencia” na que funcionan; así, os eventuais “problemas” dunha lingua ou dunha literatura constitúen emerxencias de outros problemas de fondo, non sempre explícitos, que convén non esquecer de ningunha maneira. Digo que podemos facer unha abstracción perigosa, porque estes dous conceptos, lingua e literatura, utilizados irreflexivamente por uns, aínda que non tanto por outros, poden levar a agachar cuestións decisivas. Este ocultamento dos problemas fundamentais pódese producir pola nosa inxenuidade, por un certo optimismo máis ou menos xustificado: xa temos unha lingua cos seus dicionarios, coas súas gramáticas, etc., parece que coma as demais; xa temos unha literatura cos seus textos que se producen en abundancia, que se venden e que mesmo ás veces se len, parece que xa temos unha literatura coma as demais. Isto podemos con boa vontade pensalo nós, pero isto mesmo, este mesmo ocultamento pode ser utilizado, e é de feito utilizado por algúns, para desviar así o conflito cara a certas harmonías máis discordantes ca nunca, harmonías perigosas precisamente pola súa compoñente de engano.

Isto que acabo de dicir, díxeno para evitar que o que diga a continuación, sendo unha abstracción necesaria para o razonamento, poida ser entendido tamén como ocultación de problemas fundamentais.

Feita esta salvidade que considero importante, paso pois a opinar moi brevemente sobre da evolución nestes anos da relación entre estas dúas abstraccións: a lingua e a literatura.

As cousas cambiaron ó longo destes 25 anos do Instituto da Lingua Galega. A situación da lingua cambiou, e eu non son o máis indicado para analizala: os estudos presentados neste mesmo congreso dan conta deste cambio, e a situación da literatura tamén cambiou nos seus modelos de escrita, nas súas normas de lectura; este cambio débese con seguridade en parte ó cambio da situación lingüística.

Vai facer xa case dez anos propoñiamos esta hipótese: *Nunha situación sociocultural na que a lingua dunha comunidade se acha sometida a un proceso que conduce á súa desaparición como lingua normal, e como lingua de cultura desa comunidade, os textos estéticos que se producen no interior desa dinámica vense afectados por unha serie de condicionamentos que tamén conducen á súa desaparición como tales textos, ou, o que é o mesmo, á súa in-significancia dentro do seu ámbito social natural.* Esta hipótese formulábamola de maneira intemporal, como ven, e, xa daquela, non se podía aplicar á situación da literatura galega sen matices, pero aínda así, dende entón, cremos que o cambio é perceptible, e cremos polo tanto que, de seguro, afortunadamente, e a

pesar da salvidade que fixemos ó principio, certas aplicacións que esta hipótese parecía implicar, convén modificálas.

Imos pois, brevemente, tratar de establecer unha serie de aspectos que tentan de dar conta desta evolución, rápida, en certo modo case inesperada. Inesperada, alomenos en parte, debido ás propias actitudes do sistema cara si mesmo. Enumeramos pois unha serie de puntos a modo de hipóteses sempre discutibles, que intentan dar conta destas modificacións.

1. A lingua galega segue funcionando aínda como un feito: os actos de falar ou de ler aínda teñen significacións permanentes engadidas; con todo, unha serie de modificacións, como a maior presenza da lingua en certos espazos públicos, fixeron que esta significacións permanentes diminuísen e que, polo tanto, a dispoñibilidade da lingua para a comunicación literaria sexa, cremos, maior. Refírome á comunicación como tal e non tanto ós posibles problemas da produción de textos ou da escritura; desto hai aquí na mesa quen pode falar con ben máis autoridade. Gracias a unha serie de factores de evolución (algúns apuntáronse neste congreso) hai en xeral un menor peso do código como tal; falar galego deixou en certa medida, só en certa medida, de ser un espectáculo, e deste xeito a reflexividade do código é menor, a súa transparencia maior.

2. Hai una maior percepción pública do estándar, unha maior percepción da estabilidade social da norma; e non me estou a referir á norma lingüística concreta, nin ó traballo normativo en sentido estrito, que con seguridade influíu nesta percepción, senón á percepción pública dunha norma para a lingua galega. Isto, lonxe de eliminar determinadas formas sobre todo léxicas da lingua, dálles dispoñibilidade para a comunicación literaria. Paréceme que un escritor pode agora controlar máis as reaccións do lector, pode, p.e., se quere ou se o necesita, utilizar conscientemente dialectalismos, arcaísmos, ou mesmo hiperenxebismos, etc. cunha certa seguridade de que van ser percibidos como tales. Isto leva a unha maior capacidade dos lectores para a percepción do estilo, dos estilos, de estilos diversos, dos contrastes, dos rexistros.

3. Esta maior percepción do estándar fai que en certo modo desapareza da lectura o condicionante filolóxico en sentido negativo: é dicir, o lector atopa no texto menos atrancos, ten que facer menos “paradas” ou incluír menos notas filolóxicas ó pé da páxina da lectura. Digamos que, en certo modo, que os textos teñen na lectura menos ruído filolóxico. Isto fai que a filoloxía perda en certo modo espazo público, como diría González-Millán, perda aquela emblematicidade dos primeiros tempos, cousa que con seguridade os filólogos agradecen. Aínda que como di Lafont “os estudos sobre a diglosia pertencen ó proxecto de destrución da diglosia” e polo tanto, mentres a destrución da diglosia sexa un proxecto vivo, os estudos filolóxicos e a propia filoloxía como ciencia terán *malgré-eux* digamos, roles fora da especialidade.

4. Pódese, por outra parte, adiviñar unha certa normalización ou unha maior normalización nos “horizontes de expectativas” do lector na medida en que o recurso ó folclore ou ó pasado ou ó mundo referencial inmediato funcionan menos como esquemas de previsións do lector. Anque un estudio sobre a lectura en Galicia segue sendo necesario, parece, a simple vista, que as expectativas do lector se diversificaron moito máis, como se diversificaron os textos e os seus presupostos. E, polo tanto, aumentan as posibilidades de que o texto sorprenda realmente, tanto nos feitos pequenos de estilo coma no conxunto, na temática, etc. e que na comunicación literaria non pareza tanto escoitarse sempre a mesma música.

5. Dixen hai anos que en situacións coma a nosa hai unha certa tendencia á lectura de grupo, á lectura en modo épico de textos que non o eran de seu. Esta tendencia cremos que baixou. En concomitancia con esta maior percepción pública do estándar lingüístico e con esta maior diversidade de expectativas, os lectores funcionan menos como grupo cuase-primitivo, ou épico: digamos que a lectura, en teoría independentemente do carácter dos textos, é menos épica e máis lúdica. Digamos que o conflito, aínda presente, condiciona menos inmediatamente a produción artística, co cal aumentan precisamente as posibilidades de solución.

6. Segue sendo certo que a cultura B atópase con dificultades para establecer esa matriz social, esas valencias en función das que se van producir textos literarios. Pero os dispositivos sociais de clasificación de discursos, que se definen como unha forza en reorganización constante, empezan a funcionar na medida en que aparecen tipos de repertorios, aparecen modelos de escritura e de lectura distintos e mesmo opostos; creo que iso é perceptible hoxe en día. Nesta mesma medida vaise constituíndo unha traxectoria e empeza a deseñarse un sistema literario propio. Sistema do que fan parte presupostos de todo tipo, algún deles lingüístico; aínda a lingua ten incidencia nas normas do sistema, pero a tendencia é que a preceptiva lingüística desaparece coma tal do sistema literario.

7. Convén por ultimo ter en conta as consecuencias (positivas e negativas) para a nosa vida cultural da nova situación mundial da comunicación e da produción de ficción. Parece claro que o libro perdeu postos como soporte de ficción fronte a outros medios. Tamén a literatura en sentido tradicional. O consumo de ficción realízase hoxe en moitos soportes menos controlables como dicía Juan Cueto hai tres días. En todo caso o lector de hoxe non só se configura con lecturas de libros, senón como espectador de moitas outras cousas, de máis cousas ca antes. (En todo caso non quero vaticinar que o libro vaia desaparecer, posto que o libro ofrece tecnicamente moitas posibilidades). De tódalas maneiras o concepto de intertextualidade cambia totalmente, o mesmo que o concepto de texto, pois cambia o soporte, cambia o medio de produción, cambian as posibilidades de importación e de exportación, cambian as posibilidades de controlar socialmente os sistemas e esquemas de ficción que consumimos. Se é certo que as relacións con outros sis-

temas son fundamentais nun sistema literario, este concepto de relación de sistemas hai certamente que revisalo na época que corre.

8 A propósito, unha última observación: nas relacións con outros sistemas houbo tamén cambios importantes. E certo que importamos moito mais que exportamos, pero tamén o é que en moitos eidos da cultura empezamos a “exportar”

Para rematar: é certo que se avanzou, eu creo que o fenómeno literario e estético mudou en Galicia. É certo que neste *sitio distinto* as cousas empezan a non ser todas iguais, é probablemente certo que comezamos a ter a impresión de non escoitar sempre a mesma música; agora ben, esta mellora no sistema leva consigo tamén a aparición de novas linguaxes e discursos da ocultación do conflito, sobre os que agora como conclusión quero de verdade insistir: os avances na situación lingüística, os avances certos no sistema literario non implican en absoluto a desaparición do conflito pero si que cambien os termos nos que se manifesta: certos discursos volvéronse ben máis sofisticados ca aqueles que dicían “habla la lengua del imperio”... Vou poñer un exemplo: é doado oír ou mesmo ler afirmacións coma esta: “A literatura galega xa chegou a un status de normalidade, igual ca outra calquera: ten textos, ten bos escritores, ten pluralidade, ten lectores, ten críticos, e relacionase coas demais...”.

Pois ben esta afirmacións deste estilo poden ser resultado dunha actitude explicable de optimismo máis ou menos inxenuo e voluntarioso, pero constitúen, dende o outro pólo, un discurso moito menos inocente de ocultación do conflito, e que equivale máis ou menos a dicir: Xa vos recoñecemos unha lingua propia, xa parece que tendes unha literatura tamén moi propia, “Que máis queredes agora?”.

#### X. GONZÁLEZ MILLÁN

Ben, gracias, Antón. Despois desta breve nota de reflexión, pasámoslle a voz a Darío.

#### DARÍO X. CABANA

Ben, boas tardes.

A miña intervención vai ser excesivamente persoal e quizá non responda moi ben ás vosas expectativas, porque tal vez eu deba de intentar ofrecer un panorama da tradución ó galego nestes últimos anos, pero para eso non me considero moi capacitado e logo tería que entrar tamén en cuestións problemáticas e cuestións críticas moi espiñosas que non me atrevo agora a explicitar. Unha delas sería a baixa cualidade media das traducións ó galego, non inferior sen embargo ás que se fan ó portugués e ó castelán, por citar só dúas linguas que me son familiares. Especialmente na tradución de libros infantís e xuvenís, tan abundante nos últimos anos, nos que naceu e medrou un importante mercado, esta baixa cualidade séntese facilmente. Non falo, por suposto, do sentido, da mera interpretación, que supoño correcta, pois imaxino que tódolos tradutores coñecen suficientemente as linguas das que traducen. O que afirmo é que moitos non coñecen de abondo a lingua de destino, é dicir, o galego. Hoxe, pódense ler dúcias ou

mesmo centos de libros, traducidos a unha especie de galego básico de cincocentas palabras, un triste idioma derreado e paupérrimo que aínda sendo gramaticalmente correcto, que non sempre o é, carece de flexibilidade, de *souplesse* e en definitiva do vigor das linguas vivas. O traballo do traductor debe considerarse sempre diferente do traballo utilitario do intérprete, porque é un traballo literario e non precisamente dos menores.

Mais, volvendo ó asunto que con razón ou sen razón me propuxen como argumento desta intervención, falarei un pouco da miña experiencia como traductor literario e tal vez polo medio aparezan algunhas ideas xerais que non serán moi novas nin seguramente moi interesantes pero se cadra despois de densas sesións de alto nivel científico falar así correntemente signifique tamén un pequeno descanso. En realidade, a miña experiencia é moi limitada e non permite tampouco grandes teorías xerais sobre a tradución. Fóra de certas breves excursións polo latín, o francés ou o provenzal, o que ata agora publiquei foron só as versións de dous grandes poetas italianos, Dante, de quen traducín a *Vida Nova* e a *Comedia* e Petrarca de quen me atrevín co *Cancioneiro* todo.

Con todo, quixera dicir, se se me disimula esta soberbia, que o meu labor de tradución estivo presidido por unha ambición maior cá que é normal na tradución dunha novela moderna ou cá das versións eruditas de poesía que poden servir de chave de acceso pero non substitúen nin pretenden substituír o poema. Entre as diversas traducións posibles, eu escollín facer versións métricas e rimadas, intentando, e naturalmente non conseguindo nunca, reconstruír os versos segundo as propias leis dos versos. O meu propósito foi, pra usar un verbo cunqueiriano, non propiamente traducir senón anosar, ou sexa, recrear en galego textos poéticos autónomos a partir de poemas noutras linguas. Hai neste traballo unha certa vocación de permanencia, de clasicismo, de ilustración da nosa lingua con cincocentos anos de retraso, se usamos a palabra ilustración á maneira de Du Bellay. E naturalmente, neste labor, a lingua galega ten un problema maior cás outras linguas neolatinas que foron xa literarias no Renacemento.

Como é de todos sabido, no século XVI produciuse unha especie de refundación dos discursos poéticos de Europa Occidental que tivo por protagonistas, simplificando un pouco, a Garcilaso, Camões e Ronsard. Desprestixiada ou esquecida, inxustamente, pero así foi, a poesía dos Cancioneiros occitánicos franceses ou galegos, adoptouse o hendecasilabo italiano como verso señor da poesía, aínda que en Francia non perdeu vigor o alexandrino, xaora, e creouse un vocabulario e unha maneira de dicir que seguiu moi de cerca a suprema *dolcezza* daquel florentino, Petrarca.

Creouse, pois, unha lingua en grande parte nova, con todo o seu sistema referencial e cun horizonte do esperable moi claramente demarcado. Daquela, xaora, en Galicia non se escribía na lingua do país. Non se creou, pois, ese galego renacentista e eu non dispoñía dun Garcilaso ou dun Ronsard para verter na súa lingua o meu Petrarca.

Por suposto, non quero dicir que a miña pretensión fose ofrecer unhas versións arcaizantes coma se fosen feitas no século XVI. Tiña que traducir en galego moderno, se acaso cuns matices un pouco intemporais. Pero unha lingua moderna ideal está nutrida

polo seu pasado, mesmo para transgredilo, e sobre todo para facerlle dar o matiz preciso, a connotación que o lector culto, e o lector sempre é culto, comprendería moito ben, en relación co *déjà-vu*. O malo é que eu non dispoñía dese pasado literario propio. Un traductor do Petrarca ó francés pode enxoparse previamente de Ronsard, de Du Bellay e de Louise Labé e logo contar coa complicidade do lector. Pero un traductor do Petrarca ó galego non ten referencias propias que suscitar e terá que buscar outro camiño, ou mellor dito outros camiños, pois eu coidei que eran dous os que debía de seguir.

Un destes camiños pode chamarse Camões por primacía do príncipe dos poetas portugueses pero sen esquecer, naturalmente, Sá de Miranda e António Ferreira. Eles petrarquizaron e mesmo traduciron pura e simplemente algúns poemas. Daquela, Portugal vivía de Italia como vivía toda Europa Occidental, mesmo houbo un portugués que ousou traducir o cancionero enteiro. O malo é que se equivocou de lingua e traduciuño ó castelán. Lembremos o seu nome non para vergonza póstuma senón para vermos o noso xusto retrato. Chamábase Henrique Garcés. En realidade, non perdemos moito coa súa deserción lingüística, pois a traducción é infame. Vale máis a imitación camoniana “Quando o sol encoberto vai mostrando” cás trescentas sesenta e cinco pecaminosas versións cometidas por aquel pobre felipista.

Pero se Camões traducira todo Petrarca, eu gardaríame moito de facelo e tal vez vosoutros estivesedes atendendo agora a outra persoa de máis autoridade. Pero xa que estou aquí, permítanme que xogue un pouco á historia-ficción.

Aínda que se rastrexan diferencias dialectais entre o galego lucense e o bracarense nas orixes da lingua, son cousas pequenas que non darían lugar a sistemas escritos diferentes de non se ter producido o esgazamento político da primitiva nación galega, quero dicir: se Don García non fose desposuído do seu grande reino e encadeado no castelo de Lúa; ou se Don Afonso Henriques conseguira, que intentar intentouno, ser rei de tódolos galegos; ou se aquel coitadiño de Fernando I de Portugal conseguira manterse entre nosoutros cando toda Galicia o aclamaba como rei; en calquera destes tres casos, e en moitos máis que podemos imaxinar, non habería galego e portugués, nin o galego medieval recibiría o chamadoiro moderno de galego-portugués. Habería só unha lingua galega de Bergantiños ó Algarve, e realmente a principios do século XVI aínda as diferencias eran tan pequenas que este peccadento traductor considerou que para os seus efectos prácticos, os grandes petrarquistas galegos do tempo natural do petrarquismo foran Sá de Miranda, Luís Vaz de Camões e António Ferreira.

Agora ben, desde o século XVI leva chovido moito (sen contar o de hoxe, vamos). Así que o traductor non podía seguir a fío dereito aquel camiño, pois tiña tras de si medio milenio de diverxencia lingüística e cen anos de literatura refundada, de literatura galega. E eu quería facer unha traducción galega, a historia-ficción é un bo divertimento e mesmo é moi recomendable de vez en cando, pero a realidade é a realidade. Desde Camões o portugués seguiu evoluíndo e separouse e o galego tamén seguiu o seu camiño, primeiro a trancas e barrancas, reducido a dialecto, pero cen anos de literatura e

vinte e cinco anos de traballos científicos moi serios na fixación dunha norma escrita propia a partir da fala popular cuxo mérito é case todo deste Instituto, impoñen as súas leis co peso da razón. Por eso, na miña tradución, eu quixen mesturar unha certa imitación e aproveitamento dos clásicos portugueses coa construción autónoma dunha lingua axeitada á versión dos grandes clásicos italianos, e o modo de operar foi en esencia a imitación dos costumes lingüísticos do Petrarca e os seus contemporáneos de Italia. Paréceme que Dante e o Petrarca así como os “stilnovistas” se desemellan dos poetas coetáneos seus en Francia e en España, e digo Francia e España no sentido clásico, nunha moi diversa actitude perante a recreación da lingua vulgar. Dixen coetáneos. Lembremos que o bon rei Don Dinís, tan inxustamente tratado na *Divina Comedia*, naceu catro anos antes ca Dante e durou catro anos máis, e que os seus fillos trovadores Afonso Sanches e Pedro de Barcelos eran pouco máis vellos ca Petrarca. Sen embargo, a lingua dos nosos trovadores, mesmo a dos máis serodios, ten moi pouco que ver coa deses italianos. A diferenza principal está, paréceme a min, no diferente xeito de formación do vocabulario e na distinta sensibilidade sintáctica. A sintaxe dos Cancioneiros galegos medievais é puramente romance, simple, e mesmo diría, aínda que non creo que a palabra sexa moi axeitada, popular.

En canto ó vocabulario, case tódalas palabras que aparecen son patrimoniais e antigas no galego, de quitado os provenzalismos e algún leonesismo ou castelanismo. É dicir, que as palabras alleas ó galego sonlle incorporadas desde linguas ó mesmo nivel, desde os outros vulgares. O latinismo puro e duro é moi raro; non é que non exista, naturalmente, pero non é recurso habitual na formación do idioma, non é *reforma* da lingua, senón se acaso un xogo verbal que non pretende ampliala nin modificala nin disimular, por suposto, que a palabra ou a expresión que está introducida é puro latín.

Pero Cavalcanti e Dante e Petrarca entraban a saco no latín con total confianza e desvergonza. Latinizaban o vocabulario con plena consciencia de estaren ancheando o seu vulgar. Teorizaban sobre un vulgar ilustre, concepto totalmente alleo a Pero Meogo ou Xoán de Gaia. E coma no verso, así na prosa. Boccaccio escribe os seus contos nunha lingua que sen renunciar ós máis vizosos popularismos, introduce construcións latinas a embute e salfire o discurso de graves ablativos absolutos e outras finezas ilustres. Nós, pola contra, podemos esculcar os *Miragres de Santiago* e veremos que o noso vello traductor fai glosas e perífrases para traducir palabras e construcións que un traductor galego actual tendería a manter na súa propia textura latina, hoxe perfectamente comprensible e normal. Por eso, a lingua dos seus case contemporáneos temporais galegos e portugueses non me servía para traducir o Petrarca, e os mesmos portugueses renacentistas, seus contemporáneos espirituais, aínda sendo xa latinizantes, son un pouco máis tímidos cós mestres italianos, especialmente na sintaxe.

Nas miñas traducións eu quixen non pecar de tímido. Evidentemente, o italiano actual é unha lingua máis flexible e máis rica có galego, pero eso paréceme que é un produto dunha diversa historia literaria. Despois de todo, Roma cadráballes moi cerca a



aqueles intelectuais e escolleron moi cedo un camiño que no resto de Europa tardaría dous séculos en empezar a seducir ós seus colegas. Así, eu partín da idea de que o italiano primitivo e popular non tería ablativos absolutos bocaccianos nin áureos latinismos petrarquistas. Desta maneira, cando eu traducía, non me preocupei de verificar se determinado latinismo ou certa construción sintáctica se achaba xa en Ferreira ou en Camões, e se acaso o verifiquei non deixei que o si ou o non influísen na miña decisión de mantela ou substituíla. O único que valorei é se o galego admitía ben esta palabra nunca usada ou esa nova maneira de construír a frase.

Seríame difícil, ou seríame imposible, reducir a sistema as miñas opcións, que sempre ou case sempre foron instintivas, máis ben de oído ca de análise gramatical. Tratábase de que me soaran ben a min, de que me parecesen naturais. Eu creo que hai un certo instinto lingüístico que nace dunha certa predisposición e, por suposto, de moito estudio posterior. Non sei se eu posúo en grado aceptable este instinto lingüístico pero mentres escribo, e traducir é escribir ou reescribir, teño que crer que si. En todo caso xa o lector ten que ser o xuíz.

A min paréceme que a tradución dos grandes clásicos é un traballo necesario e patriótico no noso tempo. Quizais estas traducións non sexan moi lidas; eu coído que as miñas non deberan chegar ós cen lectores, pero as dificultades do labor axudan moito a tensionar o idioma, a facelo máis rico. Tal vez a súa utilidade pública non se deba medir polo número de persoas que as len senón pola súa capacidade de influíren na construción da lingua literaria. Tal vez nun grao tan alto coma a creación literaria orixinal, porque o marco que imponen os grandes mestres esixe necesariamente un esforzo de elevación da lingua que non pode eludirse, quero dicir, que nosoutros mesmos, en canto autores das nosas obras, podémonos marcar os nosos límites pero os tercetos do Alighieri son un canon altísimo e non podemos rebaixalo porque nós non somos donos del, non podemos rebaixalo para facelo máis fácil. En todo caso fracasaremos na tradución; pero no mesmo intento, por suposto, tamén hai resultados.

Non quero acabar a miña intervención sen render unha pequenísima homenaxe a Antón Santamarina. Non glosarei aquí os seus méritos xerais que sería unha empresa desmedida por moito que se resumisen. Direi só unha cousa persoal: Antón Santamarina foi, hai moitos anos xa, quen me convenceu de que debía empregar certa destreza métrica que eu tiña e certa capacidade poética e filolóxica que el me supoñía en traducir á nosa lingua o *Cancioneiro* de Petrarca e a *Divina Comedia*; e non fixo eso só senón que me guiou e aconsellou con xenerosa paciencia, tirando tempo de non sei onde, porque este home é realmente un milagre.

Que os meus resultados, se foron algo bos, lle sexan en boa parte atribuídos; pero se foron malos, sabede que a culpa non foi del, senón da torpeza do discípulo.

## X. GONZÁLEZ MILLÁN

E con esta nota de agradecemento, pásolle a palabra a Antón Reixa.

Ola, boas tardes a todos.

Eu empezo tamén con agradecementos, en primeiro lugar por estar aquí, na miña condición de escritor. É evidente que a dispersión do meu traballo artístico, para ben ou para mal, ten escurecido esa circunstancia. Entón agradezo especialmente ó moderador e ós organizadores deste congreso que me chamen aquí para falar desde o punto de vista da literatura. A estas alturas, aseguro que non teño para nada claro o presunto valor do que eu levo escrito na miña vida; pero si estou seguro que son, por exemplo, un dos peores cantantes que coñezo.

Durante todo este verán eu vía na axenda unha anotación de que o día de hoxe tiña que estar aquí. Púñame especialmente nervioso falar na universidade. Aínda non me liberei do sobresalto que para min foi continuamente a vida académica e ademais falar de literatura galega actual. Pensaba que ía ter que pasar todo o verán, que a ver se ía meter a pata, lendo moitos libros que se publican. Afortunadamente, Millán fíxome unha amable chamada pero xa tiña o susto encima, dicíndome que falara desde a miña perspectiva ou desde a miña experiencia e desde a miña práctica. Iso supúxome un gran alivio. Trataréi, polo tanto, de ser breve e especialmente discreto xa que teño que falar desde ese punto de vista.

Na metade dos anos oitenta, un barbeiro que eu frecuentaba alí, no barrio de Coia, falaba un galego dialectal, especialmente entusiasmante para min. Eu tiña pelo daquela e ía moito escoitalo, gustábame como falaba, pero era un exemplo radical diso que agora non se di tanto pero era un exemplo radical deso que é autoodio. E recordo que unha das veces nese exceso de locuacidade que teñen os barbeiros empezou a dicir que todo isto do galego, todo isto das clases de galego, dos profesores de galego, isto era para que vivisen catro mangantes. Eu, inmediatamente perdín a boa educación e tirei o babeiro ese que che poñen na barbería e díxenlle: “Mire, eu vivo deso, ¡ollo comigo!”. E efectivamente, inda que poida parecer ruín esa frase, eu vivo diso, eu vivo do galego. O certo é que se vivo diso e o certo é que toda a miña vida, desde que teño unha idade que tanto o dereito civil como a socioloxía estándar entenden adulta, a miña vida é o idioma e posiblemente a lingua é o cemento que une a miña propia biografía, a miña propia biografía máis persoal e sentimental, a que une as miñas conviccións ideolóxicas e filosóficas, a que une tamén dalgunha forma ese disperso traballo artístico que eu fun facendo.

Eu cheguei, cheguei ó galego, que non estaba no galego, eu cheguei ó galego aproximadamente, os dezasete anos; eu tiña, necesariamente que buscar unha solución para o odio visceral que se daba en min á lectura forzada durante a adolescencia de Enid Blyton. Paréceme que o mundo sería mellor se non existise Enid Blyton e se os adolescentes non se iluminasen abocados a ler Enid Blyton, que me parece terrible. E tiña que vacinarme deso. Cando tiña dezasete anos lin a Kafka, casualmente, pois nos mesmos meses que lin a Kafka, lin *Arrabaldo do Norte* e todo me veu xunto. Naquel momento deime conta cal era a miña lingua, cal era a lingua do meu país, cal era a miña estética e

sobre todo cal sería o meu combate. Con Kafka e con *Arrabaldo do Norte* eu cheguei ó galego, cheguei a dar-me conta da necesidade dunha estética propia e cheguei e fíxenme de esquerdas, fíxenme o que se chamaba daquela “rojo”. Non sei por que se deixou de chamar así.

Pasaron, en definitiva, un pouco máis de vinte anos e levo, pois desde hai vinte anos, aparecendo publicamente como escritor. E volvendo a mirada atrás eu recordo hai vinte anos que cando empezabamos a escribir e a publicar en galego, a facer recitais poéticos en galego, había un coloquio eterno que sempre era por qué escribíamos en galego e podíamos botar horas e días discutindo, discutindo iso. Era unha pregunta moi habitual e a verdade é que había que pelexar, había un combate por que escribíamos en galego. Hoxe por hoxe e desde hai uns cantos anos esa discusión nin se dá, é dicir, ó revés, o escritor que en Galicia non escriba en galego é o que ten que dar explicacións de por que, de por que non o fai. E esa situación é así, e ¿ata que punto supón unha mellora?. Pois, supón, fundamentalmente, un cambio. Estou plenamente de acordo con Figueroa no que el dicía. A literatura, o ámbito da literatura de expresión galega e poderíamos incluso chegar a dicir de non sermos un pouco máis pillos, que sería o único espazo de normalidade cultural na vida, na vida de Galicia. Esa aparencia de normalidade cultural é efectivamente iso, unha aparencia, niso coincido perfectamente con Figueroa e, fundamentalmente, cobre esa aparencia de normalidade cultural, fundamentalmente porque ós protagonistas do mundo das letras se lles deu por pensar que era normal, ou que isto é normal, ou que viven nun país normal no que todo é normal, nunha situación de esquizofrenia larvada e que está aí.

No medio de todo eso e durante estes vinte anos eu sempre me sentín como que ía polo camiño contrario. Tocoume facer ese papel cando aínda se discutía na metade dos anos setenta sobre a pertinencia da poesía social e eu empeñábame en reivindicar a Maiakovsky, e a falar, aínda que fose incluso pretenciosamente ás veces, de vangardas. Cando a maioría dos meus amigos e de poetas que eu coñecía se lles deu por volverse venecianos e moi líricos, aí empezou a dar por unha especie de realismo sucio. Cando todo o mundo e desde congresos, asembleas, reunións, ponencias, etc., reivindicaban unha literatura de xénero, a necesidade dunha literatura de xénero en Galicia, eu empeñeime en ser cada vez máis un poeta, en facer poesía multimedia ou interdisciplinar, en entender que unha palabra sempre está vinculada a un son, un ruído ou tamén unha imaxe. Cando nos últimos tempos detecto que entre os meus compañeiros de xeración hai –de xeración quere dicir de idade–, que hai unha certa preocupación polo profesionalismo literario, eu vou xustamente no camiño contrario. Prefiro vivir de calquera cousa, inda que xa dentro dunha faceta artística, pero que non sexa da literatura, porque sei que o profesionalismo non me vai garantir unha maior eficacia da miña escritura. E sei que o profesionalismo, ademais, fariame perder independencia e, pase o que pase, preservarei para sempre a radicalidade, aínda que poida resultar excéntrica, das miñas formulacións estéticas e literarias. A verdade é que tamén, vinte anos despois, despois

de tanto ir polo camiño contrario, o certo é que, hoxe por hoxe, cando leo moitos títulos da colección Ferros de Edicións Xerais ou da colección Docexvintedous de Sotelo Blanco, gran parte dos títulos de Edicións Positivas ou cando leo ou reflexiono ou escoito atentamente os textos dalgunhas cancións deso que se chama *rock bravú* sintome moi, moi identificado con todo iso e moi próximo a todo iso, aínda que tiveran que pasar tantos anos.

Dito isto, quería facer unicamente, con ánimo de chegar canto antes ó coloquio tres apreciacións.

A lingua literaria que usamos en xeral os escritores da miña xeración, creo que –digo esto porque sei que Ferrín ademais vai falar da constitución da lingua literaria na xeración dos cincuenta–, a lingua literaria que usamos nós é obxectivamente unha lingua menos rica sobre todo no léxico. Eu creo que ten que ver con dúas, ten que ver con dúas cousas: unha, pola urxencia que sentimos os escritores desta época de comunicarnos porque escribimos moito, porque escribimos moi habitualmente e temos unha percepción moi inmediata de que temos un receptor e iso fainos obviar certa pescuda, fundamentalmente eu creo que é léxica, e logo porque somos un grupo que eu creo que por idade, que nos tocou ser os primeiros a enfrontármonos ás dúbidas e á perplexidade do propio idioma. Vivimos nos conflitos de tódolos estándares, de tódolos problemas para establecer unha normativa e ante a dúbida, e ante a dúbida, tiramos sempre polo camiño máis fácil. Algúns, na miña xeración, eu creo que esa é a explicación, tiraron por exemplo polo reintegracionismo. E era porque, en definitiva ante a dúbida, simplemente co dicionario da Porto Editora solucionabas todo e cando non tés ese posicionamento non tés, polo menos daquela non tiñas unicamente un dicionario senón non sei cantos dicionarios, non sei cantos *Griales*, non sei cantos *Verbas*, non sei cantas referencias e ó final estás escribindo e o que queres é resolver. Polo tanto, pola miña parte lanzo iso, é dicir, un pouco a carencia sobre todo léxica da lingua literaria que nós usamos.

Logo tamén dicir que non sei se a literatura que fixemos os nacidos fundamentalmente a partir do ano cincuenta e cinco e ata o ano sesenta e moitos é mellor ou peor. O que si sei é que somos un grupo de xente que, para ben ou para mal, tamén vemos que nos sentimos como especialmente, demasiado a gusto, creo eu para mal, no medio desa, aparente normalidade cultural que representa a sociedade literaria en Galicia. A xente pode publicar libros, a xente pode presentarse a premios...

Antes, comentábame Millán, que é algo insólito en calquera outro país do mundo, que aquí calquera sae nunha enciclopedia, dicionario de autores, nunha historia da literatura...

Eu tiña vinte e dous anos e non fíxera nada e estaba, saía mencionado, na historia da literatura de Pilar Vázquez Cuesta e na *Gran Enciclopedia Galega*. Eu, sinceramente, nunca lle dei importancia a iso, pero vin como moitos si lla deron e si se perderon un pouco nesa selva de aparente notoriedade. E eu creo que tamén nos toca ser un grupo de xente cunha carencia total de proxectos colectivos. Entre os escritores da miña idade

hainos uns que somos moi amigos e hai outros que somos declaradamente inimigos. Eu alégrome de ser inimigo, moi distinto a moita xente que escribe canda min pero carecemos totalmente de proxectos colectivos. Nada que ver a nosa formulación, a nosa intervención social con todo o que é, ou con todo o que foi a tradición do galeguismo cultural, que é fundamentalmente a tradición do galeguismo político. Vivimos moito máis pendentes do noso traballo literario que de calquera outra cousa. Eses son datos relativamente novos porque eu creo que a Xeración Nós acaba máis ou menos con Ferrín, e a nós deunos por ser estupidamente especialistas, por non fundar partidos políticos nin revistas, nin montar editoriais. Fixémolo moi timidamente, enseguida nos aburrimos e eu creo que é un pouco o efecto bromuro dese aparente confort de normalidade cultural no que nos tocou vivir. Eu boto de menos esa carencia de proxectos colectivos.

O outro día morreu Filgueira Valverde, que foi alcalde franquista pero aínda así, aínda con toda a miseria que iso supón, Filgueira Valverde é un sabio; eu percibo a Filgueira Valverde como un sabio. Nós non somos nin alcaldes franquistas, nin dos outros, nin sabios, nin hostias, somos tipos que escriben frases continuamente e que aparentemente nos sentimos demasiados cómodos, demasiado cómodos en todo iso.

Bueno, iso é a segunda aportación que eu quixera facer, a carencia de fe de proxectos colectivos, que non nos metemos en política e quizais sexa bo que a política hoxe, sobre todo o que é desde o punto de vista da esquerda, do nacionalismo, non estea protagonizada polos intelectuais pero, home, tampouco hai que pasarse, creo eu. É dicir, que ó final, ó mellor seriamos todos un pouco peores escritores ou non seriamos nin sequera escritores, pero non deixariamos unicamente a política nas mans deses analfabetos funcionais que son os que usurpan hoxe esa función.

E logo finalmente, finalmente, facer unha reivindicación do galego políglota. Oía falar a Darío das traducións. Falei antes de como houbo unha época, sobre todo en Galicia que se reivindicaba moito a literatura de xénero, pois eu vou reivindicar unha cousa, é dicir, eu creo que Paco Vázquez ten razón. É moi importante, máis importante que calquera cousa que nas escolas de Galicia se aprenda inglés e eu créoo sinceramente. É a mellor forma de desprazar a interferencia continua do castelán nos nosos usos lingüísticos. O modelo de práctica lingüística que nós temos ó lado é o dos castelanfalantes. Os castelanfalantes son verdadeiros catetos lingüísticos, é dicir, un castelán falante non sente a necesidade de saber calquera outra lingua do mundo, máis cá súa porque, efectivamente, ten todo o que queira da literatura universal traducido, traducido ó seu idioma; ten tódalas películas, dobradas ó seu idioma; ten toda a televisión do mundo no seu idioma, e eu creo sinceramente que nós perderiamos o tempo. Á parte de que xa por ser galegos, somos xente de mundo e perderiamos o tempo e sobre todo, perderiamos a batalla histórica de defensa do noso idioma de parármonos agora a pensar que todo ten que ser traducido, a pensar que agora todo ten, que ten que haber literatura de tódolos tipos. Ó mellor, eu creo que a literatura galega ten perdido moitísimo tempo niso de que ten que haber novela negra en galego. Eu vin unha chea de amigos meus

escribindo novela negra en galego con toda a boa intención; pero é imposible que eses “ghichos” escriban boa novela negra, porque son tipos que son agregados de instituto, nunca lles pasa nada, non coñecen unha comisaría, non lles... E ó mellor serían moito máis eficaces escritores se escribisen o que lles petara, se fixesen unha creación máis persoal. E novelas negras no mundo existen, as que se poidan traducir, que non van ser todas e as que se poidan ler en inglés, as que se poidan ler en francés, as que se poidan ler en portugués, e as que poidamos ler en castelán tamén, porque non. Por eso creo que temos un pouco unha batalla dentro desa guerra política pola normalización lingüística: cambiar eses modelos lingüísticos. Non todo ten que ser en galego, sobre todo porque non nos vai dar tempo a traducir todo. Cando deamos traducido todo, non daría, nin supoñendo que case os tres millóns de galegos que existimos, fosemos todos como Darío Xohán Cabana coa súa paciencia e coa súa exquisitez para traducir, poñernos agora todos a traducir, sen facer ningún outro tipo de actividade productiva, non daríamos traducido todo; ó chegarmos ó final non existiría o idioma, nin posiblemente o país.

Polo tanto, eu reivindico ese galego políglota e reivindico como resistencia para que os escritores escriban máis libres, para que os lectores se sintan máis libres. Un individuo galego que teña a oportunidade de alfabetizarse na súa lingua natural e que non pase por menos que saber inglés e de paso estar de acordo con Paco Vázquez.

Iso é o que quería dicir. Penso que me estendín un pouco de máis e dicir eso, dentro duns meses cumpro corenta anos. Ferrín sempre que nas clases de literatura nos explicaba Otero, insistía en que Otero Pedrayo, hai aí un punto epistemolóxico aí que é os corenta anos, que ata os corenta anos estivo lendo e logo se puxo a escribir. Eu chegado a este punto non sei se estiven lendo, se estiven escribindo nin o que me pode pasar. O que si sei é que manteño determinadas certezas, pois por exemplo algunha que forma parte do que sería o catecismo sociolingüístico que ó final dos anos setenta utilizabamos e que a sorte da nosa literatura estaba vinculada tremendamente á sorte do noso idioma. E a sorte do noso idioma ten que ver moito cun combate de resistencia cultural e por suposto de resistencia política. E mirando para atrás, sen ira, doume de conta, por exemplo, que, hoxe por hoxe, xa que ademais estamos aquí na Universidade, é máis fácil ser escritorciño en galego que ser un investigador rigoroso sobre a lingua galega. Implica moitísimo máis sacrificio, moita menos notoriedade social investigar seriamente sobre a lingua e precisa máis iso o noso idioma ó mellor que tantas novelas negras ou tanta literatura de xénero. E esa convicción mantéñoa, gustaríame que puideramos falar sobre iso, no coloquio.

E finalmente, deixarme dar renda solta á emotividade. Estamos neste congreso que organiza o Instituto da Lingua Galega e vinte e cinco anos que pasaron do Instituto da Lingua Galega. No Instituto da Lingua Galega coinciden en grande parte, os mellores profesores que eu tiven durante os meus estudos de filoloxía. Xa era alumno de Antón Santamarina, de Paco Fernández Rei. Coñecer a Charo Álvarez, compartir tamén as aulas con moitos dos que agora forman parte do Instituto da Lingua Galega, quero citar

por exemplo a Quique Monteagudo, a min servíume de moito. Servíume, en primeiro lugar, para entender que a ciencia lingüística non era o meu; pero servíume fundamentalmente para entender unha sensibilidade que me viña da Lingüística Románica, que me viña dos estudos de Xeografía Lingüística e de Dialectoloxía, que me serviu para entender o meu idioma, que me serviu para entender mellor a lingua literaria, que me serviu incluso, en boa parte, para tramar toda unha estética, que creo que para ben ou para mal tamén está presente en todo o meu traballo artístico e que me serviu, en definitiva, para entender mellor o meu país. Diso síntome profundamente agradecido.

Por iso quero acabar, como non me acordo moito de todo aquilo que estudiei, recordo que nun libro de Antón Santamarina, nun dos anexos de *Verba* que falaba sobre o verbo galego, que eu tiven que estudar para cumprimentar os meus estudos, non me acordo de nada de vocais temáticas e de radicais pero si me acordo que Antón citaba no prólogo, facía unha introducción sociolingüística como eran os seus informantes, eu creo que eran todos da zona de Suarna. E contaba como un informante tiña unha coherencia falando en galego moi clara, que falaba sempre en galego excepto cando se cabreaba que dicía e citaba literalmente Antón: “Me cago en la puta leche”, que o dicía en perfecto castelán.

Pois eu acordándome daquilo quero acabar así: “Me cago en la puta leche, viva o Instituto da Lingua Galega e longa vida ó noso idioma nacional, muchas gracias”.

#### X. GONZÁLEZ MILLÁN

E xa para rematar cos integrantes da mesa deixámoslle a voz ó epígono da Xeración Nós, claro.

#### X. L. MÉNDEZ FERRÍN

Moitas gracias, profesor González Millán, moitas gracias. E tamén beizón, como dicimos en certos países da raia, beizón ós organizadores deste congreso non só por me teren invitado a min, senón sobre todo por teren tido a coraxe, o valor, a potencia moral e política de facer posible este encontro no que brillaron os estudos de filoloxía galega e no que estivo presente a aspiración á “olorosa pantera”, que dicía Dante, a aspiración a esa lingua nacional, lingua de todos, lingua que aínda non temos, que sempre nos foxe da man, que sempre estamos atrás dela, que non cae nos nosos panterlos nin nos nosos cepos ou que ás veces foxe cando nós estamos coma os cazadores á espreita de que pase ó noso lado para encherlle a barriguiña cunha boa presada de chumbo. E no século XIV Dante, ese Dante traducido por Darío Xohán Cabana, mellor dito, non foi traducido por Darío Xohán Cabana, foi reconstituído, refundado por Darío, Dante pensaba, e así o explica en *De vulgari eloquentia* que había que conseguir a lingua nacional dos italianos, moitos séculos, séculos antes que Manzini, Cavour e que o inmortal Garibaldi, que hoxe é ofendido polas masas ignaras do lumpen, do norte de Italia, de Umberto Bossi, moitos anos antes, Dante sabía que había que buscar esa “olorosa pantera”, había que

coller esa lingua italiana que aínda non existía para a literatura, para a cultura, había que capturala, “il fallait l’apprivoiser”, domesticala.

Francisco Fernández Rei, nun artigo excelente, publicado hai moi poucos anos sobre “A ‘questione della lingua’ galega” falaba desta empresa dantesca, dicindo que o vulgar ilustre de Italia, o arquetipo de lingua literaria é aquel que se oe en tódolos lugares pero que non se limita a ningún. Esta é a súa substancia inconsútil, incorpórea, misteriosa.

Vou falarvos agora da procura da constitución do galego literario entre 1950 e 1960 e eu fálovos desde a miña experiencia de cazador de panteras, de cazador dese misterioso animal que é o arquetipo literario, a lingua literaria que non acabamos de conseguir nunca.

Arredor de 1950 a lingua literaria galega presentaba unha paisaxe desoladora. Era a paisaxe despois dunha batalla e a paisaxe despois dunha batalla que nós, os galegos e tódalas forzas populares de España perderamos na grande catástrofe que supuxo o triunfo do fascismo na guerra civil española. Despois, ademais, alén de tanto sangue, de tanta infelicidade, de tanta opresión, de tanta frustración de ideais e de aspiracións profundas, alén de todo iso estaba a perda da esperanza de recuperación da nosa lingua. No programa franquista estaba tamén a descomposición de todos aqueles organismos que antes de 1936 contribuíran a preparar un renacemento da nosa lingua.

Entón, a partir de 1950, que é cando, como todos vostedes saben, se van procurar novos organismos ou se van construíndo organismos editoriais e incluso organismos políticos ou parapolíticos que tendían á recuperación da lingua galega, a partir de 1950, hai unha necesidade que é evidente: a necesidade de conseguir a “olorosa pantera”, de chegar a unha lingua literaria nosa, a unha lingua literaria propia, a un arquetipo, a un desideratum de lingua literaria.

Nesta empresa participan moi poucos homes, cando digo homes, digo homes, varóns, moi poucos varóns, de distintas idades. Cando Reixa me atribuíu a condición de último membro da Xeración Nós ou calquera cousa así, non está nada equivocado. En 1950, a partir de 1950, nesa década, participan e conflúen no labor de constitución dunha lingua literaria galega, persoas de moi diferentes idades. Desde Ramón Otero Pedrayo, que xa estaban na ancianidade, até mozos de dezasete anos como podía ser eu. Eu son un escritor en galego, moito máis antigo que García-Sabell, que podía ser meu pai, eu publiquei libros antes ca el. Eu empecei a escribir ó mesmo tempo que Álvaro Cunqueiro en prosa, por suposto, non en verso. Quere dicirse que eu non me sinto desligado de xeracións anteriores e todo o traballo que se fai para a reconstitución da lingua literaria galega a partir de 1950 é un traballo interxeracional, de maneira que cada vez que se fale de xeracións literarias, hai que pensar que se interrompeu todo o labor coa catástrofe de 1936 e polo menos tres ou catro xeracións xuntas recuperan ese traballo arredor de 1950, de maneira que o método xeracional non vale. É un traballo interxeracional do que eu quero falarvos agora.

De cara ó 1950 para adiante, nun escenario hostil, fronte a unha hostilidade manifesta das institucións, perante unha universidade belixerante contra o idioma, unhas



autoridades civís e militares contrarias, fronte a unha igrexa católica militante en contra do idioma até a última célula de influencia na derradeira aldea de Galicia, fronte a eso, este pequeno grupo de homes tratou de nada menos que de construír unha lingua literaria. Naturalmente, non podía ser unha lingua esixente, unha lingua excesivamente culta. Tratouse de facer unha lingua que, en primeiro lugar, se quería asequíbel, unha lingua que se pretendía clara porque esa lingua literaria non era posible que fose ensinada no sistema docente vixente, polo tanto, tiña que saltar, avanzar por riba do sistema docente e tratar de chegar ás persoas non alfabetizadas nesa lingua. Polo tanto, quería-se clara e asequíbel. É unha lingua que no primeiro momento se desexa distinta da anterior á guerra civil española.

Por exemplo, os escritores, a partir de 1950 pretenden un galego que renuncie ás invencións, un pouco inxenuas, sobre todo de léxico e incluso tamén de morfoloxía que viñan sendo moi correntes antes da guerra, a eses hiperenxebrismos, a esas malas utilizacións de determinados arcaísmos.

Penso que existiu un consenso, un consenso no cal estaba todo o mundo. Se vostedes collen un libro como pode ser este: *Presencia de Curros e de Doña Emilia*, un dos primeiros libros da editorial Galaxia e len un artigo de Xesús Alonso Montero, que participou neste congreso, que está vivo e fala e exprésase e tal, daquela era un mozo, un alumno ou recén licenciado da facultade de filoloxía románica da universidade de Madrid, lerán cousas como estas:

“Escóitame crítico da literatura galega. Sabes de ónde tiraron os poetas o seu vocabulario? De entre gallos de eixadas, de entre pés de bois que araban inquidantes veigas de millo, e de entre chancos de aldeás que parolaban nas lareiras. Foi, pois, o beizo do labrego quen o cedéu un bó día. Outro día o poeta foise á vila e á cidade e tornóu case defraudado. Chegóu á casa e botóu mau dos seus coñecementos, e por máis que cavilóu e cavilóu non topóu entre os seus recordos unha soa lembranza que lle dixese que había unha gramática galega, que lle poidese dar unha orientación á hora de escribir. Saíu do fogar e dirixiuse a certos amigos, homes de probada sabencia, mais nada lle responderon. E non foi só isto o que o defraudóu outra vez. O caso foi que ouservóu naqueles bós amigos, nados noutros puntos de Galicia, verbas e xiros non usados por el nin pol-os seus. E se a historia non minte, neste instante o poeta, xa fose Curros, xa Pondal, xa Lamas, etcétera, pensóu na uniformidade da lingua dos textos castelás. Mais o poeta sigue coa súa e non cede un momento. Refolla agora vellos libros e vellas historias, e non acha mostras literarias galegas, pois os editores dos Cancioneiros medievás, Teófilo Braga, Molteni e Carolina Micháelis de Vasconcelos, inda non puxeron maus ós traballos que tanta sona lles deron. ¿Qué fai despois desto? Alá nun recuncho da súa pobre biblioteca están dous libros: *Teatro Crítico Universal* e *Cartas Eruditas*. O idioma é castelán. O autor un ourensán. Pero sigue fervendo o sangue deste home do século XIX. Agora o noso poeta concretamente é Curros. E vel-aí o temos a lér prosa e verso galegos. Nos seus ollos vemos un desencanto máis. ¿Qué poesía é esa? ¿Qué prosa? Son os poemas dalgús dos autores

que colaboraron no *Album de la Caridad*, son as páxinas de libros como os diálogos de Chinto e Mingote. Non nos extraña o xesto de Curros ante estas liñas, onde se cantan ñoñamente os costumes, ...”<sup>1</sup>.

Ben, ¿que se pode desprender deste texto? Primeiro a enorme proximidade ó estándar do galego literario actual deste texto de 1951. Nin excesos arcaístas nin trapalladas inventadas nin hiperenxebrismos: unha boa sintaxe, un galego transparente e o que hoxe entendemos por un bo galego. Estamos en 1951. Escollino porque alén diso describe unha vez máis a caza da “olorosa pantera”, aquela lingua que se fala en todas partes, que non se fala en ningunha, que é difícil de apañar. Hai que estar atento ó que fala a xente coa aixada, atento ós textos que Curros non coñecía, ós textos medievais e tratar todos os días de constituír a lingua literaria. Eso foi o esforzo de 1951.

En realidade, en mil novecentos cincuenta e tantos, na lingua literaria galega, había tendencias, abofé que as había. Por unha banda estaba don Aquilino Iglesia Alvariño que facía unha literatura poética de tradición clasicista, profundamente descritiva, aínda que tamén emocionalmente expresiva; pero ancorada nunha Galicia monograficamente rural e tradicional, nunha especie de hipergalego espléndido, un galego rural que sería equiparable ó portugués de algúns escritores moi relacionados co campo como poden ser os contos de Torga ou como poden ser as últimas novelas de Bento da Cruz, un mundo que naqueles anos, algúns coma min non compartiamos, non participabamos, non nos sentiamos implicados. Evidentemente algúns de nós, nos anos 50 o que queriamos era un galego urbano. Entendiamos que o futuro de Galicia pasaba polo suburbio, polo proletariado, pola cidade e non evidentemente polo campo. E sen desprezar en absoluto o campo, sen desprezar o mundo tradicional, sen desprezar o conservatismo ruralista, evidentemente o que tratábamos, rebelándonos en boa parte contra Rosalía e solidarizándonos en boa parte con Pondal desde o punto de vista lingüístico, era de acadar un galego, tería que dicir que urbano. Houbo modelos dese galego desruralizado, modelos xeralmente admitidos e xeralmente seguidos. Nos ensaios sen dúbida, *Significado metafísico da saudade, Por unha filosofía da saudade*, de Ramón Piñeiro, era a filosofía de raíz Heideggeriana, vagamente existencialista que se expresaba en galego. É o primeiro intento de creación dun galego filosófico que culmina na tradución de *Vom Wesen der Wahrheit*, de Martin Heidegger, ó galego, publicado tardiamente, pero é dos anos 50, por Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega, e por outra banda o galego narrativo, o galego dos contos urbanos kafkianos, ucrónicos, utópicos, de Gonzalo Rodríguez Mourullo en *Nasce un árbore* e despois *Memorias de Tains*.

En realidade, os escritores que naquel intre tratan de constituír unha lingua galega, non desdeñan o medieval, ó revés que ese poeta do século XIX, ese Curros de que fala Alonso Montero que non coñece os textos literarios medievais. Evidentemente, nos anos 50 coñecemos os textos literarios medievais. Lemos a *Crónica Troiana*, infelizmente,

<sup>1</sup> *Presencia de Curros y Dª Emilia*. Vigo: Galaxia, 1951. pp. 69-70.

pois tanto a lemos que moitos anos máis tarde fronte ó pelotón de fusilamento da vida e das súas interquincias será un de nós, Ramón Lorenzo, o que faga a edición crítica moderna desa *Crónica Troiana* que nós lemos na primitiva transcripción de Martínez Salazar e nesa, nese tesouro, nesa gloria, nesa festa do léxico e da sintaxe do galego do século XIV vivimos, como tamén vivimos no dialectalismo, vou dicir isto así, sen razón, por dicirillo dalgunha maneira. Vivimos na fala viva, pero non na fala viva unicamente dos labregos aquilinos, tanto me refiro a Aquilino Iglesias Alvariño como antes me debín referir a Aquilino Ribeiro, cando falaba de determinado portugués, aquilinos, tanto de Aquilino Ribeiro, como de Aquilino Iglesia Alvariño. Pero tamén por primeira vez hai escritores galegos que amergullan, entran a gurgullo dentro da fala mariñeira que non tiña sido nunca visitada polos escritores galegos e aí está o exemplo vivo de Bernardino Graña.

Todo escritor dos anos cincuenta cumpría ese programa de Reixa, de ¿como era? de polilingüismo, de poliglótismo. Evidentemente, todo escritor nos anos cincuenta sabía que había que liberarse da influencia da tradución española. Non había que coñecer a cultura do mundo a través das traducións españolas nin a través da prensa española. Naquel momento a dictadura intelectual exercía a *ABC* coma nestes momentos a exerce *El País*. Había que coñecer a cultura e a literatura do mundo nas súas linguas orixinais, de maneira que eu atreveríame a dicir que todo escritor galego dos anos cincuenta ten unha segunda lingua literaria. Ten a primeira, o galego, e ten unha segunda lingua literaria que frecuenta, que visita, que coñece. Os ensaístas, García Sabell sería o exemplo máis claro, teñen como segunda lingua o alemán. Naquel momento, é un momento de enorme influencia en Galicia da filosofía heideggeriana. Outros, pois, tivemos e temos e seguimos tendo o francés como segunda lingua. Tamén convén saber que o inglés non tivo tanta fortuna. De todas maneiras, sería absolutamente imposible comprender a obra literaria dun dos máis importantes narradores actuais, deste momento e naturalmente dos anos cincuenta, como é Camilo Gonsar, que por aqueles anos non se chamaba así senón Camilo González Suárez-Llanos, sen darse de conta de que a narrativa de Suárez-Llanos ou de Camilo Gonsar está en diálogo permanente coa literatura anglosaxona e coa literatura alemana tamén.

Por suposto, os escritores dos anos cincuenta, cando constitúen a lingua literaria galega, cunha segunda lingua non española, o único que fan é continuar a tradición da Xeración Nós que iso fixo, fixeron todos eles. Pero naturalmente, o que tamén contiñan é a tradición pro-portuguesa. A literatura galega desde que existe a idea de constituír o galego como lingua literaria foi o esforzo orixinal que eu situaría en Pondal, aínda que nel, naturalmente, participan as grandes figuras como Rosalía e como Curros. Dende aquel seu primeiro intre, a cuestión portuguesa está presente, está presente teoricamente na historia de Murguía e está presente practicamente en todos os creadores de literatura galega. Nos anos cincuenta, está presente a literatura portuguesa tamén.

De todas maneiras, e para os portugueses aquí presentes, eu queríalles facer a seguinte revelación. As relacións entre intelectuais galegos e portugueses foron moito máis intensas antes da guerra civil. Nos anos cincuenta foron moi febles, foron moi

frouxas, foron moi escasas. Por exemplo nós, nos anos cincuenta descoñecemos totalmente, é dicir, non queremos coñecer, a literatura neorrealista, a novela neorrealista portuguesa e o único que nos interesa é os *Contos da montaña* de Miguel Torga, da narrativa portuguesa. Somos selectivos, queremos algo e non queremos outras cousas. Non existen relacións epistolares ou son moi escasas, non existen intercambios de revistas, aínda que podemos ver a revista *Quatro Ventos* de Braga que publica textos en galego con ortografía portuguesa. Agora ben, o portugués está presente, o portugués lese e o portugués está influíndo como lingua de cultura, está orientando, está acompañando a esta constitución da lingua literaria galega nos anos 50.

Falaba antes en mulleres, cando facía unha simple constatación que eu non sabería interpretar. Non hai neste conxunto de persoas máis ca unha muller, Xohana Torres. Non está presente ningunha outra. Luz Pozo Garza a penas se interesaba no estudio do galego ou á escrita en galego. María Xosé Queizán aínda non a iniciara. Nun país que ten como ídolo nacional unha muller ¿non? Rosalía de Castro, é estraño. Pois así é, así é como ocorreu: hai unha ausencia de mulleres. Se a lingua literaria resultante de toda esta operación colectiva se resentiu pola ausencia de mulleres, non o sei, penso que non. De todas maneiras estábase preparando a aparición do xenio de María Mariño, en silencio, no silencio do Courel e estábase preparando este momento de agora en que a maioría absoluta dos asistentes pertencen, non vou dicir ó xénero porque eu non son politicamente correcto, pero si ó sexo feminino e grazas a Deus.

A literatura dos anos cincuenta, a lingua literaria, parte dunha situación na que a cuestión puramente ortográfica estaba semirresolta, moito máis resolta do que podemos pensar nestes momentos. Estaba resolta a cuestión ortográfica desde mil novecentos trinta e dous en que se publica *Algunhas normas pra a unificación do idioma galego* por parte do Seminario de Estudos Galegos, normas que se atribúen a Carballo Calero e a don Paulino Pedret Casado, non sei con que verdade.

Realmente estas normas de 1932 xa tiveran como consecuencia a desaparición do chamado etimoloxismo, da grafía que eles chamaban etimolóxica –aínda hai alguén que a chama así–, que consiste en manter as cedillas e sobre todo manter unha grafía para a fricativa prepalatal xorda e outras dúas para a sonora cando o galego non ten máis que un fonema fricativo xordo. Aínda que esto, naturalmente coincidía co galego medieval e coincide coa ortografía do portugués actual, en 1932 non se falaba para nada en reintegracionismo portugués, falábase en ortografía etimoloxizante ou etimolóxica. Xa nese mesmo ano, 1932, Johán Carballeira, unha testemuña importantísima da cultura galega, que era un partidario desa escrita etimolóxica, escribe: “Chegou o tempo” en *El Pueblo Gallego*. Hai que darse conta de que Johán Carballeira era un militante político fundamentalmente, e eso levouno ó patíbulo:

“Chegou o tempo en que o instrumento lingüístico é tamén un delicado instrumento político, enorme e delicado, e non é cousa entre outras razóns de lle mellar o fio cun cisma que non é oportuno atravesarlllo agora, adiante como un bache”.

De maneira que para Johán Carballeira en 1932 era xa un “mellarlle o fio”, o gume, á arma política do idioma o enfrontar normativas e el sendo etimoloxista prégase politicamente ás Normas do Seminario de Estudos Galegos que non o eran.

De maneira que nos anos 50 partimos desa base. Hai un consenso ortográfico que é un consenso editorial entre Castrelos, Benito Soto, Galaxia, que despois chegou a ser a máis importante destas editoriais. Suprimense os apóstrofos, os guións, desaparecen as terminacións *-zón*, non hai reparo en utilizar castelanismos como fai Fole con *carretera*, vacílase, eso si nos grupos cultos. Unhas veces Carballo Calero aparece coa idea de que hai que escribir *eksamen*, con *ks*, hiperfoneticamente e chégase a escribir *marcsismo* con *cs*, e por outro lado Ramón Piñeiro escribe *estroitura*, *estroiturar*. Hai grandes dúbidas. De todas maneiras, hai un consenso, consenso que nos anos 50 se enfronta co galego que se escribe en América. De maneira que a grande confrontación é entre a lingua literaria galega de Galicia e a lingua literaria galega de América. Eu teño nestes momentos na miña man, un libro de Xosé Conde, que se titula *Terra aluciada*, coa queda dun *-n-* intervocálico certamente espectacular, porque non hai ningunha boa razón. E no seu interior podemos ler que existen moitos *pleñilunios* (con ñ). É dicir, este diferencialismo é o que enfronta o galego de América co galego de Galicia.

O conflito entre unha lingua máis aproximada ó portugués e unha lingua non aproximada ó portugués non existe nos anos 50. Non hai outra proposta para achegarnos ó portugués no ortográfico e tamén no léxico que o libro *Lua de alén mar* de Ernesto Guerra Dacal, de 1959. Naturalmente, Ramón Lorenzo é quen corta, nun artigo histórico, esta liña, en 1962. Nun artigo publicado no número 2 de *Vieiros* en que Ramón Lorenzo escribe o seguinte:

“...vemos que a xuntanza dos dous dialeutos (idiomas se queremos) [seguimos sempre nesa dúbida que lle ocupou á profesora Barros boa parte da súa intervención está mañá] non se pode facer pola unificación das grafías. Ó menos polo dadora.”<sup>2</sup>

En realidade é o primeiro texto contra o reintegracionismo, pero un reintegracionismo aínda non nato, que non aparecerá como sistema ideolóxico ou sistema de falsa representación da realidade até moitos anos máis tarde.

Pois ben, vaise constituíndo esta lingua que se quer clara, esta lingua que nunca se alcanza, esta lingua que sempre está próxima ó portugués, que sempre está cos ollos postos na literatura portuguesa sen que a literatura portuguesa poña ó revés nunca os ollos nela, xamais. Esta lingua que pretende comunicar, que pretende chegar, esta lingua que se escribe contra a corrente de disolución do galego dentro da sociedade, contra a perda xeracional de falantes ano tras ano, que cada escritor galego vive como un drama persoal do que non lle gusta falar nunca pero que o leva dentro da alma como un cancro, sempre presente. E esta lingua vaise constituíndo.

<sup>2</sup> *Vieiros* 2, p. 24.

Nos anos 60 (e remato xa porque se non podedes durmirvos ou odiarme demasiado), nos anos 60 sentiuse que esa lingua estaba suficientemente constituída como unha lingua literaria independentemente de que houbera que seguir perfeccionándoa, e deberémola perfeccionar mentres vivamos, e pensouse que tiña que terminar a chamada etapa cultural, a etapa de resistencia cultural, a etapa de reconstrucción cultural e había que chegar a unha etapa de intervención política nas masas, que esa lingua tiña que entrar ás masas, tiña que entrar moi concretamente nas fábricas, tiña que ser a lingua dos operarios en combate, dos labregos resistentes e tiña que ser a lingua do futuro, da futura democracia ou do futuro socialismo. E entón, pois, en toda Galicia, prodúcese, ó principio dos anos 60, unha operación de saída da lingua culta do seu gueto intelectual, saída do libro, saída do ámbito restrinxido da “intelligentsia”, de saída ás masas. O primeiro acto de saída ás masas é a constitución en todas as localidades de Galicia de asociacións culturais, en todas as cidades importantes e nalgunhas vilas. Nos anos 60, iníciase as clases de galego en toda Galicia e en Madrid tamén, por suposto. Esta saída do gueto á sociedade marca o final dunha época, marca un fito no camiño.

Moi poucos anos máis tarde nacería o Instituto da Lingua Galega, que levaría esta función de estudio do galego ao nivel universitario coa vocación de comparecencia ante as masas e de orientación social da lingua.

Entón eu agora que xa remato a miña longuísima intervención, estas palabras que eu proferín sen dó, seguidas e sen me coidar do tempo. Quixera celebrar desde o fondo do meu corazón, pois, estes anos do Instituto da Lingua e quixera ter a palabra semellante á de Cunqueiro: Mil primaveras, un millón de primaveras, todas as primaveras do mundo para o Instituto, para todos vosoutros e na dirección dunha Galicia Ceibe.

Moitas gracias.

#### X. GONZÁLEZ MILLÁN

Ben, temos máis de media hora, uns trinta e cinco minutos para falarmos un pouco entre todos. Escoitastes catro presentacións inzadas de propostas e cuestións sobre as relacións entre lingua e literatura; e supoño que tamén vós teredes outras moitas. É un tema excesivamente complexo pero eu coido que poderíamos aproveitar esta ocasión, que me parece única, para reflexionarmos todos colectivamente sobre o tema, así que queda aberta a discusión. Imos permitir aí dous ou tres minutinhos para romper a barreira do silencio.

#### FRANCISCO DEVESA

Quería preguntar, unha vez, nunha ocasión, un libreiro moi coñecido de Compostela dicía que estaba farto das mafias dos escritores en galego e galegos. Entón eu quería ver se alguén podía explicar ¿que é eso da mafia de escritores, en que consiste? E se esto pode ter algo que ver co diñeiro que se está poñendo para promocionar a escritores tan estúpidos e imbéciles como Suso de Toro, por exemplo. Ó mellor a relación é forzada pola miña parte pero quizais teña algo que ver, non sei.

## ANTÓN REIXA

Eu pola miña parte, non; dicirche que unha mafia non o sei, non estou metido no negocio ese, pero que Suso de Toro é amigo meu e parécame mal que digas que é un imbécil, parécame fatal e asegúroche que eu non o penso en absoluto.

## DARÍO X. CABANA

Suso de Toro non é especialmente amigo meu, pero parécame, desde logo non é precisamente un imbécil, eso está clarísimo. E en canto á visión dos... elevando a xeral o que pode ser un ex abrupto dun libreiro, eu diría que os libreiros por exemplo en Galicia teñen unha responsabilidade con respecto ó país que os escritores, afortunadamente, non temos.

Eu vexo que aínda hoxe, cunha industria editorial potente en Galicia, nas librerías de Galicia, nas de Lugo, por exemplo, nas librerías de Lugo, os libros galegos están arrecullados, absolutamente en todas, é dicir, non hai ningunha na cal o libro galego goce do honor do escaparate como goza calquera deses éxitos fáciles que ás veces promove a industria editorial española. É dicir, creo que o nivel de edición que lles permite hoxe ós libreiros unha cantidade de vendas realmente moi importante, aínda que non vamos entrar se é ou non pola vía dos libros recomendados nos institutos, e todo eso, pero que ten un número de vendas moi importante. E sen embargo, os libreiros non responden non só ó que sería esixible digamos do seu patriotismo como galegos, que o deixaremos á parte, senón que non responden nin sequera coa intelixencia que sería requirible dos comerciantes. Eu, desde logo, síntome ofendido cada vez que entro nunha librería en Lugo e vexo os libros galegos arrecullados e ordenados baixo o letreiro estúpido e cretino que pon “gallego”, no cal se mesturan evidentemente allos con touciño e estudos de filoloxía con estudos económicos, con novelas traducidas do islandés, poñamos por caso, ou libros de poemas.

## CAMINO NOIA

A raíz dunha das ideas de Reixa que me parecía interesante: a falta de proxecto común que tiñan os escritores da súa xeración e que aínda temos hoxe, eu teño pensado moito. Nas circunstancias que temos, un pouco pola literatura esta, moita dela, pois, protexida polos poderes públicos, pola administración, porque todos dalgunha maneira, dependemos desta administración e porque temos un proxecto editorial e que nun mercado libre, claro, compite con outra editorial; este días púideno ver a raíz da produción de dicionarios. Estanse facendo neste momento, parece, varios dicionarios, e os realizadores de dicionarios presentaron as súas propostas e as súas ideas. Había unha competencia tremenda entre uns e outros de distintas editoriais, incluso chegaba ás veces a unha agresividade e molestar que se dixese algo en contra dun dicionario que estaba feito ou que se ía facer e o meu é mellor, o meu vai ser mellor. Creo que todo este tipo de actitudes que debemos de desbotalas nun momento como este que fan falta proxectos co-

múns. Os que traballan en lexicografía, pois, xuntarse e aínda que un traballe para unha editorial e outro para outra, outro para outra, hai que ter unhas ideas moi claras e comúns que logo, pois, se reparten nos distintos materiais. O mesmo debe pasar cos escritores e o mesmo debe pasar con tódolos colectivos, bos e xenerosos.

Entón eu non sei se á parte desta proposta así no aire, algún de vós pode dar algunha idea común; quería que se comentase esta idea, de qué maneira a sociedade galeguista, é dicir, os que cremos que o galego non o ten resolto todo, podíamos enganchar en proxectos comúns, ¿sería posible hoxe un novo Instituto da Lingua? ¿Sería posible hoxe, 1996, montar un Seminario de Estudos Galegos?

#### X. GONZÁLEZ MILLÁN

Aquí abstense todo mundo e eu tamén o vou facer claro, porque non me considero a persoa máis apropiada. Si, creo que o que Camino Noia acaba de mencionar é absolutamente certo; é todo o que podó afirmar. ¿Como articular ese proxecto? Non o sei, pero a necesidade diso é evidente.

#### ANTÓN REIXA

Pero o que di Camino, aproveitando o exemplo que pos dos dicionarios, a min paréceme increíble; eu dicíalle hoxe a alguén aquí: ¡Coño, olvideime de traer o *Gallego* 1, 2, 3 do Instituto da Lingua porque quería traelo como se fora o *Libro Rojo* de Mao, eu empecei con iso! Pero é increíble a cantidade de dicionarios que se fan, en principio parecería que hai unha actividade lexicográfica inusitada no país. Polo número de dicionarios que hai daría un lexicógrafo por cada tres galegos; pero o peor de todo iso non é que se fagan moitos, é que todos se fan e todo o mundo di moi alegremente que non é definitivo. Eu que, a fin de contas son un usuario da lingua, que non me dedico á investigación, boto de menos iso. Eu non entendo a alegría con que se di que non é definitivo, nada, ¿que ten que pasar para que sexa definitivo, un holocausto? É dicir, ¿que ten que ocorrer? Eu acababa a miña intervención dicindo que habería que sumar esforzos, a min paréceme un escándalo que a investigación respecto do galego, e estamos falando de filoloxía, pois xa tódolos aspectos de lingüística aplicada é todo eso é marxinal, unha cousa case marxinal, de xente pedindo bolsas... eu non entendo porque neste país que ten habido mobilizacións por algún grafema, por un *nh*, por un *ñ*, ten habido discusións, intervencións políticas e sen embargo por iso ninguén se ten alterado moito, non, iso si me parece grave.

#### DARÍO X. CABANA

Eu quería dicir que sobre a cuestión do dicionario a min tamén me estraña moito, porque realmente os estudos parciais que hai feitos ata o de agora posibilitan ese dicionario, que se non definitivo nun sentido absoluto, podería ser definitivo en canto a que poidamos, a partir dun momento dado, utilizar, ter só un dicionario enriba da mesa, por favor. É que un ten vintecinco dicionarios ou algo así, e encima non me chegan.



ANTÓN REIXA

Pero iso sábelo ti ben, é como os novelistas malos, cando sacan unha novela moi mala din que forma parte dunha triloxía.

DOLORES VILAVEDRA

Quería tomar a palabra para discrepar, parcialmente cando menos, dunha afirmación de Figueroa. Os iluminadores traballos de Antón Figueroa que el hoxe quixo matizar dalgunha maneira: teño a impresión que quixeches actualizar as túas afirmacións de hai duns anos no libro *Diglosia e texto* e noutros artigos. Ti dicías que percibes unha menor filoloxización do feito literario e da recepción do texto literario e non estou totalmente de acordo contigo cando analizo a miña experiencia como lectora e aproveitando que está aquí Darío Xohán Cabana. Eu sigo lendo as novelas de Darío dúas veces, unha como estudiosa de literatura e outra como persoa que quere aprender galego e sempre remato con dúas ou tres palabras apuntadas nun papelíño dicíndome: teño que aprender estas palabras, teño que incorporar estas palabras ó meu léxico, quero dicir que segue estando aí o feito lingüístico cun protagonismo non diría que excesivo porque eso sería ó mellor connotalo pexorativamente, cun protagonismo que é o que lle corresponde á nosa situación atípica. Eu, polo tanto, discrepo disto pero en cambio, creo que a formulación, ó mellor se podía facer doutra maneira. Creo que si lle corresponde un menor peso ó factor filolóxico como mecanismo canonizador, é dicir, creo que hoxe xa non se fai tanto aquilo que se facía antes de decidir que esto é unha boa novela ou esto é un bo poemario porque o autor escribe un bo galego, porque escribe unha boa lingua, que ademais moitas veces era sinónimo de escribe un galego hermético, escribe un galego ilexible. Se cadra isto acontece polo que dicía Reixa de que hai, efectivamente unha porcentaxe elevada de escritores que escriben un galego moito máis lixeiro e que iso ó mellor ten que ver coa urbanización da nosa literatura, etc.

Pregúntoche, en concreto, despois desta discrepancia, se ti non percibes isto así, é dicir, menos peso da filoloxía como mecanismo canonizador e como contrapartida se non cres que están empezando a ter un maior peso outros mecanismos canonizadores como pode ser responder a un esquema ideolóxico politicamente correcto, ser facilmente dixerible para un público o máis numeroso posible ó cal garante un número de vendas elevado, é dicir, ¿non cres que estes novos factores teñen agora un maior peso efectivamente, pero que no fondo seguimos realizando unha lectura fortemente filolóxica?

ANTÓN FIGUEROA

Eu estou basicamente de acordo no que dis, inda que ti manifestas desacordo. Imos ver. Eu, na miña exposición unicamente me limitei ó cambio do papel da lingua. Entón é evidente que como mecanismo canonizador, a filoloxía no sentido estricto, practicamente desapareceu, non sei, case desapareceu. Cando ti dis que hai palabras que aínda te fixas nelas, etc., eu non sei se ti e mais eu somos lectores fiables para estas cousas; eu

falo do lector estándar, agora en todo caso a min paréceme que seguramente te fixas en menos que antes, que hai... un lector normal en Galicia hoxe, eu creo, que ten menos problemas coa lingua. É dicir, di menos “pero esto qué é”, “pero este como escribe aquí”, é dicir, esto pasa menos que hai vinte anos. É o que me parece, agora, ti tes razón, que eso non vai desaparecer, non vai desaparecer porque non desaparecen outras cousas. A linguaxe de Camino, agora mesmo cando empregaba a primeira de plural e dicía nós, ¿que temos que facer? e eu cando digo o mesmo é que estamos aínda funcionando coma un grupo, non vos esquezades, ¿quen somos nós? é dicir, en ningún país así de por aí se di “nós” porque eso sería chamativo ¿entendedes o caso? hai moitas cousas que seguen funcionando pero eu digo “menos” e por outra parte esto ten que ver co que dicía Ferrín, seguramente, é dicir, eu cando oín o texto de Ferrín, o primeiro que leu de Alonso Montero, eu non notei problemas filolóxicos. A min se me dis que é de agora, non o notaba. Tamén hai probablemente, non sei, un cambio de actitude ó mellor por parte dos escritores provocado tamén polos cambios de actitudes no público. Eu douche a razón nese sentido, é dicir, que non desapareceu totalmente a preocupación filolóxica, sobre todo se ampliamos un pouco o sentido da palabra.

#### DARÍO X. CABANA

Eu podía... é que o Reixa dixo unha cousa moi interesante e agora estáseme ocorrendo algo. O Reixa estaba dicindo que eso de escribir novelas negras e todo eso era un rolo e a min tamén me parece que é un rolo pero iso lévame a pensar unha cousa, a cuestión de literatura normal ou normalizada ¿que é? É dicir, ¿existe un canon universal das literaturas? ¿é que acaso nós non temos que ter unha literatura diversa? Temos que ter unha literatura diversa. Nós non podemos pretender *normalizar* a literatura, nós non podemos facer unha fotocopia con bastantes defectos porque o tóner está bastante escallado con respecto á literatura anglosaxona, ou con respecto á literatura francesa ou con respecto á literatura española ou portuguesa, non podemos, non podemos porque o noso país é radicalmente diferente, porque o noso país ten un problema engadido, que non ten un estado, e aí está a cuestión, aí está a nai do año. A nosa literatura é normal, claro que é normal. A nosa literatura é perfectamente normal, nas nosas circunstancias, é dicir, as literaturas cando empezan, cando empezaron no século XIX os Rexurdimentos literarios das linguas esmagadas, empezaron pola poesía, e eso debe ser normal porque empezaron así en tódolos sitios. En ningún sitio empezou pola novela nin polo ensaio. As literaturas que xurdiron de nacións sen estado, de nacións oprimidas, naceron así. Entonces, nós ¿que imos facer? ¿Imos facer unha literatura como a anglosaxona con novela negra, con novela de ciencia-ficción, con novela rosa, con novela de aventuras, con novela tal? Non, non, porque nós o que temos en todo caso que facer é o noso, e o escritor ten que ser subordinado, nese sentido ten que ser subordinado ó seu propio país, á súa propia sociedade, é dicir, o que ten que facer a sociedade é converter o país nun país independente, nun país que se desenvolva naturalmente dentro da súa liberdade de

ser un país, dentro da súa evolución natural como nación. Entón ó mellor hai novela negra porque resulta que parece que en Vigo que hai moitos gánsteres ou eso, pero ó mellor non os hai e non hai novela negra; é dicir, que eso da homologación son cousas que non pertencen digamos á normalidade, senón á normativa, e é unha normativa que en todo caso inventamos e que non ten nada que ver coa realidade e levo sobre destas cousas dándolle voltas ultimamente e creo que debemos desenganarnos desa cuestión. Nós non queremos unha literatura normalizada, nós o que queremos é un país independente, é dicir, unha lingua que funcione e entonces, que a propia literatura vaia coas súas propias leis, pero de momento temos que facer unha literatura tamén resistente. Estamos resistindo esa asimilación, esa presión e esa posición negativa na historia. Entonces, non nos queixemos de que non temos unha literatura normal, non, non, en todo caso o noso traballo non é o facer unha literatura *normal*, porque se andamos con esas caralladas, vai resultar como dixo o Reixa que non temos nin idea de cómo funciona unha comisaria por dentro.

#### X. L. MÉNDEZ FERRÍN

Eu quería dicir simplemente, como ilustración ó meu longo discurso anterior, que se vós botades unha ollada retrospectiva ós libros que se publican en galego nos anos cincuenta e procurades dentro deses libros os prólogos, veredes que todo prólogo, nos anos cincuenta, ten dúas partes: unha parte, sexa quen sexa o que o escriba e sobre quen queira que o escriba, unha parte en que fala do autor e outra parte onde fala da lingua, do galego do autor porque nos anos cincuenta estíbese constituíndo unha lingua literaria. Era un traballo colectivo e todos falabamos os uns cos outros de problemas de lingua literaria, falabamos na rúa, no café e criticabámonos os uns ós outros. Eramos ben poucos, por certo.

Por outra banda, o que está ocorrendo nestes momentos, é que existe unha normativa oficializada ortográfica e morfolóxica, que é o único que está prescrito pola superioridade. O léxico non está, e pódese escribir case o que se queira. Evidentemente o feito de que exista unha normalización, que é unha cousa moi boa, sobre todo, para a vida política, para a vida social, para a instauración do galego administrativo, para todo, non quere dicir que quede interrompido o proceso de caza e de captura da “olorosa pantera”, é dicir, a “olorosa pantera”, segue estando sen cazar. A lingua literaria, sempre está máis alá, aínda non está conseguida e a función do escritor, de todo poeta, de todo escritor, é desviarse da norma é romper a norma e chegar sempre alén, un paso máis alá. Evidentemente como a “olorosa pantera” é o arco da vella e cada vez que queremos pasar por debaixo está máis lonxe, a lingua é así. E de feito, de feito hai toda clase de escritores en Galicia e fóra de Galicia, escritores como Darío Xohán Cabana que nos ensinan a nosa propia lingua e hai escritores que non nos ensinan practicamente nada porque se moven nun terreo de non experimentación lingüística, e non traballan o idioma, o cal non quere dicir que sexan peores escritores.

Vaiamos a Portugal. O léxico de Fernando Pessoa cabe nun librito de papel de fumar e sobran follas, é dicir, é misérrimo e paupérrimo. O léxico de Aquilino Ribeiro faille

pensar a todo portugués e tanto lle fai pensar que ás veces é absolutamente incompreensible para un lector medio de cultura superior da cidade de Lisboa que non coñeza a aldea. E evidentemente, eu moitas veces pregunteime lendo a Bento da Cruz, nestes momentos e as súas historias do Barroso, pregúntome qué entenderán moitos amigos meus de Lisboa de cultura superior, qué entenderán lendo a Bento da Cruz, eso a qué lles soará. Supoño que a galego, evidentemente, que é a nai de todas estas batallas.

De maneira que non está finalizada a conquista da lingua literaria galega. A conquista da lingua literaria galega está cada vez máis adiante e require o concurso non só dos escritores individuais que formulan os seus textos senón tamén dos lectores, lectores ós que se lles esixe nestes intres seren lectores esixentes, lectores críticos, lectores implacables que sexan capaces de acompañar ese escritor diferente, ese escritor que transgrede, que ultrapasa, que vai alén das fronteiras establecidas, de seguilo e de loitar pola comprensión total, tal como nos indica Umberto Eco nas súas *Postille a Il nome della rosa*, “costruire il lettore”. Pero tamén ese lector ten que esixir do escritor niveis de experimentación lingüística alén de todas as fronteiras. Eso é o que quería dicir.

#### X. GONZÁLEZ MILLÁN

¿Algunha outra pregunta, proposta ou reflexión? Unha oportunidade como a que nos brinda este congreso é realmente excelente e aínda nos quedan como vos digo, case dez minutos. Agora, se non hai preguntas non temos por que forza-la marcha... Ah si, alá arriba.

#### SANTIAGO ESTEBAN RADÍO

Xa que temos aquí a Reixa, eu queríalle preguntar, aínda que sae un pouco do tema, as consecuencias que teñen os contratos de certas empresas, refírome ó teu traballo en Radio Voz. Iso inflúe evidentemente na túa traxectoria, estás facendo un programa de radio en español e iso ¿vai cambiar a túa praxe e a túa estética ou vai manterse como antes?

#### ANTÓN REIXA

Eu traballo en Radio Voz. Radio Voz é unha cadea que ten vintecatro emisoras en sitios tan peculiares como Cejín, Jumilla, Cieza, Fuenlabrada e sitios así e traballo na programación de cadea por discrepancias coa dirección de Radio Voz Galicia, do que se chama tecnicamente a Cadea Territorial de Galicia, non fago nada para Radio Voz Galicia. Entón, como traballo en cadea utilizo o español. É todo o que teño que dicir.

#### SANTIAGO ESTEBAN RADÍO

Si, ben, pero todos sabemos que Radio Voz é o que é, que unhas emisoras radiofónicas concedidas pola comunidade autónoma e que pronto mercaron outras no estranxeiro, esas que acabas de citar, outra en Madrid e encadeáronas, claro está, pero tamén as encadearon en español.

ANTÓN REIXA

¿Que non sabes?

SANTIAGO ESTEBAN RADÍO

Que as encadearon, é dicir, encadearon as emisoras que teñen aquí en Galicia co resto do estado. Pero tamén as encadearon na voz, ¿non?

ANTÓN REIXA

¿Perdón?

SANTIAGO ESTEBAN RADÍO

Que as encadearon na lingua, á lingua. Foi, probablemente un proxecto, un proxecto empresarial, claro.

ANTÓN REIXA

¿Un proxecto...?

SANTIAGO ESTEBAN RADÍO

Empresarial ó encadealas á lingua española.

ANTÓN REIXA

Non, ben, é un proxecto que non é meu, non teño nada que ver co proxecto empresarial. É dicir, o ano pasado eu facía dous programas en Radio Voz: un que era dentro de Radio Voz Galicia, que se difundía única e exclusivamente na cobertura galega da emisora, que era un programa que se chamaba “Bule-bule” e era en galego e outro que se difundía a través de toda a cadea, é dicir, o que é a suma de frecuencias que ten en Galicia máis as que hai en Madrid, en Andalucía, en Valencia e non sei en cantos sitios, e si era en español. Hoxe por hoxe só estou traballando en cadea e fágoo en español, non ten, e estouche dicindo ademais que, pois, por diverxencias co que é a orientación do que ten o circuito galego de emisora. ¿Queres que sexa máis claro, ou que queres?

XOSÉ ANTONIO PENA

Imos ver. Quería dar unha impresión persoal e saber a vosa ó respecto, que podedes estar ou non de acordo. Eu creo que hoxe en día hai moita xente, moitos novos escritores que perden o cu precisamente por escribir unha obra, e creo que están empobrecendo moitísimo a lingua galega. Ata tal punto que hoxe en día les algunha obra, sobre todo de literatura infantil e xuvenil, e dis: “¡Carallo! Pero ¿eu estou lendo galego ou estou lendo castelán traspasado ó galego?”. Pasa coma na TVG, que escoitas a un comentarista e a tonalidade é completamente a do castelán: un tipo que fala castelán e o poñen aí e traduce directamente.

¿Vós non credes que se está producindo un proceso no que moita xente, por publicar calquera broza, está empobrecendo a lingua?

X. L. MÉNDEZ FERRÍN

Eso aconteceu sempre, e no castelán igual, e no francés e en todos. Por exemplo, o francés de Rabelais é un francés multimillonario e hai outros franceses que son para andar en pantuflas pola casa. Acontece sempre. En todo o noso entorno o que estamos vendo é que a lingua xornalística, a lingua educativa, a lingua estándar das televisións, tanto en Inglaterra como en Francia, como en España, como en Portugal, é unha lingua empobrecida, que eso está ocorrendo no mundo. É un fenómeno que acontece e que é denunciado e que é sabido. Entón, precisamente, ¿cal é a función da literatura, se ten algunha? É servir de aguillón, servir de aguillada neses bois e de provocar a reflexión sobre a lingua permanente. Eu non creo que haxa rapaces novos que teñan moita présa en publicar e que teñan vocación de escritor á présa e que sexan culpábeis. A min paréceme moi ben que teñan présa, o que pasa é que teñen que pasar primeiro por unha aprendizaxe. Non se aprende nas universidades; é dicir, o galego onde se aprende é poñéndose a bordo dun barco dos que saen todas as noites ó xeito, todas as noites ó xeito de todas as rías e poñer a orella, así se aprende galego. É unha recomendación para todos. E se non se ten un barco para ir ó xeito pois cóllese e vai un a calquera curro de cabalos bravos de todo o sur de Pontevedra ou de todo o norte de Galicia e pon a orella así e escoita como fala a xente, como fala a xente galega, esa é a xente galega, esa é a raíz e a fonte de toda lingua literaria. E ademais ten que ir a Coia e ten que ir ós barrios de Vigo escoitar como están as linguas en contacto, como está o castrapo. Unha das mellores maneiras de aprender galego, e de aprender galego de verdade, é escoitar como se fala o castelán en Galicia. Probablemente é unha fonte de aprendizaxe do galego fundamental. A miña nai, di, cando fala en castelán, di “Voy hacer, voy coger”. Tódolos membros do meu sindicato da CIG, nacionalistas galegos, cando collen un micrófono din “Vamos a hacer”. ¿Quen ten razón, a miña nai ou eles? Aquí mesmo, aquí mesmo, neste intre, varios intervinientes utilizaron a conxunción copulativa “e” mal, dixeron “i”. Estamos aquí, no Instituto da Lingua, nun congreso. É dicir, hai que traballar o galego. Non se pode deixar levar un da corrente, temos que sere vixiantes. Eu acabo de dicir, “temos que sere”, e penso que tal vez é a primeira vez que o *e* paragóxico resoa nesta aula, nesta sesión. Estamos deixando morrer o *e* paragóxico; ¿non falamos ben! E se non falamos ben, ¿como imos escribir ben, meu fillo?

X. GONZÁLEZ MILLÁN

Ben, perdoade, estánsenos indo os minutos. Coido que temos dúas intervencións máis; por favor, que sexan breves para podermos rematar a tempo.

SUSANA MAYO

Quería facerlles unha pregunta a tódolos que están intervindo hoxe. Antes falaba Darío

Xohán Cabana de que a normalidade da literatura galega era normalidade dentro desta situación política, cultural. Supoño que se refería a iso, pero non creo que quixera dicir que dependa a normalidade da literatura da normalidade política ou cultural que cheguemos a ter un día, que sexa sempre algo secundario ou que vaia por tras. Entón a miña pregunta, ou máis ben a miña solicitude, era dunha valoración da influencia non tanto da lingua como da cultura española na produción literaria galega actual. Se é condicionante, se non o é, se é un pretexto, non sei, pero ¿cal é a vosa valoración? Gracias.

DARÍO X. CABANA

Ben. Pois eu creo que o futuro da literatura galega está en relación co futuro da lingua galega e o futuro da lingua galega está en relación co futuro político de Galicia. En canto ó seguinte, eu creo que a influencia da literatura española na galega, foi realmente notable nalgún tempo. Concretamente na miña xeración, que ó revés da xeración de Ferrín foi unha xeración bastante pouco culta, é dicir, nós tardamos bastante en aprende-lo francés. A xente máis ou menos da miña idade, que poden ser, pois o Rábade Paredes, o Lois Diéguez, e por aí, vaia, son un pouco máis vellos. Desa xeración que chaman dos novísimos, que a ver se se van esquecendo dunha vez tamén desa clasificación, xa choveu desde aquela ¿non? Realmente eramos xente que liamos demasiado, demasiada literatura española e liámola como exemplo, como espello. Nos nosos primeiros anos, desde logo, influíu enormemente Antonio Machado. Ferrín ben sabe por que. Influíu a literatura do 27, en xeral, a poesía do 27 inflúe moito, pero creo que nós facemos un acto de vontade tódolos días para liberarnos desta influencia, e que hoxe realmente a literatura galega non está influenciada pola literatura española. É dicir, conscientemente un vai buscar os modelos a fóra de España porque o fai por certo independentismo cultural, programado, digamos, pero eu preguntome tamén se realmente non inflúe dalgunha maneira excesivamente a literatura española, se realmente non inflúe pola porta traseira. De tódolos xeitos, eu creo que esto é un problema, en realidade, para outra mesa redonda porque é enormemente longo e enormemente complexo.

X. GONZÁLEZ MILLÁN

Gracias, Darío. Temos unha derradeira pregunta ou reflexión. Por favor, sexa breve.

M. A. LAXE FREIRE

Vou ser moi breve. Era simplemente preguntarlle a algún membro da mesa ¿cal é a incidencia que pode ter a normativa oficial nese discurso que anda por aí e que a oídos dun nativo pode soar a xerga ou argallada, e que no mellor dos casos pásalle coma o viño de Asunción? É dicir, aplicando estrictamente a normativa oficial poden saír cousas deste tipo: “Preto de rematar este congreso, eu amósome non moi ledo co que aquí se acaba de dicir”, ou “Este tema eu véño seguindo moito de preto no eido que me concerne”. Posiblemente sexan gramaticalmente correctas e de acordo coa normativa. O

que pasa é que calquera persoa que estea afeita a escoitar o galego habitualmente, non creo que asuma iso como galego natural. ¿Alguén me pode dar unha explicación?

#### X. L. MÉNDEZ FERRÍN

Pois, si, hai un poema de Rubén Darío que di “Que púberes canéforas te ofrenden el acanto”. Dicía deste Federico García Lorca: dese verso só entendo “que”.

Entón, hai niveis de linguaxe e evidentemente canda nós hai unha tendencia do ilota, do escravo, do vencido, cando dignifican a súa condición, hai unha tendencia do verdadeiramente sometido a pensar: “Estanme dignificando, eu non merezo tanto, eu non son tan grande”. Entón é cando o negro fai “Le petit negre”, cando o irlandés vai de irlandés, e é cando o galego vai de galeguiño de Xan das Bolas. É dicir, a ninguén lle molesta os chistes de Xan das Bolas pero si cando o galego literario utiliza palabras que non son comúns.

Pois, afagámonos a que existe un galego culto, existe un galego literario e existe un galego máis coloquial. Pois esta era a contestación.

#### X. GONZÁLEZ MILLÁN

Ben, pois imos rematar, pero permitídemme só dous minutos porque eu como moderador fun afortunadamente o que menos tivo que intervir. Querería concluír cunhas liñas de recoñecemento ó traballo impecable, extraordinario, do Instituto de Lingua Galega e ao mesmo tempo cunha chamada de atención á tarefa urxente no ámbito dos estudos socioculturais galegos, sobre todo a articulación de proxectos de investigación para estudar as complexas relacións entre o ámbito do literario e o do fenómeno lingüístico. Paréceme que a nosa específica situación sociocultural pode ser un bo punto de partida para contribuír dende Galicia a ese diálogo de apertura interdisciplinar que se vive hoxe con especial intensidade, nos diversos ámbitos académicos internacionais; e o ILG pode ser un punto de referencia importante nese sentido. Só desexo que a vocación de futuro, da que de seguro vai falar o profesor Antón Santamarina, estea á altura da conciencia testemuñal do seu brillante pasado, porque están chamando á porta novas xeracións de estudantes e estudiosos que precisan dun apoio académico e institucional para desenvolveren os seus proxectos; e afirmome no desexo de que o ILG, como no seu día fixo coa lingüística, sexa ese ámbito privilexiado para relanzar os estudos literarios galegos.

Moitas gracias pola vosa atención.



## LINGUA GALEGA E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

*Manuel Rivas (Moderador)*

*Juan Cueto, Jaume Guillamet, Margarita Ledo (Participantes)*

MANUEL RIVAS:

(...) a fermosísima flor de carqueixa. Entón voules facer entrega ós nosos convidados, destas condecoracións do antigo reino dos soños.

Moitas gracias por acompañarnos. Estade atentos e atentas porque todo o que se diga aquí vai ser fundamental, importante para o futuro de Galicia. Vai ser decisivo.

Fóra ironías, eu penso que este espacio, este mundo dos *media*, da sociedade da información, da ciberarcadia e dos medios de comunicación, é certamente o espacio, non o único espacio, pero si a táboa de billar onde en grandísima medida nos xogamos o futuro, o futuro da nosa lingua.

Tiñamos pensado que falara cada un dos convidados por esta orde: Margarita Ledo, Jaume Guillamet, Juan Cueto e posteriormente abriríamos unha conversa. Eu estaría moi feliz e satisfeito se dixeran aquí ou se saíra aquí o 10% do que levo escoitado esta tarde aí tomando un café e que era interesantísimo. A ver, a ver se sae. Porque é o problema ás veces, que as cousas fálanse antes con tanta paixón e espontaneamente que cando un se encontra, digamos, no mundo dos focos, pois, as cousas quedan por aí gardadas, esvaecidas.

Ben, entón, primeiro, vai intervir Margarita, Margarita Ledo. Sabedes moitas cousas dela. Eu queríavos contar unha que ten que ver tamén coa propia experiencia. Eu a primeira vez que oín falar de Margarita Ledo tería eu uns quince anos ou así. Empecei a traballar no *Ideal Gallego* como meritorio, alí escribindo noticias, entrevistando as raíñas das festas de Culleredo, de Oleiros... Foi a mellor etapa periodística que vivín na miña vida. Entón, cheguei a unha redacción que era alucinante, posiblemente irreplicable, e unha desas raíñas das festas, da redacción neste caso, era Margarita Ledo. Ós poucos días de coñecela desapareceu da redacción e unha persoa, un amigo común díxome: “ti estarías disposto a ir a unha casa recoller unhas pertenzas, tal e cal...” Todo era moi secreto, eu notaba a sombra policial por todas partes. De quen ía recoller esas

pertenzas era de Margarita, que tiña que saír fuxindo escopetada para Portugal, para vivir unha época de exilio. Entón digamos que ela certamente viviu as dúas caras do mundo xa desde moi pronto, desde moi nova. Xa desde entón ten, por suposto, a miña admiración e respecto. Cando vos conto esta historia, ela xa publicara, por exemplo, un libro de poesía nunha colección, Val de Lemos, que era pioneira en moitas cousas, que se titulaba *Parolar cun eu, cun intre, cun inseuto*. Despois, por suposto, ten unha experiencia profesional importante. Foi a primeira directora de *A Nosa Terra*; estudiara antes xornalismo en Barcelona e volveu tamén a Barcelona como profesora e, sabedes, o fundamental, que foi primeira decana, eu diría que fundadora, pioneira nunha tarefa certamente difícil e na que estivo bastante acosada, non só sexualmente e recoñezo ademais que non sempre a defendemos coa debida cabaleirosidade e valentía que nos correspondía a algúns. Ten traballos como o *Documentalismo fotográfico*, a súa tese e tamén escolleu a fotografía como unha especie de, eu penso que de metáfora de todo, do mundo do xornalismo que lle permite tocar moitos puntos de vista dun xeito innovador. En fin, esa tese que escribiu titúlase *Photoshock e xornalismo de crise*. Entón pois un bico moi grande e adiante.

#### MARGARITA LEDO

Gracias, vedes que é difícil darlle as gracias a Manolo. Tamén souben no café que el fora a persoa... sabía foran os meus compañeiros de *El Ideal Gallego*, pero souben agora que buscaran o máis cativo e o máis guapo e o que mellor disimulaba, un pouco como os irlandeses neses casos, que el fora buscar as miñas cousas. Hai máis razóns para estar moi a gusto nesta mesa, á parte da razón obvia de falar da lingua galega, que é que coñecín persoalmente a Juan Cueto –tamén me sentín moi vencellada ás historias que el ía relatando– e de encontrar aquí en Santiago a Jaume Guillamet que xa fomos “companys a l'Autònoma”.

Permítanme comezar cunha *boutade*, cunha *boutade* hegeliana, coa que unha miña amiga bonaerense, Nechi Schnaith, de orixe filósofa, introduz certos paradigmas.

Fálase de que, en certa ocasión, un interlocutor sentenciou cara Hegel: é que os feitos non coinciden coas súas teorías. E Hegel respostou: pois peor para os feitos.

Tamén neste caso poida que o que lles vou dicir non coincida cos feitos.

Todas nós sabemos, todas nós, as persoas que andan en pasaxe, por entre dilemas, cunha teoría preferente de fondo –cun país ao fondo– e abertas á idea de posibilidade, mesmo abertas á posibilidade dun futuro máis xusto para o galego nos medios de comunicación – que é coma dicir para todas nós–, sabemos que o idioma en que deveu un activo dentro da política económica europea, xa non pode ocultar a súa pertenza á historia material da cultura. Ollade, se non, programas específicos para as anomeadas “linguas rexionais e minoritarias” e a preocupación pola calidade da dobraxe e dos subtítulos, contemplade o multilingüismo como parte sustantiva do modo de pensar os circuitos de distribución e a definición dun mercado interno europeo para o audiovisual.

Tamén sabemos todas nós que o intercambio lingüístico, en tanto relación de comunicación, é asimesmo relación simbólica de poder, o lugar no que se actualizan as relacións de forza entre os locutores e os seus grupos respectivos (Bourdieu:82), entre os medios de comunicación e os **seus** receptores, e subliñamo-lo posesivo precisamente nesta transición dende un **constructor** social como referente para outro de mercado. Os Medios, forma de institución social, e os Medios, sociedade anónima.

Nós aceptamos como “natural”, porque xa pasou para a consciencia xeral, o idioma como política e a cultura como infraestrutura material (Zallo:95). Cómpre aceptar, tamén como “natural”, a lingua como produción, a lingua máis alá da súa consideración como expresión de grupos de falantes, a lingua facéndose visíbel como producións, contar de unha en unha as producións en galego que se distribúen por diferentes vieiros e soportes entrosques de andar contando, de un en un, aos galego falantes.

Porque entre as innúmeras trapelas das diversas institucións, tamén as empresariais e universitarias, non digamos as administrativas, está a obcecación cuantitativista, as porcentaxes: todos coa lingua de fóra, nalgúns casos coas vergoñas á vista. Digo eu que quen se decrarará galego falante na cidade da Coruña se o estereotipo, a representación común do galego falante –cito de memoria o Informe da Mesa pola Normalización– é clase baixa, brután e caricato. Unha representación que non é máis real que a súa contraria nen é allea aos intereses do poder local. Digo eu por que se acochan estudos de audiencia que usando de metodoloxías cualitativas mostran a ese suxeito colectivo, a audiencia, que desexa, por exemplo, máis publicidade en lingua galega.

Fiquemos, pois, co idioma na súa materialidade, co galego como as producións en galego e coa comunicación como intercambio, toma e daga, en que o receptor, non o esquezan, é algo máis ca un debezo de posesión do locutor. É un receptor que ten intereses, é un receptor avaliativo (interactivo, segundo o nome último das cousas), mide as súas forzas a traveso da lingua e está imerso –quéirao ou non– nun proceso que alonga os seus sinais xerárquicos aos medios de comunicación. Párense nas noticias “en galego”, na súa temática residual na información xeral e a súa especificidade en cultura, columnas e costumes, tal as vellas academias CCC de corte e confección por correspondencia. A maior abundamento: a mesma noticia lése de maneira diferente se está escrita en galego ou se o está en castelán e lése de diferente maneira segundo a experiencia da fala, non só a experiencia colectiva (ninguén, agás se se converte en servo, poderá evitar a memoria), se non a persoal, e esta experiencia da fala pasará definir o que chamamos en calquera mensaxe **lectura preferente**.

Agás once meses de existencia do *Diario de Galicia* (Vigo, 1988/1989), o periódico semanal *A Nosa Terra*, absolutamente monolingüe, ou a edición en galego de *O Correo*, na escrita xornalística o galego está nas revistas de pensamento e de cultura –*A Trabe de Ouro*, *Grial*, *Encrucillada*...– nas académicas, nalgunha profesional como a do Colexio de Arquitectos *Obradoiro* ou en *Análise Empresarial*, está por entre periódicos comarcais como *A Peneira* e, por razóns instrumentais, en boletíns corporativos que serven ás novas necesidades de uso do idioma, por exemplo entre o funcionariado da administración.” (Ledo:96).

Non debe deixar de sorprendernos, porén, a cada vez meirande marxinalidade do galego nos informativos radiofónicos e na prensa de información xeral, pasando a funcionar como reclamo, como cebo para as subvencións mentres o hipotético público que se quere atraguer (urbano, xoven, de formación media, precisamente onde mais medra o voto nacionalista en Galicia) non manifesta dificultades de tipo instrumental para ler ou ouvir en galego.

Non debe deixar de nos abraiar, porque nos medios de comunicación xogámonos a nosa representación. Recoñecérmonos. E que outros nos saiban identificar. No 92, chegamos ao Brasil para o congreso internacional de investigadores da comunicación, o AIERI, e todos sabían que existía o catalán porque Maragall abriera en catalán os Xogos Olímpicos. No Brasil, e no 92, estranaban que eu falara galego entroques de español.

Dende metade do século unha teoría tan sucedida como a dos medios-espello, que se correspondeu co discurso obxectivista, foi amosando os seus puntos flebes para a análise dos efectos dos medios de comunicación, ata ficar inoperante. E coa queda do mito dos medios-reflexo do que pasa aí afora, agromou a visión dos medios como constructores sociais da realidade, ese tópico de que non existes se non saes na foto, a visión dos medios como o lugar para non unha se non as muitas versións do real e, ao tempo, como o lugar de todas as sospeitas. E variaron as interrogantes.

¿Por que en determinado momento a realidade se apresenta de determinado xeito e non de outro? ¿Por que en determinado momento nesa realidade está o galego e noutro momento diso nin se fala? Porque atrais de cada construción hai, obviamente, regras á vista – as convencións, os códigos profesionais...– e asemade regras de significación, relacións de forza simbolicamente mediadas dende determinadas necesidades pero tamén dende determinados intereses.

Porque quizais non necesitemos o galego nos produtos de comunicación, apuntalando esa vocación suicida que referiu Cuevillas, mais ¿estamos certos que non nos interesa? ¿que non nos representa? ¿que podemos tallar ao vivo o percurso longuicuo co que unha colectividade constrúe os seus símbolos e neles se identifica? ¿imos negar que o símbolo máis visíbel de nós é o idioma? ¿a quen imos culpar, no tira e afrouxa dunha Europa á fin multilingüe e intercultural, se non establecemos estratexias de distribución dos produtos culturais en galego?

Ando a botar man de razóns con respecto a fins, da comunicación a partir de expectativas de reciprocidade (Habermas:92), da consideración das dificultades –pensen no estupor de mañán pola mañá se toda a prensa se editara en galego, no xoc a nivel da súa significación, non no da comprensión técnica– pero non poido evitar discutir certas dicotomías tradicionais que cada día son máis inoportunas porque non nos deixan avanzar.

Trátase da dicotomía Público/Privado, coma se os dereitos só afectasen ás empresas públicas; da dicotomía individual/colectivo, coma se os teus dereitos individuais non ficasen sobcabados nunha situación de negación ou de minimización dos dereitos colectivos; da dicotomía actitude/opinión, práctica/teoría cando aquela é substituída pola técnica. A día de hoxe existe un conflito de roles que non podemos reducir a masculino/feminino e que

temos que ampliar aos roles público/privado, espacio común/espacio persoal, europa trasnacional/europa das identidades nunha sorte de paso de cebra con dereito preferente para os peatóns, para os contidos, fronte da velocidade de circulación.

Nesta primavera Alain Tourain falaba en Barcelona do vango que avanta entre o que fas: “instrumentalmente utilizo signos que poden ser palabras” e mais o que eres: “e por outro lado emprego símbolos da miña identidade”, alertando para o arredamento entre o social e mais o instrumental, individuos, sen conflito, que xa non se corresponden cunha cultura como “memoria colectiva que fai posible a comunicación entre os membros dunha colectividade historicamente ubicada” (Mattelart:93).

Calquera feito é teoría, retornamos a Hegel. Non hai nada tan práctico como unha boa teoría, retornamos a Ninyoles e ao lema que escollera para *Idioma e Poder social*, dende un autor da Communication Research, Kunt Lewin, e cando xa as apostas desta corrente funcionalista deixaran paso aos críticos e aos pragmáticos. Porque si unha teoría, unha proposta, pasa, influirán no modo no que veñan se producir os acontecementos.

Se sentimos a necesidade –teórica– do galego porque nos representa, nos explica naquelo que nos identifica, por exemplo na oposición ao franquismo; se sentimos a necesidade da TV de Galicia –aunque nos pasadizos falen en español– e do galego como lingua oficial da universidade –aunque tamén a práctica rutinaria tenda nestes tempos cara o español–; se o galego nos fai visíbeis para negociar coa UE ou no seo da política europea para esixir, fronte a USA, a “excepción cultural” para a produción de bens de contido simbólico, de seguido os feitos coincidirán coa teoría.

Deixenme, para concluir, citar a Régis Debray na súa resposta a Vargas Llosa a propósito, precisamente, da “excepción cultural” (El País, 4 de nov. 1993). Despois de referir como o dogma do libre intercambio de imaxes universaliza o principio: “que calen os pobres”, despois de citar a Lamennais: entre o forte e mais o flebe é a liberdade a que oprime e é a lei a que libera e despois de citar a morte do cinema italiano a mans da “libre competencia comercial” ou a realidade do cinema alemán de autor gracias aos fondos públicos, tamén citou ao director da Warner dirixíndose ao presidente da canle ARTE: “Vosoutros, os franceses, sodes excelentes nos queixos, nos viños, e na moda. Nós, os americanos, sómolo nas películas. Así que deixádenos as imaxes e seguides facendo queixos”. Noutros termos, concluiu Debray: deixádenos darlle forma ás almas e ocupádevos vos do bandullo.

Tamén o galego mantense, á forza, cada día máis e máis nos queixos<sup>1</sup>.

## MANUEL RIVAS

Gracias, Margarita. Margarita na súa intervención falaba dos Xogos Olímpicos e en concreto a inauguración por Maragall que deu a coñecer por todo o planeta o catalán, a

<sup>1</sup> Enfiados no texto aparecen algúns dos meus autores de cabeceira, vencellados a diferentes estadios do pensamento crítico/cultural studies e tamén colegas dos que aprendo a cotío. Aplico conceptos de Bourdieu en *Ce que parler veut dire*, de Habermas en *Ciencia e Técnica como “ideología”*, de Mattelart en *La Comunicación Mundo*, de Ramón Zallo, recollidos na edición do I Congreso *Comunicación na Periferia Atlántica* e do meu artigo para a revista *Coloquio/Letras*, especial “Nós, A Literatura Galega”, Lisboa, 1996.

forza da identidade catalana e citaba esto, os Xogos Olímpicos. Precisamente o noso seguinte convidado, que é Jaume Guillamet, foi xefe de prensa do Concello de Barcelona durante os Xogos Olímpicos entre as moitas actividades profesionais que desenvolveu. Unha experiencia moi sólida e moi ampla tanto no campo profesional como no do ensino académico. Foi subdirector de *Telexprès*, por exemplo, no ano 1976. Unha época interesantísima da prensa en xeral e de *Telexprès* en particular. Foi tamén un dos responsables, subdirector creo, de *Avui* entre o ano 1980-82. Sabedes que é un periódico monolingüe en catalán. Compatibilizou todos estes traballos profesionais desde o ano 87 co ensino do xornalismo, primeiro na Universidade de Bellaterra. Agora mesmo é profesor de Historia do xornalismo na Universitat Pompeu Fabra. Importante sinalar tamén que é presidente da Societat Catalana de Comunicació, vinculada ó Institut d'Estudis Catalans. Publicou varios libros, en particular citariamos escritos en catalán, en concreto eu teño aquí dous libros: *Prensa, franquismo e autonomia* e o outro é desde os seus inicios, a *Historia da Prensa, da Radio e da Televisión en Cataluña*. Eu penso que son credenciais de abondo para que o escoitemos con moitísimo interese, gracias.

#### JAUME GUILLAMET

Muchas gracias a Manuel Rivas. A mí me gustaría expresarme ante ustedes en gallego de la misma forma que Margarita se expresa ante nosotros en catalán cuando está en Barcelona, pero es evidente que no estoy en las mismas condiciones. He de decir que gracias a Margarita tuve una experiencia muy entrañable y muy positiva hace un año o dos en un tribunal de tesis doctoral. Estábamos dos profesores de Barcelona y los demás eran profesores gallegos y la tesis se defendió y se juzgó únicamente en gallego y en catalán. Bien, en cualquier caso yo quiero decirles que he agradecido esta invitación a participar en este congreso y hablarles desde el punto de vista catalán del tema que esta tarde nos reúne, si bien en Cataluña muy a menudo nos hemos reunido y seguimos haciéndolo para debatir de los temas relativos al presente y al futuro de la lengua, en pocas ocasiones podemos intercambiar análisis y puntos de vista con otras lenguas en parecida situación a la nuestra, de forma que yo he venido a aquí a hablar pero también he venido a escuchar especialmente y a llevarme información que hasta hoy no tenía. Entiendo que mi aportación en la reunión de esta tarde, puede ser una aproximación a como las relaciones entre lengua y medios de comunicación se producen en Cataluña. Trataré de hacerlo en ese espacio de diez minutos y de una forma quizá un poco periodística y muy sintética.

Empezaré diciendo que probablemente en Cataluña se vive hoy la mejor situación hasta ahora en cuanto a la presencia de la lengua catalana en los medios de comunicación y que la cuestión que se plantea desde hace ya algunos años, es si esta es realmente la mejor situación posible o se puede aspirar a una situación sustancialmente superior a la presente.

Sin duda tenemos una referencia anterior que no podemos obviar, que es la referencia de los años treinta. En los años treinta, en Cataluña se llegó a una situación bastante

avanzada de presencia de la lengua en los medios de comunicación. Tendríamos que hablar básicamente de la prensa, de una radio apenas desarrollada y, en todo caso, de un cine también en desarrollo inicial. Pero sin duda en los años treinta se había llegado a una situación bastante evolucionada. El catalán estaba presente en la prensa de una manera estable desde mediados del siglo XIX; desde 1879 se dispuso siempre de, por lo menos, un periódico en catalán en Barcelona, además de muchas otras publicaciones culturales, artísticas; o diarias incluso, en otras ciudades. En realidad fue un proceso creciente, a pesar de las dificultades, a pesar incluso de la dictadura de Primo de Rivera en la que el número de diarios en catalán aumentó y se llegó a los años treinta a una situación que yo resumiría en el dato siguiente: en los años treinta, la difusión de diarios en catalán en Barcelona se acercaba al 25% del total de la difusión de diarios en aquel momento.

Si nos fijáramos únicamente en ese dato, no podríamos decir que la situación del catalán en los medios de comunicación sea ahora mejor que entonces, porque en estos momentos la difusión de la prensa diaria en catalán con relación al conjunto de la prensa diaria en Barcelona, llega apenas al 15%. Pero los medios de comunicación han cambiado y, pese a que parece que se está estancando, que se está cronificando, la presencia del catalán en la prensa diaria en la ciudad de Barcelona, estamos sin duda en una fase de expansión del uso del catalán en la vida pública y en los medios de comunicación. Especialmente en los nuevos medios, en la radio que ya había nacido pero apenas se había desarrollado y, sobre todo, en la televisión, que permite hablar de una situación incomparablemente más interesante.

A diferencia de los años treinta, hoy nos situamos sobre la base de unos veinte años ya de estabilidad del proceso de recuperación lingüística. Una estabilidad de casi un cuarto de siglo que comprende algo que en los años treinta se estaba iniciando y que no había obtenido tampoco el desarrollo que ha obtenido hoy, como es el uso ordinario del catalán en la escuela, como lengua de formación de todos los escolares y el uso del catalán en la administración pública, que en todos sus niveles en Cataluña es utilizado como lengua preferente. Es decir, el castellano se utiliza en la administración pública catalana solamente como segunda lengua en caso de opción por parte del ciudadano sobre esa lengua. Podríamos matizar ese uso, pero como imagen global es la adecuada.

Por lo tanto, nos hallamos también en un proceso en el cual llevamos ya más de veinte años con presencia del catalán en los medios de comunicación. El diario *Avui*, al cual antes se ha referido Manuel Rivas, ha cumplido precisamente este año sus primeros veinte años de vida y empieza a ser ya uno de los diarios catalanes en catalán con una más larga vida. Además, la tradición de televisión en catalán se remonta mucho antes que a la existencia de Televisión de Cataluña, se remonta al Circuito Catalán de Televisión Española, que empieza a tomar una cierta importancia en los primeros setenta e incluso en los últimos sesenta, de forma que nos encontramos en estos momentos sobre la base de una estabilidad prolongada de presencia creciente del catalán en la vida pública y también en los medios de comunicación. Nos encontramos ante una situación en

la que se identifican con una cierta claridad los sectores en los que el catalán progresa con mayor dificultad, incluso con dificultad importante en algunas ocasiones. Esos ámbitos son los ámbitos de la música o de la canción, el ámbito del cine y, en parte, en el ámbito de la televisión. En todo caso, una vez planteado el panorama, entraré con más detalle, si hace falta.

Desde el punto de vista de la prensa, nos hallamos ante una limitación de la evolución de la prensa diaria en catalán. Llevamos veinte años con un único diario en catalán. Hay incluso el fracaso de un segundo diario en catalán, que fue el *Diari de Barcelona*, en una última etapa a partir de 1987. En Barcelona nos encontramos con la relación de un diario en catalán de 40.000 ejemplares, ante dos diarios en castellano, que son *La Vanguardia* y *El Periódico*, cada uno de los cuales está sobre los 200.000 ejemplares; de forma que el diario en catalán se confirma un poco como la excepción, como el diario distinto, como el diario de la lengua. Sin embargo, hay un dato que me gustaría destacar especialmente, como es la existencia de otros diarios en catalán en otras ciudades de Cataluña y que una de las ciudades más conocidas de Cataluña como es Girona, cuenta en estos momentos con dos diarios en catalán y ninguno en castellano. Es decir, en la ciudad de Girona los dos diarios existentes son únicamente en catalán y el principal de ellos es, como se diría en términos de audiencia o de difusión, el líder en su demarcación. Es el líder en la provincia de Girona. El diario conocido como *El Punt* tiene una difusión de 15.000 ejemplares reconocidos por OJD, el *Diari de Girona* tiene una difusión de 7.000 ejemplares y en cuanto a los demás, *La Vanguardia* y *El Periódico* están entre los dos citados, mientras que están por debajo *El País* y *Avui*.

El diario *Avui* ha perdido espacio fuera de Barcelona en la medida en que la existencia de prensa diaria y semanal en catalán en muchas ciudades de Cataluña suple o satisface el deseo del lector de acceder a prensa en catalán. Esta sería una de las explicaciones, quizás no la más importante, sobre la limitación de la difusión del diario *Avui*. Pero hay otras ciudades que tienen también prensa en catalán. En la ciudad de Tarragona hay un segundo diario en catalán, no es el líder de la ciudad ni de la provincia pero hay un diario en castellano y otro en catalán. En Lleida, en estos momentos, hay únicamente dos diarios en castellano pero hubo un diario en catalán durante algunos años<sup>2</sup>. Manresa, que no es capital de provincia pero es la capital de una amplia zona de Cataluña, una ciudad de unos 60.000 habitantes, tiene un único diario en catalán desde el 79, es decir, desde hace 17 años. El tiempo corre... Y en Sabadell y Terrassa, que son dos ciudades que no hace falta presentar, además de los tradicionales diarios en castellano, con una historia política anterior ligada al antiguo régimen, existe desde hace poco tiempo también un diario en catalán para las dos ciudades.

Bien, esta es una situación muy fluida de tal forma que en Cataluña el hecho de que la prensa diaria en catalán de Barcelona esté en una situación de estancamiento, no nos per-

<sup>2</sup> Desde septiembre de 1997, el diario *Segre* publica una doble edición en catalán y en castellano.



mite decir que el periodismo en catalán esté estancado. El periodismo en catalán está viviendo un momento de gran expansión gracias a la televisión. Especialmente, gracias a Televisión de Catalunya con sus dos canales, gracias a las emisoras de Catalunya Radio y demás emisoras de la Corporació Catalana de Radio i Televisió, gracias también a las emisoras de Radio Nacional de España y de Televisión Española que desde siempre han tenido secciones importantes en catalán y gracias a redes de prensa, de radio y también de televisión que se están consolidando en el ámbito local y comarcal. Hay un número importante de periódicos más o menos profesionalizados, semanales, bisemanales, etc. que emplean a periodistas y que son la prensa única y en catalán de sus ciudades, de la misma forma que hay un gran número de emisoras municipales o emisoras locales que utilizan el catalán como única lengua y este hecho se está reproduciendo con la formación también de una red de televisiones locales de las que aparece como cabecera destacada una nueva televisión en catalán que emite en Barcelona que es Barcelona Televisió. Barcelona Televisió es una emisora local bastante potente que puso en marcha el Ayuntamiento de Barcelona hace un año y medio aproximadamente y que empieza a tener un papel importante aunque está en una situación modesta, lógicamente, en la ciudad.

La formación de periodistas se produce desde hace bastantes años en un plano de bilingüismo, de tal forma que los periodistas que salen de mi Universidad, la Pompeu Fabra, y de la Universidad Autónoma de Barcelona, donde coincidí con Margarita durante algunos años, lo hacen con una formación que les habilita para ejercer en catalán y en castellano indistintamente en los medios. Esos son datos que contribuyen a definir un panorama claramente positivo en lo que se refiere a la normalización del uso público y comercial del catalán, en muchas ocasiones en situación de exclusividad en numerosas ciudades en Cataluña. Queda el problema cronificado de los diarios de Barcelona. Curiosamente el único diario de Barcelona con una larga tradición de edición en catalán es *El País*, que no es un diario de Barcelona, pero tiene una edición importante en Barcelona, *El País*, esta editando desde hace muchos un suplemento semanal de tipo cultural y *La Vanguardia* finalmente el año pasado decidió crear un suplemento semanal dedicado a los jóvenes que se llama *Wang* y que se publica en catalán. *El Periódico* publica desde algunos años una publicación mensual que se llama *El Periòdic de l'estudiant*, que con el apoyo de la Consejería de Enseñanza de la Generalitat se distribuye en las escuelas como apoyo a campañas de prensa en la escuela. Pero ello no deja de confirmar una actitud de reserva, de resistencia de las empresas periodísticas catalanas a la normalización lingüística; de forma que, y con ello acabo esa intervención, podríamos resumir esa situación diciendo que, por una parte el catalán ha progresado notabilísimamente en la medida en que se han impulsado políticas públicas de medios de comunicación en catalán, y en la medida en que las empresas periodísticas locales o de ámbitos perfectamente localizables en cuanto a la audiencia y en cuanto al público que se dirigen, lo han hecho, lo han normalizado.

Frente a ese éxito de las políticas públicas y del impulso de las empresas locales en el sector de la comunicación, nos encontramos con una actitud de reserva, con una acti-

tud de resistencia, con la persistencia de fuertes rutinas por parte de las empresas tradicionales privadas de comunicación y, en parte también, a cargo de las nuevas y grandes empresas de comunicación. Ese es un campo donde hay un margen de maniobra pero que globalmente nos enfrenta a unos ciertos límites. El límite del progreso del catalán está en la propiedad de los medios, está en el mercado, está en el impulso de empresas que deben competir en situaciones distintas a las que se producían hace algunos años.

A menudo digo, con afán puramente de reflexionar sobre el tema, que probablemente lo que se está produciendo en Barcelona es una lucha de la prensa diaria simplemente por sobrevivir y que esa lucha por sobrevivir quizá no permita a la vieja *Vanguardia* o al novísimo y exitoso *Periódico* atreverse con el catalán. Aunque también digo, en ese mismo terreno de reflexión y no de propuestas, que quizá ya sería hora que esos diarios, esas empresas se publicaran por lo menos algún tipo de experiencia de bilingüismo que, en las actuales circunstancias, parecería, claramente justificado. Justificado incluso por el ridículo que produce en ocasiones leer en la prensa diaria referencias sobre lo que sucede en televisión. Cuando en la prensa diaria en castellano se explica el final de una teleserie en catalán muy seguida, no deja de producir una sensación de artificio. Da una cierta sensación de anacronismo que la prensa siga sin atreverse, sin probar fórmulas de bilingüismo cuando la radio o la televisión están imponiendo no solamente un uso normal de la lengua, sino también un sistema de cultura cotidiana claramente en catalán<sup>3</sup>.

No quisiera alargarme pero no quisiera dejar pasar ese momento de la exposición para poner un dato. Hubo un momento en que hubo una *cuasi* normalización del catalán en la televisión. Ese momento fue a mediados de los ochenta. Cuando se puso en marcha Televisió de Catalunya, TV3, Televisión Española mantenía una programación propia en catalán. De forma que el mapa televisivo del momento consistía en televisión pública catalana en catalán, televisión pública española en español pero también en catalán. Posteriormente la autorización de las cadenas privadas ha vuelto a crear una situación en la que la posición del catalán es minoritaria. Pese a ello, la televisión pública catalana mantiene unos índices de audiencia bastante superiores a las otras televisiones autonómicas y situada en la franja del 20-25% que es donde se dirime el liderazgo de las audiencias.

En definitiva, yo prefiero no aventurar un juicio global sobre esta situación aunque pueda derivarse del tipo de exposición que he hecho, pero si quisiera acabar diciendo que no hay en estos momentos un diagnóstico claro, por lo menos un diagnóstico compartido globalmente, sobre cuales son las perspectivas a las cuales se puede aspirar. Hay una cierta coincidencia, yo diría que hay una amplia coincidencia en afirmar que estamos probablemente en la situación mejor que ha habido en relación con el pasado pero

<sup>3</sup> En octubre de 1997, *El Periódico de Catalunya* ha iniciado una edición doble alternativa en catalán y en castellano, como *Segre* de Lleida en septiembre

no hay una coincidencia suficiente en formular una perspectiva, un horizonte. No sobre hacia donde hay que avanzar, porque es evidente que hay que avanzar en mejorar la posición del catalán en los medios de comunicación, hay un terreno amplio aún de mejora, pero no hay una idea clara sobre cual puede ser el límite, sobre cual es la situación posible en la que todos podamos estar de acuerdo que es aquella a la que hay que llegar o es aquella con la que hay que resignarse.

Nada más, muchas gracias.

#### MANUEL RIVAS

Ben, Margarita aludía tamén ós queixos. Máis ben citaba unha frase o presidente da Warner sobre o reparto de papeis no mundo, os determinismos, uns a facer queixos, outros viño, en fin, outros lacón con grelos, parrochas... Nós, que nos deixen facer películas. Estábame acordando dos queixos porque Juan Cueto era o suministrador real de queixos de alta montaña de Asturias a Álvaro Cunqueiro, e tomaba os queixos... Eu penso que deberon ser uns encontros maravillosos, é unha pena non ter gravacións deso, secretas. Por certo, teño entendido que Álvaro Cunqueiro tomaba eses queixos de alta montaña como mazás, de mazás tres en cunca, en fin. Iso si que é futuro.

Desde logo estamos a falar dun amigo de Galicia, e non é cortesía gratuíta, non só por este detalle. Teño que dicir que as visitas inda son máis meritorias. As visitas de Cueto eran no autobús da Alsa a Mondoñedo. Eu creo que lle encomendou don Álvaro a Juan buscar o Santo Grial para nós. E foi o ideador, por exemplo, un dos ideadores da *Gran Enciclopedia Gallega*, porque primeiro saíu a asturiana e foi o que a lanzou. É unha das actividades así máis importantes de Juan Cueto que eu penso que é facer de lanzadeira, como esas lanzadeiras de buxo que tiñan as tecedeiras. Pois el fai de lanzadeira tamén mundo adiante de ideas, que as cousas que ademais... O fundamental desde logo non é só os cartos, poden ser importantes sobre todo para tranquilizar os nervios, pero o fundamental é ter ideas, ter cousas postas no papel. Penso que é unha das persoas que mellor reclama ese dereito fundamental, ese dereito humano tan importante que non aparece na Declaración que é o dereito a inventar. Falabamos por exemplo de aventuras de exilio e Juan Cueto estaba por alí en Arxelia sendo a voz de Arxelia Libre, lanzando cousas, pola radio. Foi pois o *factótum*, a alma desa experiencia da Ilustración eu penso neste país que non tivemos por desgracia Ilustración ou a tivemos a medias. Pois el en Asturias foi o que fixo posible *Cuadernos del Norte*, que están aí nos anaqueis, podemos velo como un mostrario magnífico da Ilustración que non houbo. En fin, penso que pode ser moi interesante sobre todo falando de factorías de futuro o que nos conte dese proceso de substitución da mercadoría dos átomos pola mercadoría dos *bits*. Puxo en marcha Canal Plus e outras cousas, outro tipo de experiencias audiovisuais. En fin, eu recordo agora un delicioso artigo no seu libro *Pasión catódica*, que se pode ler xa como un clásico porque foi tamén pioneiro cando moitos de nós estábamos vendo o Capitán Tantán, Locomotoro..., pois el mirou aquela televisión e dixo: “esto é o máis impor-

tante que está a suceder no mundo e hai que escribir sobre iso". Foi un pioneiro, pois, na reflexión, mesmo nos comentarios xornalísticos sobre televisión cando non existían. Eu recomendariavos a todos un libro que se pode ler como un clásico: *Pasión catódica*. Nun dos capítulos dos artigos dese libro, conta como vai atravesando fronteiras mundo adiante e practicamente se encontra o mesmo panorama. O motel é igual en todas partes, a comida fast-food é igual en todas partes, deixou os queixos na casa, as mazás... Entón todo vén sendo igual e de súpeto descobre que as paisaxes distintas entran polos ollos e polas orellas, están alí na pantalla, as linguas son distintas. Adiante Juan.

#### JUAN CUETO

Gracias Manolo, hermano. También yo, como decían Margarita y Jaume, estoy encantado de estar aquí, con Margarita, Jaume y Manolo y con todos ustedes por supuesto. Les voy a pedir simplemente que me permitan quitar la chaqueta porque tengo un calor impresionante debido al lacón con grelos y cosas de estas y así hablo más cómodo. También me gustaría a mí hablar en bable, en gallego, perdón, pero lo único que puedo hacer es entonar como entonan los asturianos de Luarca o los asturianos de la frontera, para que suene un poco más digamos a la *llingua* de aquí, de esta tierra que como dijo Manolo realmente somos mucho más que primos y hermanos y lo único que tenemos es unas fronteras muy ridículas que debemos empezar a pasar por encima de ellas aunque sea en Alsa.

Bien, yo voy a hablar aquí de unos medios de comunicación que no se han citado explícitamente, porque no se ha tratado de ellos y que me parecen fundamentales para el futuro de cualquier *llingua*, sobre todo una *llingua* o una lengua minoritaria o en duelo con una lengua mayoritaria. Me refiero a unos nuevos medios que están vinculados evidentemente a los tradicionales medios de radio (...) desde las nuevas alianzas, del cable, del satélite, de lo digital, de los bits, de lo analógico, etc., etc. van a cambiar radicalmente, radicalmente por lo menos la manera que tenemos de consumir en casa, desde el hogar, productos que ahora consumimos fuera y en otro idioma. Esto viene a cuento también por un artículo que leía anoche en la estupenda revista *Luzes* que dirige Manolo Rivas de Antón Santamarina, en el que se daba cuenta de los datos del Mapa Sociolingüístico de Galicia y había un dato que me llamó la atención lo mismo que se la llamó a él, por supuesto, y a muchos de los amigos que están aquí, que es que la gente joven ya no tiene el hogar como principal sitio de recepción de la lengua gallega, al contrario de lo que ocurría en edades de 80, 70, 60, etc., etc. Esto es así, está ahí, ustedes conocen mejor que yo el Mapa Sociolingüístico de Galicia, no me meto en este asunto. Simplemente quiero constatar que es un dato importante porque, miren ustedes, todo, toda esta gran movida que hay en el mundo entero, no sólo en España ni muchísimo menos en Europa, en el mundo entero, respecto a los nuevos medios de comunicación: satélite al cable, al cable óptico, a Internet, a no Internet, a lo digital, a los bits..., todo esto sólo tiene un objetivo, un objetivo central, que es que el hogar se ha convertido en el centro

del gran consumo, no digo del futuro, porque yo por ejemplo ya estoy experimentando como una cobaya ahí cerca de Gijón, digamos, las nuevas tempestades digitales; si no dentro de unos días, muy poco, en Estados Unidos ya ocurre. Es el hogar, al contrario de lo que ocurría en otras eras económicas, en la era de la producción y en la del consumo, que era el mercado, que era el supermercado, que era la tienda, que era la salida, es el hogar donde se van a hacer la mayor parte de las cosas que ahora estamos haciendo fuera. Desde comprar hasta, evidentemente, consumir. Los deportes de masas que antes nos obligaban a salir los domingos, los grandes estrenos cinematográficos, y todo lo que se llama esa cultura audiovisual a la carta y, con un término inglés, *on line*, es decir, inmediatamente.

Ese es un dato central de la economía mundial. No de los medios de comunicación, ni de los países, ni de Europa, ni de nada de todo esto, de la economía mundial. Todos, la mayor parte de las cosas que se podrían consumir fuera del hogar, ahora mismo se van a recibir en directo, *on line*, en el hogar, sea por la pantalla del televisor, sea por la pantalla del ordenador, nunca confundamos esas dos pantallas, esas dos pantallas que realmente son las que nos van a atar y unir a la vez al futuro, y todo esto se va a hacer a través de los métodos que ya ustedes conocen porque están divulgados en la prensa: el *pay per view*, las tarjetas de crédito instantáneas etc., etc. Eso por un lado. Por lo tanto, si la lengua gallega tiene problemas ya de recepción en el hogar para la gente joven, he de decirles a ustedes que estén atentos porque ese hogar, y más pronto de lo que todos sospechamos, se va a convertir en el gran centro de consumo de un montón de mercancías que pueden llegar o en gallego o en no gallego. Por lo tanto, los medios de comunicación tradicionales que conocemos son fundamentales, son importantísimos. Pero todos estos nuevos medios de comunicación que se están ensayando diariamente y que, por otro lado, están cambiando de arriba a abajo los tradicionales medios de comunicación, van a ser absolutamente decisivos para el futuro de las lenguas en conflicto con otras lenguas. Es decir, no van a ser, para rizar el caso de una compañera que está aquí, el caso de Portugal. En Portugal tendrá la competencia del inglés, pero no tiene ninguna otra competencia, al contrario de lo que ocurre en Galicia, que la competencia del gallego es el español, al margen de los problemas que ocurra con el inglés.

Bien, tengamos eso en cuenta, no ya para entender como va a ir la lengua, como van a ir los medios de comunicación sino como va a ir el mundo. Eso es así, está decidido y todos los días aparecen en las noticias que, en última instancia, tratan de eso, meter en los hogares las nuevas mercancías de consumo.

Pero a la vez, eso hace que esos medios de comunicación que ahora conocemos, globales, hegemónicos, generalistas, vayan a sufrir una profunda mutación. Es decir, se acabaron las televisiones generalistas que iban por el monte solas, que diría el poeta. Las televisiones se van a fragmentar, se van a tematizar, se van a dividir en mil gracias al sistema digital, al cable óptico, lo que ustedes quieran, las tecnologías que están todas inventadas, en mil y un programas, y programas además a la carta, y esos programas también,

como decía Manolo refiriéndose a ese artículo de ese libro mío, van a tener un elemento que es fundamental: el audio. Todos esos mil y un programas que ya no van a formar parte de las televisiones generalistas, que no tienen que ver con las teleseries, que no tienen que ver ni con los informativos siquiera, no estamos hablando ni siquiera de informativos, que tienen que ver con ocios, con una cadena dedicada a lo mejor simplemente a las informaciones meteorológicas, documentales de historia, documentales de etnografía, telecompras, sobre todo telecompras. Todo eso se tiene que vender en una lengua. Las imágenes son universales pero las lenguas no. Por lo tanto, yo creo que también, y lo digo en este congreso y ante todos estos amigos, que es fundamental que empecemos, o que empecéis también, a reflexionar sobre todos estos medios, que evidentemente es complicadísimo por el tipo, como decía Jaume ahora muy bien, de sociedades anónimas, de sociedades globales anónimas y que tienen una complejidad accionarial enorme, pero que para eso existen las políticas lingüísticas. Para eso la palabra política puede mezclarse con la lingüística por una vez, para que nuestros políticos exijan justamente que en ese diseño de futuro que se está organizando, y que se está organizando desde Galicia también y los bancos gallegos tienen mucho que decir sobre todo este asunto, esté también el gallego presente porque yo puedo imaginarme sin ningún esfuerzo un futuro no muy lejano en el que a través justamente de estas dos pantallas, la pantalla del ordenador y la pantalla del televisor, se puede hacer un tipo de vida cotidiana en Galicia que no tenga nada que ver con el gallego. Por ejemplo las telecompras, por ejemplo las relaciones con los bancos a través justamente de estos cables o de estos satélites y por supuesto el consumo a través del pago, a través de la carta o directamente como en el satélite digital, de ciento y pico canales. Yo en mi casa en Asturias, en las afueras, en un sitio también parecido al que vive Manolo pero mucho menos salvaje, alrededor de vacas, recibo ciento cincuenta canales. Evidentemente tengo algunos decodificadores digitales, todo lo que sea, pero recibo ciento cincuenta canales. Por lo tanto, el problema en este momento no es el de las imágenes. Es justamente el del audio. El problema es, por lo tanto, saber que política cultural de futuro se quiere y presionar evidentemente de la manera legal y de las maneras que sean, tampoco me voy a meter en esto, a las autoridades para que realmente tengan en cuenta esa nueva escenografía. Porque ¿de qué estamos hablando? en definitiva, estamos hablando de un nuevo espacio de la lengua, nuevos espacios, nuevos espacios, inéditos espacios. Sabemos cual es el espacio del periodismo tradicional, sabemos cual es el espacio también de la radio, de las televisiones, del cine incluso. Estos son unos nuevos medios e, insisto, van a revolucionar el consumo, es la tercera revolución industrial cuyo espacio de consumo es el hogar y, como aquella circunferencia que aterraba a Borges y a Pascal, su centro está en todas las partes y su circunferencia en ninguna. Por lo tanto, es necesario aunque sólo sea una reflexión en este sentido. Estamos hablando de unos medios que van a entrar en nuestro hogar, que van a multiplicar la oferta por mil y que van a tener que ver con nuestros ocios y negocios diarios, muy cotidianos, muy locales. Y hay que tener en cuenta que esto mismo hace que esas grandes multinacionales ya no le em-

piecen a tener miedo a las lenguas, siempre y cuando esas lenguas como el gallego, como el portugués, como el polaco, tengan un mercado... , es decir, puedan ser consumidas en su propia lengua, tengan unos espacios. Voy a ponerles un caso que es el caso a mi juicio, que no ha citado aquí Jaume porque seguramente sabía yo que lo iba a citar y que me parece modélico. Es el caso de la Generalitat catalana respecto al cine americano y al cine doblado en catalán. Todo esto que han oído ustedes de la nueva ley del cine tenía un objeto, el señor Pujol, un hombre muy inteligente, ha presionado al gobierno de Aznar porque lo puede presionar y dijo: “vamos a reformar la ley del cine para que las licencias en catalán, las licencias de doblaje de las grandes películas tipo *Jurassic Park* y compañía en catalán, cuenten también como las otras licencias, como las licencias dobladas en español”. Esto hace que las grandes multinacionales norteamericanas no tengan ningún miedo a estrenar en catalán, porque hay un espacio grande y porque hay unos cines y porque hay una política cultural determinada de esas películas y hace que la gente, no solamente vaya al cine y vea películas estándar, horribles si ustedes quieren, no me voy a meter en esa cuestión de contenidos, en catalán; sino que esas películas después pasan en vídeo en catalán, en CD-ROM en catalán y en las televisiones autonómicas de Cataluña en catalán. Es decir, eso es un ciclo así de importante, ¿por qué? Porque en toda esta parafernalia que les estoy contando y que discutiremos en el coloquio, el cine, el cine de estreno, las doscientas y pico películas que estrena Hollywood anualmente, es la maquinaria, la locomotora que hace introducir en casa gracias a los muñequitos, los demás servicios. Es decir, nadie se va a abonar al cable ni al satélite para estar conectado a su banco, para hacer la telecompra. Es a través del gran deporte de masas dominante, el fútbol en este caso, y de la gran maquinaria de Hollywood por lo que en nuestras casas entrará esa multiplicidad, ya están entrando esa multiplicidad de ofertas. Entonces, por lo tanto, los productores de esas imágenes dicen: “a nosotros nos importa un bledo que esas imágenes tengan otro audio siempre y cuando ganemos mercado”. Y eso es el gran truco de lo que ha ocurrido estos días con la ley del cine, que la presión política, de política lingüística del gobierno de la Generalitat frente al gobierno de Aznar ha hecho justamente esa analogía y eso implica que hay un consumo posterior de todos esos grandes hitos del cine y no del cine, el del merchandising incluido, los parques de atracciones o el CD-ROM en catalán. Bien, por lo tanto planteen ustedes, los que puedan, que la política lingüística exige una relación con los poderes políticos, los poderes políticos son los que pueden hacer estas cosas evidentemente, que se estrene un cine, no ya el cine gallego evidentemente, filmado en gallego el que se haga, sino un cine de masas que arrastre a la gente y que acostumbre a la gente a escucharlo en gallego para que luego pueda ser emitido en la televisión correspondiente con todos los ciclos.

Pero, en fin, quiero decirles que esta revolución que está aquí, que está encima, tiene estas dos características, por un lado es local, porque el consumo es el más local de los consumos posibles y por otro es global, y por lo tanto que no rechaza a priori una lengua, siempre y cuando esa lengua tenga los canales de distribución, como decía Margarita

inicialmente, bien asentados, porque evidentemente si no tiene unos canales pues realmente se pierde el producto y entonces prefieren hacerlos en castellano o en portugués o en lo que sea.

El futuro ya no es lo que era, decía Valéry, pero justamente lo que viene va a condicionar nuestro más íntimo yo y pasando por las costumbres sociales de consumo hasta esa manera que vamos a tener de comunicarnos nosotros con esa pluralidad de ofertas y de pantallas, que insisto, ya están aquí.

Esto tiene una cosa que los que hemos tenido tratos con Hollywood y hemos salido vivos del intento, lo cual no es poco, sabemos que para Hollywood las lenguas, las lenguas de cada país, el polaco, el catalán, el portugués, el español o el gallego, el gallego si lo ofrecen, son materia prima. Es decir, se considera que es un valor, una materia prima tan importante como la materia prima forestal o la materia prima geológica o la materia prima industrial y ellos lo saben y están dispuestos hasta a doblar las películas en polaco, como ocurrió con el caso cuando se montó Canal Plus Polonia recientemente, son ellos mismos los que si de verdad se exige que haya un mercado en polaco se oyó: “pues bueno, de acuerdo, pues nosotros las doblamos las películas en polaco”, ante el gran pasmo de los dirigentes políticos polacos que creían que no, que estaban condenados a consumir las películas americanas en americano y con un comentario en polaco por encima, algo realmente siniestro y que simplemente lo único que fomentaba era el colonialismo todavía más porque dado que llegan esos productos, que lleguen por lo menos en la lengua de cada uno. Pues bien, los americanos están dispuestos, totalmente dispuestos a considerar que eso es una materia prima, pero evidentemente si existen esos cauces, esos canales y si existe evidentemente una demanda. Tiene que haber una demanda y esa demanda evidentemente tiene que venir, como en el caso de la Generalitat, vino astutamente del honorable Pujol.

Bueno, creo que podemos discutir de muchísimas cosas en el coloquio, prefiero hacerlo en el coloquio. Solamente quiero decirles que todos estos nuevos *media* además, incluidos los de Internet, incluidos los discos CD-ROM, lo primero que venden, lo que venden ante todo son, fíjense bien, diccionarios, enciclopedias, libros de texto etc., etc. O sea, que lo que nos va a llegar on line a través de esa pantalla del ordenador, lo que nos está llegando ya, lo que vende Internet, lo que vende en los CD-ROM, son justamente los productos de la educación y eso puede llegar perfectamente en gallego porque, insisto, ese audio, esa banda sonora, ese doblaje, como se quiera llamar, no es un problema técnico y además no es un problema económico. Pero evidentemente si no lo piden, seguirán llegando enciclopedias, películas, libros, fascículos técnicos, todo en otro lenguaje que no tiene nada que ver con el que aquí nos ocupa hoy. Nada más.

MANUEL RIVAS

Moitas gracias por escoitarnos. Vainos deixar un momentíño pero volve agora Juan Cueto.



Ben, eu teño por aquí algúns papaventos así para botar. O fundamental é que aproveitemos o tempo coas vosas intervencións, co intercambio, simplemente eso e unha pequena paréntese mentres volve Juan. Un dos papaventos era insistir precisamente esto que falou el da lingua como materia prima. Eu penso que está moi ben a perspectiva digamos conservacionista. Mesmo hai, dentro do ecoloxismo hai dous campos ou dúas actitudes. Unha que se centra digamos no proteccionismo, en non tocar determinadas partes da natureza, conservarlas virxes, pero despreocuparse un pouco de todo o resto do espazo planetario, que xa está urbanizado e todo iso. Hai outra actitude, que eu penso que é máis integral, máis ampla, ecoloxista, que intenta presentar unha alternativa global ó planeta. Eu penso que coa lingua tamén se dan un pouco estas dúas actitudes. Hai unha actitude conservacionista que é interesante, que o galego, a nosa lingua, é un patrimonio sentimental importante que non podemos deixar que desapareza, pero que a nosa vida pode desenvolverse aínda tendo eso aí no baúl e sacando de vez en cando os días de festa. Os sentimentos están moi ben e hai que telos, é fundamental, posiblemente sen romanticismo non tería sobrevivido esta lingua. Pero hai a actitude que di: a lingua é tamén unha industria, a industria da lingua, é unha riqueza como dicía el, falaba dos bosques, por exemplo no último balance económico en Holanda do Producto Interior Bruto inclúese xa o valor dos bosques, contan os bosques. Eu penso que poderíamos incluír as linguas tamén, en pouco prazo posiblemente xa se fale do valor económico das linguas. Pensemos por exemplo nun país, xa por non falar de Inglaterra onde a música pop (e os Beatles) é a primeira fábrica, representa o segundo sector en importancia da exportación. Pois podemos fixarnos en Irlanda que ten poucos máis habitantes que Galicia e onde a música está tamén no segundo posto como actividade económica practicamente. Entón eu penso que non podemos perder os queixos efectivamente nin o sector lácteo nin a pesca. É importante esa mercadoría dos átomos pero temos que empezar a fabricar con todo o entusiasmo posible. Se aquí se fan antenas parabólicas ou paranoicas aí en Televés, ¿por que non podemos facer películas e por que non podemos facer cancións que se vendan, que se exporten mundo adiante e que nos dean proxección?

Xa temos aquí a Juan entón abrimos, se vos parece, un turno.

Alá ó final hai levantada unha man.

#### CARME HERMIDA

Son Carme Hermida, son profesora de lingua galega na Facultade de Xornalismo e quería facerlles unha pregunta ás catro persoas presentes na mesa, pero antes vanme permitir que me retrotraia un pouquiño no tempo para ver se podemos centrar un pouquiño máis a pregunta. Cando se analiza a pouca presenza que ten o galego nos medios de comunicación, (aquí os medios que emiten ou que se escriben en castelán si introducen unha cantidade de galego que non pasa do 3%), pois cando se intentaba explicar por qué non se superaba nunca ese 3%, sempre había moitas explicacións. Unha era que os xornalistas non están formados en lingua galega, entón cando nós poidamos formar

xornalistas con competencia en lingua galega vai haber máis galego na prensa. Na actualidade temos xornalistas formados en lingua galega, con competencia en lingua galega, con intención de traballar en lingua galega e, sen embargo, non aumentou o galego na prensa. Tamén se lle daba como explicación que os receptores ían responder mal á presenza do galego. Hai un libro que saíu o ano pasado, *A Información en galego*, de onde se lle fai unha enquisa ós subscritores dos xornais de toda Galicia e o índice de persoas favorables á maior galeguización dos medios de comunicación supera o 80% e son subscritores elixidos ó chou. Polo tanto tampouco nos vale esa explicación. Outra explicación era que non había suficiente fluxo de información xerada en galego. Na actualidade a propia Administración autonómica xa crea información suficiente para que aumentase a porcentaxe de galego na prensa periódica; e sen embargo seguimos no 3%.

Sempre había a intuición de que a pouca presenza do galego era debida ás directrices empresariais dos medios galegos, esas sociedades anónimas ou sociedades limitadas. Intuíase, pero os propios xornalistas declaraban que non había directrices empresariais con respecto ó uso do idioma. Eu, neste momento, pola experiencia que están vivindo persoas que queren traballar en galego e ás que se lles está prohibindo traballar en galego nos medios galegos, creo que efectivamente a culpa é das empresas.

Entón, a miña pregunta é: ¿en que medida dende a sociedade podemos presionar ás empresas xornalísticas para que aumenten o número de información redactada en galego?

Moitas gracias e perdoen a extensión.

#### MARGARITA LEDO

Ben, eu voulle dicir a Carme algo que xa coñece. Tamén retrotraéndome á historia, houbo un momento en que o galego entra nos medios escritos ós que ti te referiches porque variaran as fontes de información. Xusto na transición cando as fontes informativas pasan a ser as asociacións de veciños, os movementos sindicais, a rúa, os xornalistas seguindo un código profesional case natural, que non lles fai falta nin aprendelo, trasladaba como un elemento avaliativo máis da información, como unha materia prima máis da información para saber interpretala, entendendo coa lectura sempre interpretativa, trasladaba a lingua en que se expresaba a fonte. Ó inicio dos oitenta houbo unha variación profunda na política editorial e pasouse a informar exclusivamente en español e a deixar o galego de novo para responsabilidade persoal dos colaboradores para as seccións de chistes, porque parece que pasan mellor o humor en galego, para os suplementos de festas e o etc. que todos máis ou menos coñecemos. Polo tanto, é obvio que houbo unha toma de posicións, por razóns políticas que non ten que ver co que pasou por exemplo en Cataluña. Tampouco ten que ver o sector de empresarios dos medios de comunicación en Galicia co comportamento doutros sectores empresariais: Por exemplo, Pescanova no 73, a primeira gran flota conxeladora, pon a andar nomes en galego. Eu naquel momento estaba facendo un programa alternativo en Radio Lugo, con Manolo Caamaño e con Lois Diéguez, cun empregado dunha ferretería que tiña unha magnífica

voz, con Tonina Gai que nos facía toda a montaxe, e con Fole, con quen tomabamos café para que nos dera ideas. No Café Regio dicíamos: “don Ánxel, don Ánxel, ¿como lle imos chamar a esta noticia?” E dicía don Ánxel: “si señor, esa noticia, o galego mar adiante”. Non nos enganemos, o que ten a propiedade dos medios aínda está convencido de que o seu mercado require o castelán, pero penso que está convencido por razóns fundamentalmente de crenza, porque xa neste momento os propios departamentos de *marketing* poderían orientar as pesquisas con outros tipos de variantes e daríalles resultados parecidos ós dos libros que ti xa comentaches. Ben, ¿que é o que está pasando? Está pasando que hai un tipo de aposta que non se pretende facer, que se podería facer por razóns técnicas, que se podería facer mesmo por razóns comerciais. Polo tanto, agora que estamos nun espazo para expresar todas as posibilidades, eu coído que melloraría a realidade se se retirasen as subvencións para o galego das noticias estradas polos fondos de páxina e en temas catastróficos. É dicir, non cobrar polo galego. Só subvencionar aquelas publicacións que sexan representativas polo idioma que utilizan. No último DOGA –podo sacar o DOGA do maletín pero non quero estragar a carqueixa e o toxo que saíron do maletín de Manolo– hai subvencións a publicacións que non tiveron nin sequera un número cero, que non existen, cando este é un país de números cero. Sempre sae un número cero para unha subvención, despois non sae máis. Pero é que neste caso, e vaian ó DOGA, nin sequera existe ese número cero nunha das sociedades que aparecen subvencionadas. É dicir, se entramos na casuística serían miles os exemplos ou a utilización oportunista do galego en medios en castelán: ¿por que teñen que cobrar por meter un par de liñas, un titular e un recadro en galego dentro de determinadas noticias? De feito, nos medios radiofónicos desde que se empezou a pagar pola lingua desde as institucións, desapareceron os informativos en galego e só reaparecen para cobrar. Desapareceron na COPE, si, si, na COPE, que creara os primeiros grandes informativos en cadea, que se oían en toda Galicia a mediados dos setenta. Foi unha medida política o decidir pasar os informativos a español anque a COPE tiña toda unha tropa de xornalistas adestrados durante unha década e máis dunha década en lingua galega. Polo tanto, é unha decisión exclusivamente de política empresarial. Entón que non nos fagan pagar por iso. Que pague directamente a publicidade porque non imos estar pagando unha cota máis por unha utilización puramente mercantil, xa non entramos aí nos factores que xogan no mercado da lingua (...) como material unicamente de valor engadido neste sentido. Ben, alongueime moito e teño que largarme a unha entrega de premios...

MANUEL RIVAS

Si, para que nos dea máis tempo a máis intervencións imos tirar así en plan...

JAUME GUILLAMET

Vamos a ver. En Cataluña el resurgimiento del catalán en la prensa ha sido siempre fruto de la presión social, nunca de las subvenciones. Es decir, la política de catalaniza-

ción del gobierno autónomo ha pasado por la creación de una Corporación Catalana de Radio y Televisión pero las subvenciones a la prensa en catalán han sido simbólicas, nunca han sido importantes. Han sido tan simbólicas que *La Vanguardia* y *El Periódico* nunca se sintieron motivados para hacerles caso.

La presión social ¿cómo se ha llevado a cabo? Haciendo periódicos locales, haciendo periódicos culturales. Toda esa prensa local diaria y semanal que resurgió en los sesenta en un bilingüismo cada vez más monolingüe y que se consolidó en los setenta con prensa exclusivamente en catalán, es fruto de la presión social, de los periodistas, de los escritores locales, de los catalanistas. Incluso el diario *Avui* es fruto de esa presión social. El diario *Avui* es un diario sin empresa y ese ha sido después su problema. Fue un diario creado con una campaña de cuentas de participación en la que mucha gente puso 10.000 pesetas o 15.000 pesetas y de ahí salió el diario. Es decir, que la prensa en catalán es fruto de una presión social.

Quiero señalar de todas formas un dato importantísimo, no habría que equiparar la limitación del diario *Avui* en el mercado con la inviabilidad de la prensa en catalán, de la prensa diaria en catalán y el hecho es que en las ciudades de otras provincias y comarcas la presión ha llegado a que los empresarios de prensa locales se pasasen al catalán, como en el caso de Girona, o que practiquen un cierto bilingüismo. Yo he hablado de diarios en castellano en Lérida, Tarragona, Sabadell y Terrassa pero no son exclusivamente en castellano. Pueden tener un 10, un 15% de catalán, depende de los casos según la presión social se mantienen más o menos. En el caso del diario *Avui* es importante señalar que nunca ha sido un diario competitivo. Ha sido siempre un diario con menos fuerza empresarial, que nunca ha estado en condiciones de competir en el mismo terreno con los grandes diarios. Antes de salir el *Avui* los empresarios decían: “no va a ser rentable”. Cuando *Avui* fracasó dijeron: “veis, no era rentable”. Después hubo la gran catástrofe de la prensa diaria durante los años ochenta en que Barcelona pasó de tener once diarios a tener tres y en esa situación lo que se impone es un conservadurismo que en según que aspectos incluso podría ser conservacionismo, depende de como se mire. Pero de alguna forma el debate sobre la catalanización de la prensa diaria de Barcelona ha desaparecido, es decir, la presión social para la catalanización de *La Vanguardia* o para la catalanización de *El Periódico* no se manifiesta. También es cierto que si algún diario en castellano prototípico hay en Barcelona es *La Vanguardia*, que durante cuarenta se llamó además *La Vanguardia Española*, como es bien conocido y cuyos propietarios han hablado siempre el castellano a partir de la segunda generación.

#### MANUEL RIVAS

Moi rapidamente. Eu penso que as empresas que son evidentemente moi sensibles. Antes no café comentabamos que nos chamaba a atención o pouco que a banca en Galicia se comprometeu co galego, cando eso si é algo claramente conseguido en Cataluña. O pouco que se usa na banca, nos caixeiros e todo eso o galego e que é unha conquista

case mínima. Eu penso que se non está acadada esa conquista porque os bancos si que son moi sensibles, é dicir, bastaría posiblemente que moi pouca xente fixera unha presión, que escribira e que tal... E o mesmo penso dos periódicos. Eu podería contar moitísimas experiencias desde dentro, desde os xornais e de épocas distintas e de tal. Pero independentemente da ideoloxía e do que teñan na cabeza os editores e os propietarios, son empresas, é dicir, empresas cada vez máis sensibles precisamente porque o mercado é moi duro e teñen que competir e son moi sensibles ó que poidan pensar os seus clientes, os seus consumidores. Evidentemente eles trátannos fundamentalmente como consumidores, nós temos que revelarnos contra esa condición e ademais de ser consumidores ser cidadáns porque é un proceso ademais grave que se está a dar en moitas partes e esa confusión de converter ó cidadán simplemente nun consumidor. Entón para min a receita é clarísima, efectivamente, a de presión social. Poderíamos falar cousas concretas como articular eso e como podería darse resposta; pero vou rematar a historia dicindo: por desgracia en grande medida neste país, incluso a boa xente ou moita boa xente emprega enerxías nun sentido negativo absolutamente. Eu alucino cando collo os xornais e mesmo os xornais escritos en galego e onde aparecen a maioría das cartas pois para poñer a parir a Carlos Núñez. Xente que emprega o seu tempo, porque digo: “co escaso que anda o tempo”, non, e a xente chega a casa e di: “pois teño dúas horas por diante”. En vez de dicir: “vou escribir unha carta pois á Voz de Galicia dicindo que empregue máis o galego”, escribo unha carta para poñer a parir a Carlos Núñez porque dixon non sei que da *ghaita*. É unha historia realmente sobre a que deberíamos meditar, é dicir, en que empregamos as nosas enerxías. Nada máis.

MARGARITA NEIRA

Son Marga Neira. A miña pregunta vai dirixida a Jaume Guillamet. Xa me contestou unha delas porque ía dirixida ás subvencións. Agora entendo porque no *País* e *La Vanguardia* non hai nada en catalán. En segundo lugar quería saber se me podía dicir cál é a tirada do *País* en Cataluña, se a sabe, non sei se a dixon, non me dei conta.

JAUME GUILLAMET

*El País* sí que publica en catalán. Tiene un cuaderno de ocho páginas pero además cada jueves publica un suplemento que se llama *Quadern*, en catalán de temas culturales. Es decir, lo publica desde el 82 si no me equivoco.

MARGARITA NEIRA

¿Podería saber qué tirada hai do *País* en Cataluña e dese semanario, dese *País* que se vende co semanario en catalán?

JAUME GUILLAMET

Sí, los últimos datos que yo tengo contrastados que son del 95, la tirada media, siempre los datos de OJD son la tirada media anual que varía según los días pero que es media, son

unos 60.000 exemplares diarios. Entonces la tirada del *Quadern* sería la tirada de los jueves. El jueves es de los días de tirada media yo diría. En Cataluña *El País* los domingos llega a 120.000 probablemente, o más porque sube mucho y habrá algún día bajo que quedará en un 45 ó 50. Es posible que el jueves que es el día del *Quadern*, se quede en los 60.000 exemplares.

MARGARITA NEIRA

Ou sexa, que non hai ningunha incidencia de venta.

MANUEL RIVAS

¿Hai máis peticións de palabras?

XULIÁN MAURE

Eu son Xulián Maure. Eu quería insistir no que dixo Marga e eu creo que a pouca presenza do galego hoxe na prensa e en concreto na prensa con tradición como pode ser *La Voz de Galicia*, é as subvencións. Creo que se chama mal as subvencións, que se lles podía chamar aínda “fondo de reptís” e que vou dar un dato. Cando Luís Álvarez Pousa levaba o suplemento cultural estaba todo en galego e non baixaba a compra a xente non rexeitaba ese suplemento, ó contrario, tiña unha fama importante. Hoxe non fan nada se non cobran e ademais eso sírvelle, todos eses cobros, para ter a prensa tapada ante o señor que paga. Nada máis.

MANUEL RIVAS

Ben, máis intervencións por aí.

ROSARIO ÁLVAREZ

Son Rosario Álvarez. Eu pñoome un pouco nerviosa cando se fala de niveis de audiencia e de difusión que se poden tender a utilizar para segundo que cousas. Eu preguntolles ós integrantes da mesa, posto que son expertos nos medios e en concreto a Guillamet, porque o coñecerá máis directamente, se o diario *Avui* vende só os 40.000 exemplares por estar en catalán ou se vende 40.000 exemplares gracias a estar en catalán, e en definitiva o índice de vendas está en relación coa calidade de *Avui* fronte ós outros periódicos. E digo isto porque, trasladado a nós, teño sempre medo de que, digamos, o relativo fracaso ou fracaso absoluto, non sei, de *O Correo Galego* se acabe atribuíndo ó feito de estar en galego e non se teña en conta que a causa real pode estar na baixa calidade do xornal.

MANUEL RIVAS

Ten que deixarnos Margarita. Moitas gracias. Tiña outro compromiso.

JAUME GUILLAMET

El diario *Avui* cuando apareció en abril de 1.976 fue un diario que fue recibido con un

gran alborozo, todo el mundo lo deseaba. Hubo una gran fiesta en la calle ante el primer ejemplar. Durante los primeros meses en la última página figuraba la cifra de tirada del día anterior. Al cabo de unos meses dejó de publicarse esa cifra de tirada porque descendía. El diario *Avui* hizo una tirada extraordinaria de 120.000 ejemplares el primer día y luego durante un año se situó sobre los 60-50.000 ejemplares. Cuando yo llegué al diario como subdirector y que cada día recibía los boletines de la imprenta de tirada, estábamos sobre los cuarenta y tantos. Es decir, estábamos ya en la fase de estabilidad. En los últimos años ha oscilado por encima y por debajo de los 40.000. Hay un amigo mío, ex-director del diario *Avui*, que cuenta una anécdota significativa. Jordi Pujol, al día siguiente de la salida del periódico encontró en casa siete ejemplares, porque tenía siete suscripciones. Mi amigo sólo encontró cuatro, porque tiene menos hijos que el actual presidente de la Generalitat. Es decir, el *Avui* es un diario donde se concitaron grandes esperanzas y donde mucha gente se suscribió y esa suscripción no significa en muchos casos la falta de compra de otro periódico. Es decir que, durante mucho tiempo hubo muchos hogares donde entraba otro periódico, léase *La Vanguardia* o léase otros diarios que hemos olvidado pero que fueron importantes en aquel momento, año 76, *El Correo Catalán*, *Diario de Barcelona*, *Telexprès*, etc. El *Avui* era el catalán, el diario en catalán. Al no ser competitivo, al ser un diario con una estructura empresarial débil y con unos recursos escasos, cuando la competitividad se acrecentó en los años siguientes y murieron muchos periódicos, *Avui* tuvo sin duda la virtud de sobrevivir.

Murieron todos excepto *La Vanguardia* y *Avui*, de los diarios que existían el día que salió *Avui*. Es decir que, algún mérito tiene haber sobrevivido gracias a esa fidelidad, pero *Avui* no ha sido un diario de referencia, ha sido un diario complementario. Siguen entrando en algunas casas más de una suscripción por fidelidad y en la mayoría de las casas de lectores del *Avui* entran también otros diarios. *Avui* ha tenido un elemento que le ha perjudicado en los últimos años que ha sido su adscripción política. *Avui* fue fruto de un proyecto unitario donde todo el mundo puso su grano de arena y durante los primeros años, antes de las primeras elecciones generales, antes del regreso del presidente Tarradellas, cuatro años antes de las elecciones autonómicas y del Estatut, durante esos años *Avui* fue un diario que se podía leer, donde todo el mundo se podía encontrar bien y yo viví precisamente la época del cambio y duré poco tiempo. Duré dos años y medio y no hubo lugar para mí en el *Avui* de después del 82. *Avui* ha sido un diario muy beligerante a favor de candidatos nacionalistas en diversas elecciones y eso también le ha marcado. Es decir, es un diario marcado políticamente y no competitivo empresarialmente. Esos 40.000 ejemplares son fijos, son un patrimonio sin duda importante. Junto a *La Vanguardia* es el diario con más suscriptores de Barcelona. Debe ser uno de los diarios con más suscriptores de España seguramente, pero los datos serían un poco estos. No sé si contesto del todo a la pregunta o si incluso me excedo en la respuesta pero hay que tener en cuenta esos datos y quizá otros para entender la existencia de ese diario y sus posibilidades.

De todas maneras a mí me gustaría decir una cosa sobre la cantidad en estos casos que estamos hablando y que no hay que ponerse nerviosos. No hay que ponerse nerviosos tampoco porque yo creo que la batalla de la prensa catalana o la batalla del catalán, como decía Jaume, que está en buen momento, ganada por decirlo así. La prensa no tiene digamos el nivel cuantitativo, es simplemente la que causó la gran normalización. La que hizo que las elites, por decirlo así, no discutieran jamás ya del problema si tenía que ser en catalán o no catalán ciertas otras cosas y eso no es un problema de cantidad, es un problema de prestigio y esa batalla se ganó con esos periódicos y con otros pero en otros terrenos. Para decirlo crudamente y utilizando algo que sé que no está de moda, por lo menos en este país, que es la distinción entre elites y masas, aunque realmente no está de moda porque como cuando más controlan las elites menos se quiere que se hable de las elites, pero bueno, es decir, miren ustedes, esas batallas y la de la lengua en primer lugar, las tiene que ganar la opinión pública de los líderes de opinión de las elites para que luego después la impongan como presión por arriba y por abajo y tiene que ser también a la vez con una presión de las masas. Es lo que antes se hablaba aquí, era Jaume el que lo decía, de la presión social y la presión social no es el número de ejemplares de *Avui* y del *País* en catalán, es los líderes de opinión como un solo hombre detrás diciendo que esto es indiscutible, eso es indiscutible y, por lo tanto, ay del banco catalán que no dé los servicios en catalán porque se le van los clientes o ay de la película x que no sé qué que no pasan doblada en catalán porque va a tener menos clientes etc., etc. Pero yo vuelvo a insistir en que aquí de lo que se trata es de la batalla de las elites al lado de la batalla de las, digamos, de consumo de masas o como lo queramos llamar pero que esa batalla es clave. Y esa batalla se puede plantear, y perdonad que lo diga así, hasta en castellano. Es decir, luchar por la lengua castellana en los sitios que sea (...) mejor, si ahora ya no se habla, ya no se transmite el gallego en el hogar, a partir de lo que viene no sabemos cuál puede ser realmente el centro de la lengua materna en este país, en esta región, en esta autonomía.

Bien, pero vuelvo a insistir en que la batalla del catalán la ganaron las elites en combinación justamente con una tradición y con una cultura muy vieja y con una política cultural muy astuta; tan astuta, por ejemplo, como la que existía antes, nada menos que utilizar las armas del enemigo, es decir, el cine imperialista norteamericano, etc., etc., como los pronunciábamos o lo seguimos pronunciando si quieren pero con las masas escuchando en catalán. Y, claro, realmente es una política muy astuta la de combinar los dos asuntos. Y, en este momento, por ejemplo el periódico *El País*, al que tú te refieres ahora no edita más en catalán porque no vende más en catalán, pero no te preocupes que si se vendieran diez ejemplares más, se haría, si no se perdieran y se vendiesen más, se haría. Esa no es la batalla. La batalla es que también tuvo que pasar por ahí, tuvo que hacer ese el *Quadern*, tuvo que hacer una redacción costosísima en Barcelona, tuvo que realmente pagar la cuota, en este caso de una batalla, que no es cuantitativa, vuelvo a



insistir, no es cuantitativa, es realmente, en primer lugar de reflexión, de vanguardia y de muchas más cosas.

JAUME GUILLAMET

Si, yo quisiera subrayar que en esa batalla ha sido importantísimo el movimiento popular catalanista que no son las masas pero son grupos importantísimos de gente que han dejado muchas horas. Muchos periodistas hemos hecho semanarios al salir del trabajo en nuestro barrio, en nuestra pequeña ciudad pero a nuestro lado había gente que trabajaba en un banco y que llevaba la administración también gratuitamente, es decir, ha sido un movimiento popular amplio.

Volviendo al tema anterior de las cifras, los cuarenta mil no son los importantes. La cifra de difusión de prensa diaria en catalán es ochenta mil, son los cuarenta mil del *Avui* más los quince mil del *Punt* que es el diario que vende más en la provincia de Girona, más los siete mil del *Diari de Girona*, más los ocho mil de *Regió 7* de Manresa, más los cinco mil de... etc., es decir, salen ochenta mil.

Las cifras, estoy de acuerdo en que siempre son relativas pero nos ayudan a dibujar sobre todo oralmente ese mapa de las cosas.

MANUEL RIVAS

Ben, hai máis intervencións, son as sete e cuarto.

ROSARIO ÁLVAREZ

Eu insisto un momento porque non sei, ó final, se me queda clara a primeira resposta de Guillamet que eu a entendín á galega. Quero dicir máis claramente, se *Avui* fose un bo periódico, o seu teito non estaría en corenta mil.

Quero dicir que o teito non está no consumo do catalán senón que o teito está no teito ó que pode chegar un diario como *Avui*. O teito non está nos exemplares que vende *O Correo Galego*, senón nos que podería vender se fose un bo periódico en galego. É dicir, se *A Voz de Galicia* estivese redactada integramente en galego probablemente non vendese menos exemplares dos que vende senón que vendería máis, polo que moitos, que estamos moi cabreados coa *Voz de Galicia*, en vez de lela na cafetería iriámola comprar.

JAUME GUILLAMET

En el año 79 salió *Punt Diari* en Girona y existía un diario que desde hacía cuarenta años tenía el monopolio. Se llamaba *Los Sitios de Gerona* y tenía una difusión de 8.000 ejemplares. Al cabo de cinco años *Punt Diari* había superado a *Los Sitios de Gerona* y al cabo de unos años más *Los Sitios de Gerona* se convirtió en *Diari de Girona* en catalán de forma que este es el caso más claro de todos, es decir, en una situación monopolizada por el diario en castellano, puede salir un diario en catalán que cambia la situa-

ción y que además aumente el espacio porque si en Gerona se vendían 8.000 diarios provinciales en la época, actualmente se venden 25.000 entre *El Punt* y el *Diari de Girona* y los diarios de la zona siguen con su cuota un poco disminuida. Sin duda, esos diarios han restado espacio a *Avui* porque en Girona *Avui* vende 2.000 ejemplares pero, claro, para quien quiere leer en catalán ya tiene *El Punt* y ya tiene el *Diari de Girona*. Sin duda, no eludo la respuesta, si *Avui* hubiera sido un buen periódico y hubiera sido competitivo, no se habría quedado en 40.000.

JUAN CUETO

De todas las maneras Jaume ¿puede darme la cifra de *Avui* en Internet? Porque *Avui* está en Internet y en Internet se consulta cualquier catalanoparlante del mundo y no sé si las cifras son importantes o no pero la presencia, y fue una de las primeras presencias de los periódicos españoles en Internet, como periódico electrónico, hace que realmente esa cuota de mercado se la esté ganando a pulso, y hay mucha gente que consulta, catalanoparlantes que están en Estados Unidos, en Venezuela, en otros sitios por ahí fuera, que se conectan simplemente por el placer lingüístico de tener una publicación en catalán.

JAUME GUILLAMET

De todas formas, a mí sobre eso de Internet hay algo que me preocupa, es decir, me da la impresión de que muchos usuarios de Internet que consultan desde Wisconsin o desde New Jersey el *Avui* o *La Vanguardia* son universitarios. Es decir, tengo la impresión de que estamos aún en esta fase y que luego en verano bajan totalmente las consultas.

JUAN CUETO

Bueno, es una conexión diaria de treinta millones, hay de todo.

JAUME GUILLAMET

Esa es una broma que últimamente hacían en la Universidad unos jóvenes, es decir en la batalla entre los partidarios y los contrarios de Internet –yo no me encuentro entre los contrarios aunque lo pueda parecer– alguien decía: “Sí, bueno, pero de momento quien lo consulta son los universitarios, están con becas y demás”.

MANUEL RIVAS

Ben, pero os universitarios existen tamén, son clientes tamén, quero decir...

JAUME GUILLAMET

Es un proceso a medio plazo, estoy de acuerdo contigo.

JUAN CUETO

Pero vamos a ver, el problema es que en este país hay muy pocas pantallas por hogar todavía. En Estados Unidos está lleno de pantallas por hogar y en Francia en medio. Es

decir, como eso va a ser la segunda televisión que vamos a tener por narices, es un electrodoméstico más al que estamos condenados, pues realmente, mejor que esté que no esté. Si lo único que quiero decir es que todas las lenguas minoritarias, todas las culturas que tienen problemas de identidad lo aplican, o sea, y todas las revoluciones, estoy poniendo el caso de Chiapas, lo primero que hacen es colocarse en Internet. Es más, en Chiapas, como ustedes saben, la gran reunión de verano, este verano que fue la señora de Mitterrand, entre otros, también Mitterrand que ha sido uno de los golpes mediáticos, como se llama, más importantes y ha sido convocado por Internet. Es decir con el periódico ya basta, que todos los días vas ahí y lo ves ¿Qué quiere decir con eso? Que es un buen instrumento y que te sales del ámbito en este caso catalán, entras en contacto con los universitarios, estupendo, que los universitarios norteamericanos lean en catalán, con lo que sea. Pero vuelvo a insistir en la necesidad de estar presente en los nuevos espacios de la comunicación.

#### MANUEL RIVAS

Eu fico moi preocupado porque tódalas cuestións que se formularon aquí parece que o único problema que temos respecto dos medios e da lingua é exclusivamente coa prensa escrita e eu penso que a batalla se está a xogar noutro lado e realmente o que temos que pensar é en números, en porcentaxe de xente e que cousas eu non sei, eu penso que, en fin, sería interesante escoitar outras reflexións. Pero, ben, hai máis palabras pedidas, me parece, alí arriba ¿non?

Estamos moi na Ghalaxia Gutemberg, aínda. Non sei, parece que todo pasa pola *Voz de Galicia*.

#### XESÚS FERRO

A min gustaríame dicir algo que dese claridade, aínda que, se cadra, o meu punto de vista introduce máis confusión. A miña idea é que Galicia é unha etnia ben diferenciada pero que, pola súa peculiar paisaxe, historia e carácter, non reacciona coma outras comunidades: o pobo galego revisou os prexuízos que contra a lingua lle meteran na cabeza e hoxe acepta a súa lingua nos ámbitos máis diversos, se lla dan; pero non loita por iso. Na xustiza van emitidas máis de tres mil sentencias en galego e non houbo unha protesta. Na publicidade os estudos promovidos polo *Consello da Cultura Galega* evidencian que o galego vende ben. Na liturxia, outros estudos amosan o mesmo e confirmanse, por exemplo, coa asistencia de 6.000 persoas de toda Galicia a unha romaxe, porque a misa é en galego e porque expresa, nun rito nada rutinario, a unión da fe e da galegitude. No ensino contemplamos tamén a plena aceptación do galego como obxecto e como vehículo de estudio. Na radio e na televisión acontece o mesmo: a *Radio Galega*, que emite exclusivamente en galego, é líder de audiencia e a *Televisión de Galicia* tamén o é nalgúns momentos. Os galegos electrízanse con Milladoiro e con Carlos Núñez. Pola contra, o número de persoas que en Galicia din estar en contra do

avance do galego é insignificante. O noso pobo identifica o galego como a lingua natural e maioritaria de Galicia e apoia o proceso de emerxencia dela pero esa emerxencia ou normalización é resultado do impulso de centos de intelectuais, políticos e simples militantes dun galeguismo que non é monocromo. Dito doutra maneira, se non hai máis galego, é porque o cura, o profesor, o notario, o avogado ou o político non queren.

O problema, polo tanto, está en que entre os chamados a dirixi-la sociedade, porque ela nos deu estudos, hai tamén persoas que simplemente *se deixan levar*, en vez de seren locomotoras. Neste mesmo Congreso díxose que, mentres a maioría dos alumnos aceptarían un ensino exclusivamente en galego, o número de profesores que ensinan en galego nesta Universidade é o 16%. E, poño outro caso, mentres a maioría dos curas e fieis falan o galego, as misas na nosa lingua non chegan ó 10%. Logo os avances ou non corresponden ó que é posible ou non corresponden ó que a xente quere.

Para a miña idea os problemas non se clarifican descargando responsabilidades noutro grupo. E polo tanto temos que recoñecer que entre nós, o que o pobo chama *xente estudiada*, hai colegas educados para traballar nunha sociedade predemocrática que non adaptaron o seu traballo á nova realidade autonómica. Eu podo contar que, un ano que fun director do instituto, propúxenlle ó claustro un compromiso mínimo pero significativo a prol do galego e non me apoiou nin un profesor. Eu podo contar que en certa ocasión o Consello de Administración de *Larsa* houbo de toma-la decisión de etiqueta-los seus produtos en galego pero un publicista tiroullo da cabeza aducindo, con mentira, que dispoñía de estudos de mercado que dicían que en galego ían vender menos. Cando a xente común vai onda o médico, o notario, o avogado ou o profesor, percibe con certa frecuencia que a cúspide da pirámide social non impulsa a emerxencia da lingua galega. Eu non sei se as Universidades galegas da democracia estarán creando cadros cunha mentalidade lingüística máis actualizada. Espero e desexo que si.

Pero se este sector frea porque non impulsa, hai outro que frea porque desencanta. Fronte ó mandato de Castelao de *Non lle poñer chatas á obra: hai sitio para todos*, hoxe respírase un pequeno sectarismo, de raíz eclesiástica, que se formula así: *Fóra do meu grupo non hai salvación*, de xeito que todo o que nós non controlemos, parécenos malo ou sospeitoso. Dídeme: ¿non é certo que hai un sector do nacionalismo no que se leva face-la risa da *Radio Galega*, a pesar de que emite exclusivamente en galego –ata o punto de negarse a facerlle publicidade en castelán ó *Corte Inglés*– e de que é líder de audiencia en Galicia e leva a nosa lingua a través da Internet a todo o mundo? ¿non é certo que se leva face-la risa da *Televisión Galega*, coma se as outras foran radicalmente mellores, e a pesar de ter enganchados 50.000 nenos ó *Xabarín Club* e de estarse preparando para transmitir tamén pola Internet en tempo real? ¿non é certo que se leva mirar con displicencia *O Correo Galego*, a pesar de se-lo único xornal que temos en galego? ¿non é certo que, en cambio, ninguén fiscaliza o labor dos poderosos medios de comunicación que introducen o castelán na intimidade doméstica, onde nunca entrara, e que pasaron de facer algo en galego a facelo só se a Xunta llelo paga? Practícase aquí hoxe

un certo canibalismo coa *Televisión de Galicia*, a *Radio Galega* e o *Correo Galego*, que xa se practicou hai anos coa revista *Teima* e co *Instituto da Lingua Galega*.

Non sobran as manifestacións do 25 de xullo. ¿Como van sobrar? Pero eu sospeito que se gañan máis importantes batallas con xestos menos solemnes, como son escritura-lo piso en galego, ou pedi-la factura do coche en galego, ou poñe-la esquela do pai en galego ou preferir un xornal na nosa lingua. E, dende logo, mirando as esquelas dos xornais, un diría que é raro que lle morra un parente a un galeguista. É importante mercar un xornal en galego, e nisto discrepo da profesora Rosario Álvarez: eu merco o *Correo* a cotío; tamén leo outros, pero merco *O Correo* porque é a única maneira de que sobreviva e de que outros Consellos de Administración poidan pensar en crear un segundo e mellor xornal en galego.

Non sei se estou achegando claridade ou confusión. Quero dicir que onde se dá a batalla da normalización non é no pobo, senón nas clases media e media alta, en moitos casos xente estudiada e conservadora. Vencelos paréceme difícil. Convencelos paréceme necesario, porque, como dicía Otero Pedrayo, *aquí todos somos conversos*. Ninguén nace galeguista. O galeguismo é o resultado dunha reflexión longa, persoal e cordial, que nós temos que estimular con actitudes integradoras. Non sobran os sindicalistas da lingua, pero fáltannos captadores que clarifiquen as ideas e toquen o corazón. Temos que discurrir como corrixir nuns esa falta de perspectiva política e noutros esa falta de unidade na policromía.

Sexa como for, se o pobo, sen nós, non dará aclimatado a lingua galega na Cátedra, no Tribunal e no Altar, xa demostrou que, sen nós, é quen de conservala viva *in saecula saeculorum*. O que periga non é a lingua, senón a categoría social da lingua. Non está en perigo a supervivencia senón a normalización.

#### XOSÉ ROSALES

Teño que dicir que estou perfectamente de acordo co que se acaba de dicir e, por exemplo, con respecto ó *Correo Galego*, eu cando *O Correo Galego* saíu, estaba emocionadísimo e teño que dicir que, por exemplo a miña Universidade conseguiu, ten unha suscripción ó *Correo Galego*, a pesar de que sexa un xornal que se poida mellorar moitísimo e pola miña parte, eu pensei que o primeiro que podemos facer é que se sae un xornal en galego, é, por exemplo neste caso apoialo. Este é o primeiro punto.

O segundo punto é un pouco máis práctico, é con respecto a ¿que é o que podemos facer os cidadáns da rúa? ¿Que tipo de presións sociais se poden facer para cambiar as cousas? E aquí quixera dar unha anécdota da miña parte. Resulta que eu, a miúdo ía mercar a Alcampo en Vigo e tódolos letreiros, por exemplo os que tiña ese establecemento estaban en castelán. Empecei a queixarme, a escribirlle cartas á empresa queixándome de por que non empregaban o galego. E ó principio escribíanme de volta en galego, de feito, dicíndome que non estaban obrigados por lei a poñer os anuncios en galego. O certo é que ó cabo duns anos empezaron a poñer todo en galego e de feito

hoxe en día o Alcampo da Avenida de Madrid, en Vigo, ten tódolos anuncios, polo menos en canto a onde están os produtos, tanto en castelán como en galego. Eu non sei se iso foi o resultado da miña queixa en particular, creo que non, por suposto, pero seguro que houbo moita outra xente que se queixou. Entón eu o que quero, este é un exemplo claro; eu penso que o papel que temos os galegos de a pé é queixarnos constantemente de que non se emprega o galego nun ámbito determinado pero constantemente. É unha batalla que resulta moi difícil porque leva tempo, etc. Pero eu penso que isto é algo positivo que podemos facer nós e que demostra a presión social.

MANUEL RIVAS

Moi ben ¿Máis intervencións? Esto vai moi ben, vai moi interesante. Eu non sei porque non falades máis, a ver.

Se non hai ninguén que pida a palabra, pois por suposto...

MARGARITA NEIRA

Imos ver, é que entronca un pouco co das subvencións e co que dicía antes Rosario Álvarez e tamén co que dixo Ferro –parece que é o que falou antes–, é dicir, hai un periódico que se chama *O Correo Galego*, que non sei se leva dous ou tres anos de existencia, non sei cantos son. Segundo Rosario Álvarez, permítaseme a licencia, a profesora Álvarez di que é malo, efectivamente é un periódico malo, eu estou de acordo completamente con ela. A min non me dan ganas de comprar *O Correo Galego*, case nunca o compro. En cambio o profesor Ferro militantemente compra, ¡como é el, ademais, Ferro compra sempre *O Correo Galego*, só faltaría! Entón o que pregunto é: ¿Por que ese periódico é malo? *O Correo Galego*, creo que é un periódico, eu non son periodista pero polo que oio pola rúa e ese periódico está subvencionado na súa totalidade ou na súa práctica totalidade polo poder. Entón ¿Que pasa con ese periódico? Que é un periódico acrítico. Soamente de vez en cando algún periodista ousado e atrevido deixa pasar algunhas cousas. É unha prensa amordazada porque o poder paga –“Y el que paga manda”.

Esto era o que tiña que dicir.

MANUEL RIVAS

Si, ten Juan Cueto a palabra.

JUAN CUETO

Me gustaría discrepar muy amablemente del asunto. Es decir, una lengua que tiene problemas –y los tiene, por lo menos por eso estamos aquí– como se haga esas distinciones de que todo vehículo en la lengua del país tiene que tener unos contenidos críticos, esa lengua, entonces, queda reducida al *ghetto*. También decía usted ahí arriba... Y eso plantea el problema, es decir, según esa regla de tres, todos los que habíamos

hablado antes de la normalización en Cataluña que viene por esa conjunción de los líderes de opinión y de los movimientos populares y que se cristaliza en que consumen lo mismo que los de Francia, y que los de España, *Jurassic Park* en catalán, los videos no sé que, nunca se podría haber dado, nunca. Evidentemente que estamos por una cultura crítica o cierta gente de las que está aquí, en su mayoría, supongo, pero bueno, no seamos dogmáticos, una mayoría estamos por una conciencia crítica, por una cultura crítica, pero ese es otro problema. El problema que tiene una lengua es que tiene que sobrevivir a vida o muerte y como no utilice no ya los novísimos cauces de los que yo hablé, sino los cauces actuales de masas, esa lengua queda en un *ghetto* y quedará siempre, de ahí que sea como cuando éramos pequeños y decíamos “dialéctico el asunto”. No sé, yo no conozco *El Correo*, no lo leo y no sé si a lo mejor es demasiado esfuerzo militante comprarlo, no sé si... abonarse a eso. En fin, nos hemos abonado a cosas mucho peores en la época... Lo que quiero decir es que hay que tener cuidado y Margarita Ledo habló antes también de lo de la Escuela de Frankfurt de algo que nos vino de la Escuela de Frankfurt de que sólo hay que aceptar los productos críticos para que esos productos sean normalizados. Pero en el caso de una lengua eso es suicida porque si empezamos a hablar de productos críticos que funcionan en este país te digo que este país tiene una tirada en libros críticos que no llega, este país, España, a 3.000 ejemplares que las películas críticas españolas tal. Y, evidentemente se trata de salir del *ghetto*.

MARGARITA NEIRA

*La Voz de Galicia* que está escrita en castelán, con algunha salpicadura subvencionada, por suposto, non é mellor que *O Correo Galego*.

JUAN CUETO

No, si el problema de la subvención siempre es el mismo. El que da la subvención tiene luego gran asunto de manipulación pero también se puede doblar el asunto.

MANUEL RIVAS

Ben, gustaríanos que eses murmurios así se convertesen en intervencións.

Hai máis peticións por aí. Si, Antón.

Ben, a intervención de Antón era para comunicarnos que estamos fóra de hora e, en fin, que foi moi agradable estar por aquí e xa nos veremos noutra ocasión.

Saúde, Terra e ata outra.





## SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO GALEGO

*Henrique Monteagudo (Moderador)*

*Johannes Kabatek e Mauro Fernández (Participantes)*

### H. MONTEAGUDO

En principio estaba previsto que nesta mesa redonda, ademais das tres persoas que estamos aquí sentadas, estivese tamén unha persoa do mundo da política que nos viñese falar dos problemas sociolingüísticos do galego desde unha perspectiva directamente política. Queríamos que viñese unha persoa deste mundo que ó mesmo tempo tivese unha certa visión académica do asunto. Non queríamos ter un político falándonos coma se se tratase dun parlamento, senón un político que tivese unha traxectoria, que tivese algo que dicir e que tivese un discurso sobre a lingua.

Entón, convidamos en primeiro lugar a Francisco Rodríguez, deputado do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento de Madrid, que agradeceu a invitación e escusou a súa presenza porque as tarefas parlamentarias lle impedían estar hoxe connosco. Convidamos despois á súa compañeira Pilar García Negro, deputada no Parlamento Galego, que declinou asistir. Con estas sucesivas invitacións pasounos o tempo e xa non tiñamos marxe para cursar invitación a outra terceira persoa. Quede constancia, pois, de que se non está aquí ningunha destas dúas persoas ou outra persoa do mundo político non é por falta de vontade nosa, senón por imposibilidade material de conseguilo.

Tamén está ausente aquí unha persoa que si que tiña aceptado a invitación e si que tiña previsto asistir, que é o sociolingüista valenciano Rafael Lluís Ninyoles, que acolleu encantado a nosa invitación, que dixo que el estaba disposto a colaborar con calquera iniciativa que partise do Instituto da Lingua e que estivese no mundo de promoción da lingua galega, pero a última hora avisounos de que non podía vir por razóns de traballo. Polo tanto, a mesa redonda queda coma unha mesa case de dúas patas e entón, pois, non para suplir ningún dos ausentes, senón para facer a mesa un pouco máis con tres patas, eu mesmo, á parte do meu papel de presentador, vou facer unha pequena intervención que ides ter que desculpar, porque vai estar case improvisada, xa que aínda nos soubemos antonte de que Ninyoles non ía vir.

Tentarei facer un repaso moi xeral, unha visión da política lingüística dos últimos anos desde o punto de vista, digamos, académico e non quero dicir con esto que eu non teña un punto de vista político, senón que eu non vou falar da miña visión política do asunto, senón desde unha visión dentro do posible máis académica, máis científica. Despois vai falar Mauro Fernández. Mauro Fernández é escusado case presentalo. É un dos sociolingüistas con máis prolongada e importante traxectoria no noso país. É profesor agora na Universidade da Coruña. É un dos primeiros profesores de sociolingüística, especificamente, que temos en Galicia, e vainos dar unha visión global da situación do galego e perspectivas. E logo vai falar o “galecista” ou galeguista alemán, amigo noso, Johannes Kabatek, tamén moi coñecido, tamén especialista no noso terreo, porque precisamente fixo a súa tese de doutoramento sobre un tema de sociolingüística galega e vai tratar dos estudos de sociolingüística galega por unha parte e dalgunhas cuestións relacionadas máis ben co aspecto lingüístico da situación do galego.

Para simplificar, posto que nunha mesa redonda non podemos aspirar a ofrecer unha visión detallada da cuestión, como sabedes, un dos esquemas posibles de análise das políticas lingüísticas atende ás distintas fases dos procesos en que se desenvolve unha política lingüística determinada e que, de maneira simple, sería: unha primeira fase de coñecemento, de análise da realidade e de primeira elaboración de propostas a partir dese coñecemento e desa análise; unha segunda fase de establecemento primeiro dunha política lingüística a nivel global que fixa, digamos, os obxectivos estratéxicos ós que se pretende chegar e despois unha programación máis detallada en que se establecen sectorialmente os obxectivos ós que se quere chegar a nivel táctico, máis a curto prazo; unha terceira fase que sería a fase de implementación desa política lingüística tal e como foi deseñada; e unha cuarta fase que sería unha fase de avaliación da marcha do conxunto do proceso e dos resultados que se obtiveron a partir das políticas deseñadas para analizar criticamente se convén reaxustar, redefinir ou redeseñar algunha das decisións que se tomaron ó longo do proceso.

Seguindo este esquema moi simple, eu vou dar a miña visión un pouco á carreira do que foi a política lingüística en Galicia nos últimos, poñamos, quince anos. No que se refire á fase de coñecemento e análise da realidade, o fundamental neste caso é contar, poñer en pé os instrumentos que permitan coñecer cal é a situación do galego e cales son as tendencias que se albiscan nesta situación. Recordo que nos primeiros anos en que se puxo en marcha a política lingüística en Galicia, a partir da Autonomía, da Lei de Normalización Lingüística, insistiamos moito desde os ámbitos académicos na necesidade de emprender programas de investigación que permitisen coñecer a realidade sociolingüística do galego con máis detalle e máis en profundidade do que a coñeciamos daquela. Hai que dicir que nos últimos anos, quizais un pouco oíndo estas voces insistentes, efectivamente se puxeron en marcha iniciativas e proxectos importantes neste sentido. Lembrede que antes, por exemplo, do censo do 91, ningún censo de poboación recollera información de tipo sociolingüístico; no censo do 91 xa se recolleu esta infor-

mación, o cal nos ofreceu unha panorámica global, aínda moi en groso porque os datos do censo estaban mesmo presentados moi *grosso modo* pero, en fin, xa tiñamos unha primeira visión global da situación. Posteriormente o proxecto do Mapa Sociolingüístico de Galicia os cales, un dos responsables temos aquí á miña esquerda, Mauro, permitiunos entrar a coñecer moito máis en profundidade a situación, ademais cunha recollida de datos o suficientemente ampla como para descender a análises sectoriais. Neste sentido, polo tanto, houbo xa, por citar estas dúas, iniciativas importantes para coñecer a situación sociolingüística do galego no aspecto máis social.

No aspecto lingüístico, o traballo viña feito de antes, pois o labor que iniciara o Instituto da Lingua Galega nos anos 70 co *Atlas Lingüístico*, etc., xa era unha base da que partir e as iniciativas que viñeron posteriormente son unha continuación.

O que realmente quería anotar eu aquí con respecto a isto, é que, en todo caso, non se ve unha política suficientemente clara. Neste terreo, sobre todo no ámbito institucional hai unha política bastante errática. Existía desde antes da Autonomía o Instituto da Lingua Galega, como Instituto Universitario. Ó Instituto da Lingua Galega seguíuselle encomendando algúns traballos, por exemplo seguir co *Atlas Lingüístico de Galicia* e comezar os labores para facer o *Diccionario Histórico e Xeral da Lingua Galega*, mentres que na Lei de Normalización Lingüística encomendábaselle as tarefas de actualización e de autorización de solucións lingüísticas á Real Academia Galega. Pero a RAG non se amosou funcional neste terreo e a colaboración que existiu nun momento co ILG non tivo, na práctica, continuidade e sen embargo, nunha iniciativa un tanto sorprendente, á Real Academia Galega encomendóuselle, no seo da propia Academia, a creación da sección de sociolingüística, que en principio parecía que non encaixaba naquel esquema orixinal da Academia como organismo fundamentalmente lingüístico.

O Consello da Cultura Galega tivo un papel tamén no que foi o seguimento de determinadas políticas e a súa análise, pero non se potenciou tampouco o papel do Consello e non se tivo en conta, ademais, o Consello como organismo asesor. Realmente, na Lei de creación do Consello está previsto que sexa basicamente un organismo asesor, pero nas poucas ocasións, e agora xa falo da miña experiencia como membro nos últimos anos da Comisión de Lingua do Consello, nas poucas ocasións en que se nos pediu unha opinión sobre unha medida de política lingüística case era un pouco presionándonos para dar o respaldo á medida, é dicir, non se esperaba de nós unha opinión imparcial senón que emitisemos unha especie de respaldo público á medida e esto non é a función dun organismo asesor. A un organismo asesor hai que lle dar a posibilidade de estudar as iniciativas antes de que sexan xa tomadas definitivamente e non esperar del un simple respaldo.

Nos últimos anos, máis recentemente, creouse o Centro de Investigación Lingüística e Literaria Ramón Piñeiro. Xa no decreto de creación os termos son extremadamente vagos canto ás funcións que se lle atribúen ó centro e logo co paso do tempo decatámonos de que é un centro que, polo menos en parte, nas tarefas para as que se concibe véñse solapar co

traballo que estaba facendo o Instituto da Lingua. Temos outra vez que son decisións políticas, carentes dunha visión de conxunto e que falta un deseño de cales son as institucións necesarias e cales son os papeis que lle imos atribuír a cada unha desas institucións.

Na miña opinión en toda esta fase de coñecemento e análise da realidade, de elaboración das primeiras propostas, de asesoramento científico, etc., a pesar de que existen organismos, bótase moito en falta un grande organismo coordinador e asesor que estudie os problemas desde o punto de vista técnico, desde o punto de vista científico, desde o punto de vista académico, que emita informes independentes, neutrais, etc. Isto non se ve por ningures. Hai terreos nos que verdadeiramente as carencias son moi graves e as iniciativas que se toman ou non existen ou son insuficientes e agora penso, por exemplo, nun terreo do que estamos sentindo agora a carencia, como é a creación de terminoloxía, a modernización terminolóxica do galego.

No tocante ó establecemento dunha política lingüística global, dos obxectivos estratéxicos e deseño de programas sectoriais, os programas tácticos, case soamente vos vou falar un pouco do xenérico, porque o contrario me obrigaría a prolongarme excesivamente. Quizais logo no coloquio teremos ocasión de tratar sectores particulares do ensino, dos medios de comunicación, etc. dos que interese falar.

Nesta visión do deseño global do que vai ser o futuro, do que se pretende que sexa o porvir do galego, estanse manexando, vou coller, digamos, tres lemas, tres tópicos, que se están manexando e ó redor dos cales está habendo moita discusión ultimamente. Son estes conceptos de “bilingüismo harmónico”, que é o concepto que emana das instancias do poder político; outro concepto, o de “monolingüismo social” que é un concepto que emana máis ben das instancias da oposición a ese poder político desde o sector nacionalista; e aparece tamén outro concepto ultimamente, que é o concepto de “diglosia à la Ferguson”, como se falaba nunha entrevista recentemente. Como sabedes, ten habido moito debate ó redor destes tres conceptos e non sempre un debate clarificador.

Verbo do primeiro deles, o de bilingüismo harmónico, hai que comezar dicindo que o propio concepto se presta pouco á claridade. Xa é un tópico tamén da literatura sociolingüística que o termo de *bilingüismo* é tan polisémico, pode ter tantos sentidos distintos, é tan vago nos seus perfís que con *bilingüismo* podemos querer dicir moitas cousas e ó final podemos non querer dicir ningunha. En principio *bilingüismo* é competencia dun individuo en dúas linguas, pero o termo en si mesmo non nos di nada acerca de, por exemplo, cal é a posición de cada lingua no individuo. Non é corrente que a competencia en dúas linguas vaia acompañada dun status exactamente igual de cada unha das dúas linguas nin no individuo nin, por suposto, menos aínda se estamos a falar dunha situación de bilingüismo social. Normalmente existe unha lingua usual e unha lingua ocasional, é dicir, unha lingua de uso máis corrente, máis habitual, máis de día a día e unha lingua de uso máis ocasional que se emprega en ocasións determinadas para funcións determinadas, que poden ser moi variadas. Existe unha lingua de instalación, digamos, na que un funciona normalmente, e existe unha lingua instrumental, é dicir, na

que se pode funcionar nun momento determinado, unha lingua de relación, digamos. No concepto de *bilingüismo* todo esto queda en absoluta vaguidade. “Bilingüismo harmónico” parece que non quere dicir moito máis. Probablemente, o lema hai que entendela non tanto polo que queira dicir en si, senón porque aparece en contraste con outras posicións. Quizais con *bilingüismo harmónico*, se pretende suxerir que imos cara a un obxectivo en que efectivamente a maioría dos galegos e galegas sexan competentes en galego e en castelán. Se é iso, pois, vale. Pero quizais tamén se nos está suxerindo a través deste de *harmónico*, e poñéndoo en contraste con outras propostas, que debemos chegar a esa situación por vías pacíficas. O *harmónico* como oposto a *discordante*, como oposto a *conflictivo*, como oposto a *impositivo* e que, polo tanto, se quere chegar a esa situación por vías pacíficas, por vías non impositivas ..., e en fin, tamén, en principio é difícil non estar de acordo con isto.

Agora ben, analizado no contexto da situación galega, o concepto de *bilingüismo harmónico* pode ser un enmascaramento da realidade porque efectivamente, ningunha persoa sensata ou polo menos ningunha persoa que defenda proxectos lingüísticos democráticos pode pretender que a normalización do galego se vaia facer a base de violencia, a base de imposición e de ir en contra da vontade das persoas, pero a relación entre o galego e o castelán en Galicia é unha relación conflictiva, é unha relación que crea tensións. Os procesos de normalización lingüística son procesos con tensións e non se pode pretender ocultar que existen estas tensións e que existen estes conflitos. O que hai que ver é a maneira de que eses conflitos e esas tensións saian á luz e a maneira de resolvelos por vías de consenso, por vías democráticas. No concepto de *bilingüismo harmónico* tamén se suxire ou parece estar subxacente a idea dunha situación estable, dunha certa estabilidade que vai un pouco tamén conxuntamente con esa noción de harmonía, de non discordancia, de non violencia, etc. E isto situaríanos nun horizonte dunha especie de entropía lingüística, é dicir, parece que no horizonte a longo prazo temos unha situación na que galego e castelán serían dúas linguas que un podería atopar en calquera situación, en calquera falante, en calquera momento ..., e francamente, disto non hai exemplos no mundo. Non hai na literatura precedente nin parece nin sequera concibible unha situación na que a posición de dúas linguas nunha sociedade é máis ou menos equivalente, de maneira que un non pode predicir quen vai falar cada unha delas, dependendo da súa situación socioeconómica, do seu status cultural, da situación en que se encontre, etc., etc. Isto é absolutamente inviable. Entón, polo tanto, o que temos é que pensar cal vai ser a posición ou cal pretendemos que sexa a posición de cada unha das linguas e discutir seriamente sobre que status lle queremos dar a cada unha delas e cales son os medios razoables para chegar a esta situación. Non ocultar todo isto nesta fumareda vaga do *bilingüismo harmónico*.

Nesta liña, aparecen esoutros conceptos de “*monolingüismo social*” e de “*diglosia à la Ferguson*”, conceptos que de tódalas maneiras son tamén eles problemáticos, porque cando se defenden posicións de “*monolingüismo social*” hai que dicir, claramente, que

desde a situación actual do galego, non entrando na discusión de se o obxectivo é viable ou non viable, desexable ou non desexable, desde a situación actual a esa situación pretendida de “monolingüismo social” hai un período de transición necesariamente longo e ese período de transición ¿como se formula?, ¿como aparece? O “monolingüismo social” ás veces é tamén un lema co que un parece dicir moito e realmente non ofrece nada concreto. Non me vou estender, porque xa me estou estendendo demasiado. A proposta que aparece de “diglosia à la Ferguson” tamén merecería dunha análise detallada porque tampouco está exenta de problemas. Supoño que se está pensando nunha situación de diglosia funcional, basicamente, máis ou menos estable, na cal se lle atribúen ó galego unhas funcións e ó castelán outras. Ás veces, non se di “ó castelán outras”, dise “a outras linguas outras”, pero non podemos ignorar o feito de que é o castelán basicamente o que vai estar a xogar aí. Tampouco é unha proposta exenta de problemas, porque é verdadeiramente difícil estabilizar unha situación diglósica, incluso hoxe estase a pensar que non existen diglosias estables e que, polo tanto, en última instancia, a dinámica da situación nos vai conducir cara a un ou cara a outro lado.

Con respecto á cuestión da implementación da política que se deseña, hai un concepto clave, que é o concepto de lexitimación. As políticas lingüísticas, como as políticas en xeral, se non se queren impoñer pola vía “da brava” (e isto é posible, pero é difícil nunha sociedade máis ou menos democrática, máis ou menos aberta coma a nosa) pois, necesitan ter un certo grao de lexitimación social, a xente precisa percibir esas políticas como lexítimas. E unha compoñente fundamental desta lexitimidade é a credibilidade. A xente que propón a política e que se propón levar adiante esa política, precisa que se lle conceda un determinado grao de credibilidade e este grao de credibilidade conséguese basicamente demostrando un compromiso coa lingua que vaia máis alá da mera retórica ou das meras medidas de cara á galería. Na lexitimación tamén é un factor importante a implicación dos sectores sociais que están verdadeiramente interesados e que están verdadeiramente mobilizados ó redor deste problema. Este é un asunto importantísimo. É impensable que se poida implementar unha política lingüística de avance sen contar coas forzas sociais, políticas, culturais, etc. que teñen maior interese en que o galego avance. Ademais, é imprescindible articular estas forzas. Case sempre acode cando falamos destas cousas o caso de Cataluña, da famosa rede de normalización lingüística, organismos de coordinación, de impulso á normalización lingüística que teñen que contar coas iniciativas da base, coas asociacións cívicas, coas asociacións profesionais, cos clubs culturais, etc., etc. Estamos asistindo en Galicia en moitas ocasións a fracasos de determinadas iniciativas en política lingüística que están en boa parte determinados pola falta de lexitimidade e pola falta de credibilidade destas políticas, entre outras razóns porque se pretenden pór en marcha sen contar coas persoas que verdadeiramente a sociedade percibe como lexitimadas e cribles para levar adiante esta política. Preténdese facer unha política moitas veces dirixista, desde arriba, cando non directamente unha política clientelar, de favores, de consagracións e de excomuñóns, de

pauliñas ás veces, verdadeiramente absurdas, que restan e son lastres para a política lingüística que se pretende.

Xa estou a falar demasiado, simplemente quero rematar falando do que sería o proceso de avaliación de resultados e de axuste e de reaxuste das decisións. Nunha sociedade normal, nunha sociedade madura, é fundamental que exista un escenario para o debate e para a crítica públicos. Se non, entramos nunha situación de absoluto bloqueo na cal só hai lugar ou para o aplauso incondicional ou para o apueto tan incondicional coma o anterior. Isto ó único ó que conduce é a un bloqueo intelectual, a un bloqueo cultural e a unha vía sen saída. Necesitamos unha sociedade madura que sexa capaz de dialogar e que sexa capaz de criticar sen medo a ningún tipo de represalias, unha sociedade na que as posicións distintas que necesariamente hai en tódalas sociedades plurais se expresen con claridade e con respecto polas outras posicións e na que se busquen vías de colaboración antes que vías de enfrontamento. Desgraciadamente, tampouco neste terreo estamos vivindo no clima máis favorable a este tipo de posicións. Desde o mundo oficial, moitas veces o que se espera, desde os poderes políticos, ou é a simple submisión ou é o aplauso; e críticas que maiormente, na maior parte das veces, son críticas ben intencionadas, que o único que pretenden é, simplemente, expoñer puntos de vista racionais máis ou menos fundados e máis ou menos discutibles como calquera outros, pois, son recibidas como ataques, como descalificacións e comportan moitas veces sancións, determinados tipos de sanción, porque non estamos nunha sociedade tan represiva como..., moitas veces é máis unha sociedade que premia máis do que castiga, entón, a ausencia de premios pode ser un castigo. É fundamental, para que haxa unha avaliación racional e realista das medidas, da súa eficacia, da posibilidade de medidas alternativas, etc., instaurar este clima de diálogo e este clima de abertura cara á crítica. Desgraciadamente, isto está ausente.

Como xa falei de máis, con esta chamada a este clima de diálogo e de crítica constructiva, vou ceder a palabra a Mauro Fernández.

#### M. FERNÁNDEZ

A pesar da gran cantidade de discurso producido en Galicia en torno á cuestión da lingua e que reclama para si a denominación de 'sociolingüística', o certo é que os nosos coñecementos acerca da situación e da dinámica sociolingüísticas de Galicia son aínda moi parciais, debido a que só moi recentemente se teñen emprendido investigacións sistemáticas e co apoio económico necesario. Diversas liñas de investigación dentro desta disciplina están aínda, aquí, nos seus comezos: existen moi poucos traballos dignos de mención sobre a variación sociolingüística, tanto no galego coma no castelán de Galicia, ou sobre a influencia que exerce a variedade estándar sobre as variedades coloquiais, ou sobre os procesos de converxencia de variedades nos ambientes urbanos, ou sobre estas variedades en canto portadoras de identidade social, ou sobre a alternancia de códigos, ou sobre a xestión por parte dos falantes do seu repertorio lingüístico, ou

sobre sociolingüística histórica, etc. É dicir: escasean (aínda que xa non faltan absolutamente, como faltaban hai catro ou cinco anos) traballos nas liñas de investigación que se denominan ‘sociolingüística variacionista’ e ‘sociolingüística interaccional’.

En contraste coas carencias mencionadas, pódese dicir que noutras liñas de investigación o noso coñecemento é non só abondo, senón óptimo. Non creo que sexa esaxeración afirmar que o galego é nestes momentos unha das linguas mellor coñecidas en todos aqueles aspectos para o estudo dos cales resulta axeitada a metodoloxía de enquisa. O *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega por encargo da Xunta de Galicia, apóiase nos datos procedentes dun cuestionario cunhas cento cincuenta preguntas aplicado a case 39.000 persoas maiores de 15 anos, distribuídas en trinta e catro mostras diferentes, o que supón unha base cuns sete millóns de datos, ós que hai que engadir uns cantos millóns máis de datos xerados a partir dos datos recollidos. Cada unha destas mostras agrupa ós municipios da mesma provincia que comparten certas características demográficas e socio-económicas, cunha fiabilidade mostral do 95% e unha marxe de erro do 3%, o que supón un tamaño mostral de algo máis de mil persoas para cada unha, estratificadas por cotas de idade e sexo. A partir destas trinta e catro mostras, e trala necesaria ponderación, obtense unha mostra para o conxunto de Galicia que supera con moito os requisitos de fiabilidade e marxe de erro habituais nas enquisas sociolóxicas. Ata o momento apareceron os dous primeiros volumes, cun compendio dos datos entregados á Xunta sobre lingua inicial e competencia lingüística (o primeiro volume) e sobre uso das linguas (o segundo volume). Posto que estes son os aspectos máis coñecidos da realidade sociolingüística galega, limitarei a eles a miña intervención, seleccionando de entre os milleiros de exploracións efectuadas uns poucos resultados, aqueles que me parecen máis relevantes e abondos para unha caracterización básica da situación presente do galego.

Antes de presentar tales datos, sen embargo, creo necesario destaca-los importantes avances experimentados pola lingua galega nos últimos anos como consecuencia do seu uso crecente en ámbitos nos que, ata hai pouco tempo, o castelán era a única lingua concibible. A súa introducción no ensino, a súa presenza nos chamados medios de comunicación (aínda escasa na prensa diaria, pero moi abundante na radio e case exclusiva na Televisión Galega), o número crecente de publicacións nos xéneros ensaístico e científico, o incremento do seu uso por parte da Administración, a súa utilización como lingua habitual nos comunicados públicos por boa parte das organizacións políticas, sindicais, etc. teñen producido unha profunda modificación no imaxinario colectivo sobre a lingua. O galego deixou de estar asociado case exclusivamente coa pobreza e co ruralismo; deixou de ser esa lingua da que, hai tan só vinte e poucos anos, dicía o profesor Guillermo Rojo que se falaba ou con vergoña ou por obriga. Tal proceso de expansión dos usos públicos e formais foi acompañado da consolidación e da aceptación crecentes dunha norma estándar, aínda que non carente de opositores, autodenominados ‘reintegracio-



nistas' e máis coñecidos como 'lusistas', xa que o seu punto básico de partida é que a norma culta do galego é a do portugués. Para estes opositores, a adopción do portugués como norma escrita do galego (ou, como mínimo, unha norma fortemente lusizante) é condición imprescindible para a supervivencia da lingua, polo que tenden a considerar calquera outra norma e, moi especialmente a norma máis difundida (á que denominan 'isolacionista' ou simplemente 'españolista') como un intento de disimular unhas supostas e ocultas intencións de liquidación da lingua galega en favor da castelá ou, cando menos, prescindindo do xuízo de intencións, como unha colaboración inconsciente e suicida con tal proceso de liquidación. Dende o outro lado, interprétase a posición reintegracionista como un serio obstáculo para a consolidación do novo prestixio que está a acadalo galego e como unha dificultade engadida para a regaleguización dos sectores sociais desgaleguizados; cómpre dicir, tamén, que somos moitos os que consideramos que o verdadeiro suicidio para o galego sería precisamente a adopción do estándar portugués.

Se, en vez de contempla-la situación dende a perspectiva dos usos formais ós que acabo de referirme, a contemplamos dende a perspectiva dos usos informais, o panorama resulta algo menos alentador, aínda que, na miña opinión, aínda non desesperado. Os datos globais para o conxunto de Galicia resultan aínda sumamente favorables para o galego: é a lingua inicial do 60% da poboación (tanto neste dato, coma nos sucesivos, redondeo as cifras eliminando os decimais), porcentaxe á que se podería engadir un 12% máis que adquiriu simultaneamente ámbalas dúas linguas na infancia; só o 27% ten como primeira lingua o castelán. Só o 3% declara comprendelo 'pouco' ou 'nada', e o 14% declara escasa ou nula competencia para falalo, fronte ó 97% que o comprende 'bastante' ou 'moito' e o 86% que pode falalo sen problemas. A competencia nas destrezas escritas dá resultados considerablemente máis baixos: o 47% declara que pode lelo 'bastante' ou 'moito', e só o 28% afirma que pode escribilo. En canto ó uso, sumando os que afirman usar só galego e os que usan máis galego que castelán, obtemos un 69%; só o 11% afirma usar exclusivamente o castelán, fronte ó 39% que afirma usar exclusivamente galego; e tamén entre os que fan uso de máis dunha lingua predomina claramente o galego. Xa que logo, pode dicirse que esta lingua está presente dalgún xeito no repertorio lingüístico mobilizado na conducta lingüística cotiá do 89% da poboación, mentres que o castelán o está só no 61%.

Se todo se limitase a esta visión de conxunto, non cabe dúbida de que habería que considera-lo galego como solidamente implantado e ó abeiro de calquera perigo inmediato; estas cifras poden esperta-la envexa de moitos dos que se afanan na defensa e promoción das linguas ameazadas; para si as quixeran os irlandeses, os galeses ou os vascos, por limitarme a uns poucos exemplos. Sen embargo, os datos publicados no primeiro tomo do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* produciron unha considerable alarma, especialmente nalgúns sectores do nacionalismo galego, ata o punto de que o semanario *A Nosa Terra* dedicoulle máis dunha portada ó tema, afirmando nunha ocasión en grandes titulares que esta pode se-la última xeración que fale galego.

O que provoca a alarma non son, naturalmente, as cifras globais, senón a súa distribución enormemente xesgada en canto se controlan outras variables, especialmente a idade e o hábitat, e as prediccións de evolución que cabe formular a partir dese xesgo.

Vexamos en primeiro lugar que sucede coa distribución por idades. Na estratificación por idades da mostra tomáronse en consideración sete grupos, que imos reducir agora a catro para unha maior sinxeleza na presentación dos resultados: un formado polos maiores de sesenta e cinco anos, outro polos que teñen máis de corenta e menos de sesenta e cinco, outro polos que teñen entre vinteseis e corenta, e outro polos que teñen entre dezaseis e vintecinco.

Hai un momento viamos que o galego é a lingua inicial do 60% da poboación, considerada esta no seu conxunto; pero cando observámo-la distribución por idade, vemos que na realidade é a lingua inicial de só o 37% dos que teñen entre dezaseis e vintecinco anos, mentres que o é do 81% dos que teñen máis de sesenta e cinco. Tal distribución por idade indica, sen ningunha dúbida, que estamos ante un proceso de perda da transmisión interxeracional do galego como primeira lingua. En canto á magnitude do proceso, en cambio, si que pode haber dúbidas e interpretacións diferentes. En primeiro lugar, porque a ese 37% de galegofalantes iniciais no grupo de idade máis nova pódesele engadi-lo 17% do mesmo grupo de idade que declara te-las dúas linguas como iniciais, co que estamos xa no 54%; en segundo lugar, porque existen xeitos de transmisión interxeracional dunha lingua distintos da súa transmisión como lingua inicial; de feito, o 70% dos menores de vinteseis anos declara que aprendeu o galego na familia, aínda que non fora como primeira lingua. Certamente, este 70% está bastante lonxe do 93% equivalente nos maiores de sesenta e cinco anos, pero é unha porcentaxe considerablemente elevada que indica que o galego segue adquiríndose a partir do ambiente familiar e social, aínda que un número cada vez meirande de pais opten polo castelán como lingua de socialización dos seus fillos, e seguirase adquirindo na medida en que o galego siga sendo a lingua de uso habitual na maior parte da poboación.

Vimos antes que o uso único ou preferente do galego como lingua informal nas interaccións espontáneas cotiás acada o 69% da poboación considerada no seu conxunto. Atendendo á distribución por idade, a porcentaxe sobe ata o 85% nos maiores de sesenta e cinco anos e baixa ó 46% nos menores de vinteseis anos. A distancia entre estes dous extremos é considerable (aínda que algo menor que a existente nos datos sobre a lingua inicial), polo que non son de estraña-las reaccións provocadas pola publicación do segundo volume do *Mapa Sociolingüístico* foran na mesma liña que as provocadas polo primeiro. Con todo, compartindo a preocupación e comprendendo as reaccións producidas, penso que tamén neste caso convén matiza-los datos, pois a maior parte desa perda no uso do galego como lingua habitual non se traduce no uso exclusivo do castelán: a opción dominante no grupo dos máis novos é o uso de ámbalas dúas linguas, aínda que con predominio do castelán; os monolingües nesta última lingua, que no grupo dos máis vellos son o 6%, só aumentan ata o 18% no grupo dos máis novos; isto supón que dos

corenta puntos que perdeu o uso habitual do galego entre as xeracións extremas, só doce teñen ido a parar ó uso exclusivo do castelán.

Outra variable de suma importancia na distribución do galego é o tipo de hábitat. A adquisición do galego como primeira lingua, que no conxunto de Galicia supón, como xa vimos, o 60%, descende na Galicia urbana ó 32%, e descende aínda moito máis, ata o 10%, no grupo dos máis novos das cidades; incluso sumando a estes os novos que adquiriron as dúas linguas á vez, non sobrepasámo-lo 27%, e se prestamos atención á adquisición no seo da familia por procedementos distintos da súa transmisión como lingua inicial, só chegamos ata o 46%, fronte ó 70% que viamos no mesmo grupo de idade cando non considerabámo-la distribución por hábitat. En cambio, a adquisición do galego por vía escolar, que no conxunto da poboación galega é irrelevante (o 6%), elévase entre os xoves urbanos ata o 47%. En canto ó uso das linguas, o 68% de usuarios habituais do galego que viamos para o conxunto da poboación descende ó 38% na Galicia urbana, e non sobrepasa o 14% entre os máis novos. Pero tal como sucedía no conxunto de Galicia, tamén aquí a meirande parte da perda no uso preferente do galego non se traduce nun aumento espectacular dos monolingües en castelán, que só representan o 35% entre os xoves urbanos, fronte ó 51% que usan ámbalas dúas linguas, aínda que con predominio do castelán.

A importancia destes datos urbanos non se pode apreciar debidamente sen unha referencia, aínda que sexa mínima, á importancia crecente do proceso de urbanización en Galicia. Anque aínda está moi difundida a imaxe dunha Galicia basicamente rural e agraria, o certo é que tal imaxe se axusta cada vez menos á realidade. Segundo os datos do censo de 1991, a poboación rural a penas sobrepasa o 40%. Galicia está deixando de ser basicamente rural, e o proceso de concentración nas cidades, na franxa costeira e nas cabeceiras de comarca, xa moi intenso nos últimos anos, intensificárase aínda máis nos anos vindeiros. Teñamos en conta que o 87% do crecemento demográfico de Galicia no que vai de século corresponde ás áreas urbanas, e que a poboación que vive nas áreas de expansión e influencia das sete cidades importantes de Galicia representa xa o 42% da poboación total. Naturalmente, non toda a poboación que vive nestas áreas pode catalogarse como urbana; a poboación estritamente urbana é o 28% do total, pero a correspondente ós municipios nos que se sitúan as sete cidades é xa o 34%; o resto, ata o 42% mencionado, corresponde a municipios limítrofes, algúns deles con características máis próximas ó urbano có rural.

Na consideración do hábitat limiteime a dar algúns datos sobre a Galicia estritamente urbana, pois o tempo do que dispoño (e que agradezo profundamente ó coordinador desta mesa, o profesor Henrique Monteagudo) non dá para máis. A distribución do hábitat en Galicia é sumamente complexa e matizada: baste dicir que na nosa base de datos temos codificados vinteún tipos de hábitat, atendendo a criterios xeográficos, demográficos e urbanísticos; debido á necesidade de simplifícala comunicación dos resultados, estes tipos de hábitat reducíronse a só cinco nos volumes publicados do *Mapa*

*Sociolingüístico de Galicia*, co que inevitablemente se perden moitos matices relativamente importantes. Por exemplo, o hábitat máis rural destes cinco, ó que denominamos 'rural II' e que corresponde a entidades de poboación menores de dous mil habitantes, con asentamento disperso e carentes de rúas, prazas, rede de sumidoiros, oficinas bancarias, e outros elementos de urbanización, e ó que pertence o 38% da poboación, presenta na realidade unha notable heteroxeneidade na conducta lingüística, e que non é senón a consecuencia doutros tipos de heteroxeneidade. En primeiro lugar, hai importantes diferencias segundo a proximidade ás cidades, e, máis en concreto, segundo a que cidade; nas zonas rurais próximas a Ferrol hai unha porcentaxe bastante menor de monolingües en galego que nas zonas rurais próximas a Santiago ou a Lugo. En segundo lugar, os procesos de urbanización non son só o resultado da emigración e da concentración física nas cidades, senón da transformación na estrutura económica e ocupacional, do abandono dunha economía basicamente agraria estruturada en unidades de autoproducción bastante pechadas sobre si mesmas (aínda que non tan pechadas como ás veces se afirma), para pasar a unha maior diversificación productiva, dependente da industria e dos servicios. Tal transformación ten repercusións decisivas nas redes de interacción habituais, facéndoas máis abertas, é dicir, aumentando o número de contactos potenciais dos individuos e reducindo ó mesmo tempo o seu grao de complexidade, é dicir, reducindo o número de roles presentes simultaneamente nunha interacción. A isto hai que engadi-lo impacto dos medios de comunicación e o aumento de mobilidade que proporciona a mellora nos transportes e a difusión dos vehículos particulares. Son estas transformacións das redes de interacción (e non variables como o hábitat, a idade ou a clase social por si mesmas) as que repercuten directamente na conducta lingüística, tanto na difusión de variantes e no conseguente cambio lingüístico no interior dunha lingua, como na substitución dunha lingua por outra en situacións de bilingüismo. Se reparamos na estrutura ocupacional da zona clasificada por nós como 'rural II', aínda excluindo dela as zonas próximas ás cidades, observamos que só unha cuarta parte son labradores. Tendo en conta o que acabamos de expoñer, de forma sumamente condensada, acerca das redes de interacción, deberíamos esperar neste grupo de labradores unhas porcentaxes de monolingüismo en galego moi superiores ós doutras profesións. E, efectivamente, iso é o que sucede: o 89% usa exclusivamente galego, pero no grupo profesional que segue en importancia numérica, o dos obreiros (que representa o 17%), a porcentaxe dos que usan exclusivamente o galego xa descende ó 66%, e acada a súa cota máis baixa entre as profesións liberais, que neste tipo de hábitat (recordemos que estamos a falar do rural II) representan só o 0,3% da poboación, do que só o 16% presentan unha conducta habitual monolingüe en galego.

O panorama é aínda máis complexo se tomamos en consideración a heteroxeneidade que mostran tamén os propios espazos estrictamente urbanos. Cada cidade é diferente das outras pola súa historia, polo tipo e grao de industrialización, polo tipo e grao de servicios, polo tipo e procedencia da súa inmigración, polo tipo de mercados, pola rela-

ción que mantén co ambiente, etc., e todo isto repercute na configuración sociolingüística. De xeito moi resumido –posto que xa esta mañá falei do asunto na miña comunicación a este Congreso– apuntarei que, se ben os galegofalantes non abundan en ningunha das cidades, Santiago de Compostela é a que máis ten, e as que menos son Ferrol, Vigo e a Coruña; Lugo e Ourense ocupan un lugar intermedio. Quixera tamén mencionar alomenos o feito de que a desgaleguización das cidades data xa, como mínimo, de principios de século, e que a porcentaxe de galegofalantes nelas de feito non diminuíu nos últimos anos, senón que aumentou debido ó importante aporte migratorio: case a metade dos habitantes actuais das cidades non naceron nelas, e moitos proceden de zonas rurais. En Galicia, trasladarse da aldea á cidade non supón case nunca unha ruptura dos vínculos co entorno de orixe, ó que se regresa frecuentemente; a isto hai que engadir que moitos dos novos vínculos que se establecen na cidade son con outras persoas procedentes tamén dun hábitat rural. Por iso, o mantemento do galego por parte destes inmigrantes é aínda moi elevado, e deles nútrese fundamentalmente ese 38% de urbanícolas galegofalantes habituais ó que antes nos referíamos.

Á vista destes datos, ¿ten o galego un futuro sólido asegurado? A resposta non resulta doada. Hai un ano, nas páxinas de *Luzes de Galiza* deuse cabida a unha polémica sobre este tema co título de “A lingua, morre ou non?”. Os títulos escolleitos polos dous polemistas, ambos destacados académicos da Real Academia Galega, son ben significativos. “O galego no precipicio. Meditacións a propósito do MSG” é o do artigo de Antón Santamarina; na posición oposta, Xesús Ferro Ruibal deu a súa contribución o título de “O galego resiste moi ben”. A miña impresión é que ningún dos dous puntos de vista carece de razón. A distribución por idade, salientada por Antón Santamarina, resulta sumamente preocupante, ata o punto de que podería parecer inconsciencia afirmar, como fixo noutra ocasión Ferro Ruibal, que o feito de que ós nenos non lles guste o galego non debe preocuparnos, pois xa lles gustará: tampouco adoita gustárle-la sopa nin o peixe. Pero non lle falta razón a Ferro Ruibal cando afirma que o galego resistiu ben os embates da modernidade, xa que aínda a maioría dos nenos galegos, mesmo os urbanos, seguen a adquiri-lo galego na familia, aínda que non sexa como primeira lingua. E isto, sumado á escasa distancia interlingüística entre as dúas linguas fai doado o camiño de retorno para aqueles que teñen emprendido o camiño do castelán. O problema real, na miña opinión, consiste en saber se a distribución por idade dos datos de uso permite que se siga mantendo no futuro o predominio ambiental do galego, de xeito que poida seguir a ser adquirido espontaneamente polos nenos. Nestes momentos está próximo a aparece-lo terceiro volume do *Mapa*. Podo anticipar que as actitudes cara ó galego son sumamente favorables en xeral, e que son máis favorables precisamente nos máis novos, nos que menos utilizan o galego. O momento é pois sumamente favorable para o inicio dese camiño de retorno entre a poboación máis nova das cidades, pero son moitos e moi variados os factores que poden incidir sobre esa viaxe de regreso, que en calquera caso será longa e non carente de atrancos.

Gracias a Mauro. Ímoslle ceder a palabra a Johannes Kabatek.

### J. KABATEK

#### SITUACIÓN E PERSPECTIVAS DA SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA

1. Cando se estudia a situación sociolingüística do galego e se consideran os traballos realizados nos últimos vintecinco anos, hai que destaca-lo impresionante desenvolvemento dunha disciplina case inexistente en Galicia antes dese tempo<sup>1</sup>. En xeral, creo que se pode dicir que nestes momentos a Escola Lingüística de Santiago é unha das máis activas no ámbito da lingüística románica e que os traballos sociolingüísticos aparecidos nos últimos anos e mailos que se están a preparar nestes momentos tanto en Santiago coma nos outros centros de estudos sociolingüísticos, A Coruña e Vigo, dan testemuño dunha actividade que foi condicionada, por unha banda, pola situación política e económica de Galicia e de España en xeral, e, pola outra, pola escola lingüística –principalmente dialectolóxica– que se comezou a formar nos anos sesenta e desenvolveu o seu labor cunha intensidade cada vez máis acentuada nos anos setenta e oitenta e ata a actualidade. Sen embargo, hai tamén moitas lagoas e moitos campos onde case todo está por facer. O que máis chama a atención é a produción relativamente baixa de traballos que non traten cuestións de socioloxía da linguaxe senón cuestións de socio-*lingüística* no sentido amplo da investigación dos fenómenos lingüísticos no contexto social<sup>2</sup>, concentrándose na investigación lingüística interna e non na mirada sobre a lingua desde fóra. Quero dicir: se pregunto se unha persoa determinada fala galego ou non, obteño un dato máis ben sociolóxico e só en parte lingüístico. Se pregunto, en cambio, “cal é o galego que fala unha persoa determinada, cales son as características que presenta e cal é a relación destas características coa situación social (ou coa “ecoloxía?”)”, a cuestión vólvese máis ben lingüística. A sociolingüística inclúe tódolos estudos referidos á variación lingüística entre os diferentes grupos sociais, así mesmo como a variación diatópica e diafásica nunha comunidade, pois cada variedade lingüística é identificadora do grupo que a emprega. A nivel da comunidade, as variedades identifican os grupos. A nivel do individuo, este identifícase cun grupo ou con varios grupos a través da variedade ou das variedades que emprega e móvese ademais entre os diferentes grupos empregando diferentes variedades<sup>3</sup>.

Galicia é un dos países onde máis estudos de socioloxía de linguaxe se teñen realizado<sup>4</sup>. Desde o primeiro e modélico traballo de Ayestarán/De la Cueva do ano 1974 publicáronse varios estudos nesta liña, investigando primeiro a situación de certos grupos

<sup>1</sup> Vid. Regueira 1996, pp. 60-112.

<sup>2</sup> Vid. Romaine 1982, pp. 3-13.

<sup>3</sup> Vid. Coseriu 1992, pp. 174 ss.

<sup>4</sup> Para unha visión de conxunto vid. González González 1994.

(como a dos alumnos de E.X.B., da igrexa, do ensino, da universidade, etc.) e que culminan no grande proxecto sobre toda a comunidade lingüística, o *Mapa Sociolingüístico Galego*<sup>5</sup>, que inclúe non só os datos usuais neste tipo de traballos (como por exemplo os incluídos no *Mapa Sociolingüístico* da Comunidade Autónoma Vasca<sup>6</sup>) senón que chega máis alá intentando abranguer tamén datos acerca de comportamentos lingüísticos, actitudes lingüísticas, etc. O *Mapa Sociolingüístico Galego* é, en canto á cantidade dos datos recollidos, a pesquisa sociolingüística máis exhaustiva realizada en España e, dentro do que eu coñeza, no mundo enteiro. Con esta exhaustividade dos estudos de macrosocioloxía da linguaxe, contrasta a relativa escasez de estudos propiamente sociolingüísticos e, sobre todo, microsociolingüísticos. As explicacións hainas que buscar, por un lado, nas tradicións das escolas predominantes e nas preferencias dos investigadores. Os traballos realizados seguen moitas veces as mesmas liñas, como adoita ocorrer en xeral nas escolas lingüísticas, chegando a resultados moi importantes, pero non saíndo ás veces dos presupostos tradicionais. Por outro lado temos tamén algo que poderíamos denominar como un certo “tabú” da investigación: nunha situación que desde o punto de vista de moitos é desesperante, parece ás veces máis axeitado falar das tendencias positivas que dos problemas. Hai, ó mellor, certos reparos ante a inseguridade de pisar terreos novos, reparos que en parte tamén derivan dunha valoración atinada da realidade. Moitos dos que hoxe en día están interesados na situación sociolingüística do galego non mostran só interese científico, senón que forman parte da sociedade tamén como persoas politicamente comprometidas, ou atópanse dentro dunha serie de discusións e de polémicas que dificultan ou imposibilitan a visión obxectiva ou “neutra” dos fenómenos<sup>7</sup>. Os que queren, por exemplo, que se vexan os resultados positivos da galeguización dos últimos anos, ó mellor evitan certos tipos de traballos porque intúen que os resultados tal vez non estean a favor dos seus fins, e os que queren, en cambio, que se produzan cambios na política lingüística, buscarán outras propostas que dean apoio ós seus argumentos.

Dado o breve tempo de existencia e a experiencia relativamente limitada da sociolingüística galega, tamén se tende a considerar como completos traballos que en realidade só ofrecen información parcial. Se contrastáramos, por exemplo, os datos do *Mapa sociolingüístico galego*, aparentemente tan favorables para o galego, co comportamento real dos falantes, decatariámonos de que non son datos sobre o que realmente fan senón sobre o que *opinaron* os falantes nunha situación determinada de pesquisa: son datos

<sup>5</sup> Vid. os primeiros dous volumes publicados a base de datos do *Mapa*: Fernández Rodríguez/Rodríguez Neira 1994 e 1995.

<sup>6</sup> Vid. Gobierno Vasco-Secretaría General de Política Lingüística: *Mapa sociolingüístico. Análisis demolingüístico de la comunidad autónoma vasca derivado del padrón de 1986*, Vitoria-Gasteiz 1989.

<sup>7</sup> Evidentemente, unha visión completamente “neutra” sempre é unha utopía imposible de alcanzar, pero hai situacións e estudos que permiten achegarse máis a este fin ca outros. E nunha situación conflictiva no presente, vista desde dentro, sempre é máis probable a parcialización e haberá máis dificultade de visións “neutras”.

sobre o *belief* e non o *behavior* dos informantes<sup>8</sup>, e hai que tratalos e interpretalos como tales. A situación galega é moi sensible a cuestións lingüísticas, e as respostas –sobre todo en canto ás *actitudes* lingüísticas– corresponden, polo menos en parte, a unha orientación cara á corrección situacional ou política (*political correctness*) vixente no momento da pesquisa. Ademais, poden producirse variacións segundo moitos factores, como por exemplo a forma lingüística na que pregunta o pesquisador (e non só se pregunta en galego ou en castelán, senón en *que galego* ou en *que castelán* pregunta), a idade que ten; a institución (real ou imaxinaria) que representa para o informante, incluso a forma en que vai vestido, etc.<sup>9</sup>. Isto non lle quita mérito a este traballo exhaustivo, pero restrinxen a información que ofrece.

2. Non é aquí, sen embargo, o lugar axeitado para presentar unha especie de lamento abstracto e pouco constructivo, cousa sempre fácil de facer e de pouco rendemento. Será mellor falar dalgúns posibles campos de investigación aínda non suficientemente aproveitados pola sociolingüística galega. Comezarei por algúns conceptos *teóricos* aproveitables e farei despois algunhas propostas de traballos concretos que habería que realizar.

En canto á teoría, parécese que habería que aproveitar os resultados doutras disciplinas, de traballos menos coñecidos e só indirectamente relacionados coa situación galega, pero relacionables con ela. Nos estudos dos crioulos e dos procesos de crioulización, por exemplo, atópanse numerosos fenómenos e termos aplicables á situación galega<sup>10</sup>. Nos traballos sobre a morte das linguas invéstanse desenvolvementos lingüísticos ben aplicables a certos sectores da sociedade galega e que foron pouco aproveitados, polo de agora, polos sociolingüistas de aquí<sup>11</sup>. Unha das ramas máis fructíferas da lingüística aplicada das últimas décadas son os estudos de adquisición de segundas linguas. En Galicia, grupos enteiros de falantes aprenderon o galego nun proceso de adquisición de lingua segunda, e entre eles os fenómenos normalmente individuais xa chegan a crea-las súas tradicións: hai moita experiencia neste campo, e habería que adaptala e aproveitala<sup>12</sup>. Foron aínda pouco seguidas en Galicia as propostas de estudos prag-

<sup>8</sup> Esta distinción, formulada orixinalmente por Gordon W. Allport, é fundamental en tódolos estudos baseados no xuízo dos falantes. Para os problemas do concepto de “actitudes” en xeral, vid. Agheyisi/Fishman 1970.

<sup>9</sup> Vid. Nelde 1983, pp. 6 ss., e a miña recensión do primeiro estudio-piloto para o *Mapa sociolingüístico* (Kabatek 1995).

<sup>10</sup> Son en parte comparables os desenvolvementos de certos crioulos, por exemplo, as simplificacións do sistema galego resultantes do contacto co castelán. É aplicable á variación entre castelán e galego a noción de “continuo” entre linguas como foi desenvolvida nos estudos dos crioulos, etc. (vid. Bickerton 1973 e Kabatek 1996, pp. 31-37).

<sup>11</sup> Vid. por exemplo os traballos publicados no número monográfico sobre este tema da revista *International Journal of the Sociology of Language* 12 (1977).

<sup>12</sup> Vid. a introducción e visión de conxunto de Larsen-Freeman 1991/1994. Sobre o caso galego vid. Kabatek (no prelo). Un dos fenómenos máis estudados é, por exemplo, o da fosilización de estados incompletos de



máticos das linguas en contacto tal como foron elaboradas por Lluís Payrató e Joan Argente e nas que se recomenda o estudio pragmático do valor socio-simbólico da variación lingüística en situacións conflictivas<sup>13</sup>. A metodoloxía sociolingüística está sendo aplicada cada vez máis tamén en cuestións históricas, e este segue sendo un terreo pouco explotado pola lingüística histórica galega<sup>14</sup>. E así poderíamos seguir cunha longa lista. Non hai que pensar que o bo veña sempre de fóra; ás veces a exhaustiva introdución de conceptos estranxeiros só confunde e leva ó puro “name-dropping”, o adorno dos estudos con nomes exóticos e conceptos ás veces incomprensibles. Pero as iniciativas doutros campos poden dar, nalgúns casos, perspectivas diferentes e enriquecedoras sobre o propio mundo. O máis importante, e o fin de toda investigación, é sempre *dici-las cousas como son*<sup>15</sup>; por eso a tarefa primaria do investigador non é a de coller un concepto e intentar aplicalo á forza a unha situación, senón ó revés: observa-la situación, ve-los fenómenos e despois busca-los conceptos axeitados para describilos. A situación sociolingüística galega é coñecida intuitivamente por calquera que ande máis ou menos esperto pola terra, pero o que é xa moito menos claro é como se pode describir e con que método se pode investigar. Nesta liña van as seguintes propostas: da intuición, única maneira de percibi-las cousas na súa totalidade, á parcialización axeitada para unha descrición adecuada.

3. Primeira proposta. Intuitivamente, sabemos máis ou menos quen fala galego e quen non. Sabemos tamén onde e cando se fala galego, e coñecemos ata certo punto as condicións do cambio de código ou os factores que determinan que un falante empregue unha ou outra lingua. Pero máis alá da intuición hai poucos estudos sobre este tema, estudos que dean máis información que as enquisas á base de cuestionarios impresionistas. Rafael Lluís Ninyoles introduciu o termo de *auto-odi*, “auto-odio”, termo moi usado

aprendizaxe, segundo a chamada “hipótese de pidginización” (Schumann 1978). Hai un caso xa famoso que serviu de exemplo en varios traballos sobre adquisición de segundas linguas: un emigrante chamado Alberto, de Costa Rica, que vive nos Estados Unidos e non avanza na súa competencia do inglés e segue falando, mesmo despois de moito tempo, un inglés híbrido con trazos parecidos a un *pidgin*, que satisfai as necesidades limitadas de dominio da segunda lingua, xa que Alberto se move case exclusivamente entre hispanofalantes. Na comunidade galega actual hai moitos “Albertos”, e non son casos individuais, senón xa grupos enteiros.

<sup>13</sup> Vid. Argente/ Payrató 1991, e Argente/ Lorenzo 1993, ambos con exemplos galegos. En Vigo, Anxo Lorenzo está actualmente a prepara-la súa tese de doutoramento nesta liña.

<sup>14</sup> Vid. Romaine 1982.

<sup>15</sup> O que, por unha banda, é un dito popular, é pola outra un dos principios fundamentais da ciencia occidental que remonta ata Platón. No *Sophistes* (263b) distínguese entre o enunciado certo e o falso (“Λέγει δὲ αὐτῶν ὁ μὲν ἀληθῆς τὰ ὄντα ὡς ἔστιν περὶ σοῦ”). Eugenio Coseriu sempre o cita, en forma lixeiramente modificada (“τὰ ὄντα ὡς ἔστιν λέγειν”), como máximo principio da ciencia (entre outros lugares no discurso de entrada á Academia de Heidelberg, en: *Jahrbuch der Heidelberger Akademie der Wissenschaften* 1977, pp. 107-108). Nas categorías leibnizianas do coñecemento, isto significa chegar á *cognitio clara distincta adaequata*: á obxectividade das cousas (vid. G. W. Leibniz, “Meditationes de cognitione, veritate et ideis”, in: *Kleinere Schriften zur Metaphysik*, Darinstdl 1965, p. 36).

tamén cando se fala da situación do galego; pero sempre como algo abstracto e parcial, polémico ás veces, pero nunca usado con tódalas consecuencias que conleva<sup>16</sup>. Xa Kurt Lewin, un dos primeiros en aplicar este termo, o incluía nunha ampla teoría da identidade do individuo no contexto social e das forzas de gravidade dos grupos competentes que actúan sobre el<sup>17</sup>. En vez de repeti-los termos superficiais e xerais de *lingua A* e *lingua B*, que son bos para unha descrición impresionista e abstracta dunha situación global –e poden ser bos tamén para as esixencias políticas nas que se intenta sacar proveito da superficialidade e das xeneralizacións, pero non serven para a análise científica– en vez de seguir con termos semellantes, habería que estudar onde o galego é en realidade lingua B e onde é lingua A; cales son os factores que o condicionan, con traballos intensivos sobre o comportamento dos falantes, traballos que se poden realizar tanto no mostrador dunha tenda coma nunha parada de autobús, na cafetería dunha facultade, na familia ou mesmo no Mercado de Lugo<sup>18</sup>, escollendo, claro está, non lugares arbitrarios, senón lugares de dinamismo que deixen ve-los factores da respectiva elección.

Segunda proposta. A sociolingüística galega debería andar con moito tino co uso das palabras “castelán” e “galego” e ter en conta que non son termos para definir un só sistema lingüístico, senón dous diasistemas dinámicos con numerosas variedades, formas de transición e fenómenos de mestura. Sabemos por exemplo que xa hai formas dun chamado “galego” que a través de certos trazos expresan que o individuo que as emprega pertence ou quere pertencer ós grupos que normalmente falan castelán, e hai formas de castelán en Galicia que son claros marcadores de galegitude. De feito, sabemos intuitivamente de que grupo forma ou quere formar parte un falante escoitando como fala. Os individuos sitúanse no espacio social a través da súa fala. Presentándolle gravacións de distintos falantes, un falante con oído bo que coñeza unha certa cantidade de variedades lingüísticas do galego, é capaz de atribuílas a grupos de falantes máis ou menos definibles. A identificación está condicionada pola biografía lingüística do individuo e pola súa finalidade social e reflíctese tanto na súa forma de falar coma tamén nas súas ideas metalingüísticas. Como se puido ver nun estudio que fixen sobre algúns falantes en Santiago, é sorprendente o paralelismo destes tres factores: biografía, características da fala dun individuo e ideas metalingüísticas do mesmo<sup>19</sup>. Un estudio sobre as relacións destes tres factores haberíao que estender sistematicamente a outros ámbitos, ás distintas situacións sociolingüísticas do país: ¿que é o que pensan os falantes sobre certos grupos de falantes, sobre certas formas lingüísticas, e cal é a relación do que pensan e opinan coa súa propia forma de falar e maila súa biografía? Un estudio deste tipo, con información extensa sobre cada informante, e é máis fácil de realizar do que parece:

<sup>16</sup> Vid. Ninyoles 1969, pp. 71-86 e Kabatek 1994.

<sup>17</sup> Lewin 1948.

<sup>18</sup> Vid. Rodríguez Yáñez 1995.

<sup>19</sup> Kabatek 1996.

unha norma principal na investigación sociolóxica (e tamén lingüística ou científica en xeral) é que cando os fenómenos se repiten cunha clara regularidade non cómpre estudialos *ad infinitum*: non fai falta ir a cada parroquia e falar con cadaquén, pero cómpre unha mostra *representativa* dos fenómenos<sup>20</sup>.

Terceira proposta. Sería de moitísimo interese realizar estudos sobre a variación e interacción lingüísticas en certos espazos sociais. Desde os anos sesenta xa se realizaron varios traballos importantes sobre as falas de certos puntos dentro da xeografía lingüística galega. Estes traballos tiñan, sen embargo, un enfoque principalmente dialectolóxico, aínda que nalgún deles xa se mencionaran outros factores (sociolóxicos, de actitudes, de conciencia lingüística, etc.)<sup>21</sup>. Saíndo do mundo da mera perspectiva diatópica, habería que facer estudos da situación lingüística actual con todo o seu dinamismo e a súa variación nas aldeas, nas vilas, e tamén nas cidades. Tarefa urxentísima sería por exemplo a elaboración dun estudio amplo sobre a cidade de Compostela, dada a súa relevancia no proceso de normativización e normalización galegas como sede das institucións máis importantes (radio, televisión, a universidade máis forte, parlamento, etc.) e centro principal de gravidade lingüística. Poderíase facer un estudio interesantísimo respectando non só os factores diatópicos (p.e. zona vella vs. zona nova, barrios do centro e da periferia), senón tamén de competencia lingüística *real* dos individuos (que linguas fala, cando as fala e onde), os factores de prestixio das distintas variedades e tamén a descrición das distintas variedades (p.ex. o suposto *galego culto*, elaborado e consciente, vs. o galego “inconsciente”); o grao de interferencias do castelán nos diferentes falantes; os discursos metalingüísticos (que é o que pensan os falantes sobre as linguas e, dentro das linguas, sobre diversas formas, cales son as formas consideradas “vulgares”, “cultas”, “malas”, “boas”, “literarias”, “anticuadas”, etc.). Importante sería tamén busca-los núcleos de innovación lingüística, por exemplo a influencia da linguaxe coloquial urbana (p.ex. madrileña) en certos lugares da zona nova e na xente nova, a influencia dunha linguaxe dos medios de comunicación entre os grupos ligados a eles, a creación dunha linguaxe de teatro, etc. Habería que realizar un proxecto amplo, con estudos detallados destas e doutras cuestións.

Cuarto proposta. Tería que ser estudiado sistematicamente e en varios ámbitos o papel das interferencias lingüísticas. Dada a situación do galego –tanto histórica como actual– da súa proximidade co castelán, o ensino recente, os factores de prestixio, etc., o contacto co castelán segue e seguirá sendo durante moito tempo o factor máis determi-

<sup>20</sup> O principio da representatividade dos datos foi tamén a base da dialectoloxía e xeografía lingüísticas tradicionais. Se foi criticado xusto neste ámbito (vid. por exemplo Marcellesi 1981, p. 6), non quere dicir que non sexa válido como principio, senón que é errónea a presuposición de homoxeneidade onde non a hai, é dicir: o investigador non debe deixar de estudia-la variedade ata encontrar homoxeneidade, e se non a atopa deberá intentar estudia-la regularidade do dinamismo ou da heteroxeneidade, e algunha regularidade hai case sempre, sendo toda actividade humana dalgún xeito antientrópica e ordenadora (se ben que non sempre con éxito).

<sup>21</sup> Vid. p.ex. o traballo de Xosé Luís Regueira Fernández: *A fala do norte da Terra Chá. Estudio descriptivo*. Tese de doutoramento, 2 vols. Santiago 1989.

nante do futuro do galego. O estudio das interferencias no momento da creación de tradicións de falar novas e o castelán que actúa como modelo inconsciente de prestixio sobre o galego, son factores aínda pouco estudados e case só coñecidos por intuición. Habería que investiga-la influencia mutua das linguas en tódolos ámbitos da sociedade e tamén en tódolos campos da lingua, é dicir, non só en canto a algúns feitos morfolóxicos ou lexicais, senón tamén en campos menos estudados como a sintaxe ou a entoación.

4. En torno á situación sociolingüística concreta, é sabido que de momento se poden observar tres fenómenos xerais con respecto á lingua galega: *perda*, *mantemento* e *recuperación* de falantes. Os tres fenómenos correspóndenlles tres tipos de evolucións *internas* á lingua: xeralmente, a *perda* ou o abandono do uso do galego é o derradeiro paso dunha progresiva castelanización que comeza polo léxico para pasar despois á gramática, producindo formas híbridas de transición entre as dúas linguas, sinais da próxima morte da lingua segundo os estudos de Dressler e outros<sup>22</sup>. Pero tamén hai reaccións en contra desta tendencia, reaccións en forma da recuperación do uso por parte de falantes sobre todo urbanos ou chegados ó mundo urbano<sup>23</sup>. E hai mantemento do uso da lingua galega en moitos ámbitos, tanto naqueles onde o castelán case non ten presenza e onde segue habendo unha situación social tradicional ligada ó galego, coma tamén noutros, onde baixo outras condicións xa habería perda (a recuperación urbana non deixa de produci-los seus efectos tamén sobre o país enteiro, xa que as tendencias urbanas se estenden tamén á Galicia rural, non tanto a través dos medios de comunicación galegos, xa que estes, excepcións á parte, ben pouca identificación permiten, senón, por riba de todo, a través do ensino).

Non hai que perder de vista esta *recuperación urbana*, porque é o movemento máis importante para o futuro da lingua. Na conversión da sociedade galega nas últimas décadas<sup>24</sup> aumentou fortemente a comunicación dentro do país, e isto, entre outros factores, leva a un aumento da gravidade dos centros urbanos en zonas anteriormente máis illadas. A recuperación urbana non é claramente localizable, pero sen dúbida ten núcleos en tódalas cidades e nalgunhas vilas, co centro máis importante, como xa sinaléi, en Santiago de Compostela. Dentro desta recuperación pódense distinguir tres grupos, sen confíns claros, que son máis ben tendencias predominantes ca grupos ben definidos:

<sup>22</sup> Vid. Dressler 1988.

<sup>23</sup> Ás veces, en Galicia evítase falar da importancia social do mundo urbano e do seu predominio na xerarquía sociolóxica das sociedades actuais, considerándose o galego un medio de resistencia tamén do mundo tradicional e rural fronte ó mundo urbano. Poderíase pensar que o galego tería máis forza de resistencia se rexeitara o mundo urbano actual e se fomentara a súa sociedade tradicional. Eu creo, sen embargo, que só a progresiva galeguización do mundo urbano pode garanti-lo futuro da lingua e que a forza da tradición é un factor que se pode (e se debe) aproveitar nesta galeguización como antípoda á globalización e á perda de identidades locais na sociedade contemporánea.

<sup>24</sup> Vid. Fernández Rodríguez, neste volume, e a nota anterior.

a) falantes de lingua materna galega que pasaron a un uso e mantemento conscientes da lingua (e por eso están incluídos na recuperación, xa que o que falan non é o seu dialecto materno, senón tamén unha forma nova de galego, con intervención consciente, recuperación de léxico, ausencia de certos castellanismos, etc.);

b) falantes de lingua materna castelá e uso restrinxido de galego, sobre todo no ámbito profesional. Son un tipo curioso de *semifalantes*<sup>25</sup>, con coñecementos moitas veces monoestilísticos, indicadores –se non houbera outros grupos– dunha próxima morte da lingua; falantes que na súa forma de falar mostran que en realidade non son galegofalantes ou polo menos non son falantes nativos;

c) falantes con presenza do galego no ámbito familiar pero con lingua materna castelá, consecuencia da diglosia familiar aínda moi estendida que produce o comportamento de falar castelán na transmisión lingüística cara ós fillos. Estes falantes, cando queren recupera-lo galego, teñen que atravesar un cambio de lingua, duro nalgúns casos e menos duro noutros, e chegan despois a un uso consciente do galego, castellanizado en parte pero con intentos de progresiva galeguización. Estes “neofalantes conscientes” forman, xunto cos falantes do primeiro grupo de falantes nativos con intervención consciente, a “vanguardia” deste apoio urbano que tanto precisa a lingua galega para a súa supervivencia<sup>26</sup>. Serán poucos en relación co total da poboación, pero na lingüística histórica sábese que as innovacións non soen vir das masas en principio, senón de pequenos grupos desde os que se estenden. A condición é que estes grupos teñan un certo prestixio, un certo *poder*. E con isto xa entramos no problema de fondo: as relacións entre lingua e poder. ¿Por que non se critica máis na sociedade o uso híbrido que do galego fan moitos dos políticos e dos xornalistas?<sup>27</sup> Porque teñen poder e poden permitirse falar como falan. Pero, ó mesmo tempo, hai que preguntarse: ¿por que os neofalantes e os falantes nativos con intervención consciente non falan *castelán*, se se di que é a lingua A e eles a saben perfectamente? ¿Porque o galego tamén ten poder, é lingua A entre eles, e eles xa non se teñen que someter á presión da lingua de contacto, xa que pasaron por ela e, en parte, superárona?<sup>28</sup> Esta posición social pri-

<sup>25</sup> Vid. Dorian 1973.

<sup>26</sup> No País Vasco, o *Euskaldun berri*, o “falante novo”, é un factor importantísimo na recuperación do idioma. En Bilbao, por exemplo, en 1986, máis da metade dos euskaldúns alfabetizados eran neofalantes, chegando estes case a metade da totalidade dos euskaldúns na provincia de Álava (Gobierno Vasco. Secretaría General de Política Lingüística: *Mapa sociolingüístico. Análisis demolingüístico de la comunidad autónoma vasca derivado del padrón de 1986*, Vitoria-Gasteiz 1989, p. 164).

<sup>27</sup> Dressler (1988, p. 188) sinala que a falta de reaccións puristas é sinal da decadencia dunha lingua e da aproximación da súa morte: “One sociological symptom of terminal decay is the lack of puristic reactions against the massive interference from the dominant language [...]. The resultant semi-speakers fail to notice such ‘corruption’, while older fluem speakers tend to give up correcting them.”

<sup>28</sup> Evidentemente, os “neofalantes conscientes” seguen sendo neofalantes, e a súa solidariedade coa lingua adoptada sempre será tamén unha solidariedade adoptada; ó mesmo tempo, manterán probablemente debaixo da superficie unha lealdade relativamente alta coa súa lingua materna: se cambia o marco ecolóxico, poderían

vilexiada, claro está, tamén deixa trazos na lingua, e o galego urbano consciente, aínda que se distancie da lingua híbrida dos políticos e dos medios de comunicación, tamén se distancie do galego dialectal. No presente podemos observar, neste galego urbano, tendencias de achegamento en ámbalas direccións, cara á inclusión de elementos casteláns e cara á inclusión de elementos dialectais galegos. É un proceso de “new linguistic change around us” (Labov 1972, p. 260), de cambio lingüístico observable diante dos nosos ollos, un cambio claramente relacionado con factores extralingüísticos e explicable, polo tanto, só en termos sociolingüísticos.

5. Para os estudiosos, Galicia é un tesouro sociolingüístico de moita riqueza, os fenómenos están á espera de seren estudados para mellor coñecemento da situación da lingua e como base para unha planificación lingüística eficaz. O momento é oportuno en Galicia para unha auténtica vangarda sociolingüística, sen esquecer, claro está, as tradicións científicas nas que nos encontramos e das que debemos ser continuadores. Deste xeito, a sociolingüística galega poderá aportar resultados de grande valor non só á lingüística galega, senón á romanística e á lingüística xeral.

## BIBLIOGRAFÍA

- Agheyisi, Rebecca e Joshua A. Fishman (1970): “Language Attitude Studies. A Brief Survey of Methodological Approaches”, in: *Anthropological Linguistics* XII, pp. 137–157.
- Argente, Joan A. e Lluís Payrató (1991): “Towards a pragmatic approach to the study of languages in contact”, in: *Pragmatics* 1, pp. 465–480.
- Argente, Joan A. e Anxo M. Lorenzo (1993): “Reorganización formal y función social en una lengua minoritaria: un exemplo del contacto gallego-castellano”, in: *Nueva Revista de Filología Hispánica* XLI, Nº 1, pp. 177–199.
- Ayestarán Aranaz, Margarita e Justo de la Cueva Alonso (1974): *Las familias de la provincia de Pontevedra en 1974. Galleguidad y conflicto lingüístico gallego*, Sevilla: Instituto de Ciencias de la Familia.
- Coseriu, Eugenio (1992): *Competencia lingüística. Elementos de la teoría del hablar*, Madrid: Gredos.
- Dorian, Nancy C. (1973): “Grammatical change in a dying dialect”, in: *Language* 49, pp. 413–328.
- Dressler, Wolfgang (1988): “Language Death”, in: F. Newmeyer (ed.): *Linguistics: The Cambridge Survey*, vol. 4: *Language: The socio-cultural context*, Cambridge: CUP, pp. 184–192.
- Fernández Rodríguez, Mauro A. e Modesto A. Rodríguez Neira (eds.) (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña: Real Academia Galega/ Seminario de Sociolingüística Galega.

volver a cambiar á lingua materna e son polo tanto falantes –por moi comprometidos que estean– que menos garanten o futuro cos falantes nativos galegos. A longo prazo, só unha recuperación de falantes nativos poderá salva-la lingua

- (eds.) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña: Real Academia Galega/ Seminario de Sociolingüística Galega.
- González González, Manuel (1994): “Galegisch: Soziolinguistik”, in: *Lexikon der Romanistischen Linguistik* VI, 2, Tübingen: Niemeyer, pp. 46–66.
- Kabatek, Johannes (1994): “Auto-odi: Geschichte und Bedeutung eines Begriffs der katalanischen Soziolinguistik”, in: Gabriele Berkenbusch e Christine Bierbach (eds.): *Zur katalanischen Sprache: historische, soziolinguistische und pragmatische Aspekte*, Frankfurt/ Main: DEE, pp. 159–173.
- (1995): Recensión de: Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (ed.): Estudio sociolingüístico da comarca ferrolá. Fase previa ó Mapa Sociolingüístico de Galicia, A Coruña: Real Academia Galega 1993 (Cadernos de Lingua, Anexo 1), in: *Sociolingüística* 9, pp. 160-162.
- (1996) *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart (Beihefte zur Zeitschrift für Romanische Philologie, Vol. 276)*, Tübingen: Niemeyer.
- (no prelo) “A segunda lingua como primeira: un caso particular de adquisición de segundas linguas”, in: J. Oro (coord.): *Estudios de adquisición de linguas segundas, actas do coloquio de Lugo*.
- Labov, William (1972): “The Social Setting of Linguistic Change”, in: W. Labov: *Sociolinguistic Patterns*, Oxford 1972, pp. 260-325.
- Larsen-Freeman, Diane e Michael H. Long (1991/1994): *An Introduction to Second-Language Acquisition Research*, London: Longman 1991 (versión española: *Introducción al estudio de la adquisición de segundas lenguas*, Madrid: Gredos 1994).
- Lewin, Kurt (1948): *Resolving Social Conflicts: Selected Papers on Group Dynamics*, New York: Harper & Brothers.
- Marcellesi, Jean-Baptiste (1981): “Bilinguisme, Diglossie, Hégémonie: Problèmes et tâches”, in: *Langages* 61, pp. 5–11.
- Monteagudo, Henrique e Antón Santamarina (1993): “Galician and Castilian in contact: historical, social and linguistic aspects”, in: *Trends in Romance Linguistics and Philology*, vol. 5: *Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance*, ed. por Rebecca Posner e John N. Green, Berlin/ New York: Mouton de Gruyter, pp. 117–173.
- Nelde, Peter Hans (1983): “A case for a linguistics on languages in contact”, in: P. H. Nelde (ed.), *Vergleichbarkeit von Sprachkontakten*, Bonn: Dümmler, pp. 3–13.
- Ninyoles, Rafael Ll. (1969): *Conflicte lingüístic valencià: substitució lingüística i ideologies diglòssiques*, València: L’Ham.
- Regueira Fernández, Xosé Luis (coord.) (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega*, Vigo: Xerais.
- Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo (1995): *Estratexias de comunicación nas interaccións cliente-vendedor no mercado da cidade de Lugo*, Tese de doutoramento: Universidade da Coruña.
- Romaine, Suzanne (1982): *Socio-Historical Linguistics: Its Status and Methodology*, Cambridge: Cambridge University Press.
- Schumann, John H. (1978): “The Relationship of Pidginization, Creolization and Decreolization to Second Language Acquisition”, in: *Language Learning* 28/2, pp. 367-379.

## H. MONTEAGUDO

Gracias ós participantes pola exposición e ós presentes pola paciencia, pola atención que prestaron. Abrimos unha quenda de intervencións para a que temos vinte-vintecinco minutos.

## D. FERNÁNDEZ LAMAS

Cando os enquisados para o *Mapa Sociolingüístico Galego* se declaran bilingües, ¿están describindo a realidade ou facendo unha declaración de intencións? Non dubido que se consideren bilingües, senón se realmente o son.

Teño un amigo que non falaba galego nin na clase de galego, así e todo, nunha enquisa do Instituto declarábase bilingüe. Eu penso que o fixo por crelo o “politicamente correcto”. A min, que haxa tanto bilingüe, resúltame cando menos curioso.

## M. FERNÁNDEZ

En realidade, nós dividimos os bilingües en dous grupos; a categoría bilingüe como tal non figura nas nosas opcións de resposta; as opcións son “só galego”, “máis galego ca castelán”, “máis castelán ca galego” e “só castelán”. O meu colega de mesa, o Prof. Kabatek, referíase hai un momento ó problema da correspondencia entre a autopercepción das conductas e as conductas reais. Trátase, naturalmente, dun problema importante, e por iso eu quixera polemizar un pouco, xa que nas mesas redondas o público espera tamén que os membros da mesa discrepen entre si. Nesa liña, eu quero recordar que os poucos estudos sobre o uso de dúas linguas que se teñen ocupado deste problema e nos que se compararon as respostas dadas polos individuos acerca da súa conducta lingüística coa conducta real amosan unha correlación alta entre a conducta declarada e a conducta observada. Isto quere dicir que nos podemos fiar bastante de que, se un individuo nos di que fala “máis galego ca castelán”, realmente o fai. O resultado é distinto, en cambio, cando o que está implicado é o uso de variedades dialectais fronte á lingua estándar; nestes casos as correlacións tenden a ser baixas, de xeito que hai bastantes individuos que afirman que o que falan eles é a lingua estándar e, mesmo cando están a dicir iso, están a utilizar unha variedade dialectal. Pero cando hai unha conciencia en torno a que dous conxuntos de variedades forman linguas diferentes, as respostas dos individuos son bastante fiables.

Logo, claro, non se trata de ser bilingües sen máis, senón de “falar máis galego” ou “falar máis castelán”, e non vexo eu que sexa tan difícil para un individuo decidir cál destas dúas modalidades de bilingüismo é a súa. Máis estrañeza me producen os que responden que son monolingües (en galego ou en castelán), porque iso contrasta moito coa miña percepción, coa miña experiencia da realidade. Eu non coñezo a ninguén que sexa consistentemente monolingüe, tal vez por iso me custa traballo aceptar como fiables estas respostas; mesmo os que din que son monolingües en castelán usan ás veces frases en galego, ou introducen algunha palabra en galego, ou cantan a Rianxeira (o que tamén forma parte da conducta lingüística) e poden facer e fan outras moitas cousas en galego. Xa que logo, o que probablemente non existe son os monolingües.



## J. KABATEK

Pois, eu non creo que nunha situación sociolingüística un tanto delicada como a galega os falantes, polo menos en certos ámbitos, digan realmente sempre o que fan, ou sexa, que o que digan sobre as súas actitudes corresponda ás súas actitudes reais. Eu mesmo sei de casos de xente que lle puxen o micrófono diante preguntando: ¿cal é a lingua que che gusta máis? ou ¿cal é a lingua que falas máis? e contestaron, segundo a situación e a maneira de preguntar, unha cousa ou outra. Fixen unha pesquisa con locutores dos medios de comunicación galegos con este tipo de preguntas. Poden ser casos excepcionais, pero comprobei que estes falantes, sabendo que eu estaba facendo un estudio sobre a lingua galega, demostraron unhas actitudes tremendamente positivas con respecto ó galego. Pero cando apagaba a miña gravadora, cambiaban ó castelán. Os datos directos non os puider utilizar, só os utilizo para sinalar que hai que ter coidado con este tipo de traballos. Se un locutor me di que o galego é a lingua que máis fala, a lingua na que mellor se expresa, que leu trinta ou máis libros galegos e que fixo non sei cantas cousas en galego, e se despois analizo a súa forma de falar e me dou conta de que está chea de interferencias do castelán que un galegofalante nunca tería, ou que a fonética é máis castelá ca galega, comezo a dubidar; e nalgúns casos xuraría incluso que este falante nunca falou nin fala galego fóra do seu ámbito profesional. Non quero dicir que sexa mala intención da xente nin que teñan ganas de mentir, pero sempre se quere contestar tamén un pouquiño no sentido da pregunta; e ó mellor o entrevistado tamén sabe quen lle paga ou cal é a vontade xeral na sociedade: quero dicir que a resposta sempre está condicionada dalgún xeito polas circunstancias. Evidentemente, tamén hai respostas completamente fiables. Pero tamén hai sectores profesionalmente comprometidos coa lingua nos que se atopa xente que non se atreve a dicir en público cal é a súa actitude e o seu comportamento real, porque se o dixeran, caeríalle-lo pelo.

## H. MONTEAGUDO

Por favor, ide pedindo palabras do público, aínda que agora lle imos dar a vez de contrarreplica a Mauro e despois xa hai... Ben, pois fale.

Imos facer unha quenda, logo de público. Mauro terá oportunidade de replicar despois.

## R. LORENZO

É que neste país hai moita mentira e moito disimulo. Realmente, eu nas cousas que facedes vós non creo moito, porque enganan tremendamente. A xente non di a verdade e non fai falta que teñan diante as preguntas que lles facedes. Hai moito cinismo, sobre todo se se lles pon a determinadas persoas un micro diante. Eu quérovos comentar un feito que ocorreu estando eu presente. Unha persoa importantísima neste noso pequeno país, que tivo un cargo político moi importante, en discordancia coa súa suposta militancia galeguista, e que segue a ter unha posición importantísima dentro da cultura gale-

ga, botou unha vez un discurso incendiario nun acto organizado por un periódico da capital, no que dixo que había que falar galego, fose ben ou mal, que o importante era falar galego e non castelán. Despois do discurso, mesmo algúns dos representantes do periódico, sempre castelanfalantes, estaban entusiasmados e dicían que tiña razón, que case os convencera para pasar ó galego. Pois ben, dous minutos despois de acaba-lo discurso e cando xa estabamos de pé, este gran personaxe con discursos incendiarios achégase a dous familiares que asistían ó acto e que saben falar galego ¿e que fai? Comeza a falar en castelán con eles. Esa é a realidade do noso país.

#### H. MONTEAGUDO

Había outra palabra pedida alí e xa hai máis.

#### M. GONZÁLEZ

Imos ver. Creo que a maior parte das persoas son conscientes en maior ou menor grao das conductas lingüísticas básicas que teñen. Eu pregunto: ¿cantos dos que estamos aquí non sabemos cando falamos galego e cando falamos castelán? Se os que estamos aquí somos quen a diferenciar perfectamente a lingua que utilizamos, parece que é lóxico pensar que as persoas que responderon ás enquisas teñen esa mesma capacidade. Outra cousa distinta é a apreciación que o propio usuario poida ter sobre cuestións como o grao de corrección da lingua que utiliza ou problemas deste tipo, que entrañan unha maior dificultade.

Por outro lado, cómpre ter en conta a magnitude da mostra. Ante unha pregunta como: *¿Vostede fala só galego, só castelán, máis galego ca castelán ou máis castelán ca galego?*, pode haber un certo número de persoas que se engane, pero se consideramos que se fixeron moitos miles de enquisas, máis de trinta e oito mil, eses casos anecdóticos van ter moi pouco peso. As desviacións que pode haber son realmente, dentro do cómputo global, insignificantes.

Outro terceiro aspecto que non se pode esquecer é que un cuestionario sociolóxico ben feito é un todo estruturado, e nel hai certos mecanismos de control que actúan como garantes da fiabilidade da enquisa. Hai casos de repetición da mesma pregunta formulada de distinta maneira, para corrobora-la coherencia nas respostas: se o informante non contesta o mesmo, hai que desconfiar. Existe ademais no cuestionario un número considerable de preguntas que están interrelacionadas: se alguén contesta que fala só galego, pero posteriormente cincuenta preguntas máis abaixo, cando se lle pregunta sobre a lingua que utiliza co médico, responde que castelán, evidentemente algo falla.

Con isto quero dicir que as enquisas do *Mapa sociolingüístico de Galicia* están feitas dun modo serio e rigoroso. Claro que sempre hai unha pequena marxe de erro, pero non nos podemos enganar: a enquisa deste traballo está feita con coherencia, seguindo unha metodoloxía ben planificada, e a marxe de erro nos datos é realmente mínima, polo que podemos te-la seguridade de que, gústenos ou non, a realidade é basicamente a que aparece reflectida nos datos do MSG.

H. MONTEAGUDO

Hai dúas palabras alá no alto, ¿son sobre este tema? Non, entón se vos parece antes imoslle dar a palabra a Mauro porque ten a réplica e despois volvemos a outros asuntos.

M. FERNÁNDEZ

Estou de acordo en que o realmente difícil é investigar a conducta real, e non a autopercepción da mesma. O exemplo que puña Johannes Kabatek é ilustrativo: a un investigador que vén cun micrófono e cunha gravadora, falando galego, falando ademais un galego que se percibe como estranxeiro (pois aínda que o galego de Johannes é excelente, non deixa de ter un certo sotaque de estranxeiro), a ese investigador hai que falarlle en galego, mesmo se a lingua habitual do individuo é outra; en situacións deste tipo a investigación da conducta lingüística real é realmente moi difícil. Pero, en cambio, cando se pregunta pola lingua habitual, pola lingua non marcada, ¿que é o que vostede usa habitualmente, cando está na casa relaxado, ou cando está cos amigos, etc.? Eu penso que ante estas preguntas a xente confúndese moi pouco. Ademais, como nos dicía Manuel González, está o control da coherencia nas respostas. A correlación entre lingua habitual e lingua inicial é elevadísima, roza o 1, que é a correlación perfecta; os entrevistados que din que teñen como lingua habitual o galego din o mesmo cando se lles pregunta cuál é a lingua que falan coa muller, a que falan cos pais, a que falan cos amigos, a que falan cos veciños, etc. A min paréceme moi difícil manter consistentemente a mentira (no peor dos casos) ou mesmo manter consistentemente unha autopercepción distorsionada ó longo dun extenso cuestionario. E nese sentido, eu creo obviamente que os datos que manexamos son fiables.

Pero á parte disto, temos outro problema, e é que, sexan os datos fiables ou non, non temos outro xeito de acceder extensivamente á conducta real, senón é a través da indagación na autopercepción da mesma. A investigación da conducta real leva moito máis tempo, esixe outros datos e outras técnicas de recollida, de xeito que só podemos investigar a conducta de moi poucos individuos, e nunca imos saber se eses contados individuos que temos investigado intensivamente con tanto esforzo son realmente representativos do conxunto da poboación. Polo tanto, aínda con tódolos problemas que se teñen mencionado, certos procesos necesitan unha exploración cuantitativa, aínda que se poida complementar despois con outro tipo de exploracións; e esa exploración cuantitativa é o que quixemos facer nós.

H. MONTEAGUDO

Entón imos cambiar un pouco de asunto se vos parece.

J. KABATEK

Só un par de frases máis sobre isto: non estou de acordo coa idea de que se dous millóns de persoas din o mesmo debe ser certo. Pode haber un certo clima de opinión, ben coñecido nos estudos sociolóxicos, onde por exemplo está ben visto opinar ben sobre

unha lingua aínda que se use outra; entón a mera cifra non vale como proba. No *Mapa Sociolingüístico* vese por exemplo que hai un clima bastante a favor do uso da lingua galega. Pero ó mesmo tempo, baixan considerablemente as cifras cando se pregunta se é preferible o ensino de matemáticas en castelán ou en galego. ¿Por que? ¿Será porque as cifras son máis complicadas en galego? ¿Ou é simplemente que nesta pregunta se reflicta mellor o que realmente pensan os falantes sobre o galego?

E en canto á cantidade de falantes, parécese mellor escoller poucos falantes representativos e investigalos ben, que non investigar a milleiros pero de maneira superficial.

#### M. FERNÁNDEZ

Moi brevemente. Xustamente ese tipo de variación nas respostas é unha razón máis para crer que os datos son fiables, o mesmo que o son as propias variacións internas. Aquí non hai unha conciencia metalingüística que leve a dous millóns de persoas a dicir que falan galego, senón máis ben ó contrario. Nós temos atopado máis galegofalantes alí onde esperabamos atopalos, e menos alí onde esperabamos atopar menos (nas cidades, na poboación máis nova, etc.). Se houberese esa conciencia metalingüística que leva a responder que se fala galego aínda que non se fale, logo teríamos que preguntarnos por qué non afecta á totalidade da poboación, por qué non afecta a todos aqueles que nos dixeron que falaban en español (e que resultaron ser tamén os que esperabamos que fosen). Penso que tal vez deberíamos rematar con este tema, xa que hai outras persoas que desexan intervir.

#### H. MONTEAGUDO

Se vos parece deixamos o tema, que ademais se presta a matizacións, porque non é o mesmo a resposta sobre a conducta que a resposta sobre actitudes, non é o mesmo a resposta dun político que corre o risco de levar unha patada e que está nun acto público ca unha persoa doméstica e que está respondendo privadamente, é dicir, préstase moito a matizacións e hai outros temas... Alá hai unha man pedida e logo despois outra aquí e logo outra aquí abaixo.

#### F. TATO PLAZA

Ben, eu quería preguntar se tedes datos, é dicir, os datos de uso das dúas grandes urbes galegas Vigo e A Coruña non son substancialmente distintos e..., se hai datos de actitude entre estas dúas cidades, tendo en conta a variación do concepto cidade da que falastes antes.

#### M. FERNÁNDEZ

Tanto Vigo como A Coruña figuran entre as cidades cunha menor presenza do galego. En canto ás actitudes, os datos saíran dentro de pouco, pero podo anticipar que hai moi pouca variación, en xeral, entre os diversos sectores da nosa mostra. Só ten importancia unha lixeira variación que vai no sentido de observar unha mellor actitude na xente máis

nova, probablemente como consecuencia dun contacto co galego no ensino. Agora ben, eu entendo que os datos sobre actitudes si que poden espertar algo de escepticismo, e, mesmo no prólogo, como xa veredes cando saia o libro, dicimos que as actitudes son moi difíciles de investigar, e as actitudes lingüísticas aínda más cás actitudes ante outros temas como o racismo, etc. Queda moi feo hoxe, mesmo para un racista, recoñecer que o é. Neste asunto das actitudes si que é posible que teñamos obtido moitas respostas “politicamente correctas”, pero non en cambio no que se refire ó uso lingüístico e á lingua inicial.

#### H. MONTEAGUDO

Aquí hai outra palabra pedida.

#### X. ROSALES

Só dous puntos. O primeiro é con respecto á idade. Os resultados que Fernández daba, Mauro Fernández, eran resultados a partir de dezaseis anos, ¿non é certo? Eu penso, é a miña propia experiencia, non teño datos estatísticos, pero eu penso que a situación dos nenos das vilas que teñen menos de dezaseis anos é moito peor, moito máis sería do que aquí se está dicindo. E, neste senso, teño que agradecerlle, por exemplo, a Kabatek que sexa honesto, que este é un tema en que é difícil ser honesto porque nos xogamos moito, pero hai que selo, hai que selo. Eu agradézolle a el que o fose e penso que isto é moi importante.

Segundo punto: a adquisición. É moi diferente adquirir unha lingua como lingua materna que como segunda lingua, moi, moi distinto. Eu non sei ata que punto a xente que está aquí presente coñece as teorías lingüísticas pero a adquisición da lingua 1 é unha adquisición, é innata, é unha disposición innata por parte dos individuos. Os individuos adquirena porque están predispostos a adquirila. A adquisición da segunda lingua é unha adquisición cualitativamente diferente. É unha aprendizaxe. A diferenza entre unha adquisición e a aprendizaxe é cualitativamente moi, moi grande. Polo tanto, aínda que haxa cambios de falantes que comezan co castelán e logo pasen ó galego –é moi agradecido e todos o queremos– a súa adquisición é moi diferente; é unha aprendizaxe, non é unha adquisición. Isto é un punto moi importante porque o que realmente queremos é que haxa moitos falantes en galego que teñan a lingua galega como lingua 1, é dicir, adquirida de maneira innata, de maneira predisposta. Nada máis.

#### M. FERNÁNDEZ

Como fun mencionado, parecería que debo responder, pero non percibín ben se había algunha pregunta. Paréceme que máis ca dunha pregunta tratábase dunha opinión súa. Ten razón en que a situación entre os menores de dezaseis anos pode ser bastante peor. Na metodoloxía de mostra escolleita por nós, eses menores non eran facilmente investigables. A nosa mostra foi seleccionada exclusivamente ó azar, o cal implica establecer rutas aleatorias, ir chamando en moitas portas, etc., e os enquisadores traballan polo día,

durante as horas nas que os nenos están na escola. Polo tanto, os nenos non son tan accesibles neste tipo de mostras. Hai, con todo, bastantes traballos sobre os nenos, feitos polo ICE, e que efectivamente amosan datos moi negativos, aínda que as mostras non son representativas, precisamente porque o método de selección é aproveitar as concentracións de nenos nas escolas. Pero non en toda Galicia os datos son tan negativos. Eu estiven hai poucos días en Laxe e observei que a maioría dos nenos que estaban a xogar na rúa falaban galego entre si. Moraña, pode ser diferente, e polo que respecta a Oleiros, que coñezo bastante ben, a miña experiencia coincide coa súa: eu en Oleiros non escoito a moitos nenos falar en galego.

#### X. ROSALES

Lémbrolle que para ter unha lingua como primeira lingua é moito antes dos catorce anos, moito antes dos dez anos, moito antes dos cinco anos. Entón, facer investigación sobre este tipo de xente, sobre os nenos, é crucial porque a adquisición da primeira lingua remátase moi, moi pronto, ó cabo dos dous anos, tres anos, fases importantísimas na adquisición da primeira lingua xa teñen pasado. Son como interruptores que se cambian e xa non hai nada que facer. É xenético, é innato. Entón, polo tanto, a investigación con estes nenos é crucial, absolutamente crucial. Nada máis.

#### M. FERNÁNDEZ

Trátase dun tema absolutamente discutible. O que probablemente sexa innato é a capacidade de linguaxe. Non hai ningunha predisposición innata a adquirir unha lingua determinada. Esa capacidade de linguaxe pode, sempre que o *input* lingüístico sexa dabondo, desembocar nunha adquisición paralela de dúas linguas cando ambas están presentes no ambiente do neno; é dicir, que hai moitos casos nos que o galego non é propiamente unha segunda lingua. Supoño que entre os presentes haberá moitas persoas, e eu cóntome entre elas, que, aínda procedendo de ambientes que eran basicamente castelanfalantes, non teñen memoria de cándonin de cómo aprenderon o galego; eu, por moito que me remonte no tempo, non me lembro de cómo foi ese proceso, e supoño que esa é unha experiencia compartida por moitos de nós.

#### J. KABATEK

Aquí hai tamén un problema de diferenza xeracional. No caso de moitos dos que agora pertencen á xeración dos estudantes xa é distinto pois moitos son de lingua materna castelá e pasaron por un cambio de lingua completamente consciente do que si teñen memoria.

Pero a outra cuestión non me parece tan grave: evidentemente hai moita diferenza entre primeira lingua e segunda e entre os procesos psíquicos que comporta a respectiva aprendizaxe. Pero no noso caso creo que esas diferenzas son bastante reducidas porque as estruturas profundas entre as linguas románicas son moi parecidas, e por exemplo entre a sintaxe do castelán e a do galego hai moi pouca diferenza. Non nego que sexa un factor importante, pero entre dúas linguas tan semellantes non sei...

## H. MONTEAGUDO

Antes de cederlle a palabra ó público tamén quería eu apuntar dúas cousas brevemente. Unha, eu non me fiaría en absoluto das impresións subxectivas da miña experiencia aquí ou a miña experiencia alá, porque son impresións que estatisticamente se demostran falsas, dependen moito do ambiente no que te movas, da experiencia túa persoal, con que xente andas. Moitas veces esas impresións son enormemente subxectivas. Logo eu tamén na liña un pouco do que di Mauro relativizaría a importancia de cal sexa a primeira ou a segunda lingua aprendida, porque entre outras cousas temos a experiencia histórica de linguas coma o hebreo que desaparecera, ninguén as tiña como primeira lingua, e que hoxe son primeira lingua de moita xente. Entón, eu creo que eso é relativizable.

Pero tiñamos outra palabra pedida aquí no público.

## M. J. HERRERO VALEIRO OU X. P. RODRÍGUEZ YÁÑEZ

Primeiro unha observación sobre o primeiro tema de discusión. Cando se discutía sobre todo por aquí diante coa mesa entre os dous primeiros conferenciantes da mesa daba a impresión de que pretendiamos entre todos ou entre os que discutían definir que é o comportamento lingüístico e ata onde chega o comportamento lingüístico. Queríamos abranguer o comportamento dos locutores para ser capaces de dicir, ata aquí chegamos na investigación e a investigación está rematada. Eu subscribo no meu traballo a perspectiva interaccionista e sen embargo debo admitir e incluso o fago con goce que a perspectiva interaccionista é incapaz, afortunadamente para os locutores, de delimitar o comportamento lingüístico e de coñecer ó cen por cen o seu comportamento. É unha aproximación, polo tanto, a aproximación interaccionista é unha aproximación. Outra aproximación coas mesmas carencias, pero carencias paralelas e comúns ás dúas, é a aproximación cuantitativa.

En segundo lugar quería sumar á experiencia vital, á historia sociolingüística que comparto con moita xente, por suposto con Mauro Fernández, de aprendizaxe simultánea de dúas linguas e abundar en que se non nos fiamos de que esto sexa posible mal o ten o galego.

## H. MONTEAGUDO

Hai outra palabra pedida aquí. Se alguén quere falar, e é un momento, si, porque xa temos o tempo contado.

## X. RÁBADE PAREDES

Quería centrar de novo o debate en torno á ineficacia da chamada política lingüística, que, en rigor, non existe. Non hai un compromiso dos responsables nin de normalizar o galego nin tan sequera de protexelo. E entre políticos incompetentes, pais e educadores estamos estafándolles a lingua ás xeracións futuras. Galicia ha pagar caro o paso deste Atila.

En 1991, a Dirección Xeral de Política Lingüística, a través de concurso de méritos, convocaba 10 prazas de Coordinadores Docentes de Galego (unha función similar en Cataluña constaba nesta data de algo máis de 100 membros) co obxectivo de orientar o labor dos Equipos de Normalización dos centros. Pois ben, observando a realidade da lingua nos establecementos educativos de Galicia, constatamos o feito, en xeral consentido, de actuacións antinormalizadoras. Había e hai, en cambio, un enorme cinismo, aproveitado pola Administración ó máximo, consistente en dar por boas enquisas (positivas) sobre o uso do idioma que na verdade non se efectuaran. Non sabemos que instancias intermedias puideron falsear tales inquéritos, anque, iso si, un pode sospeitalo.

Como coordinador docente (sempre incómodo para os lacaios do poder que fan que fan), seguíñ durante tres cursos 25 centros de EXB e BUP e dei conta á administración educativa do incumprimento case sistemático da Lei, maiormente no relativo á escolarización dos falantes ó ingresaren nos centros. Respondéuseme que eses non eran os datos das enquisas nin os “informes” de directores e inspectores. ¿Comprobarán eles a saúde da lingua sentados nos despachos?

Continúei insistindo, desta vez como opinante, nas páxinas da prensa. (Hoxe os novos “censores” xa lograron calarme.) A raíz do comentario dunha carta á opinión subscrita polos alumnos de COU do Instituto da Xunqueira (Pontevedra), o señor Director Xeral da inexistente Política Lingüística, o inefable Regueiro, por medio dun penoso e triste oficio, conminoume a denunciar ante esa institución, no prazo de dez días, o que eu sostiña como pensador libre nun artigo de prensa.

Tiven a inmensa sorte de poder estenderme con detalle sobre o inquisitivamente demandado (nunca durante os tres anos na función fomos oficialmente recibidos como tal colectivo) e acompañei duplicado ó Presidente da Xunta de Galicia, presidente á súa vez dunha chamada Comisión de Normalización Lingüística.

A resposta a algúns de nós chegounos hai moi pouco. Neste momento xa non existe Coordinación Docente. É dicir, non existe o menor seguimento específico nos centros de Galicia dun tema tan serio como a normalización do idioma. Ninguén ergueu a voz. Nin os sindicatos, nin os políticos, nin tan sequera a Mesa... Os que non toleramos incumprimentos da Lei tan descarados fomos cesados e devoltos ós centros. Xa non lles perturbamos o “bilingüismo harmónico”. ¡Viva o cinismo!

LUZ MÉNDEZ

Quería saber que opinión merece ós outros membros da mesa a figura que o profesor Kabatek denominou *neofalante consciente*.

H. MONTEAGUDO

É que a pregunta é tan xeral que verdadeiramente non sei... Se podes especificar máis en qué sentido queres saber a opinión porque...



LUZ MÉNDEZ

Se entendín ben, para o profesor Kabatek, o neofalante consciente no medio urbano é unha figura clave na recuperación da lingua ¿non? Entón, interesábame saber a opinión de dous sociolingüistas galegos sobre ese tema. ¿Mellor?

H. MONTEAGUDO

Si, agora entendo mellor, máis que nada a orientación da pregunta porque...

Eu non sei, particularmente penso que a existencia de neofalantes galegos no medio urbano é un índice, entre outros, dunha determinada dinámica sociolingüística e neste caso dunha dinámica sociolingüística favorable ó galego en principio, así en xeral. Para dar unha avaliación máis detallada pois habería que ter en conta outras variables sociolingüísticas, como se relacionan con esta. Pero eu penso que, en principio, pois simplemente é un índice de que polo menos nalgún terreo o galego gaña usuarios e gaña espazos de comunicación.

M. FERNÁNDEZ

A figura do neofalante paréceme en xeral positiva, pero tamén ten o seu lado negativo. Eu desde logo preferiría que fosen máis importantes os falantes tradicionais, e penso sobre todo na profunda modificación que está a sufrir o galego, especialmente en certos aspectos prosódicos. Alonso Montero ten escrito reiteradamente sobre isto. Salvadas a conciencia favorable ó galego e a boa vontade de moitos destes neofalantes, o certo é que en moitos casos o que se fai e case unha simple substitución léxica do castelán polo galego, e iso ten certo perigo. Neofalantes ocasionais, por exemplo, son boa parte dos locutores dos medios de comunicación, e cando os escoitamos case nin nos decatamos de que están falando en galego. Isto pásalle mesmo a xente que vén de fóra. Hai poucos días, un colega catalán non se decatara de que na televisión estaban a falar en galego ata que eu lle fixen reparar nesa circunstancia. E os individuos que teñen un forte acento galego son rexeitados para ocupar eses postos, porque se pensa que soan un pouco pailáns, que teñen demasiado acento galego e polo tanto non poden ser dobradores ou locutores. Hai, logo, un aspecto positivo, que é obviamente o feito de falar galego, e un aspecto negativo se eses neofalantes pasan a ser o pivote que vai soportar a recuperación da lingua.

H. MONTEAGUDO

É o que lle dicía a Luz do que dixó Mauro, que ó mellor eu entendín mal a túa pregunta. Hai neofalantes e neofalantes; hai neofalantes oportunistas que profesionalmente están esixidos e hai logo, non, moitos neofalantes nalgún sentido, como o propio Mauro dicía, moitos dos que estamos aquí podemos ser neofalantes. A miña resposta ía para estes segundos porque non percibía que ó mellor tamén te podías referir ós primeiros.

J. KABATEK

Estes segundos son os falantes ós que me refiro cando distingo entre neofalantes “profesionais” e neofalantes “conscientes”. Hai neofalantes “profesionais” que viven naquela

illa lingüística alá en San Marcos e non saen dela, porque cando saen falan castelán. Os “neofalantes conscientes”, sen embargo, están en contacto con falantes de sempre, por exemplo aquí mesmo nesta universidade onde hai contacto entre distintos grupos de falantes e hai tamén un proceso de converxencia entre eles. Estes “neofalantes conscientes” que empregan o galego en tódolos ámbitos son un grupo moi importante e posiblemente unha das grandes forzas para a lingua, porque quen cambia conscientemente de lingua fai un esforzo moi grande, un esforzo que normalmente tamén se reflicta na súa conducta social á hora de impoñer ou de intentar impoñer-la lingua na sociedade. Un caso aínda máis extremo a este respecto é tal vez o do País Vasco, onde os neofalantes urbanos son probablemente o grupo máis activo no proceso de normalización; entre os euskaldúns bilbaínos de 15 a 35 anos, por exemplo, a maioría son falantes de lingua materna castelá que pasaron conscientemente a empregar-la lingua vasca no seu uso de tódolos días.

H. MONTEAGUDO

Gracias a todos pola atención.

**SECCIÓN 9**  
**SOCIOLINGÜÍSTICA**



## IDENTIDADE SOCIAL E LINGUA

*Antonia Álvarez Torres*  
*Concepción Fernández Fernández*  
*Mauro Rodríguez Casal*

Facultade de Psicoloxía. Universidade de Santiago de Compostela

### 1. IDENTIDADE SOCIAL E LINGUA

A paisaxe, a cultura e costumes peculiares do territorio en que un nace ou vive marcan o carácter distintivo da natureza social das persoas.

Deste xeito, a afiliación social aporta elementos fundamentais no proceso de configuración da identidade individual, que se fundamenta ben por pertenza ou por exclusión, sobre as identidades colectivas, as imaxes culturais e as ideoloxías sociais, que constitúen a base sobre a cal se desenvolven os procesos de creación de identidades subxectivas.

En palabras de Marcial Gondar (1993), ter un grupo social ó que pertencer é unha forma de non ser unha folla levada polo vento, unha forma de ter raíces, de ser, nunha palabra, alguén.

Nesta investigación pretendemos analizar a natureza e profundidade desta relación de pertenza no caso dos/as galegos/as. Tentaremos distinguir entre as persoas dotadas dunha Identidade social galega das que carecen dela e a partires de aquí, descubrir a importancia que lle conceden á lingua.

Dende unha perspectiva psicosocial abordaremos unha problemática de sumo interese para Galicia, xa que os aspectos sociolingüísticos están intimamente ligados coa valoración da identidade como pobo e nación, máxime considerando o feito de que o uso da lingua galega en moitos contextos sociais foi un determinante dunha identidade social negativa, en comparación co idioma oficial do Estado Español.

No marco da teoría de H. Tajfel, centrarémonos naquel aspecto da identidade persoal proveniente da pertenza ó grupo social, neste caso o grupo “galegos”. Este autor propón que a Identidade Social abrolla da pertenza a diferentes grupos, defínea como “aquela parte do autoconcepto do individuo que se deriva da pertenza a un grupo social

(ou grupos), xuntamente co valor e significado emocional que se outorga a esa pertenza” (Tajfel, 1984, p. 292). A identidade social contribúe, positiva ou negativamente, á imaxe que cada un ten de si mesmo e determina como nos percibimos e nos presentamos ós outros. Este proceso de construción da identidade enmárcase dentro das relacións intergrupais e está ineludiblemente relacionado cos procesos de categorización e comparación social. Ámbolos dous procesos, vannos servir para definir a posición do grupo, neste caso o grupo “galego”, en relación a outros grupos sociais semellantes.

Todo grupo social maniféstase, como xa dixemos, a través dos seus particularismos culturais, entre os cales destaca a lingua. A lingua é un elemento definitorio e distintivo do individuo e do grupo, de aquí a importancia da afirmación idiomática na construción da identidade. O caso galego é un caso particularmente representativo no que o idioma é un determinante decisivo da Identidade, considerando o contexto diglósico no que sobreviviu o idioma galego durante séculos. Tal contexto ten marcadas diferenzas sociais entre aqueles que falaban castelán e os que tiñan como lingua materna o galego.

Mentres o galego viviu durante case catro séculos depositado nos labradores, mariñeiros e artesáns, abandonado completamente como lingua oficial e culta, o castelán pasou a ser o idioma predominante na vida política, relixiosa e social (Paz Andrade, 1959). Deste xeito, produciuse un desdoblamento en dous “dominios idiomáticos”. Existían dúas falas superpostas. A capa superior de fala castelán, e a inferior, que falaba o idioma herdado. Non existiu asimilación. Esta situación de abandono e desprezo do galego por parte das elites xerou un complexo de inferioridade que se foi transmitindo ininterrompidamente durante xeracións. Como lembra Castelao “prohibíchedes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben”.

Esta situación deu lugar a que moitos dos galegos tentaran disimular a súa fala e renegaran da súa identidade xa que denotaban a pertenza a un grupo social e a unha clase inferior e desprezada, o coñecido sentimento de “autoxenreira”. Saavedra (1992), proporciónanos un claro exemplo deste proceso de negación da propia identidade, ó sinalar que os galegos no s. XVI, cando ían a Castela dicían ser portugueses, ó ser este un grupo social valorado máis positivamente có seu.

O traballo dos ideólogos galeguistas, intelectuais e cidadáns e a conxuntura política permitiu a recuperación do galego como lingua oficial, e mesmo asumida por parte das elites cultas. Así é todo, non todos os galegos e galegas manifestan a mesma identidade, a bo seguro, haberá sectores da poboación nos que se mantén unha identidade galega negativa reflectida nas súas actitudes lingüísticas.

Os obxectivos do noso traballo foron:

1. Analiza-la Identidade Social da mostra. Este aspecto é imprescindible, xa que, tendo en conta a nosa aproximación teórica non parece suficiente coñecer se os suxeitos son galegos, se senten galegos ou posúen algún tipo de relación sentimental con Galicia, o que verdadeiramente nos interesa son aqueles suxeitos ós que o grupo social “galegos” está influíndo no seu autoconceito.

2. Coñecer en que medida a identidade galega está vencellada á actitude lingüística. Noutras palabras, tentamos saber se as actitudes cara á lingua serven para establecer diferencias entre as persoas que teñen unha alta ou baixa identidade galega.
3. Relacionado co anterior tamén estamos interesadas en comprobar ata que punto as actitudes cara á lingua poden estar explicando os propios sinais da identidade como galegos/as.

## 2. PLANO DE TRABALLO

### 2.1. Suxeitos

Participaron nesta investigación 300 suxeitos voluntarios estudantes da Universidade de Santiago de Compostela. Destes 118 eran homes e 182 mulleres, cunha media de idade de 21.9 anos e desviación típica 2.97.

Para a selección da mostra fíxose primeiramente unha mostraxe dos diferentes centros universitarios nos que se ían recrutar os suxeitos experimentais. A continuación realizouse unha mostraxe aleatoria estratificada proporcional, que nos garantiu que a mostra seleccionada comparte unhas características semellantes á distribución da poboación, é dicir, que nos estaba garantindo a súa representatividade.

### 2.2. Instrumentos

Para dar resposta ó obxectivo marcado de avaliar a Identidade Social Galega propuxemos un grupo de variables coas que realizamos unha Análise Factorial. Obtivemos un factor composto por 8 ítems cos que deseñamos unha escala tipo Likert, con puntuacións comprendidas entre 1 –totalmente desacordo– e 7 –totalmente de acordo–.

Este factor, que nomeamos Identidade Social Galega, recolle os aspectos expostos na aproximación teórica formulada por Tajfel, a saber: emotivo, cognitivo e avaliativo. Os 8 ítems que forman parte da escala son:

Non me sinto galego/a.

Os/as galegos/as reflicten moi ben a miña forma de ser.

Ser galego non é importante para a opinión que teño de min.

Ser galego/a é parte importante da miña propia imaxe.

Amo Galicia.

A cultura galega non significa moito para min.

Estou orgulloso/a de ser galego/a.

Non me sinto especialmente vencellado/a á xente de Galicia.

O seguinte paso foi comprobar a estabilidade e consistencia interna desta escala. Para isto, aplicamos unha proba de fiabilidade, obténdose un índice (Alpha de Cronbach) de .80. Este índice sinala unha alta consistencia da escala empiricamente obtida.

Esta escala foi o punto de partida da nosa investigación xa que nos permitiu clasificar ós suxeitos en dous grupos, altos e baixos en identidade social. Para iso realizamos unha táboa de frecuencias obtidas a partir das respostas dos suxeitos na devandita escala, formándose dous grupos extremos: o grupo 1, composto por 61 suxeitos situados entre o percentil 0 e 20 e o grupo 2 formado por 74 suxeitos entre os percentís 80 e 100.

Por outro lado, as actitudes lingüísticas foron avaliadas con 3 ítems referidos a uso e extensión da lingua galega, emprego do galego nos medios de comunicación e respecto da realidade lingüística nos contidos educativos. Igual que no caso da IS o rango de resposta foi de 1 a 7, onde 1–totalmente desacordo– e 7 –totalmente de acordo–.

### 3. ANÁLISE DE DATOS E RESULTADOS

En primeiro lugar realizouse unha análise de correlacións entre as actitudes lingüísticas e a IS. A proba empregada foi o coeficiente de correlación “r” de Pearson, que permite establecer, neste caso, o grao e a dirección da relación entre as actitudes lingüísticas e IS. Os resultados obtidos preséntanse no seguinte cadro:

|                            | <b>Identidade Social</b> | <b>Uso</b> | <b>Medios comunicación</b> | <b>Contidos educativos</b> |
|----------------------------|--------------------------|------------|----------------------------|----------------------------|
| <b>Identidade social</b>   | 1.000                    |            |                            |                            |
| <b>Uso</b>                 | .3613**                  | 1.000      |                            |                            |
| <b>Medios comunicación</b> | .3760**                  | .3211**    | 1.000                      |                            |
| <b>Contidos educativos</b> | .3107**                  | .2993**    | .2926**                    | 1.000                      |

Como se observa, as correlacións que se establecen entre a IS e as actitudes lingüísticas todas son significativas e positivas. A correlación máis alta atopámola entre a identidade social e emprego do galego nos medios de comunicación. Segue a correlación que se establece coa variable referida ó uso e extensión da lingua e finalmente o respecto da realidade lingüística nos contidos educativos

Para abondar no coñecemento da relación da IS e a lingua, o seguinte paso foi comprobar se as persoas cunha alta identidade presentan diferentes actitudes lingüísticas que aquelas que declaran unha baixa identidade galega. A proba realizada foi o “t” de Student, que nos indica a existencia, ou non, de diferencias significativas entre as medias dos grupos en canto ás actitudes lingüísticas avaliadas. Véxase o cadro:

| <b>Variable</b>               |                | <b>Valor de “t”</b> | <b>Probabilidade</b> |
|-------------------------------|----------------|---------------------|----------------------|
| <b>Uso</b>                    | Grupo 1=4.6066 | -6.10               | .0001                |
|                               | Grupo 2=6.5811 |                     |                      |
| <b>Medios de comunicación</b> | Grupo 1=3.7541 | -6.92               | .0001                |
|                               | Grupo 2=6.0541 |                     |                      |
| <b>Contidos educativos</b>    | Grupo 1=6.0328 | -3.97               | .0001                |
|                               | Grupo 2=6.7162 |                     |                      |



Os resultados obtidos mostran a existencia de diferencias significativas entre o grupo alto e baixo en identidade galega nos 3 ítems de actitude lingüística. Podemos comprobar que as persoas cunha alta identidade manifestan actitudes máis favorables cara á lingua galega. En tódalas variables, tanto as referidas ó uso e extensión do galego, como emprego nos medios de comunicación e contidos educativos, as puntuacións medias obtidas polo grupo alto en IS son significativamente máis altas que as obtidas polo grupo baixo en IS.

Finalmente, realizouse unha análise de regresión cunha dobre finalidade: por un lado, complementar os resultados obtidos nas análises descritivas anteriores; e por outro, coñecer se as variables analizadas predín, en termos de varianza explicada, a variable dependente, neste caso, identidade galega.

O cadro que presentamos a continuación reflicte os resultados desta análise:

| MultR | Rsq.  | F(Eqn) | SigF  | Variable            | BetaIn |
|-------|-------|--------|-------|---------------------|--------|
| .3760 | .1414 | 49.078 | .0001 | Medios Comunicación | .3760  |
| .4538 | .2059 | 38.506 | .0001 | Uso                 | .2682  |
| .4799 | .2303 | 29.529 | .0001 | Contidos educativos | .1679  |

Como pode observarse, o emprego do galego nos medios de comunicación, o uso e extensión da lingua e o respecto da realidade lingüística de Galicia explican un 23.03% da varianza. Hai que subliñar que a porcentaxe de varianza explicada por esta ecuación é alta, tendo en conta que a lingua é un dos indicadores da identidade pero non o único. Outros aspectos como os culturais, económicos e sociolóxicos que forman parte da construción da identidade non foron considerados neste traballo. En calquera caso, o resultado obtido evidencia a importancia da lingua como elemento identitario.

#### 4. DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS

Un primeiro aspecto a destacar é que a nosa mostra está formada por mozos e mozas, que creceron nun contexto histórico social e cultural que comeza a valorar a lingua propia e empregala como elemento identificativo e distintivo. Aínda así e todo, atopamos diferencias ben significativas: as persoas con máis alta identidade galega son as que manifestan actitudes máis favorables cara á súa lingua, indicándonos que a lingua está intimamente vencellada á configuración e fabricación da identidade.

Outro dato de interese despréndese das puntuacións medias obtidas nos ítems utilizados para avaliar as actitudes cara a lingua. Así, as diferencias maiores atópanse en canto ó emprego do galego nos medios de comunicación e uso e extensión da lingua, mentres que no referente á realidade lingüística as diferencias son menores. Isto indícanos, ó noso modo de ver, que a actitude a nivel cognitivo está asumida, pero o salto á acción e implicación no uso da lingua aínda está por dar.

Chámanos a atención que aínda hoxe, cando a lingua galega está recoñecida oficialmente e se esforza por normalizarse, aparece asociada a unha identidade que, en moitos casos, se segue rexeitando. Incluso na nosa mostra, que ten unhas características socio-demográficas moi particulares: idade, nivel de formación... atopamos actitudes de menosprezo do idioma galego fronte ó castelán, asociado a unha identidade galega que rexeitan, porque probablemente teñan interiorizada unha historia de desvantaxes.

Interpretando estes resultados no marco da teoría da Identidade Social de Tajfel, estas persoas abandonan psicolxicamente o seu grupo social, que lles reporta unha identidade negativa, e pásanse a outro grupo social que consideran máis positivo para o seu autoconceito. Renegan e disimulan a identidade galega e optan pola identidade española, máis positiva para eles.

Outra vía que establece a Teoría da IS, aínda que se recoñeza unha identidade negativa, sería implicarse na acción social e loitar para lograr unha identidade positiva para o propio grupo, cambiando as connotacións negativas que lle son atribuídas. Neste caso, afondaríase na identidade galega fabricando un discurso de autoafirmación do propio como positivo.

Este foi e é o labor de cidadáns, políticos e intelectuais que se empeñan en cambiar e transmitir o positivo da distintividade do propio.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BILLIG, M.; *Social Psychology of Intergroup Relations*. London, Academic Press, 1976.
- CLARK, K.B. & CLARK, M.P.; Racial Identification and Preference in negro children. En Newcomb-Hartley (comps.): *Reading in Social Psychology*. New York, Holt, 1947.
- D'ADAMO, O. e GARCÍA BEAUDOUX, V.; *El argentino feo*. Buenos Aires, Editorial Losada, 1995.
- DESCHAMPS, J.C.; *Social Identity and relations of power between groups*. Cambridge, Cambridge University Press, 1982.
- DOISE, W.; *Psicología social y relaciones entregrupos*. Barcelona, Rol, 1979.
- ECHEVARRÍA ECHABE, A.; "Identidad social y movilización social". En Vilarreal (Ed.): *Movimientos Sociales*, Donosti, Universidad del País Vasco, 1989.
- GONDAR, M.; *Crítica da razón galega*, Vigo, A Nosa Terra, 1993.
- HUICI CASAL, C.; "Relaciones intergrupales". En Carmen Huici Casal (dir.): *Estructura y procesos de grupo*. Madrid, UNED, 1987.
- MONTERO, M.; *Ideología, alienación e identidade nacional*. Caracas, Universidad de Venezuela, 1991.
- MONTERO, M. e SALAS, M.; "Imagen, representación e ideología. El mundo visto desde la periferia". *Revista Latinoamericana de Psicología*, vol. 25, nº1, 1993, pp.85-104.
- PAZ ANDRADE, V.; *Galicia como tarea*. Buenos Aires, Ediciones Galicia, 1959.
- SABUCEDO, J.M.; ARCE, C.; RODRÍGUEZ, M.; *Xuventude e política en Galicia*, Santiago de Compostela, USC, 1992.

- SAAVEDRA, P., *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1992.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, A. e FERNÁNDEZ REI, F., “Dinamismo económico e identidade en Galicia”. *A Trabe de Ouro* 9, 1992, pp. 21-33.
- TAJFEL, H., “Social Psychology of Intergroup Relations”. *Annual Review of Psychology* 33, 1982, pp. 1-39.
- TAJFEL, H., *Grupos humanos y categorías sociales*. Barcelona, Herder, 1984.
- TAJFEL, H. & TURNER, J.C., “The Social Identity Theory of Intergroup Behavior”. En S. Worchel & W. G. Austin (Eds.): *Psychology of Intergroup Relations* (2nd Ed., pp.7-24). Chicago, Nelson-Hall, 1986.
- TAJFEL, H. e TURNER, J.C., “La Teoría de la Identidad Social de la conducta intergrupala”. En C. Huici e J.F. Morales *Lecturas de Psicología Social*. Madrid, UNED, 1989.
- TURNER, J.C., *Redescubrir el grupo social*, Madrid, Morata, 1989.



## O GALEGO NO *FARO DE VIGO* NA DÉCADA DOS TRINTA

María Xesús Bugarín López

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

No século XIX existían xornais redactados exclusivamente en castelán, outros nos que se combinaba o castelán co galego –*El Herald Gallego* (Ourense), *La Lira* (A Coruña), *Mi Tierra* (Vilagarcía)...–, mais tamén algúns, os menos, nos que o galego era a única lingua empregada –*O Vello do Pico Sacro* (A Coruña), *O Tío Marcos da Portela* (Ourense), *O Galiciano* (Pontevedra), *A Tía Catuxa* (Pontevedra), *A Monteira* (Lugo) (Fernández, 1981, p. 166.). Sen embargo será agora, nestes primeiros anos do século XX, cando un maior número de publicacións saian á luz. É un tipo de prensa sen tendencias políticas radicais e dedicada á información xeral: información local, de España e do mundo, publicidade, ecos de sociedade, prezos do mercado... E aínda que iso é o maioritario seguen existindo outras tendencias.

Pasan os anos e a pesar de seren moitas as reivindicacións que se facían no nome de Galicia non existía, fóra de moi reducidos círculos intelectuais, unha conciencia da lingua galega como posible lingua de primeiro rango. Será no ano 1915 cando desde a revista *Estudios Gallegos* xurda a idea da defensa do idioma propio, idea que será recollida por Antón Villar Ponte e que verá resultados na creación das Irmandades da Fala e no seu medio de divulgación *A Nosa Terra*. Catro anos máis tarde aparecerá *Nós*.

Xa na década dos trinta verémo-lo fin da ditadura de Primo de Rivera, o goberno de Berenguer, o goberno de Aznar-Romanones, a IIª República e, finalmente, os primeiros anos da ditadura franquista. Dentro deste período de revolta política, Castelao pronuncia un discurso nas Cortes en defensa da lingua galega, nace o Partido Galeguista, prodúcese a convocatoria, a campaña e o referendo do Estatuto de Autonomía de Galicia, etc.

Todo o anteriormente sinalado levoume a querer investigar esa década, por confluíren nela unhas circunstancias políticas moi diversas e de diferente repercusión para Galicia. E escollín o *Faro de Vigo* por ser un xornal que consegue saír á rúa dunha maneira ininterrompida desde a súa fundación o día 3 de novembro de 1853, por Ángel de Lema y Marina.

Desde unha perspectiva política o xornal foi considerado por autores como José Altabella e Francisco Leal Insua na súa obra *Faro de Vigo y su proyección histórica* (1965) como posuidor dunha estricta independencia de criterio e alleo a tendencias políticas. No período do que se ocupa a miña investigación atopei no *Faro de Vigo* do venres 25 de xullo de 1930 unha declaración de principios da propia publicación da que saliento unha frases interesantes a este respecto:

“Las páginas del FARO DE VIGO durante toda su larga existencia (...) han estado al servicio de Galicia de un modo preferentísimo y en ellas han sido recogidas cuantas aspiraciones tendían al mejor progreso y bienestar de los pueblos de la región.”

“(...) Por ello se impone ahora con el plausible despertar que se observa en ciudades, villas y aldeas, que llevemos por delante, en el afianzamiento de la personalidad regional, la fe en nuestro valer y la unión, que es la fuerza, en el proceder. Y a la vanguardia de este mínimo pero primordial programa estará siempre FARO DE VIGO (...)”

Mais todas esas ansias teñen en ocasións o seu límite, e na prensa examinada puider atopar referencias directas da actuación da censura a través de notas como “Este número ha sido visado por la censura” ou “Visado por la censura”. Cronoloxicamente estamos dentro do mes de xaneiro de 1930, baixo a dictadura de Primo de Rivera, e nos meses de marzo, abril e xullo de 1936, xusto antes da guerra civil e baixo o goberno de Aznar e de Casares Quiroga, finais da 2ª República.

Tendo en conta pois estas circunstancias políticas, vou entrar no que é o obxectivo do relatorio: o uso do galego.

Para a elaboración do traballo fixen a escolla dun xornal por mes durante o período comprendido entre xaneiro de 1930 e decembro de 1939, procurando, dentro do posible, que non coincidiran na elección meses e días da semana –debemos recordar que naquela época non se publicaba os luns–. Ademais, evitei intencionadamente os días festivos do tipo Ano Novo, Reis... pois implicarían alteracións respecto ó formato ou composición habitual do periódico.

A través destes dez anos os xornais consultados, 120 en total, evidenciarán diferencas debidas, en parte, ós cambios políticos. A súa morfoloxía externa presenta unhas dimensións de páxina de 63 × 43 cm., cunha mancha de 58 × 37,5 cm. O seu contido aparece distribuído na páxina en sete columnas do mesmo ancho. A diferenza virá no número de páxinas xa que a tirada pode oscilar entre as oito e as doce antes da guerra civil para logo descender a seis ou catro páxinas xa que nos últimos tempos tiveron que afronta-la restricción sobre o uso do papel.

No meu estudio soamente tiven en conta os apartados escritos na súa totalidade en galego, desbotando das medicións porcentuais os textos bilingües. Se os tivese presentes, os índices subirían, xa que no decurso da indagación atopei textos destas características como os episodios da obra escrita por Amador Montenegro Saavedra titulada *Juan y yo* na que falan dous personaxes, un en castelán e o outro en galego (15/7/1930); os escritos nos que se intercalan poemas ou cántigas en galego; ou un artigo que fala, en


castelán, sobre as actividades dos grupos Ultrae e que seguidamente recolle o seu decálogo sen facer uso da traducción (12/2/1932). Tamén o galego aparece ás veces como encabezamento dunha crónica ou como título dalgunha conferencia, por exemplo, *Galicia, entidade etnográfica*, de V. Risco (1/9/1930) e incluso existe unha sección máis ou menos periódica en castelán co nome de *Cousas do día*. Recollín estes datos como indicadores dunha actitude que non parece rexeita-lo uso do galego dunha maneira drástica.

Chegamos así, despois destas aclaracións, ós datos concretos referidos a textos escritos integramente en galego extraídos dos xornais. En primeiro lugar verémo-la media anual de uso da lingua galega fronte ó castelán.

| ANO  | TOTAL  |
|------|--------|
| 1930 | 0,849% |
| 1931 | 0,52%  |
| 1932 | 0,566% |
| 1933 | 0,627% |
| 1934 | 0,106% |
| 1935 | 0,073% |
| 1936 | 0,019% |
| 1937 | 0%     |
| 1938 | 0%     |
| 1939 | 0%     |

Con estas referencias vexamos graficamente a evolución do uso do galego entre os anos 1930-1939.


**Media anual de uso do galego**



Nun primeiro achegamento ós datos porcentuais podemos observar que o uso medio anual do galego non chega ó 1%.


Nunha análise máis detallada, vemos que o uso do galego fronte ó castelán cae durante os gobernos de Berenguer e de Aznar-Romanones. Despois terá un pequeno auxe –pois é tan só dun 0,1%– nos primeiros anos da 2ª República para seguidamente precipitarse de xeito ben pronunciado no ano 1934 e continuar nese descenso ata que coa guerra civil española desapareza por completo. Nun principio resulta estraño que o uso decreza nuns anos que politicamente aínda serían viables para a expresión en lingua galega. Por todo iso examinarei detidamente ese emprego por ámbitos. Con respecto ás cifras recollidas no ano 1936 hai que sinalar que corresponden a antes do mes de xullo. A partir de aí, e nos anos vindeiros, os xornais vanse converter en listas de donativos na súa case totalidade.

Porcentaxes de uso por ámbitos



O gráfico amosa unha pobreza na variedade de uso por ámbitos xa que só se emprega o galego en viñetas e poesías. Dentro destes resultados, cómpre salienta-la importancia que, porcentualmente, teñen as viñetas dentro do contido fronte á poesía.


Unha vez vista esta división de uso vou tentar profundar no súbito descenso no ano 1934. Percorrendo os días da semana investigados encontrei que son os xoves e os domingos os que posúen o maior índice de uso fronte ó resto. E son as viñetas as que, con esa periodicidade, empregan o galego como lingua habitual. Vexamos un gráfico coa súa evolución nos dez anos investigados:





Desde o ano 1930 e ata mediados do 1933 era Alfonso R. Castelao quen, baixo o xenérico título de *Cousas da vida*, caricaturizaba a situación política do momento cun humorismo resignado e acedo. Despois da súa desaparición das páxinas do xornal será Pardo quen continúe durante eses últimos meses do ano 1933 nesa liña con *Cousas da xente*. Desde entón as ilustracións van desaparecer dun xeito moi acusado. Os autores nesa última etapa serán Vidales Tomé e Massó e a súa representación é mínima. É de sinalar que normalmente os deseños estaban situados en portada, no centro superior a principios do ano 1930 para logo situarse, a mediados do ano seguinte, no centro inferior, sempre dentro da primeira páxina do xornal.

Pola súa banda, na poesía a sistematicidade é moi difícil pola súa escasa presenza. Esta é graficamente a súa evolución durante a década dos anos trinta:



Como vemos no gráfico, non chega nunca a exceder-lo límite do 0,3% anual. Aparece maioritariamente, dentro da escaseza, na contraportada aínda que pode variar e localizarse en páxinas interiores pero nunca en primeira plana. Os autores que atopei durante o proceso de medición foron, por orde de maior a menor presenza: M<sup>a</sup> Tydeska con sete poesías, e Bene e Humberto Cuiñas con cadanseu poema.

Despois desta análise pormenorizada podemos afirmar que a desaparición case total das viñetas a partir de finais do ano 1933 será o motivo máis directo do baixón no uso do idioma galego xa antes da chegada da guerra civil en xullo do 1936.


Chegados a este punto, decidín indagar dentro dos xornais dunha determinada data pola posibilidade de ser un índice a ter en conta. Estoume referindo ó 25 de xullo. Deses especiais escollín os seis primeiros desta década xa que a partir do estoupido da guerra civil esa data será unicamente o “Día del Apóstol” e non o centro da miña investigación: o “Día de Galicia”.

No día 25 de xullo de 1930 prodúcense manifestacións conmemorativas do Día da Patria Galega. Nese mesmo día do ano 1933 prodúcese o pacto GALEUZCA. Ó ano seguinte en Santiago o suceso foi o mitin galeguista “das arengas”. Estas poucas referencias dan boa conta da importancia ideolóxica que contiña esa ocasión en especial.

Os xornais dedicados a estes días son máis extensos xa que a tirada oscila entre as 32 e as 20 páxinas, ou sexa, estou a falar dun volume superior incluso ó dobre de páxinas en ocasións. As informacións porcentuais sacadas do seu estudio son as que agora vemos no cadro resumo e nos gráficos.

| DATA                                | TOTAL  |
|-------------------------------------|--------|
| venres, 25 xullo 1930               | 8,305% |
| sábado, 25 xullo 1931               | 2,334% |
| domingo, 24 xullo 1932 <sup>1</sup> | 1,89%  |
| martes, 25 xullo 1933               | 0,652% |
| mércores, 25 xullo 1934             | 2,257% |
| xoves, 25 xullo 1935                | 0%     |

Media de uso do galego




Como se pode comprobar, as porcentaxes de uso son moitísimo máis elevadas pero non chegan ó 9% como índice máximo. Nesta data si hai multitude de referencias á problemática do mundo galego xa sexa cultural, científico... mais sempre en castelán. Nun principio serían de esperar mellores resultados pola transcendencia da ocasión e pola contra, as cifras son bastante semellantes, dentro da diverxencia, ós de calquera xornal medio deses anos xa que o xeral é unha forte tendencia baixista.

Polo que respecta ós ámbitos de uso, nos anteriores xornais consultados o contido expresado en galego estaba dividido entre a viñeta e a poesía, é dicir, creación artística. Vexamos agora graficamente en qué áreas aparece empregada esta lingua neste tipo de xornal.

<sup>1</sup> O *Faro de Vigo* non saía publicado os luns polo que a conmemoración do “Día de Galicia” pasou ó día anterior este ano.

### Porcentaxe de uso por ámbito



Como novidade observamos que, a pesar de te-la parcela de menor tamaño, existe na escrita en lingua galega destes xornais algo máis ca viñeta e poesía: o 19% é prosa. A pesar disto o feito perde algo na súa magnitude ó descubrir que na súa maior parte son contos, é dicir, prosa de creación. Estas historias son *A estrela do apóstolo*, de V. Risco, *Cousas*, de Castelao, *As festas da vila*, de Avelino Rodríguez Elías, *¡O Anduriño!*, de Xaime Prada. A única diferenza está establecida polo artigo *Poetas da terriña*, de Luis de Galicea onde fai unha gabanza da obra *Señardá*, de A. Iglesias Alvariño. Polo que fai referencia á súa situación podemos atopalos no interior maioritariamente, aínda que hai un exemplo de aparición en primeira plana, na parte inferior: *Cousas*.

Polo que respecta á poesía cómpre dicir que o seu número de frecuencia é o máis elevado pero que nas dimensións é onde perde, en porcentaxes, fronte ás ilustracións. Non imos facer un relatorio extenso dos variados poemas e autores que se manifestan a través destas páxinas neste celebrado día. Salientaremos soamente aqueles escritores que máis composicións presentan: Ángel Sevillano con *Olliños da miña nena* e *Gabanza das tías maus*, Mario Canda con *Santa Galicia* e *Galicia*, R. Cabanillas con *A Rosalía de Castro* e *Literatos galegos*, ou Bene con *Saudade* e *Rola mensaxeira*. Fóra desta enumeración quedan outros de igual ou maior importancia literaria. Espacialmente, os poemas vanse situar sempre no interior do xornal.

No ámbito das ilustracións hai que destacar que é o seu tamaño e non o seu número, como anteriormente sinalamos, o que provoca a porcentaxe máis alta de uso. Os autores son Ramón Peña, Castelao e Pardo. A súa situación diaria non é desta vez fixa: localízanse na portada, no interior e ou na contraportada.

A modo de conclusión de todo o anteriormente exposto podó sinalar que o xornal *Faro de Vigo* emprega na década dos trinta maioritariamente o idioma castelán. Pretende a mellora en tódolos ámbitos para Galicia, como así o pon de manifesto en ocasións tales como a mesma declaración de intencións salientada case ó inicio deste traballo, pero o progreso que persegue baséase na mellora das industrias, da agricultura, dos medios de transporte e comunicación... non hai ningunha referencia ó problema lingüístico. A presenza do galego neste xornal, nesta década, é case testemuñal xa que unicamente aparece en viñetas, poesía ou contos, primeiro paso dunha lingua en conflito de cara á súa normalización.

A 11ª República foi unha etapa que politicamente favoreceu as liberdades ata tal punto que Galicia chegou case a te-lo seu autogoberno, e iso foi seguido diariamente a través das páxinas do *Faro de Vigo* que dedicaba a tales sucesos primeiras planas e páxinas enteiras. Pero a conciencia da lingua non era un dos obxectivos que se buscaban de maneira prioritaria. Así descubrimos que xa un par de anos antes do estoupido da guerra civil española tiñan desaparecido as mínimas expresións que en galego se escribían das páxinas deste diario vigués. Certamente, comprobamos que, fronte ós escasos resultados dos anos precedentes, no ano 1934 entramos no límite entre as décimas de uso para pasar ás centésimas ou á desaparición total. Con esas cifras non se pode dicir que foi a guerra a causante da desaparición da lingua galega das páxinas deste xornal vigués senón que era unha tendencia dentro da súa propia evolución lingüística.

## BIBLIOGRAFÍA

- A maior parte dos datos están sacados dos arquivos do *Faro de Vigo*. Foron consultados tamén xornais na hemeroteca da Universidade de Santiago de Compostela.
- AA. VV., *A información en galego*, Santiago, Edicións Lea, 1996.
- Altabella, J. / Leal Insua, F., *Faro de Vigo y su proyección histórica*, Madrid, Editora nacional, 1965.
- Cal, R. / Pérez, C., *Bibliografía sobre a prensa galega*, Santiago, Edicións Lea, 1994.
- Fernández, J. C., *Apuntes para la historia de la prensa del siglo XIX en Galicia*, Sada, Edicións do Castro, 1981.
- Ledo, M., *Prensa e Galeguismo: Da prensa galega do XIX ao primeiro periódico nacionalista. 20 anos de "A Nosa Terra" (1916-1936)*, Sada, Edicións do Castro, 1982.
- Máiz, B., *Galicia na 11ª República e baixo o franquismo*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1988.
- Pérez, M. del C., "Prensa" en *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo XXV, 219-231, Xixón, Santiago, Ed. Silverio Cañada, 1974.
- Santos, E., *Historia de la prensa gallega. 1800-1986*, Sada, Edicións do Castro, 1990.

## OS DESEÑOS DE MEDIDAS REPETIDAS NA AVALLACIÓN DE PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN LINGÜÍSTICA

*Francisco Caamaño Isorna*  
*M<sup>a</sup>. Xesús Cebro Ferro*

### INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos véñense desenvolvendo en Galicia moi distintas actividades e programas de dinamización da Lingua Galega no marco da chamada Normalización Lingüística (Souto, 1994), dende institucións tan diversas como concellos, sindicatos, institutos e colexios, a propia universidade, ou mesmo, e aínda que en menor medida, dende a empresa privada. Cada unha destas campañas ou actividades poden entenderse como Programas de Intervención Lingüística, entendendo por tal calquera actividade ou conxunto de actividades destinadas a cambia-los coñecementos, hábitos ou actitudes dos suxeitos en relación á lingua ou linguas. Por exemplo: unha campaña de animación ó uso do galego nun concello, unhas xornadas dedicadas á lingua nun instituto, ou, nun sentido máis amplo, un programa de animación á lectura.

Na formulación dun Programa de Intervención Lingüística (que a partir de agora designaremos simplemente como Programa), a sinalización clara dos obxectivos (tanto dos xerais coma dos específicos) é capital, xa que a propia intervención atopa o seu sentido na consecución destes obxectivos, que por outra banda permitirán a elección da actividade ou actividades a realizar.

Os obxectivos que marque o Programa virán definidos en función dos criterios ou ideas da institución ou colectivo actuante, e estarán máis ou menos claros segundo os queira clarificar o organismo.

Un aspecto ó que xeralmente se lle presta escasa atención, e debería resultar do máximo interese na formulación dun Programa, é o modo como os sociolingüistas (léase normalizadores) serán capaces de avalia-la súa eficacia. Debemos ter presente que pouco podemos dicir sobre un Programa non avaliado, xa que non deixa de ser unha construción teórica sobre a que non temos ningún dato da súa posta en práctica. E

ademais de que non servirá para a mellora de futuros Programas, tampouco poderemos facer ningún cálculo en relación ó seu custo de oportunidade.

A correcta avaliación dun Programa de Intervención Lingüística pasa pola realización dun auténtico experimento no que identifiquemos perfectamente a variable ou variables sobre a que queiramos intervir, sexamos capaces de medilas previa e posteriormente á intervención, e o propio deseño do experimento nos permita establecer unha relación causal entre a nosa intervención e o cambio de magnitude da variable ou variables consideradas<sup>1</sup>.

### A INVESTIGACIÓN EXPERIMENTAL (DOMÉNECH, 1994)

O termo experimentación foi amplamente empregado e, dende un punto de vista puramente conceptual, posúe diferentes significados. Así, por exemplo, a experimentación refírese ó conxunto de probas e análises ás que se somete algo para estudar e comprobala súa validez. En investigación a “experimentación” fai referencia a un método de investigación baseado na produción intencionada de fenómenos, co obxecto específico de analiza-los feitos concretos que teñen lugar durante o seu desenvolvemento e determinar así a validez dunha hipótese de traballo. Baixo esta perspectiva, o núcleo da investigación experimental son os experimentos.

A noción de deseño experimental foi sistematizada no século pasado ó referila ó conxunto de estudos realizados en laboratorio onde se exercía un estricto control das variables ou condicións físicas (tales como a presión, temperatura, esterilización, etc.). Posteriormente, a investigación en ciencias biolóxicas desprazouse do laboratorio e deseñáronse estudos de campo realizados nun contorno máis natural e menos estricto. Simultaneamente, a teoría do control experimental comezábbase a referir á noción de asignación aleatoria dos suxeitos ós grupos de tratamento.

Actualmente no campo das Ciencias Sociais, denomínase co termo experimento aquel conxunto de estudos nos cales o investigador “manipula”<sup>2</sup> un ou máis factores co obxecto de valorar posteriormente os efectos producidos. E é precisamente no contexto dos deseños experimentais onde se emprega a terminoloxía de *variable independente* e *variable dependente*, procedente do ámbito das matemáticas.

<sup>1</sup> Pensemos por exemplo nun Programa desenvolvido nun centro de ensino secundario que teña como obxectivo incrementa-lo uso do galego nos exames por parte do alumnado. Para avaliar correctamente o programa deberemos valorar en qué medida os alumnos redactaban os seus exames en galego antes da intervención, e igualmente medi-la mesma variable despois de realizada a intervención. Só así poderemos saber se existe cambio. Pero se hai cambio nesta medida, ¿podemos atribuílo ó noso programa? Veremos que un deseño así presenta demasiados negros como para poder tirar unha relación causal.

<sup>2</sup> A idea é que o investigador controla a exposición. De modo que decide quen e en qué medida vai estar exposto a esa variable da cal o investigador pretende estudia-los seus efectos. Por contraposición, nos chamados “estudios observacionais” o investigador limitase a olla-las exposicións que se dan naturalmente.

Por *variable independente*, *factor predictor* ou *factor explicativo do cambio* entendémo-las variables que imos empregar na investigación dun modo consciente. É a variable que explica o cambio noutra ou noutras variables. No noso caso a variable independente sería o propio programa de intervención lingüística.

Por *variable dependente* entendémo-lo resultado ou resposta observada trala intervención experimental (por exemplo un incremento no uso do galego).

Existen outras variables denominadas *variables de control*, que son aquelas fontes de variación que o investigador controla a través do deseño da investigación (*control a priori*), ou ben na análise posterior dos datos (*control a posteriori*). Moitas veces o control lévase a cabo en ámbolos momentos, é dicir tanto no deseño coma na análise, para incrementa-la rigorosidade do estudio.

Un exemplo de experimentación podería ser un estudio para analiza-lo efecto do emprego de técnicas audiovisuais nunha clase, estudio no que poderíamos utiliza-las cualificacións dos alumnos como método avaliativo. O profesor seleccionaría de entre os seus alumnos un grupo que recibiría as clases con estes medios. Unha vez realizada a intervención valoraríanse os resultados.

A *variable independente* é neste caso o emprego de medios audiovisuais (variable dicotómica si/non), a *variable dependente* son as cualificacións obtidas polos alumnos dos dous grupos (variable cualitativa) e as chamadas *variables de control* son un conxunto de variables como o sexo do alumno, a idade, a procedencia, o nivel de formación dos pais, etc., que o investigador considera<sup>3</sup> relacionadas coa variable dependente, cualificacións do alumno.

Para que a variación observada nas cualificacións do alumnado poida ser atribuída ás técnicas audiovisuais, os estudos experimentais asignan os suxeitos aleatoriamente a cada grupo para eliminar posibles relacións espurias e asegura-la comparabilidade.

Os *ensaios de intervención en comunidades* son experimentos nos que a unidade de asignación da intervención, é dicir da “exposición” non é o suxeito senón toda unha comunidade ou colectivo de suxeitos, tales como familias, escolas, vivendas, colexios, etc.

Estes estudos considéranse experimentais cando estes conglomerados de suxeitos se asignan aleatoriamente a cada un dos grupos (intervención e control).

## OS ENSAIOS DE INTERVENCIÓN EN COMUNIDADES

No apartado anterior subliñámo-la importancia de poder establecer unha relación causal entre a exposición e a resposta, e presentamos a investigación experimental como aquel

<sup>3</sup> Esta “consideración” está sempre en función dunha exhaustiva revisión bibliográfica que o grupo investigador debe realizar previamente ó deseño da investigación.

conxunto de deseños máis adecuados para conseguir este propósito. Así, os *ensaio de intervención en comunidades* son ás ciencias sociais o que os *ensaio clínicos*<sup>4</sup> son ás ciencias da saúde, isto é o deseño investigativo que nos permite establecer con maior firmeza relacións causais.

Nos ensaios de intervención en comunidades o que valoramos é en qué medida a nosa intervención (léase Programa), induciu cambios no grupo intervido, para o cal debemos realizar dúas medidas, unha previa á intervención, medida que denominaremos *pretest*; e unha posterior á intervención, medida que denominaremos *postest*.

En principio, parecería suficiente con compara-lo *pre* e o *postest*; nembargantes, os cambios observados nos coñecementos e actitudes poden deberse a causas alleas á propia intervención. Esta posibilidade é mesmo maior nun tema como o do Galego, sempre presente na vida política-cultural do país, e sobre o que existen pronunciamentos constantes dos máis diversos organismos e colectivos. Por isto, faise necesario un grupo de referencia (*grupo control*) para compara-los cambios entre o *pre* e o *postest* entre un grupo no que intervimos e no grupo de control (grupo que non recibe intervención). Deste xeito, os cambios non debidos ó Programa produciranse nos dous grupos<sup>5</sup>.

Aínda coa existencia dun *pretest* complementado cunha análise estatística multivariante<sup>6</sup> pode diminuír a influencia que sobre os resultados teñan as diferencias entre o grupo de intervención e o de control, só se poderá elimina-la influencia de posibles factores coñecidos e polo tanto recollidos no cuestionario. Por isto, é conveniente realizar una distribución ó azar das unidades de estudio nos dous grupos (intervención e

<sup>4</sup> Os *ensaio clínicos* poden considerarse os estudos experimentais máis clásicos. O ensaio clínico máis sinxelo está formado por dous grupos. Os suxeitos do grupo *tratado* reciben o “tratamento” do cal desexamos valora-lo efecto, mentres que os suxeitos do grupo *control* non son tratados ou poden recibir un placebo. Para poder demostrar ou rexeita-la eficacia do tratamento e poder establecer unha relación causal hai que partir de grupos de suxeitos comparables e igualalos ó longo do tempo de xeito que a única diferenza entre eles sexa o tipo de tratamento aplicado.

<sup>5</sup> Pensemos por exemplo nun normalizador lingüístico que traballa nun concello rural próximo a unha cidade. E que no concello se asentan diversas urbanizacións de chalés pegados nos que viven persoas procedentes do mundo urbano. O normalizador decide deseñar un programa para tentar incrementa-lo uso do galego nestas áreas, onde é minoritario. Se quere poder avaliar en qué medida o seu programa resultou eficaz deberá: 1) Seleccionar como mínimo dúas urbanizacións; 2) Medir (*pretest*) ó mesmo tempo (día arriba día abaixo) a variable ou variables nas dúas urbanizacións; 3) Realiza-la intervención deseñada na *urbanización caso*; 4) Deixar transcorrer un tempo prudencial (non tería sentido medir de novo a variable ó día seguinte xa que está demasiado recente a intervención); 5) Medir (*postest*) de novo é ó mesmo tempo nas dúas urbanizacións a variable ou variables consideradas.

<sup>6</sup> A análise estatística multivariante é unha técnica que permite illa-la influencia de diversas *variables que denominaremos control*, e que de non seren tomadas en conta constituirían *variables confundidoras*. Pensemos por exemplo na idade: se na urbanización na que realizámo-la intervención a media de idade dos suxeitos é maior que a media de idade dos suxeitos na urbanización control, aínda que atopemos diferencias significativas entre as dúas urbanizacións non poderemos te-la seguridade de que estas se deben á intervención realizada, xa que a idade pode estar confundindo os resultados.

As técnicas de análises multivariante permiten *controlar* por distintas variables, de xeito que as medidas que obteñamos poidamos estar “seguros” de que non están afectadas por variables confundidoras.



control), para que estes sexan o máis comparables posible, mesmo por outros posibles factores descoñecidos que poidan influír no resultado<sup>7</sup>.

O deseño investigativo que responde a todos estes requirimentos é o denominado *deseño de medidas repetidas con grupo control*.

## DESEÑO DE MEDIDAS REPETIDAS CON GRUPO CONTROL

Un deseño de medidas repetidas con grupo control consta dos seguintes pasos:

- 1) Distribución ó azar dos conglomerados ó grupo caso e ó grupo control.
- 2) Medida previa (*pretest*) da variable ou variables a estudio no grupo caso e no grupo control.
- 3) Realización da intervención no grupo caso
- 4) Medida posterior (*posttest*) da variable ou variables no grupo caso e no grupo control.

Este deseño permitiranos evita-las principais ameazas que atentan contra a validez interna<sup>8</sup> do noso estudio, como son:

- a) O efecto da historia: Conxunto de acontecementos externos ocorridos entre a primeira e a segunda medición. Isto poderíanos levar ó establecemento de relacións causais espurias.
- b) A maduración dos suxeitos: Conxunto de procesos internos ocorridos nos suxeitos que cambian o seu modo de entender unha determinada realidade.
- c) A reactividade fronte á medición: Os suxeitos ó sentírense observados poden cambia-las súas pautas de comportamento.
- d) A non equiparabilidade entre grupo caso e o grupo control: Esta circunstancia introduce un importante nesgo ó non existir comparabilidade entre grupos.

Pero non debemos esquecer a importancia de poder xeneraliza-los resultados a outros ámbitos<sup>9</sup>. É isto o que se coñece como *validez externa*.

<sup>7</sup> Como sinalamos na nota 6 as técnicas de análise multivariante só nos permitirán controla-los nesgos producidos por variables coñecidas (por exemplo no caso dun programa de normalización do uso do galego, a idade, o sexo, o nivel de estudos, o nivel económico, etc.), variables que o investigador vulga relacionadas co uso da lingua e que polo tanto recolle nas súas medidas. Pero pode haber outras moitas variables tamén relacionadas co obxecto de estudio que o investigador non considera e estas, se se distribúen de distinto modo no grupo caso e no grupo control, poden establecer relacións espurias. Só a distribución ó azar dos suxeitos (léase urbanizacións) ó grupo caso e ó grupo control pode asegurarlle ó investigador a perfecta comparabilidade dos grupos.

<sup>8</sup> A validez interna refírese á validez dun resultado para os suxeitos dun estudio, é dicir, o grao en que é posible deducir que a manipulación experimental produciu a diferenza observada na resposta.

<sup>9</sup> Cando o normalizador lingüístico realiza este estudio nos chalés, á parte de tentar sacar conclusións en relación á efectividade desa intervención concreta, tamén pretende tirar conclusións en relación á eficacia da implantación de futuros programas en circunstancias análogas.

A interacción entre o *pretest* e a intervención no grupo caso é un importante nesgo á hora da xeneralización dos resultados. Prodúcese cando ó seren observados os suxeitos do grupo poden manifestarse máis atentos á intervención<sup>10</sup>.

Debemos ter en conta que, dalgún modo, validez externa e validez interna son conceptos contrarios, de xeito que cando o investigador tenta conseguir un incremento nunha delas, perde na outra. Por exemplo un excesivo control da situación experimental pode apartar tanto o obxecto investigado da realidade na que este sucede que a xeneralización dos resultados a outro contorno será practicamente imposible. Pola contra, cando o propósito do investigador é reflectir o máis fielmente o que sucede no ambiente natural, pode acabar traballando nun contorno onde sexa moi difícil o control experimental. Así o equilibrio entre ámbalas dúas valideces debe estar perfectamente definido segundo as necesidades do estudio<sup>11</sup>.

Debemos sinalar tres aspectos máis que se deben ter en conta á hora da correcta avaliación dun Programa mediante un *Deseño de medidas repetidas con grupo control*, como son: 1) A contaminación; 2) A interacción entre o avaliador e os suxeitos avaliados e 3) A consideración dos suxeitos que se negan a recibir a intervención. Os aspectos 1 e 2 atentan contra a validez interna do estudio, e o 3 diminúe a posibilidade de xeneralización dos resultados a outro contorno, atentando contra a validez externa.

Enténdese por contaminación a exposición non desexada por parte do grupo control ó Programa por proximidade ó grupo caso<sup>12</sup>. A existencia de contaminación tende sempre a oculta-las posibles relacións causais.

Existen diversas técnicas para evita-la contaminación (baseadas esencialmente en evitar que os suxeitos do grupo caso entren en contacto cos do grupo control), e se se sospeita que se puido producir debemos tentar avaliar en qué medida a través do *postest*.

En todo caso debemos ter presente que a contaminación sempre actúa en contra da eficacia do Programa; así, se atopamos diferencias significativas<sup>13</sup> entre casos e controis existindo contaminación, podemos estar seguros de que se non a houbera as diferencias entre os dous grupos serían mesmo maiores<sup>14</sup>.

<sup>10</sup> Seguindo co noso exemplo, na urbanización de chalés que reciben a intervención pode producirse unha interacción entre o *pretest* e a intervención de xeito que esta se manifeste máis eficaz do que realmente o sería de non sentirse os suxeitos observados.

<sup>11</sup> Un excesivo celo na avaliación do programa podería interaccionar de tal modo co grupo caso que dificilmente poderíamos afirmar que o PROGRAMA (por si só, sen a presenza da avaliación) produciría os efectos atopados.

<sup>12</sup> No exemplo dos chalés, se a urbanización caso está en contacto coa urbanización control pode producirse un transvasamento de “información” entre os dous conglomerados de suxeitos (por simples comentarios entre as persoas). Así a urbanización control (que non debería recibir de ningún modo a intervención) por contaminación queda, aínda que en menor medida, exposta.

<sup>13</sup> Grosso modo “diferencias significativas” en terminoloxía estatística refírese a que as diferencias encontradas sexan dunha magnitude tal que non poidan ser debidas ó simple azar. Diversas probas estatísticas permiten avaliar se as diferencias presentan significación estatística ou non.

<sup>14</sup> Por exemplo, no caso dos chalés, se hai contaminación podemos considerar que os suxeitos da urbanización control están “parcialmente expostos” á intervención, de xeito que non temos unha urbanización caso e unha

A interacción entre o avaliador e os suxeitos avaliados está amplamente descrito nos manuais de socioloxía e nos de elaboración de cuestionarios. Dalgún modo o entrevistado tende a contesta-lo que cre que o entrevistador espera que conteste<sup>15</sup>. É difícil evitar esta interacción, para o cal os avaliadores deben amosarse o máis asépticos posible.

En moitos casos pode resultar oportuno que o proceso avaliativo non o leven a cabo as mesmas persoas que realizaron a intervención senón que lles sexa encomendando a *avaliadores externos*. Isto é debido a que é moi difícil que persoas que dedicaron tempo e recursos nun proxecto sexan capaces de avalia-los seus resultados con obxectividade, e máis cando se trata dun tema como o que nos ocupa no que a medida das variables dependentes introduce sempre a subxectividade (Sierra, 1989).

Outro aspecto que debemos comentar é a consideración dos suxeitos que se negan a recibir-la intervención. Ocorrerá moitas veces na posta en práctica dun Programa que haxa suxeitos que pertencendo ó grupo caso se neguen a recibir-la intervención. A pregunta que xorde é, ¿como consideralos á hora da avaliación dos resultados? A resposta máis inmediata é pensar que deberíamos consideralos non expostos (xa que realmente non recibiron a intervención), así no grupo caso estarían tódolos expostos e no grupo control tódolos non expostos. Polo tanto o resultado da avaliación sería as diferencias entre os que recibiron a intervención e os que non a recibiron. Non obstante esta é unha medida moi teórica, xa que non considera a magnitude do grupo que se negou a recibir-lo Programa<sup>16</sup>. Se realmente o que nós queremos avaliar é a eficacia en *condicións reais* do Programa, debemos considerar a estes suxeitos, (ós que se negan a recibir-lo Programa), como expostos.

---

urbanización control “quimicamente puras”, senón que realmente a diferenza entre as dúas urbanizacións é só unha “exposición-parcial”. E con esta “exposición parcial” maniféstanse diferenzas significativas entre os dous grupos, diferenzas que se acrecentarían se realmente existise un grupo control puro.

<sup>15</sup> E máis se cadra nun tema como o do Galego, con opinións tan encontradas. Simplemente o feito de que a enquisa que pasemos estea en castelán ou en galego pode facer variar as contestacións dos suxeitos.

<sup>16</sup> Pensemos que se deseña un Programa para incrementa-lo uso do Galego entre os médicos. O Programa consiste en cursos de galego e diversas actividades de concienciación sobre a posibilidade de usalo como lingua de traballo. No Programa participan un total de 5 hospitais da provincia da Coruña, dos cales 2 son casos e 3 controis. En cada hospital selecciónanse ó chou un total de 50 facultativos. Pásase un *pretest* nos 5 hospitais ós 250 facultativos para avalia-lo seu uso do Galego como lingua de traballo. Posteriormente nos hospitais casos os médicos reciben a intervención, pero unha serie de facultativos deciden non asistir ós cursos. Por último a tódolos facultativos se lles pasa o *postest*.

Se consideramos a aqueles que se negaron a asistir ó Programa como non expostos estamos obtendo uns resultados espurios xa que, dalgún modo, o grupo dos asistentes eran uns “adeptos”, de xeito que non existe comparabilidade entre os grupos (a distribución ó azar dos suxeitos no grupo caso e no grupo control desaparece). Ademais os resultados son teóricos, xa que non sabemos en qué medida o é factible levar adiante o Programa (pensemos que a porcentaxe dos que se negan pode chegar a ser moi alta), ¿de que me vale que o Programa funcione moi ben nos que están dispostos a recibilo, se ó mellor son unha minoría?

- Doménech Massons, J. M.: “El modelo de investigación científica: Diseño de estudios”, unidade didáctica 4 en *Métodos estadísticos en Ciencias de la Salud*. Editorial Signo, Barcelona, 1995.
- Doménech Massons, J. M.: “Confusión e interacción”, unidade didáctica 8 en *Análisis multivariante: Modelos de regresión*. Editorial Signo, Barcelona, 1995.
- García Ferrando, M.; Ibañez, J.; Alvira, F.: *El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación*. Alianza Editorial, Madrid, 1994.
- Mayntz, R.; Holm, K.; Hübner, P.: *Introducción a los métodos de la sociología empírica*. Alianza Editorial, Madrid, 1993.
- Monteagudo, H.: *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Editorial Galaxia, Vigo, 1995.
- Portas, M.: *Lingua e sociedade na Galiza*. Editorial Galaxia, Vigo, 1994.
- Sierra Bravo, R.: *Técnicas de investigación social*. Editorial Paraninfo, Madrid, 1989.
- Souto, E.: *Sócio-didáctica lingüística*. Edicións Lailovento, Noia, 1994.

## USOS E ACTITUDES CON RESPECTO Á LINGUA NA FACULTADE DE CIENCIAS DA INFORMACIÓN

*Rocío Castro Tarrío*

Facultade de Ciencias da Información. Universidade de Santiago de Compostela

Nesta comunicación o que se pretende é mostra-los efectos sociolingüísticos nunha comunidade de individuos onde o galego funciona como “lingua de poder”, ou alome-nos así é percibido polos falantes. A Facultade de Ciencias da Información da USC é, posiblemente, o único lugar en todo o país onde isto acontece e de seguido imos ver cal é a reacción dos alumnos de Xornalismo ante este peculiar feito: cal é o uso, cales son as opinións e cales son as actitudes, tendo en conta o contexto que os rodea.

Esta definición parece que ten unhas certas connotacións dictatoriais que van implícitas no termo poder, pero eu quérome referir a que o galego é usado con total normalidade por parte do profesorado sen imposición de ningún tipo, un feito insólito ata o momento.

Esta normalidade converte a Xornalismo, paradoxicamente, en algo “anormal”. Aquí do que se trata ó de vel-os efectos desta política de normalización nuns alumnos cun grao de castelanización moi elevado. Imos ver como responden estes “coelliños de indias”, por chamarlle dalgún xeito, a estímulos positivos por unha vez favorables ó galego. Faremos un percorrido polo comportamento sociolingüístico dos futuros xornalistas para ver en que medida lles afecta –nos afecta– un ambiente social favorable ó uso e á opinión sobre o galego.

Os datos, tirados dunha enquisa realizada en novembro do 94 e no curso 95-96, poñen de manifesto a existencia dunha situación diglósica –por unha vez a favor do galego– debido á influencia exercida pola utilización maioritaria deste idioma por parte do profesorado.

Como diría Castelao, en Xornalismo o galego séntese no bandullo ou, mellor dito, algúns cren que se pode sentir nas notas.

Imos agora analiza-los resultados da enquisa e a proceder á súa interpretación. O cuestionario estaba composto de 27 preguntas que lle foron formuladas a 215 alumnos e alumnas da Facultade de CC. da Información. No que se refire ás porcentaxes obtidas, temos que dicir que se contabilizaron nunha táboa (vid. ANEXO) na que se reflectían os totais de cada resposta en función da lingua optativa que escollesen no primeiro curso: galego ou español. Entendemos como importante ter en conta esta variable, xa que ó tratarse dunha elección persoal o feito de elixir unha ou outra, indica de antemán unha actitude positiva cara a unha ou outra lingua.

### 1.1. Perfil social

Ademais, cómpre que antes teñamos en conta o seu “suposto” alto nivel cultural e o elevado número de alumnos provenientes do ensino privado e dunha clase social acomodada. Vexamos algúns datos ilustrativos do perfil social dos enquisados:

- 70% proveñen dun núcleo urbano (50% cidade e 20% vila)
- 13% rural (o resto de fóra do país)

Sexo:

- 76% mulleres, que escollen máis castelán cós homes, respondendo así a un canon de comportamento que di que estas tenden a elixir as opcións que máis éxito social teñen.
- 80% coñecemento moi alto do idioma.

### 1.2. Lingua materna e lingua habitual

Logo de sabermos como son, imos ver agora que idioma falan os futuros xornalistas. O 65% deles mamaron unha lingua estraña, mesmo para aqueles que lla ensinaron. Só un 19% tiveron como lingua materna o galego e un 10% ámbalas dúas.

Se comparamos estes datos cos da lingua habitual, poderemos comprobar que sobe a porcentaxe de falantes de galego, é dicir, que cambiaron a súa lingua nai, imaxinamos que por concienciación ideolóxica. Así, do 19% que mamaron o galego, fálano dun xeito cotiá un 7% máis, un 26%.

Estes datos poden causar risos se miramos cara atrás no tempo. Alí veremos que un 67% dos nosos avós e un 46% dos nosos pais falaban maioritariamente en galego, o que significa que se perderon un 20% de falantes en cada xeración.

Un dato importante é que un 14% destes estudantes utilizan o galego en exclusividade. Estamos a falar dun sector concienciado do problema lingüístico do país, que é o único que consegue supera-la situación diglósica gracias –posiblemente– á súa ideoloxización.

Neste sector de poboación a especial característica desta facultade actúa como reafirmadora de actitudes, aínda que por outra banda provoca a reacción doutros estudantes con ideas opostas.

Velaquí un exemplo: unha rapaza, de clase media-alta e hábitat urbano engadía unha pequena frase á resposta dunha das cuestións: “Prefiero estudar checo”. O que está claro é que a certos sectores incomódalles –por dicilo dunha forma suave– que o galego sexa algo máis que unha lingua de aldeáns.

### 1.3. Lingua na Facultade

Como dicíamos antes, o uso do galego na facultade vese beneficiado claramente polo ambiente favorable que existe en Xornalismo. Por exemplo, nas intervencións na clase o uso do galego sobe ata un 42%, combinan as dúas linguas o 31% e o castelán é utilizado por unha cuarta parte do alumnado, porcentaxes que non se corresponden en absoluto coa lingua habitual dos alumnos.

O mesmo acontece coa lingua dos traballos (42% en galego, 47% nas dúas e só un 13% en español) e a dos apuntamentos, con porcentaxes moi similares. Tamén baixa o uso do castelán á hora de falar cos compañeiros de clase.

Hai que salientar ademais que o 80% dos enquisados aseguran que o uso do galego na súa facultade é maior ca no seu instituto.

### 1.4. Opinións e actitudes con respecto ó idioma

Nas preguntas que facían referencia ás opinións e actitudes persoais con respecto á lingua maniféstanse claramente os posicionamentos ideolóxicos de cada quen. Por exemplo, esta afirmación: “O galego debe converterse na lingua única de Galicia”, foi percibida por boa parte dos enquisados como un suposto extremadamente radical. Aínda así, atopamos un 32% que se mostra a favor, un 31% en contra e un 37% que lle atopa partes positivas e negativas.

En canto á Universidade, un 44% dos futuros xornalistas cre que a docencia debería ser impartida en galego, un 42% que avoga por unha Universidade bilingüe e tan só un 8% en castelán. Cumpría que os profesores se posicionasen...

Percíbese aquí unha mellora da consideración social do galego, que se manifesta nestas primeiras xeracións escolarizadas no idioma do país, malia a que isto non conleve un aumento de falantes.

Así, un 82% cre que o galego é unha lingua de ciencia e cultura e o 75% pensa que é moi útil no mundo de hoxe. Só un sector moi minoritario –e reaccionario– declara abertamente que o galego nin é útil (7%) nin é unha lingua de ciencia e cultura (5%).

As razóns máis socorridas coas que os estudantes xustifican o non uso do galego son o feito de non se-la súa lingua habitual (que aducen un 48% dos enquisados) e o non sentírense motivados pola sociedade (13%).

### 1.5. Perspectivas de futuro e percepción do problema

O 53% dos estudantes de Xornalismo cren que o uso do galego tende a aumentar nos últimos anos e un 41% augúralle un bo futuro. Os que responden deste xeito tan optimista son fundamentalmente castelanfalantes, que perciben a realidade lingüística dun xeito parcial. Mentres, os falantes de galego móstranse máis realistas, quizabes porque

senten dentro de si o problema e saben que se están a converter en bichos raros en perigo de extinción.

Ó parecer, só o 15% dos enquisados é consciente do problema lingüístico que ten este país: o uso do galego diminúe, tal e como se pode constatar nas últimas estatísticas realizadas pola Real Academia Galega que a Xunta tanto quere ocultar.

### 1.6. Lingua na actividade profesional

Na derradeira cuestión preguntabámoslles ós futuros comunicadores que lingua utilizarían no seu traballo no suposto de que esta fose unha opción persoal e non imposta dende arriba. Como resposta obtivemos un 28% que desexaría realiza-lo seu traballo en galego –cifra que supera a porcentaxe dos que falan galego a cotío–, mentres que á maioría, un 55%, este tema resúltalle indiferente, é dicir, que seguirán os dictados do medio que os contrate (traballarán en español). E logo está un 14% que quere exercer-la súa profesión en castelán.

Pero isto tanto ten. Aquí unha que escribe atópase entre ese 28% e estivo todo o verá n traballando en español por imposición. De feito, o 93% dos profesionais do xornalismo escriben en español, aínda que o 68% di que estaría disposto a facelo en galego.

## 2. CONCLUSIÓNS

Despois desta análise, de seguro que calquera observación previa sobre a situación sociolingüística da Facultade de Xornalismo queda anquilosada. Poucos trazos hai que sexan definitivos para o uso dunha lingua ou doutra, e xorde un factor importante que define máis claramente as posturas: a ideoloxía, que fai que aumente a porcentaxe de falantes habituais con respecto á lingua materna. Isto vese favorecido no contexto desta facultade, onde se dá un proceso de reafirmación de actitudes.

Por outra banda, ante o feito de que aumente o uso nas intervencións da clase ou á hora de coller apuntamentos, hai que facer unha lectura positiva, pero á vez crítica: o galego pode converterse nunha lingua litúrxica, ritual e restrinxida a determinadas cerimonias coma esta, pero que logo se deixa a un lado.

Isto está a ocorrer non só na universidade senón tamén noutros eidos da sociedade galega, onde se instalou o discurso de que “hablar gallego en público queda muy pijo”.

O futuro do galego preséntase incerto e destes enquisados dependerá en boa medida o que ocorra con este milenario idioma. Polo momento, esta é a pequena contribución de Xornalismo a mantelo vivo. Estes foron os resultados dunha política lingüística que é só un exemplo do que se podería facer en todo o país para frea-lo proceso de substitución lingüística.

Pero sempre dende unha postura firme, dende o monolingüismo. Porque o bilingüismo harmónico que pregoan as altas esferas só conduce ó monolingüismo en castelán.



VV.AA., *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística, 1995.

VV.AA., *A información en galego*, Santiago, Edicións Lea, Col. Comunicación 17, 1996.

## ANEXO

### Cuestionario e resultados

NOTA: A primeira columna refírese ó grupo dos alumnos que elixiron galego en primeiro curso; a segunda ó grupo dos que elixiron español e a última fai referencia á porcentaxe sobre o total dos enquisados. Lembramos que dos 215 alumnos e alumnas, o 47% elixiu a primeira opción e o 53% preferiu español.

#### 1. Lugar de nacemento

|                       |    |    |     |
|-----------------------|----|----|-----|
| 1. Cidade (centro)    | 42 | 39 | 40% |
| 2. Cidade (periferia) | 8  | 11 | 10% |
| 3. Vila               | 21 | 20 | 20% |
| 4. Aldea              | 17 | 10 | 13% |
| 5. Fóra de Galicia    | 11 | 15 | 13% |
| NS/NC                 |    |    | 4%  |

#### 2. Sexo

|           |    |    |     |
|-----------|----|----|-----|
| 1. Muller | 69 | 79 | 74% |
| 2. Home   | 32 | 21 | 26% |

#### 3. Clase socioeconómica á que pertencen teus pais

|                |    |    |     |
|----------------|----|----|-----|
| 1. Alta        | 0  | 0  | 0%  |
| 2. Media alta  | 25 | 32 | 33% |
| 3. Media baixa | 60 | 59 | 60% |
| 4. Baixa       | 6  | 3  | 55% |
| NS/NC          |    |    | 2%  |

#### 4. Indica o teu grao de coñecemento do galego

|   |    |    |     |
|---|----|----|-----|
| 1. Podo entender, falar, ler e escribi-lo galego e posúo coñecementos da súa gramática e historia | 89 | 84 | 80% |
| 2. Podo entender, falar, ler e escribi-lo galego  | 8  | 15 | 12% |
| 3. Podo entende-lo galego falado, o escrito e podo falar en galego                                | 1  | 1  | <1% |
| 4. Podo entende-lo galego falado e podo falar en galego   | 0  | 0  | 0%  |
| 5. Podo entende-lo galego falado e o escrito  | 1  | 0  | <1% |
| 6. Podo entende-lo galego escrito   | 0  | 0  | 0%  |
| 7. Podo entende-lo galego falado  | 0  | 1  | <1% |
| 8. Ningún   | 0  | 1  | <1% |
| NS/NC   |    |    | 7%  |

**5. Lingua que falas habitualmente**

|                          |    |    |     |
|--------------------------|----|----|-----|
| 1. Só galego             | 25 | 4  | 14% |
| 2. Máis galego           | 19 | 5  | 12% |
| 3. Galego/Castelán (50%) | 13 | 10 | 11% |
| 4. Máis castelán         | 37 | 48 | 43% |
| 5. Só castelán           | 6  | 31 | 19% |
| NS/NC                    |    |    | 1%  |

**6. Teus pais falan habitualmente**

|                |    |    |     |
|----------------|----|----|-----|
| 1. Só galego   | 41 | 16 | 27% |
| 2. + galego    | 16 | 21 | 19% |
| 3. G/C         | 20 | 15 | 17% |
| 4. + castelán  | 11 | 23 | 17% |
| 5. Só castelán | 12 | 25 | 19% |
| NS/NC          |    |    | 1%  |

**7. Teus avós falan habitualmente**

|                |    |    |     |
|----------------|----|----|-----|
| 1. Só galego   | 70 | 32 | 49% |
| 2. + galego    | 8  | 21 | 15% |
| 3. G/C         | 12 | 18 | 16% |
| 4. + castelán  | 4  | 8  | 6%  |
| 5. Só castelán | 4  | 18 | 12% |
| NS/NC          |    |    | 2%  |

**8. Lingua materna (na que aprendiches a falar)**

|                      |    |    |     |
|----------------------|----|----|-----|
| 1. Galego            | 25 | 14 | 19% |
| 2. Castelán          | 62 | 68 | 65% |
| 3. Outras            | 1  | 2  | 1%  |
| 4. Galego e castelán | 13 | 8  | 10% |
| NS/NC                |    |    | 5%  |

**9. Cos teus amigos de sempre falas**

|                |    |    |     |
|----------------|----|----|-----|
| 1. Só galego   | 28 | 5  | 16% |
| 2. + galego    | 9  | 3  | 6%  |
| 3. G/C         | 19 | 19 | 19% |
| 4. + castelán  | 31 | 26 | 29% |
| 5. Só castelán | 13 | 44 | 30% |

**10. ¿E cos teus veciños da túa residencia habitual?**

|                |    |    |     |
|----------------|----|----|-----|
| 1. Só galego   | 37 | 11 | 23% |
| 2. + galego    | 11 | 7  | 9%  |
| 3. G/C         | 18 | 10 | 13% |
| 4. + castelán  | 15 | 21 | 18% |
| 5. Só castelán | 20 | 43 | 32% |
| NS/NC          |    |    | 5%  |

**11. Lingua das túas intervencións na clase**

|                |    |    |     |
|----------------|----|----|-----|
| 1. Só galego   | 41 | 5  | 22% |
| 2. + galego    | 28 | 13 | 20% |
| 3. G/C         | 17 | 43 | 31% |
| 4. + castelán  | 10 | 18 | 14% |
| 5. Só castelán | 2  | 18 | 11% |

**12. Lingua cos teus compañeiros da clase**

|                |    |    |     |
|----------------|----|----|-----|
| 1. Só galego   | 36 | 4  | 19% |
| 2. + galego    | 13 | 6  | 9%  |
| 3. G/C         | 33 | 20 | 26% |
| 4. + castelán  | 13 | 42 | 29% |
| 5. Só castelán | 6  | 27 | 17% |

**13. Lingua na que realiza-los traballos de curso**

|                    |    |    |     |
|--------------------|----|----|-----|
| 1. Galego          | 65 | 16 | 39% |
| 2. Castelán        | 4  | 20 | 13% |
| 3. Galego/Castelán | 32 | 60 | 47% |
| 4. Outras          | 0  | 0  | 0%  |
| 5. Castelán/outras | 0  | 3  | 1%  |

**14. Lingua na que toma-los apuntamentos**

|                                    |    |    |     |
|------------------------------------|----|----|-----|
| 1. Galego                          | 52 | 13 | 33% |
| 2. Castelán                        | 4  | 21 | 13% |
| 3. Galego/Castelán                 | 43 | 60 | 52% |
| 4. Galego e outras Galego/Castelán | 2  | 1  | 1%  |
| 5. Castelán e outras               | 0  | 2  | <1% |
| 6. Outras                          | 0  | 0  | 0%  |
| NS/NC                              |    |    | <1% |

**15. Porcentaxe aproximada de alumnos do teu centro que fala habitualmente en galego fóra da clase**

|                |    |    |     |
|----------------|----|----|-----|
| 1. 0%          | 0  | 0  | 0%  |
| 2. 1-20%       | 15 | 11 | 13% |
| 3. 21-40%      | 37 | 30 | 33% |
| 4. 41-60%      | 31 | 46 | 39% |
| 5. 61-80%      | 12 | 5  | 8%  |
| 6. Máis do 80% | 0  | 0  | 0%  |
| NS/NC          |    |    | <1% |

**16. Se un interlocutor che fala en galego, soes responderlle**

|                    |    |    |     |
|--------------------|----|----|-----|
| 1. En galego       | 87 | 55 | 70% |
| 2. En castelán     | 3  | 18 | 11% |
| 3. Galego-castelán | 11 | 24 | 18% |

**17. “O galego debe converterse en lingua única de Galicia”**

|  |    |    |     |
|--|----|----|-----|
| 1. Totalmente de acordo                      | 24 | 5  | 14% |
| 2. Bastante de acordo                        | 24 | 12 | 18% |
| 3. En parte de acordo, en parte en desacordo | 43 | 32 | 37% |
| 4. Bastante en desacordo                     | 8  | 19 | 14% |
| 5. Totalmente en desacordo                   | 8  | 25 | 17% |
| 6. NS/NC                                     |    |    | <1% |

**18. Utilidade que lle ves ó galego no mundo de hoxe**

|                  |    |    |     |
|------------------|----|----|-----|
| 1. Inútil        | 0  | 3  | <2% |
| 2. Pouco útil    | 4  | 8  | 6%  |
| 3. Algo útil     | 9  | 25 | 17% |
| 4. Bastante útil | 36 | 39 | 37% |
| 5. Moi útil      | 53 | 25 | 38% |

**19. “O galego é unha lingua de ciencia e cultura”**

|                            |    |    |     |
|----------------------------|----|----|-----|
| 1. Totalmente de acordo    | 75 | 54 | 64% |
| 2. Bastante de acordo      | 16 | 19 | 18% |
| 3. Medio e medio           | 6  | 16 | 11% |
| 4. Bastante en desacordo   | 1  | 5  | 3%  |
| 5. Totalmente en desacordo | 3  | 2  | <3% |
| NS/NC                      |    |    | 2%  |

**20. A docencia na Universidade debería impartirse**

|                            |    |    |     |
|----------------------------|----|----|-----|
| 1. Toda en galego          | 34 | 10 | 21% |
| 2. Máis en galego          | 29 | 18 | 23% |
| 3. En galego e en castelán | 26 | 57 | 42% |
| 4. Máis en castelán        | 1  | 6  | 4%  |
| 5. Toda en castelán        | 1  | 7  | 4%  |
| NS/NC                      |    |    | 6%  |

**21. Perspectivas de futuro para o galego como lingua de ciencia e cultura**

|              |    |    |     |
|--------------|----|----|-----|
| 1. Pésimas   | 2  | 4  | 3%  |
| 2. Malas     | 11 | 16 | 13% |
| 3. Regulares | 39 | 42 | 40% |
| 4. Boas      | 35 | 32 | 33% |
| 5. Óptimas   | 11 | 5  | 8%  |
| NS/NC        |    |    | 3%  |

**22. Actitude que observas nos teus compañeiros de centro cara ó galego como lingua de ciencia e cultura**

|  |    |    |     |
|--|----|----|-----|
| 1. Moi favorable                             | 20 | 14 | 17% |
| 2. Bastante favorable                        | 46 | 45 | 45% |
| 3. En parte favorable, en parte desfavorable | 29 | 34 | 32% |
| 4. Bastante desfavorable                     | 3  | 3  | 3%  |
| 5. Moi desfavorable                          | 1  | 2  | 1%  |
| NS/NC  |    |    | 2%  |

**23. Se non úsa-lo galego falado e escrito, débese fundamentalmente a**

|   |    |    |     |
|---|----|----|-----|
| 1. descoñecemento desta lingua  | 1  | 4  | 3%  |
| 2. Deficiente dominio deste idioma  | 5  | 7  | 6%  |
| 3. Non considerala lingua de cultura  | 0  | 0  | 0%  |
| 4. Penso que carece dun vocabulario axeitado para expresar tódalas circunstancias | 0  | 0  | 0%  |
| 5. Non se-lo habitual/non estar normalizado o uso                                 | 1  | 2  | 1%  |
| 6. Non sentirme motivado/a pola sociedade   | 8  | 14 | 13% |
| 7. Non se-la miña lingua habitual   | 33 | 62 | 48% |
| 8. Outras (específica)  | 10 | 3  | 7%  |
| NS/NC   |    |    | 22% |

**24. O uso do galego (principalmente o falado) en Galicia nos últimos anos tende a**

|                  |    |    |     |
|------------------|----|----|-----|
| 1. Aumentar      | 43 | 63 | 53% |
| 2. Estabilizarse | 26 | 29 | 27% |
| 3. Diminuír      | 28 | 4  | 15% |
| NS/NC            |    |    | 5%  |

**25. O uso do galego na facultade entre os alumnos comparado co uso no teu instituto é**

|          |    |    |     |
|----------|----|----|-----|
| 1. Maior | 77 | 82 | 80% |
| 2. Igual | 10 | 9  | 9%  |
| 3. Menor | 9  | 7  | 8%  |
| NS/NC    |    |    | 3%  |

**26. De chegares a ser xornalista, ¿que lingua utilizarías ó realizáre-lo teu traballo?**

|                    |    |    |     |
|--------------------|----|----|-----|
| 1. Galego          | 53 | 6  | 28% |
| 2. Castelán        | 3  | 25 | 14% |
| 3. Éme indiferente | 40 | 69 | 55% |
| 4. Outras linguas  | 1  | 0  | <1% |
| NS/NC              |    |    | 2%  |

Gracias a Carme Hermida e a Paula Bergantiños pola súa inestimable colaboración.



## A LINGUA NA PUBLICIDADE DOS XORNAIS GALEGOS

*Paula Cons Varela*  
*Edith Pazó Fernández*

Estudiantes da Facultade de Ciencias da Información. Universidade de Santiago de Compostela

A publicidade é o medio que utilizan individuos, empresas ou institucións para dar a coñecer unha mensaxe ó gran público. Un anuncio é, en consecuencia, un instrumento de influencia sobre a opinión dun conxunto de persoas que pode chegar a ser masivo e, polo tanto, un instrumento de poder. O seu efecto non é menor que o de calquera outra linguaxe de masas difundida a través dos distintos medios de comunicación. Actualmente nos xornais de Galicia o número de anuncios que aparecen redactados en galego é mínimo. Se a presenza fose maior, poderíamos falar dunha lingua que se fortalece como canle real para chegar á sociedade galega e que podería mesmo consolidarse como lingua de empresa.

Sabemos que case a totalidade da poboación galega entende o galego, a metade dela sabe lelo e tres cuartas partes parecen estar ben dispostas ante o uso desta lingua na publicidade. ¿A que se debe, entón, a desproporción entre estes datos e as baixísimas porcentaxes de anuncios en galego? ¿Que motivos frean ós empresarios no momento de empregar-lo galego nas súas campañas? ¿Quen decide a lingua dos anuncios: empresarios ou axencias de publicidade?

### 1. A PUBLICIDADE NOS XORNAIS: AVALIACIÓN DE TRES XORNAIS GALEGOS

Para a elaboración deste traballo quixemos restrinxi-lo ámbito da publicidade ós soportes escritos. Hoxe en día, un xornal mantéñeno economicamente os anuncios, que se canalizan pola venda de exemplares. As páxinas de publicidade engloban os gubernamentais, para referírmonos ós dos organismos oficiais; as necrolóxicas, que supoñen un ingreso fundamental dos xornais; os anuncios por palabras, os únicos nos que o anunciante é xeralmente un particular alleo ó círculo da publicidade empresarial; e os estritamente comerciais, nos que centrámolo noso traballo por seren os que mellor demos-

tran a potencia da lingua, xa que con eles se corre un risco de fracaso económico. Por outra banda, está o feito de que estes anuncios mostran a actitude da clase empresarial respecto á nosa lingua e á validez desta para as actividades comerciais. En cambio, de coller-mo-la xeneralidade dos anuncios, as cifras inflaríanse gracias ós institucionais, redactados case exclusivamente en galego.

Para poder valorar axeitadamente o uso da nosa lingua nos anuncios dos xornais de Galicia é preciso basearse nunha serie de datos obxectivos. Por iso, sobre tres xornais galegos, realizamos un cómputo da publicidade que incluían. Os datos son o resultado dun seguimento durante a semana do 20 ó 26 de febreiro de 1995, en *La Voz de Galicia* (edición de Santiago, xa que non percibimos diferencias significativas entre as edicións), *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, tres xornais que se atopan entre os de maior difusión de Galicia e que, ademais, nos serven para contrasta-la presenza do galego na publicidade segundo sexa a primeira lingua do xornal.

No que se refire a *La Voz de Galicia* as cifras falan por si mesmas: tan só o 2,4% dos anuncios comerciais son en galego (vid. gráfica 1). En *El Correo Gallego* as cifras son lixeiramente máis altas. Case 7 de cada 100 anuncios comerciais están en lingua galega (vid. gráfica 2). Entre estes podemos cita-la esperanzadora iniciativa de grandes e pequenas empresas como San Luis, especializada en tecnoloxía, Área Central, e outras como Instalacións Pérez, Seguridade A-1, Disco-bar Eu Que Sei, Academia Liceo e asociacións como Intermón. É interesante subliña-la falta de homoxeneidade na actuación dalgúns empresas, que aínda que se anuncian en galego en *El Correo Gallego*, fano en castelán en *La Voz de Galicia*.

En canto a *O Correo Galego* temos que ter presentes unha serie de particularidades deste xornal. Primeiro, cómpre sinalar que se trata dun xornal escrito exclusivamente en galego, o que demostra unha predisposición cara á nosa lingua. En segundo lugar, a modo de exemplo, podemos comentar que, mentres LA VOZ DE GALICIA o venres 24 de febreiro incluía nas súas páxinas 42 anuncios dos que 32 eran comerciais, *O Correo Galego* non superaba os 15, dos que case a metade eran institucionais. Así, se contabilizamos 10 anuncios, con que un só sexa en galego, a porcentaxe é moito máis alta que se xogamos con 40 anuncios. Esta puntualización fainos ollar dende outra perspectiva o 89,8% contabilizado nos comerciais redactados en galego.

Cabe cita-lo comportamento ambiguo dalgúns establecementos que, aínda redactando o texto en castelán, rematan cun slogan ou unha felicitación en galego (“les deseamos ¡Felices Festas do grelo!” - “Mesón A Roda. Carnaval, alegría y buena gastronomía. Lacón, chorizos, cachola, rabo, patacas e grelos, filloas, orellas, café de pucheiro e un tintorro ribeiro. Reservas hasta el próximo martes veintiocho de febrero” - “Restaurante Ruta Jacobea, cena baile Antroido 95”).

Hai outras que empregan o galego no nome da empresa e, sen embargo, o texto redáctano en castelán. Exemplos disto son a Urbanización Aldea Nova, Mesón A Roda, Urbanización Xardín de Nós, Novo Arte...



O uso do galego na publicidade non é un fenómeno novo. A aparición de anuncios en galego nos xornais xa vén parella ás primeiras publicacións periódicas na nosa lingua. En galego redactáronse os anuncios comerciais da revista ourensá *O tío Marcos da Portela*, nada no 1876 cunha tirada de mil exemplares –que foron catro mil un ano despois– e considerada, polo seu formato, periodicidade, contidos e espallamento, o primeiro xornal escrito integramente en galego.

Co primeiro número do semanario *A Monteiro* (publicado en Lugo o 5 de novembro do 1889) inclúese tamén unha sección de anuncios coas súas mensaxes en galego. Esta “sección” foi ampliando a diversidade de empresas que nela se anunciaban, ata incluír algunhas de orixe estranxeira como a firma Singer.

Entrado o novo século, o camiño andado non o desaproveitaron e a revista *Nós* reincorpora o galego á publicidade das súas páxinas, agora máis sofisticada, con deseños elaborados polos propios membros da revista.

As mensaxes comunican prestixio e resaltan a fineza do produto, como “Gran Hotel Miño. Ourense. O úneco da capital con calefacción central. Amplias habitacións...”; ou “Gran Café La Unión. O millor situado e de máis confort”; ou “Os Vinos Ribeiro Arnoya Fino siñifican o máisimun da delicadeza...”, publicados todos eles en *Nós* entre 1920 e 1922.

Ó se tratar de publicacións monolingües podemos establecer unha relación con semanarios como *A Nosa Terra*, nos que a publicidade tamén vai integramente en galego. De tódolos xeitos, cómpre dicir que tampouco é novidade a inclusión de anuncios comerciais en galego nas páxinas de xornais escritas en castelán: a súa presenza, aínda que moi reducida, xa vén dende o ano 1860.

### 3. HIPÓTESES PARA EXPLICA-LA DESPROPORCIÓN ENTRE O USO DO CASTELÁN E O GALEGO NA PUBLICIDADE DOS XORNAIS

Realizado o seguimento de tres dos xornais máis significativos do país, e comprobado que existen referentes na historia do uso do galego na publicidade, cómpre esclarece-las causas que expliquen esta situación de desequilibrio entre as dúas linguas. Por iso, formulamos unha serie de hipóteses, tendo en conta os distintos elementos que interveñen, é dicir, consumidores, publicistas, xornais e empresarios.

Como primeira hipótese, cuestionámonos:

#### 3.a. ¿A proporción de anuncios en galego nos xornais correspóndese coa xente que sabe ler en galego?

Segundo os datos obtidos na investigación da Real Academia Galega no estudio “Lingua Inicial e Competencia Lingüística en Galicia”, do ano 1994 (vid. gráfica 4), o

45,9% da poboación galega sabe ler na nosa lingua. Esta porcentaxe aumentaría moi considerablemente se tivesemos en conta tan só a sociedade alfabetizada, xa que a poboación analfabeta tampouco le os xornais.

Do traballo *Publicidade e Lingua galega* presentado a primeiros de 1996 polo Consello da Cultura Galega, obtense ademais que o 81,7% dos consumidores afirma poder ler sen ningunha dificultade un escaparate escrito en galego. Malia a escasa alfabetización en galego, que é un fenómeno recente, a proximidade entre o sistema lingüístico do galego e do castelán favorece a fácil lectura.

Polo tanto, é clara a falta de relación entre as cifras referentes ós xornais e os datos das citadas investigacións. Queda así descartada esta hipótese, polo menos, como a principal.

Segunda hipótese:

### **3.b. ¿Parécelle ó consumidor que o uso do galego na publicidade sería negativo para o produto?**

Cara ó consumidor vai dirixida calquera campaña publicitaria, xa que da súa decisión depende a aceptación ou non do produto. En función do consumidor elabórase a publicidade e polo tanto, tamén en función del, se elixe unha lingua ou outra para a mensaxe. Un estudio realizado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega na comarca ferrolá (editado na Coruña en 1990) indica que ó 62% da poboación parécelle ben que se use o galego na publicidade, ó 14% parécelle moi ben, o 19% móstrase indiferente e só ó 5% lle parece mal ou moi mal (vid. gráfica 5).

Concretamente, referido ós medios escritos, o Estudio do Consello da Cultura Galega, *Publicidade e lingua galega*, sinala que ó 23,6% parécelle moi ben o uso do galego na publicidade dos xornais galegos, ó 63% parécelle ben, ó 10,5% indiferente, e ó 2,9 mal ou moi mal.

Para amplia-las impresións que a sociedade ten sobre este tema, fixemos unha enquisa nas dúas cidades con maior índice de poboación do noso país: A Coruña e Vigo. Cun universo de 66 persoas entre 18 e 75 anos, os datos obtidos foron os seguintes: contestando á pregunta ¿COMO REACCIONARÍA ANTE A PUBLICIDADE EN GALEGO DUN PRODUCTO QUE VDE. MERCA HABITUALMENTE? (vid. gráfica 6) aproximadamente ó 42,4% serialle indiferente, ó 39,4% agradaríalle, ó 15,15% sorprenderíao e animaría a outros a mercalo e ó 1,5% empezaría a desgustarlle o produto.

En canto á pregunta de ¿QUE IMAXE TEN DUNHA EMPRESA QUE SE ANUNCIA EN GALEGO? (vid. gráfica 7) as contestacións propostas eran: a) unha empresa que non vai cos tempos; b) unha empresa que anda a facer experimentos publicitarios sen maior importancia; c) unha empresa con visión comercial. A primeira resposta só acadou o 3% do total dos enquisados; ningún dos de idade comprendida entre 18 e 35 anos escolleron esta resposta; a resposta b) foi elixida polo 15,1% da poboación total. Os que pensan que sería unha empresa con visión comercial, supoñen o 81,9% da poboación global.

Sen embargo, a comparación por cidades achega uns datos un tanto distintos cando nos referimos á cidade de Vigo, que chega ó 92,8%.

Velaí están os datos: entre 66 enquisados á porta de dúas importantes áreas comerciais só unha persoa se opón abertamente ó uso do galego na publicidade. O resto divídese entre a indiferencia e o agrado. Pero máis salientable é que máis do 80% dos enquisados xulga que as empresas que seguen este comportamento teñen visión comercial, isto é, o 80% da poboación pensa que o galego é rendible, ben por oportunismo, ben por que pensen que te-los pés no país axuda a impulsa-los seus produtos. Polo tanto, unha vez máis, o argumento de que o pobo non aceptaría a publicidade en galego queda descartado.

Descartada, logo, a incapacidade dos receptores para descifraren as mensaxes escritas en galego e descartado tamén que mostren unha predisposición negativa ante estas, dispoñémonos a analiza-la outra parte implicada, a dos emisores de publicidade. No proceso de elaboración dos anuncios destinados á prensa podemos distinguir tres actores participantes: os empresarios que os encargan, os publicistas que os deseñan e os responsables das empresas xornalísticas, que os canalizan a través da prensa. As opinións non sempre coinciden e, por veces, é difícil albiscar quen ten a última palabra.

Cuestionámonos así unha terceira posibilidade:

### **3.c. ¿Pensan os asesores de imaxe e publicistas que a publicidade en galego é rendible para as empresas?**

*“En moitos casos non é culpa dos empresarios e comerciantes senón das casas de publicidade e de técnicos de mercadotecnia, que confundindo os propios prexuízos con criterios profesionais, non repararon moi ben nos tempos que corren e non están a asesorar debidamente aos seus clientes.”* (Do artigo de Manolo Rivas “Lingua (tamén) empresaria do meu pobo” do libro *Toxos e Flores*, publicado en 1992)

Para termos unha aproximación ás opinións persoais que rexen neste ámbito realizamos unha serie de entrevistas breves de carácter telefónico coas seguintes empresas: os xornais *El Correo Gallego* e *Faro de Vigo*, e as axencias de publicidade Imaxe Pública, Plena Visión, Equipo, Imaxe S.L., Publicidade Luis Carballo, Idea e Yago’s Publicidad.

Evitamos atribuí-las declaracións a persoas ou axencias concretas, dado que no momento no que se realizaron estas entrevistas o seu destino era un traballo académico e non unha comunicación pública, polo que non contamos co permiso explícito das fontes.

O resultado que ofrecemos é unha visión de conxunto composta por unha serie de impresións espontáneas e persoais, que non responden a unha política corporativa elaborada.

Feitas estas aclaracións, expoñémo-los testemuños que achegan algunhas pistas sobre os razoamentos que xustifican as actuacións destes profesionais.

Existen unha chea de factores que provocan a situación desigual que estudiamos. Neste proceso, comezando pola dirección dos xornais, os xefes de publicidade das cabeceiras sitúanse á marxe do contido e da lingua da publicidade que aparece nas súas páxinas.

Como sinalaron os responsables de *Faro de Vigo* e *El Correo Gallego*, non exercen ningún tipo de presión sobre a empresa anunciante no emprego dunha lingua ou outra.

Fronte á actitude promotora da lingua que se atribúe *El Correo Gallego*, a postura que admiten te-los responsables da área de publicidade do xornal *Faro de Vigo* é a da indiferencia; afirman abertamente que non promoven a publicidade en galego; non é que non sexa a súa política, simplemente que non o promoven. A súa explicación á inexistencia de publicidade comercial en galego nas páxinas dos xornais é o rexeitamento do anunciante medio galego que, por costume, opta por facelo en castelán. O subdirector de *El Correo Gallego* engade a isto que os comerciantes, ó non existi-la práctica dos anuncios en galego, consideran que a mensaxe estaría a dirixirse a un ámbito máis reducido. Desde o *Faro de Vigo* adxudican tamén ó anunciante a responsabilidade lingüística dos anuncios.

Sen embargo é a axencia de publicidade quen frecuentemente elabora o texto e mailo deseño das mensaxes publicitarias. Ó formularmos no ámbito dos publicistas a mesma cuestión, algún admite que é a axencia quen ten nas súas mans a decisión sobre o uso dunha lingua ou outra: “son as propias axencias de publicidade as que rexeitan realiza-los anuncios en galego, e moito máis a nivel nacional”. Tamén sinalan que hai empresarios que non queren anunciarse en galego, se ben ás veces piden a opinión da axencia e é esta quen os asesora. Esta rectificación final é moi frecuente na exposición dos publicistas consultados: aínda que nun primeiro momento atribúen ós empresarios a decisión sobre a lingua do seu anuncio, tamén todos recoñecen a seguir que eles ofrecen recomendacións moi concretas.

Nas conversas introducen a necesidade de diferenciación segundo o ámbito ó que se destine a mensaxe. Comparten os entrevistados que a lingua galega é pouco axeitada para o ámbito urbano; outros matizan máis, diferenciando segundo o produto: “non é o mesmo un produto de alimentación galego, un viño do país, no que é máis apropiado emprega-lo galego, que para anunciar alta tecnoloxía semialemana, por exemplo.” Unha das axencias que se desmarcaba desta corrente e que afirmou que recomenda sempre o galego nas súas campañas, atribuíalle a continuación a esta lingua “un valor de asociación coa terra dos produtos dos que fan promoción”, ligando tamén a idea de lingua e produto autóctono.

Outro factor de decisión destacado é o medio elixido. Unha das axencias móstrase contundente no caso de que fose *O Correo Galego*, no que non dubidan no emprego do galego. Algunha xustifica que a restricción do uso desta lingua vén dado pola súa complexidade escrita: “el castellano es un lenguaje más fácil de escuchar, más inteligible.” Outro publicista advirte que o galego se está introducindo pouco a pouco, pero que se ten que empregar con prudencia porque, se non, produciría un choque para a poboación.

En xeral, se un empresario dubida non se lle recomenda o uso da lingua galega. Atopamos manifestacións coma esta: “A mí me piden un anuncio y a mí no se me ocurre decirle: ¿quiere usted que vaya en gallego?”.

Ningunha das afirmacións que fan se basea en estudos concretos. A súa guía é a súa “propia sensibilidade”. De tódolos entrevistados só un coñecía o estudio do Consello da Cultura Galega *Publicidade e lingua galega*, xa citado na primeira parte desta exposición. Os resultados destas investigacións, aínda escasas, poderían variar a actitude dos publicistas. Sen embargo, como puidemos comprobar, non sempre son ben acollidos. Sen ter coñecemento deste estudio, algún pon en dúbida a formulación destas investigacións, que non lle parece correcta por mostrar opinións e non actitudes: “aínda que tódolos enquisados parecen estar a favor do galego, isto despois non se traduce en actos de consumo”.

Cando se lles pregunta sobre a actitude dos empresarios, a opinión xeral dos publicistas é que estes prefiren o castelán. Unha das axencias desmárcase de novo e afirma, sen embargo, que as subvencións da Xunta animan a moitos empresarios a se decantaren por publicitar en galego. Outros aseguran que nunca ningún empresario lles fixo unha petición deste tipo.

Ó falar da opinión que pensan que teñen os consumidores con respecto ó uso do galego nas mensaxes publicitarias, algúns non se queren manifestar abertamente, a pesar de que o seu traballo depende fundamentalmente das reaccións do público ó que dirixen as súas mensaxes. Aparecen afirmacións como a dalgún publicista que di que el non pode opinar sobre a xente. Dunha das axencias recollémo-la declaración de que “non hai unha opinión universal, depende do produto, non é coma o caso catalán.”

Tamén chama a atención que outros profesionais, aínda que non recomentan o galego, cualifican de positiva a recepción por parte do público dos anuncios nesta lingua. Atopamos afirmacións como “La gente lo recibiría con agrado”, na que coinciden moitos dos entrevistados. Neste sentido, o subdirector dun dos xornais consultados opina: “penso que non existen prexuízos a priori, que a xente nin se dá conta da lingua que está a ler en cada momento; a xente é tan bilingüe que non o percibe”. A opinión illada doutro dos publicistas (o mesmo que se desmarcara anteriormente) é a seguinte: “No hay ninguna reacción negativa, de freno. Realmente, la gente se siente orgullosa de tener un país propio y que se comunica en su propia lengua. Una campaña en castellano sería una evasión”.

Coinciden en sinalalo 17 de maio como a data obrigada no emprego do galego. Un dos publicistas comenta así a excepción: “Nuestros anuncios van siempre en castellano, excepto el Día de las Letras Gallegas o algún especial”. O subdirector dun dos xornais explica, en cambio: “Nós o 17 de maio vimos publicando integramente en galego e a nosa experiencia cos anunciantes ós que lles propuñamos face-los anuncios gratuitamente en galego é que non querían.”

O responsable de publicidade doutro xornal resume a situación como “un proceso estacionario”: “Dende hai dez anos ata agora a presenza de anuncios en galego foi simbólica, mínima. Entón non podemos dicir que aumente ou diminúa, simplemente porque non hai anuncios en galego.”

“Se os empresarios galegos non poñen o seu corazón e a súa cabeza en Galicia, ¿que empresarios o van facer?”

Fronte á actitude dos publicistas, xornais e moitos empresarios, existen unha serie de empresas que escollen como lingua de comunicación o galego. Así demostran un compromiso coa historia e coa cultura do seu país e, ó mesmo tempo, estreitan a relación cos destinatarios da súa actividade. É paradoxal que, moitos dos que levan a cabo esta iniciativa sequera son galegos, mentres que a maioría dos establecementos comerciais e das empresas propiedade das xentes de Galicia teñen a menos facer tal cousa.

Un dos pioneiros no compromiso da empresa co país foi Sargadelos, que ten á fronte a Isaac Díaz Pardo, quen non dubida de que a nosa fala ten que estar presente en todo o noso, tamén no comercio. Cre que esa iniciativa nunca lles supuxo ningún atranco, senón máis ben que deu rigor a todo o que fixeron.

Tamén, as Adegas das Eiras, nas mans de Xosé María Fonseca Moretón, insiste no sólido asentamento nas orixes; as súas decisións, neste caso, non son estudadas nin avaliadas, son a conclusión natural da nosa identidade.

Xabier Suárez-Vence, de Galimerca S.A., que levou a iniciativa de galeguización de Área Central, dixo que o feito de facer uso do galego non debería ser noticia. Aspiran, polo tanto, á normalidade.

Manuel Rodríguez (de Rodman-Poliships) ten interese en comentar que “a lexislación autonómica é suficiente para que a incorporación da lingua galega ós usos mercantís e empresariais se poida facer sen outra limitación que aquela que se derive da propia vontade do empresariado.” Isto corrobora a idea de que tanto a lexislación actual como as iniciativas que as institucións levan a cabo, en cumprimento das súas obrigas da normalización do galego, favorecen á introducción da lingua galega no mundo empresarial.

De Galiven e Construccións Otero Pombo, o seu director Xosé Otero Pombo declara que “o uso da lingua galega proporciónanos unha maior comunicación, non só co noso medio e as nosas xentes senón tamén con outros pobos, axudándonos ademais a crea-la nosa propia cultura empresarial”.

Seguros La Fé, Supermercados Vego, a Escola de Formación tecnolóxica PC Carrier, son outras empresas significativas deste país que empregan normalmente o galego co seu público. Pero ademais, hoxe son moitas as empresas pequenas de diversos sectores que se unen a esta iniciativa coa intención de achegárense máis ós seus clientes.

En relación co uso do galego nas relacións comerciais e mercantís, as Segundas Xornadas *Vender en Galicia, vender en galego* de novembro do 94, concluíron cunha serie de puntos que constatan o ata agora exposto:

21. Non existe ningún tipo de impedimento obxectivo para a incorporación efectiva do uso do galego nas relacións comerciais e mercantís. Os avances dos datos do Mapa Sociolingüístico e a propia experiencia empírica daquelas empresas que están utili-

zando o galego nas súas actividades, constitúen a proba máis contundente para avalar esta afirmación.

22. As experiencias prácticas das empresas que xa están utilizando normalmente o galego amosan que o emprego da nosa lingua, lonxe de representar ningún tipo de atranco, constitúe un referente de prestixio, un valor engadido a incorporar ó esforzo permanente por sermos cada día máis modernos, máis competitivos e por ofrecer un produto/servicio de calidade.

En todas estas iniciativas realizadas polas empresas hai que destaca-lo traballo de promoción desenvolvido pola Asociación de Funcionarios para a Normalización da Lingua que preside Xosé González (Pepe de Redondela). El analiza a situación da lingua con respecto á publicidade subliñando os puntos chave para entendela: por exemplo, di que os cadros medios de dirección empresarial foron formados e educados nun sistema universitario desgaleguizador e cunha gran dose de auto-odio que se pode observar nas conductas que estes universitarios teñen cando ostentan un posto de dirección. Tamén di que, loxicamente, as empresas non van cambiar de comportamento da noite para a mañá. E aquí teñen moito que dici-los profesionais: hoxe as empresas non teñen a mesma estrutura autoritaria paternalista do empresario único, agora son sociedades. Ó seu ver, as axencias de publicidade, os técnicos de mercadotecnia son, en gran medida os inspiradores ideolóxicos dos prexuízos existentes. Fronte a isto, destaca un estudio da Axencia Dym de 1989 que ofreceu os seguintes datos: o uso das linguas como o catalán, o galego e o vasco fóra das súas respectivas fronteiras provoca reaccións negativas por parte dos consumidores nunha cifra tan discreta que non supera en ningunha das rexións o 14%. Xosé González tamén reconece que a sociedade civil galega, tan desartellada, non se ten pronunciado axeitadamente. Isto está motivando que os políticos, fiel reflexo da sociedade, non se fíxesen eco dos chamamentos e propostas que a Asociación de funcionarios para a Normalización Lingüística lles fixo para modifica-la vixente Lei do Estatuto Galego do Consumidor. Pretendíase incluír no seu novo articulado, os dereitos lingüísticos dos consumidores, algo que xa existe en Cataluña.

## CONCLUSIÓNS

Estes puntos son, en boa maneira, un adianto das nosas conclusións. A rutina histórica é un dos motivos que provocan a desproporción que existe hoxe; a pesar de contarmos con exemplos moitas décadas atrás que mostran o status elevado que tiña a nosa lingua, o feito é a vivencia de tantos anos de forte opresión lingüística, fai que o proceso de recuperación en certos ámbitos sexa lento.

Hoxe en día, gran parte da responsabilidade, polo visto ata agora, recae sobre as axencias de publicidade, que asesoran de cotío en detrimento da nosa lingua. Se sabemos polo testemuño de empresarios que xa levan camiño andado no uso do galego que

esta é unha lingua rendible (como é rendible calquera lingua usada no seu territorio), parécenos obvio que os motivos argumentados polos publicistas non son máis que o froito da preguiza de informarse, de coñece-la realidade social á que se dirixen; e é ese descoñecemento o que provoca prexuízos culturais que camuflan baixo criterios profesionais. A mesma sociedade é a que desmonta os argumentos deles, ó se manifestar plenamente a favor do uso do galego neste ámbito, aínda que, iso si, dun xeito totalmente pasivo. Nisto, os empresarios tamén teñen a súa responsabilidade, ó non se decataren da procedencia da empresa que teñen nas mans, dos seus recursos humanos e tamén dos seus produtos.


O galego é hoxe unha lingua de prestixio, útil e válida para o anuncio de calquera tipo de produto ou servizo, tal como o demostran as empresas de distintos sectores que se anuncian en galego. Do reclamo dos consumidores, da decisión dos publicistas, dos canalizadores e dos empresarios depende a posibilidade de que mañá poidamos ler nos xornais de Galicia os anuncios en galego.

## BIBLIOGRAFÍA

- Asociación de funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, *A Empresa en Galego*, Santiago de Compostela, 1994.
- Conclusións das Xornadas *Vender en Galicia, Vender en galego*, Ed. Centro de estudos Lingua e Empresa, 1994.
- Goyanes Vilar, H. e outros, *A información en galego*, Edicións Lea, col. Comunicación, Santiago de Compostela, 1996.
- Hermida, C., “A campaña publicitaria *En galego, o que ti queiras*”, en C. Rodríguez Fer (ed.) *Comentario de textos populares e de masas*, Ed. Xerais, Vigo, 1993, pp. 241-265.
- Matalobos Cerceda, M., *Lingua e Publicidade*, Cadernos para o Ensino, nº13, Santiago de Compostela, 1994.
- A Monteiro*, nº 1 e nº 8, Lugo, 5 de outubro e 23 de novembro de 1889.
- Nós*, nº1, Ourense, 30 de outubro de 1920.
- Ramallo, F. e Rei Doval, G., *Publicidade e Lingua galega*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1995.
- Real Academia Galega, *Lingua Inicial e competencia lingüística en Galicia*, Ed. Real Academia Galega, A Coruña, 1994.
- Rivas, M., *Toxos e flores*, Ed. Xerais, Vigo, 1992.
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, *Estudio Sociolingüístico da Comarca ferrolá. Fase previa ó Mapa Sociolingüístico de Galicia*, Ed. Real Academia Galega, A Coruña, 1993.
- O tío Marcos da Portela*, parrafeo 18, 5 de novembro de 1876.




**Gráfica 1**




*La Voz de Galicia*

**Gráfica 2**




*El Correo Gallego*

**Gráfica 3**




*O Correo Galego*

Gráfica 4

*Dominio efectivo das catro destrezas en Galicia*

FONTE: *Lingua inicial e Competencia Lingüística*,  
Real Academia Galega (1994)


Gráfica 5

*¿Que lle parece que se use o galego na publicidade?*

Datos tomados do *Estudio Sociolingüístico da Comarca ferrolá*  
Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1993)

Gráfica 6

¿Como reaccionaría ante a publicidade en galego dun produto que vde. merca habitualmente?



a: Indiferente


b: Agradáriame

c: Sorprenderíame e animaría a outros a mercalo

d: Empezaría a desgustarme

Gráfica 7

¿Que imaxe ten dunha empresa que se anuncia en galego?



a: Unha empresa que non vai cos tempos

b: Unha empresa que anda a facer experimentos publicitarios

c: Unha empresa con visión comercial

regárame encámbeo—de dezasete réas—que lle dei todo en cascaxo;—viño qué revive os mortos—que volve os enfermos sanos;—e pegueille un estiron—que a probe quedou trembande,—pero acabado o negocio—volveu a parar o carro.—e eu pra min a decir—¿onde irá parar o Mauro!—Gracias a Dios sean da las—bén pronto o desentrollaron—sin que novelade oubese—nin motivo de coidado,—segun a decir volveron—os que rixen o cotarro.—Volveu o frucultruco—¿'o son do rocotraco,—temendo que n'a terceira—me fose a lebar o diablo,—antes de pegarme o sono—quixen rezar o Rosairo—e cómencei como moitos—que cal eu estan tronados—a contar aves-marias—por dedos curtos e largos.—O ter a primeira dez—sin pedir premio 'o Mauro.—alá vai trato e suvela—d' unhos penedos en vaixo.—Ei qui foi donde me vin—entre a cerea e o escaño;—eiqui foi dond' a ciruda...—mais non quero falar...ca o—eiqui ¡vállame S. Xorxe!—rabióume o fol, Tio Marcos.—Dín croques e lombairadas—pernas arriba e abaixo,—en fin que cando salin.—o cal teño por milagro,—vinme fe' o un pirifol—todo cheo de búratos,—a cabeza como un bombo,—d' un cadril descadrilado—do cal elle oxeo dia—qu' aínda non estou sano.—Lábáronme en paviola—a casa d' un ciruxano—que chaman o pica tres,—é eu digo pica catro.—Curóume mal como pudo—a estilo de cabelo,—(digo votoume un remendo—porque o demais vai lle largo)—éncheume o corpo de sal—e d' un demo d' un vinagro—que si o eoiro conservo—é porque o teño de sapo.—Tomei, si, bó chicolate—tamen vido de regalo—po-lo mesmo e d' igual modo—que me deron o tostado.—chicotate que a verdade—fai lamber os gara-

batos—como lambia a criada—que tiña o meu ciruxano,—a cal sabia decir,—non unha vez si non catro,—«Si paio é diste me dan—xuro que teño vo parto.»—Comin polos e perdices,—gracias tamen os meus cartos,—e non vin o espital—so porque... eiqui me calo—que diste si a vivir chego—penso ocuparme mais largo.—Cerro eiqui a miña carta—deixando pra outro Marcos—contar o mais que pasei—no meu viaxe endiabrado—Marcos no cal lle prometo—zurrar a pabana a catro—que viven, beben e trunfan—a conta de moitos parbos.

### Mauro d' o Perciro.

Vaya por hoxe abondou, dempois d' escoitar o parrafeo d' o Tio Mauro, chégalle a calquera d' abondo. Pr' o domingo que ven, contareivos canto me pasou camiñandó en grobo pol-as nuves. Namentres precureado de cuidarvos o mellor que podeades, e saudíña.

«Ningunha Máquina SINGER e lexítima si non leva esta marca d' a frábica, fixada ó brazo d' a mesma.»



«Pr' evitar falsificacións, t' n' use ven en conta as mostrás d' esta frábica que son nra máis sin menos com' esta copia.»

### MÁQUINAS PIA COSER PRA ENDUSTRIALES E FAMILIAS

VENTA A PRAZOS A CATORCE RÉAS POR SEMANA.

Sin aumento ni'gun n'os precios, dez por cento de rebaixa 'o contado.

Esixase pol-o mercador a lexitimidad da máquina d' a

**COMPANA FRABIL SINGER,**  
pra non ser enganados de falsificacións.

Fios de liño e de algodón, trozules, aceites, agullas, pezas de retroco pra toda clase de traballos.

**CASA-DIRECCION DE GALICIA Y-ASTURIAS N'A CRUÑA, REAL, 16.**

Pídanse catálogos ilustrados co-a lista de precios e condicións de venta a prazos en Ourense, rua d' as tendas, número 2.

Imp. d' s' «PROPAGANDA GALLEGA.»


# SEUÇION D' ANUNCIOS

MANOEL RODRIGUEZ LAPELA,

DE PORTOMARIN  
ZURUXANO DENTISTA

San Roque, núm. 36

LUGO



Compremetes á cural-os males d'a boca.  
Saz' os dentes, moas, raíces e garnelas, por malas que sexan de quitar, adormecem' o sito ou a presoa, a' así se quer, pra evital-o doer.

Fai e pon deud' un soilo dente hastra dentamias compretas, de total-as maneiras que se pida, e tan ben que non se defrenzan d'os naturais. Tamén arreg' as furadas e podres, detendo a caries; corta os largos, pon dreitos os tortos e fai estar quedos os que s'avalan.

D' os meus traballos soilo hei' d'icir que levo once anos en Lugo, sin que ningunha queixa se me dera hastra d' agora.

O qu' eu saza d'o país, penso que non é bastante pra recpar vir á xunto de min, namentras outras razóns non-o impidan.

D' os d'a provincia fagolles unha rebaixa d'un dez por cen, y-os probes quitoll' as moas e facilitolles remedios de balde.

36, San Roque, 36.—Lugo

SALÓN DE BARBERÍA

DE

VICENTE ARMAS

Teño por dipindientes

N-este salón,

Maestros moi sabidos

Que con primor

'Os parroquianos

Han deixar satisfeitos

Por poucos cartos.

'Os que non poidan ou non queiran  
vir ó salón, serán servidos n-a propea  
casa.

Admitense abonos

Calle d'a Reina, número 10

— Frent' o Café Español —

COMERZO

DE

ANTONIO MENDEZ

Praza Maor, número 10.—Soportás

N-este acreditado estabrecemento ha-  
chará o públuco un compretu sortido de  
ferreteria, quincalla e outros ouxetos de  
toda novedá. Ferraxes pra casas, cravos  
de ferro d'o país, vidros, pinturas e bar-  
niceas.

Ferramentas ingresas, serras d' aire,  
baterias pra cucuña, lámparas e quin-  
qués de todas crás, máqenas pra coser,  
maletas e carteiras de viaxe, paraugas,  
bastós, xoguetes vareados, ouxetos de  
fantasia, listós dourados y-outros moitos  
articulos que non se detallan e ten  
en abundancia.

Tamén hai n-o mesme estabrecemen-  
toun grande depósito de chicolates d'  
Astorga, feitos á brazo; puntas de Pa ris,  
papel e sobres de todas crás e libriños  
de papel Duc e d'o Rilós.

Praza Maor, núm. 10.—Soportás.

BARBERÍA

DE

EDUARDO CASTRO

Calle d'a Reina núm. 20.

Afeita e cort'o pelo con toda perfeu-  
ción, a prezos moi arregrados.

Admite abonos e pas' as casas d'os que  
queiran utilizal-os seus servizos.

Non confundirse.

Calle d'a Reina, núm. 20.

XÉNEROS D'O REINO Y-EXTRNEXBIROS

LAUREANO TATO

9, Praza Maor 9 (Soportás)

LUGO

Grande sortido en panos, paque-  
teria, quincalla e xéneros catalas.  
Grobos e faroles venecianos pra  
luminaciós.

HULES EMPERMEABRES

pra's camas d'os enfermos e verces  
d'os nenos, com'os qu'usann-o Hes-  
pital d'a Princesa y-en todol-os d'  
España.

Zapatillas d'orelos e d'alfromba  
pra home, muller e nenos.

Praza Maor 9, (Soportás.)

"LA CONFIANZA"

LIBORIO REBILLA.

Armañá, núm. 7

Grán depóseto de puntas de París  
é pinturas; ferraxes pra casas en  
costrución e pra carros; ferramen-  
tas de todas crás, cociñas acónomé-  
cas, potes, potas, caldeiras de ferro,  
camas ingresas e d'o país, quin-  
qués e lámparas de todas feitu-  
ras, velas d'espelma e cantos ou-  
xetos en quincallería e vidro poidan  
desexarse, atoparán n-este estabre-


cemento os que se dinen facerill'  
unha visita.

Tamén hai un gran sortido de  
papel pra cartas, á prezos de frába-  
ca; sobres, tinteiros, mangos, pru-  
mas de total-as crás; brochas, xo-  
guetes pra nenos, baules e  
cen mais cousas que lembrar  
non é tan fácil, señores;  
dinense por él pasar  
e verán mil pormenores.

MÁQUINAS PRA COSER

D'A

"COMPANÍA FABRIL SINGER,,"



Fixarse ben pra non ser enganados.

Notabres rebaixas n-os prezos

Grandes descontos ó contado.

COIDADADO co-as falsificaciós e  
imitaciós alemás.

Pidas' o catálogo, que se dá de  
valde.

9 Reina, 9.-LUGO

NÓS

**XASTRERÍA E CAMISERÍA** ♦ José María Rodríguez  
Fanse camisas e traxes elegantes, cómodos e duradeiros.  
**Pereira, 2** **Ourense**

**NUEVO BAZAR** ♦ *Ramón Puga & H.<sup>nos</sup>*  
Muebles, Louza, Cristal, Perfumería, Mercería, Útiles de viaxe, Electricidá e pra regalos  
**Tendas 9 e 11** **OURENSE**

## “GRAN HOTEL ROMA,,

MONTADO CON TODO CONFORT E HIXENE MODERNOS :-; COCIÑA VARIADA E SANA

**PENSIÓN COMPRETA DE 10 A 50 PESETAS**

SITUADA NO MAIS CÉNTRICO DA CAPITAL

Progreso, 71

OURENSE

Teléfono, 78

**AUTOMÓVILES OURENSE - VERÍN** ♦ Puga Mangana H.<sup>nos</sup>  
**SERVICIO DIARIO E RÁPIDO CON COCHES CÓMODOS DE MARCA ACREDITADA**  
ADEMINISTRACIÓN: PROGRESO, 61.-- OURENSE **TELÉFONO 113**

**“LE NORD,,** ♦ **SEGUROS CONTRA INCENDIOS**  
Subdireitor en Ourense **Salvador Caneiro CALLE DO INSTITUTO**

PRA SE FACER RICO UN HOME DE NEGOCIOS

SERIALLE TAN CONVENENTE

**ANUNCIARSE N-O BOLETÍN “NÓS,,**

**COMA TER BOA SORTE**

## COMPETENCIA LÉXICA GALEGO-CASTELÁN EN ALUMNOS GALEGOS

*Santiago Esteban Radío*

Escola Universitaria Formación Profesorado Ourense. Universidade de Vigo

O obxectivo deste traballo é medir os niveis de adquisición do léxico, de comprensión ou recoñecemento, en alumnos de 8º de EXB.

Tendo en conta que na Comunidade Galega se usan dúas linguas: o castelán por ser a lingua oficial do Estado e o galego por ser a lingua propia de Galicia. Con moita diferenza de trato, o castelán foi sempre a lingua do sistema educativo do Estado Español e nel tódolos alumnos eran tratados da mesma maneira, de forma que o ensino do español, mellor ou peor desenrolado segundo a capacidade e o saber de cada profesor, realizábase de xeito semellante en Galicia e nunha vila de Burgos ou de Soria (Rojo, 1993) e segue a ter un trato privilexiado porque ten máis horas e máis materias no sistema educativo galego.

Polo contrario a lingua galega entrou no sistema educativo gracias á cooficialidade do galego, permitida pola Constitución Española (1978). Establecida polo Estatuto de Autonomía de Galicia (1980). Lexislada pola Lei de Normalización Lingüística do Galego (1983) e aplicada ó ensino polo Decreto que incorpora a Lingua Galega ó Ensino en Galicia (o galego como materia), (1978); o Decreto 135/1983 que desenvolve para o ensino a Lei de Normalización Lingüística; Orde que desenvolve o Decreto de 1983 (1987); outra Orde que desenvolve o Decreto de 1983 (1988), e Decreto polo que se desenvolve a Lei de Normalización Lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios (1995) e que, como é ben sabido, non se cumpriron.

O motivo deste estudo veunos dado porque estando xa a máis de dez anos da promulgación da Lei de Normalización Lingüística e da súa aplicación, queríamos comprobar cientificamente a súa incidencia na aprendizaxe das linguas galega e española. Hai moitas opinións a favor e en contra das Leis de Normalización Lingüística do galego, éuscaro e catalán, pero poucos estudos sobre a súa incidencia na aprendizaxe escolar e so-

bre a aprendizaxe do español. En xeral, as opinións vertidas polos defensores do castelán coa situación que tiña antes da Constitución, son prexuízos ou conceptos ideolóxicos.

Quixemos medir, na medida do posible, a aprendizaxe do galego e do español no sistema escolar da provincia de Ourense e para realizar este traballo o primeiro que tivemos que facer foi pensar que mediamos e como o mediamos. Postos ó traballo atopamos unha obra, a de Casanova Rodríguez e Rivera González (1989), na que se tiña realizado a medición da adquisición do vocabulario básico do castelán en todo o Estado Español.

Dada a importancia que reviste para todo falante dunha lingua, o posuír unha ampla bagaxe de vocabulario que lle permita comprender e expresarse de maneira satisfactoria. No caso de Galicia o falante de dúas linguas. A competencia idiomática desenvólvese ó longo de toda a vida, pero ninguén ignora que a etapa escolar é a mellor para fundamentar as bases desa competencia, sen esquecer que a escolaridade obrigatoria constituirá, para algunhas persoas, a principal vía de acceso a unha aprendizaxe.

En Galicia a aprendizaxe da lingua galega fíxose durante mais de cinco séculos ó traveso da transmisión familiar e social, sen entrar na escola ata hai moi pouco, como consecuencia, o uso do galego foi sempre fundamentalmente oral. Este proceso de galeguización realizado espontaneamente, sen planificar, pola forza da propia sociedade, parece que nos últimos anos se está invertendo converténdose “nun proceso de desgaleguización que en aparencia leva camiño de incrementarse. É dicir, parece que estamos diante dunha ruptura no proceso de transmisión interxeracional do galego” segundo se constata nas conclusións do *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, en concreto en Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira (1984). Se isto é así, quixemos comprobar se a aprendizaxe que se realiza do galego nos centros de ensino da comunidade, desde a Lei de Normalización Lingüística, é suficiente para contrarrestar esta ruptura no proceso de transmisión interxeracional, porque se esta aprendizaxe non é suficiente para obter una competencia lingüística adecuada, a existencia do galego estaría seriamente ameazada.

O estudio tenta ofrecer unha visión actual e rigorosa dos elementos nucleares da configuración sociolingüística da comunidade galega: 1) comprobar se existe ou non, nos alumnos, unha ampla bagaxe de léxico, galego e castelán, que lle permita comprender e expresarse de maneira satisfactoria; 2) comprobar, como consecuencia do anterior, a competencia lingüística que, como se sabe, é un poderoso condicionante da conducta lingüística, no sentido de que quen non domina un idioma non pode empregalo, 3) o uso que cada falante vai facer dunha ou outra lingua en función de maior ou menor dominio que teña de cada unha, e polo tanto a fidelidade lingüística ou a vitalidade de cada lingua, e 4) facer unha comparación do dominio léxico, en galego ou en español, que obteñen os alumnos das escolas galegas para demostrar que o concepto de algúns políticos do *bilingüismo equilibrado* non existe.

Contabamos cun estudio, xa comprobado, válido para medir o vocabulario en castelán dos alumnos de primaria e primeiro ciclo de ESO, antes 7º e 8º de EXB. O problema estaba en como faciamos para medir o vocabulario da lingua galega dos alumnos dos



mesmos niveis educativos. A posibilidade de redactar unhas fichas de vocabulario de e en galego excedía os límites deste estudio e ademais era moi posible que as fichas resultantes non foran comparables coas xa redactadas para a lingua castelá. Como a intención deste estudio era comparar a adquisición do vocabulario en lingua española coa adquisición do vocabulario en lingua galega optamos por aplicar as mesmas probas.

Tomando como base as fichas de vocabulario de Casanova Rodríguez e Rivera González (1989), aplicamos estas tal como están para medir os niveis de adquisición do vocabulario en lingua castelá.

As fichas de vocabulario de lingua galega conseguímolas traducindo ó galego as correspondentes fichas de castelán. O traballo de traducir as fichas foi feito polo propio autor deste relatorio. Os criterios de tradución foron os seguintes: 1) a tradución fíxose o máis literal posible, 2) cando había a posibilidade de usar máis dunha palabra na equivalencia da tradución, sempre se usou a que se consideraba máis próxima ó nivel e idade para o que estaban destinadas as fichas e 3) fuximos de usar verbas que non se considerasen compoñentes dun vocabulario básico do galego.

O traballo foi realizado da seguinte maneira: no curso 1995-96 aplicáronse as probas nos colexios da provincia de Ourense que se relacionan procurando que houbera centros con alumnos de procedencia urbana, mixta e rural; logo fíxose a avaliación dos resultados, e para rematar elaborouse o traballo coas gráficas dos resultados e as conclusións.

## DESCRIPCIÓN DAS FICHAS

Aplicouse unha batería de 35 fichas distintas, tanto de galego, como de español, que totalizan cincocentas vintecinco palabras de vocabulario básico galego e outras tantas de vocabulario básico castelán.

Cada unha das fichas, que consta de quince palabras clave, está dividida en catro probas diferentes, encamiñadas a comprobar a comprensión das palabras que se incluíron.

A primeira proba consta de tres fases, en cada unha se insire, contextualmente, unha palabra (que vai subliñada) das quince das fichas, e pídeselle ós alumnos que expliquen o seu significado. A puntuación que pode obter nesta proba é dun máximo de tres puntos (un por cada palabra ben explicada).

A proba número dous contén outras tres palabras da mostra, presentadas illadas do seu contexto, co fin de que os alumnos busquen ó menos un sinónimo (ou expresión sinónima) para cada unha delas. Na confección desta proba tívose coidado para seleccionar, de entre as quince palabras da ficha, as que puideran ter algún sinónimo. A puntuación máxima é de tres puntos (un por cada palabra á que se lle puxo un sinónimo ou sinónimos).

A terceira proba contén catro palabras que se presentan para ser definidas. Poden obter catro puntos, un por cada palabra ben definida.

A cuarta e última proba contén unha lista de cinco palabras ó lado dunha serie (desordenada) de definición das mesmas. Os alumnos deben relacionalas por medio de frechas. Esta proba pode obter un máximo de cinco puntos (un por cada palabra ben relacionada coa súa definición). Procurouse incluír nesta proba as palabras de índole semántica mais abstracta, para evitar que algunhas non foran definidas por incapacidade de recursos de expresión, e dado que este vocabulario tipo se propón como vocabulario pasivo, ou de comprensión e recoñecemento.

## OS CENTROS EDUCATIVOS

Número de orde dos centros da provincia de Ourense nos que se aplicaron as probas de vocabulario:

**Táboa 1**

*Centros de Ensino no que se levou a cabo a experiencia*

| Nº de Centro | Poboación           | Denominación do Centro                | Réxime  | Ámbito |
|--------------|---------------------|---------------------------------------|---------|--------|
| 1            | Ourense             | C. P. Anexa                           | Público | Urbano |
| 2            | Ourense             | C.P. Manuel Sueiro, (Lagoas II)       | »       | Urbano |
| 3            | Ourense             | C.P. Lagoas III, As Lagoas            | »       | Urbano |
| 4            | Ourense             | C.P. Manuel Luís Acuña, A Carballeira | »       | Urbano |
| 5            | Ourense             | C. María Auxiliadora (Salesianos)     | Privado | Urbano |
| 6            | Ourense             | C.P. “Irmáns Villar”, O Posío         | Público | Urbano |
| 7            | Ourense             | C.P. Seixalvo”, Seixalvo              | »       | Mixto  |
| 8            | O Pino, Ourense     | C.P. Albino Núñez, Casardomato        | »       | Mixto  |
| 9            | O Carballiño        | C.P. Calvo Sotelo                     | »       | Mixto  |
| 10           | Xinzo de Limia      | C.P. Serxio Mascareñas                | »       | Mixto  |
| 11           | Boborás             | C.P. Boborás                          | »       | Rural  |
| 12           | Xunqueira de Ambía  | C.P. “Xunqueira de Ambía”             | »       | Rural  |
| 13           | Vilar de Barrio     | C.P. “Vilar de Barrio”                | »       | Rural  |
| 14           | Laza                | C.P. “Laza”,                          | »       | Rural  |
| 15           | A Rúa de Valdeorras | C.P. “Manuel Respino”                 | »       | Mixto  |
| 16           | Ourense             | C. San Pío X, Mariñamansa             | Privado | Urbano |

O ámbito “mixto” quere dicir que a ese colexio van alumnos de zona urbana, en xeral vila, e de zona rural.

Cando nun número de orde non aparecen datos nas celas da táboa significa que nese centro non se realizaron probas da lingua a que corresponda a cela.

En resumo, fixéronse probas de vocabulario en quince colexios da provincia de Ourense.

En xeral sempre foi mais fácil que os profesores accedesen a aplicar as probas en lingua española que en lingua galega, como pode comprobarse nas táboas 2, 3 e 4.

Para aplicar as fichas de lingua galega observamos, en xeral, unha certa reticencia ou resistencia para non aplicarlas.

Os alumnos ós que se lles aplicou a proba foron cincocentos vinteún de lingua galega e cincocentos trinta e sete de lingua española. En total mil cincuenta e oito foron os alumnos ós que se lle aplicaron fichas de vocabulario.

**Táboa 2**

*Resultados xerais das fichas de vocabulario do Ciclo Superior de 8º de EXB*

LINGUA GALEGA

| Nº de centro | Nº de alumnos | Puntuación total | Puntuación media (sobre 15) | Porcentaxe adecuación | Mediana | Desviación típica |
|--------------|---------------|------------------|-----------------------------|-----------------------|---------|-------------------|
| 1            | 96            | 995              | 10,36                       | 69,06                 | 9       | 1,70              |
| 2            | 26            | 272              | 10,46                       | 69,73                 | 9       | 1,59              |
| 3            | 54            | 549              | 10,16                       | 67,73                 | 10      | 2,01              |
| 4            | 61            | 614              | 10,06                       | 67,06                 | 9       | 2,33              |
| 5            | *             |                  |                             |                       |         |                   |
| 6            | 48            | 542              | 11,29                       | 75,26                 | 10      | 1,64              |
| 7            | 43            | 320              | 7,44                        | 49,60                 | 8       | 2,87              |
| 8            | 44            | 438              | 9,95                        | 66,33                 | 9       | 2,45              |
| 9            | 79            | 884              | 11,18                       | 74,53                 | 11      | 1,22              |
| 10           | 34            | 358              | 10,52                       | 70,13                 | 9       | 2,19              |
| 11           | 19            | 198              | 10,42                       | 69,46                 | 10      | 2,25              |
| 12           | *             |                  |                             |                       |         |                   |
| 13           | 35            | 345              | 9,85                        | 65,66                 | 9       | 2,40              |
| 14           | 35            | 328              | 9,37                        | 62,46                 | 9       | 2,02              |
| 15           | *             |                  |                             |                       |         |                   |
| 16           | 34            | 357              | 10,50                       | 70,00                 | 10      | 1,78              |

\* O asterisco indica que no colexio ó que corresponde o número de orde non se aplicaron probas de lingua galega.

**Táboa 3**

*Resumo da puntuación do Ciclo Superior da EXB*

LINGUA GALEGA

|                                    |              |
|------------------------------------|--------------|
| Número de centros enquisados       | 16           |
| Número total de alumnos enquisados | 608          |
| Número de fichas que responderon   | 608          |
| Puntuación ponderada total         | 6.200        |
| <b>Media</b> (sobre 15)            | <b>10,19</b> |
| <b>Media</b> (sobre 10)            | <b>6,79</b>  |

**Táboa 4***Resultados xerais das fichas de vocabulario do Ciclo Superior de 8º de EXB**LINGUA CASTELÁ*

| Nº de centro | Nº de alumnos | Puntuación total | Puntuación media (sobre 15) | Porcentaxe adecuación (%) | Mediana | Desviación típica |
|--------------|---------------|------------------|-----------------------------|---------------------------|---------|-------------------|
| 1            | 35            | 439              | 12,54                       | 83,60                     | 13      | 2,19              |
| 2            | 31            | 408              | 13,16                       | 69,73                     | 13      | 2,87              |
| 3            | 35            | 499              | 14,25                       | 95,00                     | 14      | 0,73              |
| 4            | 34            | 416              | 12,23                       | 81,53                     | 13      | 1,52              |
| 5            | 35            | 416              | 11,88                       | 79,20                     | 12      | 2,33              |
| 6            | 35            | 463              | 13,22                       | 88,13                     | 13      | 1,59              |
| 7            | 35            | 404              | 11,54                       | 76,93                     | 14      | 1,73              |
| 8            | 34            | 404              | 11,88                       | 79,20                     | 13      | 2,87              |
| 9            | 67            | 826              | 12,32                       | 82,13                     | 13      | 2,01              |
| 10           | 32            | 354              | 11,06                       | 73,73                     | 13      | 1,52              |
| 11           | 29            | 333              | 11,48                       | 76,53                     | 14      | 1,78              |
| 12           | 35            | 453              | 12,94                       | 86,26                     | 14      | 2,25              |
| 13           | 35            | 480              | 13,71                       | 91,40                     | 14      | 1,40              |
| 14           | 34            | 431              | 12,67                       | 84,46                     | 14      | 1,73              |
| 15           | 31            | 351              | 11,32                       | 75,46                     | 14      | 2,02              |
| 16           | 39            | 500              | 12,82                       | 85,46                     | 13      | 1,30              |

Os índices de coñecemento de vocabulario en lingua galega (táboa 2) oscilan entre un máximo de 11,29 e un mínimo de 7,44 de puntuación media sobre un total máximo de 15 puntos.

En lingua castelá (táboa 4) os índices de coñecemento de vocabulario oscilan entre un máximo de 14,25 e un mínimo de 11,06 sobre unha puntuación total máxima de 15 puntos.

Se comparamos os resultados do coñecemento de léxico en lingua galega e en lingua española (táboa 6) vemos que é moi superior a aprendizaxe de vocabulario en lingua española pois a porcentaxe obtida máis baixa 11,06 case que é igual á puntuación máxima obtida en lingua galega 11,29.

**Táboa 5***Resumo da puntuación do Ciclo Superior da EXB**LINGUA CASTELÁ*

|                                    |              |
|------------------------------------|--------------|
| Número de centros enquisados       | 16           |
| Número total de alumnos enquisados | 576          |
| Número de fichas que responderon   | 576          |
| Puntuación ponderada total         | 7.177        |
| <b>Media (sobre 15)</b>            | <b>12,46</b> |
| <b>Media (sobre 10)</b>            | <b>8,30</b>  |

Na comparación dos resultados obtidos no nivel de comprensión léxica ou vocabulario pasivo dos alumnos/as do Ciclo Superior da EXB vemos que a puntuación acadada en lingua galega é sempre inferior á lograda en lingua castelá. Así, a *puntuación máis baixa* obtéñena en galego con 7,44, mentres que a máis baixa en castelán é de 11,06 puntos cunha diferenza a favor deste idioma de 3,62 (Gráfico 7.5).

Si comparamos *as puntuacións máis altas* atopámonos co mesmo panorama. O castelán obtén a puntuación máis alta de 14,25, mentres que para o galego a puntuación máis alta é de só 11,29, cunha diferenza a favor do castelán de 2,96 puntos.

Comparamos agora as medias da totalidade dos alumnos enquisados sobre 15 puntos e vemos que a conseguida en castelán é de 12,46, mentres que a alcanzada en galego é de 10,19, cunha diferenza a favor do castelán de 2,27 puntos.


**Táboa 6**  
*Resultados comparados das fichas de vocabulario*  
GALEGO-ESPAÑOL

| Nº de centro | LINGUA GALEGA |                  |                             | LINGUA CASTELÁ |                  |                             |
|--------------|---------------|------------------|-----------------------------|----------------|------------------|-----------------------------|
|              | Nº de alumnos | Puntuación total | Puntuación media (sobre 15) | Nº de alumnos  | Puntuación total | Puntuación media (sobre 15) |
| 1            | 96            | 995              | 10,36                       | 35             | 439              | 12,54                       |
| 2            | 26            | 272              | 10,46                       | 31             | 408              | 13,16                       |
| 3            | 54            | 549              | 10,16                       | 35             | 499              | 14,25                       |
| 4            | 61            | 614              | 10,06                       | 34             | 416              | 12,23                       |
| 5            | *             |                  |                             | 35             | 416              | 11,88                       |
| 6            | 48            | 542              | 11,29                       | 35             | 463              | 13,22                       |
| 7            | 43            | 320              | 7,44                        | 35             | 404              | 11,54                       |
| 8            | 44            | 438              | 9,95                        | 34             | 404              | 11,88                       |
| 9            | 79            | 884              | 11,18                       | 67             | 826              | 12,32                       |
| 10           | 34            | 358              | 10,52                       | 32             | 354              | 11,06                       |
| 11           | 19            | 198              | 10,42                       | 29             | 333              | 11,48                       |
| 12           | *             |                  |                             | 35             | 453              | 12,94                       |
| 13           | 35            | 345              | 9,85                        | 35             | 480              | 13,71                       |
| 14           | 35            | 328              | 9,37                        | 34             | 431              | 12,67                       |
| 15           | *             |                  |                             | 31             | 351              | 11,32                       |
| 16           | 34            | 357              | 10,50                       | 39             | 500              | 12,82                       |


Facendo a comparación das medias da totalidade sobre 10, os resultados son 8,30 para a lingua castelá, e 6,79 para a lingua galega cunha diferenza de 1,51 puntos a favor do castelán (Gráfico 7.6).

En resumo, en 8º Curso do Ciclo Superior de EXB os alumnos obteñen un maior nivel de comprensión léxica e un maior coñecemento de vocabulario pasivo en lingua castelá que en galego. Isto quere dicir que nas escolas de Galicia ensínase máis e mellor o castelán que o galego polo menos no ámbito léxico segundo queda comprobado.


**Gráfico 1**  
**RESULTADOS COMPARADOS GALEGO-CASTELÁN**  
**DE 8º CURSO DE EXB**



**Gráfico 2**  
**RESULTADOS DE VOCABULARIO DE 8º DE EXB**



**Gráfico 3**  
**RESULTADOS DE VOCABULARIO DE 8º DE EXB**



Dos resultados obtidos temos que concluír que:

- 1) A aprendizaxe que se fai de lingua galega nas escolas de Galicia é insuficiente.
- 2) Nas escolas de Galicia ensínase máis e mellor a lingua do estado, o castelán, que a lingua propia o galego.
- 3) A transmisión xeracional do galego non é hoxe a que foi noutros tempos, polo que a escola non compensa esa baixa na aprendizaxe do galego.
- 4) A competencia léxica e polo tanto lingüística dos alumnos galegos queda mellor establecida en español que en galego de aí que o uso do galego diminúe nas idades máis baixas.
- 5) A escola non lles proporciona ós alumnos galegos unha competencia lingüística axeitada para que usen a súa lingua co dominio e seguridade necesarios.
- 6) O último decreto de 1995 de aplicación do galego no ensino vai ser insuficiente para compensar este desfase. Cremos que o único que o pode compensar poderían ser programas de inmersión lingüística en galego ben deseñados.

## BIBLIOGRAFÍA

- Casanova Rodríguez, M<sup>a</sup> A. / Rivera González, M. (coords.) (1989): *Vocabulario Básico en la E.G.B.*, 3 vols. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia / Espasa-Calpe.
- Esteban Radó, S. (1997): *O vocabulario galego-castelán no ensino en Galicia. Unha aproximación sociolingüística*. Ourense: Galiza Editora.
- Fernández Rodríguez, M. / Rodríguez Neira, M. A. (coords.) (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. [A Coruña]: Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística.
- Rojo, G. (1993): “La enseñanza del español en Galicia”, en Sagaró Faci, M. (coord.): *Actas del I Congreso Internacional sobre la enseñanza del español. Madrid, 27-31 enero 1992*. Madrid: Cemip, pp. 289-301.





## HISTÓRIA FUNCIONAL DO VALENCIANO: VALORAÇÃO SÓCIO-LINGUÍSTICA EM RELAÇÃO COM O CASO GALEGO

*Carme Fernandes Garcia*  
*Valentim Rodrigues Fagim*

Seguramente para muitas das pessoas que estão hoje aqui a história da estandardização do galego poderia ficar resumida em: uma luta entre bons e maus, entre sérios linguistas assisados e iluminados radicais afastados da sociedade. Talvez muitos e muitas pensemos ter bastante claro quem são os bons e quem os maus e, no entanto, estas etiquetas, reflexo irónico dum combate que chega a ser pessoal, poderiam-se trocar com a mesma validade segundo a perspectiva.

Decerto, se tentarmos deitar sobre este tema um olhar objectivo bem poderemos comprovar que na luta entre reintegracionismo e segregacionismo linguístico todos têm razão. Sim, todos: o ILG, a AGAL, a AS-PG. Do ponto de vista estritamente linguístico todas estas considerações são igualmente válidas: não há nenhum motivo filológico que empeça a total reintegração da nossa língua no sistema lusófono, a elaboração dum código próprio independente com grafia emprestada do castelhano ou mesmo fazer do galego estándar uma passagem intermédia entre a normativa oficial do galego actual e o português padrão.

Mas não nos parecia demasiado útil, nem científico, profundizar nesta velha e res-sessa questão das “Guerras Normativas” partindo simplesmente da informação sobre a experiência galega. Tanta é a lenha, tanta a veemência e as paixões individuais que alimentam a fogueira das normas que as chamadas não nos deixam ver o que há detrás. Por isso, puxados por óbvias concomitâncias e pola proximidade espacial, decidimos estudar detalhadamente o caso valenciano.

Ao longo deste relatório faremos uma rápida viagem cronológica através do processo evolutivo do galego e do valenciano. Deste jeito, poderemos comprovar qual foi a posição funcional destas duas variedades românicas frente aos outros romances do seu contorno. Aliás, observaremos que as semelhanças formais dos dous sistemas guardam fortes similitudes de fundo, atingindo tanto o plano sócio-linguístico como histórico. E,

afinal, provavelmente daremos, mais uma vez, com a conclusão de as línguas não serem um asséptico feixe de isoglossas mas um conjunto de senhas de identidade, sentimentos, um espelho do poder político e económico das sociedades que as falam.

Tanto o galego como o valenciano conheceram ao longo da história diferentes períodos de auge e infortúnio para as suas comunidades e, conseqüentemente, para as variedades faladas por estas. Apesar das diferentes etiquetas para cada um dos casos, unificaremos-las, por questões práticas como: **“Época de esplendor”**, **“Decadência”** e **“Ressurgimento”**. Mas antes de nos adentrar no tema, uns pequenos apontamentos:

Como todos sabemos, o latim não viu ameaçada a sua unidade até à irrupção escrita dos primeiros romances em forma de *koinés*. Alimentada essencialmente pela corte, a *koiné* era uma convenção do que se considerava língua correcta, fixada não por gramáticas mas por textos canónicos e pelo uso. A variabilidade morfossintáctica ou fonética era assim escassa e fruto da concreta procedência dos escribas. *Koinés* hispânicas eram a galego-portuguesa, a castelhana ou a catalã, empregadas pelos cortesãos e senhores. Foi a burocracia da Corte quem começou a considerar a sua variedade regional como um novo sistema enquanto o resto da população só tinha consciência de falar um mal latim.

A comunidade galega e a língua que esta falava viveram a sua **“Época de Esplendor”** ao longo da Idade Média. Aproximadamente entre os séculos X e o XII a nobreza galega exerce a sua hegemonia no Reino de Leão e ainda constitui um grupo de poder até ao ascenso ao trono da dinastia dos Trastámara, na segunda metade do sec. XIV. Durante este período histórico é que as falas romances do Noroeste peninsular conhecem por vez primeira uma fixação na escrita e com ela um código relativamente unificado: a *koiné* galego-portuguesa.

Os primeiros documentos galegos conhecidos, escritos nessa *koiné*, datam de finais do sec. XII, começos do XIII, tempo em que as *Homilies d’Organyà* foram escritas. É na famosa etapa que vai desde o 1200 até à morte do último mecenas, D. Pedro, Conde de Barcelos, em 1348, quando a lírica galego-portuguesa conhece os seus anos de glória, constituindo sem qualquer dúvida a mostragem mais rica e notada do panorama poético peninsular coevo.

As variações linguísticas achadas nos textos galego-portugueses são mínimas e a maioria das vezes devêm fruto de vacilações por mor duma grafia latina insuficiente para as necessidades fonéticas dos romances. Estas pequenas diferenças davam-se também nos escritos chancelerescos catalães, bem como nos primeiros documentos castelhanos e não resultam transcendentais<sup>1</sup>; o protoromance do Noroeste ibérico derivara para uma nova língua culta, a *koiné* galego-portuguesa. Não faz falta notar que o galego-português foi o código da maior parte da lírica hispânica do momento para evidenciar a sua situação de língua A, com total autonomia frente aos romances do seu contorno, leonês e castelhano.

<sup>1</sup> Contudo, alguns defensores do segregacionismo linguístico aproveitam estas hesitações assistemáticas, tão comuns durante a Idade Média, como testemunho de uma separação temporã entre o galego e o português.

Mas sem uma verdadeira soberania para o Reino da Galiza, como apoio político e económico da cultura autóctone, a medida que o peso da aristocracia galega foi diminuindo na Corte de Castela e Leão, esta incipiente independência linguística começa a se esvaír. No entanto, a língua trovadoresca vai evoluindo devagar (embora as únicas mudanças relevantes atinjam ao plano gráfico) até tornar-se em língua de Estado, isto é, no idioma oficial do Reino de Portugal.

Uma cousa bastante semelhante, ainda que com matizes, acontece na faixa oriental da Hispânia. Ao longo do sec. XIII a língua catalã experimenta o mesmo apogeu que a situação política e económica do Principado da Catalunha, inserido na confederação real da Coroa de Aragão desde o sec. XII. Lembremos que o catalão da prosa chanceleresca era igualmente uma *koiné*, uma convenção erudita, bastante mais achegada aos usos linguísticos palacianos que da fala popular. Na altura em que este catalão culto se torna no primeiro romance empregado na prosa científica, graças à obra do maiorquino Ramon Llull, Jaume I o Conquistador já arrebatará aos árabes as Baleares e Valência. Os novos territórios logo passaram a integrar a Coroa de Aragão com estatuto de reino e os seus próprios foros. De facto, e sirva isto para atestar os caprichos da história, o Reino de Valência foi uma necessidade estratégica do monarca catalão a fim de evitar que o território arrebatado aos árabes caísse nas mãos dos aragoneses. Do contrário, Valência teria hoje a mesma entidade política e social que qualquer um dos condados catalães na altura.

A teoria científica mais acreditável sinala o triunfo, nas novas terras conquistadas, da variedade catalã, língua co-oficial da Coroa de Aragão, com mais peso que o aragonês, usada muitas vezes como língua franca nos escritos oficiais, frente as moçárabes, dialectalizadas e minorizadas perante o árabe. Todavia, tanto a superioridade numérica dos moçárabes como a diversa origem dos colonos dão pé aos partidários da segregação linguística do valenciano para considerarem o moçárabe como origem genética desta variedade. A este respeito cumpriria termos em conta os estudos realizados por Sanchis Guarner (1992) sobre as escassas fontes moçárabes existentes, que constata claramente a grande distância fonética desta língua frente à valenciana. Seja como for, durante a etapa que vai de 1238 a 1412<sup>2</sup> a posição funcional da variedade valenciana frente ao catalão chanceleresco é a de língua B.

Após quase dous séculos de expansão e hegemonia catalã, com a chegada dos Trastámara ao trono da Coroa em 1412, Barcelona, empobrecida e enfrentada com os novos monarcas, deixa de ser o ponto central da confederação. Similar sorte correrá a antiga *koiné* chanceleresca, como havemos de comprovar mais adiante. Valência, capital de um reino florescente com uma população duas vezes superior à da Cidade Condal, vira o núcleo mais importante do território catalano-aragonês<sup>3</sup> que agora olha para o Mediterrâneo e

<sup>2</sup> 1238 criação do Reino de Valência, 1412 chegada dos Trastámara ao trono da Coroa de Aragão.

<sup>3</sup> Não deixa de ser significativo que a mesma família real castelhana, a Casa de Trastámara, despotenciasse a unidade política e cultural entre os dirigentes da Catalunha e Valência, pois já tiveram experiência isolando e discriminando a aristocracia galega devido a diferenças políticas.

não para o Sul da França. Uma cousa parecida acontecera com a Galiza portuguesa que perde a capitalidade em favor de Lisboa, no território meridional ganhado aos árabes.

Aqui começa a “**Época de esplendor**” do Reino de Valência e a sua variedade. A exploração de uma terra viçosa, graças ao trabalho em precário dos mouriscos, deu lugar a um comércio dinâmico que facilitou a primeira escalada social da burguesia gremial valenciana. Frente à aristocracia castelhanizada, a burguesia continua a ser monolíngue no idioma do país; e este aspecto, unido ao nascimento de um orgulho nacional e uma consciência diferenciadora frente à Catalunha, é tido muito em conta pelos escritores e impressores da época. Estas pessoas preocupam-se cada vez mais de reflectir nas obras literárias, agora também dirigidas aos leitores burgueses, a língua que o seu público falava.

Num primeiro momento (1412-1460) a desviação da língua chanceleresca apenas se faz perceptível no léxico, mas a partir da publicação do *Tirant lo blanc* começa a constatar-se uma progressiva dialectalização. Porém, esta dialectalização não se traduziu num abandono da grafia etimológica, nem do estilo da antiga língua culta (que haverá de ter sempre mais presente do que os próprios catalães até à *Renaixença*); ainda, a variedade valenciana funciona até à segunda década do sec. XVI como a autêntica língua culta (além do latim) do Reino de Valência frente ao catalão e ao castelhano.

Este *Segle d’Or* é um dos argumentos mais empregados pelos segregacionistas para alicerzarem a independência linguística do valenciano. Quando as teses de uma génese moçárabe se esborralham, reconhecem uma infância llemosí da sua língua mas argumentam que, do mesmo jeito que o catalão se afastou do ocitano, o valenciano se separa do catalão nos começos da história moderna. Decerto, e inegável que se nalgum momento histórico o valenciano foi uma língua utilizada para a maior parte das funções, essa época é o *Segle d’Or*. Mas a fortuna económica e a situação privilegiada da burguesia não durariam demasiado. A queda das classes cidadinas arrastaria consigo a sorte do valenciano.

Mas, o que está a acontecer na altura com a Galiza do Norte? Já víamos anteriormente que as cousas iam de mal para pior para a nobreza galega. Nos conflitos sucessórios castelhanos os senhores galegos davam sempre em apoiar o candidato ou candidata mais infeliz (D. Pedro frente a Henrique de Trastámara, Joana, a bela senhora, frente a Isabel, a católica). Esta falta de sucesso político só implicou desgraças para os nobres da Galiza de aquém-Minho, pertencente à Coroa de Castela. Quando a rainha Isabel I sobe ao trono, ordena literalmente a famosa *Doma y castración del Reino de Galizia*.

Esta política de submetimento tem as suas consequências no plano cultural e linguístico. Estamos no limiar do longo período de “**Decadência**” do nosso idioma na Galiza. A nobreza galega que não fora “eliminada”, fugira para Portugal ou assimilara-se à Corte castelhana. Os escribas e magistrados galegos foram substituídos por castelhanos, com o qual os documentos administrativos e jurídicos, até então em galego, começaram a ser elaborados unicamente na língua de Castela. Além disso devemos ter sempre pre-

sente que a burguesia dos grêmios numa Galiza rural e pobre era escassa e com pouca ou nula força social, sobretudo depois do fracasso Irmandinho. Com a castelhanização da aristocracia leiga e clerical e a ocupação dos cargos burocráticos por castelhanos-falantes, a língua galega torna-se automaticamente num dialecto funcional do castelhano. Mais de 95% da população continuava a falar o idioma do país, mas esta enorme quantidade de falantes de pouco lhe valia ao galego no plano qualitativo pois a imensa maioria dos galego-falantes eram analfabetos. Desde começos do sec. XVI até hoje o idioma ficaria como língua B frente ao castelhano.

O cultivo escrito do galego durante os séculos XVI, XVII e XVIII foi muito esporádico. Exemplos isolados evidenciam uma continuidade literária ainda latejante mas em coma profundo. O Minho, virado fronteira, separava as duas Galizas não só política mas cultural e socialmente. Os textos cultos medievais não estavam ao alcance de quem ainda escrevia em galego e a língua sofre um forte processo de dialectalização e castelhanização: a variedade de prestígio era o castelhano e o “galego culto” tende a imitá-lo. O vínculo linguístico com o galego de Portugal fica esquecido. Estes foram, sem qualquer dúvida, “Séculos Escuros” para a nossa língua.

Também o idioma de Valência começa a ter problemas para finais do sec. XVI, ainda que nem tão graves como os do galego. Com efeito, os problemas políticos e sócio-económicos do Reino de Levante passam pelo submetimento da burguesia gremial na guerra das Germanias (1519-1522) e uma forte refeudalização do agro: a derrota burguesa é a derrota da língua. Aliás, em 1609 os mouriscos são definitivamente expulsos, o que suporá a repovoação castelhana das terras abandonadas. A nobreza, agradecida à monarquia de Castela pela restituição dos seus privilégios fica totalmente aculturada no castelhano. Esta língua põe-se de moda nos cenáculos literários de Valência. O castelhano é agora a língua prestigiada no Reino; no Principado de Catalunha a situação sócio-linguística não resulta demasiado diferente.

Com certeza, estamos perante um período de “**Decadência**” em que a língua de Valência se vai debilitando, mas não seria muito rigoroso falar de Séculos Escuros “à galega”, já que a burguesia ainda mantinha certo protagonismo. De facto, temos constância de setenta obras escritas em valenciano durante o sec. XVII; também na Catalunha, que vive igualmente uma etapa diglósica, continuam-se publicando livros na língua do país. É a começos deste século XVII que aparecem as primeiras teorizações acerca da independência linguística do valenciano, mas os argumentos esgrimidos baseam-se na incomunicação com o catalão que “obrigaram à perda de muitas palavras llemosis” e a “adquirir castelhanismos”<sup>4</sup>. Em qualquer caso os eruditos de Valência consideravam a sua variedade como a forma mais aperfeiçoada do *llemosi*, e essa maior perfeição era o que a separava da variedade vizinha.

<sup>4</sup> Mecanismo similar ao que sofreu o galego: afastado das variedades portuguesas e sem cultivo literário e jurídico foi perdendo muitas vozes patrimoniais adoptando empréstimos de luxo.

A influência das gramáticas castelhanas introduz muitas confusões na grafia do valenciano e pouco a pouco vão-se adoptando soluções forâneas, como a letra <ñ> em substituição do dígrafo tradicional <ny>. A perspectiva da língua dos clássicos renacencistas e do *Segle d'Or* começa a perder-se. Na Catalunha a confusão ortográfica é muito mais aguda já que lá desconhecem quase por completo os usos tradicionais.

Durante o sec. XVIII, por mor da aplicação do *Decreto de Nueva Planta (1716-1717)* o catalão fica proibido nos documentos públicos, nas igrejas e nas escolas. Este é o castigo por apoiar o candidato perdedor na Guerra de Sucessão espanhola, castigo que implica a prática desaparecimento do valenciano das imprensas. A guerra de sucessão espanhola é a terceira data chave na história externa do valenciano, após a entronização dos Trastámara em 1412 e a guerra das Germanias, 1519-23. Mas tão-pouco vai ser um século de inteiro silêncio: Carles Ros escreverá numerosas obras na defesa do valenciano, rechaçando os castelhanismos tanto léxicos como gráficos e propondo o ensino do valenciano nas escolas.

A figura de Carles Ros recorda-nos um pouco à do Padre Sarmiento, porque, ainda que o religioso galego não publicou nada em vida, também dedicou grandes esforços e muitas páginas à língua da Galiza e, o mesmo que Ros, era partidário do ensino em vernácula. Mas o facto de Frei Martím Sarmiento ter medo a fazer públicos os seus escritos bem pode significar que, na verdade, o panorama sócio-linguístico da Galiza era bastante mais desesperançador que o de Valência.

Depois de três séculos condenadas a calar, chegam os ares revolucionários do Romantismo e as letras galegas começam a falar de novo. Mas antes de as manifestações de literatura culta reaparecerem na Galiza-Norte, o movimento provincialista vem batendo com força e lavra os primeiros mártires para o galeguismo. Desde este momento ir-se-á desenvolvendo devagarinho o pensamento nacionalista. Contudo, o galego continua a ser a língua desprestigiada frente ao castelhano, mas depois de três séculos mudos voltamos a ter uma literatura culta incipiente. Estamos em pleno **“Ressurgimento”**.

Quanto à situação interna do galego vemos que a língua empregada por estes escritores está inçada de castelhanismos, dialectalismos, vulgarismos e hiperenxebrismos. Desconhecedores da *koiné* literária dos clássicos medievais e alfabetizados em castelhano, transcrevem como vão podendo, mudando arbitrariamente de grafemas e criando pequenas “normas” pessoais. Ora, a descoberta do *Cancioneiro da Vaticana* na última década do XIX, abre-lhes um largo horizonte de perspectivas. A atitude respeito à *koiné* medieval galego-portuguesa oferecia um amplo leque de respostas mas, em linhas gerais, os enquadrados sob a etiqueta de provincialistas, galeguistas ou nacionalistas esgrimiram um decidido reintegracionismo ideológico que rara vez se plasmou na escrita por motivos, aduziam, de pragmatismo<sup>5</sup>. No outro extremo situar-se-iam os partidários du-

<sup>5</sup> A listagem de opiniões lusistas vertida na imprensa da época é comprida. Muito ilustrativa resultaria a polémica que se desenvolveu ao longo do ano 1896 na *Revista Gallega*.

ma codificação linguística dependente do castelhano. Contudo é preciso salientar que os defensores da causa reintegracionista eram sempre pessoas envolvidas no galeguismo -federalismo, sinceramente interessadas na revitalização do idioma e a independência deste com respeito ao castelhano; os anti-lusistas, pelo contrário, apoiavam uma concepção paternalista e dialectalizadora do galego (“feiticeira faliña”), dentro de um pensamento político regionalista-espaholista.

O século vinte conheceu o nascimento do Partido Galeguista, primeira formação política nacionalista na Galiza. Os seus membros, mormente homens liberais ou de esquerdas, desenvolveram um labor cultural inapreciável. Fortemente conscientizados da conveniencia da reintegração do galego na lusofonia, todos eles (Castelao, Risco, Pedrayo, Leonardo Carré, Filgueira Valverde, etc.) legaram-nos por escrito a sua vontade e motivações ao respeito. Mas, na espera de um momento político mais propício, não sentiram naquele momento a necessidade de fixar uma normativa<sup>6</sup>.

Uma discussão similar à que houvera na Galiza repete-se na Valência e a Catalunha decimonónicas, no entanto, desde os grupos de filólogos e intelectuais catalães que começam a trabalhar na elaboração de um estándar nasce uma nova preocupação: a unificação dos Países Catalães (Catalunha, Baleares e Valência). Estas inquietudes surgidas no seio duma Catalunha industrial que se faz mais e mais forte, causam os receios de uma boa parte da sociedade valenciana que se sente ameaçada pelo “colonialismo” do Principado.

Devemos ter em conta que o romantismo apenas desperta uma leve consciência valencianista, muito modesta comparada com o momento de vigor nacionalista que se vive na Catalunha. Cumpre considerar que, aliás, a situação económica de ambos os países era bem diferente. A revolução industrial chegara ao território valenciano mas de maneira simbólica, o país continuava sustentado por uma economia basicamente agrícola. A Catalunha, pelo contrário, transforma-se, junto com Euzcadi, no país mais industrializado do Estado espanhol.

Para piorar a situação da língua vernácula, e devido a um avanço marcado da diglossia vemos como o valenciano se torna no símbolo de um estádio que há que superar, numa marca de pobreza. As classes menos favorecidas imitam a língua dos mais abastados. Esta situação lembra-nos uma e outra vez o panorama sócio-linguístico da Galiza. Enquanto a *Renaixença* supõe uma decidida revitalização da consciência nacional na Catalunha, é difícil avaliar a efectividade política e linguística do “**Ressurgimento**” valenciano. A existência de publicações periódicas nesta língua não é tão bom sinal como à simples vista poderia parecer; o oportunismo político faz os constitucionalistas tentarem a captação de adeptos, e só com esse fim publicam na língua do povo, mas comprazem-se acentuando a vulgaridade, os dialectalismos e a castelhanização ortográfica.

<sup>6</sup> As normas publicadas em 1933 polo Seminario de Estudos Galegos, não foram aceites polos intelectuais galeguistas ao as considerarem alheias à filosofia do reintegracionismo.

Também nesta época surgem as fortes polémicas ortográficas que, na Catalunha sobretudo, dividem os eruditos entre partidários do catalão literário (muito arcaizante e arredado da língua coloquial) e os do *català qu'ara es parla* (forma coloquial da língua, enormemente deturpada e desprovida de um código gramatical). Em Valência, além da esporádica castelhanização gráfica, o duelo dirimir-se-á entre cultistas, muito conhecidos em Barcelona mas sem público em Valência, e os populistas.

No entanto, as polémicas ortográficas não vão durar já muito mais na Catalunha. Desde os últimos anos de XIX, Pompeu Fabra e os seus colaboradores trabalharão na elaboração de uma norma linguística, que será apoiada na arena política polos nacionalistas. Num primeiro momento esta norma ocupou unicamente do domínio linguístico da Catalunha, mas já logo Fabra se percataria da importância de encontrar uma solução válida para todas as variedades da catalanofonia (em que ele incluía Baleares, Valência e depois, Rosselhão e Alguer).

Todavia, a reacção dos homens de letras valencianos não se fez esperar. Os nomes do secessionismo linguístico no primeiro terço de XX são o Padre Fullana e a sociedade *Lo Rat Penat* que convocará os escritores a uma discussão pública sobre o tema, e cujas conclusões se adoptariam por votação. Na verdade, só concorreriam aqueles já comprometidos adiantado a aceitarem as propostas fullanistas.

No outro bando, o facto fulcral são as *Normes de Castelló*, de 1932, uma sub-norma, adaptação das doutrinas fabristas (ao modo p.e. das normas de AGAL para o galego muito depois). Estas normas, se bem tomavam como base o catalão de Fabra, realizavam bastantes concessões às particularidades valencianas, mormente no terreno da morfologia.

O regime franquista será, sem dúvida, um duríssimo golpe para o nacionalismo periférico e traduzir-se-á numa difusão coactiva do castelhano a grande escala. Com efeito, o século XX não era o século XVIII, e agora o ensino obrigatório, os *mass-média* e as diferentes extremidades do Estado chegavam até aos pontos mais recônditos, integrando populações que até há bem pouco ficavam alheias às acções de qualquer governo. Em quarenta anos, as línguas não espanholas sofreram muitíssimas mais perdas que nos anteriores quatro séculos.

E chegamos finalmente ao período denominado democrático. Nesta altura, as concomitâncias galego-valencianas aceleram-se. Ambas as entidades sofreram um recuo grave de falantes, mais acusado porém no Levante, onde como botão de mostra só 44% dos rapazes entre 10-14 anos é quem de falá-lo (Siguan 1992). Como no caso galego, é o código maioritário do campo frente à cidade, das gentes menos instruídas frente às mais cultivadas e dos velhos frente aos mais novos.

A sua situação nos *mass-media*, na administração, no ensino e nos produtos culturais é também mais desalentadora do que o é na Galiza.

Os actores que deambulam neste teatro de circunstâncias são vários e predecíveis para quem conheça minimamente a realidade do nosso país. Num lado temos o grosso



da população bastante alheia ao conflito. Dum outro, estariam os baluartes do bilinguismo e da *pax* linguística. Os mitómanos em questão são precisamente os grupos que abandonaram o valenciano ou o relegaram na sua praxe a língua B. Uma explicação sociológica: a adopção dum código forâneo é fácil que crie um sentimento de deslealdade respeito ao corpo social que na sua maioria mantém a língua própria, e a repressão desta deslealdade encontra na falácia do bilinguismo social um aliado tranquilizador. Politicamente, este grupo estaria conformado polos votantes do PP e de *Unió Valenciana*, grupo regionalista de direita, e qualitativamente pola *landed gentry*, as classes altas, por evidentes motivos ideológicos e económicos frente à Catalunya. A sua recente chegada ao poder em coligação não passou inadvertida: o título de licenciado em língua e literatura catalã deixou de ser homologável com o de valenciano e na administração está-se assistindo a um proceso de isolacionismo no que diz respeito às grafias (vg. <ch> em lugar de <tx>), topónimos (<Madrid> em lugar de <Madrit>) e ao léxico com a substituição de “catalanismos” por castelhanismos. Este debalar normativo tem a sua explicitação mais clara no terreno do ensino, pois segundo governassem, no seu tempo, o PP ou o PSOE nas escolas dominava quer a norma reintegracionista, quer a norma isolacionista<sup>7</sup>.

No outro lado do balanço buliria uma minoria, bastante dinâmica, de catalanistas que se bem com pouca fortuna na arena política da mão de *Unitat del Poble Valencià-Bloc Nacionalista*, grupo que ainda não alcançou representatividade nas cortes valencianas, tem o seu maior sucesso na inscrição nos estatutos da Universidade de Valência da “língua catalã”. Dá-se o caso curioso de que esta denominação sofre um recurso judicial, como o que sofrera também a Universidade de Vigo por parte da Junta por recolher nos seus próprios estatutos a liberdade normativa para com o galego. Enfim, o que quero salientar é que nos dous casos que estamos a tratar, a luta pola língua vernácula aparece associada a ideologias de esquerda como uma marca mais de “progressismo”, como o pode ser o ecologismo, o antimilitarismo ou o feminismo.

Um minúsculo grupo, a naufragar entre as duas águas, estaria integrado por aqueles valencianistas de praxe e de sentimento. A sua situação não é decerto nada invejável. Por um lado são conscientes de que os apoios mais vigorosos os vão encontrar nas filas do anticatalanismo conservador por lógica comunhão de interesses, e no entanto, não por isso deixam de ignorar que nessas mesmas filas se lavra a lápide do valenciano.

E chegamos assim às conclusões. Descrito o tapiz histórico, social e político da variedade romance levantina, o que é que temos?

1. Uma língua A, forânea e que avança vertiginosamente e uma língua B, vernácula e que recua à mesma velocidade.

<sup>7</sup> Esta alternância normativa também se viveu no nosso país, tendo o seu expoente mais significativo nas *Normas Ortográficas do Idioma Galego*, Santiago, Xunta de Galicia-Consellería de Educación e Cultura, 1980. O seu máximo artífice seria Carvalho Calero, pai do reintegracionismo pos-franquista, mas esta normativa oficial seria deslocada, numa decisão política ainda por esclarecer, pola normativa vigente.

2. Dentro dos colectivos valencianos existem duas visões sobre a identidade do seu idioma. Para os defensores do isolacionismo, são os falantes das línguas quem lhe conferem a sua identidade e não os criterios nada-linguísticos da Linguística, nem a inteligibilidade nem a semelhança formal. Ainda, “*Quan dos llengües son molt paregudas lo important es dotar-les d’una autonomia propia i distinta per a diferenciar-les*”. Além disso, o valenciano sempre foi considerada como língua independente até começos do presente século e o surgimento da empresa pancatalanista<sup>8</sup>.

Para os pancatalanistas, a “*llengua valencià*”, seria uma criação das classes altas valencianas para camuflar a sua deserção e para fazer frente ao catalanismo político e assim defender os seus interesses políticos e económicos. Segundo o valenciano Ninyoles, o mito da “*llengua valencià*” perviviria exclusivamente para interceptar o efeito exemplar que o espelho barcelonês poderia exercer sobre o País Valenciano, excluindo analogias e comparações, sempre odiosas quando há desigualdade.

3. No terreno da língua formal, para os isolacionistas o único referente linguístico seria o próprio valenciano e os seus clássicos do *Segle d’Or*, enquanto o catalão, como língua estrangeira, não teria maior potestade que qualquer outra língua românica. Muito outra é a leitura catalanista, para os quais, o valenciano popular seria um registo só válido oralmente e cujo reflexo culto, ou língua-tecto, há de ser o catalão fabrista ou, no seu defeito a sub-norma de Castelló. As divergências linguísticas que para isolacionistas são essência de língua, para catalanistas representam apenas a lógica diversidade diatópica.

4. Que opinamos os relatores? Está claro que, obviando os casos minoritários de línguas por distanciamento (v.g. o euscara frente ao castelhano e francês ou o gaélico frente ao inglês), à hora de delimitarmos linhas fronteiriças entre variedades duma mesma família linguística estamos totalmente perdidos. A delimitação entre língua dialecto ou se se prefere entre língua variedade reduz-se por parte dos utentes a um maximizar ou minimizar diferenças. Só assim se explica que perante uns mesmos dados linguísticos, uns vejam duas línguas e os outros uma só. Enfim, que no dilema valenciano: língua ou variedade?, o único que podemos fazer, e foi essa a nossa intenção, é mostrar um quadro panorámico onde se integrassem os distintos comportamentos. Porém...

5. Aqui queríamos chegar. Qual seria a postura mais inteligente de um ponto de vista estritamente funcional, isto é, de sobrevivência? Pode uma língua que aspira a recuperar um espaço funcional que um dia lhe pertenceu, apoiar-se nuns elementos sociais cujo comportamento para com ela vacila entre o desprezo e o paterna-

<sup>8</sup> Para conhecer em profundidade o ideário isolacionista do valenciano é muito recomendável a obra de Lanuza Ortuño (1993).

lismo? Por outras palavras, é sério crer que os detentores da língua A no momento de emprestar o seu decidido apoio a uma das partes em litígio, o único interesse que os guia é a harmonia entre as línguas? É uma futil casualidade que o apoio do espanholismo se dirija face o código menos perigoso para os interesses da língua castelhana? A nossa resposta a todas estas perguntas é não.

## BIBLIOGRAFIA

- Aracil, Lluís V.: *Papers de socio-lingüística*, Barcelona, Edicions de la Magrana, 1982.
- Badia i Margarit: *Llengua i cultura als països catalans*, Barcelona, 1963, págs. 79-116.
- Fabra, Pompeu: *La llengua catalana i la seva normalització*, Barcelona, Ed. 62, 1980.
- Ferrandis i Olmos, Marivi: *La decadencia valenciana. Història i llengua*, València, Lo Rat Penat, 1983.
- Lanuzo Ortuño, Chimo: *Valencià, ¿llengua o dialecte?*, València, Lo Rat Penat, 1993.
- Marí i Mayan, Isidor: *La lengua y la cultura catalanas*, Palma de Malhorca, Llul, federació de entitats culturals dels Països Catalans, 1993.
- Ninyoles, Rafael L.: *Idioma i prejudici*, Palma de Malhorca, Moll, 1982.
- Ninyoles, Rafael L.: *Conflict Lingüístic valencià*, València, L'han, 1993.
- Saisset, Albert: *Grammaire catalane*, Perpignan, Ch. Latrobe, 1894.
- Sanchis Guarner: *La llengua dels valencians*, València, La unitat, 1992.
- Segarra, Mila: *Història de l'ortografia catalana*, Barcelona, Les Naus d'Empúries, 1985.
- Siguan, Miquel: *España Plurilingüe*, Madrid, Alianza Ed., 1992.
- Vallverdú, Francesc: *Dues llengües, dues funcions*, Barcelona, Ed. 62, 1970.
- Veny, Joan: *Els parlars catalans*, Palma de Malhorca, Moll, 1997.
- VV. AA.: *Les Normes de Castelló, una reflexió colectiva seixanta anys després*, Castelhão, Universitat Jaume I, 1993.



## A REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA NO BOLETÍN *REXURDIMENTO*

*Carme Fernández Rodríguez*

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela.

### 1. INTRODUCCIÓN<sup>1</sup>

O día 1 de agosto de 1922 viu a luz por primeira vez en Betanzos a revista *Rexurdimento*. Nun principio, foi a iniciativa dun grupo de mozos da vila entre os que podemos citar a Luís Cortiñas, Xosé Veiga Roel ou Tomás López Da Torre que, dirixidos polo médico Salvador Mosteiro Pena, intentaban contribuír así ó movemento nacionalista que se estaba a vivir en Galicia na década dos anos 20. Estes mozos, xunto con colaboradores da talla de Antón Vilar Ponte ou Ramón Cabanillas, fixeron posible a publicación. Saíu á rúa durante tres meses e cunha periodicidade quincenal, coincidindo cos días de feira na vila. Levaba o subtítulo de *Órgao dos intereses mariñás*, o que evidencia o seu carácter localista. Esta primeira época remata co nº 6 (16-X-1922), no que se anuncian cambios que levarán consigo unha reorganización do boletín.

Nunha segunda fase, reaparece o xornal o día 1 de xaneiro de 1923, pasando a subtitularse *Órgao da Irmandade Nazionalista Galega* (ING), organización xurdida na Asemblea das Irmandades da Fala en Monforte e liderada daquela por Vicente Risco. Nesta etapa, a publicación convértese no seu voceiro e incorpóranse, participando activamente, os personaxes máis prestixiosos da vida cultural do momento (Castelao, Victoriano Taibo, Lustres Rivas...). Aínda que se siga imprimindo nos talleres de Manuel Villuendas en Betanzos, déixanse a un lado as noticias locais porque agora os contidos decídense desde a dirección da ING.

A distinción de dúas etapas é fundamental á hora de analiza-las reflexións que se fan sobre o idioma: na primeira trátanse cuestións de xeito moi puntual, mentres que na

<sup>1</sup> Queremos deixar constancia aquí do noso agradecemento á Prof.<sup>a</sup> Carme Hermida polas súas suxestións para o enfoque deste traballo

segunda o tema da lingua vai ocupar un lugar destacado. Por iso, ímolas tratar de maneira separada.

## 2. AS REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA NA PRIMEIRA ÉPOCA (AGOSTO-OUTUBRO, 1922)

A pesar de que hai varias alusións ó tema do idioma, poderíamos sistematizalas e organizalas nos apartados seguintes: o galego na publicación, a creación literaria en galego, a lingua no ámbito familiar e o galego no ensino.

### 2.1 O galego na publicación

A iniciativa de utiliza-la lingua galega no xornal é obxecto de comentario por parte do médico ferrolán Xaime Quintanilla quen, no artigo “Nova Luz” (1-VIII-1922), o define como “esta nova folla esquirta na nosa lingua e unha estrela máis no ceíño da nosa esperanza...”. Ó mesmo tempo, trata de apoiar-lo proxecto lembrando o uso que fixo do galego unha autoridade de recoñecido prestixio histórico e mundial como é o Rei Afonso X.

Da resposta popular a esta idea, dá conta o segundo número salientando a excepcional acollida da publicación e lamentando as reticencias que presentaban algúns sectores da vila que consideraban que o galego non estaba á altura de lingua xornalística. Estas reservas contrapóñense coa opinión que vai manifestar Víctor Casas (un dos fundadores do Partido galeguista e director da última etapa de *A Nosa Terra*) nun artigo titulado “Rexurdimento” (16-VIII-1922), onde felicita ós promotores da iniciativa, e fala do lanzamento de numerosas publicacións no noso idioma.

### 2.2 A creación literaria en galego

A literatura en galego é tamén obxecto de reflexión nas páxinas do xornal. As referencias redúcense basicamente á opinión manifestada ó respecto no número do día 16-VIII-1922 polo catedrático Johán Vicente Viqueira, reproducíndose un artigo seu xa publicado en *A Nosa Terra*<sup>2</sup>. Segundo el, débese fomenta-la creación literaria no noso idioma porque o número de lectores non se restrinxen unicamente ós de Galicia, senón que tanto os países de fala castelá como os de fala portuguesa –onde as nosas letras contan con “ardentes partidarios”– non terán ningún problema en entendernos.

Para levar a cabo a normalización da lingua no eido da creación, propón dar dous pasos importantes:

1. Primeiramente, fai falla afirma-la nosa linguaxe literaria. Para iso, é necesario o estudo dos nosos clásicos galegos e portugueses, fuxindo sempre de busca-los modelos na fala das aldeas e imitando o que se fixo noutros pobos que estaban na nosa situación, o catalán entre eles.

<sup>2</sup> J. V. Viqueira, “D’un novo Irmán. Dúas Ideias” en *A Nosa Terra* 22 (20-VI-1917) p.1.

2. Por outra parte, como a meta é a procura dun gran número de lectores, tanto aquí como no país veciño, hai que admiti-la ortografía portuguesa, facéndolle algunhas modificacións que as diferencias de lingua esixen.

### 2.3 O galego no ámbito familiar

A formación dos rapaces no ámbito familiar é fundamental para a concienciación nacionalista dos mesmos. Cataluña é o punto de referencia e tómase como modelo porque segundo Lucordia (Luís Cortiñas Díaz) no artigo “Os Polítecós” (16-VIII-1922), alí, os pais “inculcan ó pequeno amor á Patria, á lingua, ás súas glorias. Así fanno crear n’un ambiente felís e forte”. Ademais, deféndese a idea de que o galego debe se-la primeira lingua que aprendan os nenos, precisamente polo lugar que ocupa no seo das relacións familiares: “Cando che digan que tés de deprender o castelán, dí que sí, que queres coñecer o castelán fonda e cumpridamente, mais que denantes de todo queres deprender ben, como Deus manda, a túa lingoa galega, a Fala na que tua nai che canta e te arrola e te acaríña”(16- VIII -1922).

Relacionada coa educación en galego por parte dos pais está tamén a crítica que Antón Vilar Ponte no artigo “Fasquíás” (1-X-1922), lles fai ás fillas dos obreiros que, falando castelán intentan ascender de clase social. O autor remata a súa reflexión con este chamamento ós proxenitores: “Ser nazonalista galego e non educar aos fillos en galego é peor que chamarse vexetariano e proteitor dos animais practicando ao mesmo tempo a antropofaxia”.

### 2.4 O galego no ensino

As escasas mencións sobre o galego no ensino ó longo desta primeira etapa do xornal son as orientadas á reivindicación da nosa lingua como materia de estudio. Vicente Viqueira en “Pensamentos pra unha Universidade Galega”, (16-IX-1922), defende que nos institutos, ademais do francés e do inglés, se ensine o portugués (pola proximidade cultural e histórica do país) e, por suposto, o galego. O que acontece é que, tal e como sucedía coa nosa lingua na creación literaria, cómpre primeiro a unificación ortográfica para introducila no ensino.

## 3. AS REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA NA SEGUNDA ETAPA (XANEIRO-XULLO 1923)

Na segunda etapa lévase a cabo, como xa dixemos, unha fonda reestructuración. A dirección pasa a ser outra e a nova orientación nacionalista trae consigo unhas formulacións máis claras e comprometidas nun tema tan importante como o que estamos abordando. A cuestión lingüística está intimamente ligada ó nacionalismo, de aí que moitos dos artigos que a tratan teñan como transfondo de fondo a necesidade de autonomía para Galicia. Son varios os eidos nos que se vai reclama-lo emprego da lingua, entre os cales imos destacar tres que pola súa importancia constitúen dominios básicos de uso para a normalización total do idioma: o galego na escola, na xustiza e na Igrexa.

### 3.1 O galego na escola

A escola foi considerada sempre un dos principais elementos desgaleguizadores, polo que as reflexións sobre o tema se van dirixir a pedi-la escolarización en galego para o que se aducen razóns de diverso tipo. Así, a intervención do mestre Castiñeiras Díaz, nun artigo titulado “O problema do galego” (1-II-1923)<sup>3</sup>, esixe a implantación da nosa lingua nas aulas por varios motivos:

1. En primeiro lugar, segundo el, “a parola é o elemento esencial na formación intelectual do home. Toda representación, toda imáxe xurde súpeta d’un continente verbal. ¡Que confusión non ten de se faguere nos tenros miolos dos nosos meniños –en col de todo nos das aldeias– ó sentiren falar ó escolante n’un idioma diferente do familiar, do que iles levan dentro de si!”.

A confusión á que fai alusión o mestre prodúcese porque o neno, acostumado a denomina-las cousas cos termos galegos, ten que aprende-los correspondentes casteláns.

2. Por outra banda, a ausencia da nosa lingua no ensino é considerada unha “profanación no orde espiritoal” e un erro pedagóxico.

3. Ademais, segundo el, a escola en galego é un dereito natural que triunfa sobre tódalas leis escritas. A non concesión deste dereito ten dúas repercusións fundamentais: por unha parte, ponnos en situación de inferioridade e, pola outra, fai imposible a compenetración entre a escola e a familia. Do antagonismo entre a lingua do ensino e a propia nace unha das formas máis frecuentes do analfabetismo en Galicia. Moitas das persoas que recibiron escolarización non saben escribir nin en galego nin en castelán.

4. O feito de esixir un ensino na nosa lingua non significa eliminar da escola o castelán senón chegar ó seu coñecemento a través do galego.

Victoriano Taibo é outro dos que se ocupa do tema lingüístico e, no artigo “A Fala no ensino” (marzo 1923), expón dúas cuestións fundamentais:

- Por un lado, considera que a ausencia de escolarización en galego xunto coa falla de colexios son a causa da “incultura” dos labregos. O modelo de ensino que propón para o ámbito rural debe estar orientado cara á realidade socioeconómica do contexto en cuestión. Os coñecementos impartidos deben axeitarse ás necesidades dos alumnos e estaren sempre na lingua que eles empregan.
- Por outra parte, trata de buscarlle unha explicación dende o ensino ós fenómenos que hoxe en Lingüística coñecemos cos nomes de gheada e gueada. Para el, son froito da falta de coincidencia entre a lingua propia e a lingua da escola porque se produce unha interferencia lingüística que os leva a pronunciar *auja* e *Guanito* cambiando os sons consonánticos dunha lingua a outra. Este fenó-

<sup>3</sup> A partir da reaparición en xaneiro de 1923, o xornal sae á rúa con periodicidade mensual unhas veces con data (tres números) e outras sen ela (catro números) polo que ó tratar este período, cando descoñezámolo día, só citarémolo mes dos artigos en cuestión.



meno é consecuencia da salvaxada pedagóxica que se está a levar a cabo nas escolas.

Unha proba máis da importancia que se lle concede ó tema da lingua na publicación é o espazo que se lle dedica na portada do último número (saído á rúa, como dixemos, o Día da Patria de 1923). No artigo titulado “Do idioma e da escola”, reproducense anacos de conferencias dadas polo eminente catedrático vasco e profesor da Universidade de Santiago, Luís de Eleizalde, dos que se poden extraer tres conclusións básicas que, aínda que teñan como punto de referencia ó vasco son facilmente extrapolables ó caso galego:

1. Considérase que instruí-los nenos nunha lingua diferente da súa materna é unha acción culpable.
2. Ponse de manifesto a inexistencia de centros educativos relixiosos que velen pola educación do pobo.
3. Formúlase unha crítica a todo o sistema educativo, tanto ás escolas libres como ás oficiais e ás relixiosas, que adoecen de defectos semellantes e poden ser consideradas “matadoiros” pedagóxicos do éuscaro.

Ademais, segundo o citado catedrático, autoridades académicas de alta reputación científica sosteñen que o uso de dúas linguas fomenta o desenvolvemento das facultades de análise e comparación.

### 3.2 O galego na xustiza

O ámbito xudicial é outro dos dominios nos que se reivindica o uso da nosa lingua. No artigo “O problema do galego” (1-II-1923) recóllense unhas palabras do avogado nacionalista Lois Porteiro, falecido uns anos antes da publicación do boletín.

Segundo el, o feito de non falaren a mesma lingua os funcionarios da xustiza e as testemuñas ou inculpados leva a unha falta de entendemento básico para o correcto desenvolvemento do proceso. Ademais, provoca unha serie de inxustizas que van máis alá do eido puramente lingüístico:

“Inxustiza de esixir que entenda o castelán e responda n’el un suxeito a quen o Estado non facilitou escola pra que o dependese.”

“Inxustiza de non esixir o Estado ós seus funcionarios (xueces, notarios, etc.) que coñezan o verbo no que ten de expresar o seu pensamento e a súa vountade o pobo onde ises empregados exerzan os seus cárregos.”

Nos casos nos que a comunicación non se produce de forma satisfactoria, recórrase normalmente á tradución pero, segundo o autor do artigo, o sistema non é o máis axeitado. Por moito que se respecte a literalidade, é imposible reproducir certos matices expresivos importantes á hora de facer unha declaración nun xuízo. Esta falta de comprensión entre as partes non é só unha cuestión lingüística senón que pode traer consigo graves inxustizas á hora de emiti-las sentencias.

Vemos que as críticas feitas polo avogado van máis alá do eido puramente xudicial, pois sacan á luz asuntos tan importantes como a falta de escolarización pública de gran parte da poboación galega ou o nulo interese do goberno polo funcionamento das institucións nos territorios con lingua propia.

### 3.3. O galego na Igrexa

O galego nas institucións eclesiásticas é tamén tema de reflexión, unha reflexión que sae desde dentro da propia Igrexa, pois é o abade M. Piñeiro quen expón con máis claridade as súas opinións sobre o tema no artigo “O problema do galego” (1-II-1923). Analiza o problema lingüístico e failles un chamamento ós seus compañeiros para que utilicen a lingua na que o Rei Sabio lle cantou á Virxe, ó tempo que critica a actitude diglósica dos que empregan o galego á hora de falar cos veciños, e o castelán cando lles predicán durante a Misa. As súas palabras, por seren significativas, paga a pena reproducilas:

“Predicare o Santo Evanxelio, esplicarlles a doutrina en castelán ós nosos labregos e ós nosos mariñeiros e o mesmo que encher de auga un carabelo. E falar pra o negro do sermón. Perdel-o tempo. Soilo conseguiremos evanxelizare os cregos galegos cando imitemos ós cregos cataláns e bascos das aldeias...”. “Porque namentras poden vir escolantes, notarios e xueces casteláns á Galiza –cousa que debérase evitarse– os cregos dos nosos Bispados todos son d’eiquí, da Terra...”.

Este último aspecto aparece tratado de novo nun artigo anónimo “A Irexa na Galiza” (xuño 1923), onde se dá noticia da chegada dun novo arcebispo, galego neste caso, para Santiago. Coméntase que se os principais cargos eclesiásticos son da Terra, a Igrexa, que goza dunha grande influencia na sociedade, está nunha posición privilexiada para contribuír ó desenvolvemento cultural da Patria e deixar de exercer como elemento desgaleguizador.

Evidentemente, as alusións que hai no xornal ó emprego da lingua non se limitan ás mencionadas aquí. Neste traballo recolleemos aquelas que nos pareceron máis significativas tanto polo espazo que se lle dedica como pola súa relación directa co problema da normalización. Sen embargo, non queremos deixar de citar na nosa exposición os numerosos chamamentos que, baixo forma apelativa, incitan os lectores á utilización do galego. As chamadas están baseadas, ante todo, na concepción da lingua como símbolo da liberdade do pobo, como esencia da raza e como máxima expresión do sentir nacionalista.

## 4. CONCLUSIÓN

Unha vez feito este percorrido a través das páxinas do xornal betanceiro, podemos ver claramente que, aínda que haxa algunhas diferencias –sobre todo de tipo cuantitativo– entre a primeira e a segunda etapa á hora de tratar-lo tema da lingua, os obxectivos fun-

damentais céntranse, en todo caso, na conquista dos sectores básicos para a total normalización do idioma. Esas aspiracións son as seguintes: a demanda de escolarización en galego, a esixencia de que os funcionarios públicos coñezan a nosa lingua e un maior compromiso da Igrexa coa Terra; ó mesmo tempo, apúntase tamén a idea de fomenta-la creación literaria en galego.

A maioría das reivindicacións feitas por estes homes, amantes da súa Patria e do rexurdimento cultural galego poderían estar feitas dende calquera medio de comunicación de hoxe en día porque, setenta anos despois, seguimos a ter escola en castelán, xustiza en castelán e Igrexa en castelán. A presenza do galego nos citados eidos era un desexo dos nacionalistas dos anos 20 que segue sen verse plenamente cumprido, aínda que, dende entón, xa se deron algúns cambios importantes.

Como colofón e para mostra da plena vixencia das ideas lingüísticas da publicación, reproducimos unha fermosa invitación que desde as súas páxinas se lles fai ós lectores:

“Gallegos: si sodes homes, si tendes vergonza e dinidade, falade sempre na nosa lingua procurade que os vossos fillos dependan non soilo a falala sinon tamén a escribila, tede a orgullo o falar diante de todo o mundo en gallego, que a mais de ser unha lingua fermosa, é Nosa, Nosa” (maio 1923).

## BIBLIOGRAFÍA

- Casas, V., “Rexurdimento”, *Rexurdimento* 2 (16-VIII-1922), p. 5.
- Castiñeiras Díaz, E., “O problema do galego”, *Rexurdimento*, Febreiro, 1923, p. 12.
- Cortiñas Díaz, L. [Lucordia], “Os politécos”, *Rexurdimento* 2 (16-VIII-1922), p. 3.
- González Beramendi, J. / Núñez Seixas, X. M., *O Nacionalismo Galego*, Vigo, A Nosa Terra, 1995.
- González Beramendi, J., “Irmandades da Fala” en *Gran Enciclopedia Gallega*, T. 18, Xixón-Santiago, Silverio Cañada, ed., 1974, p. 219-231.
- Piñeiro, M., “O problema do galego”, *Rexurdimento*, febreiro 1923, p. 11.
- Porteiro, L., “O problema do galego”, *Rexurdimento*, febreiro 1923, p. 12.
- Quintanilla, X., “Nova luz”, *Rexurdimento* 1 (1-VIII-1922), p. 1.
- Santos Gayoso, E., *Historia de la prensa gallega. 1800-1986*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1990.
- S. A., “A Irexa na Galiza”, *Rexurdimento*, xuño 1923, p. 3.
- S. A., “Do idioma e da escola”, *Rexurdimento*, xullo (25-VII-1923), p.1.
- S. A., “Pra os galegos”, *Rexurdimento*, maio 1923, p. 8.
- Taibo, V., “A fala no ensino”, *A nosa Terra*, 6 (5-I-1917), p. 1-2. (Reproducido en *Rexurdimento*, marzo 1923, p. 7).
- Vilar Ponte, A., “Fasquías”, *Rexurdimento*, 5 (1-X-1922), p.1.
- Viqueira, J. V., “D’un novo irmán. Dúas ideas”, *A Nosa Terra*, 22 (20-VI-1917), p. 1. [Reproducido en *Rexurdimento* 2 (16-VIII-1922), p.1.]
- Viqueira, J. V., “Pensamentos pra unha unha Universidade Galega”, *Rexurdimento* 4 (16-IX-1922), p. 4.



## O USO DO GALEGO NOS ESPACIOS URBANOS

*Mauro Fernández*

Universidade da Coruña

Desde hai anos veño insistindo na necesidade de prestar especial atención ó que está a suceder co galego nos espazos urbanos e nas xeracións máis novas, pois, na miña opinión, do que aconteza neses espazos vai depende-lo futuro da lingua.

Téndome ocupado non hai moito tempo da lingua materna nos espazos urbanos, voume ocupar hoxe da lingua de uso habitual. Os datos que vou presentar proceden do banco de datos do Seminario de Sociolingüística de Real Academia Galega. Como xa saberán os que consultaran os volumes primeiros do Mapa, os datos proceden de case 39.000 cuestionarios, repartidos en 34 mostras diferentes. Sete destas mostras corresponden ós municipios urbanos: A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Nestes municipios fixéronse algo máis de mil entrevistas en cada un, xa que se concibiron como unidades de mostraxe independentes, tendo cada unha das sete mostras unha marxe de erro de máis/menos 3% para unha fiabilidade do 95%. Cada unha de estas mostras foi estratificada por idade e sexo, sendo a poboación investigada tódolos habitantes dos municipios urbanos maiores de 15 anos. Á hora de considerar estas sete mostras como unha única mostra correspondente á totalidade dos municipios urbanos, hai que introducir unha ponderación nos datos, para evitar que tódalas cidades teñan o mesmo peso: os datos de Vigo ou da Coruña deben ter máis peso cós de Pontevedra ou Lugo, xa que tamén o teñen os respectivos municipios. Trala necesaria ponderación, queda unha única mostra con datos procedentes de 8.103 entrevistas, o que supón unha mostra máis que óptima neste tipo de traballos.

Entre as moitas preguntas sobre uso que hai no cuestionario, voume referir aquí só á primeira delas, formulada nos termos ‘¿Que lingua fala?’, con catro opcións de resposta: ‘só castelán’, ‘máis castelán que galego’, ‘máis galego que castelán’ e ‘só galego’. Con esta pregunta pretendíase obte-la impresión dos entrevistados acerca da lingua que falan decote nas situacións máis espontáneas. No resto do cuestionario hai moitas preguntas máis sobre o uso das linguas en moi diversos ámbitos e con diversos tipos de interlocutores.

Antes de entrar na poboación urbana, e para ter un punto de referencia, vexamos en primeiro lugar os datos correspondentes ó total de Galicia. Na primeira columna da táboa 1 vemos como o galego é a lingua habitual dos dous tercios da poboación (exactamente o 66,9%, sumando as dúas últimas filas, que corresponden ós que falan só galego e os que falan máis galego que castelán), mentres que o outro tercio fala habitualmente español (sumando as dúas primeiras filas, que corresponden os que falan só castelán e ós que falan habitualmente máis castelán que galego). Fixándonos exclusivamente nas filas dos extremos, vemos que só un 10,6% fala exclusivamente en castelán, fronte a un 38,7% fala exclusivamente en galego. O galego, xa que logo, forma parte nalgún grao do repertorio de uso lingüístico de case o 90% da poboación, mentres que o castelán forma parte do repertorio do 61,3% da mesma. Os datos indican, pois unha forte presenza do galego nos usos comunicativos cotiáns, unha presenza máis forte cá do castelán.

*Táboa 1. Lingua habitual en distintos ámbitos*

|               | LINGUA HABITUAL EN<br>GALICIA | LINGUA HABITUAL NOS<br>MUNICIPIOS URBANOS | LINGUA HABITUAL NAS<br>ZONAS ESTRUCTAMENTE<br>URBANAS |
|---------------|-------------------------------|---|---|
| SÓ CASTELÁN   | 10,6%                         | 21,6%                                     | 24,2%   |
| MÁIS CASTELÁN | 22,5%                         | 35,7%                                     | 38,2%   |
| MÁIS GALEGO   | 28,2%                         | 30,9%                                     | 28,5%   |
| SÓ GALEGO     | 38,7%                         | 11,8%                                     | 9,1%  |


Na segunda columna da táboa figuran os datos correspondentes ós municipios urbanos de Galicia. Vemos, en contraste cos datos da columna anterior, que nos municipios urbanos xa hai menos do 50% de usuarios habituais do galego: o 42,7%, de novo sumando as dúas últimas filas (recordemos que no conxunto de Galicia era o 66,9%). Sumadas as dúas filas superiores, obtemos un 57,3% de usuarios habituais de castelán. Fixándonos exclusivamente nas filas dos extremos, vemos que os monolingües habituais en castelán case duplican os monolingües habituais en galego: 21,6% fronte ó 11,8%. En termos de repertorio lingüístico, o galego está presente dalgún xeito nos usos lingüísticos habituais do 78,4% da poboación dos municipios urbanos (recordemos que no conxunto de Galicia o está no 90%), mentres que o 88,4% teñen incorporado dalgún xeito o castelán.

Se ben este segundo conxunto de datos presenta xa un balance favorable ó castelán, poderíase dicir que o galego ten aínda unha presenza considerable nos municipios urbanos, pero cómpre facer algunhas matizacións importantes. A primeira é que nos datos da segunda columna están comprendidos os habitantes das zonas periurbanas, cun peso moi variable segundo os diferentes municipios. A Coruña, por exemplo, é un municipio case netamente urbano: a penas saímos do centro e xa estamos en territorio de Oleiros, de Arteixo, ou de Culleredo, mentres que Pontevedra ou Santiago teñen unha importante

zona periférica, que neste último chega ata A Sionlla, Lavacolla, etc., incluíndo, pois, zonas moi próximas nas súas características socioeconómicas e sociolingüísticas ás zonas máis rurais. Xa que logo, se nos limitamos á poboación netamente urbana, excluindo os poboadores das zonas periféricas (que chamaremos hábitat periurbano no sucesivo, e que en conxunto representan o 18,6% da nosa mostra), os datos para o galego son algo menos favorables. Como podemos ver na terceira columna da Táboa 1, nas zonas netamente urbanas hai un 62,4% de habitantes que usa habitualmente o castelán (de novo sumando as dúas filas inferiores) fronte ó 37,6% que usa preferentemente o galego. Nas opcións extremas, hai xa un 24,2% que fala exclusivamente en castelán fronte a un 9,1% que fala exclusivamente en galego. En termos de repertorio lingüístico, o galego está presente dalgún xeito nos usos lingüísticos do 75,8% da poboación netamente urbana, mentres que o castelán está presente nos usos lingüísticos do 90,9% da mesma poboación.

A segunda matización que cómpre facer, máis importante cá anterior, é que estes datos non se distribúen homoxeneamente no conxunto da poboación urbana, e que unha das variables que máis inciden na desigual distribución é a idade. Vexámo-los datos por idade para a poboación netamente urbana, é dicir, prescindindo das zonas periurbanas. No Gráfico 1 vemos como as opcións correspondentes ó uso preferente do galego (os dous grupos de barras da dereita) van diminuíndo a medida que baixamos na escala de idade, co conseguinte aumento das opcións a favor do castelán (os dous grupos de barras da esquerda). No grupo de poboación netamente urbana que ten entre 16 e 25 anos de idade (a barra de máis a esquerda en cada grupo de barras), vemos como as opcións a favor do galego teñen xa moi pouco peso: sumadas ámbalas dúas, dan o 14%, fronte a un 76% que usa preferentemente o castelán. En canto as opcións monolingües, só un 3,6% dos mozos das cidades falan exclusivamente en galego, fronte ó 35,6% que fala exclusivamente en castelán. En termos de repertorio lingüístico, o castelán está presente nos usos lingüísticos do 96,4% deste subgrupo de poboación, mentres que o galego está presente dalgún xeito (e de xeito máis ben escaso) só no 64,7% do mesmo subgrupo.

Gráfico 1. Lingua habitual por idade nas zonas estritamente urbanas



Os datos anteriores parecen apuntar, a primeira vista, a un grave proceso de desgaleguización nas cidades. Esa é a lectura que inmediatamente se nos ocorre a calquera. Certamente, non se poden oculta-los motivos de preocupación que estes datos urbanos supoñen, pois non parece ningún desatino pensar que as barras do gráfico iranse desprazando cara á dereita, a medida que morre a poboación máis vella e envellece a restante, mentres pola esquerda, de continuaren as tendencias actuais, van aparecendo figuras xa con poucos ou con ningún falante habitual de galego; de feito, algúns dos galegofalantes máis vellos da nosa mostra xa morreron, e o grupo ó que nos estamos a referir como ‘de 16 a 25 anos’ xa está entre os vinte e os trinta.

Con todo, hai algo por detrás destes datos que habitualmente se descoida nas análises, e que nos pode levar, senón a nega-la existencia dun proceso de desgaleguización, xa que sería ir en contra da evidencia, si a matizar esa existencia considerablemente. Fronte á aparencia, simple aparencia, de que nas nosas cidades se fala cada vez menos galego, cómpre dicir con toda claridade que a porcentaxe de galegofalantes de feito aumentou nos últimos 50 anos, como consecuencia do aporte poboacional procedente dos sectores rurais (o que non implica en absoluto que vaia seguir aumentando pola mesma causa durante os próximos anos). É dicir, que se non fose por ese aporte, o galego nos espazos urbanos tería hoxe unha presenza mínima, pero porque xa a tiña tamén mínima hai 50 anos. Penso que esta afirmación necesita algunha argumentación no seu apoio. Vexamos:

Hai un pouco vimos que a porcentaxe de usuarios habituais do galego nos espazos netamente urbanos é, nestes momentos, o 37,6%. Pero se tomamos en consideración a procedencia xeográfica deses habitantes urbanos (táboa 2), a porcentaxe baixa ó 21,4% entre os que naceron nun hábitat propiamente urbano, e sobe ó 46,6% entre os que naceron en vilas; sobe aínda máis, ata ó 56,9%, entre os que naceron na periferia das cidades, e chega ata ó 62,3% nos que naceron no hábitat que nós catalogamos como rural-1, e ata o 74,8% entre os que naceron no hábitat máis rural, que nós catalogamos como rural-2. Se temos en conta que a poboación nacida en hábitat urbano representa só o 48% do total da poboación urbana, e se temos en conta que, entre o 52% restante, máis da metade procede de zonas rurais, vemos claramente que se hoxe nas cidades hai aínda un 37,6% de usuarios habituais de galego é porque moitos dos inmigrantes de procedencia rural non abandonaron a lingua como consecuencia da inmigración, e mesmo seguen a facer un uso preferente dela.

*Táboa 2. Uso do galego nas zonas urbanas segundo o hábitat de nacemento*


| CIDADE | VILA  | PERIURBANO | RURAL 1 | RURAL 2 |
|--------|-------|------------|---------|---------|
| 21,4%  | 46,6% | 56,9%      | 62,3%   | 74,8%   |

Pódese apreciar con claridade que as cidades xa estaban desgaleguizadas hai moito tempo, hai alomenos 50 ou 70 anos, se nos limitamos á poboación que naceu nun hábi-



tat especificamente urbano, e observamos nela a distribución por idade. Como podemos ver no Gráfico 2, as opcións favorables ó galego (os dous grupos de barras da dereita) acadan en tódolos grupos de idade porcentaxes moito máis baixas cás opcións favorables o castelán (os dous grupos de barras da esquerda). Entre os maiores de 65 anos (a última barra de cada grupo), sumando as dúas opcións favorables ó galego, obtemos só un 36,5% de falantes habituais de galego, é dicir, a mesma porcentaxe que temos hoxe para os espacios netamente urbanos incluíndo tódolos habitantes, independentemente de onde procedan e da súa idade. E vemos tamén no gráfico que a porcentaxe de monolingües habituais en galego é só do 7,9% no grupo de máis idade (que é o grupo no que acada o valor máis alto), mentres que no conxunto da poboación urbana, excluídos os habitantes do periurbano, a porcentaxe de monolingües en galego é, como xa vimos hai un pouco, algo superior: o 9%.

Gráfico 2. Lingua habitual por idade dos nados en cidades




Desgaleguización, pois, si e non, ou non tanta, segundo como se miren os datos, e desde logo non recente. A implantación do castelán nas cidades é antiga, como acabamos de mostrar, xa que mesmo entre a poboación de máis idade nacida nas cidades atopamos datos peores para o galego cós que atopamos no conxunto da poboación urbana sen atender á distribución por idade. Podería ser aínda moito máis antiga do que estou insinuando, pero deixarei este aspecto a un lado, xa que me levaría a unha discusión das fontes que non podo abordar agora. Polo que respecta ós últimos 50 ou 75 anos, o uso do galego das cidades non diminuíu, senón que se mantivo estable debido ás achegas poboacionais procedentes da poboación rural, e mesmo podería ter aumentado. Mellor dito, o que se mantivo estable foron as cifras globais, aínda que con protagonistas diferentes, tal como sucede en boa medida co español nos Estados Unidos, que se conserva e incluso aumenta debido ó constante fluxo migratorio.

Entre as causas máis salientables do abandono dunha lingua tense sinalado a dislocación dos espacios tradicionais de convivencia, especialmente a dislocación producida pola emigración ás cidades. Pero no caso das cidades galegas atopámonos cunhas por-

centaxes de mantemento do galego por parte dos inmigrantes realmente importantes. Ese mantemento é notable en tódolos grupos de idade, como podemos ver no Gráfico 3.

Gráfico 3. *Lingua habitual por idade dos inmigrantes urbanos procedentes do rural*



Neste gráfico vemos como as dúas opcións favorables ó castelán (os dous grupos de barras da esquerda) teñen menos peso cás dúas correspondentes ó galego; vemos tamén como a opción dominante en tódolos grupos de idade é a opción ‘máis galego’; vemos como a opción ‘só castelán’ (o grupo de barras de máis a esquerda) ten unhas porcentaxes mínimas, e que a penas se aprecia nel o efecto idade; e vemos que, aínda que ese efecto idade si se aprecia na opción ‘máis castelán’ (segundo grupo de barras pola esquerda), na que o grupo máis novo acada unha porcentaxe importante (o 35,3%), esa porcentaxe é máis baixa cá do mesmo grupo na opción ‘máis galego’, e sobre todo, vemos un efecto da idade en dirección contraria ó esperado na opción ‘só galego’, na que os máis novos teñen porcentaxes máis altas cós outros grupos de idade, a excepción do grupo máis vello.

Ata agora viñamos tomando o hábitat urbano como unha unidade, como se tódalas cidades foran iguais nas súas características sociolingüísticas. Pero, como xa puxen de manifesto nun traballo recente sobre a lingua inicial, o presuposto de que non hai diferencias entre as cidades é un presuposto infundado. Cada cidade galega ten unha historia sociolingüística diferente e, xa que logo, características sociolingüísticas propias, dependendo do tipo e grao de industrialización, do tipo e grao de servicios que oferta, do tipo e procedencia da súa inmigración, da relación que mantén co ambiente, do tipo de mercados, etc. Cómpre, xa que logo, compara-las cidades entre elas.

Para efectuar esta comparación temos que abandona-la técnica sinxela utilizada ata agora, e que consistía simplemente nas porcentaxes dos distintos subgrupos para cada categoría de lingua habitual. Temos que abandonala, porque nos levaría a unha casuística sumamente complexa, na que non resultaría doado percibir o diferencial de cada cidade e o común a todas elas; a táboa máis sinxela tería 28 celas, xa que temos sete cidades e catro categorías de uso. A técnica máis axeitada neste caso, na miña opinión, é a análise de correspondencias, xa que permite o estudo das relacións de interdependen-


cia entre variables categóricas en táboas de calquera grao de complexidade. Na súa esencia, consiste nunha técnica de análise factorial, o que permite presenta-los resultados graficamente sobre eixes de coordenadas, axudando de xeito notable á interpretación das relacións existentes entre variables ou entre categorías dunha variable.

Como é posible que algúns membros do público non estean habituados a interpreta-los gráficos da análise de correspondencias, simplificaréi moito a interpretación, e prescindirei do vocabulario técnico, polo que presento as miñas escusas ós que si estean familiarizados con este tipo de análise.

Do que se trata na análise de correspondencias é de descubrir dimensións subxacentes ós datos, que permitan agrupar estes dun xeito coherente. Neste caso temos que indagar se as cidades galegas se poden dividir en subgrupos que compartan certas características en canto ó uso habitual do galego e do castelán.

Os gráficos que presentarei a continuación refírense ó total da poboación urbana, sen diferenciar, pois, entre a procedencia dos habitantes e incluíndo os que residen no hábitat periurbano. O primeiro que temos que localizar en cada gráfico (a explicación que segue toma como exemplo o Gráfico 4) é o que se chama punto de orixe, que é como un centro de gravidade, un centroide, con relación ó cal se sitúan as categorías das variables. Tal punto de orixe aparece marcado no gráfico cun X.

Gráfico 4. *Lingua habitual por cidade: análise de correspondencias*




A primeira dimensión é a dimensión horizontal, é dicir, opón o que está á esquerda do X fronte ó que está á dereita. Neste caso, no que o que temos no gráfico son as opcións de lingua habitual, vemos que quedan á esquerda as opcións ‘só castelán’ e ‘máis castelán’, e que quedan á dereita as opcións ‘só galego’ e ‘máis galego’; pero as opción ‘máis’ están a pouca distancia (na dimensión horizontal) do punto de orixe (do X), en comparación coas opcións ‘só’, de xeito que o que esta primeira dimensión nos vai separar é os que usan ‘so castelán’ dos que usan ‘só galego’.

A segunda dimensión é a dimensión vertical, que opón o que está enriba do punto de orixe fronte ó que está embaixo. Como podemos ver, nesta dimensión opóñense as opcións de monolingüismo (só castelán e só galego) fronte ás opcións de bilingüismo (‘máis castelán’ e, sobre todo, tendo en conta a maior distancia ó punto de orixe, ‘máis galego’).


Se colocamos agora no gráfico as cidades en vez das opcións de lingua habitual (Gráfico 5), vemos que a dimensión horizontal opón o grupo formado por Ferrol, Vigo e A Coruña (sinaladas no gráfico polas súas iniciais), a esquerda do punto de orixe, fronte a Santiago, que é a que está máis á dereita do punto de orixe, e, ó grupo formado por Ourense e Lugo, e, en menor medida, a Pontevedra, que aparece illada. A segunda dimensión, a vertical, opón basicamente Ourense e Lugo, moi por baixo do punto de orixe, a Pontevedra, moi por riba.

Gráfico 5. Lingua habitual por cidade: análise de correspondencias




Se agora superpoñémo-los dous gráficos (Gráfico 6), vemos como Ferrol, A Coruña e Vigo están moi preto das opcións correspondentes ó castelán, que Santiago está moi preto da opción ‘só galego’, que Ourense e Lugo están moi preto da opción ‘máis galego’, e que Pontevedra ocupa un lugar intermedio entre as opcións ‘só galego’ e ‘só castelán’.

Gráfico 6. Lingua habitual por cidade: análise de correspondencias




A primeira vista semella que a cidade máis próxima a opción ‘só castelán’ é A Coruña, pero trátase só dunha aparencia; en realidade, a cidade con maior predominio do castelán é Ferrol, como podemos ver no gráfico 7, idéntico ó anterior, pero que ten unha axuda adicional para a súa correcta interpretación. Nel trazamos unha liña que une o punto de orixe coa categoría de uso ‘só castelán’, e logo efectuamos unha proxección ortogonal con respecto ó eixe dos puntos correspondentes a cada unha das cidades ata intersecta-la liña anteriormente trazada. As distancias entre as interseccións e os puntos correspondentes ás opcións de uso indican como se relacionan entre si as categorías das dúas variables. Neste caso fixemos só unha liña ata a opción ‘só castelán’, e vemos que a distancia máis corta entre as interseccións e o punto de ‘só castelán’ lle corresponde a Ferrol, seguido de Vigo e, en terceiro lugar, A Coruña. O mesmo, naturalmente, poderíamos facer coas outras opcións de uso lingüístico.

Gráfico 7. *Lingua habitual por cidade: análise de correspondencias*




Hai unha segunda aparencia que non corresponde á realidade: a proximidade de Santiago ó punto ‘só galego’ semella suxerir que nesta cidade predominan os que falan só en galego, o que, obviamente, non é certo; a porcentaxe de monolingües habituais en galego en Santiago é a máis alta de tódalas cidades galegas, e iso é o que quere dicir no gráfico a súa proximidade ó punto ‘só galego’, pero aínda sendo a porcentaxe máis alta, é en realidade bastante cativa: a penas o 30%. A ilusión gráfica (o mesmo cá anterior con Ferrol e A Coruña) débese a que para ilustrar como funciona este tipo de análise escollín un tipo de normalización que se chama ‘normalización canónica’, que toma en consideración simultaneamente as cidades e as categorías de uso. Unha representación máis realista, con outro tipo de normalización, témola no gráfico 8, no que se separan máis os puntos correspondentes ás categorías de uso. As cidades quedan moito máis xuntas ca antes, aínda que seguimos percibindo que Ferrol, A Coruña e Vigo forman un grupo, que Lugo e Ourense forman outro, e que Santiago non está tan próxima á opción ‘só galego’ coma antes, aínda que é a máis próxima, seguida de Ourense e Lugo.

Gráfico 8. *Lingua habitual por cidade: análise de correspondencias (normalización por filas)*

En canto á dimensión vertical, volvendo ó Gráfico 7, destacan Lugo e Ourense, como as cidades nas que hai as porcentaxes máis altas de xente que usa ‘máis galego que castelán’, fronte a Pontevedra que é a que menor porcentaxe ten nesta categoría.

A serie de gráficos que acabo de presentar referíase ós municipios urbanos; pero xa vimos o diferente peso que ten neles o hábitat periurbano, moi importante en tamaño e poboación no municipio de Pontevedra, escaso en ámbolos dous conceptos na Coruña e Lugo, e cunha importancia intermedia nas outras cidades. Vexamos, pois, o que ocorre cando nos limitamos á poboación estrictamente urbana (Gráfico 9). A maior sorpresa prodúcenola o importantísimo cambio de posición no gráfico de Pontevedra, aínda que a sorpresa non será tanta para quen procedan desa cidade; para eses a sorpresa máis ben débellella producir o gráfico anterior. Excluindo o periurbano, Pontevedra amósase como a cidade máis orientada cara á opción ‘só castelán’, mesmo máis que Ferrol, Vigo e A Coruña. A primeira dimensión opón fundamentalmente o grupo formado por Pontevedra, Ferrol, Vigo e A Coruña (por esa orde, máis orientadas cara ó castelán) fronte ó grupo formado por Lugo, Ourense e Santiago, tamén por esa orde, máis orientadas cara ó galego. A segunda dimensión, pouco importante neste caso, opón Santiago a Ourense e Lugo, na zona de predominio do galego, e Pontevedra a Vigo na zona de predominio do castelán. Santiago diferénciase de Ourense e Lugo en que ten máis monolingües en galego, e Pontevedra diferénciase de Vigo en que ten máis monolingües en castelán.

Gráfico 9. *Poboación estrictamente urbana: Lingua habitual por cidade*

Xa de forma moi breve, e sen gráficos, vexamos cales son os resultados máis salientables da análise se nos limitamos non só ós que viven propiamente nas cidades, senón, dentro destes, ós que naceron nelas. Os grupos non cambian: Pontevedra, Ferrol, A Coruña e Vigo, por esta orde, oriéntanse cara ó castelán, e Santiago, Ourense e Lugo, mesmo estando tamén orientadas cara ó castelán, teñen algún galegofalante máis cás outras. Santiago é, dentro deste subgrupo de nados nas cidades, a que máis monolingües habituais ten: o 11%, así que poden vostedes imaxinar como andarán nesta opción as outras cidades.

E, xa por último, en canto á poboación inmigrante procedente do rural, limitareime a dicir que onde máis se mantén o galego (e mantense moito) é en Santiago, seguido de Lugo, e onde menos se mantén é en Vigo, seguido de Ferrol, aínda que o grao de mantemento é tamén importante nestas dúas últimas cidades: sumadas as dúas opcións favorables o galego, temos que en cada unha delas algo máis do 60% dos inmigrantes procedentes do rural usan habitualmente o galego.

Permítanme vostedes que non remate esta intervención do xeito habitual, e que me absteña, xa que logo, de presentar unhas conclusións explícitas (as implícitas, naturalmente, están xa diluídas no texto anterior). Teño comprobado reiteradamente que conclusións como as que aquí serían de esperar son as máis das veces mal entendidas (a favor ou en contra dos seus autores, iso tanto ten). Isto non é unha queixa: é normal que así suceda. A estatística, en definitiva, non é máis ca unha tecnoloxía que, aínda que nacida ó abeiro do poder, permite múltiples usos alternativos, e os usos que dela se fagan (para manter unha situación de feito, para combatela e transformala, ou para apoiar calquera aberración) son da incumbencia de cada quen. Que cada quen, pois, saque as conclusións que lle resulten máis axeitadas ós seus propósitos.





## NOTAS PARA UN *MANUAL DE RESISTENCIA LINGÜÍSTICA*<sup>1</sup>

*Xesús Ferro Ruibal*

Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias *Ramón Piñeiro*

### TRES COUSIÑAS PARA UNHA SOCIOLINGÜÍSTICA TERAPÉUTICA

Os sociolingüistas son os ecoloxistas da lingua. E, como ecoloxistas da lingua, case sempre describen, miden e analizan a agresión sistemática que cometen contra os falantes de linguas asediadas certas leis e institucións creadas para privilexia-las linguas estatais; analizan tamén aqueles usos académicos, xurídicos ou mercantís que pretenden xustificar como inercia secular a radical desigualdade dos cidadáns por razón da lingua que falan. Por veces mesmo denuncian culpables, por acción ou omisión. E digo eu, ¡benia os que niso traballan! Porque cómpre que ningunha agresión goce da impunidade que garante o silencio.

Pero, aínda que, en xeral, os sociolingüistas aman as linguas pequenas e non din que non haxa nada que facer, describen un Goliat con tamaño forza, que a lectura dos seus informes deixa un pouso entre alarmista e pesimista. E o caso é que, fóra de honrosas excepcións, pola sociolingüística non se interesan os que falan linguas privilexiadas e privilexiantes senón os que falamos linguas máis ou menos minorizadas. Velái como eses sociolingüistas veñen sendo médicos que só lle dan a saber ó enfermo a gravidade do mal e mailas posibles complicacións, quitándolle así a esperanza de curar e, con ela, a enerxía interior para superar esa crise e sobrevivir.

Describi-las negras perspectivas de futuro dunha lingua minorizada non sempre anima a agarimala, asumila e falala, senón a presentar como máis irresistiblemente poderosa a lingua dominante. Por iso son da idea de que, á par da denuncia da ofensa, ten que haber un apoio ó ofendido; á par dunha sociolingüística descritiva e inactiva, ten que haber unha sociolingüística pragmática e terapéutica que dea azos ós marxinaos. Por iso teño soidade de expertos que se paren, con idéntico rigor, a describir, medir e

<sup>1</sup> A sociolingüística terapéutica divulgativa, que eu demandaba nesta comunicación ó Congreso, apareceu axiña nun libro que estimo moito de Juan Carlos Moreno Cabrera (MORENO 2000) e que, en parte, xa deixa atrás este traballo.

analiza-la enérxica resistencia dos débiles; fáltnme sabios que describan o enxeño épico dos asediados e os puntos fracos dos asediantes; fáltnme voces que valoren os anticorpos que a natureza xera ante a agresión á biodiversidade e os curiosos mecanismos con que a natureza se recompón tralas catástrofes; fáltnme científicos que me dean luz para substituí-lo medo polo enxeño e o pesimismo pola esperanza. Se o diagnóstico non se completa co deseño dunha estratexia de defensa, sería unha medicina que rematase no diagnóstico e non deseñase á acción terapéutica.

Os exércitos teñen para os seus soldados de elite un *Manual de resistencia* no que lles aprenden mañas para sobreviviren en condicións extremas de falta de auga, de alimento ou en medios extremadamente hostís. Ben, pois, xa que algo nos impulsa a seguir resistindo coas nosas linguas, tiña que haber científicos que traballasen na elaboración dun *Manual de resistencia lingüística*, que nos ensinase a poderlle ó agresor. Cómprenos unha luz que conte a guerra dende detrás do pequeno David, porque non se trata tanto de ofrecer e interpretar datos, coma de cambiar aqueles datos que sexan negativos para a resistencia dos cidadáns marxidados nas súas linguas.

Eu non son, abofé, o xenio que lle vai dar en vinte minutos este xiro copernicano á sociolingüística galega pero si que vou gastar ese tempinho en lles recordar que ten que xurdir entre nós outra maneira de facer sociolingüística; ten que aparecer unha sociolingüística, se mo permiten, estereofónica que recolla as dúas partes do combate, que estudie tamén os puntos fracos do agresor e as mañas do agredido, porque a habelencia dun judoka pode tombar un gigante.

Un segundo elemento é necesario para unha nova sociolingüística: liberala de prexuízos políticos. É obvio que a razón última da marxinação de certas linguas é política, pero se a posición política do diagnosticante condicionare inconscientemente (ou conscientemente) o seu diagnóstico, este carecía de valor científico. Cando todo é da cor do cristal con que se mira, estamos ante un *parti pris* que anula o valor do diagnóstico. Vamos a un caso: da situación do galego corren por aí uns catro diagnósticos totalmente contradictorios entre eles (o españolista da AGLI, o nacionalista de esquerdas, o portuguésista da AGAL, o bilingüista e o galeguista). Uns din que en Galicia está perseguido o español, outros que está perseguido o galego, outros que o que está perseguido é o portugués, outros que ningún, etc. E o caso é que o rigor e a profusión dos datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* e os datos do *Euromosaïc* (ese estudio comparativo das 48 linguas non oficiais da Unión Europea, do que falarei ó remate) non deron aproximado eses diagnósticos. Tódolos diagnosticantes silencian os datos que non lles cadran: na maior parte dos casos, os referidos á recuperación do galego, nalgúns casos a novísima e penetrante agresión do ámbito familiar utilizando os novos medios de comunicación. Tanta discordancia fai sospeitar que tódolos diagnósticos están viciados, co que novamente resulta máis urxente unha sociolingüística democrática.

Un terceiro elemento é que cómpre distinguir tres niveis de saúde lingüística ou, se se quere, de resistencia á agresión: *supervivencia* da lingua, *normalización* da lingua e *ex-*

**clusividade territorial** da lingua. Porque unha cousa é loitar para que aínda alguén nalgún sitio fale esa lingua, tan sequera no nivel doméstico, amical e informal (*supervivencia*); outra cousa é facer que unha lingua puramente oral adquira e exerza o dereito a servir tamén para labores formais e prestixiados, coma a documentación oficial, a actividade comercial, os medios de comunicación, a cerimonia litúrxica (*normalización*); e aínda outra cousa é que nun determinado territorio esa lingua sexa a única que corra no nivel oficial, público e formal, por máis que se recoñeza o dereito ó uso privado doutras linguas (*exclusividade territorial*). É evidente que unha lingua pode sobrevivir moitos séculos sen normalizar. Tamén o é que unha cousa é non dar conquistado a exclusividade, e outra, moi distinta, é morrer. A situación de *supervivencia* e de *exclusividade*, unha vez establecida, pode manterse indefinidamente de forma case pacífica. En cambio, cando unha lingua supervivente esperta e se espreguiza iniciando o proceso de normalización, obriga á lingua privilexiada a cederlle parcelas de poder; e este reaxuste desorienta e desacouga os seus falantes que non saben cal vai se-lo final deste proceso. **Supervivencia, normalización e exclusividade territorial** son distintos niveis de saúde lingüística. Pero, cando en Galicia discutímo-la situación do galego, cada interlocutor sitúase no nivel que lle parece, co que todos falamos aparentemente do mesmo e realmente de cousas distintas. Parte da incoherencia dos nosos diagnósticos débese a que, mentres uns, dende a lingua dominante, atacan a exclusividade territorial, outros dende a lingua dominada, defenden o dereito á normalización; mentres uns, dende o poder, defenden o bilingüismo, outros dende a oposición promoven un monolingüismo que, por inalcanzable a curto prazo, leva a algunha xente a longas depresións; e a algúns líderes, a discursos deprimentes. Volvemos así a unha sociolingüística esterilizante que desarma ante a agresión.

Vou dicir cousas sabidas, sinxelas, quizais impropias dun Congreso Internacional. Pero xa saben que eu sempre penso co corazón e falo sempre, mesmo agora, para os que defenden as linguas asediadas. Por iso busco as razóns da esperanza, non, obviamente, para narcotiza-los asediados e facelos máis vulnerables, senón para dálle-la certeza de que o futuro poderá ser negro pero aínda está por escribir.

Falarei ou ben en forma de resposta miña a certas afirmacións ou ben en forma de comentario a certa afirmación miña. Deixo para outra ocasión, por falta de tempo e espacio, as miñas cavilacións sobre a normalización e a exclusividade territorial e limita-reime hoxe a falar da supervivencia.

## A SUPERVIVENCIA

### 1. Falsas ameazas

#### 1.1. *Hai poucas linguas, tendemos á unificación*

Ben mirado, hai milleiros de linguas (entre 3.000 e 4.000, segundo os especialistas) pero dúcias de miles de dialectos: o holandés parece que ten 28.

Só na Unión Europea pasan de 23 millóns (de 40 segundo Carlo Simeoni) os cidadáns que non falan unha lingua oficial, unha das once linguas privilexiadas. Só en Italia o Consello de Europa recoñece a existencia de doce linguas, sen entrar na análise das importantes diferencias dialectais que separan Sicilia de Milano ou Venezia de Napoli. E, fóra da Unión, Iugoslavia tiña tres linguas oficiais (esloveno, macedónico e serbocroata, se serbio e croata son a mesma lingua) pero contiña trece minorías lingüísticas: albaneses, húngaros, turcos, eslovacos, búlgaros, romaneses, xitanos, ucraínos, italianos, gregos, checos, alemáns rusos e outros grupos menores (WARDHAUGH 1992:399). A URSS contiña unhas cen nacionalidades diferentes, cada unha coa súa lingua ou variedade. Papúa Nova Guinea é unha nación con 700 linguas indíxenas, algunha con 500 falantes.

### **1.2. O 90% dos humanos falan unha ducia de linguas**

Esa é unha crenza vulgar e falsa. Moitos Estados non teñen ou non publican estatísticas lingüísticas fiables. Díxose neste Congreso que a imposibilidade de asumi-los custos de recoñecer que un portugués medio non entende o que se fala na illa de São Miguel dos Açores provoca que se siga dicindo que aquilo é portugués. En consecuencia, por debaixo das grandes cifras de falantes das linguas *máis importantes*, hai realidades intencionadamente ocultadas, coma que están contados como falantes os que dentro do Estado *teñen a obriga* de sabela e usala, aínda que nunca a falen, ou coma que para a mesma lingua, segundo que experto dirixa o estudio, varían as cifras en ducias de millóns de falantes sen que ninguén explique tales presuntas masacres.

Ninguén fala dos oitenta millóns de *mongois, zhuang, hui, hani, dong, uigures, yi, miao, hezhens e bai* que en China non falan chino. Ninguén fala dos *ainu* do Xapón oficialmente uniforme. Ninguén fala dos setenta millóns de membros de minorías marxina-das na India, que levan escrito no corazón os nomes dos cen mil *nagas* exterminados polo exército hindú. Ninguén fala das corenta etnias contra as que, polo menos ata hai pouco, loitaba o exército birmano. Ninguén fala dos millóns que en Angola falan *ki-koongo, kimbundu, umbundu, mbunda, cokwe* ou *kwanyama*. Ninguén fala das cincuenta e cinco etnias que aínda quedan en México; nin dos *jicaque* de Honduras; nin dos *huaymi* e os *kuna* de Panamá; nin dos *miskitos* de Nicaragua; nin dos *quechuas* de Perú; nin das vinte linguas indias de Guatemala.

Ademais raro é o Estado que contabiliza as linguas das grandes bolsas de inmigrantes (50% dos nenos que hoxe nacen en Bruxelas<sup>2</sup>, 42% dos escolares de Genève, e 70% dos de Renens, preto de Lausanne; 80% nalgúns Centros públicos de Lyon). E isto é certo en Francia, Alemaña, Suíza, Luxemburgo e mesmo en España e no monolingüe Portugal (fillos *sen patria* dos retornados).

### **1.3. Morren moitas linguas. É o natural**

Poucas linguas morreron en Europa. Algunhas resucitan. En lei dereita aínda non se pode considerar morto de vez o *latín*, visto que aínda se usa na documentación oficial

<sup>2</sup> 10.000 funcionarios da UE.

vaticana, nas moedas suízas e que o utilizan como medio de comunicación latinistas de moitos países.

En 2.000 anos de historia europea teño oído falar da morte do *etrusco*, do *umbro*, do *osco*, do *lígur*, do *mozárabe*, do *godo* de Crimea (XVI), do *prusiano* á beira do Elba no XVI, do *polabio* (Lüchow en Alemaña, no XVII) e do *dálmata* (illa de Krk/Veglia no XIX) e pouco máis.

Pero o *córnico*, morto no XVIII, resucita no XX. O *manés* (morto en 1970) resucitou con 250 falantes no 1990. Espectacular é o caso do *hebreo*.

Hai casos de admirable supervivencia, coma o *protogalego* de Extremadura (en territorio de fala castelá e a centos de quilómetros de Galicia) ou mesmo do *galego* que en Galicia segue sendo maioritario, despois de que, para afogalo, colaborasen durante séculos tódalas institucións.

#### 1.4. *Sempre a lingua foi compañeira do Imperio*

Hoxe utilízase esta frase, que Nebrixa estampou no prólogo da súa *Gramática castellana*, co significado de que as linguas sen Estado desaparecen porque os pobres sempre acaban falando a lingua dos poderosos.

Sen embargo para min non está claro que Nebrixa estivese pensando, como nós facemos, na lingua en si, senón, máis ben, na lingua escrita literaria, no esplendor literario da lingua ou, mesmo, na coherencia interna do estándar. A lectura do prólogo máis ben parece indicar que o que Nebrixa quería dicir era que a corte sempre acaba impondo un modelo de lingua, un estándar.

De feito a frase de Nebrixa traduce outra frase latina de Lorenzo Valla que falaba precisamente do contrario, de como a lingua latina sobrevivía case mil anos á caída do Imperio Romano<sup>3</sup>, e reproduce outra do cordobés Ibn Hazm de mediados do século XI<sup>4</sup> e outra de Micer Gonzalo<sup>5</sup>, que do que realmente falaban era da harmonía interna do es-

<sup>3</sup> O texto de Lorenzo Valla (1407-1457) nos *Elegantiarum libri VI* é este: *Amisimus Romam, amisimus regnum atque dominatum; tametsi non nostra sed temporum culpa; verum tamen per hunc splendidiorem dominatum in magna adhuc orbis parte regnamus. Nostra est Italia, nostra Gallia, nostra Hispania, Germania, Pannonia, Dalmatia, Illyricum, multaeque aliae nationes. Ibi namque Romanum imperium est ubicumque Romana lingua dominatur.*

<sup>4</sup> *O que fixa e conserva a lingua dunha nación, así como a súa ciencia e a súa historia, é unicamente a forza do seu imperio político, acompañado do benestar alegre e do vagar dos seus habitantes.* [traducción miña] (CASTRO 1954: 475). Cfr. tamén E. ASENSIO (1960:399-413).

<sup>5</sup> *E porque el real imperio que hoy tenemos es castellano, y los muy excellentes rey e Reyna nuestros senyores han escogido por asiento e silla de todos sus reynos el reyno de Castilla, deliberé de poner la obra presente [Las vidas de los santos religiosos o Vitas patrum] en lengua castellana. Porque la fabla comunmente, más que otras cosas, sigue al imperio. E quando los príncipes que reynan tienen muy esmerada e perfecta la fabla, los súbditos esso mismo la tienen. E quando son bárbaros e muy ajenos de la propiedad del hablar, por buena que sea la lengua de los vasallos e subjugados, por discurso de luengo tiempo se faze coma la del imperio. E así fue por los godos e franceses la lengua latina quando ocuparon a Roma tan estragada, que ella junto con la misma escriptura en gran parte pereció. He yo fecho mencion de la lengua latina así como empedriz, guía e gobierno de todas las otras* (ASENSIO: 403-404).

táandar culto. E, para máis, nese prólogo, impreso no ano emblemático de 1492, Nebrixa manifesta dúbidas verbo do futuro do castelán<sup>6</sup>.

Nin sempre a lingua é *compañeira do imperio* no sentido en que hoxe se utiliza a frase. Roma nunca deu imposto o latín na metade oriental do seu Imperio: alí non puido suplanta-la lingua de cultura e comercio (grego) nin linguas populares locais (exipcio, sirio-arameo, iránico, hebreo). Os *xermanos* acabaron co Imperio Romano pero adoptaron a lingua dos vencidos, consolidando o latín. Os *galegos* reconquistaron a península ós musulmáns (lembremos, entre outras prazas, Almería, Murcia, Sevilla), repoboárona e, sen embargo, non impuxeron a súa lingua. Poderase dicir que a reconquistaron como súbditos de Castela e para gloria de Castela pero non podemos esquecer que nesa época, perdida xa a independencia política de Galicia, a lingua galega aínda era lingua lírica internacional, porque en galego cantaban poetas de toda a península e mesmo da Provenza e de Italia; e máis, porque os casteláns criticaban o monarca aragonés con versos en galego<sup>7</sup> e pode ben ser que o *Libro del Buen Amor* (e, se cadra, tamén o *Amadís*) fose orixinalmente galego. No tempo de Nebrixa comentábase moito o paradoxo de que a Italia do momento estivese producindo unha estupenda literatura en romance en plena decadencia política. Os xaponeses non teñen necesidade de imponse-lo seu idioma nin de nos familiarizaren cos seus ideogramas, nin de nos converteren ó xintoísmo para nos dominaren economicamente da forma en que o están facendo<sup>8</sup>.

### 1.5. Sempre se impón a lingua das clases altas

Ben mirado, as clases altas axiña desertan da lingua do pobo.

A nobreza romana devecía polo etrusco e despois polo grego (LIVIO:9,36). Cando os normandos dominaron *Inglaterra*, obrigaron a que nas abadías e mosteiros os frades predicasen e falasen entre eles o francés. O inglés só sobreviviu na aldea e a esta lingua quedáronlle as cicatrices, como se ve, entre outros casos, en que o animal que coñecemos como *porco* conserve o nome xermánico (*pig*), porque os pobres aldeáns que o criaban nunca deixaron de fala-lo inglés, mentres que a carne do porco leva nome francés (*pork*), porque os ricos que a comían falaban o francés. Des que *Lituania* quedou unida a Polonia (1422) a clase alta falou o polaco. Des que *Finlandia* quedou sometida a Suecia (XII-XIX) a clase alta falou o sueco (Runeberg o primeiro poeta finlandés escribe en sueco). A clase alta de *Moscova* tiña a gala fala-lo francés antes da revolución sovié-

<sup>6</sup> Di que se puxo a deseña-la gramática do castelán ...*por estar ia nuestra lengua tanto en la cumbre, que más se puede temer el decendimiento della que esperar la subida* (Prólogo da *Gramática*: n. 101, 21-23 ed. de Quilis).

<sup>7</sup> No *Tratado de las Armas* de Don Juan Manuel, o príncipe, lembrando a época na que don Jaime o Conquistador desfacia os trastes de Malonda para casa-la súa filla Constanza co infante don Enrique, di que, lamentablemente *no me acuerdo sinon del refrán* que evidentemente estaba en galego:

*Rey vello que Deos confonda,  
Tres son estas con a de Malonda.*

Lembremos tamén que, aínda no XVIII, se cantaban vilancicos en galego.

<sup>8</sup> O exemplo é de Manuel Cao (*A Nosa Terra* 609, 1994, 8).

tica (moda á que non eran alleas algunhas familias distinguidas españolas nos anos corenta deste século). Na *Valonia* belga axiña deixaron o valón para falaren o francés estándar de París. No tempo de Franco en Galicia, Euskadi e Cataluña aceleraron, aínda que con distinta velocidade e convicción, o abandono do éuscaro, o catalán e o galego e pasaron ó castelán. Os vellos colonos *hispanos de Texas* tiñan en 1959 fachenda de que xa non sabían fala-lo español (SORNIG 1984: 109-142).

Pero a supervivencia de tantas linguas desamparadas demostra que nin a deserción das clases altas nin a imposición de linguas oficiais levan necesariamente á morte das linguas marxinaadas. Máis ben, de aquí deduzo eu o principio de que as linguas resisten no proletariado e que as elites metropolitanas unicamente son donas do estándar. Intúo que a historia lingüística faise de baixo arriba. Sorprende mesmo a cantidade de léxico que o mundo da delincuencia impón a toda a sociedade.

### ***1.6. Un pobo rural e sen industrializar está condenado a desaparecer***

Un pobo rural, sen industrializar, conservador e sen dereitos lingüísticos pode chegar a recuperarse plenamente: tal é o caso do reino de Xudá, que era unha pequena e insignificante provincia; tal é o caso do inglés, varrido durante 200 anos da vida pública en Inglaterra polo francés dos normandos; tal é o caso dos flamengos de Bélxica, que hoxe son maioría, máis ricos e teñen iguais dereitos cós valóns, ós que a historia viña favorecendo dende o século XIII.

### ***1.7. A modernidade leva á morte das linguas pequenas***

Unha innovación técnica de entrada favorece a lingua da etnia dominante, por se-la única que ten acceso a esas novidades técnicas. O poder fai que as linguas minorizadas tarden en acceder ó prelo, á prensa, á radio, á TV., á informática.

Pero a técnica é neutra, aínda que non o sexan os técnicos ou os seus amos. Unha innovación técnica vén crear novas posibilidades para todos e reinstaura-la variedade espontánea na natureza. Así, mentres radio e TV son monopolio da lingua do Poder, estes medios loitan contra as linguas minoritarias. Pero poucos decenios despois as radios locais e as piratas abren novas vías de difusión para os pequenos. A TV non ten por que ser única (e entre nós só durou vinte anos). A Internet abre a posibilidade de mandar mensaxes en calquera lingua a calquera lugar do planeta e con ela hoxe é posible oír-la Radio Galega en calquera lugar do mundo. Os novos discos SD, discos dixitais de vídeo de moi alta densidade, permiten almacenar nove veces máis información ca un CD; coma tal, unha película de 135 minutos con calidade de estudio e con varias bandas de son, a orixinal e a dobrada á nosa propia lingua. A técnica é neutra e permite a variedade.

### ***1.8. A proximidade xenética da lingua dominante facilita a alienación***

Cando a lingua dominante é moi distinta da lingua dominada, a distancia xenética actúa de escudo desta, porque a dificultade de aprende-la lingua do Poder frea a fuga de falantes. Cando, en cambio, as dúas se parecen moito, ata o punto de que un pode estar falando na lingua A e o interlocutor responderlle na lingua B, a perda de falantes desta lingua é doada.

Cando, en cambio, unha persoa desexa regresar á lingua patria, a situación é a contraria, porque non é o mesmo aprender unha lingua intelixible que unha lingua opaca. No caso galego, somos milleiros os que regresamos sen dificultades maiores e en moi poucos meses encontrámonos xa instalados nesta lingua. No caso contrario (vasco ou gaélico, por exemplo) a distancia a percorrer é moita e así só un grande esforzo nacionalista (persoal e social) permite ir recuperando persoas que falen o éuscaro, ou que dende o inglés (lingua xermánica) regresen ó gaélico (lingua céltica).

### **1.9. *Só as linguas minoritarias teñen problemas***

Todo ser vivo, por forte e san que sexa, ten sempre problemas, e vivir é resolver problemas: malas dixestións, dores de moas, caídas etc. Coas linguas pasa igual. As linguas multimillonarias en falantes tamén teñen os seus problemas. O primeiro (e, este si, moi malo de resolver) é que nos diferentes Estados nos que están implantadas manteñen unha evolución peculiar e diverxente polo influxo das linguas indíxenas que asoballaron.

Son coñecidas, e admitidas internacionalmente, as diferencias entre o inglés do Reino Unido, o de Australia e o dos Estados Unidos. Ou as do portugués, que en Portugal destrúe as vocais átonas e conserva ben as consoantes, mentres no Brasil conserva ben as vocais e transforma as consoantes. Ou o caso do castelán, lingua na que Mafalda lle di en Arxentina a Manolito: *Vós sós un cretino*, frase simple que evidencia a desviación da morfoloxía pronominal e verbal.

Este proceso, hoxe na súa fase inicial, é o mesmo que levou a que o latín, pasados varios séculos, desaparecese orixinando novas linguas (romances ou neolatinas). Cando unha lingua sae do seu territorio natural e se impón a outras noutros lugares, a diversificación é incontrolable e a intercomprensión é inversamente proporcional á cantidade de territorio que a lingua ocupa. En 1980 o Foreign Office recoñecía que un tercio dos 18.000 médicos estranxeiros, que exercían a medicina no Reino Unido, non tiñan o mínimo dominio esixible da lingua inglesa. No caso do español a situación non é diferente<sup>9</sup>.

Por iso, as grandes linguas internacionais dispoñen de Academias, de Comités *pour la défense de la langue* e de acordos entre poderosas cadeas de televisión que intentan controla-la deriva diverxente que se produce nos diversos países. Isto faise evitando as zonas conflictivas da lingua, pero esa é unha solución aparente e momentánea, porque a procura dunha lingua homoxeneizada e sosa frea a vitalidade do idioma e coarta a creatividade artística. O feito real é que nin Brasil ve a TV portuguesa nin Hispanoamérica

<sup>9</sup> Eminent filólogos coma Rona, Stepanov e Bartos coincidían hai uns anos en que a disgregación idiomática é xa un feito. Rufino J. Cuervo afirmaba en 1980 que *la rotura del idioma es prácticamente inevitable*. No xornal *La Voz de Galicia* afirmaba Joan Fuster que *la sintaxis se fue al garete* (4.7.78) e dous anos despois acusaba a *periodistas, novelistas, televiseros y locutores de radio* de alarmante desprecio del idioma que, no caso dos tradutores, chegaba mesmo a non sabelo (4.7.80). F. Umbral recoñecía a existencia dun *seísmo idiomático* (10.5.79). O principal concurso de novela de Panamá (o Ricardo Miró) quedou deserto en 1980 porque tódalas obras presentadas tiñan unha enorme cantidade de fallos gramaticais e de faltas de ortografía (17.10.80) e Cela tivo que facerlle máis de cincuenta correccións ó texto da Constitución. En setembro de 1980 Televisa patrocinou un Congreso de lingüistas na Universidade de Salamanca para buscar, en palabras de Lázaro Carreter, *qué hacer para que el idioma no se nos rompa*.



as películas españolas na banda orixinal, senón dobradas ou subtituladas na versión americana.

Por esa mesma razón a Igrexa Católica de fala hispana tivo que adapta-lo texto da misa para non dicir no momento solemne da consagración *cogiendo el pan en sus manos*, palabras que en case toda Hispanoamérica serían malsoantes.

Este proceso de deriva diverxente parece ser incontrolable mesmo no caso de linguas aprendidas. En 1974 o presidente de Kenya, buscando unha lingua neutra para lingua nacional escolleu o suahili. Pola mesma razón escolleuno Tanzania, un estado con máis de cen linguas, aínda que aquí o suahili estaba ben asentado na costa e na capital, Dar es Salaam. A realidade é que vinte anos despois o suahili evolúe diverxendo en Kenya e en Tanzania e que os falantes nativos din que uns e outros falan un mal suahili (WARDHAUGH 1992:402).

Pero a maior parte das grandes linguas poden chegar a sufri-las consecuencias da propia lóxica imperialista que neste momento as favorece. A Unión Europea e a ONU poden, por razóns económicas, chegar algún día a reducir substancialmente o número de linguas de traballo e moitas linguas internacionais quedarían de repente reducidas a linguas estatais. Esa redución sería traumática.

### **1.10. As fronteiras matan as linguas residuais**

Coidan algúns que están condenadas a morte aquelas linguas que quedaron arredadas do seu núcleo por unha fronteira e englobadas nun Estado que ten outra lingua.

A realidade desmente esa opinión, porque, se é certo que as linguas con problemas adoitan estar a cabalo das fronteiras, tamén o é que sobreviven a pesar de teren moitas veces problemas nos dous Estados.

Os Estados sacralizan as fronteiras, porque son cicatrices de traumas políticos, case sempre pechados buscando consolidar territorio conquistado ou intereses económicos. Pero o feito de que esquezan, como irrelevantes, as realidades étnicas, fai que isto, ás veces, sexa unha cura en falso.

Pero dende unha óptica estrictamente lingüística, e sen poñer en cuestión fronteira ningunha, é evidente que as fronteiras son menos estables cás linguas. As linguas europeas vivas teñen como mínimo mil anos de existencia; comparados a elas, os Estados europeos son adolescentes, se excluímo-los grandes Estados centralistas coma Francia, España, Portugal e Inglaterra (e aínda así hai 100 anos o mapa de España era moi distinto do actual). Bélxica nace en 1830; Suíza en 1848; Italia, en 1871; Noruega, en 1905; Albania, en 1912; Irlanda constitúese entre 1921, 1937 e 1949; Islandia, en 1944. E neste derradeiro decenio do século XX renaceron Lituania, Eslovenia, Croacia, Chequia, Eslovaquia, Bosnia etc. Europa é máis antiga cás súas fronteiras. As fronteiras son máis móbiles do que parece.

Ignoro se alguén fixo unha lectura da intencionalidade lingüística das fronteiras do noso planeta e sospeito que, aínda que, en moitos casos, non revelaría nada, noutros casos, si. O que, de certo, daría datos sería a lectura das repercusións lingüísticas. Con algunha fre-

cuencia os habitantes dun territorio arredado por unha fronteira do seu conxunto lingüístico viven permanentemente vixiados como sospeitosos de escaso patriotismo, polo que se teñen que esmerar en renunciar á súa lingua e cultura para seren cidadáns de pleno dereito, ende non, poden padecer agresións incontroladas: aínda hoxe en Udine, Italia, cando un concello decide poñe-los topónimos dos sinais da estrada en esloveno e italiano, eses letreros bilingües aparecen impunemente serrados, queimados ou mesmo metralados.

Pero, se as fronteiras poden facer sufrir-los falantes e impulsa-la deriva diverxente, dificilmente poden matar unha lingua: ó século XXI chegarán vivos varios milleiros de linguas ás que a historia política lles negou toda axuda e lles vestiu todo tipo de corsés.

### ***1.11. A existencia dun Estado moderno esixe unha única lingua de comunicación***

En teoría, a utilidade dunha única lingua de comunicación a nivel mundial ou mesmo entre as diferentes nacións ou etnias dun Estado parece algo indiscutible. Sería útil que tódolos europeos tivesemos unha única segunda lingua, na que puidesemos comunicarnos galegos, alemáns e quechuas; bretóns, italianos e kimbundos; vascos, ingleses e jicaques; irlandeses, suecos e miskitos. E, adoitado, os falantes de linguas non estatais aceptamos sacrificios para gozar desa utilidade, polo menos, dentro do reducido ámbito do propio Estado.

Pero cando a utilidade se transforma en coartada xurídica para asenta-lo privilexio duns falantes sobre outros, os beneficios da utilidade pola que uns nos sacrificamos quedan anulados pola desigualdade, a marxinação e, moitas veces, pola chuvia de inxurias, procedentes da actitude arrogante e despectiva dos que, por teren a lingua estatal como materna, considéranse os únicos representantes do Estado e da modernidade e, por suposto, sen ningunha obriga de reciprocidade.

Na práctica, sen embargo, existen moitos Estados modernos sen lingua única. Sentado que practicamente tódolos Estados albergan diversas linguas, obsérvanse varios sistemas de tratar esa diversidade. Hai, si, Estados que bloquean todo o que non é a lingua estatal (Francia); pero tamén os hai que, impondo a lingua estatal en todo o territorio, admiten a cooficialidade doutras en territorios restrinxidos (España e Italia); hai-nos que admiten a libre circulación de varias linguas por todo o Estado (Irlanda e Luxemburgo); e hainos que respectan a cada lingua a exclusividade do seu territorio (Bélxica e Suíza). Aínda que isto é meterse xa algo na terceira parte destas *Notas*, é bo lembrar que só o sistema belga e suízo pode acreditar que en cen anos non modificou a proporción de falantes de cada lingua e que nese tempo garantiu a paz lingüística.

Polo tanto un Estado moderno non esixe necesariamente unicidade de lingua estatal. Hai máis cortesía social e máis democracia lingüística alí onde os cidadáns estudian as linguas uns dos outros.

## **2. Algunhas ameazas reais**

### ***2.1. Xenocidio***

Só o xenocidio é realmente eficaz para acabar cunha lingua. Das 900 etnias que disque había en 1492 no continente americano quedan hoxe unhas 600 nada máis, e verdadeiramente acurralladas. Podemos preguntarlles ós sioux, ós maias ou ós mapuches.

Por veces chégase á violencia cruenta por cuestións de lingua ou utilizando a lingua como elemento delator do inimigo; tal é o caso que se le na Biblia, no libro dos Xuíces: os galaaditas detectaban os inimigos efrimitas en que non daban pronunciado *Xibbólet*. Os 42.000 que, coma se fosen de Vigo, dician *Sibbólet*, morreron degolados. Manlio Cortelazzo ofrece máis exemplos<sup>10</sup>.

O traxe tradicional bretón, cheo de colorido ata principios do século XX, coma tódolos traxes tradicionais do mundo, fíxose negro para homes e mulleres desde que na I Guerra Mundial case tódalas familias vestiron de loito. Parece probado que naquela guerra moitos soldados bretóns morreron, ben por armas inimigas, ben polas propias armas francesas, ó desobedecer as ordes *porque non entendían o francés*.

Cando a firme defensa da propia lingua se considera descortesía ou, hiperbolicamente, nacionalismo exacerbado, ocúltase que quen critica case sempre ten como propia unha das poucas linguas privilexiadas; que se fala de pobos acurralados, forzados cunha violencia institucional (e por iso non necesariamente cruenta) a romper con toda a súa tradición, a vivir desvalorizados e, por veces, espoliados economicamente; que o intento de borrar do mapa unha identidade étnica produce a esperable rebeldía.

## 2.2. *Invasión, inmigración e turismo: a importancia do número*

Un inmigrante adaptación, un millón de inmigrantes imponse. Para ben e para mal en cuestión de linguas a proporción de falantes si que é decisiva e toda modificación substancial desa proporción crea un feito diferencial co que unha política lingüística democrática xa ten que contar, porque a lingua autóctona ten que compartir espazos.

Esa modificación pódese producir simplemente por unha catástrofe natural que forza unha emigración multitudinaria: as malas colleitas de pataca levaron a fame a Irlanda provocando unha emigración masiva de irlandeses ós Estados Unidos, que deixaron o gaélico en desvantaxe numérica ante o inglés na propia Irlanda. De Galicia entre 1850 e 1930 saíron 1.400.000.

Pero a política pode interferir provocando maliciosamente desprazamentos de poboación. Tales son, polo que se le nos informes de sociolingüística, os desprazamentos de poboación rusa ás repúblicas bálticas e ó Kazakhstan (onde hoxe os kazakhstanos son minoría) que a URSS provocou nun ambicioso plan de rusificación (WARDHAUGH 1992:400); ou as deportacións de kurdos indoeuropeos ó sur semita do Iraq, que se atribúen a Saddam Hussein, mentres, polo visto, asentaba semitas arabófonos no Kurdistán con petróleo.

Menos violenta, pero non irrelevante para calquera lingua, é a inmigración pacífica. En Lyon hai Institutos nos que o 80% dos alumnos son árabes e os problemas van máis aló da lingua (¿como permitir, coa mentalidade europea, que as alumnas árabes fagan os exames coa cara tapada?). O problema afecta a tódolos países que en Europa recibiron

<sup>10</sup> Xuíces 12, 4-6. *Ciciri* > *Xixiri* en Sicilia. *Tinca* > *Tenca* en Siena. *Jamal* > *Gamal* en Siria. *Chüan-ehr* > *Ghüan-ehl* en China. *Hula-hula* > *hura-hura* en Filipinas. (*Ibidem* 14-16).

inmigrantes na segunda metade deste século. A inmigración levou unha importante porcentaxe de castelán falantes a Cataluña e a Euskadi, que reclaman conserva-la súa identidade castelá.

O turismo é un cabalo de Troia para as linguas, cando é masivo, coma no Algarve, nas Illas Canarias, en Córsega ou na Suíza romanche. A lexislación poucas veces resulta eficaz para impedir que a lingua do turista se impoña á lingua autóctona, maiormente cando eses turistas acaban mercando terras e montando negocios para atender outros turistas. A opinión de que o mercado é o único regulador da vida social converte os comerciantes en lexisladores e converte o Estado nunha ficción.

O pulso dunha lingua é moi lento e os cambios consolídanse e percíbense só a longo prazo e nese longo prazo a lingua das clases baixas manifesta unha sorprendente influencia na lingua das clases altas. Mesmo nos Estados Unidos é difícil impedi-lo ascenso da lingua dos pobres hispanos, cando estes representan unha porcentaxe importante da poboación (un de cada seis norteamericanos non ten o inglés como lingua materna (WARDHAUGH 1992:404). Por iso non se debe minusvalora-la repercusión lingüística destes movementos de poboación: os distintos dialectos alemáns teñen un futuro difícil fronte á consolidación do estándar debido á mobilidade xeográfica da poboación.

Pero estes movementos afectan de maneira distinta ás linguas normalizadas e ás linguas marxinadas. Nas primeiras todo se resolve compartindo xenerosamente espazos: mesmo a modélica Suíza, que tivo que tomar medidas para protexe-lo romanche, agredido por un turismo exclusivamente xermanófono, decidiu admitir no ensino o estudio das linguas e culturas dos seus numerosos inmigrantes. Nas segundas, estes movementos agravan a situación xa difícil. Se os inmigrantes falan a lingua do Estado (caso de Cataluña) constitúen un freo por baixo á recuperación da lingua autóctona. Se os inmigrantes falan unha lingua estranxeira, xa disputan o mesmo territorio tres linguas, co que se reforza o papel de ponte da lingua estatal. Algunha vez parece verosímil que estes movementos de poboación sexan decisións de alta política para lle da-lo xaque-mate á lingua autóctona. Se o poder político ou económico considera menores estes asuntos, está equivocado porque as recentes crises balcánicas demostran que non o son. Se finxe consideralos menores, estaríamos ante unha perversión dese Poder.

Unha política lingüística democrática debe corraxir eficazmente a inercia e a insolidariedade no Poder Político, no Mercado e no comportamento dos cidadáns

### ***2.3. A invasión invisible da intimidade familiar pola radio e a TV***

Cos modernos medios de comunicación a lingua do poder penetra por primeira vez no ámbito informal da vida e mesmo na intimidade das casas, onde nunca dera entrada coa escola nin cos outros medios de que dispón o Estado. Pero faino ademais cunha enorme vantaxe en número de emisións, e ás veces en amenidade, sobre o que recibimos na propia lingua os poucos minorizados que témo-la sorte de recibir algo na nosa lingua. Esta invasión do ámbito informal resultaba inimaxinable hai setenta anos e, polo tanto, aínda non temos experiencia sobre os efectos lingüísticos que pode producir, como tam-

pouco a temos plenamente sobre os da enerxía nuclear ou a contaminación das augas, das terras e da atmosfera, que son agresións acarameladas e a longo prazo.

Pero, con ser cedo para cuantifica-lo mal, vemos xa sobrados indicios de que está modificando hábitos de vida, pautas de conducta, criterios morais e estéticos e condutas lingüísticas, maiormente nos máis novos. Nesta situación os medios de comunicación, maioritariamente privados, son coma soldados que entrasen polas nosas casas a retirar delas canto de autóctono nelas atopasen e a levárno-los fillos.

É posible que isto lles pareza queixume sen causa ós que teñen como lingua materna o castelán ou o francés, pero entenderano en canto reparen en que esa é a situación que a lingua deles padece nos Estados Unidos e no Canadá respectivamente.

#### ***2.4. A tolerancia e o derrotismo ante a tiranía lingüística estendida por todo o mundo***

Marxinar ou mortificar a outra persoa pola lingua que fala é unha das agresións máis doadas e impunes, porque non afecta á integridade física, non parece afectar á propiedade e mesmo nin parece agresión.

Explícome. Unha agresión lingüística de hoxe nunca é a primeira e, como o habitual non produce sensación ningunha, ó agresor non lle parece un acto inusual ou vergoñento. Acontece aquí o mesmo que acontece coa posición subalterna da muller: chove sobre mollado. Por iso, así como non parece contradictorio un ecoloxista fumador ou un cristián insolidario, porque estamos afeitos a ver moitos tales, tampouco o parece un demócrata (persoa ou partido) que practique a tiranía lingüística ou aproveitamento dos seus beneficios. Quen nace con lingua libre ve como natural que outras persoas nazan, vivan e morran coa lingua aferrollada e goza o seu privilexio sen sombra de mala conciencia. Ten moito que ver nisto o feito de que os medios de comunicación, que moldean a opinión mundial, aposten con descaro por privilexiar un grupo reducido de linguas e agachen como irrelevante a marxinação lingüística de miles de millóns de seres humanos, sendo que ela, ás veces, axudaría a entende-la orixe de malquerencias entre etnias que despois estoupan sen aparente explicación.

Visto dende o lado do agredido, a cousa é trágica. Quen nace nun país onde a lingua autóctona está proscrita tende a criarse convencido, pola forza do hábito social, de que é tan natural que se proscriba a súa lingua coma que, cando chove ou neva, el se molle e teña frío. E coida que, do mesmo xeito que ten que axeita-la súa roupa e a feitura da súa casa ás circunstancias naturais da chuvia e da neve, tamén ten que baixa-la cabeza e aprender a expresarse nunha lingua allea, coma se fose unha circunstancia natural.

Identifica-lo habitual co natural e co inevitable impídelles ós agresores ve-la agresión e prodúcelles ós agredidos un derrotismo que se aproxima moito á mentalidade dos escravos do tempo de Espartaco que, mesmo loitando por saíren da escravitude, non eran capaces de imaxinar unha sociedade sen escravos. Nos agresores a cegueira afecta mesmo a moitos militantes de partidos demócratas e a moitos cristiáns, a pesar de, nun caso, crer na igualdade dos seres humanos e, no outro, en sermos todos fillos dun mesmo Pai e de termos na fala aramea de Xesús un exemplo explícito. Nos agredidos a falsa

sensación de desigualdade irremediable leva a abandonar esa lingua ou a non falárllela ós fillos para que medren sen pexas. Velaí a peor ameaza.

A gravidade desta servidume espiritual vitalicia, na que miles de millóns de seres humanos caen por nacemento, pide unha profunda hixiene da opinión pública mundial e obríganos a investir moita imaxinación e moita xenerosidade para crearmos unha sociedade máis fraternal. Dende un punto de vista estrictamente lingüístico non é preciso postular novos Estados nin novas fronteiras, senón só máis xenerosidade, máis cordialidade e máis democracia. A Unión Europea, aínda que timidamente, empezou a dar pasos, porque sabe que, se a humanidade se guiase por este derrotismo ante o que só aparentemente é inevitable, estabamos aínda nas cavernas e, se cadra tamén, porque sabe que a complicidade co mal vólvenos a elas de certo.

### 3. Factores de resistencia

#### 3.1. *A variedade é natural. A uniformidade é artificio violento e provisional*

O natural é a variedade. Non hai un único tipo de pedra no planeta, nin de planta, nin de paisaxe, nin de clima. Non hai dúas persoas iguais. Cada pequeno país ten a súa cociña, a súa arte, as súas lendas, as súas festas e ritos. Ningunha muller estaría a gusto nunha festa vendo outra vestida igual ca ela.

A uniformidade non é unha tendencia natural senón un artificio que se mantén só durante algún tempo, en zonas restrinxidas do mundo e con inevitable violencia.

Din incluso os que se dedican ó cultivo intensivo de hortalizas que a agricultura intensiva acaba enfermado de virose as plantas, coma se elas tamén sentisen a necesidade da compañía de seres distintos e que esta virose desaparece se se alternan, coma tal, repolos e gran.

O propio mundo da moda, que ata 1960 impoñía tiranicamente a diferenza entre o bo e o mal gusto, entrou en crise co pop, que democratizou a alta costura, e despois, co look, diversificouse en estilos facendo seus tódolos estilos do pasado. Hoxe vivimos unha mestura contradictoria de épocas, estéticas, de punk e hippy a carón do corsé de Madonna e a funcionalidade xaponesa, a sobriedade galega. Hoxe estamos orfos de puntos de referencia e cadaquén é responsable do seu propio gusto, da súa propia imaxe (RIVIÈRE 1996). Mesmo no traxe tradicional rescatámo-la variedade que oprimía o uniforme de *Anís de la Asturiana* que nos puxera a Sección Femenina. *Ser diferente é ser existente* –dicía Otero Pedrayo.

Pero a variedade sempre rexorde. Se o mundo actual se internacionaliza, tamén se vive un proceso inverso de rexurdimento de etnias, que vivían sometidas ou aletargadas, denominado *primavera das nacionalidades*: forte no XIX, máis forte despois das Guerras Mundiais (Noruega, Albania, Islandia, Irlanda, Israel), rebrotou coa crise do comunismo na fin deste século. Poderosos intereses controlan que os medios de comunicación minimicen, enmascaren ou agachen esta realidade.

Mesmo aqueles que queren uniformar-lo mapa lingüístico do mundo, acaban descubriendo que é máis agradable a convivencia no recíproco respecto.

Xa falei en 1.1.9. do problema da deriva diverxente das linguas invasoras de territorios alleos.

### **3.2. *As montañas e a lonxanía das vías de comunicación conservan as linguas***

Montañas e afastamento axudan a conserva-la homoxeneidade étnica e, con ela, a lingua, aínda que sexa nunha situación de diglosia.

Mesmo en territorios nos que unha lingua goza durante séculos de exclusividade territorial poden aparecer en zonas afastadas das grandes vías de comunicación illas lingüísticas, nas que se conservan estadios arcaicos da lingua (ou outra lingua). O castelán de El Rebollar en Salamanca está moi lonxe do estándar; en plena Extremadura consérvase unha fala que ben pode ser galega.

O tránsito intenso a través das vías de comunicación é tamén un fluxo lingüístico na dirección que marque o Poder económico.

### **3.3. *A homoxeneidade étnica conserva as linguas***

Unha das razóns da pervivencia da lingua galega é que, polo menos dende hai un milenio, Galicia non padeceu invasións perdurables nin importantes inmigracións, sendo, polo contrario, ata o último tercio do século XX, país de emigrantes. Durante séculos só o Poder falou en Galicia o castelán.

### **3.4. *As linguas resisten nas aldeas e no proletariado***

Por paradoxal que pareza, as linguas aliméntanse fundamentalmente da creatividade do proletariado, por seren un produto social e por se-lo proletariado numericamente superior á aristocracia que está na cima da pirámide. É o proletariado non ilustrado o que crea a lingua e o que a conserva. A alianza co Poder pode ser efémera e insincera: o Poder axiña inventa un estándar que degrada as variantes naturais ou impón unha lingua allea.

O caso do inglés, acurralado nas aldeas durante 200 anos pero victorioso despois, é paradigmático. En 1900 o 88,7% da poboación galega era rural; e en 1940, aínda o 81,9%. O flamengo é hoxe a lingua importante de Bélxica, cando ata hai cen anos era a lingua desprestixiada dun pobo rural, sen industrializar, conservador, dominado polo clero e sen dereitos lingüísticos.

Os estándares veñen sempre da metrópole pero a lingua vén das aldeas. Os estándares veñen de riba a baixo. As linguas, coma as árbores, veñen de baixo a riba. Pensa-lo contrario leva a crer inxenuamente que é doado manipulalas ou matalas.

### **3.5. *Unha lingua pode sobrevivir varios séculos baixo mínimos, reducida a lingua B***

Aínda que a diglosia é incapaz de frea-la perda de falantes e aínda que as linguas que desapareceron pasaron por unha etapa previa de diglosia, non toda diglosia remata na morte da lingua B. A diglosia demostra moitas veces unha eficacia non pequena na conservación das linguas, porque conserva o esencial, que é o uso. A maior parte das linguas do mundo viven en precario e, mesmo sendo linguas sen aparente futuro, desafían durante séculos unha condena capital. O galego nesa situación sobreviviu catro séculos.

O lado ridículo das persecucións lingüísticas é que rara vez dan matado unha lingua. Só serven para producir un sufrimento inútil. A min sempre me acorda o que tiveron

que sufrir oito xeracións de ingleses, vendo perseguido o inglés na súa terra polos normandos, para que hoxe aquela lingua de aldeáns sexa a primeira lingua internacional.

### **3.6. *A agresión vacinante***

Toynbee dixo que unha agresión pode significar ou a morte do agredido ou un estímulo para que resucite e desenvolva tódalas súas posibilidades. No caso da opresión lingüística, a dureza do asoballamento pode estimular e a dulcificación do trato pode adormecer e illa-los defensores da etnia. Podemos lembra-lo caso do ataque frontal do nazismo ós xudeus que desemboca, paradoxalmente, na creación do Estado de Israel. O propio ataque frontal que o franquismo supuxo para as linguas de España, provocou, despois de moitos sufrimentos, que se iniciase precisamente o proceso de normalización.

### **3.7. *O futuro non está escrito***

As profecías lingüísticas son tan pouco fiables coma calquera outra profecía e só valen para medi-los desexos dos *profetas*: Nebrixa temía, como xa vimos na nota 6, a caída do castelán en pleno 1492. Voltaire prognosticou que nunca o inglés desbancaría o francés como lingua de cultura e de comercio internacional. Giménez Caballero prognosticou que o español desbancaría o francés e mailo inglés que, para el, ían *camino de su completa disolución*. Nos anos setenta deste século houbo quen lle concedía ó galego vinte anos de vida.

### **3.8. *O abandono individual da lingua dominada non resolve o conflito; e, por veces, non o resolve nin a nivel individual***

É certo que pasarse á lingua do poder é unha alienación lingüística, é dicir, é un acto de insolidariedade, pedante e feo, pero compénsao o espellismo de sentirse xa membro da etnia dominante, membro do Poder. E algunha vez o Poder premia esa deserción.

Pero esa deserción non resolve o conflito, non saca o falante da súa inferioridade, porque non é inferior a lingua senón o falante. E o falante non é inferior por falar esa lingua, senón por ter un nivel económico e político inferior (SORNIG 1984). Un obreiro galego que se poña a fala-lo castelán non cobra máis a fin de mes, como tampouco un hispano que nos Estados Unidos lles fale ós fillos o inglés. Un xeque árabe entra no mellor hotel con tódalas reverencias pero un vendedor de alfombras recibe trato ben distinto.

### **3.9. *Non é posible conciliar democracia nin ecoloxía con opresión lingüística***

O envés da afirmación de Nebrixa si que é certo: que a expropiación lingüística é paralela case sempre dunha espoliación económica e política. Lingua dominada, economía dependente e nivel económico inferior van case sempre parellos.

Aumento de democracia e de ecoloxía levará fatalmente ó restablecemento da variedade.

### **3.10. *A proximidade xenética da lingua dominante, que facilita a alienación, tamén facilita o retorno***

Onde se dea ese caso, cóntase, como dixen en 1.1.8. cun elemento aproveitable.



## 4. Algunhas mañas de resistencia

### 4.1. *A resistencia doméstica materna*

Unha lingua non morre mentres haxa unha nai que llela fale ós seus fillos. Outras veces será o pai quen manteña aceso o lume da lingua nacional. O ámbito familiar, querendo os pais, é un cuartel de inverno inexpugnable.

### 4.2. *A diglosia é, en caso de emerxencia, unha eficaz arma de resistencia*

Cando o Poder impide o uso dunha lingua en actos públicos e en documentos oficiais, non queda outra arma de resistencia pasiva que falala coa familia, cos amigos, na vida *sen papeis*. Que a unha ou dúas xeracións lles cadre a mala fada de viviren unha xeira triste da historia do seu pobo, pode non significar moito para a lingua, porque duran máis as linguas cós falantes. Nun ciclo de persecución lingüística é moi importante non perde-la paciencia e a esperanza, e seguir falando unha lingua que parece non servir para nada. A espera é unha das mellores mañas dos oprimidos, porque nunca choveu que non escampara. Durante dous mil anos os xudeus despedíanse dicindo *¡O ano que vén, en Xerusalén!* Plantamos nogueiras e país para os nosos netos.

### 4.3. *O amor ó noso, que todos levamos dentro, só quere algo que o esperte*

Mesmo naquelas persoas que, por se abriren camiño na vida, pasaron a usa-la lingua hexemónica, queda sempre un fío íntimo que as une á etnia e ás cousas da etnia e ese fío, por vía sentimental, pode activar procesos que o frío cálculo de cerebro non é capaz de activar. Ese difuso sentimento de identificación coa propia terra e cultura, por irrelevante que pareza, é a sólida base sobre a que pode asentarse todo o traballo cultural, económico e político posterior en defensa da identidade colectiva.

Como a lingua é nos humanos o que os xenes nos anima e nela está condensada toda a experiencia colectiva, acabarán descubrindo e descubrindo que ter un pobo é non ser unha folla que leva o vento.

### 4.4. *A tradición oral, e en xeral, as tradicións folclóricas (canto, baile, festas, ritos, gastronomía)*

Este é o ámbito máis exclusivo dunha lingua, o ámbito no que a lingua foránea resulta para todos máis estridente. En xeral, neste ámbito as etnias dominantes non reprimen a presenza da lingua minorizada, non porque a consideren inocua, senón porque a *color local* é de interese turístico. Case sempre o renacemento das etnias empeza pola revitalización deste ámbito, mesmo se xa aparece fosilizado.

Incluso a etnia dominante pode practica-la lingua minorizada nesta situación. Pero a insinceridade detéctase en que o fai de forma momentánea e descontextualizada ou en que pescuda con ansia aqueles elementos da tradición nos que a diglosia incrustou a lingua hexemónica (cantos dos mariñeiros bretóns en francés ou pandeireteiras urbanas galegas que rebuscan os cantigueiros para cantar só o pouco castelán que neles aparece). A falsidade é estridente.

Cultiva-la tradición oral e folclórica é, para moita xente, un bo principio.

#### **4.5 O comercio e a medicina informal; a relixión**

Cando a sociedade realiza algunha desas actividades na propia lingua, a lingua encontra un primeiro ámbito de presenza pública e, por paradoxal que pareza, un mínimo ámbito de formalidade que a redime da unicidade de rexistro característica das linguas sen normalizar.

Cando a relixión escapa ó control do Estado, constitúe unha zona franca para as linguas. O clero salvou o catalán, o vasco, o bretón, o flamengo, o sardo, o esloveno. Unha enquisa feita en 1902 polo bispo do Fisterra bretón revelaba que o 90% da catequese facíase en bretón. Caso distinto foi o de Galicia, onde os reis impuxeron durante moitos séculos bispos e abades casteláns.

#### **4.6. A forza demográfica**

Moitas veces os pobres sobreviven porque se multiplican máis, porque teñen máis fillos cós ricos. E, a último de contas, un número maioritario de cidadáns falando unha lingua constitúe sempre un feito diferencial.

#### **4.7. A lingua minorizada por veces é maioritaria**

Moitas veces a lingua asediada é maioritaria no uso real no seu territorio. Mentres iso sexa así, todo é posible. No caso do galego este é un trazo tan esencial da situación, que só en situacións formalizadas se pode dicir que o galego sexa lingua minoritaria. Canto maior sexa o uso social da lingua (en Galicia acada algunha vez o 87%) máis posibilidades hai de subsistencia e de normalización.

#### **4.8. A ridiculización dos desertores**

Na literatura oral de diversas linguas minorizadas europeas encóntrase o *conto do angazo*, aquel no que unha persoa, que bota algún tempo fóra, cando regresa á súa terra, fala, para se poñer por moito, a lingua do poder e fai que xa non sabe cousas tan comúns coma o nome autóctono do angazo, e o seu pai dille que lle pise os dentes, co que o mango váiselle á cabeza e coa rabecha do golpe maldí *o angazo e o anguizo e o demo que o fixo*, quedando así desenmascarado o seu finxido esquecemento da lingua e vingada a patria. A popularidade internacional deste conto satírico evidencia o ridículo que resulta en todas partes a evasión lingüística individual, pretendendo resolve-lo conflito lingüístico pola vía da insolidariedade manifesta no esquecemento da lingua propia.

O humor é unha das mañas máis arteiras de resistencia. Sen embargo esta maña debe administrarse moi esporadicamente, porque pode perder para sempre os ridiculizados, segundo direi en 1.4.14.

#### **4.9. A reconversión persoal é pouca cousa pero pode levar ata unha autonomía**

Se o abandono individual da lingua non resolve o conflito social, a reconversión individual inicia a solución, porque coloca a lingua nun proceso superior, o da normalización. Cando un falante descobre qué historia e qué malicia hai no seu uso dunha lingua foránea, está a un paso de solidarizarse co seu pobo e emprender un longo camiño de reconstrución nacional.

Durante moito tempo o proceso normalizador é igual á suma destas reconversións individuais. Pero, cando o número de reconversións xa é importante, acaba influíndo na política e pode leva-la comunidade a unha autonomía política que dea categoría oficial á lingua marxinal. A proporción tamén é importante para ben.

Viceversa, unha autonomía, mesmo unha lei que protexa a lingua antes dominada, pode ser inutilizada, se o aparato do novo Poder xestiona esa lei sen a conversión persoal previa. Para facer estradas e inaugurar fontes escusamos unha Autonomía: iso tamén o sabe facer un Goberno centralista se quere. Unha etnia só precisa a Autonomía para recupera-lo osíxeno que lle permita vivir sen pexas innecesarias.

#### **4.10. *Asunción a moita honra do que o poder marca como motivo de ludibrio***

Os cristiáns nos tempos das persecucións romanas recibiron o alcume despectivo de *tertium genus*, (“unha raza de terceira”) por non seren nin romanos nin xudeus. Eles asumírono e déronlle a volta, converténdoo en título de orgullo, afirmando que eran precisamente iso, “unha terceira raza”, algo así como “a innovación, o futuro”. O mesmo acontece coas linguas. O sufrimento colectivo é unha desgracia pero non unha vergoña.

En Galicia tiveron ese carácter en tempos da dictadura feitos coma que moitos vehículos particulares levasen un adhesivo de orixe anónima que dicía *Falemos galego*.

#### **4.11. *Nobreza do regreso á lingua patria***

O prestixio e a utilidade social de que gozan as linguas estatais exclusivas e mailas linguas internacionais é inseparable da crueldade psicolóxica (e por veces mesmo do sangue) que foron necesarios para dotalas desa posición preeminente. Se é certo que hoxe son útiles instrumentos de comunicación, tamén o é que o foron (e ás veces aínda o son) de opresión, humillación e colonialismo.

Para un ser humano capaz de aspirar á igualdade dos seres humanos e de loitar pola biodiversidade, é dicir, pola conservación de tódalas especies, o regreso á lingua patria é un regreso á democracia e á ecoloxía lingüística; é sintonizar co ritmo cardíaco do propio pobo que o barullo político non deixaba percibir.

Nesta nova tarefa hai tanto que facer de maneira xenerosa e gratuíta, que isto enche unha vida, inmunizándoa contra o tedio e o egoísmo.

Moitos de nós fixémo-lo camiño de volta sen máis trauma có de sentírmonos estranhos temporalmente no círculo de amigos que nos coñecían falando na outra lingua pero accedemos á amizade das persoas máis xenerosas e, nalgúns casos, máis cultas da nosa sociedade.

#### **4.12. *Os cambios lingüísticos, coma os climáticos, non son plenamente perceptibles nunha xeración***

O pulso dunha lingua, como dixen, é moi lento e os cambios consolídanse e percíbense só a longo prazo. Nós herdamos problemas seculares que non é posible solucionar no curto espazo de tempo que se nos permite vivir. Pero non por iso debemos desesperar do final feliz. Unha lingua historicamente tan privilexiada coma o castelán tardou sete séculos en acada-la súa plena normalización. Non cedamos un milímetro da nosa loita,

pero tampouco lle concedamos ó inimigo un gramo do noso desánimo. Se a nosa vontade é firme, o que onte foi compromiso de poucos individuos, mañá será movemento social. A pinga constante fura a pedra.

#### **4.13. *Esixencia de que os Estados recuperen o seu papel de garantes da convivencia e de árbitros do Mercado***

Sen saírmos do ámbito da supervivencia e sen formular aínda proxectos de normalización, cómpre resaltar que o recíproco respecto democrático debe obrigar, tamén legalmente, ás entidades privadas como as obriga o código de circulación. Porque vivimos anos de hipertrofia idolátrica do Mercado. Dise (dise en linguas hexemónicas) que o Mercado non lles ten medo ás linguas minoritarias, se nelas ve negocio. Pero, se un baleiro legal lles permite ás empresas privadas emitir ou publicar nunha única lingua para todo o Estado e, se, ademais, non existe unha vitalidade comercial indíxena (ou un boicot), que faga ver comercialmente interesantes esoutras linguas, emitirán na lingua estatal porque os gastos son menores. Mesmo poden recibir un inxenuo pero perverso apoio de organismos do Estado ou por consideralas elemento de cohesión estatal ou, nalgún caso, por seren os políticos reféns dos medios de comunicación e por estes seren reféns das subvencións do Estado.

Como lingüistas cábeno-la responsabilidade de advertir solemnemente que desta agresión, de efectos aínda descoñecidos, non nos están protexendo nin o Mercado, nin o Estado, aínda que, en lei dereita, conculca a igualdade dos cidadáns que estipula a democracia. A maior parte das leis lingüísticas (mesmo en Estados democráticos) están elaboradas coa mentalidade dunha sociedade pretérita que non coñecía estes poderosos medios. A modernidade desta agresión explica que non sexan conscientes dela moitas persoas e institucións inequivocamente demócratas. E, unha vez máis afirmo, non son malos os novos medios de comunicación, como tampouco é mala a electricidade. O que é malo é utilízalos con perigo para terceiros, coma se isto fose democraticamente irrelevante ou comercialmente irremediable.

Mesmo para aquelas linguas que, hipoteticamente, estivesen dispostas a seguiren sendo lingua B, precísase unha nova lexislación que teña en conta as novas ameazas.

Repito o xa dito: converte-lo Mercado en árbitro de tódalas situacións é converte-los comerciantes en lexisladores e destruí-lo Estado.

#### **4.14. *O inicio do proceso de normalización pode frea-la fuga de falantes***

O inicio do proceso de normalización aspira a resolver de raíz os problemas que moitos cidadáns padecen por razón de algo tan íntimo coma a lingua que falan. Aínda que isto será asunto da segunda parte destas *Notas*, quero dicir xa que é un proceso que quere moito esforzo, sentidiño, paciencia e xenerosidade.

Quere esforzo, porque nese proceso os promotores han gastar moitas horas, enxeño e diñeiro.

Quere sentidiño, porque, na mesma medida en que, polo seu carácter rachador, atrae descontentos marxinais e seguidores de ocasión, aparta algúns falantes resignados na

súa diglosia. Esta redistribución dos falantes é asunto serio, porque unha normalización que triunfare sen apoio popular sería un triunfo de papel.

Quere paciencia, porque da mesma maneira que non toda diglosia leva á morte da lingua, aínda que tódalas linguas que morreron pasaron por un estado de diglosia, non todo proceso de normalización leva á exclusividade territorial, aínda que tódalas linguas que hoxe a gozan pasaron por un proceso de normalización.

E quere xenerosidade, porque, aínda que sempre será unha minoría a que impulse o proceso con esforzo, sentidiño e paciencia, nunca a sociedade poderá sentir que a lingua é símbolo dese grupo: se tal acontecer, e sendo plural e polícroma a sociedade, a normalización podería paradoxalmente provocar que grupos de falantes deixasen de se identificar coa lingua, co que esta empezaría a deixar de ser lingua para converterse en bandeira dun grupo, en sociolecto.

O proceso de normalización é hoxe o capítulo épico na historia dos pobos, épica sen guerra que implica que a curto prazo deixa de ser posible a morte dunha lingua.

## 5. A resistencia galega

### 5.1. Os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia

Os datos máis significativos que ofrece o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* son os seguintes:

|                                  |             |              |                 |              |
|----------------------------------|-------------|--------------|-----------------|--------------|
|                                  | <i>nada</i> | <i>pouco</i> | <i>bastante</i> | <i>moito</i> |
| Entende o galego                 | 0,1         | 3,0          | 48,6            | 48,3         |
| Sabe falalo                      | 2,3         | 12,1         | 45,5            | 40,1         |
| Sabe lelo                        | 11,6        | 41,8         | 31,4            | 15,2         |
| Sabe escribilo                   | 32,6        | 39,9         | 18,1            | 9,4          |
|                                  | Só castelán | Máis cast.   | Máis galego     | Só galego    |
| Falaban seus pais                | 13,1        | 5,4          | 6,1             | 75,4         |
| Fala vostede                     | 10,6        | 20,8         | 29,9            | 38,7         |
| Falaba vostede ata os 13 anos    | 26,5        | 15,6         | 24,9            | 33           |
| Falaban os seus pais con vostede | 16,2        | 7,3          | 7,3             | 69,1         |
| Fala vostede cos seus fillos     | 21,6        | 13,2         | 10,7            | 54,4         |

Estes datos, que proceden con algunha adaptación simplificadora de REAL ACADEMIA GALEGA (1994, 1995), fálannos das importantes transformacións que estamos a vivir. A crise da sociedade agropecuaria e a incorporación de grandes masas a cidades dominadas polo castelán, ó ser formalizada boa parte da actividade urbana, converten as cidades en teatro do conflito lingüístico. Temos tamén problemas na transmisión xeracional: os adultos parece que falan un 13% menos o galego do que o falaban os seus pais, e cos seus fillos fálano un 11% menos do que o falaron con eles. Os datos dos menores son preocupantes sempre, pero non definitivos, porque a lingua en Galicia non se estabiliza ata ter traballo remunerado: un 10% fala máis galego có que falaba ata os 13

anos e co paso dos anos o que aumenta é o bilingüismo, perdendo a exclusividade o castelán nun 16% e gañándoa o galego nun 5%.

A irrupción dos modernos medios de comunicación, que tan profundamente están alterando non só a vida familiar senón tamén a relación avós-pais-fillos e as pautas de comportamento, xoga maioritariamente a prol do castelán intentando secuestrárlle-los fillos mesmo ós pais convencidos da importancia da propia lingua. O problema é de enorme magnitude, aínda que os castelanistas non se decaten porque pensan que os favorece; pero nunha cidade coma Pontevedra as pintadas das paredes xa están case por igual en galego, en castelán e en inglés. A crise demográfica galega, non paliada polo actual retorno de emigrantes, tamén é grave: a poboación galega representaba no censo de 1787 o 13,5% do total de España; no de 1860, o 11,4%; e no de 1986, o 7,3%.

Sen embargo, estas sombras non dan escurecido a esencial vitalidade da lingua galega que a fins do século XX está viva en toda a xeografía, que reconquista clases sociais e ámbitos formalizados que lle privaran hai séculos, e que de ser unha pexa social pasou a ser mesmo un medio de vida para milleiros de persoas. O propio descenso interxeracional queda mesmo relativizado por dúas realidades: unha, que todos falamos máis galego conforme avanzamos na vida, porque en Galicia hai moito tempo que o castelán é a lingua de lles falar ós pequeniños e ós descoñecidos (moitos galeguistas fomos nenos castelanfalantes e Otero Pedrayo advertía que *todos somos conversos*); outra, que aquela parte da mocidade que non adoita falalo, estúdiao e sábeo como demostra a participación en programas da Radio Galega e da Televisión de Galicia, o que significa que só lle falta que alguén lle toque o corazón para incorporala ó uso.

En definitiva a gran pregunta é se, cun proceso tan brutal e masivo de crise agraria e urbanización, cabía esperar algún espazo para a lingua do campo. Eu son da idea de que perdemos moito menos do esperable, gracias a que nin as cidades eran tan monolingües casteláns, como dicía o tópico, nin se comportaron como infranqueables para o galego. Máis aínda o proceso normalizador é un fenómeno tan urbano que, por poñer un único exemplo, a literatura actual abandonou a sociedade rural como tema e como clima léxico. O galego non veu morrer ás cidades senón, quizais, a reconquistalas. Asistimos a unha osmose na que o final verosímil non é a hipótese da morte dunha das linguas senón un bilingüismo con reparto de espazos pero non de funcións.

### **5.2. Os datos do Euromosaic**

Se os datos anteriores, procedentes de estudos feitos por sociolingüistas galegos, permiten afirmar que os problemas da lingua galega non están no ámbito da supervivencia a curto nin medio prazo, hoxe dispoñemos doutro punto de vista elaborado por técnicos foráneos. Todos saben que a Unión Europea reconece como linguas de traballo as once seguintes: alemán, danés, español, finlandés, francés, grego, inglés, italiano, neerlandés, portugués e sueco; e que reconece, tamén, a existencia doutras corenta e oito linguas (entre elas algunha oficial do seu Estado, coma o gaélico de Irlanda ou o luxemburgués de Luxemburgo). Para estudar comparativamente esas 48 linguas, a Oficina para as

Linguas Menos Favorecidas, organismo da Comisión Europea, analizou sete parámetros e deu a cada un deles catro puntos: uso familiar, reprodución (uso en medios de comunicación, publicación de libros, etc.), uso social (comercio, centros de traballo, etc.), prestixio social, uso institucional, lexitimación do uso da lingua, presenza no ensino público e privado. O resultado dese traballo dirixido polos sociolingüistas Peter Nelde (flamengo), Miquel Strubell (catalán) e Glyn Williams (galés) é o seguinte cadro no que o galego ocupa o quinto posto en nivel de vitalidade.

Entende por **producción** o uso da lingua por fillos de pais que non a usaban, e por **reproducción** a transmisión interxeracional da lingua. Os parámetros analizados son sete. Tres analizan a produción e reprodución no ámbito da **familia**, a **cultura** (*reprod. cultural*) e a **comunidade**. Nos tres casos é importante a endogamia, a emigración, a inmigración, en cal lingua se produce a relación do grupo lingüístico co Estado e maila posición económica do grupo lingüístico: non é o mesmo estar nunha zona de intensa actividade económica que estar na periferia con predominio do sector primario, produción de enerxía e turismo. Case tódalas linguas minorizadas están na periferia económica (sendo peor a situación das que están no corazón de Europa). No ámbito cultural conta as publicacións e maila presenza en medios de comunicación. O **prestixio** mide o valor da lingua para o ascenso social. Os dous seguintes (**institucionalización** e **lexitimación**) miden o grao de uso real da lingua, mesmo inconsciente, por parte das persoas e tamén dos organismos públicos (*instit.*) e o grao de respaldo legal (*lexitimación*). O último mide a presenza na **educación**.

No seguinte cadro combino os datos do *Euromosaic* e mailos da *Mercator Guide to Organizations* (FRYSKE AKADEMY). Desta fonte proceden os datos de número de falantes.

#### A vitalidade do galego comparada a outras 47 linguas da Unión

|    |     |                          | Familia | Reproducción cultural | Comunidade | Prestixio | Institucionalización | Lexitimación | Educación | TOTAL | Nº de falantes |
|----|-----|--------------------------|---------|-----------------------|------------|-----------|----------------------|--------------|-----------|-------|----------------|
| 1  | B   | Alemán (Nova B)          | 4       | 4                     | 4          | 4         | 4                    | 4            | 4         | 28    | 65.000         |
| 2  | LUX | Luxemburgués             | 4       | 3                     | 4          | 4         | 4                    | 4            | 4         | 27    | 360.000        |
| 3  | E   | Catalán (Cataluña)       | 4       | 4                     | 3          | 4         | 4                    | 4            | 4         | 27    | 7.000.000      |
| 4  | I   | Alemán (I)               | 4       | 4                     | 4          | 3         | 4                    | 3            | 3         | 25    | 280.000        |
| 5  | E   | <b>Galego</b>            | 3       | 3                     | 3          | 3         | 3                    | 3            | 3         | 21    | 2.270.000      |
| 6  | F   | Alemán (F)               | 3       | 4                     | 2          | 3         | 3                    | 3            | 1         | 19    | 1.300.000      |
| 7  | E   | Catalán (Valencia)       | 3       | 3                     | 2          | 2         | 3                    | 3            | 3         | 19    |                |
| 8  | E   | Vasco (CAV)              | 2       | 4                     | 2          | 2         | 2                    | 4            | 3         | 19    | 600.000        |
| 9  | I   | Ladino                   | 3       | 3                     | 3          | 2         | 2                    | 3            | 3         | 19    | 30.000         |
| 10 | E   | Occitano (E)             | 3       | 3                     | 3          | 2         | 2                    | 3            | 2         | 18    | 6.000          |
| 11 | UK  | Galés                    | 2       | 3                     | 2          | 3         | 2                    | 3            | 3         | 18    | 500.000        |
| 12 | E   | Catalán (Illas Baleares) | 4       | 2                     | 3          | 2         | 2                    | 2            | 2         | 17    |                |
| 13 | IRL | Irlandés                 | 1       | 2                     | 1          | 2         | 2                    | 3            | 3         | 14    | 1.000.000      |
| 14 | UK  | Gaélico                  | 2       | 3                     | 2          | 2         | 1                    | 2            | 2         | 14    | 90.000         |
| 15 | NL  | Frisón                   | 2       | 2                     | 2          | 2         | 2                    | 2            | 2         | 14    | 400.000        |
| 16 | I   | Esloveno (I)             | 2       | 2                     | 2          | 2         | 2                    | 2            | 2         | 14    | 100.000        |

|    |    |                     |   |   |   |   |   |   |   |    |           |
|----|----|---------------------|---|---|---|---|---|---|---|----|-----------|
| 17 | I  | Friulano            | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 14 | 700.000   |
| 18 | D  | Sorbo               | 2 | 2 | 2 | 1 | 2 | 2 | 2 | 13 | 60.000    |
| 19 | D  | Danés (D)           | 2 | 4 | 2 | 1 | 1 | 1 | 2 | 13 | 50.000    |
| 20 | I  | Francés (I)         | 1 | 2 | 1 | 2 | 2 | 2 | 3 | 13 | 110.000   |
| 21 | E  | Vasco (Navarra)     | 3 | 3 | 2 | 1 | 1 | 2 | 1 | 13 |           |
| 22 | DK | Alemán (DK)         | 1 | 4 | 1 | 2 | 1 | 1 | 2 | 12 | 20.000    |
| 23 | E  | Catalán (Aragón)    | 3 | 3 | 2 | 1 | 2 | 0 | 1 | 12 |           |
| 24 | GR | Turco (GR)          | 3 | 2 | 2 | 0 | 1 | 1 | 3 | 12 |           |
| 25 | F  | Catalán (F)         | 2 | 3 | 1 | 1 | 1 | 1 | 2 | 11 | 200.000   |
| 26 | F  | Vasco (F)           | 2 | 3 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 10 | 80.000    |
| 27 | F  | Corso               | 1 | 2 | 1 | 1 | 2 | 1 | 2 | 10 | 200.000   |
| 28 | I  | Catalán (I)         | 1 | 2 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 | 9  | 20.000    |
| 29 | I  | Occitano (I)        | 3 | 1 | 2 | 1 | 1 | 0 | 1 | 9  | 30.000    |
| 30 | B  | Alemán (Antiga B)   | 2 | 4 | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 8  |           |
| 31 | F  | Occitano (F)        | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 2 | 8  | 1.300.000 |
| 32 | F  | Bretón              | 1 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 8  | 500.000   |
| 33 | I  | Albanés (I)         | 1 | 1 | 2 | 0 | 2 | 1 | 1 | 8  | 100.000   |
| 34 | P  | Mirandés (P)        | 3 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 | 1 | 7  |           |
| 35 | D  | Frisón setentrional | 1 | 0 | 1 | 1 | 1 | 0 | 2 | 6  | 10.000    |
| 36 | I  | Croata (I)          | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 6  | 2.500     |
| 37 | UK | Irlandés (UK)       | 1 | 1 | 1 | 1 | 0 | 0 | 1 | 5  | 60.000    |
| 38 | E  | Bérber              | 3 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 4  |           |
| 39 | F  | Holandés (F)        | 1 | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 4  | 60.000    |
| 40 | I  | Grego (I)           | 1 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 4  | 13.000    |
| 41 | I  | Sardo               | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 4  | 1.300.000 |
| 42 | GR | Eslavo-Macedonio    | 1 | 2 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 3  |           |
| 43 | GR | Búlgaro (GR)        | 2 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 3  |           |
| 44 | D  | Frisón Oriental (D) | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 | 3  | 1.000     |
| 45 | E  | Portugués (E)       | 2 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 2  |           |
| 46 | GR | Albanés (GR)        | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 2  |           |
| 47 | GR | Arromanés           | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 2  |           |
| 48 | UK | Córnico             | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 |    | 350       |

Aínda que unha lectura atenta permite observar valoracións discutibles<sup>11</sup>, esta perspectiva exterior e comparativa cadra coa miña afirmación de que a lingua galega, a fins do século XX, está lonxe de ter problemas de *supervivencia* e mesmo é unha das linguas minorizadas con máis saúde de Europa, ela a quen se lle negou o pan e o sal nalgúns ámbitos dende o século XIII e en case todos dende o século XVI.

Aínda que a supervivencia non a ten garantida lingua ningunha (e torres máis altas caeron), eu coido que, de non cambiar substancialmente as cousas, unha discusión sociolingüística sería sobre o galego deberá excluír como impertinente o tema da *morte da lingua a curto prazo* e centrarse nos problemas da *normalización* e subseguintes. Aí é onde se bate hoxe a nosa lingua con pequenos pero constantes avances, debido a que

<sup>11</sup> Coma tal, darlle 4 e 3 puntos respectivamente a catalán e galego en uso familiar e lexitimación, cando o uso informal é o forte do galego e a base legal é a mesma para os dous; ou como a puntuación que se dá ó ladino e o alemán de Italia.



existe un consenso social no proxecto de normalización, pero tamén con graves inercias en sectores coma o ensino, a relixión, a publicidade comercial, e con algunha pequena e esporádica sorpresa ante a redistribución de espazos entre as dúas linguas.

Outra cousa moi distinta é a cuestión do terceiro nivel ou *exclusividade territorial*. Sospeito que certos ataques ós avances normalizadores son, en realidade, ataques preventivos a unha posible territorialidade de tipo suízo ou belga, pero ese é outro debate no que o galeguismo habitualmente non entra, aínda que o incitan a entrar. Parece claro que a sociedade galega acepta ben o bilingüismo e a preferencia das Institucións Públicas polo galego; pero eu non vexo que teña hoxe en día no horizonte a exclusividade do galego, nin vexo consenso social para resolve-la colisión co castelán no mesmo territorio, nin vexo sequera que os grandes partidos abran o debate da reforma da Constitución española, para facela semellante á belga ou á suíza.

Pero *normalización* e *exclusividade territorial*, é dicir, os dous seguintes capítulos dun posible *Manual de Resistencia Lingüística*, son, como dixeran, asunto para outra ocasión, que a miña clepsidra hai tempo que marcou o final.

## BIBLIOGRAFÍA

- ASENSIO, E. (1960) “La lengua compañera del imperio. Historia de una idea de Nebrija en España y Portugal” en *Revista de Filología Española* XLIII, 1960, 399-413.
- CAO, Manuel: Manuel Cao (*A Nosa Terra* 609, 1994, 8)
- CASTRO, Américo (1954): *La realidad histórica de España*. Editorial Porrúa, México.
- CORTELAZZO, M (1984): *Curiosità linguistica nella lingua popolare*. Milella, Lecce.
- FRYSKE AKADEMY (1990): *Mercator Guide to Organizations*, Ljouwert .
- LIVIVS, Titus: *Historiarum ab urbe condita libri qui supersunt*.
- MORENO CABRERA, Juan Carlos (2000): *La dignidad de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística*. Alianza Editorial, Madrid.
- NEBRIXA, Antonio (1492): *Gramática de la lengua castellana*. Estudio y edición Antonio Quilis. Editora Nacional, Madrid 1981.
- OFICINA DE PUBLICACIÓNS OFICIAIS DAS COMUNIDADES EUROPEAS (1996): *Euromosaïc*, Luxemburgo. Versión galega *Euromosaïc. Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da Unión Europea*. Centro Ramón Piñeiro 1996; p.146.
- RIVIÈRE, M.: “¿Existe el buen gusto?” en *Vogue España*. Agosto 1996.
- REAL ACADEMIA GALEGA. SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA: *Lingua Inicial e competencia lingüística. Compendio do I Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*. ROJO, Guillermo (dir.) Real Academia Galega 1994.
- REAL ACADEMIA GALEGA. SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA: *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*. ROJO, Guillermo e GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dirs.) Real Academia Galega 1995.
- SORNIG, K.: “‘Scibboleth’, diversità linguistica, aggressione intra –ed extra– linguistica e sim.” en CORTELAZZO, M (1984): *Curiosità linguistica nella lingua popolare*. Milella, Lecce.
- VALLA, Lorenzo: *Elegantiarum libri VI*. Tamén se cita como *De elegantia linguae latinae*. Traballou nesta obra entre 1435 e 1444.
- WARDHAUGH, R (1992): *Introducción á sociolingüística*. Universidade, Santiago de Compostela.



## ANÁLISE DA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA NA EMPRESA GALEGA

*Valentina Formoso Gosende*

Confederación de Empresarios de Galicia

### INTRODUCCIÓN

O título deste relatorio “A análise da situación lingüística da empresa galega” foi posto nun principio pensando en expoñe-los resultados dunha enquisa que se pasou entre unha serie de empresas galegas para tratar de coñece-la súa situación lingüística. Desde a miña experiencia no departamento de normalización lingüística na Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) vou facer unha pequena aproximación á situación de como se actúa de cara á normalización do galego na empresa. A CEG non está en contacto directo e cotián cos empresarios, xa que estes se agrupan en asociacións e estas directamente nas Confederacións provinciais, as cales forman parte da Confederación de Empresarios de Galicia. Segundo a información que teño das Confederacións provinciais a maioría dos empresarios, sobre todo de Lugo e Ourense, diríxense en galego a face-las súas consultas ós departamentos correspondentes.

Agora que unha cousa é a lingua na que eles falen e outra é na que pensen que deben facerse as xestións e relacións comerciais, en que lingua van firma-los seus contratos ou as súas facturas. Son moitos anos en que se lles fixo ve-lo castelán como lingua “útil” asociada ós negocios e ó poder. Aquel pequeno empresario que ten unha granxa de polos ou o contratista dunha aldea calquera que ten 6 mozos traballando con el, ós que con moitos traballos lles fixeron aprender unha lingua que non falaban para poder face-las escrituras do seu negocio, e manda-las cartas, certificados, albarás... pensan que lles están tomando o pelo agora se resulta que teñen que escribir en galego, lingua na que falan toda a vida pero na que son ágrafos (os maiores de 30 anos non aprenderon a ler nin a escribir nela). Ademais hai aínda quen pensa que “el gallego llega el que hablamos en casa, el académico no sirve para comunicarse”.

Desde a CEG tentouse, desde que se creou o departamento en xaneiro do 1994, facer ver que o galego se pode usar para tratar calquera tema empresarial. Mándanse as cartas

dos “mailing” en bilingüe, xa que se tenta que non se vexa como unha imposición ou un cambio drástico, posto que existen aínda prexuízos –como se verá na enquisa– que hai que superar ós poucos. Ó primeiro había chamadas para preguntar que era “eso del gallego”, agora xa o asimilaron como algo normal. De tódolos xeitos hai que andar con moito tento, porque cando a *Circular Informativa* (revista na que se inclúen tódalas novidades lexislativas, novas europeas, axudas... de interese empresarial) que se pasa tódolos meses ás empresas, empezou a ir só en galego houbo só dúas chamadas protestando. Por conseguinte e acto seguido pasouse a facer só metade en galego e outra metade en castelán.

Seguindo nesta liña de introducción progresiva téntase atende-lo público galegofalante na súa lingua, oralmente e por escrito. Pero aínda a xente ten asimilado que a lingua desta institución é o castelán, porque soben polas escaleiras falando galego e chegan ó mostrador e preguntan en castelán. Como dato curioso vou aporta-las cifras do seguimento que fixen do novo centro de información telefónica (CITE) que se creou na CEG e onde se reciben tódalas consultas telefónicas:

|                           |              |      |
|---------------------------|--------------|------|
| xuño: de 517 consultas só | 14 en galego | 2,7% |
| xullo: de 300 consultas   | 16 en galego | 5,3% |
| agosto: de 180 consultas  | 16 en galego | 8,8% |

Vese que a porcentaxe aumentou considerablemente e moito tal vez fose que desde mediados de xullo conseguimos que as telefonistas dixesen:

“Confederación de Empresarios, dígame” (sen adscribirse a ningún idioma), no canto de “Confederación de Empresarios, buenos días”

## ANÁLISE DA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DA EMPRESA GALEGA

Desde o Departamento de Normalización Lingüística da Confederación de Empresarios de Galicia tentouse avalia-la situación lingüística da empresa galega debido á necesidade esencial de coñece-lo ámbito sobre o cal se tenta actuar. Antes de tomar calquera tipo de medida pensamos que cumpría saber:

- Cal é o uso real do galego oral e escrito na empresa
- Que actitudes hai, é dicir, que opinión lles merece a introducción do galego

Coñecendo un pouco isto podemos deducir cales son os puntos prioritarios nos que actuar.

Para estudia-la situación lingüística da empresa galega elaborouse unha enquisa que lle foi pasada ó redor de 700 empresas de tódolos sectores (asociadas ou non á Confederación). Foron escollidas nas nosas bases de datos, fundamentalmente entre as que están

en máis contacto connosco, ben porque nos fan consultas habitualmente ou porque participan nos nosos proxectos.

Foi contestada por 63 empresas dedicadas a tódolos tipos de actividade, desde a loussa ata a publicidade. Eran case todas pequenas empresas, variando o número de empregados de 1 ata 100; só hai 3 que pasan de 100 e 4 que teñen máis de 1000. Hai que ter en conta que en moitas empresas familiares ó preguntar por “empregados” non se contaban os propietarios que ó tempo traballan. Tamén pode parecer un pouco escaso o número de contestacións recibidas, pero comparando coa media de respostas recibidas cando se pasan enquisas sobre algo de interese directamente empresarial, a verdade é que superou as expectativas previstas que estaban nun 5%.

A enquisa ía dirixida á empresa e non se pedía que contestase unha persoa concreta polo que hai que conceder unha marxe de dúbida en determinadas preguntas onde as respostas, ás veces, viñan bastante personalizadas.

Cómpre comentar que se recomendou que fose bilingüe (en galego e en castelán) para que tivese máis acollida e que non houbera “malos entendidos” nin protestas. Non sei se foi un acerto pero o que si é verdade é que houbo quen contestou a parte en castelán e polo ton supoño que se fose só en galego non o faría. Un destes incluso marcou as respostas en vermello e maiúsculas e poñendo “NO SE HACE NADA” e “NO SE EMPLEA” no apartado 1 onde só había que marcar a resposta cunha cruz.

Este cuestionario (ver anexo 1) incidía en tres puntos claves no uso do galego: se era lingua da imaxe externa, se era usada polo persoal no seu traballo oralmente e por escrito e cal era o nivel dese uso interno e de cara ó exterior (atención ó público). Tentáronse detecta-las causas en cada caso de non ser empregado o galego e o grao de interese que mostraban por el. Por último preguntábaselle se coñecían as axudas que existen para a promoción da lingua.

### **Obtivéronse os seguintes resultados**

As nosas empresas case non usan o galego para a IMAXE EXTERNA, pouco máis dunha terceira parte delas o empregan, sobre todo na rotulación, seguido pola documentación e publicidade. A opción do bilingüismo case non está considerada. En poucos casos hai unha correspondencia biunívoca entre teren, por exemplo, o nome da empresa en galego e que sexa a lingua da empresa.

A principal **razón**, que argumenta un 27% das empresas como xustificación a esta situación, segue sendo o prexuízo que pesa de que “as relacións comerciais se deben facer en castelán”. Segue, como se ve, na mentalidade do noso empresariado a idea de que o galego “non vale para funcionar no mundo da empresa”. Son moitos séculos que, consciente e inconscientemente, fixeron que o castelán se asentase como lingua da empresa. Desde aqueles primeiros empresarios cataláns e maragatos, que obviamente non falaban galego, asociouse *empresa-cartos-poder-ascender socialmente-castelán*. Ningún, ou moi poucos, se encargaron de demostrar que isto non tiña que ser así.

Houbo quen marcou máis dunha resposta, e moitos dos que riscaron a que acabamos de comentar, indicaban que “non interesaba facelo”(24,5%), ¿e por que lles ía interesar emprega-lo galego? ¿Non se fixo sempre en castelán...? Unha das respostas a estes interrogantes pode se-la seguinte: “é *indiferente* cal sexa a lingua da imaxe externa (xa reflicte cal vai se-la tónica xeral das respostas); e como é indiferente e a maioría empregan o castelán, pois xa está ben así. Como anotou alguén a pé de páxina “pois por comodidade...”. De tódolos xeitos hai un 11,5% que ve o galego coma un atranco para o bo funcionamento da empresa.

Con menos puntos, pero non por iso menos importantes, están as respostas de tipo “máis material”, por dicilo dalgunha maneira:

- un 13% di que non ten que llo traduza;
- para un 6,5% é un proceso moi custoso, supón un investimento innecesario;
- e logo están aqueles ós que non lles é viable porque toda a súa produción vai fóra de Galicia.

Respecto á LINGUA NO POSTO DE TRABALLO diferenciamos entre o galego **oral**, xa que na maioría das empresas é empregado por máis do 50% dos traballadores, e a lingua **escrita** xa que só escriben en galego máis do 50% dos traballadores en 7 empresas.

É a lingua das comunicacións internas orais na maioría dos casos. Os empregados que falan, nun 76%, galego na súa casa fálano normalmente entre eles.

É o idioma das xuntanzas no 48% das empresas (hai que ter en conta que moitas das empresas con menos de 5 empregados non consideran que as realicen).

Na escrita (actas, ordes do día, notas...) o uso do galego redúcese a aproximadamente ó 16%.

– **Nas relacións co exterior:**

Só o 23% usa o galego nalgúns actos públicos. (Naquelas poucas que os realizan).

O 74% das empresas atenden o público en galego. E dentro destas en máis da metade (o 65%) emprega o galego máis do 50% do persoal. A razón de non o empregaren é principalmente porque a relación é con xente non galegofalante (galega ou de fóra). Como imos ver a continuación, na case totalidade das empresas o persoal fala galego, canto máis pequena e máis familiar máis galego, pero se vén xente falando castelán adáptanse ó rexistro do cliente. (O cliente manda). Pero hai outras razóns:

- Un 15% di que ninguén o solicita.
- Nun 13% das empresas que contestaron (fago a aclaración polo curioso do dato), o persoal que atende ó público non é galego.
- O desinterese é o motivo principal do 10%, que corresponde en moitos casos con aquela indiferencia que comentabamos arriba.
- Só nun 6,5% non atenden en galego por falta de formación.

Analizamos cal é a **situación no posto de traballo:**

No **90%** das empresas **fálase** galego, no 65% delas fálano máis do 50% do persoal, e nun 13% o uso é polo 100% do cadro de persoal. Isto non está en correspondencia coa

atención ó público, xa que en moitas hai unha porcentaxe moi alta de galegofalantes e o público só se atende en castelán. De tódolos xeitos só un 10% di que non se emprega para nada o galego. Polo tanto o galego non é alleo á empresa, non é algo que haxa que impoñer, senón que hai que adaptarse á realidade e normaliza-lo seu uso. Normalizar mentres sexa posible, antes de que sexa demasiado tarde, porque se cadra dentro duns anos, tal e como medran os castelanfalantes conforme baixamos en idade, a situación xa ten moitos máis problemas. Problemas moi diferentes ós de hoxe. A xente de máis de 35 anos non escribe galego porque nunca o aprendeu; os máis novos escriben cada vez mellor e sen erros pero como lingua estranxeira, que non falan.

No tocante á **escrita** a situación invértese: O 64% das empresas escriben todo en castelán, e só o 3% escriben todo en galego. Onde se escribe algo en galego, só nun 11% o emprega máis do 50% do persoal. ¿E quen o emprega? A xente nova e normalmente só cando é necesario: un informe á Xunta, unha carta...

O principal **motivo** que dan é o da “educación en castelán”, nun 63%; seguido por outras dúas pexas:

- A falta de formación do persoal (nun 31% das empresas). Hai un 21% onde ningún dos traballadores ten formación; aínda que nun 54% delas teñen traballadores, os máis novos, que xa recibiron clases de galego na escola.
- As relacións con provedores e clientes castelanfalantes (galegos e de fóra).

Un 16% reconece que moitos dos empregados non usan o galego por desinterese, e só nun 6,5% indican imposición empresarial ou prexuízos do tipo: “é un idioma de pobres, vellos, xente sen estudos, etc.”

No 75,5% das empresas teñen unha porcentaxe alta de traballadores que falan o galego desde sempre na casa contrarrestada esta tendencia por un 28% que teñen traballadores de fóra de Galicia.

Merece mención especial a relación entre a porcentaxe de galego que se fala e o que se escribe. Xustamente naquelas empresas onde o 100% do persoal fala o galego, empresas pequenas, moitas situadas en concellos de poucos habitantes, é onde escriben só en castelán; incluso onde os prexuízos do tipo: “co galego non se vai a ningún lado” son máis grandes: “no sé porque tenemos que volver al gallego si ya somos europeos” anotaba un empresario dun concello lugués que recoñecía que tanto entre os empregados coma co público só se falaba galego. E é en certa medida lóxica esta resposta do paisano ó que despois de tantos anos en que lle quixeron facer aprender castelán (¿sabe Deus con canto esforzo...!), lle veñan agora con que se escriba en galego. (“¿...non quedamos en que era un dialecto...?”).

Nestes casos o labor de concienciación é prioritario; e aquí non fan falta lavados de cerebro senón facerlles ve-la realidade das cousas.

Con relación á **formación** nun 77% das empresas hai xente interesada en recibir formación pero dependendo do tempo que lles ocupe, non están dispostos a desprazarse e

tería que ser, para algo máis da metade, fóra de horario laboral. Hai un número considerable de empresas interesadas en recibiren **material**:

- Un 50% queren modelos para facer cartas, certificados, saúdas...
- Un 40% solicitan vocabularios específicos
- Un 6% está interesado ademais en gramáticas, dicionarios técnicos...

Unha empresa pediu que este material fose en portugués.

Por último tentouse avalia-la **opinión que teñen sobre a Normalización Lingüística**:

Da pregunta sobre os **servicios de N.L.** dedúcese que hai un grande descoñecemento pois un 14% di que non sabe para o que serven; a mesma porcentaxe que pensa que están ben para outros organismos, pero non no mundo empresarial. Só tres empresas din ter xa servizo e 2 poñen como impedimento a cuestión dos cartos para montalo. A un 35% non lles interesaría telo, pero si que houbo un **servizo central** a onde puidesen acudir para asesorarse. Dentro deste grupo inclúense moitas empresas (25%) que contestan que non lles parecen necesarios na súa empresa.

Polo tanto, salvando algúns casos, non podemos dicir que a xente se mostre reticente cara á introducción do galego, pero fai falta que se vaian poñendo os medios necesarios para lles ir axudando.

Respecto ás **axudas** que ofrece a Xunta só coñecían as que máis lles interesaban (axudas a empresas privadas) un 24'5% das que responderon, só as solicitaron un 13% e case todas foron concedidas.

## VALORACIÓN E PROPOSTAS

Está claro que o mundo empresarial non se desenvolve en galego, pero a enquisa dános como conclusión máis importante que tampouco é unha lingua totalmente allea a este ámbito, senón que a maioría dos traballadores a coñecen e a falan. Pesa moito o prexuízo de que na empresa hai que fala-lo castelán e desde logo escribilo xa que esta é a lingua do poder e dos cartos. Este é o prexuízo fundamental que hai que desterrar. Non imos ser tan idealistas que lle propoñamos ó sector empresarial, de natureza pragmático, que de repente pasen a usar exclusivamente o galego para todo, pois hai que ter en conta que moitas empresas teñen relacións fóra de Galicia e non teñen considerada a posibilidade do bilingüismo. Pódese ir pouco a pouco ata que se consiga a normalización do idioma.

Disto dedúcese a necesidade de **concienciación do empresariado galego** de que por un lado a lingua non lle supón un atranco, senón que pode ser un referente de prestixio. Pero non é todo idealismo senón que o uso do galego pode ser un valor engadido ó esforzo de ser máis competitivos e de ofrecer produtos de calidade con características propias.



Á vista desta análise pensamos que habería que actuar en varias fronteas:

1.- Campañas de **sensibilización e concienciación** para desterra-los prexuízos que pesan sobre o galego como lingua non apta para levar a cabo as relacións comerciais; incidindo en, por exemplo:

- No factor de prestixio...
- Clarificación do desligamento da lingua de opcións políticas concretas;
- As experiencias prácticas das empresas que xa utilizan normalmente o galego;
- Dar opción ó bilingüismo;
- Proxecto da Unión Europea de axudas para o desenvolvemento de culturas e linguas minoritarias;
- Exemplos prácticos de países cun alto nivel de exportación e cunha lingua moi dificilmente asequible: (chinés, xaponés...);
- O exemplo catalán.

2.- Facer ver que o galego é a lingua falada pola maioría dos traballadores, non vai ser algo que se impoña, senón que responderá á realidade de Galicia.

Empezaríase convencendo primeiro do cambio da imaxe externa que é o máis fácil, rápido e menos custoso. Pouco a pouco seguiríase avanzando, pero sen que se caia en pensar que é unha simple cuestión “estética” relacionada coa política.

3.- Hai un 20% de empresas ás que lles é **indiferente** que estea nun idioma ou outro, polo tanto hai que facerlles ve-las vantaxes que pode te-lo galego e facilitarlle-lo camiño ofrecendo a posibilidade de asesoramento e tradución.

Co anterior encana a idea de crear un **servicio central de Normalización Lingüística** a onde poidan acudi-las empresas interesadas en actividades de normalización da súa empresa que podería estar na CEG ou/e nas Confederacións provinciais.

*Como o principal problema do mundo empresarial está nos **usos escritos** habería que actuar en dúas liñas principais:*

A) A **concienciación** que ten que ser previa a ningunha cousa, a eliminación de prexuízos dos que falabamos arriba, xa que non se pode emprender ningunha acción sen que a xente asimile que o galego pode ser lingua da empresa.

B) **Formación**: Organizar cursos de galego de carácter específico para os traballadores interesados.

- Xuntar esforzos para elaborar e distribuír vocabularios específicos e básicos para sectores de produción concretos. A verdade é que se unha empresa de granito ou de lousa quere normalizarse vai ter bastantes dificultades co léxico propio que ten que manexar no día a día.
- Modelos para facer cartas, saúdas... nos que parece que un grande número de empresas están interesadas.

- Crear soportes informáticos adaptados ás necesidades das empresas para facilitarlle-lo traballo. É sabido por unha banda o escaso uso do galego na informática, e pola outra a dependencia que existe dela. Polo tanto este punto é moi importante.

C) **Información:** sobre as axudas que se ofrecen para a normalización lingüística. Xa que hai tantas empresas ás que o tema lingüístico lles é indiferente, no sentido de que simplemente se deixan levar pola inercia, quizais se lles subvencionan o cambio de rótulos, documentación, etc., o fagan en galego.

## ÂMBITOS DE ANÁLISE NA SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA: UMA SISTEMATIZAÇÃO

*Mário J. Herrero Valeiro*

Departamento de Linguística Geral e Teoria da Literatura. Universidade da Corunha.

### 0. INTRODUÇÃO

Nesta comunicação tentam-se apresentar brevemente as diferentes perspectivas de análise que do bilinguismo galego se têm feito nas últimas décadas na Galiza e oferecer um pequeno guia bibliográfico para quem se achar ao tema. O nosso interesse é fundamentalmente descritivo e apenas secundariamente crítico. Mas, contudo, resulta inesquecível ao realizar um trabalho globalizador deste tipo o problema que, no quadro da investigação sociolinguística na Galiza, causa uma das nossas particularidades como comunidade: a de gozar do discutível privilégio de ter uma língua de ortografia múltipla. O certo é que esta questão acarreta um grave conflito de base ideológica-identitária entre as elites técnicas –de poder ou de contra-poder– que geram discurso sobre a língua, e questão que, na nossa experiência, leva em demasiadas ocasiões a não observar a qualidade ou interesse do trabalho, mas antes a ortografia em que está escrito. Isto pode significar, e de facto significa muitas vezes, o silenciamento de autores e linhas de investigação ou, no melhor dos casos, apenas uma leitura viciada de começo. Não nos pretendemos salvar desse condicionamento à partida, porém não é objectivo básico deste trabalho realizar qualquer tipo de análise glotopolítica da Política Linguística institucional ou para-institucional galega ou das suas contra-propostas, e da conseqüente guerra de elites, ainda que nalgum momento entremos inevitavelmente na questão, mas apenas centrar-nos nos aspectos mais puramente sociolinguísticos (linhas de investigação e alguns resultados) e menos nos mais abertamente político-linguísticos de que já nos temos ocupados noutros momentos (p. ex. Herrero Valeiro, 1993a, 1993b). É por isso que não tratamos aqui o tema da discussão em torno da planificação do corpus, ou seja, excluimos o âmbito da análise glotopolítica dos problemas ideológicos e identitários que fundamentam a questão ortográfica.

## 1. PERSPECTIVAS DE ANÁLISE DO BILINGUISMO GALEGO

Como já comentou Fernández Rodríguez, 1991, p. 248, a via de análise sociolinguística preferentemente usada na Galiza tem sido a perspectiva *macro* ou sociologia da linguagem, já for em aportações práticas (sociolinguística quantitativa) ou teóricas (estudos descritivos ou interpretativos). As outras duas perspectivas apontadas por Fernández Rodríguez para uma completa análise de uma comunidade multilíngue, a microssociolinguística e a variacionista, não tiveram a mesma sorte no nosso contexto. Da segunda apenas poderíamos, seguindo a este autor, achar um trabalho que se aproxima desta linha de análise, o de González Blázquez, 1979, mas «sen o soporte empírico que nesta escola se considera fundamental». Mas a outra perspectiva, representada nomeadamente pela sociolinguística da interação de Gumperz, começa a oferecer uma maior produtividade e a gerar trabalhos de grande interesse, como em seguida veremos.

Fernández Rodríguez, 1991, p. 248, oferece, em nossa opinião, uma adequada explicação para o não cultivo destas linhas de análise: «A ausencia, ata agora, da sociolinguística das universidades galegas e do resto das institucións investigadoras non favoreceu o longo traballo que se necesita para afrontar as outras dúas vías de análise. A microssociolinguística necesita longos períodos de observación participante nunha comunidade de interacción e sofisticados métodos para formar un corpus de conversación espontánea, ademais de unha familiaridade coas técnicas de etnometodoloxía, de análise da conversación, e formación lingüística en campos alleos á tradición lingüística hispánica (por exemplo, a análise prosódica, a pragmática, etc.). A terceira vía [o variacionismo] necesita tamén un abundante corpus de lingua falada, aínda que obtido de forma diferente, mediante a típica entrevista sociolingüística»<sup>1</sup>.

## 2. A PERSPECTIVA MACRO

Através de Fernández Rodríguez, 1991, p. 246-247, podemos caracterizar a análise microssociolinguística como um estudo dos macrofactores sociais que interessam a escolha de código (língua ou variedade linguística) por parte dos falantes em situações claramente definidas. Para este tipo de análise é fundamental o conceito de **domínio**, um contexto institucional vinculado à mudança de línguas; ou seja, estuda-se o uso funcional das línguas. O conceito presuppõe que as escolhas individuais dos falantes estão governadas por modelos

<sup>1</sup> O projecto de formação de um Corpus de língua falada na cidade da Corunha, dirigido pelo Professor Doutor Fernández Rodríguez, constituiu um primeiro intento de resolver este problema ao fornecer aos investigadores uma muito ampla base de trabalho que já tem sido ou esta a ser empregue em teses e tesinhas de diferente perspectiva analítica (para um descrição do projecto veja-se Fernández Ferreiro e Cal Varela, 1993). De facto, numa linha que combina a fonética experimental e uma certa perspectiva variacionista, pode ver-se Faginas Souto, 1996, e, numa linha microssociolinguística, Domínguez Seco, 1995.

estabelecidos de escolha que actuam no conjunto da sociedade multilingue, de forma análoga ao que acontece com os diferentes registos numa sociedade monolíngue. Trata-se de descobrir o número e o tipo dos domínios pertinentes existentes numa sociedade, alguns propostos como universais (família, escola, administração...). Enfim, como escreveu Fishman trata-se de pesquisar «quem fala, que língua, a quem e quando».

Contudo, na sociologia da linguagem, cremos necessário diferenciar dois territórios a efeitos de sistematicidade: (a) os estudos descritivos quantitativos ou demolingüísticos, e (b): os estudos descritivos teóricos, basicamente ao redor dos conceitos **bilíngüismo**, **diglossia** e **conflito lingüístico**. Para os primeiros, a aparição dos três volumes do *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, realizado pelo *Seminario de Sociolingüística* da *Real Academia Galega*, e referidos a língua inicial e competência lingüística, usos e atitudes (Seminario de Sociolingüística, 1994, 1995, 1996), aporta por fim um conjunto de dados o suficientemente fiáveis para um melhor conhecimento da situação demolingüística da Galiza, fechando uma época em que, apesar da numerosa bibliografia sobre o tema, não existiam estudos globais que nos fornecessem de dados suficientes. Para o segundo caso, a bibliografia é amplíssima, com posições enfrentadas e altas doses de militância que, na nossa opinião, tendem a deformar por positivo ou por negativo o panorama sociolingüístico, social e institucional, da Galiza. Trata-se, enfim, de um dos âmbitos básicos em que se patenteia o conflito ideológico-identitário.

## 2.1. Sociolingüística quantitativa

Ainda que existem numerosos domínios sobre os que actuar a sociolingüística quantitativa<sup>2</sup>, vamos centrar-nos apenas num *domínio global* ou, mais adequadamente, uma **dinâmica do bilíngüismo galego** (Fernández Rodríguez, 1991), aquele que tenta oferecer uma perspectiva geral de nível de competencia, usos e atitudes da línguas e a evolução desta situação (Rojo Sánchez, 1981; Fernández Rodríguez, 1983, 1991, 1993; Portas Fernández, 1991, Seminario de Sociolingüística, 1994, 1995, 1996). Para além de quadros, números e múltiplas estatísticas impossíveis de apresentar aqui, salientaremos o que consideramos como traço definidor básico dessa dinâmica. Como se tem comentado em diversas ocasiões (Rojo Sánchez, 1981; Fernández Rodríguez, 1983, 1991), há um facto paradoxal, mas essencial, para a apreensão macrosociolingüística do estado actual do bilíngüismo na Galiza. E este facto parte da existência de dois parâmetros perfeitamente diferenciados, um **parâmetro social** e um **parâmetro institucional**. No primeiro, se atendemos a Fernández Rodríguez, 1991, p. 239, resulta «indubitable que nos achamos nunha fase avanzada dun proceso de substitución lingüística» do galego pelo castelhano. No segundo, por contra, e para o mesmo autor (*ibidem*), o galego «sen ningunha dúbida, gañou importantes posicións»<sup>3</sup>. Se de-

<sup>2</sup> Por exemplo, na Galiza têm-se analisado os domínios: família, educação, religião, trabalho, administração e justiça, meios de comunicação e cultura.

<sup>3</sup> Portas Fernández, 1991, p. 141-142, reproduz esta mesma consideração geral: «O indicador negativo máis importante é a continuación do proceso de **perda de falantes de língua materna galega**, castellanización

certo se pretende ofrecer uma possível leitura do significado desta paradoxal situação, é preciso examinar antes o primeiro dos parâmetros, aquele onde as línguas devêm fala, onde estão vivas e sobrevivem (Fernández Rodríguez, 1993). E se para o segundo parâmetro, o institucional, os dados quantitativos resultam apenas acessórios, neste primeiro adquirem uma importância básica.

Acho que, sem termos que recorrer à muito maior complexidade do Mapa Sociolinguístico, as análises prévias de Fernández Rodríguez, 1991, 1993, podem servir para apresentarmos como se encontra na actualidade a questão quantitativa e tentar oferecer uma interpretação da evolução da questão. O objecto de estudo: «o avance do proceso de substitución lingüística nos ámbitos informais» (Fernández Rodríguez, 1991, p. 240); os objectivos: uma interpretação técnica dos resultados obtidos e da sua possível evolução. Para além disto, chegaremos a uma crítica e auto-crítica deste tipo de perspectiva de análise.

E os dados mais actuais são significativos: por uma parte, é patente um forte processo de perda na transmissão intergeracional da língua (Fernández Rodríguez, 1991, p. 241); por outra, a situação do galego no âmbito urbano ou semi-urbano é quase-agónica (Fernández Rodríguez, 1993) enquanto no âmbito rural perde posições com uma rapidez alarmante (Fernández Rodríguez, 1991). Fernández Rodríguez, 1983, tinha postulado unha deceleração no processo de substituição (**desgaleguización**), considerando-a positivamente em relação á conservação do galego. Mas em Fernández Rodríguez, 1991, realiza uma reinterpretação dos seus dados: o ritmo de desgaleguização desce nas cidades por escasseza de «materia prima»; ou seja, já não há quem *desgaleguizar*. Os processos de *regaleguización* interessam fundamentalmente os usos litúrgicos<sup>4</sup> da língua,

individual que é maior segundo nos aproximamos das xerazóns máis novas, dos habitats caracterizados como máis urbanos e das clases sociais máis elevadas. A este indicador negativo ven-se superpor a **timidez con que avanza o proceso de normalización lingüística**. Apesar de contar con un marco legalque se pretende e define como defensa e motor da mesma, a normalización ve-se reducida en moitos ámbitos da vida social a **meros usos testemuñais e ritualizados**. Condicionado en parte por unha moi discutibel eficacia institucional, e en parte pola falta dunha sensibilidade lingüística xeneralizada, podemos constatar tamén a **escasa penetración do galego nos usos públicos desenvolvidos e/ou promovidos por axentes de titularidade privada**. Contodo, xunto a estes factores encontramos-nos con outros que denotan un avance na recuperación social da língua. Nen que dicir ten que, en comparación coas fases precedentes do idioma, **o galego incrementou a súa presenza na vida pública, un crecemento que tamén se pode apreciar na análise da escala de funcións que desempeña na sociedade actual**. Tampouco podemos esquecer o salto cualitativo que supuxo a **oficialización da língua**, coa conseguinte **entrada do galego no mundo da educación**, e o **incremento considerable do seu emprego nos medios de comunicación de masas, especialmente na televisión**. Estas e outras causas, entre as que salienta a **proliferación de colectivos que defenden a normalización**, están provocando nos últimos tempos unha **mudanza positiva moi importante nos códigos de valorización social** da língua, coas **transformacións derivadas no comportamento lingüístico dos galegos**. Mais, apesar de todo, estes factores non conseguen vencer a tendencia castellanizante que testemuñan os indicadores negativos anteriormente apuntados».

<sup>4</sup> Porém, é precisa a reinterpretação do uso habitual do rótulo litúrgico feita por Álvarez Cáccamo, 1990, para o contexto galego: «The label 'liturgical', however, misses the point that these are not simply ritualized forms of linguistic behavior: they are *practices of change and power* that contribute (1) to structure each language's 'ethoglossic character' (its socio-communicative functions); (2) to generate communicative expectations, and (3) to shape the community's sociolinguistic competence. By exposure to contextualized language choices, the speech community establishes associations between code use, social setting, degree of formality of the event, activity type, interactional goals, and participants's identities and role relationships. These associations

e não os usos básicos da interacção quotidiana. A regaleguização efectiva produz-se apenas em casos marcados por um processo de politização de signo nacionalista; por palavras deste autor, «falar deixa de ser ‘simplesmente falar’ para volve-se un xeito de militancia». Isto é, produz-se um processo de ideologização da fala, mas com uma incidência quantitativa muito pequena<sup>5</sup>.

Em Fernández Rodríguez, 1993, volta-se insistir na importância da análise da situação do galego nos espaços urbanos e, obviamente, nas gerações mais novas, já que de ambos os parâmetros depende a conservação da língua<sup>6</sup>. Tomando em consideração a existência de **bilíngues iniciais**, como lógico resultado da crítica ao não-operativo uso habitual do conceito **língua materna**, a análise arroja que na população urbana galega o 48,9% tem como língua inicial o castelhano, o 35,3% o galego, e o 15,8% as duas (Fernández Rodríguez, 1993, p. 32). Porém, a distribuição está longe de ser homogênea nos diferentes grupos de idade com evidente vantagem para o castelhano segundo se desce na pirâmide populacional (e, deste modo, podem ver-se, por exemplo, os dados sobre língua inicial segundo idade na população urbana que fornece Fernández Rodríguez, 1993, p. 32): a percentagem de galego-falantes iniciais é de 12,2% no grupo itário 16 a 25 anos). Para além disto, mesmo apesar do grande conhecimento do galego por parte da população, como escreve Fernández Rodríguez, 1993, p. 51, «(...) entre saber hablar gallego y hablarlo habitualmente hay una diferencia muy importante: difícilmente se transmite a los hijos una lengua que no se habla habitualmente».

Porém, apesar da esmagante contundência destes dados, existem outras visões mais optimistas quanto ao futuro do galego (como a de Monteagudo Romero, 1990<sup>7</sup>, embora os dados do próprio Monteagudo Romero et alii, 1986 pareçam questionar tal optimismo). A interpretação desta divergência de perspectivas haverá de vir pela análise do di-

generate expectations that later enter into the interpretation of linguistic choices in comparable situations: sociolinguistic change in action».

<sup>5</sup> Mas o certo é que nem uma politização face à posições nacionalistas galegas tem de acarretar necessariamente nos últimos anos uma mudança de usos linguísticos: veja-se por exemplo o caso dos *Riazor Blues* ou doutros grupos vinculados ao futebol, em que o castelhano continua a ser a língua básica de interacção, ainda que, obviamente, com atitudes -mas quase sempre apenas atitudes- muito positivas face ao galego.

<sup>6</sup> Fernández Rodríguez, 1993, p. 28: «Galicia está dejando de ser básicamente rural, y el proceso de concentración de la población en las ciudades, en la costa y en las cabeceras de comarca, ya muy intenso en los últimos quince años, se intensificará probablemente en los años venideros. El 87% del crecimiento demográfico de Galicia en este siglo corresponde a las cabeceras urbanas, y la población que vive en las siete áreas urbanas gallegas representa ya más del 40% de la población total, mientras que en 1900 representaba sólo el 9,8%. Por consiguiente, el hecho de que en los ámbitos rurales todavía encontremos porcentajes elevados de gallego-hablantes habituales no debería suscitar por sí sólo demasiadas esperanzas para el futuro de la lengua».

<sup>7</sup> Para Monteagudo Romero, 1990, pp. 307-308, da perspectiva oficialista: «considérase que a situación socio-lingüística actual xa non necesariamente hai que caracterizala como un estadio de *bilíngüismo substitutorio* (de transición cara ó unilingüismo en castelán), senón que pode ser considerada como un estadio de *bilíngüismo restitutorio* (de transición cara ó unilingüismo en galego): desde esta perspectiva, os avances na planificación do estatus do galego son valorados positivamente (aínda que se lle sinalen insuficiencias e contradicións), e de todas as maneiras sería inconcebible unha pasaxe súpeta desde o *bilíngüismo substitutorio* á *normalidade lingüística*. Desde esta perspectiva, os avances na planificación do corpus e na do estatus do galego van nun camiño correcto e son o suficientemente congruentes entre si».

ferente peso que, numa descrição global da dinâmica do bilinguismo na Galiza, se lhes conceda ao âmbito social ou informal e ao âmbito institucional ou formal. Do primeiro parâmetro, a análise diz que assistimos a uma fase muito avançada de um processo maciço de **substituição** linguística; do segundo, a análise apresenta uma fase também avançada de um processo também maciço de **institucionalização** (que pode ser igualmente uma **restituição**) de uma muito determinada codificação normativa. Para além disto, as interpretações que os representantes da política linguística institucional realizam dos resultados conhecidos do Mapa poderiam ser qualificadas apenas como desatinadas se não tivessem o explícito interesse da Junta da Galiza de falsar a situação sociolinguística galega e ocultar a realidade demasiado facilmente verificável do processo de substituição linguística. É coisa, simplesmente, de abrir os olhos; ou antes, as orelhas. É neste mesmo contexto em que haveria de perguntar-se pelo próprio valor do Mapa Sociolinguístico no quadro de uma política linguística institucional que, de não conhecermos o seu autêntico objectivo, haveria que qualificar também como desatinada: actua-se primeiro sobre a população sociolinguística (imposição de normas de correcção idiomática, escolarização, *ma non troppo*, em galego, campanhas publicitárias de valor questionável até no estético...) e depois se investem centos de milhões no conhecimento científico do comportamento e estruturação sociolinguísticos dessa população, para, por fim, os responsáveis políticos tirarem umas conclusões desatinadas em que se misturam, tergiversadamente, dados sobre competência, usos ou atitudes. Por outras palavras: o mundo, a planificação linguística, às avessas. Apontamos apenas uma pergunta: da modificação de atitudes a respeito do galego deriva-se talvez um acréscimo de usos do galego? Ou é que, talvez, estar agora em prol do galego é, apenas, o *politicamente correcto*, e por iso mudam as atitudes, mas apenas as atitudes?

Contudo, a investigação macrossociolinguística não parece ser o único mecanismo para a correcta compreensão de um processo de substituição linguística. Para Fernández Rodríguez, 1991, p. 260: «(...) na relación dialéctica incesante entre a macroorde social establecida (que condiciona a conducta lingüística, pero non a determina) e a microorde social (que se crea e reaxusta constantemente como resultado da interacción mesma), o tipo de investigación que necesitamos decántase cara ó estudio do segundo membro da relación (...)». Mas, decerto, a análise da macroordem social ainda é quase a única sobre a que podemos desenvolver a nossa apresentação selectiva. E técnicas e conceitos originados e aplicados por esta linha analítica são os que mais ampla produção discursiva têm originado na Galiza.

## 2.2. Diglossia. Bilinguismo. Conflito linguístico

A questão, decerto, exigiria muitas páginas, mas temos de reduzi-la ao mínimo<sup>8</sup>. A aplicação geral do conceito diglossia na Sociolinguística galega tem sido maioritariamente uniforme

<sup>8</sup> Para uma análise muito mais ampla e demorada, veja-se Herrero Valeiro, 1993a, pp. 82-149, ou a reelaboração de Herrero Valeiro, 1997.



numa direcção de análise, aquela que procede de alguns dos resultados de Fishman, p. ex., 1967, 1979, (e no âmbito ibérico a sua adaptação pela sociolinguística catalã e, nomeadamente, Ninyoles 1969, 1971, 1977). Deste modo, o valor mais comum que se lhe dará ao significante diglossia será aquele que se patenteia noutros autores que optam por manter o termo bilinguismo sob os rótulos de bilinguismo colonial ou bilinguismo substitutório, ou, mais estritamente, bilinguismo diglósico para Kloss, 1967<sup>9</sup>, e que se concretará em alguns autores na oposição privativa bilinguismo-diglossia no senso de Ninyoles mas mantendo na prática a ambiguidade, como faz o próprio Fishman, do primeiro termo entre os seus pólos individual e social e entre o domínio de variedades de uma mesma língua e línguas diferentes. Assim, para Ninyoles, 1977, p. 218: «Por ‘diglosia’ aludo a aquellas situaciones en que se produce una superposición lingüística entre una variedad o lengua ‘alta’ (A), que se utiliza en la comunicación formal escrita (...) y una variedad o lengua ‘baja’ (B), con frecuencia poco cultivada, que se usa en las conversaciones de carácter no formal o familiar». Mas Ninyoles, *ibidem*, pretende com o uso do qualificativo **estrutural**: «(...) separar este término del uso limitado de los lingüistas, para poner de relieve su relación e interdependencia con el resto de los rasgos estructurales (sociales, económicos, culturales, políticos) de una sociedad».

A diglossia *à galega*, onde espanhol é língua A e galego língua B, aquela que gera e divulga nomeadamente o **discurso nacionalista da língua**, será sinónimo da diglossia estrutural de Ninyoles. Mesmo poderíamos dizer que em grande parte deste discurso a diglossia actua, pelo seu uso continuado no discurso público, como correlato substitutório –sendo em todo o caso uma condição– de conflito linguístico, conceito que, com certas matizações, parece-nos muito mais rendível, junto a outros como minorização ou interposição. Decerto, parece mais útil manter o uso de Ferguson (já em si próprio muito complexo), em que a oposição funcional se estabelece unicamente entre duas variedades de uma única língua, e usar outros termos mais operativos para designar os outros níveis definidos por Fasold, 1984<sup>10</sup>, embora resultem de difícil escolha para o nível das línguas

<sup>9</sup> Alguns autores mantêm a etiqueta bilinguismo como rótulo principal e acrescentam um adjetivo para clarearem a que tipo de bilinguismo aludem, como é o caso de Kloss, 1967, pp. 46-47. Kloss diferencia, numa política geral de assimilação linguística, entre um bilinguismo substitutório (**replacive bilingualism**) e um bilinguismo diglósico (**diglossic bilingualism**) no seu valor de diferenciação funcional das línguas. Pelas suas palavras: «A linguistic assimilation policy may have to deal with basically different minority tongues some of which are closely related to the national and others which are not. Therefore, speakers of the dominant language have two ways of doing away with a nondominant language: replacing it, or *dialectizing* it. In other words, the policy may aim at diglossic bilingualism instead of replacive bilingualism. To be sure, diglossic bilingualism is only possible where the dominant and nondominant languages are close relatives». Parece que o diglósico é na realidade uma variante do bilinguismo substitutório como conceito geral. O certo é que o uso de um rótulo como bilinguismo diglósico também está a romper o que se quer apresentar como oposição privativa entre bilinguismo e diglossia, habitualmente aceite na Galiza, e que será desqualificada por Fernández Rodríguez e Rojo Sánchez embora mantendo a perspectiva da significação ampliada de diglossia. Mas também não parece o bilinguismo diglósico o conceito mais adequado ao contexto galego –mesmo desde o Resurgimento e o reinício do uso do galego em âmbitos formais a meados do século XIX– por não existir de forma geral aquela diferenciação absoluta de funções que exige o qualificativo diglósico (na diglossia de Ferguson, 1959, ou na **broad diglossia** de Fasold, 1984).

<sup>10</sup> Fasold, consciente dos problemas gerados pelo processo de ampliação de significado, mas com que basicamente concorda, proporá uma definição ampliada (**broad diglossia**) em que se enquadrarão três subtipos

diferentes devido ao amplo território significativo do termo bilinguismo. E, deste jeito, optaríamos pelo uso de fórmulas como bilinguismo substitutório ou, com maior ideologização, bilinguismo colonial, para rotular o que López Morales, 1989, pp. 82-83, definiria simplesmente como «casos de bilingüismo en los que una lengua determinada ha sido superimpuesta por presiones culturales, sociales o políticas».

Mas, de forma geral, na linha de significação ampliada, e em diferentes níveis de uso do conceito, temos a aportação de autores que têm tratado explicitamente o tema como Alonso Montero, 1973<sup>11</sup>, Rodríguez Sánchez, 1976.1991, Rodríguez Sánchez e López Suevos, 1978 –sob a forma diglossia colonial–, Fernández Rodríguez, 1978, Chacón Calvar, 1979, Esser, 1986, Díaz López, 1980, Varela Puñal, 1980, Rojo Sánchez, 1974, 1981, Álvarez Cáccamo 1983, 1987, e García Negro, 1991. Documentamos numerosos exemplos no discurso sobre a língua na Galiza tanto na sua linha reintegracionista ou lusista quanto na diferencialista ou isolacionista que reproduzem a mesma conceptualização, preferentemente a que defende a oposição privativa bilinguismo-diglossia, e não questionam a sua aplicabilidade por ter chegado a ser um *lugar comum* aceite como «*artículo de fe*», reproduzindo a fórmula de López Morales, 1989, para se referir à aceitação sem condições da teoria de Fishman por parte dos sociólogos da linguagem; assim, podemos salientar entre outros muitos: Fontenla Rodrigues et alii, 1984, García González, 1985, ou Fernández Velho, 1986.

Porém, mais do que as posturas claramente a favor da caracterização da Galiza actual como comunidade diglósica (p. ex. Rodríguez Sánchez, 1991, García Negro, 1991) no sentido de Fishman, ou, para sermos mais correctos, Ninyoles –pois parece óbvio que as leituras procedem directamente do agenciamento e aplicação que faz este autor da teoria fishmaniana que chegará modificada em aspectos essenciais aos autores galegos–, apresentam para nós um maior interesse aqueles trabalhos que questionam,

fundamentais. Esta é a sua definição, 1984, p. 53: «BROAD DIGLOSSIA is the reservation of highly valued segments of a community's linguistic repertoire (which are not the first to be learned, but are learned later and more consciously, usually through formal education), for situations perceived as more formal and guarded; and the reservation of less highly valued segments (which are learned first with little or no conscious effort), of any degree of linguistic relatedness to the higher valued segments, from stylistic differences to separate languages, for situations perceived as more informal and intimate». Fasold estabelecerá três categorias na classificação da relação linguística entre as variedades mais formais ou prestigiadas (**High**) e as menos formais ou não-prestigiadas (**Low**) pretendendo definir um *continuum*: línguas diferentes (**Separate languages**), dialectos diferentes (**Divergent dialects**, no senso fergusoniano mas também incluindo a estratificação sociolectal e diatópica: língua padrão /vs/ dialectos) e estilos diferentes (**Stylistic differences**). Os diferentes subtipos de **broad diglossia** que se correspondem com cada um dos níveis definidos serão denominados: bilinguismo superposto (**Superposed bilingualism**) para o nível de línguas diferentes, diglossia clássica (**Classic diglossia**) para o nível da estratificação sociolectal e da estratificação dialectal, e mudança de estilo (**Style-shifting**), para a variação de estilo ou registo linguístico.

<sup>11</sup>. Anos antes de o conceito de diglossia se começar a conhecer no âmbito peninsular, este autor tinha proposto em 1963 o uso de termos como dilinguismo ou dilíngue, aplicados ao contexto literário galego, para definir em oposição com a definição idealizada de bilinguismo a situação das «persona que, sabiendo dos idiomas, tiene uno para ciertas motivaciones y otro para otras» (Alonso Montero, 1968, p. 49, veja-se também 1973, pp. 32-36), mas, como assinala García Negro, 1991, p. 88, «a análise de Alonso Montero deten-se na detección de «motivacións» diferentes nos individuos», isto é, o dilinguismo fica no parâmetro individual e não procura as causas de fundo que determinam as atitudes individuais no uso das duas línguas para diferentes funções.

relativizando, pontualizando ou desqualificando, aquele lugar comum já nos primeiros anos da sua formação, e que mesmo hoje em dia é ainda «artículo de fe» para alguns analistas representantes do discurso nacionalista e para grande parte do professorado de galego. Assim, temos os trabalhos de Rojo Sánchez, 1974, 1981, Fernández Rodríguez, 1978, Aracil, 1980, e Álvarez Cáccamo, 1987. E, doutra perspectiva que também desqualifica a aplicação usual, salientamos Gil Hernández e Rabunhal Corgo, 1989, por ser a única linha de análise desenvolvida na Galiza que opta por manter o termo diglossia no seu significado fergusoniano, o que implica ou a sua desqualificação absoluta ou a aplicação no sentido destes últimos autores. Ao tempo que rejeitam a caracterização diglósica galego-espanhol, Gil Hernández e Rabunhal Corgo afirmam que a diglossia de Ferguson é válida para rotular as conexões entre o (*galego-*)português padrão e o galego(*-português*) usado na Galiza, mas que, devido a que o território linguístico comum é administrado por dois Estados diferentes, ter-se-ia de qualificar esta diglossia galega como **deslocada** ou **transferida** a causa da **interposição** da comunidade castelhanófona, assumida como própria pelo Estado Espanha. Assim, a variedade alta, em lugar de se corresponder com uma norma galego-portuguesa comum, teria sido ocupada pela língua oficial do Estado, através da inclusão da Galiza no espaço nacional espanhol e a sua exclusão de um hipotético espaço nacional galego-português. Deste ponto de vista, a normalização da comunidade galegófona ou lusófona da Galiza, passaria no contexto actual pela sua re(co)locação na comunidade origem, para atingir uma situação de diglossia, na linha das situações definidas por Ferguson, apresentada como **condição de normalidade** (Gil Hernández 1992). Para Gil Hernández e Rabunhal Corgo, existindo já uma formulação gráfica comum para o (*galego-*)português, seria esta e não outra a que deveria substituir como variedade alta o castelhano, recompondo a unidade quebrada por aquela interposição. Nesta situação, haveria uma diferenciação clara entre usos formais, *nomeadamente os escritos*, e populares, fundamentalmente orais, da língua. Esta solução procura salvar o problema que numa dinâmica de normalização linguística causariam as divergências estruturais existentes entre um conjunto de falas galegas muito castelhanizadas e a sua relação com um padrão comum, mas pensado para os falantes de português lisboeta. Aliás, parece pretender-se uma solução equivalente à existente em línguas como espanhol ou francês, onde, apesar da existência de diferentes normas, o sistema gráfico é único.

De interesse especial resulta a crítica de Álvarez Cáccamo, 1987, já que se trata de um questionamento global do discurso nacionalista da língua que gira ao redor da *centralização* do conceito diglossia. As formulações de Álvarez Cáccamo articulam-se, de forma muito resumida, nos seguintes pontos: (1) Segundo este autor, o discurso nacionalista da linguagem costuma manejar o argumento de existirem estreitas relações bi-unívocas entre as formas de uniformização e controlo político e a política linguística dos estados centralistas. Mas o que se tem buscado na Galiza não seria o **uniformismo linguístico**, como defende o nacionalismo linguístico, mas o contrário: a estabilidade de

grupos etno-linguísticos diversos. (2) Para Álvarez Cáccamo, nas situações de diglossia (entendida como bilinguismo superposto), a conservação da especialização funcional de variedades actua como um instrumento muito útil para manter certas capas de população numa posição subordinada durante séculos. Não se busca uma total assimilação linguística, mas através do aparelho educativo escolariza-se na língua dominante o grupo etno-linguístico minorizado num grau *suficiente e necessário* como para não obstaculizar o desenvolvimento da vida social. O domínio da língua superordinada fica fechado para grandes capas da população a quem se nega o acesso aos âmbitos de poder. Não se trataria de exterminar uma língua, mas de mantê-la reduzida ao uso local, coloquial e familiar, para acentuar as barreiras sociais entre as capas subordinadas e superordinadas. Nunca teria sido o objectivo dos sectores espanhol-falantes possuidores do poder o assimilarem totalmente a população galego-dominante. Ao contrário, a política lingüística centralista deu como resultado uma hierarquia de grupos etnolingüísticos: (a) uma minoria espanhol-falante, controladora de recursos económicos e do aparelho político-administrativo; (b) uma minoria monolíngue em galego, ou com relativo conhecimento passivo do espanhol, isolada nas zonas rurais; (c) uma maioria galego-dominante bilíngue, com diversos graus de competência em espanhol, imigrantes à cidade ou moradores de núcleos periurbanos; e (d) uma minoria bilíngue de origem galega mas progressivamente assimilada ao espanhol que encontra nesta última língua a melhor fonte de progresso social, e que vai constituir preferentemente a pequena burguesia urbana. (3) Mas acrescenta Álvarez Cáccamo que limitar-se a falar de classes sociais, de elites detentadoras do poder e de **dominação linguística** supõe ainda um forte reducionismo e postula a necessidade de uma análise microsociolingüística que investigue as unidades sociais em que na realidade se geram as funções comunicativas e os valores dos códigos linguísticos. (4) Para este autor, as actuais descrições do contacto de línguas na Galiza costumam a estabelecer certas correlações rígidas entre língua utilizada, contexto ou domínio, e valores sociais. Desde o que Álvarez Cáccamo denomina **paradigma da diglossia**, o galego seria a língua coloquial, enquanto o espanhol seria a língua formal. Mas esse modelo tão estático não pode explicar as mudanças sociolingüísticas existentes na actualidade: a institucionalização de uma certa variante padrão de galego e a penetração deste em contextos e domínios que há poucos anos eram exclusivos ou quase exclusivos do espanhol. (5) Álvarez Cáccamo entende que um tipo de sociolingüística que conceba a diglossia como a dominação social de uma língua sobre outra sem considerar a utilidade da língua no avanço socioeconómico, sem ter em conta as próprias avaliações dos falantes sobre esta hierarquização funcional das línguas, e sem analisar como e para que se usam as línguas em conflito nas diferentes retículas de comunicação, nunca explicará a história sociolingüística galega e estará condenada a produzir generalizações inoperativas. (6) Nas situações «diglóssicas» mais ou menos estáveis existe uma estreita relação entre o estatus social baixo do falante e o uso da variedade baixa ou minorizada nas retículas sociais fechadas em que se interrelaciona na vida social. Na

*diglossia* galega, relativamente estável até há pouco, o galego manteve-se como o código de relação interpessoal, de coesão grupal das retículas fechadas de interacção na família, na aldeia e no trabalho no campo ou o mar. Para Álvarez Cáccamo, a supervivência do galego não constituía uma ameaça séria para a expansão do espanhol, enquanto os galego-dominantes tivessem um nível mínimo de competência em espanhol para se relacionarem com as fontes de poder social do estado dominante. Disto viria, em parte, uma aparentemente contraditória realidade de atitudes linguísticas em que alguns sectores espanhol-dominantes mantêm uma posição condescendente perante a conservação e até a defesa activa do galego, enquanto amplos sectores da própria comunidade galego-dominante manifestam **auto-ódio** perante uma língua que não oferecia, até há pouco, perspectivas de avanço social. (7) Por fim, afirma Álvarez Cáccamo que quando se produzem mudanças socioeconómicas consideráveis (industrialização e urbanização, fortes movimentos migratórios à cidade), criam-se novas formas de retículas de interacção em que se geram os valores sociais das línguas, e é deste modo que começa a assimilação linguística a grande escala. Assim, enquanto o galego se mantêm com relativa vitalidade na vida familiar, o espanhol constitui-se no código básico de relação social nas retículas de interacção abertas do mundo do trabalho e no domínio público circunstancial. Seria neste senso como pode interpretar-se a assimilação parcial ao espanhol: não necessariamente como uma renúncia a uma (indefinida) identidade, mas como uma identificação com novos valores, em muitos casos interpretados pelos falantes assimilados como valores de *progresso*.

Contudo, uma análise completa destas perspectivas sobre a diglossia exige uma atenção que não lhe podemos conceder num trabalho breve deste tipo.

Quanto à utilização concreta do conceito bilinguismo, existe uma tendência que o rejeita, por razões basicamente ideológicas, como válido para definir a situação galega e o substitue, por razões também basicamente ideológicas, pelo de diglossia, na linha niyoliana (Garcia Negro, 1991). Porém, é mais habitual o uso de bilinguismo, no seu parâmetro social, como conceito decerto aplicável (Fernández Rodríguez, 1991). Num nível intermédio, Portas Fernández, 1991, usa os dois conceitos para se referir à situação galega, mas o termo marcado é a caracterização que faz desta como **(exo)diglóssica**<sup>12</sup>. No nível institucional existe uma paradoxal contradição entre a defesa por parte de algumas das elites técnicas oficialistas de um determinado modelo de normalização do galego que talvez teria como objectivo a consecução do unilinguismo em galego, e uma declarada defesa por parte das elites políticas de poder do bilinguismo etiquetado como *equilibrado*, *harmónico* ou, até, nos últimos tempos, *limpo*, na usual linha de mitificação desse conceito (Aracil, 1966, 1986), impugnada pelos sectores galeguistas, técnicos

<sup>12</sup> Para Portas Fernández, 1991, p. 185: «na Galiza actual existe unha alta percentaxe de populación que domina -con diferentes niveis de destreza e, na maioría dos casos, dunha maneira incompleta- as dúas línguas presentes na sociedade. A este (semi-)bilingüismo individual superpón-se un bilingüismo social estendido, que se materializa unha diglósia inestábel de carácter conflitivo».

ou políticos, não-oficialistas (Garcia Negro, 1991)<sup>13</sup> e muito menos claramente pelos oficialistas (Alonso Montero 1990).

### 3. MICROSSOCIOLINGÜÍSTICA

O estudo microssociolingüístico, nomeadamente na linha que parte da sociolingüística interaccional de Gumperz, começa a ser aplicado ao contexto galego a partir da recente obra investigadora do Professor Doutor Álvarez Cáccamo. Em trabalhos como Álvarez Cáccamo, 1987, uma análise globalizante da situação sociolingüística galega e de alguns aspectos do discurso técnico gerado até a altura (veja-se *supra*), achamos um convite a iniciar esta linha de análise, que começa a se desenvolver minimamente num trabalho próximo da dialectologia social (Álvarez Cáccamo, 1989), onde se combinam elementos da dialectologia estrutural, do variacionismo e da sociolingüística da interacção, para, afinal, patentear-se plenamente na sua inédita tese de doutoramento (Álvarez Cáccamo, 1990) e outros trabalhos ulteriores (p. ex. Álvarez Cáccamo, 1991, 1993, 1996). Apresentaremos aqui brevemente com que fins concretos aplica o autor esta perspectiva de análise e algumas das conclusões obtidas, com o que considero que se poderá observar o seu interesse global como linha investigadora para a análise da situação sociolingüística galega.

A tese desenvolvida por Álvarez Cáccamo é que o galego –nomeadamente aquela codificação legitimada como oficial– deverá nos últimos anos **código de autoridade**. Ou, por outras palavras: achamono-nos perante o estudo microssociolingüístico da **institucionalização** de uma língua secularmente marginada. Mas para chegar a isto é preciso ir além das conceptualizações generalizadoras e partir da microanálise da fala e da comunicação com o objectivo de (Álvarez Cáccamo, 1987, p. 137) revelar os processos comunicativos através de que, em primeiro lugar, se geram os valores sociais das línguas (prestígio, educação, poder, cultura...), valores que subjazem à sua funcionalidade social; em segundo lugar, se canaliza (se manifesta verbalmente) a nossa identidade social (grupal, étnica, nacional, de classe...); e, por fim, se canalizam as nossas intenções comunicativas, isto é, os nossos desejos de dirigir a interacção face à consecução de uns objectivos comunicativos dados. Com isto fica delimitada a funcionalidade desta perspectiva frente aos estudos macro (*ibidem*): «Quando consideramos o papel fundamental da palavra na nossa vida privada, mas também na vida pública e política da sociedade burocratizada moderna (na toma de decisões em órgãos de poder estatal, autonómico ou

<sup>13</sup>. Neste ponto, a análise da legislação sobre as línguas, ou iuslingüística, é fundamental. E assim parece entendê-lo o não-oficialismo, nas suas diferentes e até enfrentadas linhas, que gera numerosas análises da legislação lingüística do Reino da Espanha e a Autonomia Galicia. Segundo os seus resultados, a legislação situa o galego numa condição de *subsidiaridade* relativamente à língua oficial do Estado, o espanhol (p. ex. Rodríguez Sánchez, 1980.1991, García Negro, 1991, Vilhar Trilho, 1986, 1987, Gil Hernández e Vilhar Trilho, 1987 ou Fontenla Rodrigues, 1985). Para uma descrição da legislação sobre o galego, vejam-se Cores Transmonte, 1985, Monteagudo Romero, 1990, ou Garcia Negro, 1991.

local, no aparato burocrático e administrativo, nos partidos políticos, no sistema educativo, etc.), comprova-se ainda mais claramente a necessidade não só de complementar as descrições macro-sociais sobre a diglossia e a assimilação lingüística do galego, senão mesmo de *validá-las –ou invalidá-las–* com dados sobre os usos reais que se lhe dão na comunicação às línguas em conflito».

A microanálise de Álvarez Cáccamo, para além doutras múltiplas considerações passivas de amplo comentário, permite-nos desbotar no contexto actual mistificações tais como o *paradigma nacionalista da diglossia* (veja-se *supra*) ou a *institucionalização do galego-código de autoridade como uma simples liturgização* (veja-se nota 4). Mas, na nossa opinião, o segundo ponto não se deve apreender como uma eliminação do conceito de liturgização, mas como a elaboração de um sistema muito complexo de liturgização, no senso de actuar a institucionalização como sistema de controlo sobre os usos permitidos do galego –mas sempre *galego oficial–*, através da imposição de umas determinadas normas e da estigmatização de traços gráficos e ideologias lingüísticas por um lado, e de traços dialectais ou sociolectais por outro. Normas e estigmatizações actuariam como marcador de poder na construção e diferenciação de fronteiras entre a língua das elites oficialistas –decerto, a *única* existente no sistema de poder institucional–, a(s) da(s) elite(s) não-oficialista(s) –susceptíveis de se constituírem na do sistema de poder– e a fala do povo –a *única* que não devirá língua de poder–. O facto de a criação de qualquer **língua legítima** (Bourdieu, 1985) provocar estigmatizações de algum tipo, habitualmente esquecido pelos críticos do oficialismo, adquire uma notória importância nesta perspectiva; para Álvarez Cáccamo, 1990, p. 90, as implicações da standardização oficial não são apenas lingüísticas, ao acentuar as diferenças estruturais entre o padrão galego e o padrão português, mas também sociais, ao acentuar as diferenças internas que têm sido utilizadas pelas elites políticas e culturais para a conservação das fronteiras sociais através da legitimação do discurso normativo.

Penso que uma breve apresentação da inédita tese de Álvarez Cáccamo há-de ajudar a perceber melhor a profundidade que pode atingir uma análise deste tipo. A partir da análise de sessenta horas de gravações de discurso oral institucional e não-institucional e quatro horas de gravações audio-visuais (uma sessão plena da Câmara Municipal de Vigo) realizadas entre 1984 e 1989, para além doutro material, Álvarez Cáccamo articula o seu estudo em seis capítulos: (1) uma concisa introdução histórica do conflito sociolingüístico na Galiza através da questão do estatus lingüístico do galego nos aspectos directamente lingüísticos e na sua consideração na intelectualidade e o nacionalismo galego, para finalizar com a análise da **urbanização demográfica** e a sua importância para o trabalho a desenvolver; (2) um estudo dos principais aspectos da variação sociolectal (Álvarez Cáccamo, 1989) e como esta interfere nas propostas padronizadoras existentes. Este capítulo oferece uma interpretação do papel das elites na elaboração do galego; (3) entrando já plenamente nos mecanismos analíticos da microsociolingüística e sobre as mostragens orais, estuda-se a **ideologização** das condutas lingüísticas na

Galiza, através do exame dos esquemas de **mudança e alternância de código** como fenómenos que reflectem a **ideologia linguística**. Um segundo ponto é o constituído pela análise da **cautela** ou **controlo metapragmático** dos falantes e a sua mediação entre a ideologia e a prática: repetições, auto-correcções, estratégias metadiscursivas; (4) parte-se da conexão das perspectivas macro-social e micro-comunicativa da fala para demonstrar que o discurso referido (*reported speech*) é um facto conversacional essencial que pode reflectir a ideologia linguística do falante e as suas representações simbólicas sobre as relações sociais e, portanto, constituir um muito importante recurso para a construção do poder na interacção comunicativa; (5) analisa-se, sobre mostragens discursivas significativas, a manipulação da língua para patentear as identidades e a oficialidade notável. O autor, em oposição à legislação existente sobre os usos oficiais do galego, afirma que numa *aparente* inversão da funcionalidade sócio-comunicativa, o galego está a ser elaborado ou construído através da prática como **código oficial** dos eventos institucionais –aliás: está a gerar novos **significados formais**–, enquanto o espanhol pode manter os seus valores coloquiais entre os mesmos participantes; (6) estudam-se duas práticas conversacionais básicas para o controlo da fala: a construção de **alianças de poder** entre actores sociais e a **manipulação do discurso**. Sobre uma ampla intervenção do então presidente da Câmara Municipal de Vigo, o autor analisa o complexo sistema de micro-mecanismos conversacionais que actua no reforço da autoridade institucional.

Na actualidade, a análise de base microssociolinguística ou interaccional também está a ser desenvolvida por outros investigadores no âmbito galego; por exemplo: a análise etnográfica e sociolinguística da interacção campo-cidade nos mercados da cidade de Lugo de Rodríguez Yáñez, 1994, o estudo do fenómeno discursivo dos regateios em feiras rurais de Bergantinhos de Prego Vázquez, 1994, e a análise da formação de ideologias linguísticas (nomeadamente a **ideologia dominante**) e a sua relação com a estratificação social de Domínguez Seco, 1995.

#### 4. A MODO DE FINAL

Lembro agora umas palavras do Professor Doutor Manuel Ferreiro Fernández, inseridas numa entrevista publicada por *A Nosa Terra*, afirmando que na Galiza a sociolinguística se fazia fora das universidades. Talvez se poderia dizer, ao revés, que, feliz ou infelizmente, a única sociolinguística rotulável como tal que se está a fazer na actualidade na Galiza parte das universidades espanholas que existem neste país ou está em muito directa relação com elas, ainda que não, simplesmente, dos seus departamentos de galego. É óbvio que, na Galiza, discurso sobre a língua há muito, isto é, propostas ou contrapropostas mais ou menos evidentes de política e planificação linguísticas, mas é ainda escassa a investigação que se preocupe do conhecimento de como *funciona* na realidade a Galiza do ponto de vista socio-



lingüístico, de como é, como actua, que ideologías lingüísticas tem, etc., a população socio-lingüística da Galiza. O que aínda persiste são, demasiado habitualmente, generalizacións obsoletas e redutivistas, como demostram, por exemplo, as *conclusões* da *XIII Semana Galega de Filosofía. Filosofía e lingua (A Nosa Terra, 17 de Abril de 1996, p. 21)*, adequadamente respostadas por Celso Álvarez Cáccamo no mesmo semanário (2 de Maio de 1996, p. 27). Nos anos ultraneoliberais que nos esperam, non debería haber lugar para os monopólios, mas, sem dúbida, haberá lugar, e decerto máis poderoso, para a repressão ou o controlo aparentemente non violento de calquera tipo de liberdade. Nas nosas mans está a ruptura de monopólios e a defensa activa das liberdades, até a de estarmos errados, tamén no ámbito de una investigación sociolingüística moito ideologizada e moito pouco científica.

## 5. REFERÊNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, X., “Tres incisiones en la problemática del gallego”, *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*, Madrid, Ciencia Nueva, 1968, pp. 47-55.
- Alonso Montero, X., *Informe -dramático- sobre la lengua gallega*, Madrid, Akal, 1973.
- Alonso Montero, X., “Do Estado da lingua: algunhas cuestións”, *Grial* 107, 1990, pp. 275-293.
- Álvarez Cáccamo, C., “Cara unha caracterización da diglósia galega: historia e presente dunha dominación lingüística”, *Grial* 79, 1983, pp. 23-42.
- Álvarez Cáccamo, C., “Fala, bilingüismo, poder social”, *Agália* 10, 1987, pp. 127-150.
- Álvarez Cáccamo, C., “Variaçom lingüística e o factor social na Galiza”, *Hispanic Linguistics* 2.2, 1989, pp. 253-298.
- Álvarez Cáccamo, C., *The Institutionalization of Galician: Linguistic Practices, Power, and Ideology in Public Discourse*, Tese de Doutoramento (inérita), Univ. de Berkeley, 1990.
- Álvarez Cáccamo, C. “Language revival, code manipulation and social power in Galiza: Off-records uses of Spanish in formal communicative events”, Klee, C. A. (edit.), *Sociolinguistics of the Spanish-speaking world: Iberia, Latin America, United States*, Tempe, Bilingual Press/Editorial Bilingüe, 1991, pp. 41-73.
- Álvarez Cáccamo, C., “The pigeon house, the octopus, and the people: The ideologization of linguistic practices in Galiza”, *Plurilinguismes* 6, 1993, pp. 1-26.
- Álvarez Cáccamo, C., “The power of reflexive language(s): Code displacement in reported speech”, *Journal of Pragmatics* 25, 1996, pp. 33-59.
- Aracil, Ll. V., “A sociolingüística da experiencia e da acción. O modelo galego”, *Problemática das linguas sen normalizar. Situación do galego e alternativas*, Ourense, AS-PG, 1980, pp. 19-33; “A sócio-lingüística da experiencia e da acción: O modelo galego”, *Temas do Ensino* 4-5, 1985, pp. 127-138.
- Aracil, Ll. V., “Bilingüisme com a mite”, *Papers de Sociolingüística*, Barcelona, La Malgrana, 1986 (1966), pp. 39-57.
- Bourdieu, P., *¿Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*, Madrid, Akal, 1985.
- Cal Varela, M. / Fernández Ferreiro, M., “La formation d’un Corpus de langue parlée dans la ville d’A Coruña (La Corogne)”, *Plurilinguismes* 6, 1993, 217-224.
- Chacón Calvar, R., “Diglosia e historia”, *Grial* 66, 1979, pp. 442-452.
- Cores Trasmonte, B., “O réxime xurídico-político do bilingüismo en Galicia (1977-1982)”, *Revista de Administración Galega* 2, 1985, pp. 25-46.

- Díez López, C., "Diglossia and social cleavage: the case of Galicia", Nelde, P. H. (edit.), *Sprachkontakt und Sprachkonflikt*, Wiesbaden, Franz Steiner, 1980, pp. 225-231.
- Dominguez Seco, L., *Falando de lingua. Uma aproximação à fala como marcadora da diferença social*, Tesinha de Licenciatura (inédita), Departamento de Linguística Geral e Teoria da Literatura, Universidade da Corunha, 1995.
- Esser, U., "O galego, lingua en elaboración", *Grial* 93, 1986, pp. 334-343.
- Faginas Souto, S., *Algúns aspectos do español da Coruña: as vocais [e], [o] tónicas en sílaba inicial*, Tesinha de Licenciatura (inédita), Departamento de Linguística Geral e Teoria da Literatura, Universidade da Corunha, 1996.
- Fasold, R. *The Sociolinguistics of Society (Introduction to Sociolinguistics, Volume I)*, Oxford, Basil Blackwell, 1984.
- Ferguson, CH., "Diglossia", *Word* 15, 1959, pp. 325-340.
- Fernández Rodríguez, M., "Bilingüismo y diglosia", *Verba* 5, 1978, pp. 377-391.
- Fernández Rodríguez, M., "Mantenimiento y cambio de lengua en Galicia: El ritmo de la desgalleguización en los últimos cincuenta años", *Verba* 10, 1983, pp. 79-129.
- Fernández Rodríguez, M., "Coordenadas sociais e dinámica do bilingüismo galego", *Grial* 110, 1991, pp. 239-262.
- Fernández Rodríguez, M., "La lengua urbana en los espacios urbanos gallegos", *Plurilinguismes* 6, 1993, pp. 27-53.
- Fernández Velho, P., "Língua e identidade nacional (Língua e sociedade. Língua e cultura. Língua e naçom. O caso galego)", *Actas. I Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*, A Corunha, AGAL, 1986, pp. 31-44.
- Fishman, J., "Bilingualism with and without Diglossia: diglossia with and without bilingualism", *Journal of Social Issues* 23.2, 1967, pp. 29-38.
- Fishman, J., *Sociología del lenguaje*, Madrid, Cátedra, 1979 (1972).
- Fontenla Rodrigues, J. L., "Presente e futuro do galego: Análise sociojurídica do decreto de normatización e das leis de normalización autonómicas", *Temas do Ensino* 4-5, 1985, pp. 157-174.
- Fontenla Rodrigues, J. L. et alii, *Comentarios ao Novo Acordo Ortográfico, Cadernos do Povo* 1, 1986.
- García González, C., *Temas de lingüística galega*, A Corunha, La Voz de Galicia, 1985.
- García Negro, M. P., *O galego e as leis. Unha aproximación sociolingüística*, Ponte-Vedra, do Cumio, 1991.
- Gil Hernández, A. P., "Linhas gerais para a normalização da comunidade lusófona da Galiza (espanhola)", *Agália* 30, 1992, pp. 233-243.
- Gil Hernández, A. P. / Rabunhal Corgo, H. M., "O concepto de diglossia segundo Ch. A. Ferguson, e a sua pertinencia para a Comunidade Lusofona da Galiza. Um caso de diglossia por deslocação", *Nós* 13-18, 1989, pp. 361-388.
- Gil Hernández, A. P. / Vilhar Trilho, X., "Informe sobre a sentença do Tribunal Constitucional. No recurso de inconstitucionalidade contra as Leis de Normalização lingüística, in specie a galega", *Agália* 10, 1987, pp. 229-239.
- Herrero Valeiro, M. J., *Aproximação à análise do discurso sociolingüístico sobre o caso galego*, Tesinha de Licenciatura (inédita), Departamento de Linguística Geral e Teoria da Literatura, Universidade da Corunha, 1993a.
- Herrero Valeiro, M. J., "Guerre de graphies et conflit glottopolitique: lignes de discours dans la sociolingüistique galicienne", *Plurilinguismes* 6, 1993b, pp. 191-209.
- Herrero Valeiro, M. J. (por publicar), *O concepto diglossia no discurso sobre a língua na Galiza*, *Lynx. Documentos de Trabajo*.
- López Morales, H., *Sociolingüística*, Madrid, Gredos, 1989.
- López Suevos, R. / Rodríguez Sánchez, F., *Problemática nacional e colonialismo. O caso galego*, Santiago de Compostela, Xistral, 1989.

- Monteagudo Romero, H. et alii, *Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia*, Santiago de Compostela, Conselharía de Educación e Cultura, Junta da Galiza, 1986.
- Monteagudo Romero, H., “Sobre a polémica da Normativa do Galego”, in *Grial* 107, 1990, pp. 294-316.
- Monteagudo Romero, X., “A oficialidade da lingua galega: o marco legal”, *Grial* 107, 1990, pp. 387-398.
- Ninyoles, R., *Conflicte lingüístic valencià*, València, Tres i Quatre, 1969.
- Ninyoles, R., *Idioma i prejudici*, Palma de Malhorca, Moll, 1971.
- Ninyoles, R., *Cuatro idiomas para un estado (El castellano y los conflictos lingüísticos en la España periférica)*, Madrid, Cambio 16, 1977.
- Portas Fernández, M., *Lingua e sociedade na Galiza*, A Corunha, Ed. Bahía, 1991.
- Prego Vázquez, G., *Estrategias discursivas de regateos recogidos en las ferias rurales de Carballo y Paioasaco. Desde la microestructura discursiva de los regateos hacia la estructura del espacio social rural gallego*, Tese de Licenciatura (inédita), Departamento de Linguística Geral e Teoría da Literatura, Universidade da Corunha, 1994.
- Rodríguez Sánchez, F., *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*, Santiago De Compostela, Laiovento, 3ª. ed. corrigida e acrescentada, 1991.
- Rodríguez Yáñez, X. P., *Estratexias de comunicación nas interaccións cliente-vendedor no mercado da cidade de Lugo: as alternancias de lingua galego/castelán e a negociación da escola de lingua (Estudio etnográfico e sociolingüístico da interacción campo-cidade nun espacio urbano)*, Tese de Doutoramento (inédita), Departamento de Linguística Geral e Teoría da Literatura, Universidade da Corunha, 1994.
- Rojo Sánchez, G., “Reseña a Informe -dramático- sobre la lengua gallega de Alonso Montero”, *Verba* 1, 1974, pp. 243-249.
- Rojo Sánchez, G., “Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia”, *Revista Española de Lingüística* II.2, 1981, pp. 269-310.
- Rojo Sánchez, G., “La situación lingüística gallega”, *Revista de Occidente*, extraordinario núm. II, 1982.
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, Vigo, Real Academia Galega, 1994.
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, *Usos lingüísticos en Galicia*, Vigo, Real Academia Galega, 1995.
- Varela Puñal, R., *Galiza. Un Pobo, unha Lingua. Pola lingua cara á liberdade*, Santiago de Compostela, Follas Novas, 1980.
- Vilhar Trilho, X., “Apontamentos sobre os discriminatórios principios configuradores do estatuto legal do galego”, *Actas. I Congreso Internacional da Lingua Galegoportuguesa na Galiza*, A Corunha, AGAL, 1986, pp. 137-148.
- Vilhar Trilho, X., “Lasciate ogni speranza. As sentenças do Tribunal Constitucional resolutorias dos recursos de inconstitucionalidade contra determinados artigos das leis de normalizaçom lingüística basca, catalá e galega”, *Agália* 9, 1987, pp. 19-37.



## DETERMINANTES ACTITUDINAIS NO USO DA LINGUA

*Arturo X. Pereiro Rozas*  
*Onésimo Juncos Rabadán*

Dpto. Psicología Evolutiva e da Educación. Universidade de Santiago de Compostela

### INTRODUCCIÓN

O contacto entre dúas linguas, e polo tanto entre as culturas que as protexen, nun mesmo espazo físico e social implica o establecemento dunha competencia que ten por obxectivo a consecución de maiores dominios de uso que as salvagarden do proceso de asimilación ás que están mutuamente expostas. As actitudes lingüísticas constitúen o instrumento fundamental do que se serven os grupos etnolingüísticos para defende-la súa identidade e a súa lingua, determinando as relacións intergrupais, o acceso a unha e outra lingua e, consecuentemente, a competencia lingüística dos suxeitos en ámbalas dúas linguas.

Ryan e Giles (1982) definen as actitudes lingüísticas como unha combinación de elementos cognitivos e afectivos que conducen a respostas avaliativas, tanto cara ás diferentes variedades lingüísticas presentes no medio como cara os seus falantes. Car-gile *et alii* (1994) sinalan que a función destes constructos é dobre, por unha parte ocúpanse da creación e mantemento das ideoloxías que apoian e regulan as relacións intergrupais, e pola outra preservan, xeran e exaltan as diferencias positivas que o seu grupo posúe en oposición ó resto de grupos ou compoñentes de grupos. Isto non significa, sen embargo, que estas actitudes regulen en todo momento os intercambios lingüísticos que puntualmente se dan entre os individuos que pertencen a distintos grupos sociais, aínda que é de esperar que en situacións normais, cando o suxeito só teña como indicio a avaliar a lingua do interlocutor, o predispoña a actuar dun xeito consonte coa súa acti-tude.

O galego vén de superar, nas seis décadas iniciais deste século, unha das peores épocas dende os tempos da súa escisión da lingua nai debido fundamentalmente ás agre-sións institucionais e á desconsideración social da que foi obxecto, de acordo co que postula Filgueira (1990). O galego, nembargantes, resistiu o acoso conservándose nos

estratos socioeconómicos e culturais máis baixos, os cales se atopaban menos presionados polo uso normativo do castelán. Así, o que fora unha desvantaxe á hora de esperarla conciencia galeguista de principios de século, trócase agora nunha táboa de salvación para a nosa lingua que, doutro xeito, ben podía estar perdida.

Hoxe, superada esta crise, a realidade sociolingüística está ben lonxe de ser ideal, xa que esta non pode ser establecida a partir de datos cuantitativos referidos á competencia lingüística. Tal e como afirma Rojo (1981), a proximidade entre as dúas linguas da nosa Comunidade non aconsella que se faga tomando como referencia o número de xente que fala e entende o galego. Os datos que sitúan os falantes con competencia comunicativa activa e pasiva –arredor dun 80–95%, respectivamente (Fernández Ferreiro *et alii*, 1994; González, 1985; Rojo, 1981; Ayesterán e De la Cueva, 1974)– non reflicten axeitadamente a realidade sociolingüística galega. Domínguez *et alii* (1995) consideran no seu estudio que a suma de falantes que teñen o galego como lingua exclusiva máis os que a teñen como preferente supón un 68,6% da súa mostra (cun importante valor de xeneralización), nembargantes as variables de idade, nivel de estudos, lugar onde habitan, e a clase social á que pertencen trócanse moi significativas á hora de interpretar todos estes datos, revelando unha realidade diglósica en favor do castelán que dista de ser superada.

### DESCRIPCIÓN DUNHA REALIDADE

O fenómeno diglósico galego, posto de manifesto en diversos estudos dos anos setenta e oitenta (González, 1985; Rojo, 1981; Ayesterán e De la Cueva, 1974), segue a manifestarse nos recentes estudos realizados polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (Fernández Ferreiro *et alii*, 1994; Domínguez *et alii*, 1995), constatándose os seguintes feitos:

- Unha porcentaxe moi elevada de falantes séntese capacitada para fala-lo galego (máis do 86,4%) e case a totalidade afirma poder comprendelo oralmente (97,1%).
- Un 41,8% dos individuos que afirman ser capaces de fala-lo galego confesan empregarlo moi pouco.
- A práctica bilingüe elévase a un 50,7% da mostra, superior á de monolingües galego-falantes (38,7%) e castelanfalantes (10,6%).
- O predominio do uso do galego nos bilingües debilítase a medida que descendemos nos grupos de idade, sendo favorable ó castelán a partir dos nados en 1974.
- Un 45,9% da mostra afirma saber ler un texto en galego e un 27,1% considérase capacitado para escribir en galego.
- O 95,8% e o 74,8% da mostra declaran ler e escribir, respectivamente, sempre ou habitualmente en castelán. As porcentaxes son algo superiores con relación ó uso do galego na lectura e escrita, a medida que descendemos na idade dos entrevistados, advertíndose, no caso da escrita, unha relación positiva entre o uso do galego e a adquisición no eido familiar.

–Os suxeitos que tiveron o galego como lingua inicial declaran, en maior medida que os que tiveron o castelán ou ambas, ser capaces de falar e entende-lo galego. Non ocorre o mesmo cando se analiza o dominio da lectura e a escrita, sendo os galegofalantes iniciais os que acadan un menor número nestas habilidades, en favor dos castelanfalantes.

–A presenza do galego descende a medida que ascendemos na escala social.

–Os suxeitos de clases sociais máis baixas posúen unha competencia comunicativa maior en galego (sobre todo no que a produción se refire) que os de clase social alta, os cales son superiores en competencia lectora e escrita en lingua galega. Esta mesma alta competencia lectora e escrita tamén correlacionan positivamente, como era de supoñer, cun alto nivel de estudos, o que se traduce tamén en maiores índices de lectura en galego.

–Un proceso do mesmo signo pódese apreciar con relación á idade, sendo lixeiramente menor a competencia comunicativa e moito maior a competencia lectora e da escrita, a medida que descendemos a través dos grupos de idade.

–O uso predominante ou exclusivo do galego descende dun xeito gradual dende o eido rural, pasando polo vilego, ata chegar ó urbano. Esta mesma tendencia obsérvase con relación á variable educación descendendo o uso predominante do galego a medida que ascendemos no nivel de estudos.

–Dentro da mesma dinámica sitúase a variable “hábitat”, xa que a competencia comunicativa é superior no eido rural, apreciándose no urbano unha maior competencia “académica” (oral e da escrita).

–A competencia académica da lingua galega aumentou a través das tres últimas xeracións, especialmente no eido urbano.

–A adquisición inicial, ou temperá, das linguas da nosa comunidade (galego, castelán ou ambas) convértese nunha boa predictora do uso posterior, xa que se aprecia un mantemento no uso desa/s lingua/s inicial/is.

–A fidelidade lingüística na predominancia cara ó galego é dun 81% no caso dos que a adquiriron no eido familiar, sendo moito máis baixa no caso dos que a aprenderon na escola (7,9%) ou na interacción cos amigos (26,7%).

–O uso do galego como lingua familiar descende a medida que avanzamos nas xeracións que interaccionan, de tal xeito que os xoves serán menos susceptibles de ser requiridos ou requirir comunicativamente en galego, do que o poderán se-los pais e avós destes individuos. Neste uso tamén se aprecia o desfavorable efecto do ascenso no nivel de estudos, a clase social e “hábitat” –rural versus urbano– sobre o uso do galego no eido familiar.

–No grupo de idade máis nova (16-25 anos) obsérvase un desprazamento do ámbito de adquisición dende a familia cara a escola, supoñendo un 51,6% dentro deste grupo

de idade o que afirma que o aprendeu na escola, fronte a un 36,7% que confesa que o adquiriu no seo familiar.

–Os castelanfalantes iniciais máis novos (16-25 anos) tenden a confesar que aprenderon a lingua galega na escola pola contra do que ocorre co grupo de castelanfalantes iniciais maduros (26-40 anos) que o adquiriron maioritariamente no seo familiar.

–Unha tendencia de tipo xeral observada na mostra consiste no uso do castelán, como lingua habitual do alumnado cando se dirixe ó profesor.

–Os monolingües galegofalantes deben incorpora-lo castelán como lingua de interacción dentro da escola (principalmente na escrita e co profesor), mentres que os monolingües en castelán a penas se ven forzados a levar a cabo esta acomodación con relación ó galego.

–Apréciase unha maior mobilidade lingüística (inclusión nalgunha medida da outra lingua na práctica lingüística do individuo) dentro do grupo de castelanfalantes iniciais que no de galegofalantes iniciais, aínda que se aprecie o fenómeno á inversa en centros urbanos como A Coruña e Pontevedra (vangardas do proceso de asimilación). Esta mobilidade ten un marcado carácter bilingüe, especialmente no caso dos castelanfalantes iniciais.

–O grao de acomodación lingüística dos castelanfalantes habituais é maior cá dos galegofalantes habituais, véndose incrementada esta diferenza a medida que descendemos no grupo de idades dos castelanfalantes (sendo máis flexibles que os de maior idade).

–Dun xeito xenérico, a elección do galego na interacción semella vir determinada principalmente polo grao de confianza e informalidade que conleva esta; sen embargo, a do castelán parece vir determinada polo emprego do castelán por parte do interlocutor ou polo feito de que non se dea o suficiente grao de confianza. Os suxeitos que teñen o castelán como lingua predominante afirman en maior medida que os que teñen o galego, que a elección dun código ou outro á hora de establecer unha interacción cun descoñecido vén dada “por se-la miña lingua habitual”. Os segundos recorren como criterio de selección a “por se non entende outra lingua”.

–O galego vese circunscrito a interaccións sociais tinxidas de gran familiaridade, sen embargo o castelán gaña cotas de utilización, superando considerablemente ó galego, nos contextos máis formais como son as interaccións coa Administración e con personaxes prestixiosos socialmente como son os médicos.

–O galego como lingua habitual descende a medida que descendemos nos distintos grupos de idade, aumentando o monolingüismo en castelán.

–Docentes (55,8%), estudantes (66,2%), os profesionais liberais (73,7%), e titulados superiores ou medios (74,1%) son os colectivos profesionais que empregan predominantemente o castelán nas súas interaccións.



## VALORACIÓN ACTITUDINAL

A través destas conclusións podemos ver reflectidos os efectos das actitudes lingüísticas sobre tres das parcelas do ámbito social máis importantes nas que se desenvolve o individuo como son: a familia, a escola e a interacción social interpersoal de carácter máis amplo.

A familia constitúe o axente de socialización primario tecendo unha restrinxida rede social na que os rapaces constrúen a súa incipiente e transcendental identidade social e cultural, nela terá lugar a inculcación dos primeiros valores e normas con relación a si mesmo, ó seu grupo de pertenza e ó resto de grupos en contacto. As vertentes que do proceso de socialización sinalan Hamers e Blanc (1989), son as seguintes: a) Identificación: o suxeito identifícase cun grupo de persoas e tende a comportarse coma elas. b) Interiorización: o suxeito vai construíndo os seus propios valores en consonancia co comportamento que prevalece na súa comunidade. c) Desenvolvemento da Identidade Social, Cultural e Étnica: a través dos mecanismos psicosociais de categorización, comparación social e distintividade, o individuo vai construíndo a súa propia identidade, definíndose como membro dun ou máis grupos. A valoración de si mesmo resultante do proceso terá moito que ver coa que perciba con relación ó seu grupo de pertenza.

A familia considérase unha das fontes máis potentes de xeración actitudinal, xa que é a primeira e máis próxima durante un prolongado espacio de tempo e posúe un alto nivel de control sobre o grao de exposición á información que reciben os seus fillos. Estas actitudes desenvolvidas na infancia son ademais, con frecuencia, expresións de valores centrais e do autoconcepto, as cales parecer ser as máis consistentes co comportamento e as máis resistentes ó cambio (Maio e Olson, 1994).

A familia é, á súa vez, un elemento catalizador fundamental para o desenvolvemento dun bilingüismo aditivo, xa que as actitudes dos pais cara unha e outra lingua influirán de xeito determinante na motivación para a aprendizaxe e valoración das linguas presentes na sociedade. A motivación para aprender unha lingua e adquirir competencia nela estará directamente relacionada coas actitudes que posúen os suxeitos acerca dos falantes desa lingua (Cummins, 1983). Gardner e Lambert (1972) consideran que as variables actitudinais, que tan determinadas están nestes momentos polos proxenitores, determinan tan ben o rendemento na L2 do suxeito (lingua que se adquire con posterioridade á L1 ou lingua inicial) como o poidan facer as relacionadas coa intelixencia. Deles dependerá así mesmo o desenvolvemento do bilingüismo simultáneo infantil, o cal permite a separación das representacións formais (os códigos lingüísticos permanecen conscientemente separados dende unha etapa da adquisición moi temperá) e funcionais (emprego dunha e outra lingua acorde coas situacións socialmente aceptadas), que tal e como afirman Hamers e Blanc (1989) incidirá positivamente na súa competencia lingüística e comunicativa.

No estudio sociolingüístico antes mencionado (Fernández Ferreiro *et alii*, 1994; Domínguez *et alii*, 1995), ponse de manifesto que o ámbito de adquisición do galego

está a sufrir un desprazamento dende o ámbito familiar cara o escolar reflectido no grupo de menor idade da mostra (51,6%). Esta mesma tendencia obsérvase nos castelánfalantes iniciais máis novos que en xeracións anteriores accedían igualmente ao galego no seo do eido familiar. Isto non é estraño cando se aprecia que o uso do galego como lingua vehicular de comunicación na familia está a ser escasamente empregada cando se interacciona cos máis novos, estando relegada aos avós, e en menor medida aos pais, deses suxeitos. Se ademais temos en conta que este cambio no ámbito de adquisición se acentúa a medida que ascendemos no nivel educativo, clase social e número de habitantes das poboacións inquiridas, atopámonos cun panorama que denota unha perda importante da transmisión do galego vía familiar e do uso deste entre os máis novos dentro deste ámbito nos sectores de maior prestixio da sociedade.

É importante destacar que xa que a adquisición inicial das linguas na nosa comunidade é boa predictora do seu uso posterior, sendo a adquisición no eido familiar a que amosa maior resistencia ó cambio lingüístico, a redución do índice de adquisición no seo da familia constitúe a perda dun dos mecanismos de transmisión lingüísticos máis efectivos.

A escola constitúe o axente socializador secundario dentro do desenvolvemento psicossocial do individuo, proporcionándolle experiencias transcendentais que influirán nas distintas vertentes do proceso de socialización.

Attinasi e colaboradores (1982) recoñecen que a escola, como institución, tende a construír certas crenzas acerca do que se supón un uso normal da lingua nese ámbito desconsiderando a necesidade de variacións intergrupais dentro da norma comunicativa. Esta escasa marxe de flexibilidade provoca certos prexuízos educativos aos falantes iniciais da lingua que non acada un estado de “normalización” na escola. Particularmente a escola constitúe unha importante fonte de xeración de actitudes, non só a través do contido instruccional senón a través do modelado de carácter máis sutil, que actúa principalmente a través do proceso de identificación do discente co persoal docente. Cargile *et alii* (1994) comprobamos que case a totalidade de estudos centrados no efecto que producen no docente as características pobres da fala (escasa fluidez, “code-switching”, acento, etc.) atopan que estas conducen á realización de inferencias de carácter negativo acerca da personalidade, extracción social e habilidades académicas destes alumnos. Attinasi e colaboradores (1982) consideran de pouco valor reparador que nestas circunstancias o docente pertenza á mesma etnia, grupo lingüístico ou clase social dos alumnos xa que os estereotipos se manteñen afectando negativamente a interacción establecida con estes alumnos, afectación que vai dende pequenas distorsións comprensivas e dificultades comunicativas, ata posturas abertamente racistas e negación da capacidade de éxito dos alumnos que presentan “peculiaridades” lingüísticas.

Nun marco de educación bilingüe os programas educativos deben adecuarse á realidade sociocultural circundante. Lambert (1981) considera que o cumprimento do desexo de acadar unha sociedade bilingüe ten que pasar por dar prioridade nos inicios da esco-

laridade á lingua que ten menos posibilidades de desenvolverse. Isto cando menos debe poñerse en práctica no caso dos que teñan como lingua inicial a lingua minoritaria (cualitativa ou cuantitativamente), do contrario córrese o risco de implementar programas de submersión nos cales os suxeitos con lingua minoritaria encóntranse mesturados con suxeitos con lingua inicial coincidente coa da escola, e a súa falta de destreza na lingua vehicular de instrucción tómase como evidencia de capacidade intelectual e académica limitada. Hamers e Blanc (1989) consideran que os grupos minoritarios escolarizados na L1 (lingua inicial), non só manteñen mellor a súa lingua materna senón que tamén aprenden a L2 ao igual que o fan os grupos minoritarios escolarizados na súa L2. Allard e Landry (1992) pola súa parte consideran que os grupos de baixa vitalidade etnolingüística, para o desenvolvemento dun bilingüismo aditivo, necesitan da L1 para a alfabetización e educación nos eidos familiar e escolar. De acordo con isto, Sánchez e De Templeque (1986) consideran que nunha situación diglósica a inconcordancia entre lingua familiar e escolar influencia negativamente a formación do autoconcepto, posibilitando a transferencia dos conflitos interlingüísticos o seu proceso de socialización.

No caso da realidade educativa e sociocultural galega será de vital importancia considera-las hipóteses do Umbral e do Desenvolvemento Interdependente (Cummins, 1976; 1978). A primeira contempla a necesidade da existencia dun umbral mínimo de competencia cando o individuo se expón ó proceso de aprendizaxe dunha nova lingua para que este poida ter consecuencias beneficiosas para o desenvolvemento de ambas; a segunda considerará a influencia que a competencia na lingua inicial do individuo ten sobre a que adquire con posterioridade. O feito de que a presenza do galego se distribúa maioritariamente nos estratos socioculturais e educativos máis baixos, realza a importancia da primeira lingua de ensino. No caso de que esta non sexa a lingua minoritaria, o galego, para os que a teñen como lingua inicial, córrese o risco de que un pobre desenvolvemento lingüístico destes individuos se torne na chave dun bilingüismo sustractivo. Cando o entorno extraescolar favorece o desenvolvemento das habilidades lingüísticas, como poden se-lo caso dos aspectos conceptuais e de vocabulario, unha intensa exposición no medio escolar a L2 do individuo, é probable que conduza a altos niveis de competencia nesta lingua, de non ser así (caso da maioría dos galegofalantes iniciais), é probable que o desenvolvemento da L1 se vexa paralizado e o da L2 dificultado (Cummins, 1983). Este fenómeno sustractivo pode provocar o fracaso escolar dos grupos minoritarios a consecuencia dos sentimentos ambivalentes ou negativos que o suxeito xera cara á cultura maioritaria e incluso cara á propia (Cummins, 1981). Barca *et alii* (1990) dan apoio a este feito no caso concreto de Galicia.

A escola, como dixemos anteriormente, parece estar destinada a se-lo vehículo de transmisión do galego para as futuras xeracións, desprazando a familia que tradicionalmente se ocupara disto. Cabe preguntarse se a escola está realmente preparada para afrontar este reto ou será un elemento favorecedor máis do proceso de asimilación ao cal está sometida a nosa cultura. A fidelidade lingüística cara ao galego vese favorecida,

como dixemos, cando a lingua se adquire no ámbito familiar (81%), sendo a escola a que obtén unha porcentaxe máis baixa (7,9%) o cal nos fai temer que, aínda que nas novas xeracións a competencia académica ascenda sensiblemente, o emprego do galego na fala sexa menor. O aumento da lectura e escrita en galego poida que só veña causado por un maior número de xente que é capaz de levar a cabo estas actividades.

Actualmente, a inexistencia dunha planificación educativa neste eido está provocando que a gran maioría de galegofalantes iniciais se vexan forzados a recibir-lo seu primeiro ensino e alfabetización na lingua castelá sometidos a un improvisado programa de submersión, con tódolos inconvenientes que isto desencadea dende o punto de vista académico e actitudinal. A este feito, que denota unha desconsideración xeneralizada aos galegofalantes iniciais, únese o da consideración do castelán, por parte dos alumnos, como lingua normativa de contacto dentro da escola na interacción co profesorado, cousa non estraña considerando que é a lingua dominante da maioría do profesorado e dobra en frecuencia a súa presenza nos materiais escritos que se empregan na escola (Lameiras, 1994; Domínguez *et alii*, 1995).

A escola, e o proceso de formación académico en particular, eríxense como os axentes asimiladores de maior importancia e influencia ó que están expostas ás novas xeracións.

Nunha sociedade bilingüe as actitudes lingüísticas xogan un papel de vital importancia nos intercambios comunicativos interpersoais. A realidade social diglósica impón o uso dunha ou outra lingua dependendo dos contextos situacionais e persoais. Esta normativa funcional é asimilada dende unha idade moi temperá no seo do grupo de pertenza, familia e escola. Depende pois dun importante número de variables que o suxeito se adecúe a esta norma maioritaria. A vitalidade etnolingüística considerada como un fenómeno que provoca que un grupo sexa proclive a comportarse como un colectivo activo e distinto en situacións de contacto intergrupar (Giles *et alii*, 1977), eríxese como unha das máis determinantes. Cargile *et alii* (1994) opinan que este fenómeno reflicte o rango e importancia das funcións ás que se adscribe unha lingua dada, así como as presións sociais dirixidas ao cambio de uso. Estes mesmos autores consideran que o signo da vitalidade lingüística depende de tres factores básicos: status –poder económico, social e histórico dun grupo étnico determinado dentro da comunidade–, fortaleza demográfica –número e distribución social dos falantes–, e grao de apoio institucional. A realidade social galega parece propiciar un empobrecemento da vitalidade lingüística dos galegofalantes, xa que só nas variables demográficas (en canto ó número e non así á distribución) e, timidamente, de apoio institucional, se atopan resultados fortalecedores da vitalidade. Boa proba disto témola cando nos decatamos de que un 41,8% dos individuos que afirman ser capaces de fala-lo galego, confesan empregalo moi pouco. Este dato tamén pode ser sintomático dunha escasa vitalidade etnolingüística subxectiva (percepción persoal acerca da vitalidade do seu grupo de pertenza), e reflectirse, así mesmo, na perda de transmisión interxeracional como consecuencia dunha desconside-

ración da lingua como un valor central da súa cultura que deba ser perpetuado (perdendo así, o valor simbólico de identificación). A consecuencia disto, os proxenitores non proporcionan aos seus fillos as oportunidades de contacto lingüístico e cultural, e máis tarde eles mesmos tampouco amosarán interese en establecelo (Allard e Landry, 1992).

As presións sociais para o cambio de código dependen con frecuencia das características da situación na que ten lugar o feito comunicativo. Côté e Clément (1994) consideran que nas situacións formais as fortes presións normativas desencadean a busca de aprobación do falante no seu interlocutor a través da utilización de patróns prestixiosos da fala. Nunha realidade diglósica a elección dunha ou outra lingua en situacións formais soe vir determinada polos mesmos mecanismos. O galego segue a ter un uso eminentemente informal e familiar, tal e como o confirman os resultados de Domínguez *et alii* (1995), sendo escasamente empregado en situacións de interacción social “prestixiosa” (Administración, consulta médica, etc.).

Tampouco os procesos de acomodación lingüística son sintomáticos dun descenso da presión asimilativa que exerce o castelán. Giles e Couplan (1991) considéranos unha importante fonte de información acerca das relacións entre os diferentes grupos etnolingüísticos en contacto. A elección da lingua nun medio bilingüe pode ser usada como índice de distancia ou solidariedade intergrupala, e esta elección parece depender principalmente do grao en que os suxeitos cren coincidentes as súas crenzas e actitudes. O resultado dun signo ou outro determinará a eficacia comunicativa e o perfeccionamento das actitudes intergrupais que posibilite ou non o mantemento dunha identidade social, étnica e cultural positiva. No caso de Galicia, unha importante porcentaxe de galegofalantes afirman emprega-lo castelán cando son requiridos nesta lingua ou cando non hai o suficiente grao de confianza, o cal denota o circunscrito marco de familiaridade e vulnerabilidade interpersoal no que está enmarcada a nosa lingua. É interesante chama-la atención sobre a explicación que achegan os inquiridos galegofalantes cando se lles pregunta qué é o que determina a elección dunha ou outra lingua, estes afirman emprega-lo castelán na súa interacción comunicativa cando existe a posibilidade de que o interlocutor non o entenda (os castelanfalantes, en cambio, consideran que a elección dun código vén determinada por se-la lingua habitual, que nestes falantes é o castelán). O asombroso é que a pesar de que un 97,1% da poboación galega afirma poder entende-lo galego, unha elevada porcentaxe de galegofalantes está pendente dese 2,9% que parece non entendelo e cambian de código ante a posibilidade de atoparse con algún deles ó establecer unha interacción cun descoñecido. Outras pois teñen que se-las causas, confesables ou non, que regulen ese cambio de código.

O feito de que os castelanfalantes iniciais parecen ser obxecto de maior mobilidade lingüística do que o son os galegofalantes iniciais pode resultar enganoso, xa que ó noso parecer non é resultado dunha evolución dos hábitos lingüísticos dos falantes cara ó galego, senón que máis ben parece ser reflexo de:

1) A laxa definición que desta variable se fai no estudio da Real Academia Galega, considerándoa a “inclusión, nalgunha medida, da outra lingua na práctica lingüística do individuo” non podendo ser, polo tanto, considerada unha variable discriminatória suficientemente fina.

2) Os fenómenos xa descritos por Rojo (1981) de *regaleguización* (dos suxeitos que en etapas temperás da súa vida e en peores circunstancias históricas abandonaron o galego, para posteriormente volver a el) e *galeguización* (dos sectores que tiñan o castelán como L1 a consecuencia da castelanización da xeración inmediatamente anterior), por medio dos cales se pode observar unha maior mobilidade dos castelanfalantes iniciais.

3) Pola presión demográfica exercida polo galego e que xera nos falantes a necesidade de aprendelo e usalo, cando menos en situacións particulares nas que a familiaridade constitúe o denominador común. De feito nos centros urbanos que supoñen a vangarda do proceso de asimilación, A Coruña e Pontevedra, xa non se observa este fenómeno.

No que a acomodación lingüística se refire, e que parece ser superior nos castelanfalantes iniciais, é interesante ter en conta que os factores demográficos poden xogar tamén aquí un papel de vital importancia. Por isto mesmo, tamén poida que inflúan as menores presións sociais ás que está sometida o colectivo dos galegofalantes iniciais, xa que as exposicións a situacións que esixan a súa acomodación ó castelán (xeralmente fóra do seu ámbito de pertenza, clase social ou sector profesional) son menores que as que poidan sufrirlos castelanfalantes predominantes. Ademais, constátase a gran dependencia desta acomodación con relación á situación na que se establece a interacción, sendo a familiaridade, tal e como dixemos, o eixo que caracteriza a acomodación dos castelanfalantes cara ó galego.

Con relación á presunta maior flexibilidade acomodaticia dos castelanfalantes habituais máis xoves que supera aos de xeracións anteriores, temos que dicir que é probable que un ascenso do nivel competencial académico e un maior grao de apoio institucional atenúe os condicionantes actitudinais, alomenos cando os indicios avaliativos acerca do falante, os patróns lingüísticos que caracterizan o seu discurso, e as características da situación lles permita deducir que o interlocutor non se corresponde cos tópicos lingüísticos de referencia actitudinal permitindo que o conflito sexa menor á hora de acomodarse lingüisticamente a el.

## CONCLUSIÓNS

Cargile *et alii* (1994, p. 222) afirman que “...unha cousa é ter desenvolvida unha actitude sobre un comportamento lingüístico particular, outra é facela explícita durante a interacción, e outra bastante distinta, que esa actitude chegue a regula-la avaliación e

interacción co falante”. Esta consideración fainos reflexionar acerca das complexas interaccións entre actitude e comportamento, así como da gran cantidade de factores que nun momento, situación e individuo determinados, poden xogar un papel crucial de cara a que a actitude regule a interacción. De tódolos xeitos, debemos caer na conta de que as actitudes lingüísticas teñen unha influencia que vai máis alá da interacción lingüística puntual, e poden afectar á normal construción da identidade social e cultural dos individuos. Por isto consideramos de vital importancia unha planificación a tódolos niveis dirixida a atalla-los perniciosos efectos que estas actitudes exercen sobre a formación e consolidación dunha sociedade bilingüe.

A realidade actitudinal galega non é, dende logo, moi favorable á lingua galega. Só o feito de que o galego se siga a empregar no eido familiar por parte de pais e avós segue a facer del, unha lingua moi accesible ás novas xeracións, tal e como afirma Fernández (1983), permitindo certo grao de transmisión interxeracional.

## BIBLIOGRAFÍA

- Allard, R. e Landry, R., “Ethnolinguistic vitality beliefs and language maintenance and loss”. En W. Fase, K. Jaspaert e S. Kroon (Eds.), *Maintenance and Loss of Minority Languages*. Studies in bilingualism, vol. 1. Amsterdam/ Philadelphia: John Benjamins Publishing Company, 1992.
- Attinasi e colaboradores, *Intergenerational Perspectives on Bilingualism: From Community to Classroom. Final Report*. Centro de Estudios Puertorriqueños (Univ. of N. Y.), National Institute of Education (DHEW). Washington: ERIC Reports, 1982.
- Ayesterán, M. e De la Cueva, J., *Las Familias de la Provincia de Pontevedra en 1974*. Sevilla: Instituto de las Ciencias de la Familia, 1974.
- Barca, A.; González, R.; Núñez, J.; Santorum, R. e Porto, A., “La estructura cognitiva de los niños bilingües y no bilingües: un estudio diferencial”. *Revista de Psicología General y Aplicada*, 43 (1), 1990, pp. 97-104.
- Cargile, A. C.; Giles, H.; Ryan, E. B. e Bradac, J. J., “Language attitudes as a process: a conceptual model and new directions”. *Language and Communication*, vol. 14, nº3, 1994, pp. 216-236.
- Côté, P. e Clément, R., “Language attitudes: an interactive situated approach”. *Language and Communication*, vol. 14, nº3, 1994, pp. 237-251.
- Cummins, J., “The influence of bilingualism on cognitive growth: a synthesis of research findings explanatory hypothesis”. *Working Papers on Bilingualism*, 9, 1976, pp. 1-43.
- Cummins, J., “Bilingualism and the development of metalinguistic awareness”. *Journal of Cross-Cultural Psychology*, 19, 1978, pp. 139-49.
- Cummins, J., “Age on arrival and immigrant second language in Canada”. *A Reassessment Applied Linguistics*, 2 (2), 1981, pp. 132-149.
- Cummins, J., “Interdependencia lingüística y desarrollo educativo de los niños bilingües”. *Infancia y Aprendizaje*, 21, 1983, pp. 37-61.
- Domínguez Seco, L.; Fernández Ferreiro, M.; Fernández Ramallo, F.; Fernández Rodríguez, M. A.; Recalde Fernández, M.; Rei Doval, G. e Rodríguez Neira, M. A., *Usos Lingüísticos en Galicia*. Seminario de Sociolingüística. Real Academia Galega, 1995.
- Fernández Ferreiro, M.; Fernández Ramallo, F.; Fernández Rodríguez, M. A.; Recalde Fernández, M.; Rei Doval, G. e Rodríguez Neira, M. A., *Lingua Inicial e Competencia Lingüística en Galicia*. Seminario de Sociolingüística. Real Academia Galega, 1994.
- Fernández Rodríguez, M., “Mantenimiento y cambio de la lengua en Galicia: el ritmo de la desgalleguización en los últimos cincuenta años”. *Verba*, 10, 1983, pp. 79-129.

- Filgueira Valverde, X., “La resurrección d’une langue: le galicien d’hier à aujourd’hui”. *Arquivos do Centro Cultural Portugues*, vol. XXVIII. París, 1990.
- Gardner, R. C. e Lambert, W. E. *Attitudes and Motivation in Second Language Learning*. Rowley, Mass: Newbury House, 1972.
- Giles, H. e Coupland, N., *Language: Contexts and Consequences*. Brooks/ Cole. Pacific Grove, 1991.
- Giles, H.; Bourhis, R. Y. e Taylor, D. M., “Towards a theory of language in ethnic group relation”. En H. Giles (Ed.) *Language, Ethnicity and intergroup relations*. London: Academic Press, 1977.
- González Lorenzo, M., *Bilingüismo en Galicia. Problemas y Alternativas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 150, 1985.
- Hamers, J. F. e Blanc, M. H., *Bilinguality and Bilingualism*. Cambridge/ New York: Cambridge Univ. Press, 1989.
- Lambert, W. E., “Un experimento canadiense sobre el desarrollo de competencia bilingüe”. Programa de cambio de lengua hogar-escuela. *Revista de Educación*, 268, 1981, pp. 167-77.
- Lameiras Fernandez, M., *La Medida de las Actitudes Lingüísticas en Contextos Bilingües mediante Escalas Osgood-Stevens*. Tesis Doctoral. Universidade de Santiago de Compostela, Facultad de Psicología, 1994.
- Maio, G. e Olson, J., “Value-attitudes-behavior relations: the moderating role of attitude functions”. *British Journal of Social Psychology*, 33, 1994, pp. 301-12.
- Rojos, G., “Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia”. *Revista Española de Lingüística*. Año 11. Fasc. 2, Jul.-Dic, 1981.
- Ryan, E. e Giles, H. (Eds.), *Attitudes towards Language Variation: Social and Applied Context*. London: Arnold, 1982.
- Sánchez, M<sup>a</sup>. P. e De Tembleque, R. R., “La educación bilingüe y el aprendizaje de una segunda lengua: sus características y principios fundamentales”. *Infancia y Aprendizaje*, 33, 1986, pp. 3-26.



## O EMPREGO DA LINGUA NO XORNAL *EL COMPOSTELANO*

Xulia Marqués Valea

I. B. R. Castelao. Ordes

A presente comunicación responde ó intento de revisar dez anos de vida do xornal *El Compostelano*. Editado en Santiago entre 1920 e 1946 este diario de información xeral, cunha orientación católico-conservadora<sup>1</sup>, merece unha especial consideración na análise do uso público da nosa lingua nos medios de comunicación de masas do presente século.

Seleccionamos da súa non moi extensa vida a década 1930-1940 analizando as testemuñas lingüísticas e literarias en galego que tivo o acerto de incluír nas súas páxinas. A partir das mesmas foi elaborada esta aproximación.

Pouco espacio quedaba nun diario enteiramente escrito en castelán para a nosa lingua, limitada a unhas esporádicas colaboracións en prosa e a un máis xeneroso número de poemas. Significa isto dicir que case tódalas achegas que se fixeron á cultura galega se realizaron desde a outra lingua. Con todo, ós lectores de *El Compostelano* tocoulles vivir neste intre unha conxuntura importante na que agroma un pulo reivindicativo que culminará coa elaboración e aprobación do Estatuto de 1936.

Galicia defendía publicamente con ímpeto algo tan seu como a lingua, momentos estes, que se reflectían na prensa do momento:

S. García Bodaño (21-6-30) escribía:

“Negar la característica y acusada personalidad gallega, su idioma, su etnia, su psicología diferencial, es tanto como negar que alumbra el sol”.

Banet Fontenla, un ano despois (1931), con ocasión do día de Galicia titulaba a súa colaboración “As dúas falas” e expoñía así o seu parecer:

<sup>1</sup> No primeiro número (2-II-1920) a Redacción fai esta presentación: “...El acatamiento incondicional a la autoridad de la Iglesia católica, la aplicación de los principios cristianos a la vida social y el mantenimiento del orden basado en el principio de autoridad, constituyen para nosotros los tres puntos fundamentales en religión, sociología y política, de los cuales partimos y que servirán de norma y orientación a todas las cuestiones que hayan de tratarse en EL COMPOSTELANO”.

“Ten (a) nosa Galiza unha fala que o pobo fixo e consagrou... foi conservando e transmitindo en herdo espiritoal deica as presentes xeneracións”.

“E no terreo oficial, no académico, ademestrativo e xudicial, falado e escrito ¿que non é cousa seria na Galiza?”

“...deixará dende logo a fala vernácula de sel-a criada da casa, tendo a mesma honore que a outra.”

Pretendíase modifica-la consideración social do idioma a través da identificación colectiva pobo-lingua e desexábase así mesmo que o noso idioma ocupase novos ámbitos de uso (Hermida 1992:91).

Desde o exterior tamén chegaban voces que pedían a creación das cátedras de Idioma e Literatura Galegas na Universidade Compostelá e en tódalas Escolas Normais de Galicia. O Centro Galego de Montevideo, corporación propulsora, remitía copia de tal demanda a tódalas asociacións galegas de América, de España, así como a Concellos e Deputacións de Galicia, ó Seminario de Estudos Galegos e á Academia Galega (21-6-30).

En Galicia, a actividade continuaba. O decano da Facultade de Filosofía e Letras daba unha lección sobre a orixe do galego e demais linguas románicas da Península (24-4-31). Na súa brillante exposición afirmara que o galego era lingua románica ou neolatina polo seu vocabulario e estrutura morfolóxica. Anunciábase tamén unha próxima sesión de historia do galego comparado co catalán e co portugués. Se o latín é o fondo común, galego e castelán estarían á par, desterrándose así a idea de superioridade do segundo fronte ó primeiro.

A voz de Galicia deixábase oír serena e conscientemente, mais tamén se escoitaban opinións discordantes (7-11-31). O Dr. Novo Campelo argumentaba que o idioma galego non existía, porque nin profesores nin alumnos da Universidade de Santiago poderían escribir catro palabras nel.

Nun artigo titulado “Sobre autonomía” (18-5-32) asinado por M. Z. podía ler: “Los jefes del autonomismo gallego son buenas gentes... No tienen más inconveniente que el hablar un lenguaje en que nadie les entiende... Por mi parte, me permito decir que no se puede fundar una autonomía regional sólo sobre la fala, las verbas y la gaita”.

Desde os proxectos iniciais da carta estatutaria ata xullo de 1936, a prensa deu cumprida información sobre a elaboración da norma institucional que pretendía rexer o destino da nosa comunidade.

Mentres tanto, de Cataluña, sempre nas avanzadas do sentimento rexional chegaban novas (7-5-31) asegurando que no proxecto de Estatuto catalán se reivindicaba a lingua catalana como única oficial nese territorio, mesmo para comunicarse co goberno central.

Galicia, sen embargo no Anteprojecto de Estatuto editado polo Seminario de Estudos Galegos demandaba a cooficialidade das linguas e vía necesario que os funcionarios públicos coñecesen o galego.

En Cataluña estudiábase, e en breve publicaríase un decreto sobre o idioma español nos centros docentes, con el queríaselles facilitar ós naturais daquela rexión que recibi-

sen as explicacións en catalán (“El idioma español en Cataluña” 23-4-31). A reivindicación adquirira tal forza que dous catedráticos da Facultade de Medicina daban en catalán as súas clases (“La enseñanza del castellano en la Universidad de Barcelona” 11-11-31). Pola súa banda, o Sr Rubió i Lluch na homenaxe que se lle tributara con motivo do seu ingreso na Real Academia Española puxera bastante empeño en facer no seu idioma o discurso de ingreso (3-4-30). Destaca o comentarista da nova: “aunque, por otra parte, ello no pone en peligro la unidad nacional tampoco”.

Os anos 1931 e 1932 foron pródigos en novas encol do proceso estatutario. Delas entresacamos as relativas á elaboración do art.4, aparecidas entre setembro e decembro de 1932.

O 9 de setembro de 1932 publícase o Anteproxecto de Estatuto que no título I, art.4 dicía:

“Serán idiomas oficiales en Galicia indistintamente el castellano y el gallego. Los funcionarios que actúen en la región deberán conocer la lengua gallega”.

D. Santiago Montero e D. Rodrigo Sanz, membros da Comisión redactora do devandito documento mantiveran os seus votos particulares<sup>2</sup> encol do idioma e propuxeran, respectivamente, estoutras versións:

“Será un derecho de los gallegos expresarse en gallego ante toda autoridad y sus agentes auxiliares o depositarios en Galicia. Todos los funcionarios públicos que actúen en la región deberán conocer el idioma gallego.”

D. Rodrigo Sanz defendía a redacción seguinte:

“La lengua oficial de la Región gallega es la española, pero será un derecho de los gallegos que de hecho no la posean, el expresarse en la regional ante Jueces, Magistrados, Fiscales, agentes auxiliares y depositarios de autoridad administrativa y judicial, quienes tendrán la obligación de usar oralmente con dichos ciudadanos en el ejercicio de sus funciones el gallego usual.”

Finalizado o período de información pública e elaborado o dictame de tódalas emendas no proxecto que se presenta á Asemblea Rexional de Concellos (18-11-32) resolvérase:

“Serán idiomas oficiales en Galicia, el castellano y el gallego. Los funcionarios que se designen para actuar en la Región deberán acreditar conocimiento de la lengua gallega.”

Quedaría aprobada esta versión do art. 4 na votación da Asemblea de Concellos en Santiago (28-12-32) e na versión posterior da Carta estatutaria.

As propostas de galeguización dos anos trinta nada teñen que envexar ás observadas medio século despois. O emprego da lingua “usual”, reivindicábase con enerxía, véxanse senón as novas relativas ás demandas formuladas desde o ensino.

<sup>2</sup> Conservadores pertenceran xa ó Secretariado de Galicia en Madrid. Xunta: 181.

A Federación Republicana Galega celebraba unha Asemblea na Coruña (5-6-31), nesa ocasión o Sr. López Varela propoñía que se aprendese a lingua galega nas escolas de párvulos ata os seis anos e que houbera logo liberdade para aprender o castelán. Decía daquela que el falaba en nome de sete mil rapaces da Coruña que non podían estar alí presentes.

Nos Votos Particulares ó texto estatutario de 1932 D. Santiago Montero recomendaba:

“La lengua oficial de la enseñanza será la española (...). La Región podrá organizar en cualquier centro docente establecido en Galicia por El Estado, estudios de cultura gallega. Estas asignaturas de sostenimiento regional podrán ser explicadas en gallego y serán potestativas para los alumnos.

En las Escuelas Primarias de la Región será enseñado el idioma gallego como asignatura, disciplinado gramaticalmente a los niños en su conocimiento y uso. En la Universidad, Escuelas Normales e Institutos, la región deberá crear y sostener cátedras de Lengua gallega, asignatura cuya aprobación en el Centro correspondiente será indispensable a todo funcionario público que pretenda actuar en la Región.”

D. Rodrigo Sanz pedía que:

“Los maestros de toda Escuela primaria, rural o de villa, habrán de poseer el gallego usual y usarlo en su escuela con los niños que aún ignoren el español.”

Neste contexto cultural é comprensible que daquela se demandasen cursiños de galego, o Dr. Moralejo impartía un na Universidade (10-11-33). A. Ribalta, tres anos antes (7-11-30), promovera xa un ciclo de conferencias sobre lingua e gramática galegas.

O Dr. Pedret Casado publicaba “Algunhas normas pra a unificazón do idioma gallego” (27-1-34) condensando en cinco páxinas unhas normas ortográficas, fonéticas e morfolóxicas tendentes a unifica-la escrita.

Sen embargo, coa chegada do réxime dictatorial principia para a cultura galega a persecución propia duns tempos malfadados. A comezos de 1936 aínda todo transcorría con normalidade.

En abril establecíase o Regulamento da Asociación de Escritores de Galicia (20-4-36) que no seu art. 2 propoñía as condicións necesarias para pertencer a tal institución: ser galego ou non o sendo, escribir en galego ou ocuparse de temas que se refirían a Galicia.

A finalidade da mesma era organizar exposicións de arte, veladas teatrais, concursos e conferencias ademais de estimular a edición e venda do libro gallego.

Neste mesmo mes, abril de 1936, tiñan lugar as Reunións de escritores galegos (11-4-36) nas que se tomaran, entre outros, estes acordos: honrar a Villar Ponte con actos literarios, celebrar conferencias baseadas nos relatos que certos viaxeiros ilustres anotaran nas súas viaxes aquí, etc.

Non debemos tampouco esquecer que un dos aspectos máis dignos de consideración na traxectoria de *El Compostelano* foi o importante labor difusor que desenvolveu na vida literaria do momento, en particular, no campo poético.

Ó longo de dez anos apareceron no xornal 1340 poemas en galego, pertencentes a unha ampla nómina de escritores, deles destacamos a P. Samuel Eiján (90 composicións), M. Escariz y Méndez (84 composicións), Rey González (103 composicións), C. Prieto Rouco (57 composicións) por seren os que máis contribuíron a esta tarefa.

O volume de colaboradores é digno de ter en conta desde 1930 (60 autores) ata 1936. Tralo alzamento e durante a guerra diminuíu, sendo 1937 o ano no que se rexistrou un menor índice. En datas posteriores recupérase timidamente a actividade, volviendo a finais da década, ó grao atinxido no 1936.

Un repaso polo cadro extenso e significativo de plumas ilustres dá idea da categoría de quen participaba neste empeño divulgador da poesía galega que o diario levou a cabo. Así, déronse cita páxina poética as producións de L. Carvajal, Leiras Pulpeiro, Carré Aldao, Labarta Pose, A. Ribalta, Porto Rey, Noriega Varela, Crecente Vega, Cabanillas, R. Otero Pedrayo, M. Antonio, A. Carballo, Blanco Amor, Bouza Brey, Cunqueiro... E tamén clásicos como Rosalía, Pondal, Curros, Añón...

Entre 1930 e 1935 incluíronse esporadicamente traducións ou versións de poesía foránea, case sempre castelá; García Ramos, A. Sevillano, F. Herrera ou A. Cunqueiro son os encargados desta tarefa.

O xornal sumábase, así mesmo, ó anuncio de publicación das obras poéticas e facíao, valorando o contido das mesmas e achegándose, non sen certa afectividade, ó autor.

A lingua utilizada para emitir tal xuízo era maioritariamente o castelán, inda que, en ocasións, se facía en galego. Xosé M. Cabada saudaba (6-5-30) así a chegada de *Do ermo*: “libro de ouro”, “xoia do noso parnaso”, “seus versos íspidos e limpos de zarzalllos e rípios, ben medidos e estruturados son d’unha feitura impecable.”

De Noriega Varela, o autor: “Iste poeta –poeta de verdá– sabe distinguirse e amostarse ergueito e orixinal, sen amaneiramento e pedantería.”

Era celebrado tamén o feito de estar escrito en galego:

“un fondo coñecemento da meiguice da nosa fala  
d’isa doce fala que il define cando di que:

Nosa fala é un paxariño  
que adoita faguel-o niño  
no seyo do hirsuto monte  
ben na pola d’un corpiño  
ben â beira d’unha fonte”.

O habitual, non obstante, era que se empregase o castelán. *Señardá* de A. I. Alvariño (25-3-30) ten unha recensión na sección “Nuevos poetas y nuevos libros”.

J. Lamenu foi encargado de presentar este libro de Aquilino, poeta que “de un solo salto se hizo un puesto entre los poetas gallegos de preferencia”.

O crítico presentáballo o novo poeta ó público e desexáballo un futuro con tantos éxitos que “abra tras si una florecida estela a seguir”.

Entre as novas que informaban sobre feitos relacionados co mundo poético destacamos:

1. As conferencias:

Filgueira Valverde daba unha lección sobre Lírica relixiosa e narrativa do Medioevo Galego. (15-7-33) e Lírica e Prosa do Rexurdimento (18-2-33).

É de notar que “la composición misma de este público donde a los elementos universitarios se suman constantemente los elementos populares, especialmente obreros, pone de manifiesto el interés que despiertan hoy los estudios de Galicia”.

2. As homenaxes:

“Homenaxe Nacional a R. de Castro” (5-7-32)

“Centenario del bardo Pondal” (10-9-34) (1-2-35)

“Ofrenda a C. Enríquez” (3-10-34)

“Al poeta C. Enríquez” (6-11-35)

Antes da contenda civil os poetas máis honrados foron os tres grandes do Rexurdimento, despois desta data, a única celebrada, louvada, editada e estudiada foi Rosalía, mesmo nos momentos posbélicos máis difíciles. Seroa sempre, desde e a través do castelán:

“Mi Rosalía de Castro” (25-7-36)

“En el Centenario de Rosalía” (23-2-37)

“Rosalía. Cien años” (23-2-37)

“Homenaje a una mujer y a un paisaje” (22-5-37)

“Estampa compostelana. Rosalía de Castro” (8-6-37)

3. A Festa da Poesía:

En Santiago con motivo do festexo do Patrón un certame que premiaría:

1– “A la mejor poesía escrita en gallego, de asunto y medida libres que no exceda de 50 versos.”

2– “Al mejor cuento escrito en gallego sobre un asunto de ambiente regional que no exceda de veinte cuartillas.”

A lírica galega tivo en *El Compostelano* un papel case protagonista, sen embargo, coa prosa no noso idioma non ocorría o mesmo. Convén diferenciar neste eido os textos literarios en prosa doutros cun contido especificamente informativo.

Entre os primeiros destacamos, por seren os máis frecuentes, aqueles contos relatados por vellos petrucios que aproveitan a ocasión para dar uns bos consellos. Títulos coma “O tío Cienfuegos” (16-1-30), “O tío Xeromo” (22-1-30), “O tío Moucho” (5-2-30), “O tío Troitiña” (12-3-30) apareceron na prensa en xaneiro, febreiro e xullo de 1930, Xosé Alonso Obregón “O fidalgo de Monterrei” era quen os asinaba.

Noutros relatos o asunto tratado era diverso: os vicios, a honra, os defectos... son temas centrais en “A moza de Cabeiras” (29-3-30), “O creto dunha rapaza” (22-8-30) ou “Unha muller pior qu’o tabaco” (3-6-30).

Reflexións sobre Galicia e outros temas nosos chégabannos con “O carballo grande” (13-6-30) ou “Unha prosa a Sant-Iago” (26-7-30).

Lence Santar colabora durante 1938, 1939 e 1940 no xornal cunha serie de narracións curtas tituladas “Folclore gallego”, tiradas dun libro inédito *Folklore d’as terras de Mondoñedo, Santiago e Sarria*. Os seus relatos poñíannos en contacto coa cultura tradicional galega: o S. Xoán, as monterías, os xogos, os contos de animais ou mesmo cantares “pr’anainar os nenos”.

A carón dos anteriores, apareceron en *El Compostelano*, informacións de carácter político (anuncios de xuntanzas nacionalistas 20/22-4-31, celebración de asembleas 20-4-35, novas encol do Estatuto, 3-4-36...), novas de carácter cultural: “Un manifesto ás mulleres galegas” (28-7-33), Josefina Bustamante de O. Pedrayo, Milagros Rodríguez de Cuevillas, M<sup>a</sup> do Carme Fernández de Risco son algunhas das que asinaron este chamamento, no que pedían:

“Chamamos a o voso corazón de fillas e de nais pol-a lembranza dos antergos e pol-o porvir dos nosos fillos, pol-o noso fogar, pol-a nosa tradición, pol-a nosa fala... vinde a nós.”

E mesmo hai informacións de carácter científico: “Un rogo ós campesiños sobre as pragas do campo” que o Seminario de Estudos Galegos facía o 29-9-31.

*El Compostelano*, igual que acontecía na lírica, reservaba un espacio para divulgar a aparición no mercado de libros en prosa. Adoitaba acompañarse esta de comentarios que nos aproximaban ó contido de obra e á personalidade do autor. As opinións que se vertían eran de carácter positivo, desexábase a miúdo éxito de venda, dado que o de crítica parecía asegurado. A presentación facíase en galego e/ou en castelán.

En *Abellas de ouro* de Lesta Meis (10-9-30), a nosa lingua era usada para glosar as palabras da adicatoria coas que Villar Ponte nos agasallaba e o castelán para presentar o escritor e a súa obra “admirable novela”, “bellamente escrita en la lengua vernácula”, de un “notable prosista”.

O prologuista de *Contiños da terra* de M. García Barros (9-7-31) advertía nun comentario que: “ha de merecer por sus narraciones tan amenas el interés no sólo de las gentes del agro, pues no ignoramos el trasacordo ante las lareiras en épocas de invernía ¡que de encanto tienen tales juntanzas!”.

Coñecemos, ademais, a saída editorial dos seguintes exemplares:

*As cruces de pedra na Bretaña* (9-8-30)

*Vila de Calvos de Randín* (28-1-31)

así como das obras teatrais:

*Beiramar*. C. Valledor (20-7-31)

*Obras teatrales galegas*. A. Rodríguez Elías (12-10-31)

Outras actividades relacionadas co eido prosístico que tiveron eco na prensa foron a convocatoria de certames e as homenaxes.

En canto ós primeiros, celebráronse certames ó longo de:

1932

Labor Gallega de Pontevedra (da que era secretario Filgueira Valverde) organiza un concurso no que se premia un conto ou unha colección de contos infantís sobre temas folclóricos galegos.

As bases aparecían na nosa lingua (20-5-32)

1933

*La Región* de Ourense promove un concurso de contos. Dos vinte que optan a premio, dez serán escritos en galego e dez en castelán. As únicas limitacións impostas son as que esixen a moral cristiá e o bo gusto (25-8-33).

1934

O Seminario de Estudos Galegos no día de Galicia deste ano convoca o premio “Martín Sarmiento”. Prégase ós participantes que redactasen en galego e acompañasen os seus traballos de debuxos. Os temas a desenvolver son:

–Vocabulario de verbas galegas da vida mariñeira.

–Vocabulario de verbas galegas da vida labrega.

–Vocabulario de verbas galegas da construción e dos oficios.

–Descripción de xogos galegos, a súa rotación e o seu xeito”.

Este certame dirixido a escolares galegos de menos de dezasete anos tiña o obxectivo de “aficionarlos al estudio de nuestras características y a la aplicación de sus conocimientos generales de las realidades gallegas”.

Nas homenaxes destacamos aquelas que se lles renderon ós grandes prosistas, estas constituían adoito un pretexto para realizar actos de afirmación galeguista. en honra de Otero Pedrayo (10-6-30) ou Castelao (20-6-32). Outra figura que contribuíu á difusión da literatura popular, Mosquera Pérez, “O Vello dos Contos”, foi tamén agasallado (16-6-33).

Con ocasión do 25 de xullo, festa grande da terra, a prensa enchíase de colaboracións. Revisando estas e a lingua nelas empregada podemos comprobar cal era o grao de compromiso ideolóxico e lingüístico expresado publicamente en datas tan simbólicas “...n-iste día moitos corazóns se axuntan n-unha mesma lembranza e n-un mesmo desexo... vai cada vez martillando con máis forza nos corazóns dos galegos...”

Ata 1936 foron frecuentes as informacións sobre esta celebración de afirmación rexional. En 1931 aparecía “A festa grande da terra” (asinado S.C.L.) e “Fiesta del himno y de la bandera” (M. Beiras García). Pedíase daquela que os veciños de Santiago engalanasen os balcóns unicamente coa bandeira galega, tendo en conta que esta, ademais de ser nosa, era de grande efecto decorativo.

Fernández del Riego colaboraba con “O galeguismo do Apóstolo” na conmemoración de 1932. De 1933 destacamos “O partido galeguista ao país galego” e “A emoción do día de Sant-Yago” (R. Otero Pedrayo). En 1935 este escritor asinaba “Non vulgares propósitos” e a Irmandade da Fala da Coruña homenaxeaba a Curros Enríquez.



Do esplendor de 1935 no que se sucederon festas e comidas populares, veladas literarias, excursións e música galega pasamos ó ocaso da celebración despois de 1936. Agora este día aparecía unicamente recordado por unha misa en honra a Rosalía.

Se o día de Santiago é festa solemne en Galicia, non esquecían tampouco os colaboradores de *El Compostelano* a Cataluña cando celebraba a “Gran Diada”.

No 1933 varios artigos asinados por Fernández del Riego, F. Ogando Vázquez, Álvaro de las Casas, Sebastián González ou F. Calvet expresaban a súa fraternidade coa comunidade catalana e uníanse á celebración desde a distancia:

“Galiza e Cataluña fundidas nunha aberta fonda sentiron unha devoción común pola súa liberdade sagra, cando un proceder inhumán e arbitrario mantiña a agresividade pras nosas linguas e a opresión pras nosas culturas”.

Para rematar, queremos lembrar a aqueles lectores que pescudaban as novas relativas á nosa cultura interesados, sen dúbida, pola mesma. A eles ían especialmente adicadas as seguintes informacións redactadas en castelán e en galego.

Se o seu era ver teatro ou un espectáculo ambientado na nosa terra podían acudir a mediados de 1930 (12-5-30) á reposición do drama anticaciquil *O fidalgo* de San Luís Romero do que se facía eco a prensa debido ó seu grande éxito.

Se o que pretendían era asistir á interpretación de contos: “A boda do Faragullo”, “A danza do xurelo”, “O cabaret” formaban parte do programa de Xan das Bolas (7-11-39).

Desde que o cinema falaba, as proxeccións ocupaban un oco importante no lecer dos composteláns. Poucos espectadores resistirían diante do reclamo do filme *Carmiña, flor de Galicia*:

“Si es gallego para afirmarse en su devoción a la tierra.  
Si es extraño para admirar su eternas bellezas”

“Galicia vive e alenta na pantalla”, “é un belo canto a que se consagran unha vez máis as tradicións da raza” (20-7-34) comentario, en galego, sobre a estrea de *Alalá* (baseada na novela de W. Fernández Flórez *Los nietos de los celtas*). Polo 1939 proxectábase *La casa de Troya*, adaptación da inmortal obra de Pérez Lugín.

Se o tempo libre o aproveitaban para visitar exposicións ou para acudir a espectáculos musicais, ó longo da década houbo abondas ocasións para satisfacer os seus desexos. Vexámo-las seguintes novas:

- Exposición permanente de “Arte gallego” (22/24-8-30)
- Programa de Corais. O Cuadro lírico rexional interpretaba as pezas “Un día na sega”, “O segredo da bruxa” (25-1-30), a Coral “El Eco” a “Nosa Señora da Barca” (8-5-30).

En 1931 Camilo Díaz expoñía as súas obras. El mesmo acompañaría á coral “De Ruada” na súa xira como alma da nova modalidade de “canción escenificada” (21-1-31).

- Estrea da zarzuela de ambiente galego “La moza del coitadiño” (19-12-31).

- Asistencia a conferencias ou cursiños. Entre as centradas en temática galega destacamos aquelas nas que A. Ribalta diserta sobre lingua e gramática (7-11-30) ou a de V. Risco sobre Historia de Galicia (16-11-32).

Segundo apreciación do comentarista:

“La Universidad gallega ha empezado afortunadamente desde poco tiempo a esta parte a ensayar los primeros pasos hacia su galleguización tan ansiada”.

Á hora de facer balance espero ter podido demostrar o enorme interese que *El Compostelano* tivo para a difusión da cultura galega en galego entre os anos 20 e 30. Pero cómpre subliñar ademais a súa ousadía ó inserir traballos na nosa lingua en plena guerra civil e anos inmediatamente posteriores. Aínda vendo como *A Nosa Terra*, *Guieiros* ou *Nós* desaparecían (Rodríguez Fer 1994:19), *El Compostelano* continuaba traendo ata súas páxinas poesías e retallos de folclore en galego.

Unha homenaxe a esta afouteza é a que quixemos render medio século despois da súa desaparición con esta comunicación.

## BIBLIOGRAFÍA

- Blanco, L. (1978): *El Correo Gallego. Cien años de aportación a la historia (1878-1978)*, Compostela SA.
- Hermida, C. (1992): *Os precursores da normalización*, Vigo, Xerais.
- Rodríguez Fer, C. (1994): *A literatura galega durante a guerra civil*, Vigo, Xerais.
- Santos, E. (1990): *Historia de la Prensa Gallega (1800-1986)*, Sada, Edicións do Castro.
- A autonomía galega (1846-1981)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Secretaría Xeral Técnica, 1986.
- El Compostelano (1920-1930)*.

## ESCRITURA E SOCIEDADE ¿A LINGUA GALEGA SOPORTE DUNHA MENTALIDADE PRECIENTÍFICA?

Xulián Maure Rivas

I. B. Val Miñor (Nigrán)

### INTRODUCCIÓN

A importancia de lecto-escritura sempre foi recoñecida tanto para a formación integral do ser humano como para o nivel cultural e organizativo dunha sociedade. Neste aspecto son ben coñecidos os traballos e programas da UNESCO<sup>1</sup> para a alfabetización do terceiro mundo, como tamén a práctica e reflexión de homes comprometidos co desenvolvemento humano como Paulo Freire ou de lingüistas como Martinet ou Nina Catach<sup>2</sup>, por só citar algúns exemplos do noso entorno. Moitos son os puntos de vista que serviron durante este século para analizar a técnica comunicativa que chamamos escritura, ou mellor lecto-escritura<sup>3</sup>.

Pero é agora a finais do segundo milenio, no momento en que as variadas redes electrónicas de comunicación permiten que a palabra falada invada tódolos circuitos e non exista un palmo de terra onde non poidan chegar as ondas hercianas, é agora o momento en que un número importante de pensadores, filósofos, historiadores e sociólogos reflexionan en público sobre a oralidade e a función da escritura na historia da humanidade.

<sup>1</sup> Cfr. R. Barker e R. Escarpit, *La faim de lire*. Paris: UNESCO, 1973. Tamén esta dedicado ó tema da lecto-escritura o Vol. VI, nº 1 da edición portuguesa da revista *Perspectivas: A viragem da alfabetização*. Lisboa: Livros Horizonte, 1976.

<sup>2</sup> Cfr. P. Freire, *Educación como práctica de la libertad*. Madrid: Siglo XXI, 1980; A. Martinet, *Fonction et dynamique des langues*. Paris: Armand Colin, 1989. É importante o segundo capítulo: "Apprendre à parler et apprendre à lire", pp. 65-90; e Nina Catach (ed.), *Pour une théorie de la langue écrite*. Paris: Ed. du CNRS, 1988.

<sup>3</sup> Véxanse, como exemplo, as seguintes obras e as súas referencias bibliográficas: I. J. Gelb, *A Study of Writing. The Foundations of Grammatology*. Chicago: The Univ. of Chicago Press, 1952; M. Cohen, *L'écriture*. Paris: Ed. Sociales, 1963; J. Derrida, *De la grammatologie*. Paris: Minuit, 1967; J. Lacan, *Le séminaire de J. Lacan, XX. Encore*. Paris: Seuil, 1970; e R. Barthes, "Oral/Escrito", "Escrita" e "Leitura" en *Enciclopédia T. 11*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda /Einaudi, 1987.

Neste relatorio propoño un acercamento ó fenómeno da alfabetización masiva que se deu en Occidente para entender a singularidade que constitúe o caso galego e valorar algunhas das desviacións presentes en Galicia do estándar das sociedades alfabetizadas. Non se trata de facer unha exposición de todo o que a historia, a socioloxía, a sociolinguística e outras disciplinas conexas teñan achegado nos últimos anos á clarificación das culturas presididas pola oralidade e das culturas que dispoñen da comunicación escrita, establecendo as fronteiras e as relacións mutuas que poida haber entre elas. Trátase de ver algunha das características do que Eric Havelock designou como *ecuación oral-escrito* e que considerou como a fórmula constitutiva da mentalidade moderna.

Desde o comezo quero superar todo tipo de simplificacións que marquen unha radical ruptura entre as sociedades con cultura oral e as sociedades con cultura escrita. Unha investigación sobre a influencia da lecto-escritura na sociedade galega só poderá chegar a conclusións de tipo de “máis ou menos intenso” ou de “máis ou menos estendido”. Como afirma Jack Goody “se queremos analiza-las modificacións que afectaron o pensamento humano estamos forzosamente obrigados a abandonar as dicotomías etnocéntricas características do pensamento social do período da expansión europea”. El mesmo critica a Levi-Strauss cando ó final do *Pensamento salvaxe* reafirma a súa tese dualista dicindo que: “certamente as propiedades a que o pensamento salvaxe ten acceso non son as mesmas que as que chamaron a atención dos científicos. O mundo físico é abordado de lados opostos en cada un dos dous casos: un é extremadamente concreto, outro extremadamente abstracto. Un procede do ángulo das calidades sensibles, o outro do das propiedades formais” (1977, 1988: 17-18). Goody, ademais de non admitir esta simplificación, propón que o que Levi-Strauss viña chamando *pensamento salvaxe* mellor sería chamarlle *pensamento oral*.

Como afirma Robert Escarpit “non ten sentido preguntarse se a escritura é o produto dunha determinada evolución social ou se pola contra é o xermolo ou a causa da dita evolución. Ambos supostos son verdadeiros... O importante é que a escritura vai ligada tanto na súa xénese como na súa utilización a certo número de institucións e funcións sociais, sen que poidamos establecer entre elas cronoloxía ou xerarquía ningunha.” (1975: 17).

## A ORALIDADE PRIMARIA

Desde que Ignacio Gelb publicou en 1952 o seu xa clásico *Estudio da Escritura* e sobre todo desde que McLuhan dez anos máis tarde sorprendeu a expertos e profanos coa súa *Galaxia Gutenberg*, a reflexión sobre a escritura como medio técnico de comunicación foi multiplicándose sen cesar. Outros vinte anos máis tarde (1982) Walther Ong publica en Londres *Oralidade e Escritura*, obra que contén un apéndice bibliográfico que abarca a historia das investigacións e especulacións relativas a este campo desde o sé-

culo XVIII ata o presente. Neste apéndice pode verse que o ano 1963 marca un momento de despegue dos traballos que teñen como obxecto a natureza e función social da escritura (inclúe 136 títulos posteriores ó 1963 e só 25 anteriores). No curso 1962-63 apareceron, ademais da citada obra de McLuhan, *O pensamento salvaxe* de Levi-Strauss, un artigo de Jack Goody e Ian Watt titulado “As consecuencias da cultura escrita” e por último a obra inaugural de Eric A. Havelock *Prefacio a Platón*. Este mesmo autor hai xa dez anos publicou unha especie de divulgación de tódolos traballos da súa vida profesional: *A musa aprende a escribir. Reflexións sobre oralidade e escritura desde a Antigüidade ata o presente*. Nesta obra presenta Havelock un resumo e balance ben cumprido deste campo de investigación. Deste mesmo autor, que finou en 1988, publicouse un artigo póstumo “A ecuación oral-escrito: unha fórmula para a mentalidade moderna” co que participara nun congreso organizado en 1987 polo Programa McLuhan da Universidade de Toronto. O artigo está recollido na obra colectiva *Cultura escrita e oralidade*, compilada por David R. Olson e Nancy Torrance. Estes autores e outros que iremos citando permiten elaborar un esquema útil para investigacións e reflexións posteriores e mesmo para unha comprensión razoada da complexa situación que temos en Galicia. .

A evolución propiamente dita é un proceso biolóxico e non cultural; e a linguaxe forma parte dese proceso biolóxico (Cfr. Lenneberg 1982). Os humanos constituímos unha especie na que a capacidade cúbica do cerebro aumentou en gran proporción durante aproximadamente un millón de anos. Esta maior capacidade está relacionada coa linguaxe articulada, unha das características que nos distingue dos outros primates. Tomando como modelo a xenética, o catedrático de zooloxía en Oxford a principios dos anos sesenta Ernst Mayr, na súa obra *Especies animais e evolución*, fala dos xenes que están programados para conter “información” biolóxica e afirma que da mesma maneira a linguaxe humana ten a función de acumulación de información e da súa almacenaxe para un uso ulterior. Mayr tomaba a concepción da información almacenada nos nosos xenes e aplicábaa á información cultural que se almacena na linguaxe para ser usada unha e outra vez no proceso de ensinanza do neno por parte dos seus pais e da sociedade. O neno absorbe o que chamamos a tradición da sociedade e a tradición só pode almacenarse nunha lingua que é memorizada e transmisíbel dunha xeración á seguinte (Havelock 1991: 41). A obra de Mayr é contemporánea de *Prefacio a Platón* de Havelock e este non puido tomar esta fórmula da oralidade tan precisa de “almacenaxe para uso ulterior”, almacenaxe da información necesaria para a sociedade humana; pero xa a mesma idea estaba recollida por el baixo a metáfora de “enciclopedia oral” atribuída á literatura homérica. Este proceso quedou resumido polo Premio Nóbel S. E. Luria nas seguintes palabras. “Por primeira vez na historia da vida puido ser transmitido á prole, para a súa educación, o froito da experiencia acumulada. Ó lado da evolución biolóxica –a acumulacións de diferencias entre os xenes–, comezara a evolución cultural: a acumulación de experiencias e ideas en forma simbólica” (S. E. Luria, 1975: 157).

O propio da oralidade, como etapa da cultura humana, non se encontra no comportamento da linguaxe nos actos de comunicación, senón na linguaxe utilizada para gardar información na memoria. Xa que a linguaxe pola súa condición de oral é efémera, precisa da memoria para transmitir as informacións necesarias ás novas xeracións. Esta existencia está cuberta tecnicamente polos dous mecanismos de que dispón a linguaxe humana e que están altamente desenvolvidos nas sociedades ágrafas, na culturas presididas pola oralidade. Son os mecanismos da memorización, o ritmo da poesía e do canto e a sintaxe narrativa. O capítulos III e IV de *Prefacio a Platón* tratan de “a poesía como reserva de comunicación” e de “a enciclopedia homérica” e mostran como as epopeas gregas conteñen unha cultura oral que serviu durante moitos séculos como constante referencia de comportamento e como sistema educativo. “Tócanos, afirma ó rematar o capítulo terceiro, analiza-la tese de que este arquetipo épico da palabra preservada por medios orais se compoñía dun compendio de materia para recordar, de tradicións que manter e de *paideia* que transmitir” (Havelock 1963/1994: 59).

Esta situación cultural previa á comunicación escrita é o que constitúe a chamada **oralidade primaria**. Hoxe temos dificultade para pensar a oralidade primaria e poder describila pois carecemos dun modelo adecuado na nosa propia conciencia (Havelock 1986/96: 91). Os hábitos e a linguaxe da escritura son a trama e o urdido da existencia moderna. Unha maneira de advertir a diferenza consiste en recoñecer que na oralidade primaria as relacións entre os seres humanos están dominadas exclusivamente pola acústica complementada pola percepción visual da conducta corpórea. Un sistema de comunicación desta clase é un sistema de ecos, lixeiro e fugaz como o aire. Con todo a nosa mentalidade, presidida pola escritura, lévanos a analízalo e describilo como se fose unha especie de material que existe nunha especie de espazo e así falamos de “estructuras” e “códigos”, de “temas” e “composicións monumentais” e mesmo de “literatura oral”. Na oralidade primaria o especialista oral, sexa bardo, sacerdote, profeta ou vidente reviste de cote as súas instrucións memorizables dunhas formas que foron elaboradas para causar pracer, de modo que a instrución mesma se fixa na memoria social por vía indirecta, ó ser traducida en exemplos activos. En resume, nesta sociedade de oralidade primaria *a tradición ensínase mediante acción e non mediante ideas e principios*. (Ibidem, 111).

Pódemos ser aquí de utilidade ver a caracterización esquemática dunha sociedade que non coñeza ningunha forma de escritura, tomada de *Antropoloxía da escritura* do profesor de Lingüística da Universidade de Roma Giorgio Raimondo Cardona (1981/1994: 129-133).

1. O patrimonio de coñecementos está enteiramente confiado á memoria.
2. Os anciáns son os depositarios do saber e os intermediarios das novas xeracións.
3. A arte de controlar a palabra será fonte de admiración e poder.
4. Terán gran importancia os actos públicos de uso da palabra.

5. Predominio do emotivo e da vontade no uso da palabra tendentes a mover os ámbitos do auditorio: rogar, convencer, ordenar, pedir.
6. Abundancia de elementos redundantes.

## A CULTURA ESCRITA E O XURDIMENTO DA CIENCIA MODERNA

Segue a evolución cultural da humanidade e coa aparición da escritura e sobre todo do alfabeto grego de base fonolóxica, o medio acústico de comunicación humana, a lingua falada, vai transformándose nun obxecto visible, utilizado para o mesmo fin de almacen da memoria colectiva. O medio acústico, por non ser susceptible de visualización, non logrou ser recoñecido como un fenómeno enteiramente separable da persoa que o usa, da mesma maneira que aínda hoxe, que xa temos unha mentalidade letrada, non separamos o rechouchío do paxaro que o emite. Contrariamente na documentación alfabetizada o medio de comunicación queda totalmente obxectivado e agora pode ser considerado non como unha función do falante, do emisor, senón como un documento dotado de existencia propia.

Para Havelock co alfabeto grego nace non só a razón fronte ó mito senón o mesmo concepto de “individualidade”. Cando a lingua se separou visualmente da persoa que a falaba, entón tamén a persoa, fronte á lingua, adquiriu uns contornos máis nítidos. Unha vez que o lector tiña liberdade para compoñer un discurso teórico, con suxeitos abstractos e con predicados conceptualizados, advertiu tamén que estaba empregando unhas novas enerxías mentais, que eran dunha calidade distinta das que se exercitaban no oralismo. Os síntomas lingüísticos dese abandono do oralismo, que desde entón late en toda a conciencia europea, mostráronse na proliferación de termos para nocións, para pensamentos e para o pensar, para o coñecer e o coñecemento, para o comprender, o investigar, o explorar e o indagar (Havelock 1986/ 1996: 154).

O ser humano natural non é escritor nin lector, senón falante e oínte. Desde a perspectiva do proceso evolutivo a escritura, en calquera etapa do seu desenvolvemento, é un fenómeno adventicio, un exercicio artificial, unha obra da cultura e non da natureza, imposta ó home natural (Havelock 1991: 37). Os hábitos lingüísticos da oralidade forman parte da nosa herdanza biolóxica, que pode e debe ser complementada por medio da escritura, pero nunca enteiramente substituída por ela. Unha sociedade aínda ágrafa estaría a miles de anos da nosa civilización. Sen a escritura moderna, que é a escritura baseada no alfabeto grego, non teríamos ciencia, filosofía, leis escritas nin literatura, nin tampouco teríamos o automóbil nin o avión (1991: 42).

No longo proceso que se deu na técnica da comunicación humana en Europa –no mundo chamado occidental– desde Platón ata os nosos días, baseado na escritura e na imprenta, os mecanismos rítmicos da memoria oral foron pouco a pouco substituídos pola prosa documentada, filosófica, histórica, xurídica, etc., e a narrativa oral foi deixan-

do paso a unha sintaxe reflexiva de definición, descrición e análise. Esta nova tecnoloxía da palabra tivo tamén os seus efectos na organización e desenvolvemento da sociedade.

Desde Rousseau a Weber tívose a convicción de que a Reforma protestante estaba de algunha maneira relacionada co xurdimento da ciencia moderna. Ultimamente é mais frecuente a hipótese que atribúe o nacemento da ciencia moderna ó desenvolvemento e expansión da cultura escrita. Esta postura podémola encontrar en autores como McLuhan (1962), Havelock (1963), Goody (1968), Eisenstein (1979) e Stock (1983). Estes autores, entre outros, recoñecen que os cambios nas formas de comunicación tiveron o efecto de altera-las actividades humanas e as formas culturais. David R. Olson en *Cultura escrita e oralidade* (1991: 203) establece dous grupos de autores atendendo ás explicacións que dan a estes cambios. Para un grupo –Scribner (1977), Leach (1966), Douglas (1980) e Eisenstein (1979)– os cambios nas formas de comunicación só inflúen nas prácticas sociais e institucionais, pero os procesos cognitivos dos individuos permanecen fundamentalmente iguais. O segundo grupo –os citados McLuhan, Havelock, Goody, Stock e Ong (1982) e o mesmo Olson (1977 e 1991)– relaciona estes cambios culturais con cambios psicolóxicos, cunha alteración nas formas de representación e as formas de conciencia.

Para este último autor “a Reforma, o xurdimento da ciencia moderna e a psicoloxía mentalista son, por suposto, movementos sociais, pero todos eles se basearon nunha nova distinción conceptual. ¿Cal é esa distinción e como se derivou da cultura escrita? Un texto escrito preserva so parte da linguaxe, a forma, mentres que o significado debe ser recreado polo lector a partir desa forma” (1991: 208). Coa escritura créase unha clara distinción entre o texto, o *dado*, e as distintas interpretacións posibles; e coa invención de Gutenberg créase a posibilidade de que cada individuo teña acceso directo ó texto, que nas sociedades orais se presentaba sempre xa interpretado, dificultando ou impedindo a distinción entre os datos e o mundo das inferencias, das intencións ou das interpretacións dos mesmos datos.

Cando un *corpus* de coñecementos (por exemplo teolóxicos ou xurídicos) se *precipita* e se condensa nun texto escrito, desaparece a posibilidade da continua e elástica reelaboración que é posible nunha cultura oral e aparecen as especializacións do comentario e da glosa. Un texto escrito pode fragmentarse en períodos, en parágrafos, en versículos e non por esta división perde a súa forma. Así é posible analizar un por un os segmentos dun texto, volver a consideralos, comparalos entre si aínda que non estean contiguos. Noutras palabras: é posible un exame do texto extremadamente analítico, desvinculado do tempo, independente da súa dimensión lineal. (Non pasa o mesmo co texto memorizado que case o consideramos como unha soa peza: cando falla a memoria hai que volver ó principio para reconstruílo todo enteiro).

Para Raimondo Cardona a revolución cognoscitiva iniciada pola adopción do código gráfico consiste na posibilidade de manipular un determinado contido nos planos do



espacio visual (cos ollos pódese chegar a calquera punto do texto e deterse nel o tempo que se queira) e do tempo (pódense comparar mensaxes diferentes sen depender do momento da súa emisión). É fácil ver as consecuencias desta diferenza coa linguaxe oral. O cálculo (que esixe por exemplo rexistrar os resultados dunha operación para poder usalos máis tarde), a xeometría, o discurso científico en xeral non son concebibles sen un apoio gráfico que obxectivo os símbolos cos que se opera e permita combinalos ou comparalos ou conservalos con precisión para poder utilizalos nun proceso posterior (1981/1994: 133).

A distinción entre o *dado* e o *interpretado*, inventada para ler e interpretar textos, foi simplemente tomada en préstamo para “ler o libro da natureza”. O resultado foi a ciencia moderna, baseada na idea de unha discontinuidade entre a observación e a inferencia, entre os feitos e a teoría, entre as pretensións e as probas. Para Olson a epistemoloxía científica moderna foi un subproduto da hermenéutica da Reforma e a obxectividade foi un subproduto da cultura escrita.

Os membros das sociedades tradicionais e ágrafas tenden a fusionar o que se di co que se quere dicir; ou sexa, que non distinguen o *dado* da *interpretación*. Esta limitación, unida á infrecuencia dos procesos mentais propios da vida científica, constitúe o elemento máis negativo que en distintos grados podemos encontrar nas sociedades ágrafas, iletradas ou superficialmente alfabetizadas.

## A SEGUNDA ORALIDADE

Neste século a humanidade acadou a posibilidade da comunicación oral a distancia, tanto no eixe xeográfico como no temporal. O teléfono, a radio, a televisión, o vídeo e os distintos medios de reprodución sonora, moitos deles portadores de información gráfica, trasladan e perpetúan as mensaxes orais sen necesidade dun texto escrito. Esta nova galaxia permite acceder a informacións que antes estaban reservadas á lectura. O antigo lector de noticias pode agora presencia-las directamente ó tempo que se converte en consumidor de mensaxes, signos unhas veces dun mundo real, e outras, meros produtos da realidade virtual. Esta nova tecnoloxía da palabra, aínda que para a súa existencia e funcionamento depende da escritura e das artes gráficas, considérase a inductora dunha nova cultura de oralidade secundaria, que pode convivir ou non coa mentalidade científica froito da comunicación escrita. “Convén saber, –afirma McLuhan (1968/1985: 16)–, que a nosa civilización é froito da alfabetización fonética, e a medida que vaia disolvéndose coa revolución electrónica, volvemos a descubrir unha conciencia tribal e íntegra –non analítica– que se manifesta por unha mutación completa nas nosas vidas sensoriais”.

Ata aquí unha fragmentaria exposición da longa evolución da tecnoloxía da palabra desde a mentalidade primitiva da primeira oralidade ata a mentalidade científica basea-

da na escritura fonolóxica, completada na actualidade cos efectos da segunda oralidade de consecuencias aínda por definir.

## HISTORIA DA LECTURA EN GALEGO OU A PERMANENCIA DA ORALIDADE

A función social da escritura –tanto como depósito da memoria colectiva como instrumento do pensamento organizado– conséguese cando unha sociedade alfabetizada é ademais unha sociedade lectora. “Toda escritura, –afirma Lledó en *El silencio de la escritura* comentando o coñecido texto do *Fedro* sobre a escritura–, necesita para ser memoria outro diálogo previo en el que se “constituye” el lector. No sólo estamos ante un mundo que nos estimula a un continuo ejercicio de «interpretación», sino que esa interpretación está orientada por la capacidad de «recepción» con que cada sujeto, cada consciencia, cada lector ha ido *recibiendo* en su memoria el incesante *ejercicio* de su vida. (1991: 95-96). A escritura está destinada a ser recibida segundo os distintos modos dos plurais lectores.

Non coñezo moitos estudos de base sobre a historia da lectura en Galicia<sup>4</sup>, polo que a miña exposición ten que ser moi xeral e disposta a acoller gustosamente novos datos. Con todo creo que podemos considerar catro grandes etapas.

### 1. Ata a invención da imprenta

Nesta primeira etapa poucas diferencias podemos encontrar en Galicia con relación ás comunidades lingüísticas veciñas, castelás ou portuguesas. Nos mosteiros e demais centros eclesiásticos aprendíase a ler e escribir a lingua latina e, a partir do século XIII, foron medrando os *scriptoria* que incorporaron as linguas vernáculos. No século XV dominaban como lingua escrita na documentación civil as distintas linguas vernáculos. En Galicia o galego escrito convivía co castelán que no século XV xa era a lingua máis usada nas curias eclesiásticas. A práctica da lecto-escritura estaba reservada a moi poucos e non era infrecuente encontrar clérigos analfabetos<sup>5</sup>.

### 2. Os chamados séculos escuros

Sobre a situación na Galicia dos Séculos Escuros limitareime a presentar tres documentos escritos que comentaremos a continuación.

a) O Sínodo de Tui de 1528 dedícalle o título VIII do libro primeiro ó oficio de sancristán e mordomo.

Otrosi por quanto no aver quien enseñe a los niños en su niñez el temor de Dios, y preceptos de la yglesya, y leer y scrivir, ay tan grande ignorancia en este nuestro obis-

<sup>4</sup> Os traballos de Costa, Domerge, Sanz González ou Gelabert non fan referencia ningunha á lingua obxecto da alfabetización ou da lectura en Galicia, aínda que se dá por suposto que sempre foi o castelán.

<sup>5</sup> “...porque se halla por muchos clerigos no saver escribir ninguna cosa” pódese ler no Sínodo de Diego de Avellaneda na cidade de Tui en xuño de 1526 (García, 1981: 394).

pado, mandamos que cada beneficiado cura... sea obligado de tener sacristán... para que muestre los niños leer y scriver, y el Ave María y Pater Noster y Credo y Salve Regina y los mandamientos y preceptos de la madre Santa Yglesia, pagándole su trabajo de enseñar tales niños. Y que los dichos sacristanes no pueden llevar de cada niño por le enseñar más de un real por mes.

Estes sancristáns tiñan que ensinar mañá e tarde nas igrexas cabeceiras de parroquia que tivesen máis de vinte veciños.

**b)** As Constitucións Sinodais de Tui de 1627 establecen que os mestres ensinen en bos libros.

Por Concilio Provincial Compostelano está mandado, que los Maestros de niños de Escuela enseñen a leer por libros de buena y sana doctrina, aprobados por el Ordinario; i assi por conformarnos con el Decreto del dicho Concilio, como porque hemos visto los inconvenientes que resultan de enseñarlos a leer por Processos Criminales: Mandamos, que inviolablemente los dichos Maestros, que tuvieren escuelas, no enseñen a leer sino fuere por Nos, o por nuestros Sucesores, o por Personas a quien diéremos comisión para ello; i en el lugar que huviere falta de Libros, comunicándonoslo, daremos orden como se provean, i de ninguna manera les permitan leer en los dichos Processos Criminales.

**c)** Un texto das *Constituciones del Estudio de Gramática de esta Ciudad de Tuy y que se hallan originales en poder de los mismos maestros (1729)* descobre como práctica docente en Galicia a represión lingüística, tanto na “composición” ou expresión escrita, como na “oración” ou expresión oral (Maure 1996).

Artículo 13. Del modo de hablar en el estudio y en clase en la ciudad de Tuy (1729). Porque regularmente los mozos de este Reino son sumamente **bozales**<sup>6</sup> queremos que mientras estudiaren Menores se exorten a que hablen el Idioma Castellano, y ellos se empeñen en cumplirlo, pues de otra suerte ni entienden lo que se les habla y esplica, ni después construyen con limpieza. Y por lo que mira a la Cáthedra de Maiores, queremos que hablen Latín en las cosas regulares, pues de esta suerte están más expeditos para la Oración y Composición. Y no lo haciendo así se proceda a un castigo moderado, como palmas, pérdida de puntos, estar de rodillas, y otras cosas semejantes; y si esto no fuere bastante se procederá a lo más conducente.

Partindo destas tres mostras podemos afirmar, sen outras precisións, que nos séculos XVI-XVIII foi a Igrexa fundamentalmente a encargada da limitada alfabetización que se fíxo en Galicia. Non sempre foi un servizo gratuíto e sempre houbo un certo control dos instrumentos de lectura. A alfabetización foi feita, senón sempre, case sempre en lingua castelá, e chegou a haber unha prohibición expresa do uso da lingua galega na cátedra de gramática.

A esta situación de marxinação da lingua galega hai que engadir o que con carácter xeral afirma Frei Martín Sarmiento no *Discurso sobre el Método que debía guardarse*

<sup>6</sup> A palabra “bozal” era de frecuente uso para significar simple, necio, idiota, negro recién sacado do seu país.

en la *Primera Educación de la Juventud*, publicado en 1798, queixándose da situación que hai en España onde “se haze odioso el leer libros; y a eso se sigue el atraso universal de la *literatura* en España. De tantos mil curas párrocos que ay en España, pocos ai que sepan latín, poquísimos que sepan castellano y no menos los que se dediquen a leer libros, siendo cierto que si muchos se dedicasen a leerlos, cada cura podía ser maestro de sus niños feligreses” (Pensado 1984: 129).

Coa invención da imprenta prodúcese en Europa unha aceleración do proceso de alfabetización masiva e poucos anos máis tarde as principais linguas vernáculos son difundidas en textos impresos. Este dobre proceso non afectou á lingua galega que quedou limitada ó seu uso oral e os galegos foron alfabetizados primeiro en latín e despois en castelán.

### 3. Séculos XIX e XX ata a Lei de normalización Lingüística

Esta longa etapa, na que se produciu a completa alfabetización de Europa, foi para Galicia unha prolongación dos “séculos escuros” se temos que referirnos a toda a poboación galega. É certo que algúns dos ilustrados galegos manifestaron a súa preocupación polos valores pedagóxicos da lingua propia do alumno. Así, Manuel Pardo de Andrade, un dos primeiros en usar o galego impreso nos comezos do século XIX, nunha polémica mantida no *Diario de Madrid* afirmaba en 1799: “Para ilustrar al hombre en su edad primera es necesario persuadirle y hablarle en su idioma... El niño antes de todo, debe saber la nomenclatura de las cosas y el padre o maestro debe cuidar que posea desde la infancia la pureza del dialecto de su idioma” (Saurin 1989: 226). Pero, a pesar da conciencia emerxente entre os chamados *precursores* do Rexurdimento, a pesar da militancia das *Irmandades da Fala*, a pesar da potencia cultural do grupo *Nós* e mesmo da concentración de medios na *Xeración Galaxia*, o certo é que a inmensa maioría da poboación galega chega ó último cuarto do século vinte alfabetizada en lingua castelá.

Para boa parte desta etapa poden verse os datos achegados por Antón Costa e Narciso de Gabriel (1985: 193-212) entre os que escolmo un artigo dunha Real Orde datada en 1925:

Los inspectores de Primera Enseñanza en las visitas que realicen examinarán los libros de texto en las escuelas y si no estuviesen escritos en español... los harán retirar inmediatamente de manos de los niños y procederán a formar expediente. (Costa: 196).

Nesta longa etapa en que se alfabetizou toda Europa, en Galicia as institucións escolares, relixiosas ou non, foron as responsables da represión lingüística que deu como o máis inxusto resultado a conciencia de que a lingua vernácula en Galicia constitúe unha marca de clase. O mesmo inspector escolar Luis Bello, que polos anos trinta deste século recorreu as escolas de Galicia, cheo das mellores intencións pedagóxicas, facíase en *El Sol* de Madrid a seguinte pregunta:

Si una de las inferioridades visibles del aldeano gallego es la limitación de su lengua vernácula, no deberá preocuparnos a cuantos deseamos instruir al pueblo y darles úti-

les armas para defenderse, que desde la infancia, al entrar en la escuela, se le provea del habla más difundida? (117).

#### 4. Depois da Lei de Normalización Lingüística

A escolarización obrigatoria ata os dezaseis fai que en Galicia non poida haber dentro das novas xeracións ningún analfabeto. A xuventude galega remata a EXB e agora a ESO sabendo ler e escribir tanto en galego como en castelán. En aparencia a situación non se diferencia moito do que pasa noutras comunidades lingüísticas de Europa. Mesmo podería ser a situación galega un caso privilexiado polo dominio da lecto-escritura en dúas linguas.

Pero vexamos os datos que nos presenta o Mapa Sociolingüístico de Galicia. A lingua inicial en Galicia é o galego (62,4%), o castelán (25,6%) e as dúas (11,4%). Pero se temos en conta o sector máis novo da enquisa, a poboación comprendida entre os 16 e os 25 anos, as porcentaxes sofren un cambio importante: o galego é lingua inicial do 38,9%; o castelán, do 43,5%; e as dúas, do 16,7%. Se sumamos estes bilingües máis ou menos equilibrados ós dous grupos anteriores, poderíamos dicir que entre os 16 e 25 anos un 56,6% dos galegos teñen o galego como a súa primeira lingua e que un 60% teñen o castelán. Comparando estes resultados cos correspondentes á media dos grupos maiores de 25 anos, temos o seguinte resultado: o 68,9% da poboación galega maior de 25 anos tivo como primeira lingua o galego; o 20,7% tivo o castelán, e tiveron a dúas linguas un 9,7%, que engadido ós outros dous grupos da un resultado para o galego de 78,6% e para o castelán un 30,4%. Nos últimos vinte anos o castelán pasou de ser a lingua inicial do 30% a un 60% dos galegos, mentres que o galego baixou de un 78,6% ata un 56,6. Esta é a realidade lingüística da Galicia que hai vinte anos facía campañas populares de “Galego na escola” e que leva trece anos cunha Lei de normalización lingüística.

O segundo dato que tomamos do Mapa Sociolingüístico de Galicia fai referencia ó usos lingüísticos e son do meirande interese para analizar o nivel, o grado, de “sociedade alfabetizada” que ten Galicia.

TÁBOA: USO DE LINGUAS NA LECTURA E ESCRITURA EN GALICIA

|                    | Sempre en castelán |      |      | Máis en castelán |      |      | Máis en galego |     |     | Sempre en galego |      |     |
|--------------------|--------------------|------|------|------------------|------|------|----------------|-----|-----|------------------|------|-----|
| lectura habitual   | <b>43,8</b>        | 29,8 | 54,2 | <b>52,0</b>      | 63,4 | 43,2 | <b>3,7</b>     | 6,3 | 2,1 | <b>0,5</b>       | 0,5  | 0,5 |
| escritura de notas | <b>65,7</b>        | 53,5 | 76,5 | <b>11,8</b>      | 14   | 8,2  | <b>8,8</b>     | 12  | 5,6 | <b>13,7</b>      | 20,5 | 9,7 |

Na primeira columna de cada apartado, en **grosa** e en corpo maior danse os resultados xerais; na segunda columna, en redonda e con corpo máis pequeno van os correspondentes ó grupo de 16 a 25 anos; e por último, na terceira columna e en números *cur-sivos*, van os datos que corresponden ó grupo de poboación galega maior de 65 anos.

O colectivo con maior nivel de lectura habitual “máis en galego” son os docentes (13,2) seguidos polos estudantes (6,9).

En canto á escritura de notas podía chamar a atención que o sector que máis escribe sempre en galego é o das persoas economicamente inactivas 22,4% e o que menos escribe sempre en galego é o sector dos profesionais liberais 3,5%. A explicación está en que as notas escritas son con frecuencia meras transcricións de mensaxes orais.

## CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS

Parece que hai un sector importante de autores que cren ter probado que a lecto-escritura alfabética esperta nos usuarios hábitos mentais que non se dan nas culturas de mera oralidade. Eses hábitos novos deron como froito social a ciencia e a organización das sociedades chamadas occidentais, como apunta Jack Goody en *A lóxica da escritura e a organización da sociedade* (1986/90: 112).

Este progreso mental dáse non polo feito de saber codificar e descodificar unha mensaxe oral cun código alfabético; dáse cando hai unha acumulación de prácticas de lectura interiorizadas. Algúns autores propoñen o adxectivo *letrado* para designar a quen practica as letras e *iletrado* a quen, aínda sendo alfabetizado, non usa a linguaxe escrita. A ciencia é froito que se dá nas sociedades letradas.

Dada a historia da lingua escrita en Galicia e os datos que nos dá o Mapa Sociolingüístico de Galicia, parece que, a pesar da Lei de Normalización Lingüística, a xuventude galega, aínda que alfabetizada, se mantén en boa medida na condición de iletrada na súa propia lingua. Len os libros obrigatorios no seu paso polo ensino oficial e ó deixaren os estudos van deixando no esquecemento o mundo das letras galegas. Cando se incorporan ó mundo do traballo a penas senten necesidade de ler ou escribir en galego. O mundo laboral en Galicia canto máis especializado máis instalado está na lingua castelá. Por iso, máis que escándalo moral, é unha consecuencia case física da condición de iletrada da nosa sociedade que os mesmos Consellos da Xunta de Galicia se veñan celebrando en lingua castelá. Igual consideración merece a reducida presenza da lingua galega nos servicios de publicacións das tres universidades galegas.

Cando uns programas da UNESCO alfabetizaban algún país do terceiro mundo aparecían sempre dous problemas: que a nova lingua escrita fose aceptada polos anteriores funcionarios que agora tiñan que compartir co resto dos alfabetizados o uso escrito da lingua que antes era para eles un instrumento de poder e, o segundo problema era poder dar ós novos lectores textos na propia lingua para que puidesen practicar o recién aprendido. A UNESCO recomendaba e propiciaba como primeiro paso a publicación da mesma literatura oral autóctona, narrativa popular e lírica tradicional, para poder máis adiante chegar a edición de manuais técnicos e libros científicos.

Pode que Galicia, en galego, aínda estea neste nivel de comunidade recién alfabetizada. Unha análise do fondo que ofrecen as distintas editoras privadas ou públicas de Galicia dános unha porcentaxe moi elevada para a literatura infantil, poesía e narrativa

(en 1991 era o 60%), mentres que os apartados de comercio, matemáticas, ciencias, enxeñería, economía e organización, todos xuntos só chegaban o un 2,5% dos libros impresos en galego.

Non deixa de haber quen pense que estamos ante un falso problema, que os galegos estamos todos de pleno dereito gozando da cultura escrita de occidente, cunha mentalidade racional e científica que fomos elaborando gracias a unha alfabetización masiva, que non é necesario ler na lingua primeira, que o importante é ler aínda que sexa nunha segunda lingua. É aquí cando chegamos á necesidade de novos estudos. Segundo a obra de Sally Springer e Georg Deutsch *Cerebro esquerdo, cerebro dereito* (1988) nos bilingües dáse, máis ou menos segundo os casos, unha asimetría nos hemisferios cerebrais, de maneira que a primeira lingua está apoiada no hemisferio esquerdo e para o procesamento do segundo idioma, nos seus comezos, apóianse maiormente no hemisferio dereito. Pero segundo aumenta o dominio do segundo idioma tamén participará en maior medida o hemisferio esquerdo. “A relación entre a asimetría hemisférica e o bilingüismo é de natureza claramente complexa” (Springer 1985: 216). A íntima relación entre lingua e bioloxía, entre escritura e mente fai dudar que non teña importancia ser alfabetizados nunha lingua distinta á primeira e natural.

Moitas son as investigacións pendentes de facer en Galicia. Entre elas non son de menor importancia as que puidesen contestar as seguintes preguntas. ¿Que pode pasar na sociedade galega se o galego queda reducido á lingua da oralidade e sempre necesita do castelán para o pensamento racional e científico? ¿Que futuro ten unha lingua que pasa da oralidade primaria á oralidade dos medios de comunicación audiovisuais sen dispoñer previamente das estruturas sintácticas propias da análise crítica producidas por séculos de lecto-escritura? ¿Pode seguir moito tempo a lingua galega, a sociedade galega, sen dispoñer dun léxico científico, dunha enciclopedia temática propia, para cubrir a función da *Onomástica* que solicitaba xa hai dous centos anos o Padre Sarmiento?

As respostas a todas estas preguntas nunca virán dadas polas industrias culturais nadas á calor das subvencións dunha Administración sen norte lingüístico; máis ben xurdirán nas novas xeracións desta sociedade civil que fixeron posible vintecinco anos de traballo arreo, iluminados polo faro do ILG, e que hoxe precisan máis folgos para seguir buscando as solucións que a sociedade galega necesita para a súa saúde lingüística. Coas respostas teóricas na man cómprenos unha Administración que leve adiante uns programas de desenvolvemento lingüístico que a industria da cultura instalada en Galicia é incapaz de acadar.

## BIBLIOGRAFÍA

- Barker, R. e Escarpit. R.: *La faim de lire*. Paris: UNESCO, 1973.  
 Barthes, R. : “Oral/Escrito”, “Escrita” e “Leitura” en *Enciclopédia* t.11. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda /Einaudi, 1987.

- Bello, L. : *Viaje por las escuelas de Galicia*. Madrid: Akal, 1973.
- Cardona, G. R.: *Antropología de la escritura*. Barcelona: Gedisa, 1981.
- Cohen, M.: *L'écriture*. Paris: Ed. Sociales, 1963.
- Costa Rico, A.: *Historia do ensino no Reino de Galicia (Anos 414-1483)*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, 1995.
- Costa, A. e De Gabriel, N.: "O galeguismo e o debate escolar (1853- 1936)" en *Actas das II Xornadas de Lingua Galega no ensino*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1985.
- Derrida, J. : *De la grammatologie*. Paris: Minuit, 1967.
- Domerge, L. : "Les livres importes en Galice au XVIII<sup>es</sup>", en *De l'alphabetisation aux circuits du livre en Espagne XVI<sup>e</sup> -XIX<sup>e</sup>*. (Ouvrage collectif). Paris: Ed. du CNRS, 1987, pp. 433-446.
- Eisenstein, E.: *The printing revolution in early modern Europe*. Cambridge: C. Univ. Press, 1983. Trad. castelá: *La revolución de la imprenta en la Edad Moderna europea*. Madrid: Akal, 1994.
- García y García, A.: *Synodicum hispanum. I Galicia*. Madrid: BAC, 1981.
- Gelabert, J. E.: "Lectura y escritura en una ciudad provinciana del siglo XVI: Santiago de Compostela" *Bulletin Hispanique*. Tome LXXXIV, nº 3-4, 1982, pp. 264-290.
- Gelabert, J. E.: "Niveaux d'alphabetisation en Galice (1635-1900)", en *De l'alphabetisation aux circuits du livre en Espagne XVI<sup>e</sup> -XIX<sup>e</sup>* (Ouvrage collectif). Paris: Ed. du CNRS, 1987, pp. 45-71.
- Gelb, I. J.: *A Study of Writing. The Foundations of Grammatology*. Chicago: The Univ. of Chicago Press, 1952.
- Goody, J.: *The Domestication of the Savage Mind*. Cambridge: Cambridge Univ. Press, 1977. Trad. portuguesa: *Domesticção do pensamento selvagem*. Lisboa: Ed. Presença, 1988.
- Goody, J.: *The Logic of Writing the Organization of Society*. Cambridge: C. Univ. Press, 1986. Trad. castelá: *La lógica de la escritura y la organización de la sociedad*. Madrid: Alianza, 1990.
- Havelock, E. A.: "La ecuación oral-escrito: una fórmula para la mentalidad moderna", en Olson, D. R. (1991/1995, 25-46).
- Havelock, E. A.: *Preface to Plato*. Cambridge, MA, Harvard Univ. Press, 1963. Trad. castelá: *Prefacio a Platón*. Madrid: Visor, 1994.
- Havelock, E. A.: *The Muse Learns to Write. Reflections on Orality and Literacy from Antiquity to the Present*. New Haven: Yale Univ. Press, 1986. Trad. castelá: *La musa a prende a escribir. Reflexiones sobre oralidad y escritura desde la Antigüedad hasta el presente*. Barcelona: Paidós, 1996.
- Lacan, J.: *Le séminaire de J. Lacan, XX. Encore*. Paris: Seuil, 1970.
- Lenneberg, E. H.: *The Biological Foundations of Language*. N. York: Wiley, 1967. Trad. castelá: *Fundamentos biológicos del lenguaje*. Madrid: Alianza, 1975.
- Lenneberg, E. H. e Lenneberg, E. (eds.): *Fundamentos del desarrollo del lenguaje*. Madrid: Alianza Editorial, 1982. Esta obra contén 29 artigos seleccionados entre as 42 contribución que conteñen os dous tomos da obra orixinal: *Foundations of Language Development. A Multidisciplinary Approach, I, II*. UNESCO, 1975.
- Lledó, E.: *El silencio de la escritura*. Madrid: Centro de Estudios Constitucionales, 1991.
- Luria, A. R.: *Cognitive Development: Its Cultural and Social Foundations*. Cambridge, MA e Londres: Harvard Univ. Press, 1976. Trad. castelá: *Desarrollo histórico de los procesos cognitivos*. Madrid: Akal, 1987.
- Luria, S. E.: *Life - The Unfinished Experiment*. N. York, 1975. Trad. castelá: *La vida, experimento inacabado*. Madrid: Alianza, 1977.
- Martinet, A.: *Fonction et dynamique des langues*. Paris: Armand Colin, 1989.
- Maure, X.: "Estudio de Gramática en Tui (Testemuño dunha represión lingüística)", *A Trabe de Ouro* 27, pp. 99-109. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1996.
- Mayr, E.: *Animal Species and Evolution*. Cambridge, MA.: Harvard Univ. Press, 1963.
- McLuhan, M.: *War and peace in the global village*. N. York: Bantam Books, 1968. Trad. castelá: *Guerra y paz en la aldea global*. Barcelona: Planeta-De Agostini, 1985.



- Ong, W. J.: *Orality and Literacy. The Technologizing of the Word*. Londres: Methuen, 1982. Trad. castelá: *Oralidad y escritura. Tecnologías de la Palabra*. Buenos Aires: FCE, 1993.
- Pardo de Andrade, M.: *Los artículos del «Diario de Madrid» (1795-1800)*. Selección e introducción de M<sup>a</sup> Rosa Saurin de la Iglesia. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1989.
- Pensado, J. L.: *La educación de la juventud de Fray Martín Sarmiento*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1984.
- Perspectivas: A viragem da alfabetização*. Lisboa: Livros Horizonte, 1976.
- Sanz González, M.: “Alfabetización y escolarización en Galicia a fines del Antiguo Régimen”, en *Obradoiro de Historia Moderna 1*, pp. 229-249. Santiago de Compostela: Universidade, 1992.
- Saurin 1989, ver: Pardo de Andrade, M.
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega: *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. [A Coruña]: Real Academia Galega, 1994.
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega: *Usos lingüísticos en Galicia*. [A Coruña]: Real Academia Galega, 1995.
- Springer, S. P. e Deutsch, G.: *Cerebro izquierdo, cerebro derecho*. Madrid: Alianza, 1988.



## UNHA APROXIMACIÓN MICROSOCIOLINGÜÍSTICA Ó XÉNERO DISCURSIVO DO REGATEO<sup>1</sup>

*Gabriela Prego Vázquez*

Dpto. de Lingüística Xeral e Teoría da Literatura. Universidade da Coruña

O obxectivo desta comunicación<sup>2</sup> é ofrecer unha aproximación microsociolingüística ó xénero discursivo do regateo. Os regateos son interaccións formalizadas, inseridas en transaccións comerciais, nas que o comprador e o vendedor negocian o prezo definitivo do produto. Este traballo conecta con aquelas orientacións sociolingüísticas cualitativas que realizan unha análise microestructural e interpretativa dos datos. Esta liña de análise, de gran desenvolvemento na sociolingüística americana a partir dos anos sesenta, tivo escasa repercusión na lingüística hispánica. Pretendo así, con este traballo, contribuír modestamente a esta liña de estudos que recentemente se está a desenvolver na sociolingüística galega<sup>3</sup>. Esta comunicación consta das seguintes partes: en primeiro lugar, realizarei unha introducción sobre a análise microsociolingüística, en segundo lugar, centrareime nos regateos como obxecto de estudio, e por último, analizarei algúns casos de regateo producidos nas feiras da bisbarra de Bergantiños.

### 1. A ANÁLISE MICROSOCIOLINGÜÍSTICA

Neste tipo de traballos preténdese profundar nas relacións establecidas entre a linguaxe e a sociedade, mediante o estudio das estruturas discursivas do intercambio comunicativo diario. Para isto, utilízanse selectivamente as ferramentas de análise ofrecidas polas

<sup>1</sup> Á miña nai Amalia Vázquez García, in memoriam.

<sup>2</sup> Quero agradecer ós profesores Celso Álvarez Cáccamo e Esperanza Morales as súas importantes contribucións ó meu traballo, e ós meus amigos Dorés Sánchez Alegre e Paco Gallego Guisán a súa colaboración.

<sup>3</sup> Pódense citar, entre outros, os traballos de Álvarez Cáccamo (1993, 1996); Prego Vázquez (1994); Rodríguez Yañez (1995), Domínguez Seco (1995).

aproximacións sociolingüísticas interaccionais (Gumperz, 1982), e disciplinas como etnografía da comunicación (Gumperz e Hymes, 1972), análise da conversa (Atkinson e Heritage, 1984), (Goodwing, 1984), etnometodoloxía, pragmática (Levinson, 1989), microsocioloxía (Goffman, 1959), etcétera.

Estúdase, polo tanto, o uso da linguaxe no seu contexto sociocultural dende unha ampla perspectiva interpretativa. De tódolos xeitos, a adscrición a este campo non é unha simple opción metodolóxica, senón a axeitada para os nosos obxectivos, xa que a análise minuciosa dos microprocesos sociais internos explica cuestións que, dende unha perspectiva macroestructural, non poderían ser aclaradas ou parecerían contradictorias.

Esta liña de análise considera que as categorías e identidades sociais non son inmanentes (Gumperz, 1982), e deben ser estudadas dende unha perspectiva dinámica xa que se negocian nas interaccións, e están expostas a forzas similares ás categorías lingüísticas.

Así, seguindo esta perspectiva de estudio, comparto a idea de que as identidades sociais non son entidades absolutas, senón o resultado dun proceso dinámico, mediante o cal se constrúen, pola interacción de diversos mecanismos discursivos, as distintas presentacións dos individuos e as súas orientacións cara ás estruturas sociais e culturais.

Deste xeito, algúns investigadores, como Wilson (1991), estiman que existe un contínuum entre a estrutura discursiva –microestructura– e a realidade social –macroestructura–, xa que consideran que a interacción comunicativa diaria constitúe en si mesma acción social, e mediante o estudio detallado dos intercambios comunicativos cotiáns, pódense desentrañar, polo tanto, significados sociais.

Os datos analizados seguindo esta metodoloxía adoitan ser eventos comunicativos formalizados, pois constitúen, segundo os etnógrafos da comunicación e os sociolingüistas interaccionais (Gumperz 1982, Gumperz e Hymes 1972, Dundes 1972, Duranti 1988, 1992), as ferramentas analíticas axeitadas para analizar o plano social. Así, o estudio das interaccións formalizadas é relevante, xa que son exemplos prototípicos que ensinan como se constrúe a acción social a través da estrutura discursiva.

## 2. O REGATEO OBXECTO DE ANÁLISE MICROSOCIOLINGÜÍSTICO

Os regateos e, en xeral, os diversos tipos de interacción de compra-venda constitúen eventos comunicativos formalizados, pois presentan certas pautas comúns, e responden a unha serie de expectativas propias. Estas situacións están tipificadas polos participantes e son recoñecidas como intercambios comunicativos distintos e específicos. Así, a análise das interaccións compra-venda é relevante, xa que son situacións ritualizadas, e o seu estudio serve para ilustrarnos os procesos de interacción, que utilizan os individuos nas súas relacións sociais (Gumperz, 1982). Por esta razón, dende diversas disciplinas –antropoloxía, etnografía, etnografía da comunicación, sociolingüística, etcétera– as interaccións transaccionais son amplamente consideradas. Por exemplo, dende a et-

nografía da comunicación, Lindenfeld (1990) examinou as chamadas dos vendedores, as interaccións comprador-vendedor e as rutinas conversacionais, producidas nos mercados urbanos franceses como unha forma de comportamento social. Estes intercambios foron tamén estudados dende un enfoque sociolingüístico na tese de Rodríguez Yáñez (1995), na que se analiza o *code-switching* galego-castelán nos mercados urbanos de Lugo (Galicia), espacio simbólico de encontro entre o campo e a cidade.

En cambio, noutros traballos analízase simplemente a constitución discursiva deste tipo de *eventos*, sen ter en conta as implicacións sociais. Por exemplo, Merrit (1976) estudia a estruturación discursiva de encontros transaccionais ocorridos en tendas, estancos, etcétera. Mesmo existen estudos, que analizan o uso do humor en negociacións económicas; é o caso do traballo de Mulkay (1993).

Tamén os regateos, tipo de interaccións de compra-venta obxecto deste estudio, son tratados dende diversas perspectivas. En concreto, son do noso interese aqueles traballos que analizan as súas características sociodiscursivas, como por exemplo a tese de Ngole (1988) sobre os regateos de peixe no Congo ou o estudio de Sosseh (1988), centrado nos mercados de Dakar (Senegal). Tamén enmarcado na sociolingüística interpretativa, o traballo de Suresh (1995) explora o uso de préstamos ingleses en támara como estratexia discursiva dos regateos dos vendedores de peixe, e analiza as súas implicacións na negociación de identidades. Nesta mesma liña, Sherzer estudia os regateos e outro tipo de xogos da lingua en Bali, para profundar nas relacións establecidas entre a lingua e a sociedade.

Os traballos citados son mostras da presenza do regateo en diversas culturas, constituíndo un universal discursivo interesante para os estudiosos de diferentes disciplinas. Os regateos tamén están presentes na cultura galega, aínda que só nalgúns contextos específicos como mercados, rastros, postos ambulantes de compra-venta nos que aínda se conservan as formas tradicionais de axuste de prezo, sendo estas prácticas, polo tanto, susceptibles de ser analizadas.

### **3. APROXIMACIÓN MICROSOCIOLINGÜÍSTICA A REGATEOS DAS FEIRAS RURAIS BERGANTIÑAS**

Concretamente, na miña investigación, realizo unha análise microsociolingüística do regateo partindo dun corpus de datos específico, formado por sesenta casos procedentes das feiras rurais de Carballo e Paiosaco (comarca de Bergantiños, A Coruña). O meu interese por esta práctica discursiva non é arbitrario. O estudio das microestructuras discursivas dos regateos de feiras rurais revela as relacións sociodiscursivas establecidas entre os participantes, obténdose, deste xeito, informacións do espacio social rural galego en xeral, e do de Bergantiños en particular. Non obviemos que os regateos do noso corpus de datos están enmarcados contextualmente na feira rural, e que esta non constitúe un simple espacio de comercialización, senón que é un punto de encontro social e de

relación interparroquial (Lisón Tolosana, 1990), xa que a asistencia dos individuos ás feiras supón a ampliación e a continuidade da súa socialización.

Nesta celebración periódica reactivanse as múltiples relacións que se establecen entre os habitantes do espazo social rural galego. Este está estruturado en redes sociais densas e de relacións múltiples entre os seus membros, divididas en diversos *clusters* (Milroy, 1980), parte dunha rede persoal onde as relacións son máis densas. Concretamente, estes clusters son a familia, a aldea e a parroquia. A feira é pois, un espazo social superposto ós *clusters*, que supón unha expansión social periódica da aldea e da parroquia.

Por esta razón, as feiras e os mercados constitúen un laboratorio sociolingüístico idóneo para analizar a orde social. Igualmente, as prácticas interactivas que aquí transcurren –os regateos– non son frías transaccións comerciais, pois en xeral, os compradores e os vendedores non escatiman tempo para axustar o prezo do produto. E aínda que en moitas ocasións, o prezo a penas se modifica, os participantes continúan utilizando as técnicas tradicionais de axuste de prezo, porque forman parte das súas rutinas transaccionais e interaccionais, e por conseguinte, a súa presenza non se debe tanto a cuestións económicas como ás necesidades interactivas e de socialización dos individuos.

Así, mediante a análise microsociolingüística destas prácticas sociodiscursivas, preténdese mostrar de que maneira se artellan as relacións entre as estruturas discursivas e os procesos sociais. Para isto, na nosa investigación analizáronse diversas estratexias e procesos discursivos utilizados nos regateos como a cortesía, os procesos de deslexitimación e relexitimación, as técnicas de reutilización e repetición, implicaturas, ironías, a estruturación discursiva, e outros moitos elementos –non tratados neste traballo– que son, en certo modo, reveladores do contínuum existente (Wilson, 1991) entre a organización discursiva e os procesos sociais.

Seguidamente, realizarase unha breve ilustración de como nos regateos, o axuste do prezo do produto implica tamén certa negociación social, xa que se están a perfilar, ó mesmo tempo, as identidades locais de **comprador-regateador e vendedor-regateador**. Así, intentaremos amosar como, dende a organización secuencial, se entretece a realidade social.

Deste xeito, ó aproximármonos a un posto da feira, observaremos como as interaccións transaccionais inicianse cunha primeira toma de contacto entre o comprador e o vendedor. O comezo desta actividade está configurado por un par pregunta-resposta, no que se solicita e se proporciona información sobre o prezo do produto. Esta fórmula recorrente de apertura está estereotipada e constitúe unha marca contextualizadora da actividade que se está a realizar, activándose o marco cognoscitivo da compra-venda. Simultaneamente, ten lugar a primeira fase de negociación de identidades, na que un participante se presenta como comprador e outro como vendedor. Esta primeira parte é común en todas as interaccións transaccionais de compra-venda. Por exemplo no caso T920301D:

Contexto: compra-venda na feira de Carballo.

V: vendedora – mediana idade, e C: compradora, mediana idade.

C: que me quere polos dous?

V: a mil pesetas cada un.

Despois, os participantes poden iniciar un **regateo ou releo**. Neste caso princiábase a tarefa discursiva constituída polo **tira e afrouxa** ou **tirapuxa**, na que se discute o prezo do produto, con expresións directas e agresivas, e –co que eu denomino– deslexitimacións cara ó outro participante e ós seus produtos. Esta actividade discursiva está tamén distribuída en pares de adxencia, pero mentres que a estrutura pregunta-resposta é a máis común nos esquemas de interacción doutras transaccións comerciais (Merrit, 1977), o par réplica-contrarréplica é a unidade prototípica dos regateos. En concreto, a fase inicial do **tira e afrouxa** ou **tirapuxa**, iníciase cando o comprador non acepta o prezo proposto polo vendedor cunha réplica, o que desencadea un desequilibrio con respecto á primeira fase de presentación de identidades, e o proceso sociodiscursivo prototípico dos regateos, a deslexitimación –apropiación que un dos participantes realiza daquelas estratexias que, segundo as expectativas da compra-venda, serían esperables do outro participante e viceversa, e en xeral calquera invasión que un participante realice do espazo interaccional do outro. Inmediatamente despois, o vendedor mediante unha contrarréplica intenta restablecer o equilibrio na segunda parte desta unidade mínima interactiva, o que reproduce unha relexitimación da súa identidade como vendedor. Por exemplo o caso T920301D continúa da seguinte maneira:

(...)

C: era boa.

V: e logho os dous non fan un ben ghrande? Pois algún a mil pesetas vendino, eh.

(...)

Deste xeito, *quenda a quenda*, mediante o enlace das xogadas discursivas, *réplica e contrarréplica*, os participantes crean o regateo e preséntanse como regateadores.

T920301D:

(...)

C: aí vendeu, cando o vendeu?

V: hoxe

C: me cagho en diez, pois non o sei, pro mire, eu vou a Betanzos, eu vou a Betanzos, mire que lexos estou aquí, a Betanzos, eh, e non lle digho que non, si, pero este, ese e estes, para poñerse coma ese aínda lles leva tempo.

V: bueno, mil seiscentas

C: bueno, se me pide así xa me vou.

V: e logho canto me dá ?

C: señora, por Dios.

V: canto me dá?

C: doulle seiscentas.

V: oito, nin é a de usted, nin é a miña.

C: non

Esta fase vai seguida do desenlace, afortunado ou desafortunado, segundo se efectúe ou non a compra-venda. Por exemplo, o caso T920301D ten un desenlace desafortunado, e remata da seguinte maneira:

V: bueno, pois menos non llo vendo señora (e a compradora marcha)

Pero nos casos de desenlace afortunado este evento comunicativo pode cerrarse cunha conversa –fase de mitigación– entre os participantes para contrarrestar a agresividade do tira e afrouxa. Nesta fase, o intercambio comercial, no sentido estricto da palabra, xa rematou, desaparecen as réplicas e contrarréplicas, e desenvólvese unha conversa amigable. Aínda así, esta parte é un elemento importante da forma do regateo específico das feiras rurais galegas, onde non se trata só de comprar ou vender, senón tamén, e sobre todo, de relacionarse.

A fase de mitigación ten fundamentalmente dúas dimensións, por un lado, unha función retrospectiva na que se realizan avaliacións **metadiscursivas** do **tira e afrouxa** ou **tirapuxa** –na que non nos imos centrar–, e polo outro, unha función continuativa, xa que nalgúns casos, como se verá nos próximos exemplos, os participantes reactivan os lazos sociais que os unen, e identifícanse coas redes sociais do espazo social rural galego, isto é, a parroquia, a aldea, e a familia. Por exemplo, o caso T930814E é afortunado, e despois do desenlace ten lugar a fase de mitigación.

Contexto: compra-venda na feira de Paiosaco.

C: compradora, V: vendedora.

(...) (...)

(...) (...)

V: din que, mira o mar maia na pedra, e quítalle areia. E que mira muller, túa nai aínda é da nosa da xente.(risa). Inda é que, oíches, o abuelo de mi padre.

C: si somos algo da familia.

V: o abuelo do meu pai e mailo de túa nai eran irmáns.

C: eran irmáns.

V: así que mira,

C: hasta somos seghundas primas.

V: e logho.

(...) (...)

Neste caso, os participantes evocan a identidade ser parente, identifícanse como membros da mesma “xente”, no senso de *gens*, de liñaxe xa que teñen a mesma orixe familiar, pois os seus avós eran curmáns. Non esquezamos que neste tipo de redes é case máis importante saber ¿de quen es? que ¿quen es?

En cambio, no caso T930814A reactívanse os lazos de unión “ser veciño” que se establecen entre os membros dunha parroquia, rede fundamental de relación social entre os individuos do espazo rural:

T930814A:

Contexto: compra-venda da feira de Paiosaco.

C: compradora, V: vendedora; C2: outra compradora; C3: acompañante de C que se incorpora máis tarde

(...) (...)

V: nós somos moi antighuos, verdad Melucha?

C: é de, é de Loureda?

C2: ... este é bo, do Valle, deee



- V: eu a ti conózote,  
 C2: **ti es do Foxo non?**  
 V: **ai do Foxo, e logho ti non es irmán de ...?**  
 C: **de Chapela**  
 V: **ti es irmán de da nai de Pablo?**  
 C: **si,**  
 V: **pois Pablo**  
 C: **que se casou agora**  
 V: **Pablo e mailo meu fillo máis novo mórrese un polo outro, muller, que Pablo estaba sempre na**  
 C: agora Pablo está lexos  
 V: ai xa. Pois a min xa mo parcia  
 C2: pois estes son mantidos a a viño e verza.  
 C: ai, pois a ver, daquela xa vou máis tranquila.  
 C2: pero así e toodoo “atalhora”... o que ten... Bueno, no, son bos eh, son ghrandes...  
 C: ( protestando por algún ovo )  
 V: no, este non cho poño, muller, mira rompiu, eh.  
 C2: no, son bos ghuevos muller.  
 C3: ...  
 C: **e do país noso.**  
 V: son todos da mesma parroquia.  
 C: eu a señora conózoa.  
 C3: e daquela...  
 C2: eu, non creo que ela compre pienso pa darlle  
 C3: se é do país noso é imposible, aí hai  
 C2: coas leiras que ten de millo  
 C3: boa mercancia.  
 (...) (...)

Os tres participantes preséntanse como membros da mesma parroquia, son veciños de Loureda, inclusive utilizan o termo **país** como sinónimo de parroquia. É máis, entre os tres perfilan o retrato identitario da compradora, pois identifican as diversas redes sociais ás que pertence: a parroquia (Loureda), a aldea (Foxo), e identifican tamén a súa liñaxe, a familia da que forma parte: **é de Chapela**. A vendedora xa ten agora as referencias necesarias sobre a compradora, xa que están contestadas as eternas preguntas ¿de onde es? e ¿de quen es?

Así, aínda que parece que a compradora e a vendedora non interactúan con moita frecuencia, ambas apuntan a súa pertenza á mesma rede social na que se establecen uns lazos de unión densos, múltiples, directos e indirectos. Como vemos no seguinte fragmento, buscando un achegamento descubren que “a compradora é a tía dun amigo do fillo da vendedora”:

- V: **ti es irmán de da nai de Pablo?**  
 C: **si,**

V: **pois Pablo**

C: **que se casou agora**

V: **Pablo e mailo meu fillo máis novo mórrese un polo outro, muller, que Pablo estaba sempre na**

En conclusión, baseándonos na análise destes exemplos e no estudio detallado dos demais datos do corpus (Prego Vázquez, 1994), consideramos que os regateos non son só prácticas comerciais, tamén constitúen instrumentos de socialización, xa que nestes intercambios reactivanse as múltiples relacións establecidas entre os habitantes do espazo rural galego, evocándose e negociándose diferentes identidades locais (comprador-regateador, vendedor-regateador, ser veciño de lonxe, ser veciño de preto, pertencer á mesma familia).

Así, a microanálise revela que as microestructuras sociodiscursivas conectan coa realidade social mediante as redes sociais, xa que estas son *constructos* resultado desas múltiples relacións establecidas entre os individuos, e nelas adquirense as habilidades discursivas necesarias para regatear. É un punto, en definitiva, onde conflúe o discurso do individuo e o do grupo.

## 5. BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Cáccamo, C., "The pigeon house, the octopus and the people: the ideologization of linguistic practices in Galiza", *Plurilinguismes* 6, 1993, pp. 1-26.
- Álvarez Cáccamo, C. "The power of reflexive language(s): Code displacement in reported speech", *Journal of Pragmatics* 25, 1996, pp. 33-59.
- Atkinson, M./ Heritage, J., *Structures of social action: Studies in conversation analysis*. Cambridge: Cambridge University Press, 1984.
- Dominguez Seco, L., *Falando de lingua. Uma aproximação á fala como marcadora de diferença social*, Tese de licenciatura, inédita, 1995.
- Dundes, A. et alii, "The strategy of turkish boys verbal dueling Rhythmes", en J. Gumperz e D. Hymes, eds., *Directions in Sociolinguistics: The Ethnography of Communication*. New York: Molt, 1972.
- Duranti, A., "La etnografía del habla: hacia una lingüística de la praxis", en F. Newmeyer, ed., *Panorama de la lingüística moderna IV. El lenguaje en su contexto sociocultural*. Madrid: Visor, 1992.
- Goffman, E., *La presentación de la persona en la vida cotidiana*, Barcelona: Amorrortu, 1959 (1993).
- Grice, P. "Logic and conversation", en Peter Cole e Jerry L. Morgan, *Syntax and semantics*. New York, Academic Press: 1975, pp. 41-48.
- Gumperz, J e Hymes, D., *Directions in sociolinguistics*. Nueva York: Holt, 1972.
- Gumperz, J., *Discourse strategies*. Cambridge: Cambridge Universty Press, 1982a.
- Gumperz, J., *Language and social identity*. Cambridge: Cambridge University Press, 1982b.
- Garfinkel, H., *Studies in Ethnometodology*. Cambridge: Polity Press, 1984 (1967).
- Lindenfeld, J. *Speech and sociability at french urban marketplaces*. Amsterdam: John Benjamins, 1990.
- Levinson, S. C. *Pragmática*. Barcelona: Teide, 1989 (1983).
- Lisón Tolosana, C., *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Akal, 1990 (1979).

- Méndez, L., *“Cousas de mulleres”*. *Campesinas, poder y vida cotidiana*. Barcelona: Anthropos, 1988
- Merrit, M., “On questions following questions in service encounters”, *Language in Society* 5, 1976, pp. 315-357.
- Milroy, L., *Language and social networks*. Baltimore: University Park Press, 1980.
- Mulkay, M. et alii, “Laughter and the Profit Motive: The Use of Humor in a Photographic Shop”, *Humor* 6.2, 1993, pp. 163-193.
- Ngole, J. P., *Bargaining strategies as performance: an ethnographic study of women fishellers in Congo*. Tese de doutoramento, Universidade de Indiana, Bloomington, Michigan, U.M., 1988.
- Ong, W., *Orality and Literacy*. Methuen, 1982.
- Prego Vázquez, G., *Estrategias discursivas de regateos recogidos en las ferias rurales de Carballo y Paosaco. Desde la microestructura discursiva de los regateos hacia la estructura del espacio rural gallego*. Tese de Licenciatura, Departamento de Lingüística Xeral e Teoría da Literatura, Universidade da Coruña, 1994.
- Rodríguez Yáñez, X. P., *Estratexias de comunicación nas interaccións cliente-vendedor no mercado da cidade de Lugo: As alternancias de lingua galego-castelán e a negociación de escola de lingua*. Tese de doutoramento, Universidade da Coruña [inédito], 1995.
- Sherzer, J., “On Puns, Comebacks, Verbal Dueling and Play Languages: Speech Play in Balinese Verbal Life”. *Language in Society* 22, 1993, pp. 217-233.
- Sosseh, H. N'D., *Bargaining as a speech event in the open markets of Dakar, Senegal*. Tese de doutoramento, Universidade de Georgetown, Washington, Michigan, U.M.I., 1988.
- Stubbs, M. *Análisis del discurso*. Madrid: Alianza, 1987
- Suresh Canagarajah, A., “Manipulating the context: The use of English borrowings as a discourse strategy as a discourse strategy by Tamil Fish vendors”. *Multilingua* 14.1, 1995, pp. 5-24.
- Tannen, D. *Talking voices: Repetition, Dialogue and Imagery in conversational discourse. Studies in Interactional sociolinguistics*. Cambridge: Cambridge University Press, 1989.
- Wilson, T., “Social and structures and the sequential organization of interaction”. En Boden and Zimmerman, eds., *Talk and social structures*, Berkeley: University of California, 1991, pp. 22-43.



## OS FENÓMENOS DA DESGALEGUIZACIÓN E A (RE)GALEGUIZACIÓN EN GALICIA

*Montserrat Recalde*

Seminario de Sociolingüística. Real Academia Galega

A presente comunicación<sup>1</sup> ten como obxectivo a descrición do gradual proceso de abandono da lingua autóctona que se leva producindo en Galicia dende hai case un século, enfocándoo como un problema multidimensional onde conviven forzas contrarias. Isto é, fronte ás tendencias innovadoras de determinados grupos sociais temos as tendencias conservadoras doutros. Este choque de intereses prodúcese, incluso, dentro dun mesmo individuo, no que, consciente ou inconscientemente, cada elección de lingua está condicionada pola súa fidelidade ao grupo de orixe, os seus desexos de acadar un determinado status e a necesidade de adecuarse á norma social. A tensión entre factores de status e factores de solidariedade é, precisamente, a que fai que pequenas comunidades conserven a súa lingua durante séculos a pesar das presións institucionais para impoñer o uso doutro idioma, pois as tendencias ao abandono da lingua étnica a que conducen os factores de status son contrarrestadas polas tendencias á súa conservación propias dos de solidariedade.

A evolución do uso do galego desenvolverase dende dous puntos de vista: un interxeracional e outro intraxeracional. No primeiro caso mediante a súa comparación en catro xeracións diferentes de individuos: considerando os entrevistados o eixe central, examínase a presenza do galego en dúas xeracións de ascendentes (seus avós e seus pais) e unha de descendentes (os seus fillos). Tomando como punto de partida a lingua dos avós e como punto de chegada a dos fillos dos entrevistados, poderase trazar unha liña evolutiva no interior dunha mesma familia. No sucesivo aludirase a cada unha destas xeracións co nome de primeira (avós), segunda (pais), terceira (entrevistados) e cuarta xeración (fillos).

<sup>1</sup> A información aquí utilizada foi extraída da base de datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia, elaborada en 1992 a partir dunha mostra de 38.897 individuos de 16 ou máis anos de idade.

Para completar a visión diacrónica do emprego interxeracional do galego, comparáranse os hábitos lingüísticos de entrevistados de diferentes idades, incidindo na diverxencia existente entre os de 16 a 30 anos e os que superan esta idade, que se identifican en gran medida, con aqueles que recibiron un ensino formalizado da lingua galega, trala súa introducción no sistema escolar (1983), e os que non.

A evolución intraxeracional obtívose comparando a lingua habitual dos entrevistados coa súa lingua materna, por unha banda e, pola outra, describindo os cambios de lingua que eles mesmos declararon ter feito en diversas etapas da súa vida. Dalgún xeito, estes últimos cambios poden definirse como voluntarios ou dependentes do individuo, xa que é este quen decide qué lingua utilizar en cada interacción comunicativa e se abandona ou conserva o seu idioma materno. Pola contra, os cambios interxeracionais son involuntarios na medida en que non dependen do individuo, senón dos seus ascendentes, que poden optar por continuar coas pautas de transmisión lingüística herdadas de seus pais ou crebalas en diversos graos.

Ao non contar con información de primeira man sobre os hábitos lingüísticos dos avós, pais e fillos dos entrevistados, os procedementos polos que se deduciu a evolución interxeracional do uso do galego tiveron que ser indirectos, polo que os resultados deben de ser interpretados coa cautela que requiren este tipo de inferencias. É necesario ter presente que os datos están mediatizados pola subxectividade perceptual dos entrevistados, ao seren as súas respostas o único instrumento posible para acceder ao coñecemento da lingua habitualmente falada por seus pais e os seus avós. Por outra parte, carecemos de datos concretos sobre a lingua materna dos seus fillos, polo que foi extraída partindo do coñecemento da lingua que falan con eles os propios entrevistados. Esta dedución pode semellar gratuita, pero responde a un razoamento lóxico: se a lingua materna dos entrevistados debe corresponderse necesariamente coa que seus pais (ou os seus titores) lles falaron nos seus primeiros anos de vida, pode invertirse a argumentación e pensar que, en principio, a lingua que os entrevistados falan cos fillos se identifica coa que decidiron transmitirilles como lingua materna<sup>2</sup>. Deste xeito é posible comparar a evolución da lingua materna en Galicia dende a xeración dos entrevistados ata a dos fillos e a da lingua habitual dende a xeración dos avós ata a dos entrevistados.


O exame da lingua habitual dos entrevistados e as dúas xeracións de ascendentes (avós e pais), denota un importante cambio nas conductas lingüísticas, tanto a nivel

<sup>2</sup> Tamén pode obxectarse que a lingua que se lles fala aos fillos cando son cativos non ten por qué coincidir coa que se lles fala cando son adolescentes ou adultos. Sen embargo, os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia mostran que a idade destes non é unha variable que incida na elección de lingua por parte dos pais. A lingua falada cos fillos máis novos tende a ser exactamente a mesma cá usada cos fillos máis vellos.

|               | Lingua cos fillos máis novos | Lingua cos fillos máis vellos |
|---------------|------------------------------|-------------------------------|
| Só castelán   | 21,5%                        | 21,6%                         |
| Máis castelán | 13,5%                        | 13,1%                         |
| Máis galego   | 10,7%                        | 10,8%                         |
| Só galego     | 54,4%                        | 54,6%                         |

cuantitativo como cualitativo. Dende un punto de vista cuantitativo, asístese a un substancial descenso do emprego do galego de xeración en xeración, de xeito que entre a primeira (avós) e a terceira (entrevistados) hai 23 puntos de diferenza (Gráfico 1). Dende un punto de vista cualitativo, detéctase un sensible cambio nos hábitos lingüísticos dos entrevistados, onde o bilingüismo, practicamente ausente das dúas xeracións anteriores, adquire tal importancia que, con predominio dun ou doutro idioma, se converte na conducta máis estendida (máis da metade da mostra se declara bilingüe: 50,7%). O abandono interxeracional do galego realízase paulatina pero progresivamente, a través dunha gradual incorporación do castelán, especialmente na terceira xeración, onde o monolingüismo en galego (absolutamente dominante nas dúas primeiras) se reduce ao 38,7% da poboación.

Gráfico 1  
Evolución da lingua habitual da primeira á terceira xeración



O feito de que haxa unha elevada porcentaxe de castelanfalantes iniciais e habituais entre os descendentes de bilingües, induce a interpretar o bilingüismo coma unha etapa de transición entre o monolingüismo en galego e o monolingüismo en castelán, cando menos no nivel interxeracional.

Seleccionando os bilingües da primeira xeración (columnas brancas do gráfico 2) obtívose que un 42,1% dos seus descendentes falan só castelán como lingua habitual, e unicamente un 11,5% fala só galego. Seleccionando os bilingües da segunda xeración, a porcentaxe de individuos que decidiron transmitirles só o castelán aos seus descendentes remóntase a un 54,4%, namentres só unha décima parte lles transmitiron o galego (Gráfico 3). Esta desgaieguización interxeracional repercutirá na lingua habitual que posteriormente adoptarían os membros da terceira xeración, descendentes de bilingües, nos que o castelán é a lingua única ou predominante dun 69,7% (columnas raiadas do gráfico 2). Como dato ilustrativo mencionar que a penas un 2,1% de entrevistados que tiveran pais bilingües son hoxe en día monolingües en galego.

Gráfico 2  
Lingua habitual dos descendentes da primeira e segunda xeración de bilingües






Gráfico 3  
Lingua materna dos descendentes da segunda xeración de bilingües



Para finalizar coa evolución interxeracional do uso do galego examínanse os cambios producidos entre a terceira e a cuarta xeración, é dicir, entre os entrevistados e os seus fillos. Neste sentido cómpre aclarar que o método máis axeitado para observar as tendencias de transmisión lingüística sería comparar a lingua materna das dúas xeracións implicadas, o que resulta imposible porque, como xa se dixo, carecemos de información sobre os fillos dos entrevistados, feito que obrigou a traballar cos datos proporcionados polos propios entrevistados sobre a lingua que falan cos fillos, considerando que coincide, en liñas xerais, coa que lles transmitiron como lingua materna. A comparación das frecuencias proporciona datos aproximados sobre o proceso de substitución lingüística entre a terceira e a cuarta xeración.



Gráfico 4  
Lingua materna da terceira e a cuarta xeracións



Contrastando, pois, a lingua materna dos entrevistados e a dos seus fillos (tal como figura no gráfico 4), obtense un descenso global do monolingüismo en galego de 14 puntos entre unha e outra xeración<sup>3</sup>. Isto non redonda nun aumento inmediato do monolingüismo en castelán, senón do bilingüismo, que se incrementa exactamente en 14,3 puntos (feito que demostra, unha vez máis, que a perda interxeracional do galego é un proceso gradual no que o bilingüismo é unha etapa de transición). Tomando os dous principais subgrupos de lingua materna (galegofalantes e castelanfalantes) como unha mostra independente e observando en cada caso qué lingua lles transmitiron aos fillos, extráense os índices de retención lingüística<sup>4</sup>. Os resultados xerais inducen ao optimismo debido ás elevadas porcentaxes de retención do galego entre estas dúas xeracións, que acadan o 74,1% e superan en 6,7 puntos o nivel de retención do castelán (Táboa 1). Así mesmo, mentres a desga-leguización interxeracional afecta a un 25,8% da poboación, a regaleguización atinxe a un 32,7%<sup>5</sup>. Tal como se sinalou en liñas anteriores, son poucos os que interrompen a transmi-

<sup>3</sup> Para facilitar esta comparación igualáronse as escalas da variable relativa á lingua materna dos entrevistados e a lingua que lles transmitiron aos fillos. No primeiro caso trátase dunha escala nominal con tres valores: 'galego', 'castelán' e 'as dúas'. No segundo, dunha escala con catro valores: 'só castelán', 'máis castelán', 'máis galego' e 'só galego'. Coa finalidade de igualar as dúas escalas recodificáronse as opcións bilingües da segunda ('máis castelán' e 'máis galego') nun único valor ('as dúas').

<sup>4</sup> Entendo por retención lingüística interxeracional o nivel en que os entrevistados lles transmiten aos seus fillos a lingua que eles mesmos recibiron de seus pais. Canto máis perdure unha mesma lingua materna ao longo de sucesivas xeracións maior será a retención lingüística. O nivel de retención diminúe proporcionalmente a medida que a segunda lingua se incorpora ao dominio familiar e cobra presenza como lingua materna. As porcentaxes arriba indicadas corresponden aos galegofalantes e castelanfalantes iniciais que lles transmitiron os seus idiomas maternos aos fillos. Datos sobre este tema aparecen en M. A. Fernández Rodríguez e M. A. Rodríguez Neira (Coords.) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega, 191-192.

<sup>5</sup> Cando falo de desga-leguización interxeracional inclúo todos os monolingües iniciais en galego que introdu-ciron nalgunha medida o castelán nas interaccións cos fillos, sexa de forma absoluta, sexa de forma relativa (mediante o bilingüismo). Evidentemente, no caso dos galegofalantes iniciais que lles transmiten as dúas linguas aos seus descendentes, a desga-leguización interxeracional pode consistir en niveis ínfimos ou moi importantes, dependendo da presenza da segunda lingua no seo desa conducta bilingüe. Sen embargo, o feito

sión interxeracional dunha lingua por completo, é dicir, adheríndose ao monolingüismo en castelán no caso dos galegofalantes ou en galego no dos castelanfalantes. A substitución lingüística realízase a través do bilingüismo, mediante a incorporación do castelán por un 19,3% de galegofalantes e a incorporación do galego por un 27% de castelanfalantes.


**Táboa 1**

|          | Nivel de retención lingüística interxeracional nos galegofalantes iniciais | Nivel de retención lingüística interxeracional nos castelanfalantes iniciais |
|----------|--|--|
| GALEGO   | 74,1%  | 5,7%   |
| CASTELÁN | 6,5%   | 67,4%  |
| AS DÚAS  | 19,3%  | 27%  |

Estes altos niveis de retención lingüística interxeracional débense, en boa medida, a que a maior parte dos entrevistados con fillos (concretamente un 60,8%) pertencen aos grupos de idade máis galeguizados (de 46 a 65 anos ou máis de 65).

En efecto, ao contrastar os datos do total poboacional sobre a transmisión lingüística interxeracional cos dos entrevistados menores de 31 anos, obtense un descenso importante do galego e un incremento igualmente subliñable do castelán<sup>6</sup>, mentres o nivel de bilingüismo permanece practicamente inalterado. Estas variacións débense, naturalmente, a que os niveis de castelanización dos menores de 31 anos son superiores ao do total poboacional (téñase en conta que o uso habitual do galego descende segundo o fai a idade<sup>7</sup>). No Gráfico 5 compárase a lingua materna deste subgrupo de idade coa dos seus descendentes.

**Gráfico 5**  
Lingua materna dos entrevistados menores de 31 anos e dos seus descendentes



de que afecte a un dominio tan importante para a conservación das linguas coma o familiar, induciume a tela en conta tamén neste grupo lingüístico. A interpretación da regaleguización interxeracional fíxose exactamente igual, é dicir, sumando os castelanfalantes iniciais que lles transmitiron o galego en diversos graos aos seus descendentes.

<sup>6</sup> Operamos con 2.721 casos (menores de 31 anos con fillos).

<sup>7</sup> Cfr. M. A. Fernández Rodríguez e M. A. Rodríguez Neira (Coords.) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega, 49-55.

As tendencias son exactamente as mesmas que para o total da mostra: un descenso do galego (dun 52,4% a un 42,2%), un aumento equivalente do bilingüismo (dun 13% a un 25,1%) e unha práctica inmutabilidade nas cifras de castelán. A exploración no nivel de retención lingüística nos dous principais subgrupos de lingua materna (galegofalantes e castelanfalantes) menores de 31 anos, reafirman as tendencias conservadoras vistas para o total da poboación e incluso as superan no caso do castelanfalantes. Hai altos niveis de retención en ambos grupos (galegofalantes: 70%; castelanfalantes: 71,2%), aínda que descende a do galego respecto ao total da mostra, aumentando de xeito parello a do castelán (Táboa 2). A desgaleguización e a regaleguización interxeracionais, pola súa banda, acadan cotas moi semellantes nesta submostra: a primeira do 29,9% e a segunda do 28,8%, pero a regaleguización descende levemente respecto ao total da mostra.

**Táboa 2**

|          | Nivel de retención lingüística interxeracional nos galegofalantes iniciais (menores de 31 anos) | Nivel de retención lingüística interxeracional nos castelanfalantes iniciais (menores de 31 anos) |
|----------|---|---|
| GALEGO   | 70,0%   | 6,9%  |
| CASTELÁN | 9,3%  | 71,2%   |
| AS DÚAS  | 20,6%   | 21,9%   |

Do anteriormente dito despréndese que o galego segue a ocupar o primeiro lugar na transmisión lingüística entre a terceira e a cuarta xeración, aínda que a súa presenza diminúe segundo o fai a idade. Este conservadorismo lingüístico pode resultar especialmente contradictorio nunha xeración de falantes (os menores de 31 anos) que destaca polo seu elevado nivel de castelanización: o 50% fala habitualmente castelán (monolingües: 16,8%; bilingües con predominio do castelán: 33,2%). É, sen embargo, un feito que se comprende tendo presente que entre os menores de 31 anos, os suxeitos con fillos presentan un emprego do galego superior aos desa mesma idade pero sen fillos: o 36,6% fala só ou preferentemente castelán e o 63,4% só ou preferentemente galego<sup>8</sup>. Estes índices de galeguización teñen moito que ver coa súa procedencia sociolóxica (Táboa 3a), xa que pertencen na súa maioría ás clases baixa e media-baixa, posúen exclusivamente estudos primarios e residen no medio rural, onde o uso do galego como lingua habitual acada cotas do 87,2% (compárese coa procedencia social dos entrevistados desas mesmas idades sen fillos: Táboa 3b).

**Táboa 3a**

| Identificación sociolóxica dos menores de 31 anos con fillos |       |                       |       |              |       |
|--|-------|-----------------------|-------|--------------|-------|
| ESTUDIOS   |       | HÁBITAT DE RESIDENCIA |       | CLASE SOCIAL |       |
| Ningún   | 0,4%  | Urbano                | 22,9% | Baixa        | 5,6%  |
| Primarios  | 60,4% | Periurbano            | 8,1%  | Media-baixa  | 48,5% |
| Secundarios  | 28,5% | Vilas                 | 20,2% | Media        | 43,2% |
| Universitarios   | 9,8%  | Rural                 | 48,8% | Media-alta   | 2,7%  |

<sup>8</sup> No caso dos individuos desta idade sen fillos, un 46% fala única ou maioritariamente galego, mentres un 54% fala única ou maioritariamente castelán.

**Táboa 3b<sup>9</sup>**

| Identificación sociolóxica dos menores de 31 anos con fillos |       |                       |       |              |       |
|--|-------|-----------------------|-------|--------------|-------|
| ESTUDIOS   |       | HÁBITAT DE RESIDENCIA |       | CLASE SOCIAL |       |
| Ningún   | 0,1%  | Urbano                | 31,3% | Baixa        | 3,1%  |
| Primarios  | 29,3% | Periurbano            | 6,6%  | Media-baixa  | 39,1% |
| Secundarios  | 45,2% | Vilas                 | 16,0% | Media        | 51,4% |
| Universitarios   | 24,2% | Rural                 | 46,1% | Media-alta   | 6,4%  |

Para verificar o anteriormente dito, seleccionáronse de entre os menores de 31 anos monolingües iniciais con fillos, aqueles que acadaron estudos medios ou universitarios e os que, independentemente do nivel de estudos, viven nas cidades. A retención do galego, neste caso, aínda que continúa sendo alta, redúcese a un 57,1%, aumentando lixeiramente a do castelán. O incremento na transmisión do bilingüismo é, por outra parte, notorio (Táboa 4).

**Táboa 4**

| Nivel de retención lingüística interxeracional nos galegofalantes iniciais (menores de 31 anos) con estudos medios ou universitarios, ou residentes no urbano |       |
|---|-------|
| GALEGO  | 57,1% |
| CASTELÁN  | 12,4% |
| AS DÚAS   | 30,4% |

Outra variable que parece incidir de xeito decisivo na transmisión lingüística interxeracional é o medio urbano, feito que se fai especialmente palpable atendendo aos movementos migratorios campo-cidade. Para efectuar esta exploración tratouse de evitar a incidencia de variables non controladas que puideran alterar os niveis de transmisión, mantendo constante a lingua materna. Deste xeito seleccionáronse unicamente os galegofalantes iniciais nados no rural, e establecéronse dous grupos de idade (os menores de 31 anos e os de 31 anos en diante), que foron analizados separadamente coa finalidade de examinar as interaccións entre idade e hábitat de residencia. Entre os que naceron no rural e continuaron residindo neste medio, o grao de transmisión do galego de pais a fillos supera o 80%, sen que a idade introduza diferencias apreciables. Sen embargo, a transmisión interxeracional desta lingua cae en picado entre os emigrados ás cidades, de modo moito máis marcado nos menores de 31 anos. Novamente, hai que dicir que o corte na transmisión do galego levado a cabo por estas masas de emigrantes,

<sup>9</sup> O lector pode pensar que o tramo de idade aquí analizado é o suficientemente amplo como para que as diferencias nos niveis de galeguización dos grupos con e sen fillos se deban ás diferencias de idade e non á súa identidade social. En efecto, a idade media de ambos os grupos apunta a este feito, pois os entrevistados sen fillos teñen unha media de 21,5 anos e os entrevistados con fillos de 27,5. Para comprobar ata qué punto a diferenza de idade resultaba decisiva, realizouse a mesma análise acurtando o tramo de idade (entre 25 e 30 anos), xa que en cinco anos non pode haber unha gran variación na conducta lingüística. Posteriormente explorouse se persistían as diferencias na procedencia sociolóxica dos entrevistados destas idades con e sen fillos e puiden comprobar que as tendencias son exactamente as mesmas: entre os que non teñen fillos aumenta o nivel de estudos, ascende a clase social e o hábitat de residencia é máis urbano respecto dos que teñen fillos.

non supón unha ruptura brusca e definitiva co grupo lingüístico de procedencia, senón que se fai a través dunha gradual incorporación do castelán a través do bilingüismo que, neste caso, afecta ao 37,9% dos maiores de 30 anos e ao 48,1% dos de 16 a 30. Máis especificamente, mentres nos primeiros se trata dun bilingüismo compensado, en canto ás porcentaxes de predominio do castelán ou do galego (18,8% e 19,1%), nos menores de 31 é moi superior o predominio do castelán (30,9% fronte ao 17,2%).

**Táboa 5**

| Transmisión lingüística interxeracional nos galegofalantes iniciais nados no rural |                     |                     |
|--|---------------------|---------------------|
| MENORES DE 31 ANOS   |                     |                     |
|  | RESIDENTES NO RURAL | EMIGRADOS AO URBANO |
| GALEGO   | 81,3%               | 34,0%               |
| AS DÚAS  | 12,8%               | 48,1%               |
| CASTELÁN   | 5,9%                | 18,0%               |
| MAIORES DE 31 ANOS   |                     |                     |
|  | RESIDENTES NO RURAL | EMIGRADOS AO URBANO |
| GALEGO   | 85,7%               | 47,7%               |
| AS DÚAS  | 11,4%               | 37,9%               |
| CASTELÁN   | 2,9%                | 14,4%               |


Así pois, aínda que as camadas de poboación que se asentan nas cidades procedentes do rural contribúen á galeguización das mesmas, non se pode obviar o influxo que o ambiente lingüístico do ámbito urbano, substancialmente castelanizado, exerce sobre estas masas orixinalmente galegofalantes, especialmente no que atinxe á transmisión lingüística interxeracional.

Nas páxinas que seguen analizaranse as tendencias evolutivas dende unha óptica intraxeracional. Isto é, en lugar de centrarme na transmisión da lingua entre unha xeración e outra, fareino na conducta lingüística dos individuos en distintas etapas das súas vidas, observando os cambios de idioma, a dirección de ditos cambios e os motivos aducidos para facelos, do que resultará unha especie de biografía sociolingüística da poboación galega.

Para dar conta dos cambios lingüísticos a nivel intraxeracional expoñerase, en primeiro lugar, a relación entre a lingua materna e habitual dos entrevistados. Dela despréndese un importante nivel de mantemento lingüístico nos galegofalantes iniciais. Como se observa no gráfico 6, algo menos de dous tercios dos mesmos continúa falando só galego e case un tercio máis galego ca castelán. Só o 5,2% deste grupo de lingua materna pode considerarse na actualidade castelanfalante. Entre os castelanfalantes iniciais, un 37,4% do total mantívose monolingüe, o 46,1% introduciu o galego nunha mínima medida, e o 16,5% poden considerarse galegofalantes habituais.

Estes datos amosan a existencia dunha tendencia máis pronunciada cara á regaleguización que cara á desgaleguización intraxeracional. Entendo que os motivos, lonxe de radicar na vontade poboacional de recuperar a lingua autóctona, están na propia natureza

Gráfico 6  
Lingua habitual dos entrevistados segundo a súa lingua materna



da substitución lingüística e cómpre relacionalos co ambiente lingüístico familiar. É dicir, aínda que un 33,6% da poboación galega (46,6% engadindo os bilingües) recibiu o castelán como lingua materna, na maioría dos casos o galego estivo presente nos seus fogares, como idioma no que se efectuaba a comunicación entre os pais, entre os avós ou entre outros membros da familia. Os castelanfalantes iniciais tiveron, así, a oportunidade de aprender a falar o galego no interior do propio núcleo familiar (tal como o declara o 40,2% deste subgrupo lingüístico) e de utilizalo coa finalidade de converxer lingüisticamente cara ao idioma dalgúns dos seus interlocutores galegofalantes. Non sucede o mesmo cos galegofalantes iniciais, pois poucos deles o son polo desexo de pais castelanizados de transmitirles o galego ós fillos. Ao seleccionar os castelanfalantes iniciais e indagar na lingua habitual dalgúns dos membros da súa familia, obtívose que o 38,9% dos pais falan só ou predominantemente galego, porcentaxe que se eleva ao 69% no caso dos avós. Do mesmo xeito, unha porcentaxe significativa deste grupo de entrevistados utiliza o galego nas interaccións coa familia: o 18,8% cos pais, o 30,1% cos avós e o 20% con outros familiares.

Segundo declaración dos propios entrevistados, un 43,5% dos mesmos cambiou algunha vez de lingua habitual. A información da que dispoñemos dá conta das alteracións do uso das linguas producidas antes dos 13 anos, dos 14 aos 18 anos, dos 19 aos 30 e dos 31 en diante. Esta periodización coincidía, no momento en que se realizaron as entrevistas<sup>10</sup>, con etapas clave na vida de moitos individuos: remate da escolarización obrigatoria, remate da escolarización voluntaria (bacharelato), realización dunha carreira universitaria e acceso ao mercado laboral. Tomando como grupo de control os suxeitos que afirman ter cambiado algunha vez de lingua, áchase que os castelanfalantes iniciais son máis propensos cós galegofalantes a efectuar estes cambios (62,9% fronte ao 40,5%).

<sup>10</sup> Co establecemento da Educación Secundaria Obrigatoria, a primeira etapa dura na actualidade ata os 16 anos, idade en que remata o segundo ciclo da ESO.

Observando agora as variacións producidas no interior dos dous principais subgrupos de lingua materna (galegofalantes e castelanfalantes), compróbase que non os afectan nas mesmas idades, nin tampouco coa mesma intensidade. Entre os galegofalantes iniciais, o cambio máis importante ten lugar antes dos 13 anos, período no que un 42,1% incorpora nalgún grao o castelán como lingua habitual (Táboa 6). Nesta etapa os castelanfalantes iniciais cambian menos de lingua, manténdose bastante fieis ao seu monolingüismo (68,1%) (Táboa 7). O período máis crítico para este grupo está comprendido entre os 14 e os 18 anos, onde o galego pasa a formar parte dos usos lingüísticos do 72,5% dos respondentes (hai unha perda do monolingüismo en castelán de 40,6 puntos respecto á etapa anterior). A partir dos 19 anos, os cambios de lingua redúcense considerablemente, sen que existan diferencias substanciais entre un e outro grupo de lingua inicial. As pautas xerais amosan, pois, unha inclinación cara ao bilingüismo, que se ben na infancia é superior entre os galegofalantes, na adolescencia éo entre os castelanfalantes, equilibrándose o peso destas tendencias contrarias (galeguización e castelanización) na idade adulta.

**Táboa 6**

| Cambios de lingua nos galegofalantes iniciais |                |                   |                   |                  |
|---|----------------|-------------------|-------------------|------------------|
|   | Ata os 13 anos | Dos 14 ós 18 anos | Dos 19 ós 30 anos | Dos 31 en diante |
| Só castelán                                   | 0,3%           | 0,7%              | 0,9%              | 0,4%             |
| Máis castelán                                 | 3,6%           | 10,7%             | 15,3%             | 11,9%            |
| Máis galego                                   | 38,2%          | 60,0%             | 76,5%             | 81,1%            |
| Só galego                                     | 57,9%          | 28,6%             | 7,3%              | 6,6%             |

**Táboa 7**

| Cambios de lingua nos castelanfalantes iniciais |                |                   |                   |                  |
|---|----------------|-------------------|-------------------|------------------|
|   | Ata os 13 anos | Dos 14 ós 18 anos | Dos 19 ós 30 anos | Dos 31 en diante |
| Só castelán                                     | 68,1%          | 27,5%             | 6,9%              | 0,4%             |
| Máis castelán                                   | 29,1%          | 59,2%             | 69,3%             | 69,3%            |
| Máis galego                                     | 2,5%           | 11,7%             | 20,9%             | 27,2%            |
| Só galego                                       | 0,2%           | 1,6%              | 2,9%              | 3,0%             |

Evidentemente, os motivos polos que se fan bilingües un e outro grupo son distintos. Como xa se mencionou, o peso do ambiente lingüístico familiar é determinante entre os castelanfalantes, mentres no caso dos galegofalantes xulgo máis relevante a influencia do ambiente lingüístico escolar (de aí que a introducción máis importante do castelán dende un punto de vista cuantitativo se produza na infancia, que é o período de maior permeabilidade a todo tipo de aprendizaxe e conductas imitativas). En efecto, un exame dos usos lingüísticos escolares dos galegofalantes iniciais amosou que o emprego do castelán é moi superior ao do galego: no código escrito esténdese ao 97,2% dos entrevistados, e nas interaccións cos profesores ao 69,7%<sup>11</sup>. Co fin de examinar a incidencia

<sup>11</sup> O uso do castelán na escritura é incluso superior entre os galegofalantes iniciais que recibiron ensino da súa lingua na escola (de idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos): o 89,3% afirma escribir sempre ou case

do sistema de ensino na lingua habitual dos entrevistados, seleccionáronse os galegofalantes iniciais que usaban o castelán para a comunicación formal dentro da escola e observouse a lingua utilizada fóra dela en situacións comunicativas de distinto grao de formalidade. Os galegofalantes iniciais que continuaron usando a súa lingua no dominio escolar serviron como grupo de control. O contraste delata unha castellanización superior e a existencia de pautas de cambio de lingua moito máis marcadas nos primeiros. Estas variacións no código dependen en grande medida de parámetros situacionais, tendendo a escoller o castelán tanto máis a miúdo canto maior é a distancia social co interlocutor e máis formal a situación comunicativa (Táboas 8 e 9). Isto demostra que o sistema de ensino non só incidiu na castellanización dos galegofalantes dentro do recinto escolar, senón que as conductas lingüísticas alí adoptadas aparecen estreitamente relacionadas coas que se manterán posteriormente no curso da vida.

**Táboa 8**

| Usos lingüísticos con diferentes interlocutores dos galegofalantes iniciais que utilizaban o castelán na escola |         |                     |               |                |                    |             |       |                     |                     |
|---|---------|---------------------|---------------|----------------|--------------------|-------------|-------|---------------------|---------------------|
|   | veciños | veciños non galegos | compra diaria | compra inusual | xente de confianza | descoñecido | Xunta | médico de cabeceira | médico especialista |
| só/máis castelán  | 7,4%    | 50,5%               | 9%            | 22,2%          | 5,5%               | 40,7%       | 16,7% | 28,7%               | 41,4%               |
| só/máis galego  | 92,6%   | 49,5%               | 91%           | 77,8%          | 94,6%              | 59,2%       | 83,3% | 71,3%               | 58,6%               |

**Táboa 9**

| Usos lingüísticos con diferentes interlocutores dos galegofalantes iniciais que utilizaban o galego na escola |         |                     |               |                |                    |             |       |                     |                     |
|---|---------|---------------------|---------------|----------------|--------------------|-------------|-------|---------------------|---------------------|
|   | veciños | veciños non galegos | compra diaria | compra inusual | xente de confianza | descoñecido | Xunta | médico de cabeceira | médico especialista |
| só/máis castelán  | 2,6%    | 26,2%               | 4,1%          | 12,5%          | 0,9%               | 19,5%       | 5,1%  | 10,3%               | 14,8%               |
| só/máis galego  | 97,5%   | 73,9%               | 95,9%         | 87,5%          | 99,1%              | 80,5%       | 94,9% | 89,7%               | 85,2%               |

As razóns aducidas para efectuar estes cambios de código varían en certa medida dependendo da lingua materna dos implicados. Así, a porcentaxe dos que os achacan ao influxo do ensino é máis elevada entre os galegofalantes iniciais (21,1% fronte a un 11,5% entre os castelanfalantes). As mesmas diferencias persisten nos menores de 31 anos, entre os cales un 30,6% de galegofalantes iniciais lle atribúe ao ensino a súa castellanización, pese a ter recibido formación de/en lingua galega. A introducción da materia de galego no sistema escolar tamén provocou, neste grupo de idade, un sensible aumento dos castelanfalantes iniciais que incorporaron o galego (22,9%). Sen embargo,

sempre en castelán. No tocante ás interaccións cos profesores, hai, entre estes alumnos, un 51,4% que fala só en castelán ou máis en castelán ca en galego.



aínda despois da introducción do galego como materia didáctica, a escola foi un dominio máis castelanizador que galeguizador.

Os cambios efectuados por vontade propia son máis habituais entre castelanfalantes iniciais (26,7%) ca entre galegofalantes (14,3%). No que coinciden os dous grupos lingüísticos é en que a razón maioritariamente alegada para xustificalos foi a adaptación ao medio (33,9% os galegofalantes e 33,5% os castelanfalantes iniciais). Non obstante, unha exploración posterior evidenciou que esta uniformidade é relativa, pois o medio ao que deberon adaptarse os membros dun e outro grupo lingüístico non coincide totalmente (Táboas 10 e 11). Nos galegofalantes, nados no rural nun 70,6% dos casos, e emigrados en boa parte a outros tipos de hábitat, foi importante a adaptación ao ambiente lingüístico do lugar onde se asentaron, especialmente nos que emigraron ao urbano. No caso dos castelanfalantes iniciais, a adaptación ao medio ten dous sentidos distintos: para o 20,4% dos nados fóra de Galicia supuxo unha acomodación á lingua da comunidade onde se asentaron posteriormente, especialmente para o 39,4% que se estableceu no hábitat rural; para os demais, que a penas realizaron movementos migratorios, consistiu nunha acomodación lingüística a un medio familiar onde a presenza do galego era innegable (o 79,6% de seus avós e o 50,3% de seus pais son galegofalantes habituais) (Táboa 11).

**Táboa 10**

| Galegofalantes iniciais que cambiaron de lingua para adaptárense ao medio |       |                       |       |                 |       |                 |       |
|---|-------|-----------------------|-------|-----------------|-------|-----------------|-------|
| HÁBITAT DE NACEMENTO  |       | HÁBITAT DE RESIDENCIA |       | LINGUA DOS AVÓS |       | LINGUA DOS PAIS |       |
| Urbano  | 10,3% | Urbano                | 34,2% | Só castelán     | 0%    | Só castelán     | 0,2%  |
| Periurbano  | 5,3%  | Periurbano            | 7,3%  | Máis castelán   | 0,4%  | Máis castelán   | 1,0%  |
| Vilas   | 12,4% | Vilas                 | 14,6% | Máis galego     | 3,8%  | Máis galego     | 4,2%  |
| Rural   | 70,6% | Rural                 | 43,9% | Só galego       | 95,8% | Só galego       | 94,6% |
| Fóra de Galicia   |       |                       |       |                 |       |                 |       |

**Táboa 11**

| Castelanfalantes iniciais que cambiaron de lingua para adaptárense ao medio |       |                       |       |                 |       |                 |       |
|---|-------|-----------------------|-------|-----------------|-------|-----------------|-------|
| HÁBITAT DE NACEMENTO  |       | HÁBITAT DE RESIDENCIA |       | LINGUA DOS AVÓS |       | LINGUA DOS PAIS |       |
| Urbano  | 36,2% | Urbano                | 39,6% | Só castelán     | 10,7% | Só castelán     | 32,7% |
| Periurbano  | 3,0%  | Periurbano            | 8,1%  | Máis castelán   | 9,7%  | Máis castelán   | 17,1% |
| Vilas   | 15,7% | Vilas                 | 18,6% | Máis galego     | 21,2% | Máis galego     | 12,5% |
| Rural   | 24,6% | Rural                 | 33,7% | Só galego       | 58,4% | Só galego       | 37,8% |
| Fóra de Galicia   | 20,4% |                       |       |                 |       |                 |       |

En conclusión, do ata aquí dito despréndense varios feitos de interese. En primeiro lugar, que entre a primeira e a terceira xeración se producen cambios importantes nos usos lingüísticos da poboación galega, tanto a nivel cuantitativo (co incremento das

porcentaxes de castelanfalantes) como cualitativo (coa substitución progresiva do monolingüismo en galego polo bilingüismo). Estes cambios na conducta lingüística cómpre poñelos en relación coas transformacións socioeconómicas que experimentou Galicia a partir da segunda metade do século XX: o paso dunha sociedade de base agraria e predominantemente rural a unha sociedade industrial deu lugar a masivos movementos migratorios do campo ás cidades, o que provocou un cambio substancial nas redes de contactos lingüísticos dos falantes<sup>12</sup>. Os intercambios comunicativos con interlocutores coñecidos que comparten o mesmo idioma e favorecen o mantemento lingüístico e os valores solidarios propios do rural dan paso, no urbano, a intercambios cada vez máis frecuentes con interlocutores que falan unha lingua diferente. O cambio de lingua neste hábitat é, pois, máis probable, tal como demostra o contraste entre a conducta dos que emigraron á cidade e os que continuaron residindo no rural, no relativo á transmisión lingüística interxeracional.

En segundo lugar, o feito de que haxa elevadas porcentaxes de monolingüismo en castelán no que atinxe á lingua materna (e, na primeira xeración, tamén á lingua habitual) e niveis sumamente baixos de monolingüismo en galego entre os descendentes de bilingües, propicia unha interpretación do bilingüismo coma unha etapa de transición entre o monolingüismo en galego e o monolingüismo en castelán dende un punto de vista interxeracional.

Sen embargo, o gradual abandono do galego dende unha óptica interxeracional ten como contrapartida unha recuperación a nivel intraxeracional que exerce, en certa medida, de freo compensatorio, xa que os castelanfalantes iniciais incorporan o galego como lingua habitual en maior grao do que os galegofalantes iniciais incorporan o castelán. A este fenómeno non é alleo o importante grao de galeguización das familias galegas, que fai que incluso os que teñen o castelán como primeira lingua poidan aprender o galego no interior das súas casas.

A incorporación da segunda lingua prodúcese en distintas etapas da vida e en diversos graos segundo se trate de galegofalantes ou castelanfalantes iniciais, pero as tendencias apuntan ao mesmo fenómeno visto na evolución interxeracional: unha crecente adhesión ás conductas bilingües que son apoiadas con actitudes cada vez máis favorables.

<sup>12</sup> R. Bertrand (1992): *A poboación en Galicia. Estudos Xeográficos*. Universidade de Santiago de Compostela; A. López (1996): *A poboación Galega entre 1960 e 1991*, Consorcio da Zona Franca de Vigo. Para o concepto de 'rede de contactos lingüísticos' e a súa incidencia nas conductas lingüísticas, véxanse R. Landry e R. Allard (1992). "Ethnolinguistic Vitality and the Bilingual Development of Minority and Majority Group Students" en W. Fase, K. Jaspaert e S. Kroon (eds.), *Maintenance and Loss of Minority Languages*, Amsterdam: John Benjamins, 223-251.

## HISTORIA E ACTUALIDADE DA SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA: DAS ACTITUDES DO PROFESORADO Ó MSG

*Gabriel Rei-Doval*

Seminario de Sociolingüística. Real Academia Galega

No mundo da investigación actual diversas son as concepcións e definicións utilizadas para o termo *sociolingüística*. A polémica terminolóxico-conceptual existente ó respecto xurdiu practicamente co inicio da disciplina, dada a heteroxeneidade de enfoques e persoas que traballaban encadrándose na mesma, tanto desde a lingüística coma desde a socioloxía ou mesmo a psicoloxía. Sen embargo, non é a nosa pretensión entrar nesta polémica, tan longa e renovada como a miúdo estéril, e que dificilmente consegue poñer de acordo ós especialistas en teoría e historiografía sociolingüística. Sexa como for, no caso de Galicia ata hai ben poucos anos os textos e traballos que se autodenominaban ou acostumaban ser recoñecidos como sociolingüísticos facían referencia a cuestións político-ideolóxicas relacionadas de diversas maneiras coa lingua ou ben a ensaios sobre a historia externa da lingua galega.

Carecemos logo na lingüística galega ata moi recentemente de traballos relativos á dialectoloxía social e ó establecemento dos rexistros. A preferencia e necesidade de elaborar unha lingua padrón por riba dos diversos tipos de variación existentes, e que puidese servir como referencia para ser utilizada de forma xeneralizada entre os galegos fíxo que traballos deste corte non callasen na lingüística galega.

Algo parecido aconteceu co estudio de fenómenos coma a alternancia ou a mestura de códigos, ou ben as redes e repertorios lingüísticos, aspectos dos que contamos con traballos só desde a presente década.

Os estudos sobre a variación, tal como foron entendidos por Labov, Trudgill e os seus seguidores, tampouco tiveron éxito entre nós. Só na presente década comezaron a aparecer algunhas incursións nesta liña. Tamén recentemente comezaron a xurdir algúns traballos de corte etnometodolóxico, ademais de estudos sobre a solidariedade e cortesía ou investigacións sobre os actos de fala.

Trátase, en todas elas, de áreas das que resulta un tanto difícil facer historia, porque pouco máis posuímos que presente.

Si podemos dicir, finalmente, que existe unha área na que contamos con traballos, se non estrictamente académicos en moitos casos, si encadrables nun eido da sociolingüística de moda desde hai tempo: a planificación lingüística. A maior parte deles pertencentes á subárea da planificación do corpus, e con frecuencia cun carácter ante todo reivindicativo. Trátase da aínda non pechada discusión sobre a normativización, en moitos casos sen unha excesiva rendibilidade.

En calquera caso, as discusións sobre a normativización téñense movido con frecuencia por camiños bastante diverxentes dos habituais na sociolingüística. A pesar de que algúns estudiosos tentaron a partir de mediados os oitenta leva-la discusión ó terreo científico, lamentablemente non tiveron moito éxito, dada a crispación aínda existente nesta discusión.

De todo isto se deduce que a liña na que é máis nítida a evolución da investigación é a do que Fishman denomina *macrosociolingüística* –que outros autores chaman demolingüística– e que, con matices distintos, tratou de situar e cuantifica-la vitalidade do galego en canto a coñecemento, número de falantes e actitudes cara a este.

Os antecedentes e primeiros estudos de tipo cuantitativo sobre a distribución das linguas en Galicia<sup>1</sup> correspondían a unha época na que a información que se conseguía non era, ou era pouco, susceptible de actuación en materia de planificación lingüística, xa que as circunstancias políticas non o favorecían.

As primeiras referencias respecto á distribución das linguas en Galicia atópanse no Informe Foessa (*Informe Sociológico sobre la situación social en España*), elaborado en 1970 por un grupo de investigadores sociais para o ámbito estatal. Xa naquel traballo se afirmaba que o dominio oral do galego por parte da poboación é moi alto, tanto no que respecta á comprensión (92% no medio urbano e 97% no rural) coma á produción lingüística (72% na cidade e 96% na aldea). Estes datos víronse confirmados por diferentes vías en investigacións posteriores, aínda que con mostras sempre parciais e nesgadas cara a un sector de poboación determinado. Sen embargo, para moitos interesados pola vitalidade do galego nesta época o traballo de referencia foi non este senón o volume de Ayestarán e De la Cueva (1974) sobre as amas de casa na provincia de Pontevedra, amplamente divulgado e tomado como referencia no período anterior á transición democrática española pola maior parte dos autores que se referían á situación de Galicia.

Nestes anos finais do franquismo supoñíase que a chegada da democracia traería consigo cambios importantes na situación e perspectivas do galego. Non hai que esquecer que o ILG, do que neste Congreso se celebra o 25 aniversario, nacera en 1971. E que as maiores urxencias nesta época eran a elaboración de gramáticas, estudos dialectais sobre o galego e o proceso de elaboración dunha norma común. Tampouco se lle escapa a ninguén que a formación das persoas que naquela altura traballaban sobre o galego era de corte filolóxico, e escasamente lingüística ou sociolingüística.

<sup>1</sup> Sobre a interrelación entre estudos sociolingüísticos e planificación lingüística en Galicia segue sendo interesante, sen dúbida, Rodríguez Neira (1991), polo momento inédito.

Coa chegada da transición democrática, a perspectiva modifícase. Tamén a oficial. Porque as Administracións e mailos seus representantes políticos pasan a asumir en público que o galego fora, coma as outras de España, unha lingua *asoballada* que cumpría fomentar e protexer. De aí que xurdise un maior interese, entre outras cousas, por coñecer-la súa situación en canto a número de falantes e actitudes cara ó seu uso. Non existe aínda a idea de que os resultados, sexan dun tipo ou doutro, leven a discursos distintos sobre a lingua. Trátase, por outra banda, de resultados parciais referidos a ámbitos da vida concretos, en especial o ensino.

Desde fóra do ámbito da lingüística xorden os traballos de Ruiz Fuentes e Pérez Vilariño (1977) e de Salustiano del Campo *et alii* (1977, 228) e Castillo e P. Vilariño (1977, 61). Desde o ámbito da lingüística, o volume de Rojo (1979) sobre as actitudes do profesorado sería a referencia utilizada por unha parte moi importante de persoas que se refíren á situación do galego nesta época. Neste mesmo ámbito do ensino, xa uns anos antes Xulián Maure (1975) realizara estudos puntuais sobre este ámbito, cando xa se comezaba a pensar na introducción da materia de lingua galega e na necesidade inminente de textos para a súa aprendizaxe.

Sen embargo, estes estudos non influíron de xeito significativo sobre as poucas medidas adoptadas durante aquela década para a promoción do galego. Existía unha conciencia xeral de que a *normalización* do galego viría dada pola súa introducción no ensino, que actuaría como “remedio” para tódolos males. A partir do ano 75, as actuacións e propostas sobre o status da lingua en Galicia buscaban o recoñecemento oficial do galego, e unha vez que este chegou, a súa introducción como materia obrigatoria, campo en que se queimaron moitos esforzos.

A pesar de que o clima de opinión era favorable e fomentaba as medidas galeguizadoras, en canto supoñían inverte-la redención dun agravio cometido durante o franquismo, ou alomenos así se percibía, as medidas tomadas pola Administración, primeiro a preautonómica e logo a Xunta tal como a coñecemos hoxe, centráronse en aspectos relacionados co ensino, se cadra en parte por mímese co que se estaba a facer en Cataluña.

Así, o primeiro resultado evidente deste clima de opinión é a promulgación do R.D. 1981 do 20 de xullo de 1979, polo que se regula a incorporación da Lingua Galega ó sistema educativo en Galicia, coñecido popularmente como *Decreto de bilingüismo*. Esta disposición, que suscitou unha forte oposición por parte de moitos sectores do nacionalismo daquela época, permitiu que se fose incorporando timidamente a lingua galega ás escolas do país. A existencia dos estudos estatísticos ós que nos referimos probablemente non afectou en exceso nin ós obxectivos nin á estratexia tanto do poder coma da Administración.

Estes estudos tampouco tiveron influencia importante sobre a promoción da lingua galega realizada polos colectivos e organizacións non gobernamentais, que estaban máis centrados en conseguirla inversión inmediata da situación: instaurar completamente o galego e desterra-lo castelán do ámbito escolar. En todo caso, ámbolos sectores coinci-

dían nunha cousa: unha vez que o galego estivese instaurado no ensino, o resto viría dado por si mesmo.

A partir de principios dos 80, e cun límite que poderíamos situar na promulgación do Estatuto de Autonomía, comézase a apreciar un maior interese globalizador nos estudos que se realizan a este respecto, aínda que se centran sempre en datos pertencentes ó ámbito escolar. Entre os traballos máis destacados cómpre citar “Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia”, de Guillermo Rojo (1981), “Mantenimiento y cambio de lengua en Galicia” de Mauro Fernández (1983), onde chama a atención sobre os perigos da desgaleguización nos grupos de poboación máis novos, notando –quizais dun xeito excesivamente tremendista e apocalíptico– a gravidade do proceso con datos procedentes do ámbito escolar. Poderíase dicir neste último caso que se trata da recreación, con datos estatísticos e cun carácter eminentemente técnico, do *Informe Dramático* que Alonso Montero escribira dez anos antes.

Henrique Monteagudo coordina en 1986 un estudio que a Xunta de Galicia encarga sobre a situación do galego no ensino, e un e dous anos despois respectivamente Modesto Rodríguez Neira, xunto con Xosé Rubal no primeiro caso e con M<sup>a</sup> Sol López Martínez no segundo analizan a situación do ensino non universitario e na Universidade no segundo dos casos en senllas publicacións do Consello da Cultura Galega.

Sería precisamente este Organismo, o Consello da Cultura Galega, o primeiro en promover estudos sobre outras áreas ademais do ensino. O primeiro traballo de tema distinto do ensino realizado no seo deste Organismo é o de López Muñoz sobre a situación da lingua galega na Igrexa (1989), que achega interesantes claves sobre situación da lingua galega neste ámbito.

O proxecto máis ambicioso levado a cabo nesta época é, con todo, o dirixido por Rubal para a División de Estudos sobre o Bilingüismo do ICE da USC e publicado, alomenos parcialmente, en 1988, que pretendía coñecer as opinións e actitudes de profesores e alumnos de toda Galicia sobre a presenza da nosa lingua no medio escolar. Tamén publicaría anos máis tarde, neste caso o Consello da Cultura Galega, un traballo deste equipo sobre a situación do galego nas áreas galegófonas de Asturias, León e Zamora, o que se coñece como galego exterior (ou galego estremeiro).

Con todo, ó Instituto de Ciencias da Educación non se lle deu en Galicia a importancia concedida en Cataluña. Mentres naquela Comunidade este Organismo organizaba e coordinaba os cursos de formación de adultos e propoñía pautas de actuación lingüística para o mundo escolar, en Galicia non se lle concedía esta importancia. A razón hai que buscala probablemente sobre todo na desconexión, desde o punto de vista político, entre os responsables desta área da Universidade e maila Administración.

Na década dos 90 prodúcese un importante salto cualitativo, ó iniciárense dous proxectos que, ademais de modificaren substancialmente a perspectiva que, sobre a lingua, existe na sociedade, introducían novidades importantes na investigación existente ata ese momento. Porque o seu ámbito de análise é o conxunto da sociedade e non un sector

ou área concreta desta, o que permitirá establecer conclusións referentes a toda ela coas suficientes garantías de fiabilidade. Estámonos a referir ó Censo de Poboación e Vivendas de 1991 e ó Mapa Sociolingüístico de Galicia, do que se recolleu a información en 1992.

No primeiro deles, o Censo, recóllese por primeira vez, información referente ó coñecemento e uso do galego da totalidade da poboación, o que lle confire a fiabilidade daquilo que está baseado na globalidade do obxecto analizado, aínda que a amplitude de cuestións investigadas é cativa, ó reducirse a tres ou catro preguntas, por se-lo seu obxectivo coñecer múltiples circunstancias. Ademais, a diferenza dos censos catalán e vasco, no galego recóllese tamén información sobre o uso lingüístico.

Pola súa banda, o MSG parte de case 40 mil enquisas, pero investiga unha importante cantidade de cuestións, por riba de 150, e dispón de información sobre aspectos tremendamente específicos e particulares da competencia, usos e actitudes lingüísticas, sen que queden fóra a penas ámbitos de uso ou actitudes ante cuestións particulares dos que se poden investigar por estes procedementos.

No ano 94, e froito do cada vez maior coñecemento internacional da situación do galego, xorde a inclusión da nosa lingua no proxecto *Euromosaic*, que compara a situación e vitalidade de diferentes linguas minorizadas de Europa, e do que se realizou en Galicia unha cala que, aínda dirixida a tódolos espectros sociais, non é abondo representativa, desde o punto de vista cuantitativo, para o conxunto do país, pero que, insistentemente, introduce a situación do galego na comparación de investigacións realizadas a nivel internacional.

No que afecta ó Mapa Sociolingüístico de Galicia, ademais do seu inxente volume de datos e das diversas publicacións a que deu lugar, cómpre referirse á multiplicidade de imaxes e perspectivas ás que deu e segue dando lugar, pero, sobre todo, os seus datos serviron para construír posicionamentos e alternativas sociais para o momento presente.

As reflexións que, desde círculos intelectuais, se fan sobre o futuro do galego teñen como punto de partida agora os datos en lugar das crenzas ou opinións particulares. Pero o debate diversificouse moito. Por unha banda, fálase da situación de regresión clara á que está sometido o galego e de cómo podería desaparecer nun número reducido de xeracións. Pola outra, faise fincapé na mellora das actitudes acontecida no último cuarto de século así como da súa presenza en espazos dos que anteriormente estaba ausente. Pero a produción xornalística á que estes traballos deron lugar fai necesario que, de aquí a un tempo, alguén acometa a revisión e análise dos pronunciamentos e opinións a que deron lugar.

Sería desexable que o inxente volume de información de que se dispón na actualidade contribuíse a enriquece-lo discurso lingüístico dos diferentes axentes sociais en Galicia. O(s) discurso(s) lingüístico(s) podería(n), de saberen aproveita-los datos, elaborar efectivas mensaxes que espallar pola sociedade galega e, en definitiva, contribuír de forma importante á recuperación social da nosa lingua.

- Alonso Montero, X. (1973): *Informe –dramático– sobre la lengua gallega*. Madrid: Akal.
- Ayestarán Aranaz, M. / De la Cueva Alonso, J. (1974): *Las familias de la provincia de Pontevedra en 1974 (Galleguidad y conflicto lingüístico gallego)*. Sevilla: Instituto de Ciencias de la Familia.
- Campo Urbano, S. del *et alii* (1977): *La cuestión regional española*. Madrid: Edicusa.
- Castillo, J. e J. Pérez Vilariño (1977): *La reforma educativa y el cambio social en Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago de Compostela, doc. M-57.
- Fernández, M. (1983): “Mantenimiento y cambio de lengua en Galicia”: el ritmo de la desgalleización en los últimos cincuenta años”, *Verba* 10, 79-129.
- Fundación Foessa (1970): *Informe sociológico sobre la situación social en España*. Madrid: Fundación Foessa.
- Instituto Galego de Estatística (1992): *Censo de Poboación e Vivendas 1991. Coñecemento e uso do idioma galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- López Muñoz, D. (1989): *O idioma da Igrexa en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Maure Rivas, X. (1975): “Datos sobre das actitudes do profesorado de EXB”. *Segundas Xornadas de Bilingüismo*. Santiago de Compostela: Instituto de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago de Compostela.
- Monteagudo Romero, H. *et alii* (1986): *Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Rodríguez Neira, M.A. (1991): *Aportacións sociolingüísticas á planificación lingüística en Galicia. I Seminario Internacional de Planificación Lingüística*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rodríguez Neira, M.A. / López Martínez, M.S. (1988): *O galego na Universidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rojo, G. (1979): *Aproximación a las actitudes lingüísticas del profesorado de EGB en Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago de Compostela.
- (1981): “Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia”. *Revista de la Sociedad Española de Lingüística* 11, 2, 269-310.
- Rubal Rodríguez, X. / Rodríguez Neira, M. A. (1987): *O galego no ensino público non universitario*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rubal Rodríguez, X. (dir.) / Veiga Martínez, D. / Arza Arza, N. (1991): *Estudio-inventario de carácter censal sobre a situación e perspectivas do galego no ensino público non universitario (preescolar e EXB)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Rubal Rodríguez, X. / Veiga Martínez, D. / Arza Arza, N. (1992): *A lingua do alumnado e profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Ruiz Fuentes, R. / Pérez Vilariño, J. (1977): “Lengua y cultura gallegas”, in *Vivir en Galicia*. Madrid: Felmar.
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1993): *Estudio sociolingüístico da comarca ferrolá*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.



## O FALANTE NATIVO NA ENQUIISA SOCIOLINGÜÍSTICA DA RAG

*I.M. Roca*

University of Essex

### 1. O ESTADO ACTUAL DO GALEGO

Vou abrir esta comunicación con dúas citas de dous destacados estudiosos do galego:

¿Qué podemos hacer por el gallego en abril de 1973? Poco o mucho, sólo partiendo de la idea de que la lengua gallega está muy próxima a una situación irreversible, sólo en ese caso podríamos tener alguna eficacia. Pensar que las cosas marchan bien o bastante bien, es colaborar ingenuamente con las fuerzas y los instrumentos que están a punto de perpetrar un lingüicidio.

Nuestra lengua, señoras y señores, está amenazada de muerte. Seríamos superlativamente cándidos si creyésemos que disponemos de armas eficaces para oponernos al avasallante cerco en que vivimos. El peligro está tan cerca, tan próximo, tan a nuestro lado, que ya sólo una pregunta es legítima: ¿Qué hacer?

Porque algo, algo radicalmente distinto a lo habitual, hay que hacer. Y con urgencia. Ahora mismo (Alonso Montero 1973:8).

Castellano y gallego han originado, en 1975, dos dialectos paralelos: castellano agallgado y gallego chapurrao. Y, si no hay cambio en el status de protección a cada una de las lenguas, no estará muy lejos el día en que una de ellas haya absorbido, a costa de algún rasgo morfológico o sintáctico más, a costa de algún préstamo léxico más, la otra... (C. García 1975:343).

As palabras destes dous mestres son claramente negativas respecto ó futuro do galego, mesmo catastrofistas desde unha óptica bastante corrente en círculos galeguistas. As citas a seguir mostran que outros non están de acordo coa súa actitude:

Resulta xa supérfluo –por óbvio– lembrar como a esta altura, 1990, non se cumpriu ... o prognóstico (anunciado en 1973) da morte inmediata para o galego... Sen sairmos desta modesta tese de doutoramento, ela non está escrita nunha lingua morta ou arqueolóxica (García Negro 1991:169).

O galego ganou a batalla do prestixio cultural porque ganou a batalla da súa conversión en lingua de cultura escrita, e ganou, parcialmente, a batalla do prestixio social: ganouna nas camadas mais cultas da sociedade —mesmamente as que o despreciaban—, e vaina ganando nas camadas mais populares (Piñeiro 1973:392).


Ese idioma [o galego, IMR], edificado e sostido a traveso de tantos e tantos avatares, algún deles infelizmente negativo, e que hoxe, por fortuna, atópase en trance de efectividade cultural, político-social e, en suma, espiritoal, indiscutible (García Sabell 1994).

O galego enténdeo o 97% e sabe falalo o 86%. Aínda que ese 86% non o fale sempre, cando unha lingua a fala, entre sempre ou ás veces, un 83,6%, esa lingua está forte coma un buxo (Ferro Ruibal 1994).

Os dous tipos de opinión están xa que logo contrapostos. ¿Quen ten razón? Repárese que esta non é nin moito menos unha pregunta académica, pois trátase dunha cuestión transcendental para o futuro do galego: ¿vai o galego cara á morte, ou vai recuperándose do seu longo declive e aferrándose á vida?


A primeira vista, as circunstancias actuais do galego son indicativas de vida renovada. En concreto, o galego é agora, por primeira vez na súa historia, cooficial co castelán, obrigatorio no ensino, lingua dunha parte dos medios de comunicación social (orais e escritos), e o vehículo de expresión da maioría de persoeiros políticos e doutros campos. Todo, pois, parece sinalar a rexa saúde da lingua autóctona (cf. a afirmación de Ferro Ruibal na cita de enriba de que “está forte coma un buxo”). ¿Quere isto dicir daquela que as palabras dos profesores Alonso Montero e Constantino García con que encetei quedaron xa obsoletas, desbordadas polos acontecementos? ¿Ou quere dicir que estamos perante unha cuestión política, na que só as opinións persoais deciden? Afortunadamente, temos agora os resultados da enquisa da RAG (Fernández e Rodríguez Neira 1994), e a eles podemos nos referir para resolver o dilema.

¿Que nos din tales resultados? O gráfico 3.1 (p. 39), dá un 62,4% de falantes de lingua inicial (ou sexa, materna) galega, e un 25,6% de falantes de lingua inicial castelá (do resto, un 11,4% decláranse bilingües iniciais, e o 0,6% dan outras linguas):



De acordo con esta estatística, por tanto, os falantes iniciais galegos avantan os casteláns en mais de 2:1, e a viabilidade actual do galego (aínda que se cadra non a súa saúde incondicional) parece confirmarse.

Esta conclusión tan positiva tórnase, sen embargo, altamente problemática así que miramos a distribución por idades, reflectida no gráfico 3.2 (p. 40):



Aquí vemos que no grupo de 65 anos ou mais o número de falantes nativos alcanza un altísimo 81,8 %. Por contra, no grupo de 16 a 20 anos o número de falantes nativos é menos da metade: 34,4%. En realidade, se miramos os grupos de idade intermedios (todos de 10 anos de diferenza, menos os dous máis novos, só de 5), observaremos que en cada un del pérdese aproximadamente un 10% de falantes, ou sexa un 1% cada ano que pasa. Pero como entre os dous grupos máis novos tamén hai unha perda do 10%, a perda anual actual é dun 2%. A este paso, e dado que no tempo da enquisa xa quedaba só un 34,4% no grupo máis novo de entrevistados, de 16 a 20 anos, aló polo ano 2010 non vai haber novos falantes nativos galegos, é dicir, nesa data o galego estará morto como lingua natural dos galegos que nacen. A falta de estatísticas concretas (a enquisa da RAG non inclúe datos para os menores de 16 anos), observación anecdótica, nada difícil na vida cotiá, suxire que moi probablemente este prognóstico é correcto, pois cada vez é máis raro atopar nenos que falen galego, fóra dalgúñas zonas rurais moi minoritarias ás que aínda non chegou con forza a moda do castelán (que, naturalmente, está a piques de chegar tamén alí).

Estes negros presaxios para o galego confirmanse cando miramos a correlación entre fala e hábitat de nacemento nos menores de 25 anos (p. 44):

| Hábitat de nacemento | Galego% | Castelán% | As dúas% |
|----------------------|---------|-----------|----------|
| urbano               | 12,3%   | 69,6%     | 18,6%    |
| periurbano           | 32,4%   | 39,3%     | 28,3%    |
| vilas                | 27,1%   | 50,1%     | 22,8%    |
| rural-1              | 46,6%   | 35,0%     | 18,2%    |
| rural-2              | 73,4%   | 13,9%     | 12,5%    |

Como pode observarse (e como por demais xa sabemos os galegos desde hai moito tempo sen necesidade de enquisas nin estatísticas), canto máis urbano o hábitat mais castelá a fala, e canto mais rural o hábitat máis galega a fala (aínda que actualmente mesmo no grupo máis rural, o rural-2, non se alcanza un 100% de lingua materna gale-

ga, senón só un 73,4%, e un 13,9% xa se declaran de lingua nativa castelá). Ora, é ben sabido que na Galicia actual, coma no resto do mundo, están a se rexistrar movementos importantes de poboación do campo á cidade, ata o punto de que nos países avanzados e industrializados a proporción de labregos pode minguar ata menos do 10%, e *La Voz de Galicia* (28.9.1996, p. 4) informa que no 7º Congreso Iberoamericano de Urbanismo que acaba de celebrarse en Pamplona chegouse á conclusión de que a escala mundial “el medio rural desaparecerá en torno al año 2050 y en su lugar quedará un medio urbano, en el que se concentrará la población”. Desde todas estas perspectivas, por tanto, é evidente que o futuro que lle agarda ó galego como lingua viva é practicamente nulo.

## 2. O ROL DO FALANTE NATIVO NA VIDA DAS LINGUAS

Unha estratexia que se ten adoptado ante este cadro desolador é a da negación da importancia do falante nativo na vida das linguas, como se recolle nas seguintes palabras de García Negro (1991:134):

En soma, estamos perante unha situación na que é preciso deixar na valeta dunha vez a noción de “lingua materna”, non xa por inservíbel para a efectiva recuperación da lingua dominada senón porque a neutraliza e mesmo a paralisa.

Esta opinión, susténtaa García Negro no argumento de que a falta de transmisión interxeracional da lingua débese só ó estado alienado en que se encontra a poboación (*ibid.*:129):

Naturalmente, a lingua en que se realiza a comunicación unipersoal con nenos non é un capricho ou extravagancia dos pais, senón unha “necesidade” de acomodación, realizada xa intramuros, á lingua que se sabe dominante socialmente, nos meios de comunicación, na escola, na vida pública. É un acto, pois, fillo do dominio e que segue a manter-se porque este permanece.

Segundo Rafael Ninyoles (1972:168), citado con aprobación entusiasta por García Negro (*ibid.*:128),

la mitificación de la lengua materna puede servir para desarticular toda pretensión normalizadora, justificando cada nuevo avance de la sustitución.

Tamén Francisco Rodríguez (1980:75) prefire restar importancia á lingua materna en favor dunha concepción mais social da lingua:

Cal é a lingua dun neno que vocaliza os primeiros anos da nenez en español e, fala, a partires dos sete anos, galego, que segue a ser lingua ambiental, competente, propia da sociedade que o rodea? Desde logo, desde a perspectiva dunha análise social, non desde unha perspectiva individualista e falsamente obxectiva, é o galego e non o español.

Desde o mesmo ángulo, Rodríguez critica a aplicación ó caso galego das “recomendacións da UNESCO para os países ‘atrasados’, canto á utilización da lingua ‘materna’ na escola”, pois para el “esta é a mellor maneira de colocar nun ‘ghetto’, de atomizar e discriminar aínda máis o galego” (*ibid.*: 96-97).

Na mesma liña, e máis abertamente, Ninyoles (1972:160) afirma que

lengua materna sugiere un fenómeno tan “natural” y “biológico” como los otros que contempla la maternidad. Y esto parece una falacia en la que incurren todos aquellos que imaginan que la pervivencia de un idioma es una ley de la Naturaleza.

E engade:

la defensa de la lengua “materna” no puede servir, evidentemente, para superar el conflicto lingüístico, sino todo lo contrario (*ibid.*:161)

pois

la mitificación de la lengua materna puede servir para desarticular toda pretensión normalizadora, justificando cada nuevo avance de la sustitución (*ibid.*:168).

O obxectivo destas críticas ó papel da lingua materna é obvio. Simplemente, se unha lingua X (o galego, o valenciano, etc.) perde falantes nativos ou mesmo queda sen eles, a identificación da lingua coa existencia de tales falantes resultaría na negación da lingua sen eles. Por contra, se admitimos que unha lingua pode ser sustentada igualmente por falantes que a aprenden, non como lingua materna, senón como unha lingua adicional á materna, o futuro de linguas como o galego estará mais ou menos asegurado, polo menos polo de agora.

As intencións políticas deste discurso son obvias. Aquí non imos xulgar estas intencións, senón enfocar a cuestión do falante nativo desde outra perspectiva, non política, senón científica: psicolóxica e biolóxica, para ser mais precisos. A pregunta que tentaremos contestar é: ¿cal é o rol do falante nativo na vida das linguas? Para contestar esta pregunta é preciso elucidar a natureza das linguas, e por tanto da linguaxe. E para isto temos que nos dirixir, non ós políticos ou ós poetas, senón ós científicos da linguaxe, ou sexa, ós lingüistas, da mesma maneira que nos diriximos ós físicos para entender o universo, ou ós biólogos para entender a mecánica da vida.

### 3. A SUSTANCIA BIOLÓXICA DA LINGUAXE

A grande maioría dos lingüistas contemporáneos, entre eles os mais destacados a escala mundial, están de acordo en que a linguaxe é primordialmente un fenómeno biolóxico, non político ou social. Isto quere dicir unha cousa moi simple, pero oposta ós prexuízos inconscientes do “home da rúa” (e non só da rúa) no tocante á linguaxe. Quere dicir, en concreto, que a posesión da linguaxe (concretada nunha lingua) é tan natural e inevita-

ble para os seres humanos como ter cabelo, dous brazos, ou cinco dedos no pé, ou, tamén, como respirar, camiñar, ou ter fame e comer. A primeira vista, a equiparación da linguaxe a estes fenómenos pode parecer ilexítima, precisamente porque estes fenómenos son obviamente físicos, e a linguaxe se cadra non o parece. Un pouco de reflexión imparcial abondará, con todo, para convencer ó mais escéptico de que a linguaxe tamén é física, no sentido en que o programa de ordenador que estou a usar para escribir este artigo é físico, porque consiste en mensaxes electrónicas almacenadas no disco duro do ordenador: sen estas mensaxes non habería programa, e sen programa non aparecería nada na pantalla (nin en ningún outro lugar). Dunha maneira semellante, a(s) lingua(s) que falamos está(n) almacenada(s) no cerebro, e por iso cando danamos a parte do cerebro que alberga a lingua (nun accidente, a causa dunha apoplexia, etc.) tamén danamos (e mesmo perdemos) a lingua.

O carácter biolóxico da linguaxe non se limita ó aspecto físico do seu almacenamento, senón que se estende tamén ó proceso da súa adquisición. ¿Como se adquire unha lingua? O latín, o francés, o inglés, etc. aprendémolos na escola, mais non a nosa lingua materna (o galego ou o castelán), que adquirimos sen darnos de conta na casa, cos nosos pais e co resto da familia. E mentres para aprender latín, francés ou inglés tivemos que estudar vocabulario e facer exercicios, levando ó final do curso unha nota máis ou menos boa, segundo o noso interese e as nosas capacidades, para a nosa lingua materna non tivemos que facer nada: simplemente vivir. E, misteriosamente, chegamos a dominala perfectamente. Todas estas características indican claramente que o proceso de adquisición da lingua materna é distinto do proceso de aprendizaxe de linguas secundarias.

Outra faceta biolóxica da adquisición da lingua materna é tan evidente que adoita pasar desapercibida: a adquisición da lingua materna é inevitable, isto é, o neno non ten control sobre ela. Os nenos (e os maiores) poden negarse a aprender unha lingua na escola (e de feito moitos o fan, a un certo nivel). Os nenos tamén poden refuser (e fano a miúdo) lavar a cara, ou comer con garfo e culler, ou falar a modioño, ou dicir bos días ós amigos dos pais, ou ir á cama cedo, ou a ir á escola, etc., etc., etc. Xustamente, a incorporación destas accións na conducta do neno forma parte esencial do proceso da súa “educación”. O que ningún neno pode facer, é negarse a aprender a súa lingua materna. ¿E por que? Porque a adquisición da lingua materna non é parte da socialización do neno, senón parte da súa realización biolóxica: o neno tampouco pode negarse a respirar, ou a comer cando ten fame ou durmir cando ten sono, ou a empezar a camiñar cando lle chega o momento de facelo. A razón disto todo é, simplemente, que o cerebro do ser humano está “programado” para levar a cabo estas accións, e por iso non as podemos controlar.

O psicolingüista Eric Lenneberg escribiu un libro xa clásico sobre os fundamentos biolóxicos da linguaxe (1967), e nel inclúe unha táboa de correlacións entre a idade do neno, o seu desenvolvemento lingüístico, e certos feitos neurolóxicos (os efectos de lesións cerebrais na linguaxe; o estado de maduración do sistema nervioso central; o des-

envolvemento da lateralización cerebral; o grao de equipotencialidade dos dous hemisferios). O que nos interesa aquí son dúas cousas. Unha é que todos os nenos do mundo pasan polas mesmas etapas de adquisición da linguaxe, aproximadamente á mesma idade (por exemplo, fan ruídos bucais de satisfacción ata os 3 meses, balbucen dos 4 ós 20 meses, adquiren o groso da lingua dos 21 ós 36 meses, etc.), con completa independencia de factores sociais (sociedade avanzada ou primitiva, sistema político demócrata ou autoritario, pobreza ou riqueza, etc., etc.) ou intelectuais (o mesmo aprendeu a súa lingua materna Einstein ca un rapaz que vaia acabar analfabeto por burro): naturalmente, o mesmo acontece con feitos máis obviamente biolóxicos, como camiñar de pé (non a catro patas, coma outros animais) ou sentir impulsos sexuais cando chega a puberdade. A segunda cousa que cómpre salientar é que a adquisición da linguaxe no neno vai intimamente relacionada co desenvolvemento físico do seu cerebro. Por exemplo, en caso de lesión cerebral os primeiros síntomas afásicos só aparecen despois dos 36 meses (aproximadamente, claro), e adoitan ser reversibles ata os 10 anos, pero despois desta idade xa poden deixar traza. Esta diferenza seica coincide co inicio da lateralización das funcións lingüísticas, que soen estar localizadas no hemisferio esquerdo a partir dos 11 anos. Evidentemente, feitos como estes corroboran o carácter biolóxico da adquisición da lingua materna (outra cousa é a necesidade dunha lingua ambiental para que se leve a cabo esta adquisición: tamén sen aire non se pode respirar, e sen comida non se pode dixerir).

As consecuencias da natureza biolóxica da adquisición da lingua materna son tamén evidentes. En concreto, as linguas que se aprenden de maior (en realidade xa a partir da puberdade ou mesmo algo antes) non se adquiren automaticamente do xeito que se adquire a lingua materna. De feito, estas linguas non se ADQUIREN, senón que se APREN- DEN. A diferenza entre a adquisición e a aprendizaxe dunha lingua é enorme. Para dicilo en poucas palabras, a adquisición é biolóxica e indeleble, segundo acabamos de ver, encanto a aprendizaxe é consciente, traballosa e imperfecta.

#### 4. SEGUNDAS LINGUAS

Chegados a este punto podemos volver a vista atrás e preguntarnos qué relación teñen os achados do carácter biolóxico da adquisición da lingua materna coas afirmacións dos autores que mencionamos antes de que a lingua materna ten menos importancia cá lingua do entorno.

Claramente, esta afirmación é falsa se a referimos a linguas aprendidas despois dunha determinada idade, que poden ser os 11 anos, ou mesmo antes. Outra cousa é cando se adquire unha lingua ambiental diferente da materna mais ou menos ó mesmo tempo que esta, pois esta situación pode equipararse en certa medida á adquisición simultánea de dúas linguas maternas típica do bilingüismo familiar. A adquisición dunha lingua

ambiental paralelamente á lingua materna é característica de nenos de pais estranxeiros, que acostuman falar ós seus fillos na lingua do seu país de orixe. Cando os fillos son moi pequenos, esta é a única lingua que oen e, por tanto, coñecen, pero así que comezan a xogar con outros rapaciños ou van á escola (nos nosos días, tamén así que empezan a ver a televisión), entran en contacto coa lingua do entorno, que normalmente adoptan, mesmo con detrimento da súa primeira lingua (= a lingua dos pais), que ás veces chegan a esquecer, ou case esquecer (vid. López Romalde 1996 para un caso semellante no ámbito do galego).

Se a situación de que falan os sociolingüistas ós que nos vimos referindo fose así, non teríamos máis remedio que darlles a razón, e daríamosllela con moita satisfacción. Infelizmente para os que desexamos a supervivencia do galego, o caso do galego é moi diferente. Mesmo en tempos normais para o galego, ou sexa, en tempos en que a grande maioría da poboación de Galicia era rural e a totalidade desta poboación rural era galegofalante, a socialización lingüística ambiental adoitaba non acontecer nos poucos casos en que podía, por exemplo no caso de fillos do mestre ou do médico ou boticario, que normalmente seguían aferrados ó seu castelán materno e familiar, por razóns obvias de prestixio e poder sociais. Nos tempos actuais, todos sabemos que a situación é infinitamente peor para o galego, pois na maioría dos sitios non hai presión social ningunha (ou case ningunha) para falar galego, mais ben o contrario (¡os rapaces soen falar entre si en castelán mesmo en casos de escolas ou familias con tendencias galeguizantes!). Debido a isto, o modelo de socialización lingüística cuasi-primaria en galego de que falan os sociolingüistas citados non pode ser válido nunha sociedade como a galega de hoxe. O que único que queda, pois, é a posibilidade dunha socialización galega secundaria ou mesmo terciaria, na escola ou de maior, por autoconscienciación. Sen negar o valor persoal destes acontecementos, o que quero salientar aquí é a súa grande relatividade lingüística.

En primeiro lugar, os feitos están a berrar que os efectos deste tipo de aprendizaxe habitualmente quedan a un millón de légoas dos efectos da adquisición materna do galego: abonda con escoitar un dos medios actuais de comunicación en “galego” (se é que se ten a coraxe necesaria para levar a cabo esta experiencia) para convencerse da veracidade desta afirmación. En segundo lugar, todos os estudiosos do tema da supervivencia de linguas coinciden en afirmar que a única maneira que teñen as linguas de sobrevivir é por medio da “transmisión interxeracional”, ou sexa, cando os pais lles falan a lingua ós seus fillos para permitir así que estes a adquiran como lingua natural e materna. Dúas citas tiradas de Fishman (1991) dan sustancia a este punto (traduzo directamente do inglés):

Acaden o que acaden outros pasos para deter o cambio de lingua (= *language shift*), en realidade só están a facer tempo ata que se poida establecer unha base sólida para a transmisión interxeracional (p. 161).

Cando todo queda dito e feito, todos os intentos serios para deter o cambio de lingua aínda deben pasar a proba definitiva de demostrar que favorecen a transmisibilidade a través da cadea interxeracional (p. 396).



O caso de Irlanda é moi revelador neste sentido. En concreto, todos os esforzos do goberno irlandés para salvar a lingua irlandesa desde a independencia en 1922 (esforzos políticos e tamén económicos) non chegaron a nada, como se mostra no detallado estudio de Hindley (1990), do que saco as dúas citas seguintes (traduzo directamente do inglés):


A poboación total de nenos de familias de fala irlandesa cabe en tres ou catro escolas secundarias urbanas británicas (p. 92).

Honestamente non cabe dúbida de que o irlandés está a morrer. A única dúbida é se a xeración de nenos [un máximo de 2,000, IMR] que están agora nunha mancha de escolas en Conamar, Cloch Chionnaola e Gaoth Dobhair, e Corca Dhuibhne constitúe a última xeración de falantes nativos, ou se vai haber unha máis (p. 248).

É crucial decatarse tamén de que non hai ningunha lingua no mundo que se saiba que resucitara despois de morta, coa posible excepción do hebreo, que en certa maneira nunca chegou a morrer, porque se conservou na rica liturxia xudía, de grande influencia práctica na vida dos xudeus. E aínda se se considera que morrera, o caso do hebreo e de Israel é absolutamente único na historia do mundo: un pobo como o xudeu, que volta á súa terra de orixe despois de case 2 mil anos de exilio e varios intentos de xenocidio, o último cun custo de 6 millóns de vítimas, e que funda un estado moderno que precisa perentoriamente dunha lingua franca. Evidentemente, equiparar a isto o caso galego sería sinal de parvidade ou loucura total.

## 5. BILINGÜISMO

Na última parte da comunicación vou referirme brevemente á realidade psicolóxica e neurolóxica do bilingüismo. Como é sabido, existen tres tipos de bilingüismo: coordinado, composto e subordinado. A relación entre estes tres tipos de bilingüismo pode representarse da maneira que segue, supondo que as dúas linguas en cuestión son o francés e o inglés (fr. *livre* = ing. *book* = gal. *libro*):



No bilingüismo coordinado, os CONCEPTOS “book” e “livre” están separados psicolóxica e neurolóxicamente. Cada un destes conceptos (ou “significados”, na coñecida terminoloxía saussuriana) corresponde a un significante distinto: ortograficamente *book* en inglés e *livre* en francés. No bilingüismo composto, por contra, hai só un concepto (“significado”) na mente do falante. Este concepto ten unha realización distinta a nivel

do significante, dependendo da lingua de que se trate. Por último, no bilingüismo subordinado, o significado único relaciónase cun significante tamén único (*book* no noso exemplo), sobre o que se apoia parasiticamente o significante da outra lingua (*livre*). Como é evidente, no caso do bilingüismo subordinado a penas se pode falar de dúas linguas, ou, se se quere falar delas, é obvio que unha delas depende claramente da outra. A evidencia que emana da conducta lingüística da maioría dos neofalantes do galego, incluíndo moitos que ocupan postos de responsabilidade pública (nos medios de comunicación, por exemplo), indica claramente que no seu bilingüismo o galego está fortemente supeditado ó castelán, ata o punto de que en moitos casos pode considerarse un rexistro especial deste lingüística e psicoloxicamente (vid. nestas Actas a miña comunicación “A historia moderna do galego e o continuo poscrioulo”).

Nun estudio levado a cabo por Genesee et al. (1978) comparáronse tres grupos de bilingües segundo a idade en que adquiriron a súa segunda lingua: 1) simultaneamente coa primeira de nenos, 2) entre os 4 e os 6 anos, 3) despois dos 12 anos. No experimento presentáronse estímulos nas dúas linguas e preguntouse ós suxeitos de que lingua se trataba en cada caso, examinándose ó mesmo tempo a actividade do cerebro mediante electroencefalogramas. Os resultados confirman que a lingua APRENDIDA ten unha representación neurolóxica diferente da lingua ADQUIRIDA. En concreto, a actividade cerebral pertinente na “segunda” lingua nos bilingües temperáns (no seu caso non realmente segunda, senón “co-primeira”) tivo lugar no hemisferio esquerdo, ou sexa no hemisferio onde se ten comprobado que os máis de nós levamos a linguaxe. Por contra, nos bilingües tardíos tal actividade realizouse no hemisferio dereito, que non adoita acoller a linguaxe, senón outras actividades de tipo mais global, como son, por exemplo, as actividades artísticas. Isto demostra unha vez mais que a aprendizaxe dunha segunda lingua non pode equipararse á adquisición da lingua materna.

Vou rematar coa mención do estudio de Gumperz e Wilson (1971) sobre a aldea india de Kupwar. Nesta aldea fálanse tres linguas: o Kannada, o Marathi e o Urdu (tamén o Telugu, de modo menor). A maioría dos homes (non necesariamente as mulleres) son multilingües, cambiando de lingua segundo as circunstancias. O que Gumperz e Wilson acharon é que estes falantes usan (e, por tanto, é de supor posúen) unha única gramática para as tres linguas, que só se manteñen aparte pola escolla de material léxico diferencial. En contraste, cando estas linguas son faladas por monolingües (ou cuasi-monolingües) noutros lugares, as súas gramáticas están ben diferenciadas. Isto mostra que no caso de bi- ou multilingüismo social a tendencia á economía de esforzo mental fai que as linguas en cuestión se reduzan a unha soa lingua a case todos os niveis. Como xa comentei, este é claramente o caso coa maioría dos neofalantes galegos, que usan a fonética, prosodia, sintaxe e semántica do castelán (vid. nestas Actas as miñas comunicacións “A(s) fonética(s) do galego” e “A historia moderna do galego e o continuo poscrioulo”), reducíndose así o seu “galego” á morfoloxía e a certa selección léxica (non moita, dado o empobrecemento radical do seu vocabulario).

A conclusión que debemos tirar do presente estudio é que unha lingua sen falantes nativos auténticos non é tal lingua, senón só un espectro dela. Por tanto, se o galego queda sen falantes nativos (como parece que vai quedar de aquí a pouco), o galego deixará de existir como lingua viva, e tornarase nunha lingua morta tipo latín ou hitita, coñecida parcialmente (con toda probabilidade, cada vez máis parcialmente) por un grupo de entusiastas que aínda teiman practicala, mais ou menos coma quen practica o bridge, a ximnasia sueca ou o aerodelismo.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, X. (1973): *Informe –dramático– sobre la lengua gallega*. Madrid: Akal.
- Fernández Rodríguez, M. e Rodríguez Neira, M., (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Ferro Ruibal, X. (1994): “¿Vai morre-lo galego?”. *La Voz de Galicia* 27.11.1994.
- Fishman, J. (1991): *Reversing Language Shift*. Clevedon, Avon: Multilingual Matters.
- García Negro, P. (1991): *O galego e as leis*. Vilaboa, Pontevedra: Edicións do Cumio.
- García Sabell, D. (1994): “Estamos a dar un novo paso avante”. *O Correo Galego* 6.1.1994
- García, C. (1975): “Interferencias lingüísticas entre castellano y gallego”. *Revista Española de Lingüística* 6: 327-43.
- Genesee, F., Hamers, J., Lambert, W.E., Monomen, L., Seitz, M. e Starck, R. (1978): “Language Processing in Bilinguals”. *Brain and Language* 5: 1-12.
- Gumperz, J.J. e Wilson, R.D. (1971): “Convergence and creolization: A case from the Indo-Aryan-Dravidian border”. In Hymes, D., (ed.), *Pidginization and Creolization of Languages*. Cambridge: Cambridge University Press, 151-69.
- Hindley, R. (1990): *The Death of the Irish Language*. London: Routledge.
- Lenneberg, E. (1967): *Biological Foundations of Language*. New York: Wiley.
- Ninyoles, R. (1972): *Idioma y poder social*. Madrid: Tecnos.
- Piñeiro, R. (1973): “Carta a don Manuel Rodríguez Lapa”. *Grial* 42: 389-402.
- Rodríguez, F. (1980): “Filosofía lingüística da Constitución Española. Os decretos do ensino do castelán e do galego”. En AA. VV. *Problemáticas das linguas sen normalizar: Situación do galego e alternativas*. AS-PG, Santiago: Xistral, 57-75. Reimpreso en Rodríguez, F., (1991<sup>3</sup>): *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galicia*. Santiago: Laiovento, 87-101.



## PANORAMA DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO GALEGO NOS UNIVERSITARIOS

*Modesto Rodríguez Neira*

Seminario de Sociolingüística. Real Academia Galega

Con esta comunicación preténdese mostrar un panorama xeral da actual situación sociolingüística do galego na poboación que acadou unha titulación universitaria ou está na súa procura. A información da que se parte procede dunha submostra de 4.158 estudantes ou titulados universitarios, tirada da mostra xeral do Mapa Sociolingüístico de Galicia<sup>1</sup>. O interese por este grupo baséase tanto nas notorias diferencias sociolingüísticas que amosa respecto á poboación que realizou estudos básicos obrigatorios<sup>2</sup>, coma no status prestixiado que acompaña a formación universitaria e o rol social que esta implica. Ámbolos dous trazos resultan esenciais para consideralo como grupo de elite. Por outra banda, se admitimos que os cambios lingüísticos poden estar favorecidos por aqueles sectores sociais que amosan algún tipo de prestixio e que as masas sociais tenden a emula-lo comportamento lingüístico dos sectores altos, as conductas lingüísticas desta ‘elite cultural’ deberían repercutir no futuro da lingua galega<sup>3</sup>. O grao de implan-

<sup>1</sup> Para as cuestións específicas de metodoloxía xeral empregada na elaboración do Mapa Sociolingüístico de Galicia, cf. Fernández Rodríguez, M. A. e Rodríguez Neira, M. A. (coords.) (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, R.A.G., pp. 13-30 e Fernández Rodríguez, M. A. e Rodríguez Neira, M. A. (coords.) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, R.A.G., pp. 15-34. En calquera caso, esta submostra de 4.158 entrevistados con algún grao de estudos universitarios será tratada como mostra independente onde o citado tamaño mostral representa o 100%.

<sup>2</sup> Sobre as distincións por estudos observadas no MSG, cf. Fernández Rodríguez, M. A. e Rodríguez Neira, M. A., *Lingua inicial...* pp. 53, 71, 111-114, 179, etc. e *Usos...* pp. 55-57, 94, 108, 122, 136, 150, 173, 208, etc. No terceiro volume do MSG, dedicado ás actitudes lingüísticas, tamén se apreciaron diferencias por estudos, se ben máis febles que no ámbito da lingua inicial, a competencia e os usos.

<sup>3</sup> É evidente que os estudos, e por extensión a cultura, non poden ser criterio dabondo para establecer grupos de elite. Non obstante, parece incuestionable que a sociedade considera este trazo como determinante, non só polas diferencias culturais senón polo estatus e os roles de prestixio que as titulacións superiores implican. Sobre criterios de determinación de elites pode verse, Bourdieu, P., *La distinción. Criterio y bases sociales del gusto*, Madrid, Taurus, 1991, pp. 477-494, Verbo das elites cf. Fishman, J. A., “Elites and rank-and-file: Contrast and contexts in etnolinguistics behavior an attitudes”, en Fishman, J. A., *Language & Ethnicity in Minority Sociolinguistic Perspective*, Clevedon, Philadelphia, Multilingual Matters, 1989, pp. 481-560. No relativo

tación do galego neste colectivo, especialmente nos usos prestixiados, o seu índice de mantemento ou abandono e as actitudes cara a este idioma constitúen tres predictores dos máis fiables para acomete-lo arriscado –e sen embargo, necesario– labor de indagar no porvir da lingua galega. Pero previamente repasemos algúns dos trazos sociolingüísticos que definen este colectivo.

### CARACTERIZACIÓN XERAL DA MOSTRA DE UNIVERSITARIOS

Esta mostra de universitarios caracterízase por un dominio da poboación nova (o 72,1% é menor de 41 anos e o 30% está comprendido entre os 18 e os 25) o maior peso do urbano (o 42,2% habita na cidade) e un lixeiro predominio dos homes. O reparto por titulacións é equitativo entre as de grao medio e superior e por profesión destacan as actividades non manuais (o 27,7% está realizando os estudos, o 26% dedícase á docencia, o 24,6% traballa na Administración e o 5,6% exerce algunha profesión liberal). Cómpre, así mesmo, subliñar que o 14% procede de fóra de Galicia.

Polo que atinxe ós trazos sociolingüísticos básicos, trátase dunha poboación inicialmente bastante castelanizada cun considerable predominio do emprego bilingüe. O 53,9% aprendeu a falar en castelán, se ben unicamente un 20,2% declara utilizar só esta lingua. A presenza monolingüe en galego queda limitada ó 28,9% que o tivo como lingua inicial e a un 12,3% na lingua habitual. A comparanza destes datos entre si e a diferenza entre as porcentaxes de bilingüismo inicial (16%) e habitual (67,5%) revelan unha decidida incorporación do emprego dos dous idiomas nas conductas lingüísticas habituais deste grupo.

Na historia lingüística familiar tamén destaca o alto grao de castelanización se o comparamos cos valores obtidos para a poboación en xeral. Preto de catro de cada dez entrevistados medraron en fogares onde os pais utilizan o castelán para falar entre eles. Así mesmo, para algo máis da metade deste colectivo o usual é falar con súa nai neste idioma. Non obstante, entre a lingua do ámbito familiar de procedencia e a habitual aprécianse diferenzas substanciais. No primeiro advertimos unha maior presenza das conductas monolingües de xeito que a utilización do galego como único idioma chega a

as cuestións básicas sobre o prestixio, determinantes en calquera análise sociolingüística, cf. Berruto, G., *Fondamenti di sociolinguistica*, Bari, Laterza, 1995, pp. 106-109 ou Moreno Fernández, F., *Metodología sociolingüística*, Madrid, Gredos, 1990, pp. 173-200. Por outra banda, non debe esquecerse que os idiomas son construcións sociais moi enraizadas nas sociedades e que o comportamento lingüístico e as decisións das clases dominantes, sobre todo políticas, con ser importantes para a vida das linguas non erradicán ou imponen, alomenos a curto prazo, un idioma. Por iso, a previsión do futuro estatus das linguas, aínda a partir de datos obxectivos e actuais, resulta sempre arriscada e non debe entenderse máis aló dunha aproximación especulativa que en ningún caso pode supera-la soleira do indicio. Sobre o primeiro aspecto, véxase por exemplo, Fishman, J., *Sociología del lenguaje*, Madrid, Cátedra, 1979, pp. 147-180; Burke, P., *Hablar y callar. Funciones sociales del lenguaje a través de la historia*, Barcelona, Gedisa, 1996. Os límites espaciais desta comunicación impídenme un tratamento máis polo miúdo destas cuestións.

acadar o 52,2% da lingua habitual dos pais. Nestes o emprego dos dous idiomas (18,6%) está case 49 puntos por debaixo do observado na mostra de universitarios.

Pese a esta presenza limitada do galego nos ascendentes familiares, a familia, onde case os dous tercios dos entrevistados (64,4%) adquiriron o galego, constitúe o ámbito máis destacado de adquisición desta lingua. Se a esta porcentaxe lle engadimos o 13,3% que declara aprendelo cos veciños ou cos amigos, a característica dominante é a aprendizaxe oral, espontánea e informal. A escola, exemplo do ensino formal e regulado, representa só o 12,1% do total.

Estes trazos concordan en boa medida cos da competencia lingüística en lingua galega deste colectivo de universitarios, definida por un elevado dominio oral e un menor coñecemento da escrita. Un 97,4% declara entende-lo galego bastante ou moito e un 77% afirma que pode falalo a este nivel. As cotas de dominio lector (75,6%) son semellantes. En cambio, a competencia escrita (56,7%), aínda sendo máis alta –como era esperable– ca da poboación en xeral, áchase a notoria distancia dos usos orais<sup>4</sup>.

### USOS LINGÜÍSTICOS. OS USOS PRESTIXIADOS, UNHA PAUTA DO PORVIR DA LINGUA

Dos varios factores de predicción do porvir dun idioma, impórtannos agora fundamentalmente dous: un de cantidade, outro de calidade. Polo primeiro, a cuantificación do número de falantes que empregan unha lingua, podemos sabe-lo grao de implantación dese idioma na comunidade; o segundo, as circunstancias nas que se utiliza, constitúe un bo parámetro do status de que goza unha lingua, de xeito que esta terá perspectivas favorables para o futuro non só por ser usada por un alto número de persoas senón por estar presente no maior número de situacións comunicativas, incluídas –loxicamente– as prestixiadas.


Por outra banda, é ben sabido, como se apuntaba máis arriba, que as masas tenden a considera-lo uso destes ‘grupos de elite’ como modelo prestixiado. No caso galego, dado que o prestixio foi asociado a unha das linguas –ó castelán– segundo certifica a historia lingüística desta comunidade, e non a algunha das variedades vernáculos como

<sup>4</sup> A composición desta submostra contrasta fortemente coa da *MSG* con menor nivel de estudos que nalgúns casos servirá de contraposto. Neste grupo (en diante de estudos elementais) só o 30,2% ten menos de 41 anos, un 15,4% vive na cidade, o 12,3% non cursou estudos, o 46,6% non rematou os primarios e un 41,6 completounos. O 31,1% son amas de casa, un 21% obreiros, o 20,1% labradores e un 7% empresarios. Cómpre, polo tanto, recordar que as diferencias sociolingüísticas entre as dúas submostras poden deberse, ademais dos estudos, a factores doutra natureza.

Tamén os trazos sociolingüísticos ofrecen diferencias considerables. No citado grupo de estudos elementais a presenza do galego é moito máis elevada. O 78,8% tívoo como lingua inicial e un 86,4% fálaos só (56,1%) ou maioritariamente (30,3%). Estas características concordan en boa medida coa competencia en galego que é moito máis elevada na modalidade oral ca na escrita como corresponde a unha adquisición espontánea (non regulada) da lingua, a un alto grao de utilización na fala e mesmo a unha herdanza lingüística familiar. O 93% oe a seus pais dialogar entre eles en galego e ó 90,7% súa nai fállalle neste idioma.

acontece nas sociedades monolingües, procede unha análise do uso neste grupo, en boa medida representativo do cultivo do castelán.

A natureza deste traballo obriga a limita-la descrición do uso ós ámbitos familiar, exemplo das interaccións informais e miolo da continuidade do idioma, mercantil e laboral, representativo dunha rede de interaccións menos densa cá anterior e a algúns outros que implican unha maior formalidade sexa pola condición do interlocutor (neste caso o médico especialista) pola situación na que se fala (oficinas da Administración), polo tipo de variedade empregada, caso da escrita, ou polo grao de familiaridade.



O gráfico 1, síntese da conducta lingüística destes universitarios, amosa trazos característicos deste colectivo, especialmente no relativo ó alto grao de castellanización. O emprego do castelán supera en tódolos ámbitos –agás no uso cos avós e coa Administración– ó do galego. A utilización daquela lingua incrementase ó interaccionar coa descendencia, no uso escrito, e diante dun interlocutor descoñecido ou de maior status. Estes últimos comportamentos –hábitos e inercia á parte– deben ser interpretados como indicio dunha equivalencia ‘prestixio  $\equiv$  castelán’. Correlativamente, no senso oposto, tende a producirse un incremento do emprego do galego.

A táboa 1 mostra máis polo miúdo estas diferencias entre as distintas conductas. O maior enraizamento do monolingüismo en galego aparece asociado ás interaccións familiares –agás no emprego habitual coas fillas onde se rexistra o menor grao de utilización desta lingua– e a aqueles usos que implican un maior grao de familiaridade ou confianza, salvo coa Administración. A lectura dos valores da columna ‘só galego’ confirma un forte descenso do emprego deste idioma na familia chegando a reducirse de



avós a netos 33,6 puntos, é dicir, un 67,74%. Tamén é digno de mención o feble incremento do emprego do galego naquelas situacións que supoñen un certo grao de emotividade, caso das reprimendas ós fillos.

**Táboa 1. Usos lingüísticos dos universitarios**

| Usos                      | Lingua usada (%)         | só castelán | máis castelán | máis galego | só galego |
|---------------------------|--------------------------|-------------|---------------|-------------|-----------|
| <b>Habitual</b>           | Habitualmente            | 20,2        | 40,7          | 26,8        | 12,3      |
| <b>Usos familiares</b>    | Cos avós maternos        | 30,7        | 10,4          | 9,3         | 49,6      |
|                           | Coa nai                  | 39,3        | 15,6          | 7,1         | 38,0      |
|                           | Coas fillas              | 52,1        | 22,6          | 9,3         | 16,0      |
|                           | Para reprender ós fillos | 52,3        | 15,4          | 9,8         | 22,5      |
| <b>Usos mercantís</b>     | Na compra diaria         | 38,4        | 18,6          | 12,0        | 30,9      |
|                           | Na compra non habitual   | 46,9        | 20,6          | 11,3        | 21,2      |
| <b>Usos laborais</b>      | Cos compañeiros no trab. | 31,1        | 26,5          | 21,3        | 21,1      |
|                           | Cos empregados no trab.  | 37,4        | 24,1          | 19,0        | 19,5      |
|                           | Cos superiores no trab.  | 44,2        | 21,7          | 15,6        | 18,5      |
| <b>Usos formais</b>       | Coa Administración       | 35,4        | 14,0          | 11,9        | 38,5      |
|                           | Co médico especialista   | 63,6        | 12,3          | 6,4         | 17,7      |
| <b>Usos escritos</b>      | Na lectura               | 31,0        | 61,5          | 7,2         | ,3        |
|                           | Para deixar nota escrita | 58,0        | 16,5          | 10,8        | 14,7      |
| <b>Uso grao confianza</b> | En confianza             | 34,0        | 22,0          | 14,7        | 29,4      |
|                           | Cun descoñecido          | 60,7        | 14,7          | 8,7         | 16,0      |

Os usos mercantís amosan o probable influxo da familiaridade sobre a utilización do galego. O contacto esporádico das compras non habituais parece prima-la aparición do castelán. Fenómeno semellante ocorre nas interaccións laborais ó introduci-lo factor status: o uso do galego decae lixeiramente, respecto ó mesmo nivel xerárquico, ó falar cos empregados e ó dirixirse ós superiores<sup>5</sup>.

No epígrafe denominado xenericamente ‘usos formais’, apréciase cómo a presenza do médico especialista, símbolo de saber e autoridade arrastra ó uso do castelán. En cambio, a relación coa Administración Autonómica parece inducir ó emprego do galego, malia a que case a metade dos entrevistados utilice o castelán.

En consonancia coa competencia lingüística, os usos escritos aparecen dominados polo castelán, mesmo naqueles que requiren un baixo grao de formalidade, como é o caso de deixar unha nota escrita.

<sup>5</sup> As baixas correlacións destas variables coas sociais, obríganme a interpretar con moita cautela a posible influencia de factores coma a familiaridade, o estatus, etc. sobre o cambio de conducta lingüística, aínda que os resultados globais sobre cada uso avalen tal influxo. É probable que as diferencias apreciadas se deban tamén a outros elementos contextuais (lingua do interlocutor, tema, etc.). En calquera caso, as limitacións desta comunicación, a súa natureza descritiva e o seu carácter aproximativo afórnanme unha referencia máis miúda destas cuestións.

Por último, o eixo coñecido/descoñecido tamén parece incidir no cambio de conducta lingüística. O uso do galego aumenta, como queda dito, coa maior familiaridade e diminúe diante do interlocutor descoñecido.

### LINGUA INICIAL, RETENCIÓN LINGÜÍSTICA E DIRECCIÓN DO CAMBIO

Outro dos predictores do futuro dun idioma é a fidelidade á lingua primeira porque sempre que o uso desta se mantéña nun alto grao calquera idioma terá asegurada a súa transmisión xeracional e, xa que logo, a súa continuidade. Pola contra, cando o índice de abandono é alto corre o risco de desaparecer.

**Táboa 2. Relación entre lingua inicial e habitual**

| L. habitual ↓        | Lingua inicial |          |         |        | Total |
|----------------------|----------------|----------|---------|--------|-------|
|                      | Galego         | Castelán | As dúas | Outras |       |
| <b>Só castelán</b>   | 4              | 800      | 13      | 21     | 838   |
|                      | ,5             | 95,5     | 1,6     | 2,5    | 20,2  |
|                      | ,3             | 35,7     | 2,0     | 40,4   |       |
|                      | ,1             | 19,2     | ,3      | ,5     |       |
| <b>Máis castelán</b> | 172            | 1.108    | 391     | 22     | 1.693 |
|                      | 10,2           | 65,4     | 23,1    | 1,3    | 40,7  |
|                      | 14,3           | 49,5     | 58,7    | 42,3   |       |
|                      | 4,1            | 26,6     | 9,4     | ,5     |       |
| <b>Máis galego</b>   | 605            | 267      | 236     | 6      | 1.114 |
|                      | 54,3           | 24,0     | 21,2    | ,5     | 26,8  |
|                      | 50,4           | 11,9     | 35,4    | 11,5   |       |
|                      | 14,6           | 6,4      | 5,7     | ,1     |       |
| <b>Só galego</b>     | 419            | 65       | 26      | 3      | 513   |
|                      | 81,7           | 12,7     | 5,1     | ,6     | 12,3  |
|                      | 34,9           | 2,9      | 3,9     | 5,8    |       |
|                      | 10,1           | 1,6      | ,6      | ,1     |       |
| <b>Total</b>         | 1.200          | 2240     | 666     | 52     | 4.158 |
|                      | 28,9           | 53,9     | 16,0    | 1,3    | 100   |

A lectura por columna da táboa 2 indica que o grao de retención ou fidelidade lingüística medido pola relación entre lingua inicial e habitual é semellante en ámbolos dous idiomas. Un 34,9% dos que aprenderon a falar en galego e un 35,7% dos que o fixeron en castelán manteñen un grao absoluto de retención. Os abandonos feble (50,4% no galego e 49,5% no castelán) e medio (14,3% para o galego, 11,9% para o castelán) son así mesmo análogos. En calquera caso, o trazo dominante indica unha tendencia a confluír nas conductas bilingües e anuncia unha propensión ó maior abandono no gale-

go que no castelán. O 95,5% dos usuarios habituais desta lingua tivoa como inicial, fronte ó 81,7% (13,8 puntos menos) nos monolingües en galego. Así mesmo, o 65,4 dos que se valen máis do castelán foron monolingües iniciais neste idioma contra o 54,3% (11,1 puntos menos) nos falantes maioritarios do galego.

**Táboa 3. Relación entre a lingua inicial e a habitual nos universitarios que cambiaron de lingua**

| L. habitual ↓        | Lingua inicial |          |         |        | Total |
|----------------------|----------------|----------|---------|--------|-------|
|                      | Galego         | Castelán | As dúas | Outras |       |
| <b>Só castelán</b>   | 4              | 10       | 8       | 9      | 31    |
|                      | 12,9           | 32,3     | 25,8    | 29,0   | 1,2   |
|                      | ,5             | ,7       | 4,7     | 25,0   |       |
|                      | ,2             | ,4       | ,3      | ,4     |       |
| <b>Máis castelán</b> | 172            | 1.108    | 59      | 18     | 1.357 |
|                      | 12,7           | 81,7     | 4,3     | 1,3    | 54,4  |
|                      | 20,5           | 76,4     | 34,3    | 50,0   |       |
|                      | 6,9            | 44,4     | 2,4     | ,7     |       |
| <b>Máis galego</b>   | 605            | 267      | 79      | 6      | 957   |
|                      | 63,2           | 27,9     | 8,3     | ,6     | 38,3  |
|                      | 72,2           | 18,4     | 45,9    | 16,7   |       |
|                      | 24,2           | 10,7     | 3,2     | ,2     |       |
| <b>Só galego</b>     | 57             | 65       | 26      | 3      | 513   |
|                      | 37,7           | 43,0     | 17,2    | 2,0    | 12,3  |
|                      | 6,8            | 4,5      | 15,1    | 8,3    |       |
|                      | 2,3            | 2,6      | 1,0     | ,1     |       |
| <b>Total</b>         | 838            | 1.450    | 172     | 36     | 2.496 |
|                      | 33,6           | 58,1     | 6,9     | 1,4    | 100   |

Afondemos agora algo máis na dirección do cambio. A táboa 3 recolle a relación entre a lingua inicial e a habitual dos universitarios que experimentaron cambios no uso. Esta información, máis selectiva, corrobora a tendencia xa esbozada dunha confluencia cara ó bilingüismo. O 97,2 % dos que tiveron por lingua materna o galego maniféstase maioritariamente bilingüe en galego (72,2%) ou en castelán (20,5%). O 6,8% de monolingüismo en galego, tendo en conta que se trata de entrevistados que cambiaron de lingua, cómpre interpretalo como exemplo de regaleguización. Semellante distribución achamos nos castelanfalantes iniciais: o 94,8% cambiou ós usos bilingües, se ben cun lixeiro maior grao de retención lingüística (o 76,4 usa ‘máis castelán’ e o 18,4 ‘máis galego’). O 4,5% enténdese como caso de galeguización. Nótese, ademais, que o 80,2% dos bilingües iniciais mantense nas súas linguas primeiras, constituíndo así o grupo con maior grao de retención lingüística. Poderíamos afirmar, xa que logo, que a tendencia do cambio entre os universitarios oriéntase cara a un bilingüismo no que parece pesar máis a respectiva lingua de procedencia.

Por último convén coñecer en que grupos e a que idade tende a producirse o cambio lingüístico. Os datos analizados indican que este fenómeno afecta ó 60% dos entrevistados (2,496). Deles tenden a mudar máis de comportamento lingüístico os galegofalantes iniciais (69,8%), aqueles que en 1992 tiñan entre 26 e 40 anos (43,7%), os nados no medio rural (38,3%) e os colectivos profesionais de docentes (29,4%), estudantes (23,8%), titulados da Administración e da empresa (17,7%), persoal de Administración e dos servicios (7,6%) e profesións liberais (5,4%). Entre os motivos que provocaron o cambio de lingua destacan a adaptación ó medio (32%), por vontade propia (24%) (18,3% nos maiores de 40 anos), influxo do ensino e razóns de tipo laboral (11,8%) sobre todo nos maiores de 40 (16,8%). Non obstante, o noso interese pola dimensión temporal do cambio obríganos a matizala evolución do fenómeno por idade.

A táboa 4 presenta a evolución intraxeracional do cambio segundo a lingua inicial dos universitarios. A característica máis salientable volve a se-la caída do monolingüismo e o incremento das conductas bilingües ó longo da vida dos individuos, especialmente a prol das opcións maioritarias das respectivas linguas de partida. A táboa mostra, ademais, que o abandono dos usos monolingües prodúcese fundamentalmente a partir dos 13 anos, idade na que o individuo amplía considerablemente a súa rede de relacións sociais máis aló do ámbito familiar, en moitos casos por razóns de estudos.

**Táboa 4. Distribución do cambio por idade segundo a lingua inicial**

| Lingua usada en cada período da vida do entrevistado | Universitarios de lingua inicial galego |           |           |              | Universitarios de lingua inicial castelán |           |           |              |
|--|---|-----------|-----------|--------------|---|-----------|-----------|--------------|
|  | Ata os 13                               | Dos 14-18 | Dos 19-30 | Desp. dos 31 | Ata os 13                                 | Dos 14-18 | Dos 19-30 | Desp. dos 31 |
| Só castelán  | ,4                                      | 1,7       | 1,9       | ,6           | 72,2                                      | 34,4      | 7,4       | ,8           |
| Máis castelán  | 7,9                                     | 28,2      | 26,3      | 22,1         | 26,2                                      | 56,5      | 71,6      | 76,4         |
| Máis galego  | 49,3                                    | 59,7      | 67,0      | 71,2         | 1,5                                       | 7,9       | 17,2      | 18,6         |
| Só galego  | 42,5                                    | 10,3      | 4,8       | 6,2          | ,0  | 1,2       | 3,7       | 4,3          |

En cambio, se a comparanza a establecemos segundo a evolución do uso por xeración obsérvase que a perda do galego é máis forte cá do castelán (táboa 5), malia certo incremento do monolingüismo en galego cos fillos, tanto no grupo de monolingües iniciais neste idioma (8,5 puntos) coma nos do castelán (1,4 puntos). En calquera caso, estes resultados son moi inferiores ós do emprego monolingüe en castelán, onde o uso coa descendencia aumenta 16,9 e 36,6 puntos respectivamente. Na citada táboa 5 –onde se compara a lingua habitual coa utilizada cos fillos pola inicial dos entrevistados– pódese apreciar ademais cómo o emprego do castelán cos fillos entre os galegofalantes iniciais (17,2% e 20,0% respectivamente) é máis elevado có uso do galego (4,3% e 4,8%) entre quen aprendeu a falar en castelán; ou ben, visto noutro sentido, a utilización da propia lingua cos fillos entre os galegofalantes iniciais é menor 62,8% (43,4 en ‘só galego’) ca entre os castelanfalantes iniciais 90,9% (72,3 en ‘só castelán’).

Táboa 5. Uso habitual e cos fillos por lingua inicial

| Uso ling. (%) | Universitarios de lingua inicial galego |            | Universitarios de lingua inicial castelán |            |
|---------------|---|------------|---|------------|
|               | Habitual                                | Cos fillos | Habitual                                  | Cos fillos |
| Só castelán   | 0,3                                     | 17,2       | 35,7                                      | 72,3       |
| Máis castelán | 14,3                                    | 20,0       | 49,5                                      | 18,6       |
| Máis galego   | 50,4                                    | 19,4       | 11,9                                      | 4,8        |
| Só galego     | 34,9                                    | 43,4       | 2,9                                       | 4,3        |

Este fenómeno obsérvase tamén ó contrasta-lo uso de dúas xeracións non continuas. A táboa 6 relaciona o idioma habitual da avoa materna do entrevistado coa lingua habitual deste. A comparanza dos resultados é ben elocvente: mentres nas avoas monolingües en castelán, o 90,6% (45,5% e 45,1% respectivamente) apreciaría un alto grao de retención desta lingua entre os seus netos, só un 57,2% (19,3 e 37,9) das monolingües en galego vería conservado o seu idioma na súa segunda descendencia. Advírtase, ademais, que o grao de retención total no monolingüismo é moito máis elevado en castelán (45,5%) que en galego (19,3%), situado 26,2 puntos por debaixo. Na lectura por fila, observarase que o 47,5% (11,8 + 35,7) dos entrevistados monolingües habituais en castelán e o 74,3% (59,4 + 14,9) dos que falan máis nesta lingua teñen unha avoa galego falante. A comparanza das conductas bilingües amosa, así mesmo un notable avance dos usos dominados polo castelán. Non só o 67,4% das avoas falantes de ‘máis castelán’ observarían a mesma conducta lingüística nos seus netos, senón que 21,7% oíríalos falar só neste idioma. Pola contra, unicamente o 17,3% das avoas usuarias de ‘máis galego’ vería conservado este uso; un 80% escoitaría ós seus netos falar maioritariamente (61,3) ou só (18,8) en castelán.

Táboa 6. Relación entre a lingua da avoa materna e a lingua habitual dos universitarios

| L. habitual ↓ | Lingua da avoa materna |               |             |           | Total |
|---------------|------------------------|---------------|-------------|-----------|-------|
|               | Só castelán            | Máis castelán | Máis galego | Só galego |       |
| Só castelán   | 241                    | 38            | 63          | 190       | 532   |
|               | 45,3                   | 7,1           | 11,8        | 35,7      | 15,6  |
|               | 45,5                   | 21,7          | 18,8        | 8,0       |       |
|               | 7,1                    | 1,1           | 1,8         | 5,6       |       |
| Máis castelán | 239                    | 118           | 206         | 823       | 1.386 |
|               | 17,2                   | 8,5           | 14,9        | 59,4      | 40,6  |
|               | 45,1                   | 67,4          | 61,3        | 34,7      |       |
|               | 7,0                    | 3,5           | 6,0         | 24,1      |       |
| Máis galego   | 40                     | 16            | 58          | 899       | 1.013 |
|               | 3,9                    | 1,6           | 5,7         | 88,7      | 29,7  |
|               | 7,5                    | 9,1           | 17,3        | 37,9      |       |
|               | 1,2                    | 5,7           | 1,7         | 26,4      |       |
| Só galego     | 10                     | 3             | 9           | 458       | 480   |
|               | 2,1                    | ,6            | 1,9         | 95,4      | 14,1  |
|               | 1,9                    | 1,7           | 2,7         | 19,3      |       |
|               | ,3                     | ,1            | ,3          | 13,4      |       |
| Total         | 530                    | 175           | 336         | 2.370     | 3.411 |
|               | 15,5                   | 5,1           | 9,9         | 69,5      | 100   |

Segundo o visto, puidemos comprobar que o cambio se orienta, na dimensión intraxeracional cara ó bilingüismo, en tanto que unha metade dos monolingües iniciais incorporou nalgún grao o outro idioma ó seu uso habitual. A comparanza entre xeracións reflicte unha clara tendencia ó menor uso do galego e un moderado incremento do castelán a medida que descendemos cara ás mais novas. En calquera caso, as tendencias dominantes indican claramente que o idioma menos favorecido é o galego.

#### AS ACTITUDES CARA Á LINGUA

A táboa 7 amosa que a maioría das actitudes cara ó uso do galego en ámbitos e situacións prestixiados son bastante ou moi favorables, e mesmo mellores no grupo menor de 41 anos que entre os universitarios maduros.

A lectura por columna en calquera das dúas submostras revela que as manifestacións máis positivas sobre o emprego do galego corresponden ós seus usos na Administración Autonómica e Local, no ámbito forense e na toponimia. As máis negativas á utilización docente, toponímica, contractual e litúrxica. O feito de que o toponímico provoque as respostas máis extremas é ben elocuente das distintas concepcións da sinalética pública (A / La Coruña, Puebla / Póboa, etc.).

**Táboa 7. Actitudes cara ó uso do galego en distintos ámbitos por idade**

| Actit. cara ó uso do galego | Universitarios<br>menores de 41 anos |         |        | Universitarios<br>maiores de 40 anos |         |        |
|-----------------------------|--------------------------------------|---------|--------|--------------------------------------|---------|--------|
|                             | Negat.                               | Ig/Ind. | Posit. | Negat.                               | Ig/Ind. | Posit. |
| Na Xunta/Concellos          | 4,9                                  | 25,3    | 69,8   | 14,3                                 | 31,4    | 54,3   |
| Nun contrato/testamento     | 13,1                                 | 42,1    | 44,8   | 35,4                                 | 36,9    | 27,8   |
| Nun xuízo                   | 8,8                                  | 21,1    | 70,0   | 23,5                                 | 24,3    | 52,2   |
| Na liturxia                 | 15,8                                 | 52,5    | 31,8   | 29,9                                 | 41,7    | 28,5   |
| Na toponimia                | 20,9                                 | 11,8    | 67,4   | 33,4                                 | 15,7    | 50,9   |
| Nas clases                  | 31,9                                 | 18,4    | 49,8   | 50,5                                 | 14,7    | 34,8   |
| Na escola                   | 24,9                                 | 16,4    | 58,6   | 44,7                                 | 15,5    | 39,8   |

Máis complexo resulta entende-lo notable rexeitamento no ensino (tanto dentro da aula no acto docente –o máis alto– coma na institución escolar) se recordamos que docentes e estudantes son os dous colectivos con maior peso da mostra, representando en conxunto (53,6%) máis da metade da mesma. Os resultados do ítem '*Lingua preferida para as clases*' (castelán no 36,9% dos menores de 41 anos e o 59,3% nos maiores de 40; galego no 22,2% e no 15,4% respectivamente) concordan ben cos das actitudes cara ó uso do galego nas clases e na escola recollidos na táboa 7. Non hai, xa que logo, contradición. Moitos poderían se-los factores que motivan un maior rexeitamento do galego neste ámbito prestixiado, polo que unha explicación axeitada merece unha investigación específica. Non obstante, o noso contacto con estes colectivos lévanos a destacar

dúas causas: o peso dunha tradición docente case monolingüe en castelán –as diferencias de 20 puntos no rexeitamento do galego entre os dous subgrupos de idade recollidas na táboa 7 son ben significativas ó respecto– e certa inercia tanto do propio sistema educativo coma da sociedade, remisos a admitiren modificacións profundas neste eido. En calquera caso, o futuro do galego no ámbito educativo perflíase, segundo as actitudes desta mostra de universitarios, pouco nidio.

Tamén as actitudes cara ó futuro do idioma no relativo ó seu fomento, obriga de coñecelo, etc. son claramente positivas. Sen embargo, no tocante á transmisión da lingua, os universitarios móstranse menos favorables. Case un 78% entende que ós nenos se lles debe falar na casa as dúas linguas (táboa 9) e unha cuarta parte rexeita que os pais castelanfalantes (táboa 8) se dirixan ós seus fillos en galego. En calquera caso, as actitudes cara á lingua galega son, en conxunto, máis favorables no grupo de universitarios menores de 41 anos que no de maiores de 40.



**Táboa 8. Actitudes sobre futuro e transmisión do galego por idade**

| Actitudes sobre...                      | Universitarios<br>menores de 41 anos |         |        | Universitarios<br>maiores de 40anos |         |        |
|---|--------------------------------------|---------|--------|-------------------------------------|---------|--------|
|   | Negat.                               | Ig/Ind. | Posit. | Negat.                              | Ig/Ind. | Posit. |
| o fomento do galego                     | 2,0                                  | 5,7     | 92,4   | 5,6                                 | 8,6     | 85,9   |
| os pais galf. que falan ós fillos cast. | 12,1                                 | 22,3    | 65,7   | 24,2                                | 26,2    | 49,6   |
| os pais cstf. que falan ós fillos gal.  | 25,5                                 | 27,5    | 47,0   | 24,1                                | 30,7    | 44,2   |
| desexo de mellora-lo galego             | 9,1                                  | 14,0    | 76,9   | 17,0                                | 17,4    | 65,6   |
| a importancia do galego                 | 6,7                                  | 32,0    | 61,3   | 9,1                                 | 36,9    | 53,9   |
| a obriga coñece-lo galego               | 7,3                                  | 4,0     | 88,6   | 8,6                                 | 4,6     | 86,9   |

**Táboa 9. Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa e lingua que deben fala-los galegos por idade**

| Idade dos universit. | Lingua que se lles debe<br>aprender ós nenos na casa |         |          | Lingua que deben<br>fala-los galegos |         |          |
|----------------------|--|---------|----------|--------------------------------------|---------|----------|
|                      | Galego   | As dúas | Castelán | Galego                               | As dúas | Castelán |
| <b>Menores de 41</b> | 17,3   | 77,9    | 4,7      | 33,1                                 | 66,3    | 0,7      |
| <b>Maiores de 40</b> | 11,7   | 77,8    | 10,4     | 24,8                                 | 72,7    | 2,5      |

A previsión do futuro lingüístico de Galicia, máis que unha estimación fiable do porvir da lingua debe interpretarse coma unha opinión que nalgunha medida encobre unha actitude cara ó idioma. Os gráficos 2 e 3 indican unha tendencia dos entrevistados a supoñer que no futuro se falará máis en galego. Esta consideración aparece asociada á maior relación que os entrevistados manteñen coa lingua. Así, mentres os universitarios de lingua inicial castelán ou os usuarios habituais deste idioma prevén un futuro bilingüe ou mesmo máis castelanizado, quen tivo por lingua primeira o galego ou o emprega en maior grao entende que aumentará o uso oral da súa lingua.



A táboa 10 recolle a vixencia dalgúns prexuízos que presuntamente funcionaron no pasado, reforzando a imaxe desfavorable que o galego padeceu antano. Os resultados son ben categóricos e demostran que non parece existir –alomenos como xuízo previo– a suposta identificación do galego cos trazos dunha menor consideración social, menos estudos ou menor facilidade de relación dos seus usuarios.

**Táboa 10. Prexuízos sobre status e sociabilidade do galego por idade**

| Prexuízos             | Universitarios menores de 41 anos |         |      | Universitarios maiores de 40 anos |         |      |
|-----------------------|-----------------------------------|---------|------|-----------------------------------|---------|------|
|                       | Si                                | Ig/Ind. | Non. | Si                                | Ig/Ind. | Non. |
| Falar cast. supón...  |                                   |         |      |                                   |         |      |
| maior respecto        | ,5                                | 8,7     | 90,8 | 1,2                               | 13,5    | 85,3 |
| maior consider soc.   | 1,9                               | 5,2     | 92,9 | 3,6                               | 9,3     | 87,2 |
| máis estudos          | 6,7                               | 8,4     | 84,9 | 14,1                              | 13,3    | 72,6 |
| maior facil. relación | 15,9                              | 9,8     | 73,3 | 28,3                              | 13,7    | 58,0 |

Sen embargo, cómpre reparar nese 28,3% dos maiores de 40 anos e mesmo no 15,9% dos universitarios menores de 41 que cren que o emprego do castelán facilita a relación social.



Esta breve incursión polas características sociolingüísticas dos universitarios permítenos, aínda que de xeito aproximativo e nunca con carácter absoluto, avalia-lo presente e albisca-lo futuro da lingua galega neste grupo, concibido desde o principio como unha mostra de 'elite cultural'. Pese ás limitacións citadas, arriscámonos a aventurar algunhas hipóteses sobre o porvir do galego neste colectivo, coa idea de que puideran resultar útiles para prover solucións de cara a un futuro que, segundo o exposto anteriormente semella bastante difuso. Non obstante, pese á falla dunha verificación máis rigorosa do influxo que estas elites exercen sobre a poboación no relativo ós valores lingüísticos, os datos expostos arriba indican a conveniencia de que este colectivo varíe as súas condutas lingüísticas a prol da lingua galega, co que a consideración social deste idioma resultaría substancialmente mellorada. Un cambio no comportamento lingüístico das elites sería un excelente lévedo para mellora-lo status social do galego.

Polo que atinxe á competencia, o elevado dominio oral do galego facilitaríase o desenvolvemento das interaccións orais, as máis frecuentes, e quizais importantes nunha comunidade. Sen embargo, certo descenso desta competencia lingüística oral na mocidade non só alerta sobre unha mingua das capacidades orais senón que indica que esta práctica do galego tende a diminuír. Neste apartado a mellora das competencias escritas nas xeracións novas non só resulta insuficiente para compensa-la referida falla na lingua falada, senón que, como é ben sabido, o dominio escrito dun idioma non asegura a súa continuidade.

Respecto do uso, cómpre insistir en que constitúe o miolo da continuidade de calquera lingua. Os resultados sobre a práctica do galego non se desvían demasiado do esperado, sobre todo se temos en conta os condicionamentos históricos que experimentou a lingua galega. Sen embargo, a firmeza e regularidade dos cambios que puidemos comprobar nas condutas lingüísticas destes entrevistados, tanto intraxeracionalmente cara ó bilingüismo como dunha a outra xeración a prol do castelán, inducen a pensar nunha crecente presenza bilingüe orientada cara a esta lingua, a longo prazo beneficiosa para o idioma de maior status, segundo demostra a historia social das linguas. En calquera caso, aténdonos ó tratado nas páxinas anteriores, e coñecidas as circunstancias sociais e lingüísticas das sociedades modernas (maior universalidade, multilingüismo, etc.) difícil será acada-las cotas tradicionais de monolingüismo en galego.

Polo que se refire ó uso escrito –condicionamentos históricos á parte, xa que dous tercios da mostra non estudiaon galego na escola– o baixo índice de uso escrito do galego nun grupo desta natureza [só un 7,5% le habitualmente en galego e unha cuarta parte (25,5%) o usa para escribir unha nota] connota un interese relativo non só pola variedade escrita, senón polo idioma mesmo, pese a que máis da metade (54,8) declare interesarse por el, e un 73,8% responda que lle gustaría melloralo<sup>6</sup>.

<sup>6</sup> Na práctica, menos dun tercio (31,7%) realizou algún curso de galego e de quen os cursou case a metade (45,4%) foi para mellorar profesionalmente, o resto (54,6%) por interese cara á lingua. Destes cursos o 92,5% estaban homologados pola Administración Autonómica.

No tocante ás actitudes, aínda que os resultados globais son moi favorables, a discordia entre o que nelas se aprecia e o comportamento lingüístico inclínanos a pensar que en moitos casos non impliquen máis aló dunha simple ‘declaración de boas intencións’. Por iso imos interpretalas como ‘actitudes permisivas’ quizais bastante afastadas dun compromiso real coa lingua. As diferencias que achamos entre os entrevistados maiores e os novos inclínanos a depositar nestes últimos as mellores esperanzas.

## O PROCESO DE NEGOCIACIÓN CONVERSACIONAL DA ESCOLLA DE CÓDIGO NUNHA INTERACCIÓN NO MERCADO DE LUGO

Xoán Paulo Rodríguez Yáñez

Facultade de Filoloxía e Traducción. Universidade de Vigo

### INTRODUCCIÓN<sup>1</sup>

O noso interese céntrase no estudio da fala en situacións reais de comunicación, o que se dá en chamar *lingua real*. Máis concretamente, interézanos a análise da fala bilingüe, ou do que en correspondencia coa denominación de lingua real podemos chamar *bilingüismo real*. Situámonos na perspectiva da sociolingüística interaccional (Gumperz, 1982) e da súa aplicación á análise interpretativa da conversa bilingüe (Gumperz, 1982; Auer, 1984a, 1984b, 1988, 1995), que considera que as *alternancias de código* (*code-switching*) son estratexias conversacionais da maior importancia na creación e negociación conversacional das identidades dos participantes nunha interacción. Esta perspectiva de estudio da fala bilingüe ten sido aplicada por vez primeira ó caso de Galicia por Álvarez-Cáccamo (entre outros, nos traballos de 1990a, 1990b, 1993, 1996)<sup>2</sup>.

Aplicando estes intereses ó caso galego, escollemos traballar sobre o mercado da cidade de Lugo por unha serie de razóns teóricas e metodolóxicas, entre as que destaca o feito de que os mercados son espacios de sociabilidade, onde se vai non só para comprar senón tamén para charlar (ver Rodríguez Yáñez, 1995). Esta característica facilita a nosa adopción do rol de observador participante para a obtención de material sonoro.

Dentro das interaccións entre locutores bilingües na Galicia actual, podemos atopar xeitos bastante diversos entre si de *ser bilingües* (Lüdi & Py, 1986), de presentarnos

<sup>1</sup> Esta comunicación baséase na Tese de Doutoramento (inédita) Estratexias de comunicación nas interaccións cliente-vendedor no mercado da cidade de Lugo: as alternancias de lingua galego / castelán e a negociación da escolla de lingua, defendida na Universidade da Coruña en 1995 baixo a dirección de Mauro A. Fernández.

<sup>2</sup> Ver tamén o traballo de Argente Giralt e Lorenzo Suárez, “A relevancia social da alternancia lingüística”, Cadernos de lingua 3, 1991, pp. 91-109.

como tales a través da actividade conversacional que os locutores levamos a cabo nas nosas interaccións cotiás. Estas diferencias sociolingüísticamente relevantes poderían atoparse en alomenos dous niveis conversacionais: un nivel xeral das estratexias da construción do discurso e un nivel específico dos repertorios bilingües dos participantes. Para exemplificar isto último imos ver a continuación unha interacción na que hai unha disimetría entre modelos de comportamento bilingüe.

### **Na chacinería (I)**

Trátase dunha interacción que ten lugar nunha das chacinerías do mercado, con dous participantes, cliente e vendedor. Sinalemos que se trata do inicio absoluto da relación entre estes dous locutores: este feito ten gran importancia nos procesos de negociación da escolla de código posto que nas interaccións con descoñecidos é habitual adoptar usos lingüísticos que configuren un contexto conversacional e interpretativo de neutralidade.

Por un lado, a institución social da compra-venda fornece, como toda institución social, un cadro situacional cunhas pautas xenéricas e orientadoras do comportamento, asociadas a unha distribución de roles: hai un cliente e hai un vendedor. A adopción lingüística destas pautas non marcadas dá seguridade ós participantes; concretamente os vendedores preséntanse a través delas coma *profesionais* da venda.

Por outro lado, o certo é que o obxectivo principal do participante co rol de vendedor é satisfacer axeitadamente o cliente por causa dun interese económico. Así, forma parte das expectativas dos clientes o feito de que o vendedor tenda a converxer lingüísticamente con eles, acomodándose, alomenos en certo grao, ás escollas de código que aqueles propoñan.

Sen embargo, como imos ver a continuación, os procesos de negociación de escollas de código relativamente novidosas (é dicir, interpretadas por algún dos participantes como novidosas) serán levadas a cabo con sumo coidado.

Nas interaccións comerciais dos mercados (de xeito parecido ó que sucede nas tendas de barrio) son frecuentes as secuencias de actividade puramente conversacional. A maioría das veces están inseridas entre secuencias estritamente comerciais: entre por un lado aquelas secuencias de petición do produto por parte do cliente, definición (cooperativa ou non) das súas características, eventual releo, e por outro a secuencia de intercambio produto-cartos. Deste xeito, esta actividade puramente conversacional normalmente coincide coa secuencia (inicialmente non verbal) de resolución por parte do vendedor das rutinas de carácter manual necesarias para atende-la petición do cliente (corte, pesado, etc., do produto).

As secuencias extracomerciais teñen unha especial importancia para o proceso conversacional da negociación da escolla de código, pois é sobre todo nelas cando os participantes teñen ocasión de redefinir conversacionalmente o marco situacional, a través da adopción de roles conversacionais non directamente definidos pola institución da compra-venda: roles de ‘cidadán’, de ‘veciño’, de ‘ama de casa’, de ‘labrador’, de ‘coñecido’ (ou de ‘cliente-coñecido’), de ‘filla de manganita’, etc. Deste xeito, as identidades

conversacionais dos participantes tenderanse a configurar a través dunha gama máis variada de estratexias lingüísticas, entre as que están aquelas que proceden do repertorio bilingüe dos falantes.

### Na chacinería (I)

(91128/2A)

C: cliente. V: vendedor

- 1 C: hola →  
 2 ten xamón ?  
 3 V: sí →  
 4 C: quería: douscentos gramos:γ→  
 5 V: ¡sí! ↑  
 6 <1>  
 7 (**tengo que buscarlo aquí xxx**)  
 8 <3>  
 9 **de cuál prefiere ?**  
 10 este →  
 11 **o: este** ↑  
 12 <1,5>  
 13 C: ¡Ois este logo ↓  
 14 V: este  
 15 C: si (/sí)  
 16 V: (xx)  
 17 <17>  
 [ruído da máquina cortadora]  
 18 V: qué calor ↓  
 19 verda(d) ↑  
 20 (qué horriBle).. qué horr::or →...  
 21 **además in\*sano una cosa así pegajosa**  
 22 <2,5>  
 23 C: ata agora choveu bastante pero::  
 24 V: sí: ahora:γ  
 25 C: ¡ahora parece que empieza o vrao  
 26 V: si ahora parece que empieza de verdá  
 27 <4>  
 28 C: {[dc] [b] o peor é si empezan os incendios outra vez}  
 29 V: o:h ayer qué animalada había de incendio →  
 30 **mAdre de ¡dios** → γ  
 31 C: ¡ah si ↑  
 32 V: **ayer ahí por la parte de almería** ↑  
 33 por ahí →  
 34 aqueilo era → ..  
 35 qué ilumina'dísimo ↑  
 36 qué qué tris'tísimo ↑  
 37 ... eso no daba dAba.. daba 'pena ver aqueilo ↓  
 38 (x) -cir ... **eso es ho'rrIble** ↑  
 39 (x) -cir γ(xxx)γ

- 40 C: este ano por aquí: aínda non se viron moitos:→  
 41 ... comparado con outros anos →  
 42 ... en galicia ↑  
 43 V: **y::** an- an- antesdayer... colleron aí un señore... →  
 44 e leva e leva cárcel e leva umh →  
 45 e metéronlle non s(é) cuantos millós de pesetas ↓  
 46 C: jodé ↑  
 47 V: si no:n precisa  
 48 ... y ayer decía un home joven →  
 49 .. que:... **los madeRISTas..** ↑  
 50 que no momento que se privaban **que era una 'cosa que ya no**  
**se puede soportar..** ↓  
 51 daba (xxx)  
 52 <5>  
 53 (xxx) culpa (ós) maderistas ↑  
 54 <5>  
 55 V: unque pase un pouquiño é igual ↓  
 56 verdá ↑  
 57 C: é igual unque pase ↓  
 58 é igual si  
 59 V: ...tres **ochenta y tre**s: ↓  
 60 C: moi ben →  
 61 <35>  
 62 V: **cuatro.. y cien** →  
 63 C: vale gracias →  
 64 V: (a) diós ↓  
 65 C: ata logo

Na transcripción optamos por tres tipos de letra: letra normal para todos aqueles segmentos en principio non identificables formalmente como pertencentes a un código con exclusión do outro (incluídos aqueles segmentos tradicionalmente categorizables como interferencias ou como préstamos e que sen embargo a efectos conversacionais son formas non marcadas). Subliñado para aqueles segmentos que podemos identificar como 'galego'. Negriña para aqueles que podemos identificar como 'castelán' (vid. no apéndice as convencións de transcripción utilizadas).

En canto á estrutura interaccional, podemos dividila en tres partes. A primeira parte, das liñas 1 a 17, componse de secuencias propiamente comerciais: a secuencia de apertura cos saúdos rituais, a de petición do produto e de especificación cooperativa das súas características, e máis a secuencia do corte do mesmo, que se corresponde cunha pausa longa de 17 segundos. Unha segunda parte (liñas 18 a 54) está constituída pola secuencia puramente conversacional. A terceira parte (da liña 55 ata o final), por secuencias novamente comerciais: negociación do peso definitivo, expresión do prezo, pago e voltas, e secuencia de peche conversacional cun novo ritual de saúdos. Imos ver en que medida esta estrutura en tres partes se corresponde co proceso de negociación da escolla do código, e que papel xoga a secuencia non comercial.

O cliente propón unha escolla de código galego que abrangue a secuencia da definición do obxectivo interaccional, ou sexa a concreción do produto desexado (liñas 2, 4, 13). Sen embargo, á súa vez, o vendedor propón unha escolla de código castelán, perceptible como tal nas liñas 7, 9 e 11.

1 C: hola →  
 2 ten xamón ?  
 3 V: sí →  
 4 C: quería: douscentos gramos:γ→  
 5 V: Lsí: J↑  
 6 <1>  
 7 (**tengo que buscarlo aquí xxx**)  
 8 <3>  
 9 **de cuál prefiere** ?  
 10 este →  
 11 **o: este** ↑  
 12 <1,5>  
 13 C: Pois este logo ↓  
 14 V: este  
 15 C: si (/sí)  
 16 V: (xx)  
 17 <17>  
 [ruído da máquina cortadora]

Non coñecendo ó cliente, o vendedor parece interpretar que manterse no uso do castelán é continuar a definir prudentemente a situación, a pesar da escolla proposta polo cliente, en termos da maior neutralidade posible. En efecto, o segmento **de cuál prefiere** ? .. **este** ↑ **o este**→ (liñas 9 á 11) supón a primeira intervención na que o vendedor fai un uso non coincidente formalmente nos dous códigos (pois prescindimos do segmento reconstruído e parcialmente inaudible da liña 7). Así, neste período inicial da negociación da escolla de código, o cliente pode inferir que o vendedor non desexa se-lo responsable da posible continuidade da interacción no código galego e que, xa que logo, non infrinxe as regras da neutralidade transaccional debida.

Despois dunha pausa de 17 segundos, a quenda que comeza na liña 18 inaugura unha secuencia de actividade puramente conversacional, mentres o vendedor leva a cabo as rutinas manuais inherentes á satisfacción da petición do cliente. Pero o vendedor segue a propoñer unha interacción sobre a base do código castelán, como vemos na liña 21, e isto a pesar de tratarse dunha secuencia de finalidade non transaccional.

18 V: qué calor ↓  
 19 verda(d) ↑  
 20 (qué horrible).. qué horr::or →...  
 21 **además in\*sano una cosa así pegajosa**  
 22 <2,5>

Se ben a secuencia inicial (ata a liña 17 inclusive), na que o rol conversacional de V é un rol de vendedor, xustifica doadamente certos usos a través dos que se crea un contexto de neutralidade ou de profesionalidade (pois en efecto, o vendedor parece vincula-lo valor da súa profesionalidade a certos usos deste código) non sucede o mesmo na secuencia que comeza na liña 18, e que abre o propio V, na que este adopta un rol conversacional de simple ‘cidadán’ (neste caso, de ‘cidadán’ abafado pola calor). Debemos ter en conta que anque as secuencias conversacionais, coma esta, non teñan unha finalidade comercial directa, cumpren en realidade unha función importante dentro do conxunto da interacción de compra-venda. No mercado (que definimos como un espacio de sociabilidade) son relevantes para crear vínculos entre cliente e vendedor, vínculos que redundarán no beneficio económico do propio vendedor na medida en que se constitúa unha rede interaccional de certa estabilidade. Así, neste caso, e aínda presentándose como ‘cidadán abafado pola calor’, segue a preferi-lo contexto interpretativo creado a través do código máis formal.

A apertura feita polo vendedor nesta secuencia constitúe probablemente un caso de minimización da pausa, que é bastante longa. Os comentarios sobre o tempo dos que se serve (liñas 18 a 21) son proverbiais e cumpren unha función fática.

O cliente decide manterse na súa escolla de código, tanto na súa réplica ó comentario inicial de V (liñas 23 e 25), coma na súa introducción do tema dos incendios (liña 28), escolla que manterá ata o final da interacción.

- 23 C: ata agora choveu bastante pero::  
 24 V: sí: ahora:ʔ  
 25 C:                   <sup>L</sup>ahora parece que empeza o vrao  
 26 V: si ahora parece que empeza de verdá  
 27     <4>  
 28 C: { [dc] [b] o peor é si empezan os incendios outra vez }

O certo é que cabe dentro do posible que unha apertura secuencial cunha proposta de escolla do código galego puidese ser interpretada polo cliente como unha infracción ás normas da neutralidade debida: en efecto, o vendedor non pode estar seguro de como construíra a súa identidade conversacional o cliente nesta secuencia. Seica sería por parte de V un xeito demasiado brusco de presentarse conversacionalmente dun xeito diferente a como escolleu presentarse ata o momento. De feito, parece avalar esta hipótese o xeito *paulatino* en que este locutor vai introducir eses para el novos indicios de contextualización, reconfigurando a súa identidade diante do cliente.

Unha vez que o cliente deixa claro, nas liñas 23 e 25, que persiste na súa escolla de código tamén nesta secuencia, tamén o vendedor converxe con ela, concretamente na quenda da liña 26, anque sexa para limitarse case a retoma-la afirmación precedente do cliente.

Neste punto hai un feito estrutural de cooperación conversacional que parece propiciar a converxencia no código. Na liña 23 o cliente introduce un contraste entre o que



sucedeu antes (ó parecer choveu inusualmente para a estación na que se está, o verán) e o que sucede agora (a calor excesiva), contraste acentuado polo alongamento de *pero*:. Na liña 24 o vendedor, incidindo nese contraste, inicia un enunciado (que ningún indicio formal nos permite adscribir a un código determinado) que vai ser completado en galego polo cliente na liña 25, engranzándoo coa intervención de V. E así, na quenda seguinte (liña 26) o vendedor recupera o enunciado que el mesmo comezara pero apropiándose da escolla de código proposta na formulación do cliente, repetindo o que vén de dici-lo seu interlocutor anque intensificado polo *de verdá* final.

Á luz do que sucede en 26, podemos dicir que o vendedor interpreta a interrupción do cliente en 25 como unha *interrupción cooperativa* (cf. Goldberg, 1990).

Este primeiro cambio ó código galego por parte de V confírmalle a C que a súa proposta de escolla de código non está fóra de lugar e pode ser secundada.

Sen embargo, como imos ver a continuación a través das intervencións de V nas liñas 29 a 39, a adopción dun código non ten por que implicar unha exclusión do outro código. O que se pon en práctica é a escolla non *dun* código, senón de *certo grao de fluctuación entre os códigos* (Rodríguez Yáñez, 1995). Noutros termos, V maniféstase como bilingüe a través da adopción dun *comportamento alternante*. Á súa vez, este grao de fluctuación entre os códigos é fluctuante, é dicir, modifícase ó longo da interacción: por exemplo, e como xa dixemos, nas diferentes secuencias da conversa comparadas entre si.

Isto permítenos suxerir que a cooperación conversacional pode precisar de certo grao, *pero só de certo grao*, de converxencia lingüística entre os códigos galego e castelán, e que este grao pode variar fortemente dunhas interaccións a outras, e dunhas situacións a outras.

- 29 V: o:h ayer qué animalada había de incendio →  
 30 mAdre de r̄dios → ɿ  
 31 C:            Lah si ↑  
 32 V: **ayer ahí por la parte de almería** ↑  
 33 por ahí →  
 34 aquelo era → ..  
 35 qué ilumina'dísimo ↑  
 36 qué qué tris'tísimo ↑  
 37 ... eso no daba dAba.. daba 'pena ver aquelo ↓  
 38 (x) -cir ... **eso es ho'rrIble** ↑  
 39 (x) -cir r̄(xxx)ɿ  
 40 C:            Leste a↓no por aquí: aínda non se viron moitos:→  
 41 ... comparado con outros anos →  
 42 ... en galicia ↑

No caso que nos ocupa chama a nosa atención a escolla de código de C, que conleva un escaso ou nulo grao de comportamento alternante (mesmo o segmento expresivo de

46 pode ser considerado unha simple forma non marcada). En efecto, o cliente tende a adoptar un comportamento monocodal en galego. O seu modelo de competencia bilingüe sería un modelo que tende a manter separados os dous códigos no comportamento real.

O que nos importa é que o vendedor, que posúe unha competencia bilingüe alternante, é capaz de *recoñecer* ese outro modelo de bilingüismo como un dos conxuntos de normas de uso bilingüe susceptibles de interactuar co seu propio repertorio verbal bilingüe, e isto na medida en que no seu repertorio bilingüe figuran as solucións conversacionais —isto é, negociadas— axeitadas ó encontro destes dous tipos de normas de uso bilingüe.

Chama a atención o feito de que, en termos da negociación conversacional das identidades, o cliente non bote man, en xeral, das estratexias alternantes de código, mentres que o outro participante si o fai. O efecto conversacional disto é que a colaboración que cada un dos participantes presta ó vaivén conversacional é substancialmente diferente. O vendedor é quen asume o esforzo conversacional de regula-la disimetría nos códigos a través da adopción dun grao de fluctuación entre os mesmos. O caso é que, a efectos da cooperación conversacional e da continuidade satisfactoria da interacción, C pode mante-la súa escolla monolingüe, como vemos a partir da liña 28. Vexamos agora en que consiste concretamente a fluctuación pola que optou V<sup>3</sup>.

A quenda que comeza en 29 non resulta formalmente adscribible a un dos dous códigos. Na quenda que comeza en 32, nun ton xeral exclamativo continuación de 30, o locutor expresa a impresión que lle causou un gran incendio (presumiblemente visto en televisión). Esta forte impresión do ‘cidadán indignado polos incendios’ exprésase con usos do código castelán.

En 32-33 V sitúa espacialmente o incendio, de xeito máis ou menos aproximativo. De feito, a alternancia no segmento *aqueilo era* → (34) obedece á satisfacción dunha necesidade expresiva *in crescendo*, necesidade que prima sobre calquera descrición de tipo obxectivo dado precisamente o carácter indescribible do incendio. A utilización do demostrativo neutro, iniciando ademais unha frase truncada, non fai senón subliñar este carácter dantesco. Se aquí esta necesidade expresiva verificase a través dunha alternancia do castelán ó galego, nas liñas 37 e 38 temos o caso inverso: *daba dAba . . . daba* ‘pena ver *aqueilo* ↓ ... **eso es ho’rrible** ↑.

O cambio de códigos sérvelle ó locutor para introducir sucesivas matizacións acerca de como se sitúa fronte á catástrofe dos incendios. Esta fluctuación, e con finalidades semellantes, parece continuarse nas liñas 43 a 45.

<sup>3</sup> Lembremos que estamos a falar de recursos lingüísticos que, na xeneralidade dos casos, son empregados inconscientemente, inseridos no automatismo da propia competencia lingüística, do mesmo xeito que son inconscientes e por así dicilo automáticos calquera outro tipo de recursos lingüísticos na maioría das ocasións nas que os usamos (por exemplo, aqueles recursos asociados ós cambios de rexistro ou de estilo operados por un locutor dado nunha mesma conversa que fose considerada, *stricto sensu*, monolingüe).

- 43 V: **y::** an- an- antesdayer... colleron aí un señore... →  
 44 e leva e leva cárcel e leva umh →  
 45 e metéronlle non s(é) cuantos millós de pesetas ↓  
 46 C: jodé ↑  
 47 V: si no:n precisa  
 48 ... y ayer decía un home joven →  
 49 .. que::... **los maderISTas..** ↑  
 50 que no momento que se privaban **que era una 'cosa que ya no**  
**se puede soportar..** ↓  
 51 daba (xxx)  
 52 <5>  
 53 (xxx) culpa (ós) maderistas ↑  
 54 <5>

En 48 a 50 V vai artella-la conversa a través do recurso ó discurso referido, valéndose ademais dunha alternancia no momento de introducir un substantivo identificador claro como inicio de cita: **los maderISTas** (que parece sinalar ós posibles culpables), con elevación parcial do volume, e que focaliza o resto da información, especialmente despois de que no segmento inmediato precedente o locutor tivese un momento de hesitación no seu discurso, como vemos nese que : : . . con alongamento seguido de pausa. Ó substantivo séguelle unha explicación (bastante confusa) no código galego, que remata nun segmento de carácter concluínte en castelán.

Temos aquí dous casos paradigmáticos de *switching* amplamente recensionados na literatura sobre a cuestión (ou, no caso galego, nos traballos de Álvarez-Cáccamo, 1990a; 1996 para as alternancias de cita): a alternancia de código serve, entre outros usos, para contrastar as distintas partes da estrutura dun discurso referido, ou como vemos na liña 50, as partes dunha oración complexa: que no momento que se privaban **que era una cosa que ya no se puede soportar**.

Finalmente, observemos que rematada a rutina do cortado e do pesado do xamón, V dá por finalizada a actividade conversacional e retoma a actividade de compra-venda. O interesante é constatar que, contrariamente á secuencia de compra-venda inicial, en 55-56 V vaise valer da mesma escolla de código da que xa fixo abundante uso na secuencia conversacional.

- 55 V: unque pase un pouquiño é igual ↓  
 56 verrdáŋ ↑  
 57 C: léŋ igual unque pase ↓  
 58 é igual si  
 59 V: ...tres **ochenta y treŋs:ŋ** ↓  
 60 C: moiŋ ben →  
 61 <35>  
 62 V: **cuatro.. y cienŋ** →  
 63 C: vale gracias →  
 64 V: (a) rdiósŋ ↓  
 65 C: lata loŋgo

Deste xeito, a redefinición da situación levada a cabo durante a pura conversa pode manterse nas secuencias comerciais, en principio máis formais. Sen embargo esta incidencia non é abondo importante, alomenos neste caso, como para impedir que o prezo do produto (59) e as voltas (62) se expresen de novo en castelán. Polo que puidemos recoller no noso corpus, é relativamente frecuente a expresión do prezo a través de usos do código castelán en contextos conversacionais predominantemente galegos, en moitos dos casos probablemente para situarse nunha posición de ‘autoridade’ e, xa que logo, anticiparse ás posibles estratexias de regateo ou disconformidade por parte do cliente.

O vendedor quere encadrar de novo a conversa nun contexto profesional creado a través deste cambio de código: neste contexto verificase o intercambio cartos-producto, que é a culminación da interacción.

En resume, podemos dicir que, fronte ó modelo lingüístico de C, o vendedor arrequece o seu discurso cunha serie de recursos expresivos e estratexias significativas na negociación conversacional, existindo xa que logo certo desequilibrio na contribución de cada un dos participantes á negociación das identidades conversacionais, que se han artellar a través de xeitos substancialmente diferentes de *ser bilingües*.

## CONCLUSIÓNS

De casos coma este extraémo-la seguinte reflexión de carácter xeral. Non cabe dúbida de que a institución social e as súas pautas comportamentais fornecen un marco que dá seguridade e que se trata, *grosso modo*, de reproducir. E as propostas novidosas respecto de tal marco (ou para os efectos conversacionais: que un dos participantes percibe como novidosas, coma ocorre co vendedor da interacción precedente) en bastantes casos deberán ser obxecto dunha coidadosa negociación, so pena de ser consideradas como infraccións.

Así, se a competencia bilingüe inclúe ser competente nas alternancias de código, isto quere dicir que *presentarse conversacionalmente como bilingüe* é unha cuestión que, para certos falantes en certas situacións de comunicación, non se dirime coa escolla dun código ou a escolla doutro código. De feito, como acabamos de ver, para o vendedor esa ‘coidadosa negociación’ vaise verificar sobre a base da adopción de *certo grao de fluctuación entre os códigos*<sup>4</sup>.

Feitos deste tipo, identificables a nivel microinteraccional, permiten tirar conclusións acerca dos motivos (e acerca da sutileza dos mesmos) polos que en tantos casos os modelos de comportamento lingüístico que desde a vontade planificadora se propoñen (de feito un dobre monolingüismo, baseado nos modelos cultos de bilingüismo –ver Rodríguez Yáñez, 1993) atopan na práctica interactiva tantos atrancos reais.

<sup>4</sup> Sobre a consideración do carácter discreto dos sistemas lingüísticos e os problemas que este presuposto teórico plantexa cando se confronta coa fala bilingüe, ver, p. ex., Gardner-Chloros, 1995.

|                      |  |
|----------------------|--|
| (letra normal)       | segmento formalmente neutro                                    |
| <u>galego</u>        |  |
| <b>castelán</b>      |  |
| (a) r̄diós—          | solapamento de voces   |
| ↳ata lo↓go           |  |
| ahora↗               | engranzamento de voces   |
| ↳ahora               |  |
| ..                   | pausa de 0 a 0,5 segundos                                      |
| ...                  | pausa de 0,5 a 1 segundo                                       |
| <6>                  | pausa máis longa (en segundos)                                 |
| { [b] o peor é }     | registro melódico relativamente máis baixo                     |
| { [dc] o peor é }    | segmento relativamente decelerado                              |
| ↑ → ↓                | ton ou grupo melódico final ascendente, sostido ou descendente |
| madeRISTas           | volumen relativamente máis alto dalgún son ou segmento curto   |
| ilumina' dísimo      | til para acento enfático ou rítmico                            |
| in*sano              | acento contrastivo   |
| ahora: / ahora::     | alongamento dun son vocálico ou consonántico                   |
| an-                  | son interrompido   |
| [ruído da máquina]   | comentarios; signos xestuais, kinésicos ou proxémicos          |
| (tengo que buscarlo) | son, palabra ou frase reconstruída                             |
| (xx)                 | sílaba inintelixible   |

**REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

Álvarez-Cáccamo, C., *The Institutionalization of Galician: Linguistic Practices, Power, and Ideology in Public Discourse*, Ph.D. Dissertation, University of California at Berkeley, 1990a.

Álvarez-Cáccamo, C., “Rethinking Conversational Code-Switching: Codes, Speech Varieties, and Contextualization”, *Proceedings of the Sixteenth Annual Meeting of the Berkeley Linguistics Society*, ed. por K. Hall et al., Berkeley, Berkeley Linguistics Society, 1990b, pp. 3-16.

Álvarez-Cáccamo, C., “The Pigeon House, the Octopus and the People: The Ideologization of Linguistic Practices in Galiza”, *Plurilinguismes* 6, ed. por X. P. Rodríguez Yáñez [número monográfico sobre *Sociolinguistique galicienne*], 1993, pp. 1-26.

Álvarez-Cáccamo, C., “The power of reflexive language(s): Code displacement in reported speech”, *Journal of Pragmatics* 25, 1996, pp. 33-59.

Auer, J.C.P., *Bilingual Conversation*, Amsterdam / Philadelphia, John Benjamins, 1984a.

Auer, J.C.P., “On the Meaning of Conversational Code-Switching”, *Interpretative Sociolinguistics. Migrants-Children-Migrant Children*, ed. por J.C.P. Auer e A. Di Luzio, Gunter Narr Verlag Tübingen, 1984b, pp. 87-112.

- Auer, J.C.P., "A Conversation Analytic Approach to Codeswitching in Two Communities", *Codeswitching. Anthropological and Sociolinguistic Perspectives*, ed. por M. Heller, Berlín, Mouton de Gruyter, 1988, pp. 187-213.
- Auer, J.C.P., "The pragmatics of code-switching: a sequential approach", *One speaker, two languages. Cross-disciplinary perspectives on code-switching*, ed. por L. Milroy e P. Muysken, Cambridge University Press, 1995, pp. 115-135.
- Gardner-Chloros, P., "Code-switching in community, regional and national repertoires: the myth of the discreteness of linguistic systems", *One speaker, two languages. Cross-disciplinary perspectives on code-switching*, ed. por L. Milroy e P. Muysken, Cambridge University Press, 1995, pp. 68-89.
- Goldberg, J.A., "Interrupting the discourse on interruptions", *Journal of Pragmatics* 14-6, 1990, pp. 883-903.
- Gumperz, J.J., *Discourse strategies*, Cambridge University Press, 1982.
- Lüdi, G. / Py, B., *Être bilingue*, Berna, Peter Lang, 1986.
- Rodríguez Yáñez, X.P., "Quelques réflexions à propos de la sociolinguistique galicienne", *Plurilinguismes* 6, ed. por X. P. Rodríguez Yáñez [número monográfico sobre *Sociolinguistique galicienne*], 1993, pp. 225-258.
- Rodríguez Yáñez, X.P., *Estratexias de comunicación nas interaccións cliente-vendedor no mercado da cidade de Lugo: as alternancias de lingua galego / castelán e a negociación da escolla de lingua*. Universidade da Coruña, Tese de Doutoramento, 1995.

## UN ASPECTO DA AVALIACIÓN DA COMPETENCIA: IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS

*Bieito Silva Valdivia*

ICE. Universidade de Santiago de Compostela

A mestura de códigos entre dúas linguas que se atopan en contacto social nun mesmo espazo xeográfico é un fenómeno habitual que ten sido estudiado desde distintas perspectivas disciplinares e con diferentes obxectivos. Desde a lingüística interesa especialmente analizar cales poden ser as condicións estruturais que facilitan esta interacción e as consecuencias da mesma na evolución dos dous códigos; desde a sociolingüística, os factores sociais que condicionan a interferencia e o que representa na situación de dependencia ou de dominio dunha lingua fronte a outra; desde a psicoloxía da aprendizaxe, os procesos cognitivos que se producen na aprendizaxe dunha nova lingua e os mecanismos de interferencias entre unha e outra; desde a pedagogía, as estratexias didácticas máis adecuadas para garantir unha competencia adecuada nesas idiomas, o aproveitamento de sinerxias de aprendizaxe entre ámbolos dous, etc.

Nesta comunicación pretendemos realizar unha aproximación escolar a estas cuestións tomando como referencia unha mostra de alumnos de Ensino Secundario. Utilízase un corpus reducido de textos no que aparezan exemplos de interferencias entre os dous códigos e trátase de analizar a capacidade dos alumnos para identificar estes fenómenos e a valoración que fan dos mesmos, atendendo a dúas variables básicas: o idioma habitual dos alumnos e a dirección na que se produce a interferencia (do castelán no galego ou do galego no castelán).

Os obxectivos son de dous tipos: por unha banda, contribuír ó coñecemento dunha dimensión moi definida da competencia dos escolares dun determinado nivel educativo e, por outra, axudar a ir perfilando instrumentos que permitan achegarse de maneira fiable á análise das conductas lingüísticas.

Os datos que se presentan a continuación obtivéronse a partir dun estudio realizado a finais do curso 1995-96 e forman parte dunha investigación máis ampla que pretende analizar a comprensión e a valoración de manifestacións diversas do contacto galego-castelán entre os escolares galegos. Isto significa que, tanto a mostra de suxeitos como o corpus textual utilizados, son parciais; de maneira que os resultados non poden ser extrapolados a outro tipo de fenómenos nin poden ser considerados necesariamente representativos do que 'sabe' ou 'opina' o alumnado de Galicia sobre o tema.

A mostra que se vai analizar nesta comunicación está constituída por 138 alumnos e alumnas de tres Institutos de Ensino Secundario de Galicia (Rosalía de Castro, Pontepedriña e A Estrada) e de dous niveis educativos diferentes (1º e 3º de BUP, nos dous primeiros centros, e 3º de ESO e 1º de Bacharelato no caso do Instituto da Pontepedriña).

Escolléronse estes tres Institutos por considerar que podían exemplificar tres contextos xeográficos bastante diferenciados: o I. B. Rosalía de Castro de Santiago de Compostela como centro estritamente urbano; o I. B. da Pontepedriña, tamén en Santiago, pola súa localización na periferia urbana, e o I. B. da Estrada como exemplo de Instituto dunha vila media de Galicia. Evidentemente, e malia esta diversidade xeográfica, a non consideración doutras variables cuantitativas e cualitativas impide, como se indicaba máis arriba, que esta mostra se poida considerar representativa do conxunto de Galicia.

En cada un deses centros colléronse ó chou dous grupos de alumnos (un de 1º de BUP ou 3º de ESO e outro de 3º de BUP ou 1º de Bacharelato), quedando distribuídos, atendendo ó nivel educativo e á lingua habitual, da seguinte maneira:

| CENTRO                  | NIVEL EDUCATIVO  |                    | LINGUA HABITUAL |          |          |
|-------------------------|------------------|--------------------|-----------------|----------|----------|
|                         | 1º BUP<br>3º ESO | 3º BUP<br>1º BACH. | Galego          | Castelán | As dúas  |
| I. B. Rosalía de Castro | 21               | 24                 | 6               | 25       | 14       |
| I. B. Pontepedriña      | 25               | 26                 | 21              | 16       | 14       |
| I. B. A Estrada         | 31               | 11                 | 21              | 12       | 9        |
| <b>TOTAL</b>            | 77               | 61                 | 48 (35%)        | 53 (38%) | 37 (27%) |

Os **textos** utilizados para esta parte do estudio foron os seguintes:

1. *No, hoy Juan no te está; va en Vigo y no vendrá hasta la noche.*
2. *Estiven en casa de Manolo e díxome que xa se estudiara tódolos temas que entran no exame.*
3. *Pecha o grifo, que estás salpicando todo, e entretente limpando a xaula do paxaro.*
4. *Dijo que, si salía luego del trabajo, iría a quitar las entradas para el partido de fútbol.*



5. *Si, falou comigo e me dixo que había estado esperándote toda a mañá.*
6. *Estos niños parecen parvos: hace un rato se cayeron encima de uno y casi lo esmagan.*
7. *Chameille onte, pero non estaba; alguén o viu arrimado á barra do bar toda a tarde bebéndose unha copa detrás doutra.*
8. *El va viejo para ocuparse de esas cosas; entre tú y más yo podemos resolver esto sin ningún problema.*

Trátase, como se pode observar, de oito textos, catro en castelán e outros catro en galego, en cada un dos cales aparecen dúas mostras de interferencias (léxico-semánticas ou morfosintácticas) do outro idioma. O que se pretendía era que os alumnos identificaran eses fenómenos alleos á lingua do texto, que os substituíran pola forma correcta e, finalmente, que valoraran cada un deses textos atendendo a criterios normativos: rexeitándoos como incorrectos e inadmisibles, aceptando o seu uso en situacións informais, malia o seu carácter incorrecto; ou ben, afirmando que son usos habituais na fala que non nos deben preocupar.

## DESCRIPCIÓN DE RESULTADOS

### 1. Identificación das interferencias

O primeiro que se pretendía indagar era a capacidade dos alumnos da mostra para identificar fenómenos alleos á lingua na que se supón que están construídos os textos e que se deben directamente á influencia da outra lingua en contacto (galego ou castelán, segundo os casos).

A pregunta que se lles formulaba era a seguinte:

*Identifica en cada texto (subliñándoas) as palabras ou expresións que non che parecen propias do idioma no que se pretende falar.*

Nunha consideración das porcentaxes medias globais de tódolos textos –e diferenciando tres posibilidades segundo o número de interferencias sinaladas por texto– os resultados son os seguintes:

- Non identifica ningunha o 22,2%.
- Descubre unha o 37,8%.
- Identifica as dúas o 40%.

Estes datos globais detállanse a seguir, referíndoos a fenómenos e textos concretos e distribuíndoos de acordo con certas variables lingüísticas e de nivel dos alumnos.

#### 1.1. Grao de identificación das interferencias de cada texto (gráfica 1)

Na revisión da porcentaxe de alumnos que identificaron cada unha das interferencias obsérvanse diferencias moi significativas:

Na banda alta estarían, por exemplo, a estrutura galega *'tú y más yo'* do texto 8, sinalada por máis do 90% dos alumnos; o pronome de solidariedade *'no te está'* do texto 1, marcado por un 86%; os castellanismos do texto 5 (*'me dixo'* e *'había estado'*), riscados polo 83%, ou a construción *'en casa de'* utilizada nun texto en galego (o nº 2) que foi identificado por algo menos do 80%.

Entre os fenómenos que pasaron máis desapercibidos estarían nun lugar destacable os castellanismos léxicos do texto 3 (*'grifo'* e *'xaula'*), ámbolos dous cun índice próximo ó 20%, o que dá idea do grao de integración destes vocábulos no sistema léxico do galego. En porcentaxes máis altas, pero que non superan o 50% habería que sinalar o galeguismo semántico *'quitar'* do texto 4 ou os castellanismos sintácticos *'bebéndose unha copa'* ou *'chameille onte'* do texto 7.

Polo que se refire á identificación conxunta dos dous fenómenos de interferencias que aparecen en cada texto, podemos sinalar no aspecto positivo as porcentaxes conseguidas no texto 5 (aproximadamente o 70%), no 1 (arredor do 55%) e no 2 e no 6 (algo menos do 50%). Na banda baixa de acertos estarían o texto 3 (menos dun 10% identifica os dous castellanismos), o 4 (algo máis do 20%), e o 7 (aproximadamente un 25%).

### **1.2. Porcentaxes medias de interferencias identificadas segundo a lingua do texto (gráfica 2)**

As mostras textuais que se sometían á análise dos alumnos estaban constituídas por catro enunciados en galego e catro en castelán, cada un deles con dous exemplos de interferencias da outra lingua.

Os resultados son favorables ós textos en castelán: un 42,2% dos alumnos identifican, como medio, os dous galeguismos que aparecen nos enunciados en lingua castelá, mentres que esta porcentaxe se reduce ó 37,8% nos enunciados en lingua galega. Se nos fixamos nos alumnos que identificaron só un fenómeno, vemos que a diferenza media de acertos entre os textos en castelán e en galego é do 7% a favor dos primeiros (41,3% e 34,3% respectivamente). Finalmente, a porcentaxe media de alumnos que non identifica ningún dos castellanismos que aparecen nos textos galegos é do 27,9%, porcentaxe que se reduce ó 16,5% se nos referimos ós que non identifican ningún dos galeguismos inseridos nos textos en lingua castelá.

### **1.3. Porcentaxes medias segundo a lingua habitual dos alumnos (gráficas 3, 4 e 5)**

Un dos aspectos que se tiveron en conta na análise dos resultados foi o relacionado coa lingua dos alumnos: a lingua na que aprenderon a falar e a lingua de uso habitual. Comprobouse que estas dúas variables se correspondían de maneira moi aproximada, de maneira que no comentario que segue –e por mor da simplificación– imos tomar como referencia simplemente a segunda: se se consideran no uso lingüístico habitual galego-falantes, castelanfalantes ou bilingües.

O dato máis significativo é que os galegofalantes demostraron unha capacidade superior ós castelanfalantes e ós bilingües para identificar fenómenos estraños á lingua na que estaba formulado o texto.

As porcentaxes medias de interferencias identificadas (ningunha, unha ou as dúas) referidas ó conxunto dos enunciados (gráfica 3) reflicten de maneira bastante clara esta diferenza: no valor **‘as dúas’**, que rexistra a porcentaxe de alumnos que identificaron as dúas interferencias de cada texto, os galegofalantes superan aproximadamente en 16 puntos ós castelanfalantes e ós bilingües (50,8% fronte a 34,7% e 33,8% respectivamente. Esta diferenza de porcentaxes invértese nos valores **‘unha’** e **‘ningunha’**: 6 puntos porcentuais menos para os galegofalantes entre os que non identificaron ningún fenómeno de interferencia e aproximadamente 10 entre os que identificaron só un.

Se a comparación dos resultados atendendo á lingua habitual dos alumnos a facemos diferenciando a lingua dos textos, os datos son os seguintes:

a) Nos enunciados en castelán (gráfica 4), e atendendo ó valor **‘as dúas’**, observamos que os galegofalantes superan ós castelanfalantes en máis de 13 puntos e ós bilingües case en 20; diferenza que se inverte no valor **‘unha’** no que os galegofalantes están 11 puntos por debaixo dos castelanfalantes e case 16 en relación cos bilingües. Finalmente, as porcentaxes do valor **‘ningunha’** están bastante próximas entre os tres colectivos lingüísticos, aínda que manténdose sempre por debaixo os galegofalantes nunha proporción de entre 3 e 4 puntos.

b) Nos textos en lingua galega (gráfica 5) a situación favorable ós galegofalantes mantense, pero en proporcións máis elevadas. No que se refire ás porcentaxes dos que identificaron **as dúas** interferencias, os galegofalantes superan en 19 puntos ós castelanfalantes e case en 15 ós bilingües; e, se atendemos ó valor **‘ningunha’**, vemos que tamén aquí os galegofalantes están por debaixo das outras dúas categorías lingüísticas, pero en proporcións aínda máis marcadas: 9 puntos en relación cos castelanfalantes e máis de 7 se se comparan cos bilingües. As diferenzas no colectivo dos que identificaron **un** fenómeno de interferencia por texto son, en cambio, un pouco menores cás que viamos nos textos casteláns: os galegofalantes están case 10 puntos por debaixo dos castelanfalantes, pero só 7 en relación cos bilingües.

Vemos, pois, que a variable ‘lingua habitual’ se mostra como bastante relevante e con resultados sempre favorables á competencia dos galegofalantes, independentemente da lingua do texto. De tódolos xeitos, e tal como se indicaba máis arriba, ó non controlar outras variables cualitativas da mostra, estes resultados hainos que tomar coas debidas cautelas.

#### ***1.4. Porcentaxes medias de interferencias identificadas segundo o nivel educativo dos alumnos (gráfica 6)***

Na mostra diferenciábanse dous niveis educativos separados por dous cursos: 1º e 3º de BUP nos dous Institutos que aínda se atopaban co sistema educativo derivado da Lei de 1970, e 3º de ESO e 1º de Bacharelato no centro que xa se rexía pola LOXSE de 1990. Imos tomar como niveis homólogos 1º de BUP e 3º de ESO, por unha banda, e 3º de BUP e 1º de Bacharelato pola outra.

Os resultados comparativos son claramente favorables ós alumnos do nivel máis elevado, o cal simplemente ratifica o que *a priori* sería xa esperable. Así, vemos que neste nivel educativo un 48,8% identifica as **dúas** interferencias que aparecen en cada texto, porcentaxe que se reduce ó 33,1% entre os do nivel máis baixo; mentres que entre os que non identifican **ningunha** interferencia os resultados son de 16,6% e 26,6% respectivamente.

No valor intermedio (os que identifican **unha** das dúas interferencias) as porcentaxes aproxímanse un pouco máis: 34,6% no nivel superior e 40,3% no inferior.

## 2. Substitución das interferencias

Como segunda operación, e unha vez identificados os fenómenos, pedíasilles ós alumnos que substituísen esas voces ou estruturas da outra lingua polas propias da lingua na que estaba redactado o texto. Os resultados foron sempre inferiores, loxicamente, ós da simple identificación. As porcentaxes variaron de texto a texto e tamén segundo as variables analizadas no apartado anterior; pero, simplificando, podemos dicir que o índice porcentual se desprazou aproximadamente nuns 10 puntos. Desta maneira, os valores que denotan unha competencia positiva (identificación de unha ou das dúas interferencias) baixaron, e os que implican unha competencia deficiente (a non identificación de ningún deses fenómenos) subiron en porcentaxes similares.

## 3. Valoración das interferencias

Amais das dúas capacidades que comentamos nos apartados anteriores, no estudio que estamos a analizar pretendíase que os alumnos valorasen eses fenómenos e emitisen unha opinión desde unha perspectiva normativa.

A pregunta que se lles formulaba ofrecía tres opcións de resposta de acordo cunha escala de maior a menor rigor normativo, considerando a non resposta como unha situación de falta de criterio sobre o tema. Decía literalmente así:

*Valora os fenómenos lingüísticos observados en cada texto de acordo coa seguinte clasificación:*

- A. *Son usos incorrectos e inadmisibles.*
- B. *Son usos incorrectos, pero aceptables en situacións informais.*
- C. *Son usos habituais na fala que non nos deben preocupar.*

Na análise dos datos deste apartado teremos en conta simplemente os suxeitos que identificaron as dúas interferencias que había en cada texto, por entender que, nos outros casos, a valoración estaría bastante inmotivada. Isto significa reducir a mostra, no conxunto de tódolos textos, ó 40% do total, que, atendendo ás dúas variables que vimos utilizando na análise (a lingua habitual e o nivel educativo), se distribúe da seguinte maneira:

PORCENTAXES SOBRE O TOTAL DE CADA CATEGORÍA

| LINGUA HABITUAL         | NIVEL EDUCATIVO            |
|-------------------------|----------------------------|
| Galegofalantes 50,8%    | 1º BUP / 3º ESO: 33,1%     |
| Castelánfalantes: 34,7% | 3º BUP / 1º BACHAR.: 48,8% |
| Bilingües: 33,8%        |                            |

Os resultados medios obtidos por cada unha das opcións no conxunto dos textos foron os seguintes:

- *Resposta A:* 47,7%
- *Resposta B:* 35,1%
- *Resposta C:* 12%
- *N/C:* 5,2%

A continuación detállanse estes datos globais seguindo un esquema de análise semellante ó do apartado 1.

### **3.1. Valoración das interferencias de cada texto (gráfica 7)**

O primeiro que paga a pena sinalar é que só dous textos (os nº 5 e 8) superan con claridade o 50% entre os que demandan unha actitude de maior respecto á norma (valor A): no primeiro deles establecen esta valoración case o 75% dos alumnos e no segundo arredor do 60%. En tódolos demais esta postura de rexeitamento claro sitúase bastante por debaixo: nos textos 4 e 6, algo por riba do 40% e nos restantes entre o 30% e o 40%.

A liña correspondente ó valor B, que poderíamos considerar o máis neutro, sitúase por riba da do valor A nos textos 1, 2, 3 e 7 (en tódolos casos nunha porcentaxe aproximada de 10 puntos). Noutros textos, en cambio, aparece por debaixo do valor A: con moita claridade nos textos 5 e 8 (aproximadamente en 60 e 30 puntos porcentuais, respectivamente) e con diferenza moito menos significativa no texto 4 (arredor do 10%). No texto 6, os resultados son moi semellantes nos dous valores (próximo ó 45%).

Polo que se refire á opción C, a máis laxa desde o punto de vista normativo, vemos que se sitúa en tódolos textos por debaixo dos outros dous valores, aínda que acadando porcentaxes suficientemente significativas, se temos en conta o ámbito académico no que se desenvolve a proba, o tipo de suxeitos estudados e que estamos a analizar só as respostas dos que descubriron as dúas interferencias de cada texto. O valor máis alto conséguese no texto 7 (arredor do 25%) e nos nº 4 e 3 (aproximadamente un 20%). Nos demais sitúase sempre por debaixo destas porcentaxes, especialmente nos números 5 e 8 que non chega ó 10.

Finalmente, a proporción de alumnos que non contestou esta pregunta non chegou en ningún texto ó 10%, o que pode indicar que, nun sentido ou noutro, os alumnos teñen unha idea formada sobre este tipo de usos e unha valoración tamén bastante clara sobre os mesmos.

### **3.2. Valoración segundo a lingua do texto (gráfica 8)**

Como se pode observar na gráfica, as porcentaxes medias son moi semellantes nos textos casteláns e nos galegos, o que dá a entender que a lingua na que están redactados os textos non é un factor significativo na valoración deste tipo de fenómenos.

### **3.3. Valoración segundo a lingua habitual (gráficas 9, 10 e 11)**

Xa viamos máis arriba que esta variable era bastante relevante na cuestión referida á identificación dos fenómenos de interferencias. Antes de entrar na análise da importan-

cia que ten a lingua habitual na valoración que fan os alumnos dos distintos textos, cómpre ter en conta as porcentaxes dos que identificaron as dúas interferencias de cada texto en relación co total da súa categoría, porque son en si mesmas significativas: o 50,8% entre os galegofalantes, o 34,7% entre os castelanfalantes e o 33,8% entre os bilingües.

Entrando xa na valoración que cada un destes colectivos fai dos distintos textos, os aspectos máis destacables son os seguintes:

a) Tomando globalmente o conxunto dos textos (gráfica 9), observamos que non hai diferencias de gran relevancia, pero si matices de certo interese que convén sinalar: os galegofalantes superan ós outros dous colectivos nas opcións A e B (as que denotan posturas normativas máis rigorosas), mentres que están por debaixo na opción C (a máis laxa ou ‘comprensiva’ con estas desviacións da norma). Os castelanfalantes, pola súa banda son o colectivo no que as opcións A e B acadan porcentaxes medias máis baixas e os que acumulan a maior porcentaxe no valor N/C (non contestan). Os bilingües representan un nivel intermedio na dimensión que estamos a analizar.

b) Nos textos galegos (gráfica 10) vemos que tamén o colectivo castelanfalante se sitúa na banda máis baixa en canto a rigor normativo: acadan a porcentaxe máis alta na opción C e na N/C e a máis baixa na A e na B. Os galegofalantes e os bilingües demostran actitudes valorativas bastante próximas: os segundos superan con certa claridade ós galegofalantes na opción A, pero sitúanse en porcentaxes practicamente idénticas se collemos conxuntamente a A e a B (arredor do 87%).

c) Nos textos casteláns (gráfica 11) os galegofalantes destacan claramente na opción A fronte ós outros dous colectivos (algo máis de 6 puntos porcentuais en relación cos castelanfalantes e case 10 se os comparamos cos bilingües. Na opción B, en cambio, os tres grupos conseguen porcentaxes moi próximas e nas opcións C e N/C castelanfalantes e bilingües ocupan os lugares máis destacados: os bilingües superan o 20% no valor C (fronte ó 8,9% e o 12% dos galegofalantes e dos castelanfalantes, respectivamente) e os que falan habitualmente castelán ocupan o primeiro lugar entre os que non contestan.

### **3.4. Valoración segundo o nivel educativo (gráfica 12)**

O nivel educativo dos alumnos condicionaba bastante o grao de identificación das interferencias, como comprobabamos no apartado 1.4. Vemos, por exemplo, que as porcentaxes dos que identificaron as dúas interferencias de cada texto, sobre o total da súa categoría, foron do 33,1% en 1º de BUP / 3º de ESO e de 48,8% en 3º de BUP / 1º de Bacharelato

A valoración que fan estes dous colectivos dos textos que estamos a analizar non difire, en cambio, de maneira importante: a suma das opcións A e B dan porcentaxes case idénticas (arredor do 83%); pero os do nivel académico máis alto superan en 6 puntos

porcentuais ós do nivel máis baixo (14,7% fronte a 8,8%) na opción C, diferenza bastante semellante, pero á inversa, á que se aprecia entre os que non contestan.

Estes resultados poden resultar sorprendentes, porque tal vez se debería esperar un paralelismo co que acontecía na cuestión *‘identificar’*; é dicir, que, se alí viamos que os alumnos do nivel superior tiñan unha maior capacidade para discriminar este tipo de fenómenos, agora deberían manifestar tamén unha actitude máis crítica cos mesmos. En calquera caso, non é así, senón que os alumnos de 3º de BUP e 1º de Bacharelato conseguen unha porcentaxe máis alta precisamente na opción C, a máis *‘comprensiva’*, como sabemos, con estes usos lingüísticos interferidos e só a opción N/C se axustaría a esa hipótese ou presunción inicial, ó ser máis elevada a porcentaxe dos de 1º de BUP / 3º de ESO cós do outro nivel educativo.

## CONCLUSIÓNS

Calquera aproximación á problemática do contacto lingüístico en Galicia e á valoración das súas manifestacións nas producións discursivas terá que comezar por unha delimitación conceptual do que en sentido amplo se adoita entender como interferencia, xa que, debaixo desta denominación, se agachan realizacións moi diversas, que moitas veces só se poden valorar se se parte de enunciados perfectamente contextualizados. Pero esta diferenciación tipolóxica das manifestacións de mestura de códigos –e de maneira moi concreta o enfoque sociocomunicativo que requiren algunhas delas– quedou conscientemente excluída desta comunicación; o que se buscaba era simplemente experimentar unha aproximación metodolóxica á avaliación dun aspecto moi restrinxido e formal da competencia e valorar se se apreciaban algunhas tendencias que puideran entenderse como hipóteses para investigacións máis ambiciosas.

Entendidos con estas limitacións, os datos que fomos comentando permiten formular as seguintes apreciacións:

1. Aínda que con oscilacións importantes entre os distintos textos, a media de fenómenos alleos á norma do galego e do castelán identificados polos alumnos non se sitúa en niveis que poidan considerarse satisfactorios desde o punto de vista académico. Tendo en conta o nivel educativo dos alumnos e o contexto escolar no que se realizou a proba (a clase de lingua), non parece que se estean a conseguir grandes obxectivos na competencia lingüística, nin sequera en aspectos tan formais como os que se trataba de explorar con este exercicio.
2. As notables diferencias porcentuais que se observan nas respostas ós distintos fenómenos indican que o grao de integración das interferencias (tanto do castelán no galego, como do galego no castelán) é moi diverso. Estructuras galegas en textos casteláns como *“Juan no te está”* (texto 1) e *“Entre tú y más yo”* (texto 8),

senaladas por un 90% dos alumnos, ou construcións castelás en enunciados galegos como “*Estiven en casa de*” (texto 2) e “*Me dixoxue*” (texto 5), identificadas por arredor dun 80%, indicarían que o seu nivel de integración non é aínda moi grande. En cambio, castellanismos léxicos como “*grifo*” ou “*xaula*” que non foron identificados como tales máis ca por un 20% dos alumnos habería que entendelaos como practicamente integrados no sistema léxico do galego, con substitución case total das formas galegas **billa** ou **gaiola**, ou, polo menos, nunha distribución funcional na que a estas últimas se lles reservan usos moito máis restrinxidos.

Na diferenciación tipolóxica que facía U. Weinreich xa en 1953 entre “interferencias na fala” e “interferencias na lingua” –e que representaba metaforicamente como a area que é arrastrada pola corrente do río ou a que se pousa nas augas mortas do lago–, das respostas dadas polos alumnos podemos deducir con bastante claridade qué fenómenos responden a ese carácter fugaz e esporádico e cales se están a instalar xa no sistema da lingua.

3. Desde a perspectiva da aprendizaxe lingüística, adóitase dicir que as interferencias representan un estadio normal na incorporación do falante a unha nova lingua, feito que resulta máis doado canto máis próximos están os seus códigos. Sen embargo, o elevado nivel educativo no que se realizou o estudo e a perspectiva meramente analítica (non productiva) que se lles demandaba, dificilmente permite xustificar as dificultades de boa parte dos alumnos para identificar certos fenómenos como unha fase inmadura de aprendizaxe. Máis ben habería que entender, como indica M. Siguán (1985), que hai fenómenos que non son incorporados polo falante da súa L1 ós seus discursos en L2 por un déficit de competencia nesta última, senón que socialmente ‘pertencen’ xa a esta L2. Exemplos como os de “*grifo*” ou “*xaula*” ilustrarían esta situación, e denotarían esa tensión que se vive moitas veces no galego entre a norma académica e a norma social, tensión que a aprendizaxe escolar debe axudar a superar.

4. Polo que se refire á relevancia dalgunhas das variables analizadas, como a lingua do texto, a lingua habitual dos alumnos e o nivel educativo, cómpre subliñar o seguinte:

- a) Apréciase unha maior conciencia normativa nos textos casteláns ca nos textos galegos, manifestada na maior capacidade para identificar fenómenos estraños á primeira lingua ca á segunda. Isto pódese deber a que os galeguismos e os castellanismos que aparecen nos textos non teñan o mesmo nivel de dificultade; pero tamén ó superior rango normativo do castelán e a unha maior fixación do seu estándar, mesmo a nivel escolar.
- b) O cruce das respostas dadas ós distintos textos coa lingua habitual dos alumnos dá porcentaxes considerablemente máis elevadas na identificación de fenómenos entre os suxeitos galegofalantes ca entre os castelanfalantes (mesmo nos textos casteláns), e tamén unha actitude normativa máis estricta



nos primeiros ca nos segundos. Sen embargo, por tratarse dunha mostra moi reducida e non dispoñer doutro tipo de información sobre os suxeitos estudiados, non é posible afirmar que esta diferenza se deba en sentido estricto á variable lingüística.

c) Finalmente, a comparación dos resultados atendendo ó nivel educativo dos alumnos ofrece diferencias considerables a favor dos do nivel superior. Isto demostraría que, malia o baixo nivel medio das porcentaxes de acerto xa comentado máis arriba, o sistema educativo está incidindo na fixación normativa das dúas linguas; incidencia que, sen embargo, non parece ser suficiente para compensar a deturpación social na que se atopan.


5. Unha dimensión distinta –e tamén máis complexa– é a que se deriva da valoración que fan os alumnos destes usos lingüísticos. Evidentemente, ó lles demandar unha opinión sobre a actitude máis ou menos normativa que se debe adoptar diante dos mesmos, estáselles a reclamar xa algo máis ca unha operación académica e entramos no que son preconceptos sociais (e escolares) sobre as linguas: consideración dunha e doutra, estimación que se fai da norma en cada unha delas, a propia forma na que se realizou a aprendizaxe lingüística, etc.

Tal vez por esta razón, os resultados non son tan definidos como no apartado referido á *identificación*: observamos, por exemplo, relevancia semellante da variable ‘*lingua habitual*’, pero unha perda practicamente total da mesma na diferenciación por niveis educativos.


## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Siguán, M. (1985): “Alternancia de códigos y mezcla de códigos en el bilingüe” en Mayor, J. , *Actividad humana y procesos cognitivos (Homenaje a J. L. Pinillos)*, Editorial Alhambra, Madrid.
- Weinreich, U. (1953): *Languages in contact*, Editorial Mouton, The Hague, 1964.


Porcentaxes de alumnos que identificaron as interferencias de cada un dos textos (Gráfica 1)




Porcentaxes medias de interferencias identificadas segundo a lingua do texto (Gráfica 2)




Porcentaxes medias de interferencias identificadas segundo a lingua habitual dos alumnos no conxunto dos textos (Gráfica 3)




Porcentaxes medias de interferencias identificadas segundo a lingua habitual dos alumnos en textos casteláns (**Gráfica 4**)




Porcentaxes medias de interferencias identificadas segundo a lingua habitual dos alumnos en textos galegos (**Gráfica 5**)




Porcentaxes medias de interferencias identificadas segundo o nivel educativo no conxunto dos textos (**Gráfica 6**)




Valoración: Porcentaxes obtidas polas distintas opcións en cada un dos textos (Gráfica 7)




Valoración: Porcentaxes medias obtidas segundo a lingua do texto (Gráfica 8)




Valoración: Porcentaxes medias obtidas no conxunto dos textos segundo a lingua habitual dos alumnos (Gráfica 9)




Valoración: Porcentaxes medias obtidas segundo a lingua habitual dos alumnos nos textos galegos (Gráfica 10)



Valoración: Porcentaxes medias obtidas segundo a lingua habitual dos alumnos nos textos casteláns (Gráfica 11)



Valoración: Porcentaxes medias segundo o nivel educativo (Gráfica 12)





## O PAPEL DA TELEVISIÓN DE GALICIA E DA RADIO GALEGA NA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

*Xosé Soengas Pérez*

A Televisión de Galicia e maila Radio Galega naceron nun momento importante para contribuír ó proceso de normalización lingüística do galego, pois a década dos oitenta caracterizouse polos continuos cambios e transformacións sociais, políticas e económicas, que van ter unha relación moi directa co auxe das linguas minorizadas, como é o caso da lingua galega. A sociedade galega, cando se inaugurou a Radio Galega e maila TVG, atopábase nun momento de aperturismo relativo que favorecía o uso do galego en sectores que ata entón empregaban exclusiva ou maioritariamente o castelán para comunicarse, tanto no espacio público coma no privado. Para reforza-las tendencias dese momento, por primeira vez, os galegos tiñamos un referente importante, a Radio Galega e maila TVG, uns medios recién creados, que nos amosaban, sobre todo a televisión, que o noso idioma tiña as mesmas posibilidades comunicativas que calquera outro idioma e que en Galicia nos podíamos desenvolver perfectamente empregando unicamente o galego para calquera tipo de actividade sen recorrer ó castelán. Esta posibilidade mesmo quedaba patente a través dalgunhas entrevistas feitas a persoeiros de fóra da nosa comunidade, que demostraban comprender perfectamente o galego, sen necesidade de traducirlles ningunha palabra.

O desenvolvemento das tecnoloxías e da comunicación posibilitaron a chegada da radio e da televisión a zonas illadas e de baixo nivel cultural que pensaban que na cidade só se falaba castelán e que o galego só servía para desenvolverse nas aldeas, unha falacia inculcada durante décadas de represión para favorece-lo uso do castelán como idioma dominante. Así mesmo, a Radio Galega e maila TVG favoreceron o uso do galego en núcleos ou sectores nos que se empregaba pouco porque se consideraba que era un idioma de segunda categoría. Así pois, a través da nosa radio e da nosa televisión todo o país puido comprobar que o galego non era un idioma marxinal que só falaban os labregos e, ó mesmo tempo, demostrábase que na cidade tamén se podía vivir perfectamente sen necesidade de falar castelán. Abondaba co galego.

Posiblemente, un dos maiores logros da radio e da televisión autonómicas foi rompe-la falsa crenza de que na cidade só se falaba castelán, xa que estes dous medios de comunicación presentaban por primeira vez o galego como o idioma único do noso país e, amais, era empregado publicamente por persoeiros relevantes, por políticos, por escritores e por representantes de tódolos estamentos da sociedade, un factor moi positivo para prestixia-lo idioma, xa que os persoeiros podían servir de exemplo para que o galego fose utilizado publicamente polos sectores máis remisos e tamén pola mocidade que empezaba a tomar un certo compromiso político e social, tanto a de procedencia rural, que comezaba a valoralo seu propio idioma, desprezado durante décadas, como os mozos criados nas cidades, interesados na recuperación do uso do galego.

Pódese dicir que a Radio Galega e maila TVG desde a súa creación estaban chamadas a cumprir un dobre papel: informativo e formativo, sobre todo no aspecto sociolingüístico. Tratábase de conseguir que a poboación asumise falar galego como un modo normal de comunicarse tódolos cidadáns de Galicia e non só mantelo como un idioma que se falaba en determinadas circunstancias porque estaba de moda. É ben certo que a información e maila formación son dúas características inherentes a calquera medio de comunicación de masas, pero no caso da radio e da televisión galegas, e moi particularmente no dos espacios informativos, tiñan a obriga de levar a cabo unha política de normalización lingüística eficaz, xa que os programas de información a miúdo son tomados a xeito de modelos de referencia expresiva ou fonética polo resto da poboación. Neste senso, pódese citar Catalunya Ràdio e TV3, a televisión autonómica catalana, como un caso paradigmático, aínda que non hai que esquecer que o catalán tiña unha aceptación social moi distinta á do galego e non tivo que loitar por penetrar en certos sectores remisos a se desprenderen do uso do castelán, como sucedía en Galicia.

A transcendencia social que ten a televisión, moita máis cá radio, fai que axiña se adopte como modelo de conducta, o cal leva consigo unha influencia decisiva na sociedade, tanto a nivel de costumes como de formas de comunicación. De aí a importancia do uso correcto do idioma na televisión para non contaminar a lingua con formas de falar que axiña serán adoptadas como modélicas polos cidadáns ou, polo menos, imitadas dun xeito case xeral.

A TVG, como sucedeu coas demais televisións noutros países, converteuse, en pouco tempo, no medio de comunicación de masas máis importante de Galicia, relegando a un segundo plano a prensa e mesmo a radio que, xa antes de se crear a Radio Galega, tiña unha presenza importante en toda a nosa comunidade, mesmo nas zonas rurais máis illadas dos centros de comunicación. Ben é certo que as características técnicas da radio e da televisión favorecen esta popularidade: ámbolos medios poden chegar a tódolos sitios case instantaneamente, mentres que a prensa require un proceso de edición e de reparto que ás veces resulta lento e complicado; amais, para descodificar as mensaxes da radio e da televisión non é necesario saber ler, nin tampouco prestar atención exclusiva como cando se le un periódico. E, por riba, a televisión é tremendamente espectacular, moito máis cá radio, polo



que atrae a atención dun xeito máis doado. Por eso a TVG de contado acadou un protagonismo moito máis importante cá Radio Galega.

Se temos en conta o illamento que padecen moitas poboacións galegas, debido á orografía abrupta, e mesmo os baixos índices de alfabetización, engadidos ós baixos recursos económicos dos habitantes das zonas rurais, que lles restan posibilidades de desprazamento ós lugares onde se atopan os centros neuráxicos da información e da comunicación, a TVG converteuse, case sen quererlo, no máis importante vínculo de contacto das zonas illadas co mundo exterior, pois achegaba a moitos sitios recónditos imaxes dos modos de vida doutros lugares ata entón nunca vistos polos habitantes destas zonas e a radio non ten semellante posibilidade visual. E o máis importante é que todo este mundo novidoso que entraba en moitos lares galegos por primeira vez, éralles contado e descrito no seu propio idioma, demostrándolles a moitos cidadáns que a súa lingua era tan importante como o castelán e que tiña as mesmas posibilidades comunicativas.

Ben é certo que os habitantes destas poboacións illadas ás que nos referimos xa eran galegofalantes, pero a Radio Galega e maila TVG contribuíron a que os galegos do mundo rural apreciasen máis o seu propio idioma e desbotasen a idea de que nas cidades só se falaba castelán e que o galego era o idioma das clases marxinais. A incidencia da televisión, maior ou menor, nas cuestións fundamentais de convivencia dentro dunha comunidade está recoñecida unanimemente, e a influencia da radio e da televisión na lingua é moi importante, cando menos a medio prazo. Por eso a radio, e sobre todo a televisión, conscientes do seu gran poder, deben utilizar axeitadamente as súas posibilidades formativas e informativas, procurando non contaminar ou destruí-las características comunicativas e culturais que identifican un país.

Tradicionalmente, como moi ben apuntaba Antón Dobao (“Normalización lingüística e medios de comunicación” en *A Trabe de Ouro*, 1990, pp. 247-259) viuse a televisión como un medio de comunicación que crea estado de opinión dentro dunha comunidade, forza ás necesidades de consumo e articula, ou contribúe a articular, as necesidades comerciais. Do mesmo xeito, pódese dicir que a radio e maila televisión tamén poden condiciona-lo modo de falar e contribuír a que un idioma se use máis ou menos, en determinadas circunstancias ou sempre. Por eso, os medios de comunicación, sobre todo os audiovisuais, que algúns consideran capaces de converte-lo mundo nunha gran aldea, non son alleos á creación dun modelo cultural ou lingüístico para unha determinada comunidade, sobre todo no caso de Galicia, onde se daba unha situación lingüística moi particular cando se creou a Radio Galega e maila TVG, acompañada de cambios políticos e sociais importantes que se prolongaron ó longo de toda a década, transformando a realidade galega profundamente, mesmo no aspecto lingüístico. Así, a radio e maila televisión autonómicas foron un dos instrumentos principais para desenvolver unha determinada política lingüística axeitada nunha comunidade moderna e sometida a cambios políticos, culturais e lingüísticos como é o caso de Galicia, onde o idioma propio estivo relegado a segundo plano ata hai poucos anos. Neste proceso de evolución ou de tendencia a recupera-lo uso social e oficial do

idioma propio, a Radio Galega e maila TVG estaban chamadas a ser un dos principais instrumentos de uniformización, axudando a integrarse ós cidadáns nunha política lingüística normalizadora, pois da noite á mañá a TVG converteuse no medio de comunicación máis importante do noso país.

Aínda que non se lles poden negar méritos na normalización lingüística, tamén hai que dicir que tanto a Radio Galega como a TVG non aproveitaron axeitadamente tódalas posibilidades das que dispoñían para afrontar un papel máis eficaz e decisivo con respecto ó uso normativo do galego.

O papel que aínda poden cumprir ámbolos dous medios de comunicación neste sentido é moi importante, pero sería necesario corrixir urxentemente tódolos fallos que se foron acumulando dende a súa creación e explotar axeitadamente tódolos medios dos que dispoñen para contribuír ó enriquecemento do noso idioma coidando, por exemplo, a selección dos locutores e presentadores no que atinxe a súa fonética, propóndose uns criterios xornalísticos coherentes nas redaccións dos informativos e descartando a emisión inustificada de programas en castelán ou as intervencións gratuítas e omnipresentes de certos persoeiros que tampouco se expresan en galego.

Se a Radio Galega e máis a TVG non explotan correctamente as súas posibilidades con respecto ó idioma galego, como lles corresponde facelo, están cometendo unha fraude á sociedade, pois non hai que esquecer que se trata duns medios públicos cunha relevancia extraordinaria e que foron creados precisamente para recuperar, fomentar e difundirlos sinais de identidade do noso país, principalmente o idioma. Entón, se non se traballa nesta liña, estaríanse conculcando os obxectivos que fomentaron a creación destes dous medios de comunicación autonómicos.

Pódese dicir que desde o primeiro momento, en ámbolos dous medios, tívose pouco coidado en configurar un equipo de xornalistas que dominasen correctamente o galego escrito e oral. Máis ben sucedeu todo o contrario. E este erro cometeuse sucesivamente en case tódalas contratacións de persoal que se realizaron, pois non se consideraba o dominio correcto do galego un requisito imprescindible para traballar de xornalista ou de locutor-presentador, mesmo contaba máis a telexenia, o timbre de voz ou outros factores alleos ó xornalismo. Debido a este descoido progresivo á hora de seleccionalos profesionais da información e da comunicación que ían traballar nos dous medios autonómicos, actualmente o 90 por cento dos redactores da Radio Galega e da TVG son castelanfalantes habituais, mesmo no seu posto de traballo, e só utilizan o galego nos casos en que é imprescindible. Nos corredores e na redacción da Radio Galega e da TVG é máis fácil escoitar falar castelán ca galego, algo que non adoita acontecer, por exemplo, en TV3 nin en Catalunya Ràdio. Entre a maioría dos profesionais da Radio Galega e da TVG non existe, pois, unha concienciación clara de defender, promocionar e prestixiar-lo idioma galego.

Tampouco se coidou a calidade fonética á hora de seleccionalas persoas que ían facer tarefas exclusivas de locución, unha fonética que estaba chamada a se-lo modelo de referencia do galego normativo, sen desprezar ningunha das variedades enriquecedoras que

contén o noso idioma. Na Radio Galega e na TVG seguiu-se, reiteradamente, unha política errónea, desinteresada, e moitas veces fraudulenta cos principios que inspiraron a creación destes medios de comunicación, á hora de realiza-la cobertura do cadro de redactores e locutores. Na maioría dos casos non se lles esixía ós aspirantes a postos clave a formación necesaria para desenvolver correctamente e con garantías de calidade profesional o traballo, e, debido a estas irresponsabilidades, agora dáse o caso de que a fonética da maioría dos locutores e dos presentadores que traballan na Radio Galega e na TVG non corresponde a ningunha das variedades existentes do galego. Trátase simplemente dunha contaminación propia de persoas que falan toda a súa vida castelán e se limitan a falar ou actuar en galego só diante dos micrófonos e das cámaras, sen demasiado interese por mellora-la pronunciación, para continuar expresándose en castelán unha vez que rematan o seu traballo xornalístico diante do micro ou da pantalla. Como é lóxico, esta situación artificial transcende inmediatamente á audiencia, causa que fai perder prestixio á Radio Galega e máis á TVG. Salvo contadas excepcións, pódese dicir que a fonética dos locutores da Radio Galega e dos presentadores da TVG é moi mala. A maioría teñen serias dificultades para pronuncia-lo *x*, así como as vocais abertas e pechadas e moitas veces confunden as formas verbais ou colocan mal os pronomes, un problema que se agrava cando se fan transmisións en directo e os textos non son revisados previamente polos asesores lingüísticos da casa. Isto é moi perigoso se se pretende que a Radio Galega e maila TVG sexan un modelo lingüístico de referencia de calidade, porque en troques de fomentar un galego correcto, como debería suceder, estase deteriorando o idioma a través duns medios de comunicación públicos que precisamente foron creados para prestixialo. Esta situación podería ter repercusións gravísimas sobre todo no público infantil que está en período de aprendizaxe e que, tendo en conta que cada vez se ve a televisión desde idades máis curtas, esta fonética “artificial” ou incorrecta que se canaliza a través da Radio Galega e da TVG podería contamina-la fala dos nenos, provocando, a longo prazo, consecuencias imprevisibles no noso idioma.

Esta falta de interese por prestixia-lo idioma tamén se fai patente na arbitrariedade ou desatención que se aprecia nos informativos ó incluír declaracións en castelán absolutamente irrelevantes e que se podían substituír por outras declaracións equivalentes en galego, ou cando os xornalistas da Radio Galega ou da TVG se dirixen ós convidados en castelán, aínda que son conscientes de que as persoas que entrevistan comprenden perfectamente o galego, unha actitude que sen dúbida prexudica o prestixio do idioma, relegando así publicamente as súas posibilidades comunicativas, pois transmítese a impresión á audiencia de que o galego non abonda para comunicarse en calquera situación e que é necesario recorrer ó castelán como comodín. Non se trata de obvia-lo bilingüismo existente en Galicia, nin tampouco de marxinar a ninguén por falar en castelán, pero a Radio Galega e maila TVG teñen a obriga de situa-lo galego no lugar que lle corresponde.

Pero, quizais, o dato máis preocupante e que, salvo poucas excepcións, os directivos da Radio Galega e da TVG non se preocuparon por fomenta-lo uso do galego na propia casa, máis ben o contrario, dándose o paradoxo de que os traballadores con categorías laborais

máis baixas, habitualmente galegofalantes, utilizan o castelán para se dirixiren ós xefes. Aínda que esta circunstancia non ten proxección fora dos corredores da Radio Galega e da TVG, é un detalle moi significativo de cómo se valora o idioma dentro da propia casa.

Nunha sociedade bilingüe como é a galega, a Radio Galega e maila TVG poden ser tamén unha importante arma uniformizadora, eliminadora do conflito no sentido negativo, coa imposición dun sistema de valores sociais e lingüísticos que leven á poboación a se decatar de que o galego é o idioma propio da comunidade e, a partir de aquí, os cidadáns empecen a utilizalo como lingua de prestixio fronte ó idioma oficial do Estado, o castelán, que durante décadas foi imposto como único idioma oficial.

É certo que o galego se restableceu dunha forma importante na última década, coincidindo coa creación e auxe da Radio Galega e da TVG, aínda que este idioma minorizado durante séculos non deu recuperado polo de agora o lugar que lle corresponde, pois en moitos eidos aínda se segue a utiliza-lo galego como algo puramente testemuñal, ou ben como un idioma unicamente administrativo para cubrir documentos dirixidos ás institucións oficiais galegas. E tampouco se poden atribuír á radio e máis á televisión tódolos méritos no restablecemento do idioma. Hai que ter en conta os cambios políticos e maila evolución da sociedade, que sen dúbida foron favorables para o uso do galego en tódalas situacións, xa que os cidadáns galegos fóronse concienciando de que tiñan un idioma propio que lles permitía comunicarse perfectamente sen recorrer para nada ó idioma castelán.

Practicamente toda a poboación que vive en Galicia entende o galego sen problemas e a maioría pode falalo, un factor que favorece a política de normalización con respecto ás dificultades de comprensión que se dan noutras comunidades, como o caso de Euskadi. Pero diversos estudos sociolingüísticos, como o citado de Dobao de 1990, demostran que varios anos despois da creación da Radio Galega e da TVG aínda non se alcanzou o uso social do galego que se esperaba e o Ente autonómico non conseguiu invertelas tendencias, é dicir, que o galego sexa o vehículo normal de comunicación en tódalas actividades da sociedade.

Antón L. Dobao, asesor lingüístico da TVG, explica esta evolución argumentando que é posible que ata o de agora o papel da TVG, e sobre todo o dos informativos, fora asumido como algo normal da autonomía sen ningunha consecuencia positiva sobre a normalización lingüística, no canto de contribuír á implantación do galego. E engade que de ser así habería un perigo de liturxización do idioma.

A Radio Galega e maila TVG, tanto a través dos informativos como doutros programas, ampliaron e completaron o repertorio de roles para incita-la sociedade a asumir tamén na vida cotiá a lingua propia da comunidade. A radio e maila televisión en galego demostran que, efectivamente, o noso idioma é apto e necesario para tódalas relacións cotiás dos galegos en Galicia e non é necesario utilizar outro idioma para vivir e traballar nesta comunidade autónoma. Por eso débense evitar actitudes irresponsables ou gratuítas que poidan levar á confusión das posibilidades comunicativas absolutas e ricas do noso idioma. Por exemplo, cando se facía referencia antes ás noticias nas que se inclúen insertos en castelán, a

maioría das veces inxustificadas, pois non son relevantes e poden ser substituídos perfectamente por unhas declaracións equivalentes en galego. Situacións semellantes non se dan nunca en TV3.

A Radio Galega e maila TVG, igual ca outros medios que tamén usan o galego para se dirixir á poboación, teñen que loitar contra a presión dos medios que seguen empeñados en atribuírle ó castelán os roles mellor considerados socialmente e evitar situacións circenses que favorecen os tópicos mais prexudiciais para o fomento do noso idioma. Isto leva consigo o perigo de que se asocie cada un dos idiomas cunha clase social determinada: o galego como o idioma das clases marxinais e o castelán como a forma de se expresar dos cultos. É posible que esta circunstancia sexa un reflexo do que realmente acontece. Pero, de se-lo caso, precisamente o papel da Radio Galega e da TVG é loitar para cambia-la situación.

A radio e a televisión públicas deben evita-la emisión gratuíta ou pouco xustificada de espazos en castelán que non engadan nada positivo á nosa sociedade e prexudican o papel que debe acada-lo galego na nosa comunidade, unha situación que se dá demasiado a miúdo na TVG. Por exemplo, as reiteradas emisións das películas de Cantinflas sen traducir ó galego ou programas musicais presentados integramente por folclóricas andaluzas, unhas emisións que non teñen outra xustificación que enche-la grella con produtos baratos, xa que os contidos non teñen nada que ver coa realidade galega e ás veces nin sequera teñen calidade xornalística ou artística.

Unha parte importante do proceso de normalización lingüística é a normativización. E neste punto, malia ós erros mencionados, a Radio Galega e maila TVG xogaron un papel decisivo dende a súa creación, un traballo que lles debe ser recoñecido.



## AS ESTRATEXIAS LINGÜÍSTICAS DOS MEDIOS GALEGOS: ANÁLISE DA ACTITUDE DE XORNAIS E XORNALISTAS

*Miguel Túñez*

Facultade de Ciencias da Información. Universidade de Santiago de Compostela

A maioría, por non dicir a práctica totalidade, dos estudos sobre o galego e os medios de comunicación acostuman a estar baseados en análises cuantitativas e/ou cualitativas. Este esforzo por determinar **canto** galego se escribe e **que** galego se utiliza necesita, o meu entender, un enfoque máis amplo para interpretalo correctamente.

Interesa, e moito, saber cal e o equilibrio de forzas galego-castelán nos medios que se editan ou que emiten en Galicia. E interesa, sobre todo, porque esa convivencia está marcada pola rivalidade xa que hai un tempo e un espacio concreto para a emisión de contidos que só poden estar elaborados nunha lingua. Pode ser unha emisión bilingüe, pero iso non é máis que unha sucesión de continuos cambios de soporte idiomático. En galego e castelán á vez é imposible porque é imposible falar ou escribir dúas linguas en simultáneo. Interesa, tamén, a calidade do galego que se utiliza nos medios de comunicación pola tendencia das audiencias a repetiren usos asimilados a través do consumo mediático. Pero interesa, ademais, saber cal é a estratexia lingüística de medios e xornalistas. É dicir, coñecer porque escriben nunha ou noutra lingua e coñecer cal é o valor que se outorga a esa escolla do soporte lingüístico no que se vehiculizan os contidos cara ós consumidores.

Interesa, pois, achegarse a descubrir cal é o valor da lingua dentro dos recursos que utilizan os medios no proceso de produción da información.

Informar en galego é algo que vai máis aló de redactar informacións en galego. Por iso a diferenciación entre xornais galegos e xornais en galego. Limitar a identificación ó soporte lingüístico equivale, por exemplo, a dar por bo un único medio informativo en multiedicións idiomáticas. Indo máis aló, equivale a aceptar como referente dos sinais identificativos da comunicación de pobos distintos a existencia dun único medio traducido a varias linguas.

Informar en galego e nun medio galego escrito en galego supón concibir un modelo de comunicación identificado coas demandas informativas da colectividade que utiliza

esa lingua como medio de expresión e comunicación interna. Significa, pois, analizar os recursos propios da lingua, porque é necesario saber como falan entre si os integrantes dunha colectividade para poder falarlle ó conxunto, pero significa, tamén, incorporar ó modelo as prioridades de demanda informativa das audiencias.

Nese proceso é determinante a estratexia do xornal. O conxunto de actuacións públicas e non-públicas das que se vale o periódico para afirmar a súa liña política identifícase co que se denomina a súa estratexia ó servizo de dous obxectivos permanentes: lucrar e influír (Borrat, 1989).

Esta intervención está centrada en analizar a estratexia e as actitudes lingüísticas dos xornais galegos e dos xornalistas que traballan en Galicia, unha das comunidades con maior concentración de cabeceiras de xornais e cunha publicación diaria escrita en galego, con vocación de difusión en todo o país pero vencellada –pola propia estrutura a empresa– a Santiago, ata o punto de duplicar contidos co seu homónimo en castelán ou de utilizar o mesmo tema para abrir seccións distintas.

O exemplo é de onte mesmo: o que no xornal en castelán é xerarquizado como o máis importante para os lectores de Santiago (apertura de sección Local), no xornal en galego aparece como o máis importante en Galicia e abre esa sección, habitualmente dedicada a temas políticos. Dous produtos dunha mesma empresa con dúas estratexias distintas identificadas con dous modelos de comunicación diferentes no soporte, na presentación e na xerarquización, pero maioritariamente coincidente nos contidos informativos e nos de opinión.

Desde esta perspectiva da comunicación como algo máis que feita en Galicia ou escrita en galego, a actitude e a estratexia de medios e xornalistas abórdase desde a análise diferenciada de:

### **1. O Xornalista**

#### ***Fóra da redacción***

A influencia da actitude dos xornalistas na lingua que utilizan as fontes, a través das conferencias de prensa do presidente da Xunta.

#### ***Na redacción***

A actitude manifestada polos que habitualmente elaboran información que se publica/emite nos medios de Galicia.

### **2. A empresa**

A actitude das empresas da escrita na escolla do soporte lingüístico no que transmiten as súas informacións.

#### ***Fóra da redacción***

Do seguimento de catro conferencias de prensa de Manuel Fraga nos meses de maio e xuño conséntase que son os xornalistas os que deciden o idioma no que se vehiculizan as respostas do presidente da Xunta, agás nos casos en que o propio Fraga presupón que o tema é de interese para os medios de comunicación de todo o Estado, que opta por falar en español.



O que acontece coa lingua nas relacións institucionalizadas do presidente da Xunta e os xornalistas considerouse significativo xa que se trata dun caso no que conflúen tódolos valores que necesita un acontecemento para converterse en noticia publicada ou difundida nos tempos e espazos informativos dos medios galegos.

Á notoriedade do personaxe únese, como elemento engadido, a utilización dos que desde a socioloxía norteamericana se conceptuaron como canles habituais de rutina para acceder á axenda dos medios (Molotch e Lester, 1974). Quere isto dicir, de antemán estaba garantido que, independentemente do que se tratara na conferencia de prensa, o que dixerá a fonte ía estar nos tempos ou espazos informativos dos medios.

O campo de estudio acoutouse en catro semanas de maio e xuño. A análise correspóndese coas conferencias de prensa posteriores ós consellos da Xunta dos días 2, 9 e 24 de maio e do 6 de xuño deste ano. A previsión inicial de analizar unha de cada dúas conferencias variouse na segunda das datas xa que na primeira conferencia estudada Manuel Fraga anunciou que volvería a se-lo candidato do PP á presidencia da Xunta despois de varias declaracións públicas manifestando que esta era a súa última lexislatura. Tamén porque se comprobou que a renovación do goberno do Estado coa chegada do PP ó poder convertía a Fraga en fonte de referencia e isto influía na lingua escollida como soporte para transmitir as súas declaracións.

Nos catro casos analizados, o presidente da Xunta elixiu o galego para trasladar os xornalistas o resumo dos acordos do consello da Xunta que se acababa de celebrar. Sen embargo, cando o titular do executivo galego presupoñía que a súa intervención estaba entre as previsións dos medios do Estado ou doutras Comunidades Autónomas, esa iniciativa arrancaba cun discurso en castelán “*para comodidad de los medios*”, segundo as súas propias palabras. Así aconteceu ó presentar a súa declaración xustificando a retirada do recurso contra a cesión do 15% do IRPF as Comunidades Autónomas. *Para comodidad de los medios... que emiten en castelán, se entende...*

O presidente da Xunta aclarou que respondería na lingua na que se lle formulara a pregunta. Por iso, despois da súa intervención xeral repasando os acordos do consello, recaía nos xornalistas a iniciativa de decidir o soporte idiomático no que se ía a manter a conversa. Nese momento, a maioría das intervencións optaban polo castelán.

Non se observou unha relación directa entre a lingua na que publica/emite o medio e a lingua na que preguntaba o xornalista, nin se desprende da revisión das preguntas ningunha diferenciación temática atribuíble a cada lingua, aínda que, polo coñecemento dos participantes, si se rexistrou unha translación ó traballo dos hábitos lingüísticos do xornalista como individuo; é dicir, preguntan en galego os que habitualmente falan en galego, independentemente da lingua que logo usen para desenvolver o seu traballo.

Concretando os resultados da investigación en cifras porcentuais, o 35,5% das preguntas realizadas polos periodistas nas conferencias de prensa estudadas fixéronse en galego, fronte ó 64,4% en castelán.

É dicir, unha pregunta en galego por cada dúas en castelán.

| Conferencia de prensa. Presidente da Xunta<br>2, 9 e 24 de maio e 6 de xuño. 1996 |           |             |
|---|-----------|-------------|
|   | En galego | En castelán |
| Preguntas dos xornalistas   | 35,5%     | 64,4%       |
| Respostas da fonte  |           |             |

CADRO 1

A importancia da escolla idiomática dos xornalistas vén xusto despois da pregunta. Acontece así porque esa escolla era a que condicionaba o soporte lingüístico da fonte, é dicir, a lingua na que se ía establecer a través dos medios informativos a relacións do presidente dun Goberno cos cidadáns do país por el gobernado.

Na prensa escrita non ten maior transcendencia porque os textos acostuman a ser monolingües (galego ou castelán) independentemente do idioma no que Fraga pronuncie a frase que se pon entre comiñas. Sen embargo, condiciona o contido das informacións nos medios audiovisuais que se ven obrigados a facer informacións bilingües, independentemente da lingua na que emitan.

Nese caso, e posiblemente de forma inconsciente, ó preguntar, o xornalista está condicionando o soporte idiomático en que se manifestará a fonte e o soporte en que esas manifestacións serán transmitidas ós oíntes, caso de ser seleccionadas como *cita in voce* ou inserto. E condiciona tamén o propio medio emisor: se dunha pregunta en castelán sae a resposta con maior interese informativo, as radios e as emisoras de televisión que emitan integramente en galego estarán obrigadas a recorrer ó castelán para emitir un fragmento das declaracións do conferenciante, porque a textualidade nos audiovisuais é intraducible na atribución directa, a non ser que se conte cunha voz en *off* que faga o cambio de soporte ou se recorra os subtítulos.

A análise deste caso concreto podería considerarse un feito anecdótico, curioso ou non representativo da influencia da lingua nas relacións xornalistas-fontes e, o que nesta ocasión nos interesa máis, na confección final da mensaxe informativa que elabora o xornalista para transmitir a sociedade un anaco da realidade que el coñece. Sen embargo é un primeiro síntoma da actitude de xornalistas e empresas.

### **Na redacción**

Unha vez na redacción do medio, ó afrontar a elaboración do texto informativo, o xornalista utiliza a lingua fixada pola empresa ata o punto que moitas veces inverte a escolla idiomática da fonte sen advertirillo ó lector.

Segundo as estatísticas, o 73,5% dos xornalistas da escrita din que escriben habitualmente en castelán, fronte o 10,69% que asegura facelo en galego. Na radio, os que

habitualmente redactan as informacións en castelán son o 43,3% e os que o fan en galego son o 27,7%. Na televisión, o 90,2% usan o galego e o 5,8% o castelán (Túñez, 1996). Así se deduce das respostas facilitadas por máis de 300 homes e mulleres que habitualmente elaboran información que se difunde nos medios galegos.

### CADRO 2

Inquérito: Mirian Quiroga, Irene Rodríguez, Patricia Rodríguez, Ana Rodríguez, Ángel Seijo, Alexia Torres, Andrés Vellón, Miguel Túñez.

| <b>Idioma que utiliza habitualmente nas informacións...</b> |        |       |            |          |
|---|--------|-------|------------|----------|
|   | PRENSA | RADIO | TELEVISIÓN | TODAS/OS |
| Galego  | 10,69% | 27,7% | 90,2%      | 29,6%    |
| Castelán  | 73,58% | 13,3% | 5,8%       | 53,0%    |
| Os dous   | 12,57% | 25,5% | 1,96%      | 14,6%    |
| Non contesta  | 2,54%  | 3,3%  | 1,96%      | 2,6%     |
| TOTAL   | 99,38% | 99,8  | 99,92%     | 99,8%    |

Fonte: Elaboración propia

| <b>¿Quen decide o idioma en que escribe as informacións?*</b> |        |       |            |          |
|---|--------|-------|------------|----------|
|   | PRENSA | RADIO | TELEVISIÓN | TODAS/OS |
| O medio   | 59,74% | 71,1% | 94,11%     | 69,0%    |
| Os superiores   | 8,80%  | 4,4%  | 1,96%      | 6,3%     |
| As fontes   | 3,77%  | 5,5%  | 0,00%      | 3,6%     |
| Escolla persoal   | 27,04% | 18,8% | 11,76%     | 22,0%    |
| Non contesta  | 4,40%  | 7,7%  | 5,88%      | 5,0%     |

Fonte: Elaboración propia. (\*) Posibilidade de resposta múltiple.

| <b>Traballo de campo: 24 de marzo ó 8 de abril. 1995</b> |                      |                   |
|--|----------------------|-------------------|
| <b>Mostra: 300 xornalistas</b>                           |                      |                   |
| <b>...traballan en</b>                                   | <b>...nos medios</b> |                   |
| A Coruña   | Agn                  | A Nosa Terra      |
| Santiago de Compostela                                   | Atlántico Diario     | Cope              |
| Carballo   | Compostelán          | El Correo Gallego |
| Ferrol   | O Correo Galego      | Diario 16         |
| Lalín  | Diario de Pontevedra | Efe               |
| Monforte de Lemos  | Faro de Vigo         | El Ideal Gallego  |
| Lugo   | El Mundo             | Onda Cero         |
| O Barco  | El País              | El Progreso       |
| Ourense  | RAG                  | La Región         |
| Vigo   | RNE                  | SER               |
| Pontevedra   | TVE                  | TVG               |
| Vilagarcía de Arousa                                     | La Voz de Galicia    |                   |

As cifras, resultado dunha investigación desenvolvida no 1995 na Facultade de Ciencias da Información, están en sintonía co uso da lingua nos tempos e espazos informativos dos medios galegos. O significativo vén cando se pregunta pola orixe desa decisión\*.

Nos tres casos –prensa, radio e televisión– é maioritariamente unha decisión do medio. Sen embargo, canto menores son as porcentaxes de uso do galego para difundir as informacións, maiores son as porcentaxes da identificación do idioma utilizado como unha escolla persoal do xornalista. É dicir, os da escrita son os que utilizan menos o galego (o 10,69%) e os que máis identifican a lingua empregada como unha escolla persoal (27,04%).

### *As empresas*

Ata o de agora levamos visto que:

- cando a actitude do xornalista pode decidir a lingua na que se manifesta a fonte a proporción é maioritariamente favorable ó castelán (2 a 1).
- cando a actitude da empresa é determinante, a sintonía da elección da empresa coa escolla persoal do xornalista é máis coincidente nos medios en castelán.

Un terceiro elemento de observación é a actitude das empresas. Na prensa a presenza de galego é residual. Da comparación das medicións cualitativas e cuantitativas realizadas nos anos 90 e 93 por un equipo de lingüistas e xornalistas constátase unha baixa na xa de por si reducidísimas porcentaxes de galego nas páxinas dos xornais (VV.AA., 1995). Residual e case simbólico porque, en conxunto, de cada cen páxinas publicadas só tres estarían integramente en galego.

Ocorre que, como é lóxico, agás no caso de *O Correo Galego*, as informacións en galego acostuman a responder a falsos estereotipos ou a servir de mero soporte para aumentar as cantidades de publicación en galego con vistas ás subvencións da Administración.

Dos estereotipos, os exemplos son abondosos: dende as noticias da páxina de Cultura que se orixinan en Galicia ata a separación idiomática das informacións sobre as forzas políticas: PP en castelán e BNG en galego. Ou mesmo, a primeira páxina de títulos 25 de xullo. Do uso do galego con vistas as axudas da Administración hai exemplos case cada día. No recuncho dunha páxina calquera e cun tema calquera orixinado en non importa onde.

O certo é que os medios, ou mellor, os directivos dos medios e das empresas editoras dos medios, manteñen unha crenza compartida de que o galego non é rendible como soporte informativo. Sen defendela en público, en privado aseguran que “*o galego non vende*”.

Publicamente, apóstase por escudarse na convivencia idiomática ou nas informacións bilingües. Na realidade, algúns medios incluso *aconsellan* ós seus redactores que

\* Datos actualizados durante o período de publicación destas actas en M. Túñez e J. López: *Condicións laborais e actitudes profesionais nos medios de comunicación*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2000.

usen só o castelán e, como moito, que introducen en galego as citas textuais daquelas fontes que se manifestaron nesta lingua.

As audiencias, sen embargo, desmenten esa argumentación. Nun inquérito entre lectores de prensa realizado no 90 por *Equinoccio*, tres de cada catro consultados amosáronse dispostos a ler (non din a mercar) un xornal integramente escrito en galego se a súa calidade fose boa (VV.AA., 1995).

Interesa ver como, desde esa mesma articulación (“*o galego non vende*”) se traduce a consideración da lingua como unha mercadoría máis no obxectivo, cada vez máis único, das empresas xornalísticas de sobrevivir e conseguir rendabiliza-lo produto no mercado.

En definitiva, que desde dentro, desde os que elaboran o produto, estamos ante un mapa da escrita xornalística que na practica aposta polo castelán e no seu discurso público defende o galego. Na dobre faciana está o dobre valor: a rendibilidade social e a propia imaxe fronte á rendibilidade económica.

A aposta polo castelán prolóngase ós xornalistas. Tanto no desenvolvemento do seu traballo nunha lingua decidida pola empresa como cando esa decisión se traslada a eles e se lles permite que o soporte idiomático sexa o resultado dunha escolla persoal. Está tamén o seu convencemento de que as informacións en galego se len menos, segundo se tira dunha enquisa entre xornalistas feita no 90, e recollida na obra *Información en galego* (VV.AA., 1995).

Ademais, esa ausencia do idioma como integrante das informacións trasládase ás prácticas colectivas –como vimos na análise das conferencias de prensa de Manuel Fraga– e derivan en imposicións ó conxunto da profesión, tanto nunha como noutra dirección idiomática.

Do que resulta desa estratexia de dobre mensaxe, das inclusións a favor das porcentaxes subvencionables, das escollas persoais no traballo e das interferencias do uso da lingua que o xornalista traslada á profesión saen, no caso da escrita, porcentaxes simbólicas e en descenso.

Detrás destas consideracións cuantitativas están, como vimos, as estratexias non declaradas, ás que é posible achegarse analizando outros moitos elementos incluídos na comunicación mediática. Como, e só como exemplo para rematar, a estruturación interna de contidos, cunha vertebración temática transversal xunto a criterios territoriais para organizar as seccións. Tal é así que, maioritariamente, Galicia é a clave de identificación do espacio reservado para incluír os temas políticos e os sucesos que ocorren fóra do ámbito principal de mercado do xornal. En Lugo, Galicia é Xunta, Parlamento e algo do ocorrido en Ourense, Coruña e Pontevedra.

## BIBLIOGRAFÍA

BORRAT, Hector, *Proyecto docente*, Barcelona, Departamento de Periodismo, Universitat Autònoma, 1985.

- BORRAT, Hector, *El periódico, actor político*, Barcelona, Gustavo Gili, 1989.
- BREED, Warren, "Social Control in the Newsroom: A Functional Analysis", en *Social Forces*, Vol. 33, 1955. Recollido por TRAQUINA, Nelson, en *Jornalismo: Questoes, teorías e "estórias"*, Lisboa, Palmigráfica, 1993, pp. 152-166.
- FONTCUBERTA, Mar de, *La noticia. Pistas para percibir el mundo*, Barcelona, Paidós, 1993.
- GOMIS, Lorenzo, *Teoría del periodismo. Cómo se forma el presente*, Barcelona, Paidós, 1991.
- LEDO ANDIÓN, Margarita, *O diario postelevisivo*, Santiago de Compostela, Lea, 1993.
- MOLOTCH, Harvey / LESTER, Marilyn, "News as Purposive Behaviour: On the Strategic Use of Routine Events, Accidents and Scandals", en *American Sociological Review*, Vol. 39, 1974.
- TUCHMAN, Gaye, *La producción de la noticia*, Barcelona, Gustavo Gili, 1983.
- TÚÑEZ, Miguel, *Da teoría a práctica. Perfil do periodista galego*, Santiago, Lea, 1996.
- VV.AA., *A información en galego*, Santiago de Compostela, Lea, 1995.

## DINÁMICAS XEOLINGÜÍSTICAS NA GALICIA INTERIOR: O EXEMPLO DA RIBEIRA SACRA

*Carlos Valcárcel Riveiro*

### LINGUA E ESPACIO: NOVOS ENFOQUES DE ESTUDIO

Xa dende o século XIX, a lingüística véñse interesando pola relación entre o espacio e mais a lingua. A dialectoloxía foi, tradicionalmente, a que se encargou de estudar a distribución espacial dos feitos lingüísticos. Nacidos da lingüística histórica e da corrente comparativa decimonónica, os estudos dialectolóxicos fundamentábanse nuns enfoques diacrónicos e contrastivos. As diferentes modalidades espaciais da lingua, denominadas *dialectos*, estudiábanse en función doutras modalidades lingüísticas consideradas superiores (clásicas, literarias ou nacionais). Así, por exemplo, no ámbito da dialectoloxía románica é habitual estudar as diferentes modalidades lingüísticas locais a partir do latín e comparándoas sistematicamente coas linguas romances nacionais (Breton, 1979; Chambers e Trudgill, 1994; Coseriu, 1977; Lavoie, 1985; Trudgill, 1974, 1983; Ruffino –ed.–, 1991; Veny, 1986).

A produción científica da dialectoloxía foi e aínda é abundante, e céntrase, sobre todo, na elaboración de monografías dialectais e atlas lingüísticos. Desenvolveuse unha metodoloxía de traballo baseada en enquisas e gravacións, a máis da elaboración de diferentes modalidades de cartografía (Chambers e Trudgill, 1994; Coseriu, 1977; Veny, 1986). Malia as importantes conclusións teóricas ás que se chegaron e á grande utilidade dos traballos realizados, as limitacións da dialectoloxía comezaron a ser evidentes a partir dos anos 1950. Aínda que o obxectivo das análises dialectais pretendía ser o de estudar a variación espacial ou *diatópica* da lingua, o certo é que a dialectoloxía evitara abordar o fenómeno da variación como unha categoría de análise. Isto traducíase nunha determinada escolla de informantes e espazos na elaboración das monografías dialectais e dos atlas lingüísticos. Así, só se abordaba a fala das persoas anciás, xeosocialmente menos móbiles e nos espazos rurais menos accesibles, onde os fenómenos de variación e diferenciación sociolingüística eran menos acusados. Non se cubría nin a

totalidade do espacio lingüístico (vilas, cidades, áreas periurbanas...) nin o espectro social dos falantes que nel residían. A realidade lingüística que reflectían os estudos dialectais só era parcial (Chambers e Trudgill, 1994; Trudgill, 1974; Ruffino –ed.–, 1991).

Co obxectivo de estudar a variación lingüística nacerá nos anos 1960 a sociolingüística, aínda chamada por algúns autores *dialectoloxía social* (Chambers e Trudgill, 1994; Trudgill, 1983, 1994; Veny, 1986). A sociolingüística será quen de desenvolver axiña unha metodoloxía e un corpus teórico propios a respecto dos fenómenos variacionais, tanto intralingüísticos como interlingüísticos (niveis *micro* e *macro*); pero, como xa indica o seu nome, céntrase no aspecto social da variación lingüística e ignora case totalmente o seu aspecto espacial. De feito, as máis das análises sociolingüísticas abordan o espacio urbano, onde se manifestan de xeito máis evidente os fenómenos de variación lingüística como marcadores sociais.

Pola súa banda, a dialectoloxía tenta evolucionar desenvolvendo modelos teóricos nos que se inclúa a variación espacial como unha categoría de análise. Con este propósito xorden dúas correntes principais: a *dialectoloxía estrutural*, nos anos 1950, e logo, a finais dos 60, a *dialectoloxía xenerativa*. Isto supuxo un avance no tratamento da lingua en relación ó espacio: a máis de describir a variación espacial, a dialectoloxía logra sistematizala. Así e todo, as análises dialectais semellan terse detido aí sen interesarse polas causas da variación espacial, polas dinámicas humanas que a determinan. De feito, unha das novas correntes da dialectoloxía, a *dialectometría*, esfórzase por describir con exactitude o percorrido das isoglosas mediante métodos cuantitativos e baseándose nos datos publicados nos atlas lingüísticos (Chambers e Trudgill, 1994; Goebel, 1991; Ruffino –ed.–, 1991; Trudgill, 1974, 1983; Veny, 1986).

Á parte dos traballos da dialectoloxía, e tamén dende finais do século XIX, a xeografía veuse interesando polo importante papel que xoga a lingua nos espazos humanos. Primeiro foron a xeografía rexional e a cultural, e máis tarde a xeografía política e mais a social, as que se ocuparon de xeito máis ou menos extenso de analizar a función que cumpre a lingua como diferenciador socioespacial nas comunidades humanas. O progreso destes traballos xeográficos traducíuse na confección dun corpus teórico e metodolóxico recoñecido e denominado *xeografía das linguas*. Así e todo, a escala das análises realizadas dende a xeografía das linguas é case sempre global; os traballos son habitualmente descritivos e accesorios dentro dunhas análises sociais, políticas ou culturais máis amplas. A atención que se lle presta á lingua está, xa que logo, en función doutras dinámicas espaciais asociadas a esta (Breton, 1979; Jackson, 1989, pp. 155-170; Marston, 1989; Pei, 1970; Williams –ed.–, 1988).

A chegada do posmodernismo nos anos 1980 facilitou os achegamentos interdisciplinares e, polo tanto, unha renovación conceptual que aporta un novo tratamento da relación entre a lingua e mais o espacio. O desenvolvemento da xeografía social, por unha banda, e da sociolingüística, por outra, fai que linguistas e xeógrafos se decidan definitivamente a abordar o estudio da variación espacial da lingua en función das di-



námicas humanas (sociais, políticas...) que a rexen. Algúns lingüistas coma P. Trudgill, C. Grassi ou P. L. Wagner tentan abordar o espacio na súa dimensión humana, non coma un simple contedor físico da variación. As dinámicas socioespaciais comezan a ser estudadas a carón das variacións dialectais. Pola súa banda, xeógrafos coma Colin H. Williams céntranse de vez no comportamento espacial da lingua e das súas diferentes modalidades. O interese da xeografía pola lingua deixa de ser secundario, accesorio, e pasa a ser unha prioridade. Prodúcese, xa que logo, un achegamento no traballo de xeógrafos e lingüistas, unha colaboración interdisciplinar que se dá en chamar *xeolingüística*<sup>1</sup> (Chambers e Trudgill, 1994; Coscuella, 1994; Grassi, 1981; Marston, 1989; Ruffino –ed.–, 1991; Trudgill, 1983; Tuan, 1991; Wagner, 1987; Williams –ed.–, 1988, 1991).

O obxecto de estudio da xeolingüística é, ó igual que o da dialectoloxía, a lingua en relación ó espacio. Sen embargo, a finalidade de ambos os enfoques é distinta. A dialectoloxía describe e sistematiza a variación lingüística no espacio mentres que a xeolingüística describe e analiza as dinámicas humanas que caracterizan os espazos lingüísticos e a súa evolución. As análises xeolingüísticas pódense centrar tanto nas dinámicas socioespaciais que rexen a variación intralingüística como nas que determinan a variación interlingüística. Coma no caso da sociolingüística, poderíamos distinguir, xa que logo, dous niveis de análise: a microxeolingüística e a macroxeolingüística. O primeiro nivel de análise, tamén denominado por Trudgill *social dialect geography*, recibe sobre todo as achegas de dialectólogos e microsociolingüistas. No segundo nivel da análise, o nivel “macro”, adoitan traballar xeógrafos e macrosociolingüistas e é, polo de agora, o ámbito no que máis se está a investigar (Chambers e Trudgill, 1994; Ruffino –ed.–, 1991; Trudgill, 1974, 1983; Williams –ed.–, 1988).

O obxectivo do noso traballo aquí é o de analizar as dinámicas socioespaciais que caracterizan a variación interlingüística castelán-galego na comarca da Ribeira Sacra. Situámonos, xa que logo, nun nivel macroxeolingüístico, onde as achegas da xeografía humana e da sociolingüística marcan, como xa dixemos, o camiño teórico e metodolóxico.

## COMARCA NATURAL E COMARCAS FUNCIONAIS: A LOCALIZACIÓN DO ESPACIO LINGÜÍSTICO

En Galicia, a unidade de organización territorial básica constitúea a parroquia. Os seus límites a penas mudaron ó longo do tempo e a súa existencia semella ser anterior á cristianización do país. A vitalidade que aínda mantén a parroquia como unidade de organi-

<sup>1</sup> O termo *xeolingüística* xa fora empregado antes. Tense utilizado ocasionalmente para designar os traballos dialectométricos dos anos 1970 e 80 (Guiter, 1985; Veny, 1986). Tamén se ten empregado para denominar os traballos da xeografía das linguas (Pei, 1970), e mesmo tamén como sinónimo de dialectoloxía (Coseriu, 1977; Veny, 1986). Estes usos do termo son máis ben minoritarios, de aí que se teña elixido agora para designar os traballos interdisciplinarios de dialectoloxía, sociolingüística e xeografía humana ós que facemos referencia (Chambers e Trudgill, 1994: 257-258).

zación territorial maniféstase nas prácticas de carácter comunitario que aínda se realizan no seu ámbito: "...traballos de aproveitamento en común dos bosques ou de labores agrícolas, axudas benéficas ou auxilios de caridade, accións contra animais daniños, etc." (Pazo e Santos, 1995, p. 11). Sen embargo, a parroquia non está recoñecida administrativamente e a organización territorial mínima artéllase ó redor dos concellos. O certo é que toda división territorial que ultrapase en Galicia o ámbito parroquial sempre resulta estraña, cando non polémica (Pazo e Santos, 1995). Polo tanto, a tarefa de establecer uns límites axeitados a nivel comarcal non se presenta doada.

Aínda que sempre é recoñecida como un segmento diferenciado dentro do noso territorio, a definición de comarca que dá a xeografía galega é máis ben vaga. Precedo Ledo considéraa unha "microrexión, é dicir, unha unidade territorial intermedia entre as unidades locais e as rexionais" (Precedo, 1987). O diccionario da RAG define o termo comarca como un "territorio natural que abrangue concellos, vilas e parroquias con características xeográficas, económicas e culturais comúns" (García -dir.-, 1990). Como vemos, na definición do diccionario combínanse xa unha serie de criterios naturais, sociais e económicos. As propostas de delimitación comarcal en Galicia que se fixeron dende a xeografía son do máis variado e os límites propostos varían en función dos criterios que se teñen en conta (Precedo, 1987).

Dende o punto de vista físico, natural, a Ribeira Sacra constitúe unha área ben diferenciada dentro do territorio abranguendo as parroquias lucenses e ourensás que se estenden polas abas do val do río Sil no seu treito máis encaixado (Pazo e Santos, 1996). Tamén se teñen establecido comarcalizacións de tipo máis funcional, dependendo da actividade ou fenómeno socioeconómico nos que se basee a delimitación (Precedo, 1987). Así, a respecto da actividade vitivinícola, importante na zona, recoñécese unha ampla comarca productora nas ribeiras do Sil. Segundo Santos Solla esta comarca engloba "los ayuntamientos bañados por el Sil desde la depresión de Quiroga, al oeste de Valdeorras, hasta la unión con el Miño, además de la mayor parte de la depresión de Lemos así como el bajo Bibei" (Santos, 1992, p. 212). Por outra banda, o goberno galego recoñeceu a denominación de orixe Viños da Terra Ribeira Sacra á que se adscriben cinco subzonas que se estenden, na provincia de Lugo, polos concellos de Taboada, Chantada, Carballedo, O Saviñao, Pantón, Sober, Monforte, Pobra do Brollón e Quiroga, e, na provincia de Ourense, polos de Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, A Teixeira, Castro Caldelas e Ribas de Sil (Pazo e Santos, 1996).

Co propósito principal de desenvolver a actividade turística na zona, tamén se constituíu unha mancomunidade de municipios coa denominación de Ribeira Sacra. Esta "comarca turística" pretende explotar a paisaxe natural que ofrece o canón do Sil e o legado patrimonial da importante presenza monacal na zona. O certo é que nesta mancomunidade entran concellos que, coma o de Montederramo, en plena Serra Central ourensá, pouco teñen que ver coas dinámicas socioeconómicas do val do Sil.

Baseándose nas infraestructuras de transporte, servicios, sanidade ou educación, ou en análises de síntese, o resto das comarcalizacións propostas respectan os límites pro-

vinciais e, polo tanto, non se recoñece unha unidade territorial característica no canón do Sil. Os concellos que o conforman fican na órbita de cabeceiras máis ou menos afastadas: Monforte, para a beira lucense, A Pobra de Trives e mesmo Ourense (Carreño e Vargas –dirs.–, 1984; Precedo, 1987). Isto inflúe de xeito decisivo nas dinámicas socioeconómicas e, xa que logo, lingüísticas dos concellos da Ribeira Sacra. Así, o concello de Nogueira de Ramuín, dentro da área de influencia da cidade de Ourense, comeza a presentar os efectos da influencia urbana. O resto dos concellos da beira ourensá fican englobados nunha área regresiva no seu desenvolvemento que xira arredor das vilas de Castro Caldelas e da Pobra de Trives. Finalmente, Pantón e Sober dependen fortemente de Monforte, que atravesa por unha crise provocada, sobre todo, polo esmorecemento da actividade ferroviaria e polo fracaso da política de regadíos no Val de Lemos (Torres, Pazo e Santos, 1992).

Debido á imprecisión das delimitacións comarcais propostas, a análise que pretendemos levar a cabo aquí será necesariamente máis restrinxida. Limitarémonos ós concellos do Val do Sil nos que a presenza do viñado e dos mosteiros, por unha banda, e do encaixe do Sil, por outra, son significativos non só como elementos da paisaxe, senón tamén como factores da organización social e do desenvolvemento económico: Pantón e Sober, na beira lucense, e Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, A Teixeira e Castro Caldelas na ourensá.




Como no resto do país, o espazo lingüístico da Ribeira Sacra caracterízase pola cohabitación de dúas linguas no *continuum* xeosocial: o galego, a variedade autóctona, e o castelán, a variedade foránea ou implantada. A sociolingüística xa ten descrito as pautas diglósicas que marcan a relación entre ambas as linguas; tradicionalmente, o castelán é identificado como lingua de prestixio, foi máis utilizado na escola, na igrexa e na administración, mentres que o uso do galego mantivo a súa vitalidade nos espazos privados –familia, amigos, veciños–. Así e todo, nos dous últimos decenios, unha serie de medi-

das administrativas foron desenvolvidas para potenciar o uso do galego “como código relevante carregado de *significación* e de *funcionalidade* comunicativa e social” (Álvarez, 1989, p. 273). Como veremos a respecto da Ribeira Sacra, a evolución dos usos lingüísticos e toda a política seguida durante este tempo para redefinir a cohabitación castelán-galego non son alleas ó desenvolvemento socioeconómico e ás medidas de ordenamento territorial.

### SOCIEDADE, ECONOMÍA E CAMBIO LINGÜÍSTICO NA RIBEIRA SACRA


No caso da Ribeira Sacra, o medio físico é un factor determinante non só na disposición dos asentamentos humanos, senón tamén no desenvolvemento socioeconómico da zona. No canón do Sil, onde as pendentes rochosas poden superar o 80%, as máis das entidades de poboación localízanse no contacto entre a pendente e a penachaira. Deste xeito tírase proveito de dous ecosistemas diferentes. Nas pendentes predomina o cultivo do viñedo e das árbores froiteiras en socalcos, mentres que na penachaira se dan os pastos e diversos cultivos de herbáceas –cereais, verduras...– (Huetz de Lemps, 1967; Pazo e Santos, 1996; Santos, 1992; Torres, Pazo e Santos, 1992). A principal ocupación da poboación activa segue a ser, xa que logo, a agricultura. En todos os concellos estudados, a porcentaxe de ocupación no sector primario supera o 50% e nalgúns deles, coma Sober ou Pantón, supérase o 70%. Isto, unido á baixa accesibilidade da zona a respecto do eixo de desenvolvemento urbano galego, explica que o uso habitual do galego sexa aquí maioritario. Velaquí as porcentaxes de uso do galego nos concellos da Ribeira Sacra obtidas a partir dos datos do censo lingüístico de 1991<sup>2</sup>:



<sup>2</sup> A fiabilidade dos datos publicados nos censos lingüísticos vese limitada tendo en conta a imprecisión das variables empregadas e o alleos que normalmente son ós traballos lingüísticos os recompiladores dos datos. A respecto da cautela que cómpre ter á hora de manexar datos de censos lingüísticos gobernamentais xa teñen escrito varios xeolingüistas (Pryce e Williams, 1988, pp. 169-184). Á vista están as diferencias que se poden observar entre as porcentaxes de galegofalantes que se obteñen do censo lingüístico de 1991 e as publicadas nos traballos do Seminario de Sociolingüística da RAG.

A importante presenza das estruturas socioeconómicas agrarias posibilita aquí o conservacionismo lingüístico. Nas sociedades agrarias a tipoloxía de redes sociais predominante é densa e múltiple. Este tipo de redes sociais engloban un número reducido de persoas e "...caracterízanse porque tódolos habitantes dun mesmo núcleo se coñecen entre si, e cada individuo adoita estar vencellado ós demais por varios tipos simultáneos de relación (como amigo, parente, veciño, compañeiro de traballo, etc.)" (Fernández e Rodríguez –coords.–, 1995, pp. 59-60). Nas pequenas comunidades agrícolas tenden a imporse consensos normativos entre os seus membros. Así, consérvanse formas e convencións que marcan relacións de reciprocidade e solidariedade (Milroy, 1980, 1994). O conservacionismo lingüístico, é dicir, o uso do galego, constitúe, xa que logo, un marcador de solidariedade nos contactos interpersoais.


Sen embargo, a forte crise que sofre o sector agrícola na maioría dos concellos da Ribeira Sacra, acompañada da escaseza de infraestruturas básicas por mor dunha baixa accesibilidade, está a producir cambios nas estruturas socioeconómicas e, polo tanto, tamén nas dinámicas que rexen a cohabitación lingüística na zona. A dureza das condicións de vida rural provoca xa dende os anos 1960 unha forte migración da poboación nova e activa cara ós centros urbanos.




A consecuencia inmediata destas tendencias migratorias, á que se une, ademais, a drástica redución da taxa de natalidade, é o rápido avellentamento da poboación en toda a zona (Bertrand, 1992; Hernández, 1990; Precedo e Villarino –coords.–, 1994). Así, en 1991, os maiores de 50 anos supuña xa máis do 50% da poboación nos concellos estudados, mentres que os menores de 15 anos representaban menos do 15%.

A emigración dos novos obriga as xeracións máis vellas a manter o control e explotación dos cultivos. Prodúcese, daquela, un avellentamento paralelo da man de obra agrícola: en 1989 máis do 75% dos propietarios da terras nos concellos da Ribeira Sacra pasaban dos 55 anos de idade. O avellentamento do campesiñado leva a un progresivo abandono da actividade agrícola, que se dá de xeito moito máis acusado nas parroquias do canón, onde o traballo nos socialcos é especialmente duro e a mecanización resulta difícil (Pazo e Santos, 1996). As explotacións gandeiras tamén sofren unha crise de

iguais características que se traduce no abandono dos prados e na redución das cabezas de gando.




A emigración e o avellentamento da poboación teñen unhas claras repercusións no plano lingüístico, tal e como reflicte a pirámide demolingüística dos galegofalantes monolingües dos concellos estudados na Ribeira Sacra<sup>3</sup>:





A perda de vitalidade demográfica na zona implica unha perda de vitalidade do galego. Aínda que o avellentamento da poboación galegofalante ralentiza nun primeiro momento o proceso desgaleguizador, que xa é evidente nas xeracións máis novas, o pasamento das xeracións máis vellas, maioritariamente monolingües, podería acabar por aceleralo. De feito, o ritmo no aumento dos usos bilingües nas xeracións novas non

<sup>3</sup> Consideramos galegofalantes monolingües aqueles que se engloban baixo a variable “sempre” no censo lingüístico. Aqueles que se insiren baixo a variable “ás veces” son considerados aquí bilingües, mentres que os datos referentes á variable “nunca” son asumidos coma castelanfalantes. Esta triple utilización de variables a respecto dos usos lingüísticos en Galicia empregada polo Instituto Galego de Estatística parécenos vaga e imprecisa, de aí que insistamos na cautela coa que hai que manexar os datos do censo lingüístico de 1991.

asegura o mantemento do monolingüismo en galego como práctica lingüística habitual maioritaria na zona:



A lixeira caída porcentual de case un punto que se observa no gráfico a respecto dos usos bilingües entre as dúas xeracións máis novas non significa unha ralentización do proceso. Vemos que o uso do galego segue baixando, mentres que aumenta o do castelán. Probablemente, esta pequena baixa estea en relación coa significativa porcentaxe de rapaces dos que non se ten noticia das súas prácticas lingüísticas.



Os procesos desgaleguizador e bilingüizador que se observan a través dos diferentes grupos de idade teñen un claro comportamento espacial. Calculando as diferencias porcentuais dos usos monolingües e bilingües do galego entre os grupos de idade máis vellos e máis novos nos diferentes concellos podemos ter uns índices de ambos os procesos. Os cambios interxeracionais máis fortes danse na ribeira ourensá, concretamente nos concellos de Nogueira de Ramuín e da Teixeira. Trátase, como veremos, de dous concellos cunha situación ben diferente. Mentres os cambios de Nogueira de Ramuín están relacionados coa súa inserción na área de influencia urbana de Ourense, os da Teixeira débense ó rápido avellentamento da súa poboación no último período intercensal, que fai que a diferenza interxeracional sexa máis acusada. Así, fóra do caso particular de Nogueira de Ramuín, poderíamos dicir que canto máis forte e rápido é o despoamento e avellentamento demográfico nos concellos da zona, máis acusada tende a ser a desgaleguización interxeracional.


Varios son os factores que inciden no aumento do uso do castelán entre os falantes rurais máis novos. É decisiva a escolarización masiva de rapaces e adolescentes. Nos máis dos casos, isto significa a inserción dos rapaces durante longo tempo nunhas redes sociais distintas ás do hábitat de residencia nas que o uso do castelán é habitual podendo marcar, ademais, posicións de poder entre o profesorado e mais o alumnado. Cómpre ter en conta que a escolarización nestes concellos implica en moitos casos a mobilidade cotiá de moitos rapaces cara ás cabeceiras municipais e comarcais (Torres, Pazo e Santos, 1989). A mobilidade aumenta a posibilidade de intercambios comunicativos dos rapaces con falantes vilegos ou urbanos de prácticas lingüísticas diferentes: a negociación das prácticas lingüísticas utilizadas favorece o castelán, a modalidade de prestixio. Fóra disto, cómpre ter en conta que a concentración dos espazos de ocio dos novos nas cabeceiras comarcais e provinciais tamén implica unha maior mobilidade e a adquisición de pautas de cambio de código.

Os cambios na ocupación da poboación activa tamén constitúen un factor determinante na progresiva introducción do castelán nos usos lingüísticos dos falantes na Ribeira Sacra. A crise que atravesa o sector primario, a mellora do grao de instrución e o desenvolvemento das cabeceiras comarcais –Ourense, Monforte, Castro Caldelas ou A Pobra de Trives– provoca un proceso de diversificación das actividades profesionais da poboación activa. As dificultades do traballo no campo e o difícil acceso á propiedade da terra leva a man de obra máis nova a buscar emprego noutros sectores, sobre todo no terciario –construción e servizos–. Así, vemos que os concellos onde se observaban as maiores reducións na superficie das terras labradas presentan unha maior diversificación da actividade profesional da súa poboación activa.


Obsérvase unha crecente terciarización nos concellos de Nogueira de Ramuín, Castro Caldelas e A Teixeira. En Nogueira de Ramuín a diversificación da actividade profesional está en función do desenvolvemento urbano e industrial de Ourense, de aí que presente a porcentaxe máis alta de ocupación no sector industrial, que tamén está co-





nectada coa presenza dos embalses neste municipio. A diversificación profesional de Castro Caldelas débese á consolidación desta vila como centro comercial e de servizos dentro da comarca. A incipiente terciarización da Teixeira e a significativa porcentaxe de ocupación industrial de Sober e Parada de Sil están en relación co desenvolvemento de Castro Caldelas e Monforte, e posiblemente tamén coa actividade hidroeléctrica na zona. Vemos, entón, que, agás no caso de Castro Caldelas, a progresión na diversificación da actividade profesional nos concellos estudados implica o pendularismo, é dicir, a mobilidade da man de obra. Como vimos no caso dos estudantes, a mobilidade destes falantes vai acompañada na inserción destes nunhas redes sociais máis abertas desvenelladas dos espazos privados e do hábitat de residencia.



A man de obra pendular do rural vai accedendo, pois, ós espazos urbanos e vilagos da zona, onde a negociación das prácticas lingüísticas adoita determinar os intercambios comunicativos con falantes descoñecidos. Esta negociación tende a favorecer unha maior presenza do castelán nos usos lingüísticos. Así, a maioría dos galegofalantes monolingües ocúpanse no sector primario, mentres que a maioría dos bilingües e dos castelanfalantes traballan na industria, na construción ou nos servizos.



A incidencia da crise da agricultura na zona, a sangría demográfica e o pendularismo dos estudantes e traballadores máis novos son factores, pois, que determinan en grande medida a vitalidade e a presenza do galego na Ribeira Sacra. A distribución maioritaria dos galegofalantes na zona estudada é aínda bastante homoxénea, pero dende un punto de vista relativo podemos apreciar que existen desequilibrios significativos entre os diferentes concellos directamente relacionadas cos anteditos factores socioeconómicos. O *cociente locacional* dos falantes dunha determinada lingua en contextos bilingües ofrece unha visión relativa da presenza da mesma en unidades territoriais concretas englobadas en contextos espaciais máis amplos<sup>4</sup>. Calcúlase dividindo a porcentaxe de falantes dunha lingua na localidade en cuestión entre a proporción total de falantes da mesma lingua na unidade territorial na que esta se engloba. Se o cociente locacional obtido é 1,0, significa que a presenza da lingua estudada nesa localidade ou municipio se dá na mesma proporción da comarca ou contexto espacial no que se inclúe. Se o cociente supera o 1,0, este indica unha *sobrerrepresentación* (“over representation”) relativa deses falantes no municipio a respecto da súa comarca. Pola contra, se obtemos un cociente inferior ó 1,0, o que se dá é unha *subrepresentación* (“under representation”) relativa de falantes nese municipio dentro da proporción que se dá na súa comarca (Pryce e Williams, 1988, pp. 195-197).



<sup>4</sup> A técnica do cociente locacional procede da xeografía económica e foi aplicada con éxito pola xeolinguística noutros espazos lingüísticos atlánticos similares ó galego, como o galés (Pryce e Williams, 1988).

A cartografía elaborada mostra que Nogueira de Ramuín e mais a Teixeira son os concellos onde menos presenza relativa ten o monolingüismo en galego e máis peso teñen as prácticas bilingües. No concello de Pantón tamén se dá unha subrepresentación de galegofalantes monolingües e unha sobrerrepresentación de bilingües, pero xa dun xeito menos acusado xa que o cociente locacional de bilingües é algo inferior ó dos concellos precedentes. Parada de Sil e Castro Caldelas presentan a situación oposta: un maior peso relativo do monolingüismo en galego e unha menor presenza do bilingüismo. En Sober parece darse unha situación intermedia: obsérvase unha certa importancia do bilingüismo no concello mentres que a presenza dos galegofalantes monolingües é similar á do conxunto comarcal estudado.

Os concellos de Parada de Sil e de Castro Caldelas aparecen como os máis conservacionistas da zona. A desgaleguización e bilingüización son menos acusadas e a presenza relativa do galego é máis alta. Parada de Sil presenta a porcentaxe de ocupación agrícola máis alta da ribeira ourensá e un abandono de superficie cultivada inferior ó resto dos concellos veciños da mesma provincia. Por outra banda, o avellentamento da poboación, aínda que forte, é menos acusado e máis lento có da Teixeira. A menor mobilidade xeosocial que todo isto implica favorece un maior conservacionismo e uns menores desequilibrios interxeracionais. O concello de Castro Caldelas, sen embargo, si sofre un forte abandono da ocupación agraria e presenta, como xa vimos, un progreso do sector terciario. Pero, por outra banda, aínda que os índices de avellentamento po- boacional tamén son alarmantes, estes son algo inferiores ó do resto dos concellos da Ribeira Sacra. A terciarización deste concello parece ralentizar o avellentamento demográfico. A súa consolidación como centro de servizos de segunda orde minimiza en certa medida a emigración e mobilidade xeosocial entre a poboación do concello, que se ten que desprazar menos para acceder ós espazos comerciais e de servizos. Esta minimización da mobilidade fai menos acusados os síntomas de crise lingüística que se observan de xeito máis claro noutros concellos da mesma ribeira, como o da Teixeira.

No concello de Sober tamén se dá unha maior retención lingüística e unha certa estabilidade na coexistencia espacial do galego e mais do castelán. De feito, este concello é o que menos sofre, en termos relativos, a crise do sector agrícola e a diversificación profesional da súa poboación activa é, polo tanto, menor. Sen embargo, o concello de Pantón, cunhas taxas de avellentamento similares, si coñece un maior abandono de terras, aínda que significativamente inferior ó que experimentan os concellos da ribeira ourensá. E, malia presentar unha menor diversificación profesional, dáse unha bilingüización máis avanzada cá de concellos máis ou menos similares como o de Parada de Sil ou Sober. A importancia das vías de comunicación que atravesan o concello poden ser unha causa importante deste proceso. Pantón localízase estratexicamente no eixo de comunicacións establecido entre os núcleos urbanos de Monforte, Chantada e Ourense. Xunto con Nogueira de Ramuín, a accesibilidade do concello a respecto dos centros importantes de comercio e servizos é alta. Isto favorece, por unha banda, un maior fluxo

de persoas polo territorio municipal e, por outra, unha maior mobilidade da súa poboación sen que iso force cambios no seu status social, profesional ou económico. O aumento dos intercambios lingüísticos que implica esta maior accesibilidade e mobilidade podería favorecer, daquela, o proceso bilingüizador.

Como vimos, Nogueira de Ramuín, moito máis próximo a Ourense, presenta uns cambios importantes na ocupación profesional da súa poboación activa: dáse un forte descenso da actividade agraria en favor de ocupacións terciarias e secundarias. Esta man de obra non agraria introdúcese no mercado laboral urbano da capital provincial. A mobilidade xeosocial e a crise das estruturas agrarias favorecen unha apertura das redes sociais ás que pertencen os falantes e, polo tanto, inciden nun menor conservacionismo lingüístico.

Por último, A Teixeira coñece tamén unha crise das súas estruturas agrarias acompañada dun rápido avellentamento demográfico e dunha progresiva terciarización da man de obra máis nova. O pendularismo destes, que se teñen que desprazar ata Castro Caldelas ou mesmo a Ourense para acceder ós centros de traballo ou de consumo, e as fortes diferencias interxeracionais provocan unha desgaleguización máis acusada incluso cá que se dá en Nogueira de Ramuín.

## DESENVOLVEMENTO COMARCAL E PERSPECTIVAS LINGÜÍSTICAS

Acabamos de ver, pois, que o mantemento do galego no espazo lingüístico da Ribeira Sacra está intimamente vencellado á vitalidade socioeconómica da zona. Polo tanto, as medidas que se adopten para desenvolver os concellos estudados han afectar de xeito directo as dinámicas que rexen a cohabitación lingüística. Así, certas medidas poden agravar ou paliar o problema da desgaleguización nunha das áreas lingüísticamente máis conservacionistas do país.

O certo é que dende as distintas administracións non se ten en conta a importante relación que existe entre a ordenación territorial e a planificación lingüística. Noutras rexións europeas máis industrializadas, coma no norte de Italia ou en Gales e Escocia, a falta dunha ordenación territorial e lingüística conxunta levou a un rápido retroceso das linguas locais (Grassi, 1976; Williams —ed.—, 1988, 1991). Sen embargo, o caso de Irlanda pode resultar revelador. Dende a súa independencia ata hoxe, os esforzos do goberno irlandés por revitalizar o gaélico centráronse en evitar a emigración rural potenciando a creación de emprego nas áreas caracterizadas por un maior conservacionismo lingüístico. Dispúxose unha división territorial baseada en hábitats sociolingüísticos e creáronse unha serie de organismos estatais que promovían a industrialización nos condados conservacionistas e o uso do gaélico en todos os ámbitos. Sen embargo, os resultados non foron os esperados. Se ben algunhas áreas conseguiron desenvolverse mantendo o gaélico como lingua habitual, outras sufriron máis os efectos das sucesivas

recesións económicas mundiais e viron como se agravaba a súa crise demolingüística (Keane, Griffith e Dunn, 1993; Williams, 1988).

A planificación governamental irlandesa contemplaba tanto a concienciación lingüística da maioría de falantes pasivos como a consecución dun medio socioeconómico favorable ó desenvolvemento das comunidades gaélicofalantes (Keane, Griffith e Dunn, 1993, p. 401). Non se coñece ningunha campaña de concienciación lingüística levada a cabo pola administración nos concellos da Ribeira Sacra, pero si se pretende desenvolver na zona unha serie de actividades económicas co fin de frear a crise. Estas actividades son fundamentalmente dúas: a produción de viños e a explotación turística dos recursos naturais e patrimoniais da Ribeira Sacra.

A actividade vitivinícola é tradicional na Ribeira Sacra e introduce elementos determinantes na súa paisaxe, como os socialcos. A estrutura das explotacións redúcese nos máis dos casos ó medio familiar sendo as adegas pequenas e pouco competitivas. A crise agraria que afectou á Ribeira Sacra tamén implicou unha importante redución da superficie de viñado na zona, especialmente difícil de traballar. Este abandono non fai máis que agravar a situación xa que os socialcos abandonados provocan o deterioro dos estremeiros. A potenciación do viño de Amandi en Sober a partir dos anos 1980 mediante unha festa de exaltación publicitou o produto e supuxo o inicio dunha lenta recuperación do sector vitivinícola no concello. De feito, durante este decenio, o abandono de terras e, en concreto, de viñas neste municipio é mínimo. A creación da denominación de orixe en 1993 consolida a recuperación do sector e prodúcese un aumento progresivo da superficie do viñado e da súa produción (Pazo e Santos, 1996).

Así e todo, as adegas han ter que adaptar as súas estruturas tradicionais á competencia dos mercados urbanos. Neste necesario proceso de modernización cómpre ter presentes as consecuencias sociais e, polo tanto, lingüísticas. A creación de grandes plantas produtoras, ademais de ser arriscado, implicaría unha maior mobilidade xeosocial na comarca e unha apertura das redes sociais agrarias, o que se traduciría nunha aceleración do proceso desgaleguizador. De feito, os condados irlandeses nos que se deu a localización de grandes superficies industriais coñeceron unha importante caída no uso do gaélico coa chegada da crise económica e de novas migracións rurais. Algúns autores aconsellan a potenciación do cooperativismo na zona (Pazo e Santos, 1996; Santos, 1992); isto permitiría implicar de vez as familias produtoras no proceso de modernización do sector podendo frear a emigración da man de obra máis nova. A inserción das xeracións novas nunhas redes sociolaborais densas e múltiples nun contexto aínda conservacionista favorecería unha maior retención lingüística.

O turismo no espacio rural é outra das medidas de desenvolvemento comarcal potenciada polas administracións. A oferta turística na Ribeira Sacra baséase no aloxamento en casa rurais e, sobre todo, na ruta ecocultural dos catamaráns que “aprovechó [...] la gran riqueza en arquitectura religiosa que circunscribe estos tramos del Miño y del Sil...” (Santos e Pazo, 1995, p. 263). Sen embargo, o escaso número de casas rurais na ribeira fai

que os turistas se despracen ata cabeceiras como Monforte, Chantada ou Ourense para se aloxar e consumir. O contacto dos visitantes co medio físico e humano da ribeira límitase, xa que logo, ó visual e a comarca, malia a creación da mancomunidade, a penas se beneficia destas actividades turísticas. Así, a paisaxe de aldeas e socalcos do canón do Sil deteiriórase de xeito alarmante, e mesmo mosteiros coma o de San Paio están aínda en estado ruinoso (Santos e Pazo, 1995, p. 263). En realidade, non se está a desenvolver o turismo na zona e a crise socioeconómica e cultural que este sector podía paliar parece perpetuarse.

O desenvolvemento da rede de casas rurais semella unha saída a ter en conta. A súa proliferación aproveita construcións tradicionais e non conleva as concentracións urbanas que coñecen amplos sectores das Rías Baixas. A experiencia doutros países como Francia ou Portugal foi positiva e axudou ó desenvolvemento económico de certas zonas rurais (Mamdy, 1995; Santos e Pazo, 1995). O caso de St-Bonnet-le-Froid, unha pequena vila do Macizo Central francés, mostra como o turismo rural pode frear o éxodo rural e producir a revitalización das estruturas socioeconómicas tradicionais (Mamdy, 1995). A implicación da poboación local no desenvolvemento do sector é decisiva: detén a emigración e non altera en grande medida as redes sociais preexistentes que favorecen o conservacionismo lingüístico. É importante inserir o sector turístico dentro do sistema socioeconómico tradicional, é dicir, o turismo debe potenciar as actividades tradicionais (agricultura, artesanía...) e viceversa. O turismo rural non debe ofertar só a visualización de certos elementos paisaxísticos, senón tamén a inmersión nas estruturas socioculturais locais (Mamdy, 1995; Vitte, 1995).

Outros espazos rurais explotados turisticamente coñeceron unha caída importante no uso da lingua local en favor da dos visitantes. Así foi, por exemplo, nalgúns condados de Gales e Escocia, onde o turismo rural se desenvolveu dende mediados do século pasado (Shaw e Williams, 1994, p. 229; Pryce e Williams, 1988). Varios son os autores que teñen analizado os procesos de aculturación e asimilación lingüística dos espazos turísticos. Semellan ser precisamente os máis novos os que antes se acomodan a pautas de cambio de código en favor da lingua dos visitantes (Shaw e Williams, 1994, pp. 87-93). A incorporación dos usos lingüísticos locais como unha parte primordial dentro da oferta sociocultural dos espazos turísticos rurais podería non só evitar o cambio lingüístico, senón tamén reforzar actitudes conscientes de valorización da lingua como símbolo de identidade cultural entre a comunidade de acollida. No contexto bilingüe no que vivimos, trataríase, daquela, de promover a inmersión lingüística dos falantes urbanos castellanizados, de onde procede a demanda maioritaria deste tipo de turismo, como un elemento integrador dos mesmos no espacio galegofalante visitado. De feito, é a integración dos turistas no medio sociocultural do rural o que asegurou o éxito da turistificación e desenvolvemento dalgunhas comarcas regresivas en Francia. Non se ofrece puntualmente aloxamento e comida cunha paisaxe natural ou cultural de fondo, senón que se ofertan estadias ("séjours") nas que os visitantes participan activamente nas dinámicas sociais e culturais (Mamdy, 1995).

En resumo, unhas políticas de desenvolvemento comarcal que non busquen a complementariedade das novas actividades productivas coas estruturas socioeconómicas características da comarca poden acelerar o proceso de desgaleguización da Ribeira Sacra, polo de agora lento. Ademais, no espacio estudado, isto pode acabar agravando a crise demoeconómica coa recesión das actividades fundamentalmente agrarias que sustentan a paisaxe. De pouco serven as medidas de desenvolvemento da Ribeira Sacra se estas levan ó colapso social e ó deterioro progresivo das súas paisaxes naturais e culturais.

## BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, A., “Variaçom lingüística e factor social na Galiza”, *Hispanic Linguistics* 2, 1989, pp. 252-298.
- Bertrand, J.R., *A poboación de Galicia. Estudos xeográficos*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1992.
- Breton, R., *Geografía de las lenguas* (traducción de D. de Blas), Barcelona, Oikos-Tau, 1979.
- Chambers, J.K. / Trudgill, *La dialectología* (traducción de C. Morán), Madrid, Visor Libros, 1994.
- Carreño, A. M. / Vargas, J. (dirs.), *Estudio de reconocimiento territorial de Galicia*, 2 vols., Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1984.
- Coscuela, A., “Darrera els postmodernismes o les geografies culturals del capitalisme tardà”, *Documents d'Anàlisi Geogràfica* 24, 1994, pp. 13-58.
- Coseriu, E., *El hombre y su lenguaje. Estudios de teoría y metodología lingüística*, Madrid, Gredos, 1977.
- Fernández, M. A. / Rodríguez, M. A. (coords.), *Usos lingüísticos en Galicia*, Vigo, Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, 1995.
- García, C. (dir.), *Diccionario da lingua galega*, A Coruña, Real Academia Galega, 1990.
- Goebl, H., “La dialectométrie - pour quoi faire?”, *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, vol. 3, Tübingen, Max Niemeyer Verlag, 1991, pp. 332-341.
- Grassi, C., “Dialectologie et aménagement du territoire”, *Actes du XIIIe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, vol. 2, Quebec, Presses de L'Université de Laval, 1976, pp. 391-396.
- Grassi, C., “Il concetto di spazio e la geografia linguistica”, *Logos Semantikos (Studis linguistica in honorem Eugenio Coseriu)*, vol. 5, Madrid, Gredos, 1981, pp. 59-69.
- Güiter, H., “Les méthodes quantitatives en géolinguistique sont-elles équivalentes?”, *Actes del XVI Congrès Internacional de Lingüística i Filologia Romàniques*, vol. 2, Mallorca, Editorial Moll, 1985.
- Hernández, J., *Tres millóns de galegos*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1990.
- Huetz de Lemps, A., *Vignobles et vins du nord-ouest de l'Espagne*, Bordeaux, Institut de Géographie, 1967.
- Instituto Galego de Estatística, *Censo de 1991. Coñecemento do idioma* (provincias de Lugo e Ourense), Santiago de Compostela, I.G.E., 1991.
- Instituto Nacional de Estadística, *Censo Agrario de España* (provincias de Lugo e Ourense), Madrid, I.N.E., 1982.
- Instituto Nacional de Estadística, *Censo Agrario de España* (provincias de Lugo e Ourense), Madrid, I.N.E., 1989.

- Jackson, P., *Maps of meaning*, London, Unwin Hyman, 1989.
- Keane, M.J. / Griffith, B. / Dunn, J.W., "Regional development and language maintenance", *Environment and Planning* 25, 1993, pp. 399-408.
- Lavoie, T., "La géographie linguistique régionale au Québec: Charlevoix et le Sanguenay-Lac-Saint-Jean", *Actes del XVI Congrés Internacional de Lingüística i Filologia Romàniques*, vol. 2, Editorial Moll, Mallorca, 1985, pp. 591-600.
- Mamdy, J.-F., "Le développement local par le tourisme rural enjeux et conditions", *Bulletin de l'Association de Géographes Français* 72-1, 1995, pp. 24-31.
- Marston, S., "Ante el desafío postmoderno. La importancia del lenguaje para una geografía humana reconstruída", *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles* 9, 1989, pp. 49-61.
- Milroy, L., *Language and Social Networks*, Oxford, Basil Blackwell, 1980.
- Milroy, L., "Social networks" en Asher, R.E. (ed.), *The Encyclopedia of Language and Linguistics*, vol. 7, Oxford / New York, Pergamon Press, 1994, pp. 3986-3990.
- Pazo, A. / Santos, X. M., *Poboación e territorio. As parroquias galegas nos últimos cen anos*, Santiago de Compostela, Difux, 1995.
- Pazo, A. / Santos, X. M., "La nueva oferta de vinos de calidad en Galicia: la denominación de vinos de la tierra 'Ribeira Sacra'", *Actas de las XVIII Jornadas de viticultura y enología de Tierra de Barros*, Almedralejo, Centro Universitario Cultural Santa Ana, 1996.
- Pei, M., *Invitación a la lingüística* (traducción de F. Blanco), México D.F., Editorial Diana, 1970.
- Precedo, A., *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1987.
- Precedo, A. / Villarino, M. (coords.), *A poboación de Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1994.
- Pryce W.T.R. / Williams, C.H., "Sources and Methods in the Study of Language Areas: A Case Study of Wales", en Williams, C.H. (ed.), *Language in Geographic Context*, Clevedon / Philadelphia, Multilingual Matters Ltd., 1988, pp. 167-236.
- Ruffino, G. (ed.), *Dialettologia urbana e análise geolinguística (Tavola rotonda)*, Palermo, Centro di Studi Filologici e Linguistici Siciliani, 1991.
- Shaw G. / Williams A.M., *Critical issues in tourism*, Oxford, Basil Blackwell, 1994.
- Santos, X. M., *Geografía de la vid y el vino en Galicia*, Pontevedra, Diputación Provincial, 1992.
- Santos, X. M. / Pazo, A., "Pazos, fiestas y catamaranes. La oferta gallega en turismo interior", *Cambios regionales a finales del siglo XX. actas del XIV Congreso Nacional de Geografía*, Salamanca, Universidad de Salamanca, 1995, pp. 261-264.
- Torres, M. P. / Pazo, A. J., *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1994.
- Torres, M. P. / Pazo, A. / Santos, X. M., "Consideraciones geográficas sobre el problema escolar en Galicia", *Estudios Geográficos* 195, 1989, pp. 273-295.
- Torres, M. P. / Pazo, A. / Santos, X. M., *Galicia, rexión de contrastes xeográficos*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1992.
- Trudgill, P., "Linguistic change and diffusion: description and explanation in sociolinguistic dialect geography", *Language in Society* 3, 1974, pp. 215-146.
- Trudgill, P., *On Dialect. Social and Geographical Perspectives*, Oxford, Basil Blackwell, 1983.
- Tuan, Y.F., "Language and the making of place: A narrative-descriptive approach", *Annals of the Association of American Geographers* 81, 1991, pp. 684-695.
- Veny, J., *Introducció a la dialectologia catalana*, Barcelona, Enciclopèdia Catalana, 1986.
- Vitte, P., "Les problèmes de l'agritourisme en France", *Bulletin de l'Association de Géographes Français* 72-1, 1995, pp. 16-23.
- Wagner, P.L., "The geographical significance of language", *Geolinguistic Perspectives: Proceedings of the International Conference Celebrating the Twentieth Anniversary of the American Society of Geolinguistics*, Lanham (Maryland), Univesity Press of America, 1987, pp. 51-61.



- Williams, C.H., “Language planning and regional Development: Lessons from the Irish Gael-tacht”, en Williams, C.H. (ed.), *Language in Geographic Context*, Clevedon / Philadelphia, Multilingual Matters Ltd., 1988, pp. 267-301.
- Williams, C.H. (ed.), *Language in Geographic Context*, Clevedon / Philadelphia, Multilingual Matters Ltd., 1988.
- Williams, C.H. (ed.), *Linguistic Minorities, Society and Territory*, Clevedon / Philadelphia, Multilingual Matters Ltd., 1991.



**SECCIÓN 10**  
**CONTACTO LINGÜÍSTICO**



## A INTERFERENCIA NEGATIVA NA TRADUCCION DO CASTELÁN Ó GALEGO

*María Xesús Bello Rivas*

Romanistik. Universität Paderborn

### 1. INTRODUCCIÓN

Cando falamos da existencia de fenómenos de interferencia entre dous textos<sup>1</sup> referímonos, segundo a definición xa clásica de Weinreich, a:

Los casos de desviación con respecto a las normas de cualquiera de las dos lenguas que ocurren en el habla de los individuos bilingües como resultado de su familiaridad con más de una lengua, es decir, como resultado de contactos, serán denominados fenómenos de *interferencia*. (Weinreich 1974, p. 17)

Se a meta do rexistro ó que sometemos un texto se centra na pescuda daquelas realizacións non propias da lingua no que está elaborado, estaremos ante interferencias ás que chamaremos de tipo *positivo*, isto é, unha interferencia manifesta a través da presenza positiva dun elemento pertencente a outra lingua no texto.

Levando a formulación teórica ó contacto lingüístico existente, en Galicia, entre o castelán e o galego, podemos observar que do contacto co castelán resultan moitos casos de interferencias<sup>2</sup> en tódolos campos da lingua. Por exemplo, son frecuentes en textos galegos formas<sup>3</sup> de tipo léxico como “corbata” no canto de “gravata”, “conexo” por

<sup>1</sup> Entendemos aquí por *texto* o resultado dunha operación comunicativa, sexa esta operación oral, escrita ou doutro tipo. *vid.* Coseriu, 1977.

<sup>2</sup> Todos estes serán exemplos da interferencia chamada de **transposición** (interferencia dunha lingua A en B): nun texto da lingua B aparecen elementos pertencentes á lingua A (-AB) inexistentes en B (+AB). Este tipo de interferencia é o máis descrito nos estudos e dáse no plano fonético, morfolóxico, sintáctico e léxico. Kabatek, 1998.

<sup>3</sup> Exemplos tirados do *glosario de formas incorrectas* que aparece, a modo de apéndice, no *Diccionario Xerais castelán-galego*, pp. 833-844.

“coello”, “sartén” por “tixola”, etc. Igualmente atopamos exemplos de influxo do galego no castelán de Galicia: “reseso”<sup>4</sup> por “revenido”; “esmagar” por “aplastar”, etc.

Se ademais as linguas A e B están moi próximas entre si (como é o caso das linguas que aquí nos ocupan) terán en común moitos elementos, interferíndose mutuamente ó estaren sempre presentes dalgún modo, co que se engade un problema máis á hora da creación / emisión dun texto nunha desas linguas. A proximidade facilita, por unha banda, moverse nunha especie de “zona común” das dúas linguas<sup>5</sup>, en contacto e de preferir aqueles elementos que existen en ambas; ou ben evita-lo común e optar por unha maior *marcación*<sup>6</sup> do texto, e para isto non temos máis que escolle-las formas non comúns ou diferentes: “preto”, “atopar”, “mercadoría”, “xornalista” etc. Estes dous tipos de interferencia foron cualificados por Coseriu (1977a) como de carácter *negativo* ó seren resultado da non-realización dunha ou doutra forma na busca, quer da neutralidade, quer do diferencialismo<sup>7</sup>. O termo *interferencia negativa* podería levar a confusións, xa que non se trata de interferencias “que fagan dano” ó contrario das “proveitosas”, senón simplemente de interferencias que non consisten na aparición “positiva” dun elemento doutra lingua no texto producido. Alteran, en cambio, o texto *dentro das posibilidades de realización* da lingua-meta.

A frecuencia de interferencias que aparecen nun texto está mediatizada polas condicións pragmáticas da súa produción e varía segundo o grao de elaboración do mesmo: a maior grao de reflexión e planificabilidade, maiores serán as posibilidades de selección consciente de elementos. E un grao moi alto destas posibilidades témolo, sen dúbida, no caso da tradución.

<sup>4</sup> Resulta curioso que esta forma -tan frecuente como galeguismo- non se mencione no *Xerais castelán-galego* como equivalente do castelán “revenido”, aparecendo, no canto dela, a palabra “correúdo”.

<sup>5</sup> A estas formas pertencerán as do tipo “manera” (cast.) / maneira, xeito (gal.) onde “maneira” será tido como común, o mesmo en “poner” / “poñer”, “pór”. *Vid.* máis adiante a cita de Fernández Rei, 1991.

<sup>6</sup> No sentido de maior *autonomía* (=diferenciación) con respecto ó castelán.

<sup>7</sup> Esta separación dentro das posibilidades de *interferencia negativa* descrita por Coseriu foi amplamente desenvolvida por Kabatek, 1998, p. 846, quen etiquetou e concretou estas dúas vertentes:

“**Interferencia de converxencia:** Nun texto da lingua B aparecen sobre todo elementos da zona idéntica ou análoga AB, común ás dúas linguas; esta preferencia polos elementos de AB ten como contrapartida a non-realización (ou “realización negativa”) de elementos da zona diverxente B (-AB). Este tipo de interferencia é máis difícil de describir e dáse, sobre todo, no plano morfolóxico-sintáctico e léxico porque se limita a casos onde hai máis dunha posibilidade, pero tamén se pode dar no plano fonético (cando p. e. na lingua de chegada hai variantes de pronunciación e se prefere a pronunciación concordante coa lingua de contacto) (...).”

**Interferencia de diverxencia:** Nun texto da lingua B dáse preferencia ós elementos non análogos ou idénticos B (-AB); a contrapartida desta preferencia por B (-AB) é a non-realización ou “realización negativa” de elementos da zona común AB. Igual có tipo anterior, contrario a este, a interferencia de diverxencia dáse sobre todo no léxico ou no plano morfolóxico-sintáctico, e pode darse no plano fonético coa escolla, de ser posible, de formas diverxentes.”

A traducción non é máis ca un xeito de comunicar, aínda que especial, de comunicación lingüística. Temos unha mensaxe (un texto, codificado e emitido por un emisor-codificador) que ha de ser recibida por un receptor-descodificador. Esta comunicación lingüística debe ser entendida cunha grande relatividade. En todo intercambio lingüístico a comunicación obtense cun maior ou menor grao de perfección. Dous falantes poden non entenderse totalmente a pesar de estaren a fala-la mesma lingua, por mor da existencia de *ruidos*, malentendidos, etc. Estes malentendidos serían produto da interferencia que, como é sabido, xoga un papel normal no proceso comunicativo. A posibilidade de existencia de interferencias darase de estarmos ante individuos con competencia en dúas linguas, aínda que esta competencia non sexa plena.

Para Uriel Weinreich,

dos o más lenguas están *en contacto*<sup>8</sup> si son usadas alternativamente por las mismas personas. Los individuos que usan las lenguas son, por lo tanto, el punto de contacto (Weinreich, 1974, p. 7).

Esta é, ante todo, a definición dunha situación parcial de *bilingüismo*.

A razón de por que se estudia a traducción como exemplo de contacto de linguas é clara: dúas linguas conviven moi intimamente no interior do traductor. Este traductor, necesariamente “bilingüe”, constitúese coma o nó de unión entre dúas ou máis linguas, e a influencia da lingua de partida sobre a lingua de chegada é indiscutible. A traducción, pois, é un feito de bilingüismo, pero como realidade de contacto levada a unha situación extrema, xa que o contexto da traducción será o reflexivo por excelencia entre as distintas situacións comunicativas onde apareza máis dunha lingua. O valor do estudo das interferencias na traducción aumenta na medida en que se sobreentenda que estamos ante un individuo traductor sometido a un alto nivel de concentración, xa que aqueles “barbarismos” que poidan aparecer responderán a interferencias arraigadas en maior grao<sup>9</sup>.

[La traduction] est la plus consciente et la plus organisée; le cas où le locuteur bilingue lutte consciemment contre toute déviation de la norme linguistique, contre toute interférence ce qui restreindra considérablement la collecte de faits intéressants de ce genre dans les textes traduits (Mounin, 1963, p. 5).

Lingüistas como Martinet concédennlle ó individuo traductor o estatus de “bilingüe profesional”:

<sup>8</sup> A cursiva é do autor.

<sup>9</sup> “Pode extrañar, a primeira vista, a implícita presuposición da existencia de interferencia como factor xeral das traduccions, dado o feito de que normalmente non se supón que este fenómeno, longamente estudiado sobre todo con respecto á lingua falada, se dera tamén nos textos elaboradamente escritos, onde o resultado adoita ser cualificado sen máis como texto propio á lingua de chegada só relacionado co texto de orixe polo contido”. Kabatek, 1998, p. 844, cfr. Coseriu, 1977b.

The latter seems to require on the part of the bilingual speaker such a set purpose as few persons seem to be capable of, at least in the long run. In any case, it appears that the integrity of the two structures is more likely to be preserved when the two languages in contact are of equal or comparable prestige, a situation which is not rare in cases of what we might call individual bi- or plurilingualism (Martinet, 1952, p. 7).

Debemos facer, sen embargo, unha clara separación entre aqueles textos producidos desde unha asepsia real de ámbalas dúas linguas, isto é, traducións onde as linguas manexadas só se atopan no momento da elaboración do traslado, sen conviviren no contorno externo da tradución, e aqueles textos obtidos nun ambiente de bilingüismo social activo ou pasivo. Desta separación xurdirá a diferenza de categoría das interferencias atopadas. No primeiro caso estaríamos ante simples “barbarismos” –como apuntabamos– resultantes do coñecemento imperfecto das linguas por parte do traductor, exemplos de pouco interese en xeral para o investigador do nivel histórico, xa que non serán máis ca feitos illados nun individuo con transcendencia escasa ou nula. Supoñemos que a esta situación se refería Mounin ó apuntar:

L'étude de la traduction comme contact de langues risquerait donc bien d'être inutile parce que pauvre en résultats (Mounin, 1963, p. 6).

O segundo caso, en cambio, si terá importancia para a lingüística, xa que será un campo de probas ideal para a investigación de todos aqueles aspectos que caracterizan o fenómeno do bilingüismo en canto definidor dunha realidade social:

que la linguistique [...] éclaire pour les traducteurs eux-mêmes les problèmes de traduction. Au lieu de récrire (toutes proportions gardées) un traité de linguistique générale à la seule lumière des faits de traduction, on peut se proposer d'élaborer un traité de traduction à la lumière des acquisitions les moins contestées de la linguistique la plus récente (Mounin, 1963, p. 7).

No momento de enfronta-las consecuencias das interferencias atopadas nunha mensaxe producida desde a presenza de dúas linguas, cómpre analiza-los elementos actúantes que alimentan a tradución e estas interferencias, considerando para esa circunstancia que as linguas que interveñen son, como tales linguas, sistemas de formalización.

Son moitos os autores que optan polo emprego de termos como “tradución palabra por palabra”, “tradución libre”, etc. no intento de nomea-los distintos chanzos que se poden percorrer cara a elaborar unha tradución. Dentro desta tradición pódese poñer de exemplo a obra de V. García Yebra (1982), quen dedica un capítulo enteiro á modalidade da tradución “palabra por palabra”, e intenta neste apartado chegar a unha pseudometodoloxía da análise das traducións partindo da categorización gramatical das linguas manexadas (de seren estas tipoloxicamente iguais) e chegando a explicacións un tanto absurdas. Ofrécenos ó principio unha serie de exemplos de tradución literal posible –aquí apuntaremos só un deles, produto do traslado dunha frase portuguesa ó castelán:



prática não menos útil é o simples confronto crítico de qualquer tradução com o original  
 práctica no menos útil es la simple confrontación crítica de cualquier traducción con el original

Para dar a continuación outro exemplo onde as mesmas linguas non permiten esa traducción literal “desexable”:

Será necesario acrescentar a exigência óbvia de o tradutor não parar de estudar a língua de sua especialização?

\*¿Será necesario añadir la exigencia obvia de *el traductor no parar* de estudiar la lengua de su especialización?

Parece confundir *palabra* con *étimo* e demostra ter moi pouco coñecemento do que incluso por “traducción palabra por palabra” se entende, xa que de se ter traducido algo coma:

¿Será necesario añadir la exigencia obvia de que el traductor no deje de estudiar la lengua de su especialización?

estariamos de igual xeito ante unha traducción literal, porque sempre que se cambie de lingua haberá que facer uns reaxustes maiores ou menores, segundo o grao de parentesco tipolóxico das linguas, non supoñendo estas variacións en absoluto unha modificación real do texto a traducir. O problema de base que aquí está implícito é o non ter en conta que, *per definitionem*, un elemento dun sistema xamais pode se-lo mesmo elemento noutro sistema.

Pero non debemos esquecer que esta é unha forma de enfoca-la traducción moi entendida, sendo a consecuencia directa deste modelo teórico a busca da autenticidade a través do diferencialismo, fuxindo das semellanzas (en certo modo das “traduccions literais” moitas veces posibles) chegando así á **interferencia**, pero a un tipo de **interferencia negativa de diverxencia**, isto é, ó resultado desa fuxida do que de confluente poida haber en dúas linguas.

Debe rexeitarse, por fin, esa terminoloxía tradicional, por non se-la axeitada para examina-los niveis de traducción posibles, e a través deste exercicio tampouco se poderá chegar á análise de equivalencias de mensaxes. O termo *traducción* para nós terá, de feito, máis relación co que se adoita entender pola etiqueta *traducción libre*, xa que esta respondería a un intento real de referencia á realidade dunha situación comunicativa.

Tamén se pronunciou Coseriu en torno a esta polémica ó dicir que o que se traduce non son palabras, como tampouco se traduce frases nin construcións, o que se traducirá serán *textos*.

No se trata, pues, simplemente de que no se traducen los “significados”, los contenidos de lengua como tales; más aún: que la traducción no atañe siquiera al plano de las lenguas, sino al plano de los textos [...] sólo se traducen textos; y los textos no se elaboran sólo con medios lingüísticos, sino también [...] con la ayuda de medios extralingüísticos (Coseriu, 1977a, p. 219).

Tampouco debemos negar rotundamente o feito de que as palabras se traduzan, xa que o traductor, na etapa onomasiolóxica da traducción debe buscar palabras ou construcións, na lingua de chegada de igual ou moi semellante designación que o vocábulo da lingua de saída lle indica. De seren linguas emparentadas (p. e. o conxunto das linguas románicas) o recurso máis doado será o da etimoloxía, quere dicirse, indagar na lingua de chegada na pescuda dunha palabra de étimo común para así “asegura-la” eficiencia. Os problemas xorden cando aquelas palabras da mesma raíz etimolóxica designan cousas diferentes en cada unha das dúas linguas, aparecendo así o que en lingüística se adoita nomear como *falsos amigos*, palabras de aparente intercomprensión pero de referente distinto. E isto non é máis có exemplo máis sinxelo dunha situación de **interferencia**. Este movemento existente entre as fases *semasiolóxica* e *onomasiolóxica* será, como vemos, o campo de cultivo das interferencias, xa que os contidos dados na etapa semasiolóxica mediatizarán a escollo do elemento designador do mesmo significado na lingua de chegada.

Desde este entende-la traducción coma feito lingüístico de transposición de significados (niso consiste o falar) poderemos reivindicar-la súa importancia como mostra empírica para a análise das interferencias. Os calcos lingüísticos resultantes da interferencia entre dous sistemas operan como núcleo de encontro bilingüe; e como tal pode someterse á análise común das teorías da interferencia.

Volvendo á realidade de contacto entre galego e castelán, comprobamos como estas técnicas, ben de achegamento, ben de diferencialismo, son de uso común entre os falantes, chegándose, as máis das veces, ó abuso e á incorrección. Pero é curioso como (a pesar de ser un feito coñecido e do que todos –consciente ou inconscientemente– botamos man algunha vez) a penas é obxecto de reflexión teórica. O artigo de Fernández Rei (1991) “A lingua galega na prensa escrita” constitúe unha das reflexións máis temperás, onde inclúe un capítulo dedicado ó *diferencialismo fronte ó español* e apunta o seguinte:

A influencia da lingua española pode facer que se altere o semantismo dunha forma galega para fuxir doutra galega idéntica á española, ou ben que se evite a forma galega tal, substituíndoa por outra agalegada, por un dialectalismo que se cre que é a auténtica galega, por un arcaísmo ou por outro procedemento diferencialista<sup>10</sup>. [...] O descoñecemento do semantismo está a provocar un empobrecemento do léxico galego, como ocorre no uso de parellas case sinónimas como **ceibe / libre, deica / ata, derradeiro / último, intre / momento, coidar / pensar** e outras semellantes nas que o español pode ter unha única forma que recobre as dúas galegas. Hai quen utiliza só a palabra que é idéntica (ou próxima) ó español e tamén quen usa sistematicamente a diferencial do español, prescindindo dos semas que distinguen eses pares de formas.

<sup>10</sup> Fernández Rei, 1991, pp. 49-50.

### 3.1. A Crónica General

Unha vez rexistrado o fenómeno a través de varios cotexos de traduccions actuais, pensei na posibilidade de aplica-lo chamado “principio de actualidade<sup>11</sup>” a textos medievais produto de traduccions –como a *Crónica General de España*, séc. XIV, e a textos modernos como o *Evanxeo de San Mateo*, séc. XIX. Aínda que a intención primaria xurdiu de diferente xeito nun e noutro caso, xa que o cotexo ó que sometín a traducción galega da *Crónica General* naceu como consecuencia das abundantes consultas realizadas en torno ó texto castelán da devandita *Crónica* a traducción galega do XIV. A través destas esculcas de intención meramente contrastiva –o que pretendía era investigar algúns puntos lingüísticos moi concretos–, funme decatando de que a calidade dos exemplos atopados tralas primeiras comparacións, se ofrecían como un enorme e interesantísimo tesouro sobre o que cumpría traballar máis polo miúdo. O labor primeiro debía consistir na preparación dun corpus resultado do cotexo minucioso de cada un dos 176 capítulos que compoñen a obra galega (este é o número de capítulos traducidos á nosa lingua). A través deste lento traballo de compilación de exemplos<sup>12</sup> fun observando algunhas das técnicas que de xeito recorrente empregou o traductor para elabora-la versión galega coa que contamos. O que máis destacaba era a tendencia diferencialista, o ánimo pola diverxencia, por iso cando me introducín no estudio analítico da traducción escollín, entre as variadas posibilidades (problemas de grafía, aspectos concretos do sistema de cada lingua, etc.) a análise das técnicas de afastamento.

Estes “mecanismos de afastamento” dos que falabamos pódense agrupar en dous grandes apartados:

#### 3.1.1. *Mecanismos de carácter idiosincrásico*

Entendemos por “mecanismos idiosincrásicos” aqueles que calquera versionador dunha obra manexa co fin de imprimirlle un carácter de certa novidade. Analizámoslos nun capítulo á parte xa que todos eles son externos á lingua á que se traduce, podendo ser empregados co mesmo fin diferencialista nun traslado dentro da mesma lingua. Citarei algúns exemplos:

##### a) *Desenvolvemento das cifras romanas*

O que persegue o traductor galego no campo das referencias numéricas é, ante todo, a non coincidencia. Así irá alternando ó longo de todo o texto entre o desenvolvemento das cantidades prescindindo da numeración romana (por ser esta a preferida do autor

<sup>11</sup> Este “principio”, aínda que moi perigoso –tanto máis canto máis lonxe de nós se sitúe o texto– pode ser moi eficaz ó constituirse, moitas veces, como único método efectivo de esculca.

<sup>12</sup> Este traballo constituíu a miña Tese de licenciatura de título: *A traducción galega da Crónica General de España, entre dependencia e innovación*, lida na Universidade de Santiago de Compostela en xullo de 1995.

castelán) e a aceptación, pola contra, esporádica, das cifras romanas (normalmente como resposta a unha referencia numérica non cifrada no orixinal). Desenvolve as cantidades mediante unha palabra ou mediante un sistema mixto de cifra e palabra:

|                       |                             |
|-----------------------|-----------------------------|
| CGP 359 b liñas 22-23 | DCCC et LX annos            |
| CGL cap. 2 liña 4     | oytoçētos et sateenta anos  |
| CGP 364 a liña 4      | DCCCXXVII                   |
| CGL cap. 11 liña      | oytoçētos LXXV anos         |
| CGP 377 a liña 34     | DCCC et XCIX annos          |
| CGL cap. 31 liña 3    | d'oytoçētos et noueenta ños |

Fronte á escolla unilateral dunha cifra nos casos nos que a referencia numérica aparece desenvolvida mediante unha (ou varias) palabras no texto de orixe:

|                      |                 |
|----------------------|-----------------|
| CGP 389 a liña 16    | sexto           |
| CGL cap. 56 liña 17  | vi <sup>o</sup> |
| CGP 407 a liña 41    | cinco           |
| CGL cap. 78 liña 7   | v               |
| CGP 427 a liña 38    | seys annos      |
| CGL cap. 106 liña 13 | vj ños          |

*b) A fórmula temporal “andaua otrossi estonces” e outras referencias cronolóxicas*

A construción *andaua otrossi estonces* é a escollida polo autor castelán como introducción recorrente ó relato da ubicación cronolóxica dos feitos que adiante se mostren. Esta cláusula non é respectada, case por sistema, na tradución, adaptándoa ou trasladador con certas variacións (normalmente mediante a omisión dun ou máis elementos), conseguíndose así, por unha banda, aparta-lo texto galego do orixinal castelán e, pola outra, rompe-la monotonía que lle imprime ó texto o continuo recurso a esta secuencia como introducción capitular:

|                       |                         |
|-----------------------|-------------------------|
| CGP 362 b liñas 46-47 | andaua otrossi estonces |
| CGL cap. 8 liña 3     | andaua entōçe           |
| CGP 377 a liñas 34-35 | andaua otrossi estonces |
| CGL cap. 31 liña 4    | andaua outrossi         |

A través dos exemplos anteriores podemos observar como tamén o texto castelán xoga ás veces (pero en moi contadas ocasións) a apartarse desta monotonía da que falabamos, procurando varia-la orde dos elementos pero case nunca omitindo un deles, e curiosamente, cando o fai, axiña o trasladador galego aproveita o feito para reconstruí-lo estado inicial das cousas, perseguindo, unha vez máis, o diferencialismo:

|                     |                      |
|---------------------|----------------------|
| CGP 431 a liña 38   | andaua otrossi       |
| CGL cap. 111 liña 3 | andaua outrosy entō. |

Entre outras cláusulas recorrentes de encadramento cronolóxico podemos cita-las seguintes:

|                     |                                   |
|---------------------|-----------------------------------|
| CGP 448 b liña 40   | andaua ell anno de la Encarnation |
| CGL cap. 129 liña 4 | o ãno da encarnaçõ do Senor       |
| CGP 469 b liña 17   | la Encarnation del Sennor         |
| CGL cap. 161 liña 4 | a encarnaçõ                       |

### c) *Conxunción*

Chama a atención o uso e abuso do emprego da conxunción copulativa *et* no texto galego como partícula introductora dun enunciado:

|                       |                                      |
|-----------------------|--------------------------------------|
| CGP 382 b liñas 23-24 | en este anno otrosi murio            |
| CGL cap. 41 liña 18   | <i>et</i> en este ãno finou outrossi |
| CGP 382 b liña 47     | este rey                             |
| CGL cap. 42 liña 8    | <i>et</i> este rey                   |

Mentres opta moitas veces por suprimila cando aparece no texto castelán:

|                         |                                      |
|-------------------------|--------------------------------------|
| CGP 402 b liña 21       | <i>et</i> fizieron como les el mando |
| CGL cap. 74 liñas 37-38 | fezerõ como lly el mandou            |
| CGP 406 b liña 8        | et despues                           |
| CGL cap. 76 liña 16     | depoys                               |
| CGP 433 b liñas 4-5     | et assi                              |
| CGL cap. 112 liña 20    | assy.                                |

### d) *Artigo e demostrativo*

Outra posibilidade de desmarcación fronte ó orixinal que se lle ofrece ó trasladador é a do cambio dos elementos que funcionan de actualizadores do sustantivo, isto é, artigos e demostrativos. De novo un exemplo de troco practicamente irrelevante en canto á variación do contido semántico aproveitado con dilixencia polo versionador galego.

Cambio dun demostrativo por outro de distinta persoa:

|                      |                     |
|----------------------|---------------------|
| CGP 369 a liña 9     | en <i>esse</i> anno |
| CGL cap. 21 liña 5   | en <i>este</i> ano  |
| CGP 475 b liña 20    | <i>este</i> rey     |
| CGL cap. 166 liña 74 | <i>esse</i> rrey    |

Cambio de demostrativo por artigo e viceversa:

|                       |                               |
|-----------------------|-------------------------------|
| CGP 369 a liñas 42-43 | mudaronle <i>aquel</i> nombre |
| CGL cap. 21 liña 24   | mudarõlle <i>o</i> nume       |
| CGP 369 b liña 8      | el regnado <i>deste</i> rey   |
| CGL cap. 22 liña 2    | o reynado <i>del</i> rey      |

e) *Opción de busca dun novo vocábulo, eludindo a confluencia de formas*

Sempre que se somete a comparación un texto resultado dunha traslación calquera, sen que esta sexa por necesidade unha traducción, o que máis axiña chama a atención ó investigador é o emprego deste método de permuta de vocábulos. É este un fenómeno que só se dará, por lóxica, ó traballar con dúas linguas emparentadas, e aparece dun xeito directamente proporcional: a maior proximidade entre as linguas, maior recorrencia a este método, xa que o número de termos coincidentes será mais elevado. E isto é o que acontece entre o galego e o castelán medievais. Dentro da competencia do traductor ofréceselle o castelán moitas veces semellante en exceso e do seu desexo de variación e de orixinalidade xorde este anhelo diferencialista:

|                         |  |
|-------------------------|--|
| CGP 365 a liñas 38-39   | <i>pusoles</i> como uisquiessen en paz |
| CGL cap. 13 liña 11     | <i>apostouos</i> como uiuesem en paz   |
| CGP 365 b liña 18       | sin grand <i>trabaio</i>               |
| CGL cap. 14 liña 16     | sen grã <i>gerra</i>                   |
| CGP 365 b liña 21       | <i>dones</i>                           |
| CGL cap. 14 liña 18     | <i>dineyros</i>                        |
| CGP 367 a liña 22       | del <i>regnado</i>                     |
| CGL cap. 18 liña 7      | do <i>rreyno</i>                       |
| CGP 367 b liña 24       | <i>uuscarse</i> mucho mal unos a otros |
| CGL cap. 19 liñas 20-21 | <i>fazerse</i> muyto mal ùus outros    |

Xoga con esta posibilidade ata o extremo de non aceptar por principio o termo dado cando existe outra variante próxima coa que se poida substituír, chegando a extremos coma os dos seguinte exemplos (obsérvese que se trata de fragmentos tomados dun mesmo capítulo):

|                     |                   |
|---------------------|-------------------|
| CGP 400 b liña 45   | <i>leuantate</i>  |
| CGL cap. 73 liña 4  | <i>leuate</i>     |
| CGP 401 a liña 17   | <i>lieuate</i>    |
| CGL cap. 73 liña 52 | <i>leuantate.</i> |

f) *Cambio de lugar de elementos na cláusula*

Ó igual que tódolos recursos ata agora exemplificados, o cambio de elementos no texto é un xeito máis mediante o cal se obtén un lixeiro cambio respecto ó orixinal. Este recurso é con moito o favorito do noso traductor, xa que a través destas alteracións non se cambia en nada a información previamente ofrecida polo texto orixinal.

|                       |                                   |
|-----------------------|-----------------------------------|
| CGP 398 a liña 17     | en grand yerro                    |
| CGL cap. 71 liña 16   | en erro grande                    |
| CGP 401 b liñas 43-44 | que fagades una postura entre uos |
| CGL cap. 73 liña 94   | que façades ontre uos hũa postura |

Estas mesmas técnicas de afastamento en busca da orixinalidade rexístranse ó longo de todo o texto: a través do cambio, ou supresión, de adverbios, adxectivos, persoas verbais –sempre que non altere o significado–, tempos, reccións, etc.

### 3.1.2. *Mecanismos internos da lingua galega*

Figuran baixo este apartado aquel tipo de variacións existentes no texto que responden a unha alternancia real no sistema da lingua galega. O traductor aproveita desta dualidade de formas para afastarse do texto castelán, incluso alí onde o castelán tamén oscila entre dúas solucións, optando sempre o versionador pola forma diferente.

#### a) *Verbos reflexivos*

Os verbos reflexivos casteláns descoñecidos no galego son traducidos case sempre pola forma sen pronome, aínda que aquí a alternancia é bastante elevada, como tamén o era no castelán. O que si é curioso é que o noso traductor opte na maioría dos casos pola forma diferente; así, a unha forma con pronome reflexivo en castelán corresponderalle unha sen pronome no galego e, viceversa:

|                     |                                |
|---------------------|--------------------------------|
| CGP 386 a liña 5    | <i>fuesse</i> contra los moros |
| CGL cap. 49 liña 20 | foy contra os mouros           |
| CGP 401 b liña 8    | <i>adormecime</i>              |
| CGL cap. 73 liña 4  | <i>adormeçi.</i>               |

Fronte a:

|                   |                   |
|-------------------|-------------------|
| CGP 362 a liña 11 | <i>arribaron</i>  |
| CGL cap. 7 liña 2 | <i>arribarõse</i> |

Témo-la certeza deste xogo diferencialista en casos tan extremos coma o de atopar nun mesmo capítulo formas opostas:

|                       |                                      |
|-----------------------|--------------------------------------|
| CGP 435 b liñas 13-14 | <i>fueronse</i> ell et don Rodrigo   |
| CGL cap. 113 liña 72  | <i>forõ</i> el et dom Rroy Valasquez |
| CGP 435 b liña 20     | <i>fue</i> su uia                    |
| CGL cap. 113 liña 76  | <i>foysse</i> sua via.               |

#### b) *Rección verbal*

Tamén se poden apunta-los casos de verbos de rección preposicional inestable, inestabilidade coa que xoga unha vez máis o escribán galego na busca do diferencialismo:

|                       |   |
|-----------------------|---|
| CGP 388 b liña 46     | <i>começo</i> a regnar                  |
| CGL cap. 56 liña 4    | <i>começou</i> de rreynar               |
| CGP 398b liña 5       | puede <i>tornar en</i> el               |
| CGL cap. 71 liña 35   | pode <i>tornar a</i> el                 |
| CGP 402 b liñas 31-32 | <i>começaron</i> todos <i>de</i> lidiar |
| CGL cap. 74 liña 43   | <i>começarõ</i> todos <i>a</i> lidar    |

### c) Colocación do pronome átono

A través da lectura deste texto sabemos da existencia dunha inestabilidade das solucións en canto á colocación do pronome átono con respecto ó verbo. A época á que pertence este texto distínguese por ser unha época de transición da lingua, co que non é estraño atopar diferentes solucións en contextos sintácticos semellantes.

Pronome anteposto ó verbo:

|                         |  |
|-------------------------|--|
| CGP 412 b liñas 14-15   | tu <i>me semeias</i> duenna sin piadad   |
| CGL cap. 85 liñas 38-39 | tu <i>me semellas</i> a dona sem piedada |
| CGP 426 b liña 33       | por el <i>se arranco</i> la fazienda     |
| CGL cap. 85 liña 36     | por el <i>sse arrācou</i> toda fazenda   |

Pronome posposto sen necesidade:

|                       |   |
|-----------------------|---|
| CGP 476 b liñas 19-20 | el <i>que</i> gano Toledo de moros et <i>la poblo</i> de cristianos |
| CGL cap. 168 liña 30  | o <i>que</i> gāanou Toledo de mouros et <i>pobroa</i> de cristāos   |

Pronome posposto segundo as regras do galego:

|                     |                          |
|---------------------|--------------------------|
| CGP 410 a liña 10   | estonces <i>le dixo</i>  |
| CGL cap. 84 liña 26 | et entō <i>dissollj.</i> |

Este xogo de interpolación é moi frecuente, sendo un dos riscos que máis separan estes dous textos entre si. A interpolación pronominal era de uso común no galego medieval, e tamén no castelán medieval, aínda que, como podemos observar en concreto nestas dúas obras, é o galego o que fai un uso case sistemático, alá onde o texto castelán lle dá a posibilidade. Se o traductor reacciona con tanta dilixencia ante esta posibilidade que lle ofrece a lingua galega, poderíamos deducir, por contraste, que os exemplos anteriores de colocación case arbitraria do pronome en relación ó verbo responden a unha variación tamén asistemática dentro dos sistema da lingua do momento, ou cando menos, dentro do *idiolecto* do noso traductor:

|                        |  |
|------------------------|--|
| CGP 360 b liña 8       | por ayudarte                               |
| CGL cap. 3 liña 16     | por te ajudar                              |
| CGP 362 b liñas 13-14  | ues que a las naues no se podien acoger    |
| CGL cap. 7 liñas 33-34 | poys que se ño podiam (a) acoler aas naues |

### 3.2. O Evanxeo de San Mateo

O estudo da tradución galega do *Evanxeo de San Mateo* enmárcase nun proxecto<sup>13</sup> máis ambicioso que estamos a rematar Johannes Kabatek e mais eu na Universidade de Paderborn. Proxecto consistente na edición e estudo do texto de *El «Evangeliu de San Mateo» traducido al dialecto gallego de la versión castellana de don Felix Torres*

<sup>13</sup> Proxecto financiado cunha “Bolsa de investigación para estada en universidades estranxeiras” concedida pola Universidade de Santiago de Compostela da que gocei de outubro a decembro de 1995.



*Amat, por don José Sánchez de Santa María*, encargado polo príncipe-lingüista Luís Luciano Bonaparte. Esta obra é de especial importancia para a lingüística galega ó se tratar do primeiro texto do XIX escrito na nosa lingua, aínda que sexa, unha vez máis, produto dunha traducción. Engádeselle a isto a circunstancia, excepcional, de contarmos con dúas versións distintas –de dous tradutores diferentes<sup>14</sup>–, ademais dunha colección interesantísima de cartas de carácter metalingüístico cruzadas entre os intermediarios delegados polo príncipe Bonaparte e o primeiro encargado da traducción Vicente de Turnes<sup>15</sup>. A maior cercanía do texto unida á existencia destas cartas sérvennos de excelente testemuño das dúbidas, vacilacións e moitas veces incongruencias ás que chegou o primeiro dos tradutores ó galego. Engádese aínda un factor máis de interese e é que, a través das respostas que dá Turnes ás cuestións formuladas por Antonio de Aspiazu –quen fai de mediador entre Bonaparte e o médico compostelán– podémonos achegar ás ideas que tiña sobre a lingua galega, ideas que se achegan moito á liña da busca da separación fronte ó castelán en contraste coa segunda traducción, a de Santa María, quen prefire ser máis fiel ó texto castelán.

O curioso de Turnes é que tenda, en determinados vocábulos –e a pesar de ser interrogado directamente– ó mantemento dun castelanismo (así prefire “cielo” fronte a “ceu”; “iglesia” fronte a “irexa”; “espíritu” fronte a “esprito”; “incienso” fronte a “incenso”; “xeneracion” fronte a “xeración” etc. –formas polas que si se decidirá Santa María–); mentres que se obstina en buscar sinónimos (moitas veces erróneos) a vocábulos que serían perfectamente normais no sistema galego pero que coinciden co castelán (“caravel” para traducir “lirio”, “pedras de grande valor” para “perlas”, “charco” para “lago”, etc.).

É moi interesante contar con estas dúas versións galegas do texto castelán xa que, deste xeito, poderemos cotexa-los textos a dúas bandas: a versión castelán enfrontada ás traduccións galegas, por unha parte, e pola outra as dúas versións galegas entre si, podendo tirar conclusións moito máis fructíferas e, sobre todo, máis seguras que no exemplo da *Crónica General*.

Observamos, como apuntaba máis arriba, e a través do cadro de mostra incluído no apéndice II, como representan ámbolos dous tradutores as dúas tendencias posibles en situacións de traducción de linguas tipoloxicamente iguais e copresentes –como no caso castelán-galego–, no contorno social: por unha banda a tendencia á confluencia, a manter como base o texto de saída (representada por Santa María), e, pola outra, a tendencia á separación, á diferenciación (representada por Turnes). Á parte debemos ter en conta que Santa María recibiu de mans de Bonaparte a versión galega preparada por Turnes, e

<sup>14</sup> Nun primeiro momento encargóuselle a V. Turnes a traducción –para a posterior publicación– deste evanxeo, aínda que máis adiante (parece que debido a unhas excesivas esixencias económicas) foi Santa María quen levase por fin o texto novamente traducido ó prelo. Temos, entón, dúas traduccións diferentes de distintos autores e só unha publicada.

<sup>15</sup> Para ampliar este tema resultan de obrigada consulta os diferentes traballos que, en torno a L. L. Bonaparte, desenvolveron Alonso Montero e Kabatek (*vid.* Bibliografía).

temos constancia de que a tivo en todo momento presente á luz dalgunhas correccións que fai sobre o seu manuscrito, feito que pode explicar, cando menos en parte, a súa opción de fidelidade ó castelán xa que este era un modo de diverxer do texto preparado por Turnes<sup>16</sup>.

## 5. CONCLUSIÓNS

Tras esta breve viaxe a través dos textos da tradución galega da *Crónica General de España* e do *Evangelio de San Mateo*, fómomos topando cunha serie de datos que nos confirmaron as sospeitas ás que nun principio aludiamos: a existencia, na *Crónica* e na primeira versión galega do *Evangelio*, dun traductor galego que pretende cunha elevadísima recorrencia atopar unha saída que o leve á diferenza, á orixinalidade respecto ó texto de partida. As razóns que poidan xustificar esta actitude escápanse de todo das mans, quedándonos só a posibilidade de aventurar hipóteses que quizais, e só quizais, se aproximen ós feitos. Unha das hipóteses máis recorridas é a de intentar explicar este desexo diferencialista facéndoo consecuencia inmediata do feito de estarmos ante dúas linguas moi próximas entre si, proximidade que impelería ós versionadores cara a esa busca do orixinal.

As consecuencias deste ánimo “separatista” que guía ós tradutores son claras: o texto resultante destas versións é un exemplo de lingua escrita galega que hai que observar sempre con moito coidado e tendo en conta o modelo orixinal do que foi traducido e as súas posibles influencias. A elección daqueles recursos que como diferentes se lle ofrecen no sistema galego, aínda que este mesmo sistema coñeza formas coincidentes co castelán. Por suposto, son moitas tamén as semellanzas que se poden rastrexar ó longo de toda a obra, as interferencias negativas que se constatan son tanto de tipo **converxente** coma **diverxente**, aínda que aquí me detiven máis polo miúdo no segundo dos casos.

A través desta constatación do ánimo diferencialista e da existencia deste aproveitamento claro daquelas formas alternantes no sistema do galego coa fin de afastarse do castelán, pódese valorar tamén noutra medida a aparición de formas e de esquemas sintácticos que non se coñecen no galego actual, por teren pasado estes pola peneira do traductor reiteradamente, o que se pode atribuír a un feito de plena integración destas no sistema lingüístico do momento. En resumo, se a pesar desta busca da diferenza en todo momento, vemos que unha forma ou unha construción sintáctica se repite, coincidindo co castelán, sen que o traductor interveña, pódese colixir que este será un exemplo que tería total integración no sistema, cando menos no sistema no que o traductor é competente, o que nos levará tamén a reanaliza-las “interferencias” ata hoxe estudia-

<sup>16</sup> Cómpre tamén apunta-la diferenza de coñecementos lingüísticos existente entre Turnes e Santa María.

En relación cos conceptos de diferentes tipos de interferencia antes mencionados, habería que acentua-lo feito de seren estes susceptibles de descrición lingüística que atenda en particular ós fenómenos mesmos, pero para conseguir unha verdadeira e completa análise, hai que ter en conta o estudio dos factores extralingüísticos. Factores coma a formación do traductor, o seu grao de bilingüismo, o prestixio das linguas, o poder respectivo que representan, a semellanza entre elas, a firmeza de tradicións discursivas nas respectivas linguas, en resumo: a *finalidade* ou *finalidades* que persegue o traductor no momento de crear un novo texto, de traducir dunha lingua a outra.

Non se pode analiza-la traducción dun xeito abstracto, xa que o traductor traballará con varios códigos xustapostos e intimamente relacionados entre si. Tamén debe terse en conta o papel que en todo isto xoga o destinatario, sempre condicionador do tipo de mensaxe a elaborar, pois, como en todo acto comunicativo, o emisor (neste caso receptor e reemisor) debe reflexionar antes da produción do texto para lograr unha óptima interpretación da mensaxe. É moi importante ter presentes tódolos factores apuntados, xa que nos axudará a valorar na xusta medida a lingua que se verqueu na traducción.

## Apéndice I

| <i>Crónica General (castelán) cap. 676</i> |   | <i>Crónica General (galego) cap. 50</i>                |       |
|--|---|--|-------|
| Páx./Liña                                  |   |  | Liña  |
| <b>386 a</b>                               |   |  |       |
| 26-27                                      | el regnado del rey  | o rreynado deste rrey                                  | 3     |
| 28-29                                      | fue esto en la era de DCCCC et XXX annos                          | et foy na era noueçētos et XXX ānos                    | 4     |
| 29   | et andaua otrossi   | et andaua  | 4     |
| 30   | DCCC et XCII  | oytoçētos et noueenta et dous ānos                     | 4-5   |
| 30-31                                      | et el dell imperio  | et o enperio   | 5     |
| 32-33                                      | auiendo grand pesar por la malandañça                             | avendo grāde pessar da maa andañça                     | 6     |
| 34-35                                      | fuesse de cabo pora tierra de moros                               | ffoyse para terra de mouros                            | 7     |
| 36-37                                      | fizo grand astragamiento  | ffez muy grāde astragamento                            | 8     |
| 37   | una tierra que dizien Çitilia                                     | hũa terra que dizē Çessilya                            | 9     |
| 42-43                                      | destruxo muchos otros logares, dellos a fuego,<br>dellos a espada | estroyu muytos outros logares a ff[o]go<br>et a espada | 12    |
| 44-45                                      | contar los nombres dellos   | dizer os numes   | 12-13 |
| 48   | pudiera llegar a ella en quanto es andadura                       | podera chegar a ela quanto seeria<br>andadura          | 14-15 |
| 50   | con grand prez  | cō muy grā prez  | 15-16 |
| 50   | et muy onrrado  | et grā onrra   | 16    |
| 52   | donna Munina Duenna   | dōna Munjna  | 17    |
| <b>386 b</b>                               |   |  |       |
| 2  | ell uno   | hũu  | 18    |
| 4  | ouiesse   | ouuera   | 19    |
| 4-5  | de la uictoria que Dios le diera                                  | da uētura que ouuera                                   | 20    |
| 9-10                                       | fizo el por ende buena penitencia                                 | fez por ende bōa pedença                               | 22    |
| 12-13                                      | auie mucho de hablar con ellos                                    | ffjna muyto de ffallar cō elles                        | 24-25 |
| 14   | yuntas  | vistas   | 26    |
| 15   | como dize otrossi   | coño diz   | 26    |
| 17   | et ell uno dessos condes  | et hũu destes condes                                   | 27    |
| 22-23                                      | leuolos en cadenas a Leon   | leuouos en cadeas para Leō                             | 30-31 |
| 23   | echolos en la carcel  | deytouos no ca[r]ç[e]r                                 | 31    |
| 24   | do yoguieron penando algunos dias                                 | et jouuērō y algũus dias                               | 31    |
| 26-27                                      | que menoscabo el rey  | que nō acabou el rrey                                  | 32-33 |
| 27   | por ello  | muyto por ello   | 33    |

## Apéndice II

### *Cotexo do texto castelán do Evanxeo coa versión galega de Santa María<sup>17</sup>*

CAP. II. *Adoración de los magos: huida de Jesús á* CAP. II.

*Egipto: cruel muerte de los inocentes: Jesus, Maria y José vuelven de Egipto.*

1 Habiendo pues nacido Jesus en Belen de Judá, reinando Herodes, hé aqui que unos magos vinieron del oriente á Jerusalem, preguntando: ¿dónde está el rey de los judios que *acaba de nacer*?

2 Porque nosotros hemos visto en oriente su estrella, y venido con el fin de adorarle.

3 Oyendo esto el rey Herodes, turbóse, y con él toda Jerusalem.

4 Y convocando á todos los príncipes de los sacerdotes y á los escribas del pueblo, les preguntaba en dónde habia de nacer el Cristo ó *Mesías*.

5 A lo cual ellos respondieron: en Belen de Judá: que así está escrito en el profeta:

6 Y tú, Belen, tierra de Judá, no eres ciertamente la menor entre las principales ciudades de Judá, porque de tí es de donde ha de salir el caudillo que rija mi pueblo de Israel.

7 Entonces Herodes llamando en secreto, *ó á solas*, á los magos, averiguó cuidadosamente de ellos el tiempo en que la estrella les apareció.

8 Y encaminandoles á Belen les dijo: Id, e informaos puntualmente de lo que hay de ese niño; y en habiéndole hallado dadme aviso, para que yo tambien vaya y le adore.

9. Luego que oyeron esto al rey partieron. Y hé aqui que la estrella que habían visto en oriente iba delante de ellos, hasta que llegando sobre el sitio en que estaba el niño, se paró.

10 A la vista de la estrella se regocijaron por estremo:

1 HABENDO pois nacido Xesús en Belén de Xudá reinando Herodes, vé aquí que uns magos viñeron de oriente a Xerusalem.

2 Preguntando: ¿Ónde está o nacido rei dos xudíos?

3 Oíndo esto o rei Herodes, turbóuse, e consigo toda xerusalem.

4 E chamando a todos os príncipes dos sacerdotes, e aos escribas do pueblo, perguntáballes ónde tiña que nacer o Cristo ou Mesías.

5 Ao cal eles responderon: en Belen de Xudá: que así se ten escribido no profeta:

6 E ti Belen terra de Xudá, non eres certamente a mais cativa entre as principais vilas de Xudá: pois que é de tí que ten de salir o xefe, que governe o meu pueblo de Israel.

7 Entonces Herodes chamando ás caladas ou a solas aos magos, averiguóu diligentemente d'eles o tempo en que lles aparecéu a estrella:

8 E encamiñándoos a Belem, díxolles: Ide, e informádevos con puntualidá do que hai d'ese neno: e logo que o encontraredes, avisádeme, para ir eu tamen a adoralo.

9. Logo que esto oíron ao rei, fóronse: e vé aquí que a estrella, que viran no oriente, iba diante d'eles, hasta que chegando enriba do sitio onde estaba o neno, paróuse.

10 Ao ver a estrela compracéronse moitísimo.

### *Versión de Turnes*

1. Nacido Xsesus en Bethlehem. 1. viñeron uns Magos do oriente. 2. Donde. 2. por que. 2. andamos con desexos de adoralo. 3. asustouse. 3. é con él todo Xserusalem. 4. E convocando ós príncipes. 4. en donde había de nacer. 5. Responderonlle. 6. Bethlehem. 6. a menos. 6. por que de tí ha de salir á cabeza que rixsa ó meu pueblo. 6. Vilas. 7. chamando á solas á ós Magos. 7. receivadamente. 7. ó tempo en que á estrela apareseu. 8. é cando. 8. para eu tamén adoralo. 9. Logo que oíron esto. 9. marcharon. 9. é á estrela. 9. se paróu. 10. Vista á estrela alegrouse moito.

<sup>17</sup> Figuran ó pé as diferencias con respecto ó manuscrito de Turnes. O número refírese ó versículo onde se atopa o exemplo.

- Albrecht, J., *Linguistic und Übersetzung*, Tübingen, Niemeyer, 1973.
- Alonso Montero, J., “El Príncipe Luis Luciano Bonaparte en la lingüística gallega”, *BCPMHAL* 7, 57/58, 1962, pp. 1-5.
- Alonso Montero, J., “El Evangelio de San Mateo. Estudio lingüístico de la traducción gallega de José Sánchez Santamaría (1861)”, *BCPMHAL* 8, 59/60, 1963, pp. 210-214.
- Arana Martija, J. A., *Bibliografía bonapartiana*, Bilbao, 1990.
- Bello Rivas, M. X., *A traducción galega da Crónica General, entre dependencia e innovación*, Universidade de Santiago, Tese de licenciatura inédita, 1995.
- Bello Rivas, M. X., “O paso do latín ó galego na documentación medieval. Achegamento a unha sociolingüística histórica” in *Actas do IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos*, Oxford, 1997, pp. 505-517.
- Bello Rivas, M. X., “O texto galego da *Crónica General* e o seu traductor”, en: *Homenaxe ó profesor Ramón Lorenzo*, edición de Dieter Kremer, Vigo, Galaxia, tomo 1, 1998, pp. 59-69.
- Bonaparte, L. L., “Portuguese Vowels, According to Mr. R. G. Vianna, Mr. H. Sweet, and Myself”, *Transactions of the Philological Society*, 1882-1884, pp. 404-408.
- Bonaparte, L. L. (ed.), *El Evangelio de San Mateo traducido al dialecto gallego de la versión castellana de don Felix Torres Amat, por don José Sánchez de Santa María precedido de algunas observaciones comparativas sobre la pronunciación gallega, asturiana, castellana y portuguesa, por el príncipe Luis Luciano Bonaparte*, London, 1861.
- Brucker, CH., “La valeur du témoignage linguistique des traductions médiévales: les constructions infinitives en moyen français”, *Actes du colloque des 29 et 30 avril 1977. Linguistique et Philologie (applications aux textes médiévaux)*, Université de Picardie. Centre d'études médiévales, Paris, Champion, 1977.
- Cary, E. / Jumpelt, R. W., *Quality in Translation, Proceedings of the III Congress of the International Federation of Translators (FIT)*, New York, Pergamon Press, 1963.
- Catford, J. C., *A Linguistic Theory of Translation: An Essay in Applied Linguistics*, London, Oxford University Press, 1955.
- Coseriu, E., *Sistema, Norma y Habla*, Montevideo, 1952.
- Coseriu, E., “Lo erróneo y lo acertado en la teoría de la traducción”, *El hombre y su lenguaje. Estudios de Teoría y Metodología Lingüística*, Madrid, Gredos, 1977a, 1ª reimpresión: 1985.
- Coseriu, E., “Sprachliche Interferenz bei Hochgebildeten”, en: *Sprachliche Interferenz: Festschrift für Werner Betz*, editado por H. Kolb e H. Lauffer, Tübingen, 1977b, pp. 77-100.
- Delisle, J., *Translation: An interpretative approach*, Ottawa, University of Ottawa Press, 1988.
- Fernández Rei, F., “A lingua galega na prensa escrita. Interferencias lingüísticas”, en: G. Rojo et al.: *As linguaxes dos medios de comunicación escritos en Galicia*, Santiago de Compostela, Lea, 1991, pp. 29-58.
- García Yebra, V., *Teoría y práctica de la traducción*, 1, Madrid, Gredos, 1982.
- Garnier, G., *Linguistique et Traduction*, Paradigme, 1985, p. 29.
- González Echegaray, C., *Catálogo de los manuscritos reunidos por el príncipe Luis Luciano Bonaparte*, ed. correxida e aumentada por J. A. Arana Martija, Bilbao, 2ª 1989.
- Goyens, M. / Van Hoecke, W., “La traduction comme témoin de l'évolution linguistique”, *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, Editadas por Ramón Lorenzo, Vol. V: *Gramática Histórica e Historia da lingua*, 1993.
- Jäger, G., “Elemente einer Theorie der bilingualen Translation”, in *Grundfragen der Übersetzungswissenschaft*, Beiheft II zur Zeitschrift Fremdsprachen, Leipzig, 1968.
- Kabatek, J., “O príncipe Louis Lucien Bonaparte, precursor da lingüística gallega”, *Cadernos de lingua* 6, A Coruña, RAG, 1992, pp.5-26.

- Kabatek, J., “Traducción e Interferencia”, en: *Homenaxe ó profesor Ramón Lorenzo*, edición de Dieter Kremer, Vigo, Galaxia, tomo II, 1998, pp. 843-861.
- Lorenzo, R. (ed.), *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, vol. 1, Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, 1975.
- Martinet, A., “Diffusion of Language and Structural Linguistics”, *Romance Philology*, vol. 6, University of California Press, 1952, pp. 5-13.
- Menéndez Pidal, R. (ed.), (1977): *Primera Crónica General de España*, volumen II, 3ª reimpresión, Madrid, Gredos, 1977.
- Morreale, M., “Apuntes para la historia de la traducción en la Edad Media”, *Revista de Literatura*, XV, números 29-30, Madrid, 1959, pp. 3-10.
- Mounin, G., *Les Problèmes théoriques de la traduction*, Paris, Gallimard, 1963.
- Nida, E. A., “Science of Translation” in *Language* 45, 3, 1969, pp. 483-498.
- “A Framework for the Analysis and Evaluation of the Theories of Translation”, in *Translation: Applications and Research*, ed. R. W. Brislin. New York, Gardner Press, 1976, pp. 47-91.
- / Taber, Ch. R., *The Theory and Practice of Translation*, 1969.
- Pergnier, M., *Les fondements sociolinguistiques de la traduction*, Lille, Presses Universitaires, 1993.
- Saussure, F. de, *Cours de linguistique générale*, édition critique préparée par Tullio de Mauro, Paris, Payet, 1984.
- Triolet, E., “L’art de traduire, ombres, reflets, coïncidences, miracles”, *La Poésie russe*, Paris, Seghess, 1965.
- Vasconcellos, J. Leite de (ed.), “L.-Lucien Bonaparte: Notas sobre clasificación de alguns dialectos románicos”, en *Revista Lusitana*, vol. II, 1890-1892, pp. 344-346.
- Vianna, A. R. Gonçalves, “Luís Luciano Bonaparte” en *Revista Lusitana*, vol. II, 1890-1892, pp. 351-352.
- Weinreich, U., *Lenguas en contacto*, Universidad Central de Venezuela, Ediciones de la Biblioteca, 1974.





## ALGÚNS ASPECTOS DO ESPAÑOL DA CORUÑA: AS VOCAIS [e] [o] TÓNICAS EN SÍLABA INICIAL

*Sandra Faginas Souto*

Facultade de Filoloxía. Universidade da Coruña

O propósito dos seguintes parágrafos é o de expoñer as principais liñas que informaron a nosa investigación sobre algúns aspectos do español da Coruña, e máis en concreto, as vocais [e] [o] tónicas en sílaba inicial de palabra.

O motivo inicial que provocou este estudio atende principalmente a 2 aspectos:

- 1) Por un lado a carencia de traballos de análise acústica sobre fala espontánea, xa que a maioría dos fonetistas realizan os seus estudos a partir dun corpus preparado *ad hoc* que os informantes len en condicións precisas e ben controladas. Ademais deste aspecto, cabe engadir que, ó noso entender, a análise acústica da fala espontánea achégase en maior medida á pronuncia real dos falantes.
- 2) Por outra banda, a existencia de toda unha serie de estudos que dun xeito intuitivo veñen dando conta da influencia do timbre aberto e pechado das vocais medias galegas sobre as correspondentes medias do español de Galicia.

A carencia absoluta de investigacións científicas sobre este fenómeno de interferencia fonética, unida á ausencia, tamén, de traballos de análise acústica sobre fala espontánea motivou que iniciásemos un estudio no que se combinaran ámbolos dous aspectos, co fin de observar e cuantificar a actuación desta máis que probable interferencia fonética, coa intención, ademais, de suplir minimamente a falta de análises acústicas sobre este tipo de fala.

Os motivos da elección da vocal acentuada ou tónica veñen dados pola propia natureza desta posible interferencia posto que é neste caso onde o sistema vocálico galego presenta unha distinción de timbre aberto/pechado nas vocais medias. Pola contra, o feito de ter escollido a posición inicial de sílaba non responde máis que á necesidade de acoutar o ámbito da investigación.

A selección da comunidade de fala da Coruña débese inicialmente ó feito de ter á nosa disposición todo o material de traballo correspondente ó Proxecto de Investigación “Formación de un Corpus de lingua hablada en la ciudad de A Coruña” que está sendo

elaborado por membros do Departamento de *Lingüística Xeral e Teoría da Literatura* da Universidade da Coruña baixo a dirección do profesor Mauro Fernández Rodríguez. A existencia deste corpus de fala espontánea facilitounos todo o material de traballo polo que non nos vimos na obriga de ter que facer as gravacións necesarias e previas a calquera estudio fonético.

Ademais da existencia deste corpus, considerouse que a investigación da interferencia fonética nunha cidade como A Coruña sería realmente interesante xa que aquí a presenza do galego é moito máis reducida, polo que a priori poderíase esperar unha menor influencia desta lingua sobre o español falado na Coruña.

Esta cidade, xunto con Ferrol e Vigo, presenta o maior número de españolfalantes, polo que, dun xeito amplo, pódese considerar que nesta cidade o proceso de substitución lingüística que sofre Galicia maniféstase nun estado avanzado.

En estudos sociolingüísticos recentes, entre os que destaca o Mapa Sociolingüístico de Galicia (M.S.G.), advírtese que nesta cidade aparecen os índices máis elevados de español como lingua materna (Fernández e Rodríguez 1994:56-7), entendida esta como a lingua na que unha persoa aprende a falar (sendo pois, unha característica invariante das persoas), observándose, así mesmo, unha diminución de galegofalantes iniciais a medida que a idade é menor. Tamén na análise da lingua habitual utilizada, atópase un monolingüismo en español bastante alto (Fernández e Rodríguez 1995:73, 78). Na análise dos *usos* lingüísticos en relación coas variables independentes da clase social e a idade achamos a tendencia xa subliñada para toda Galicia, segundo a cal parece existir un aumento do uso galego consonte a clase social descende e a idade dos falantes aumenta (Fernández e Rodríguez 1995:73-75).

Toda esta situación sociolingüística que acabamos de comentar, levou a estimar estas dúas variables independentes da *clase social* e a *idade* no desenvolvemento da investigación, posto que parece existir unha relación directa entre a maior ou menor *presencia do galego* e a maior ou menor *interferencia fonética*.

Despois de ter explorado tódolos aspectos relacionados co motivo da investigación e seleccionados uns parámetros de estudio, pasouse á formulación das hipóteses de traballo.

1. En primeiro lugar, postulouse a influencia do timbre aberto das vocais medio abertas galegas sobre as vocais medias tónicas do español da Coruña, en posición inicial de sílaba.

Segundo a perspectiva sociolingüística na que se insire o estudio da interferencia fonética, establécese, así mesmo, unha segunda hipótese ou subhipótese, na que se relaciona as variables independentes da *clase social* e a *idade* dos falantes do español da Coruña, e o influxo do timbre aberto nas vocais anteriormente subliñadas:

1.1. *A abertura das vocais medias tónicas, en posición inicial de sílaba, do español da Coruña, é máis significativa naqueles informantes nos que a presenza do galego ten sido maior.* Isto é, e de acordo con datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia os informantes vellos de clase social baixa.

Así pois, nesta hipótese postúlase unha relación directamente proporcional entre o grao de abertura vocálica e a intensidade do contacto lingüístico, polo que, en principio, e de acordo coa clasificación sociolingüística, deberíanse atopar diferencias na pronuncia destes informantes, segundo a súa idade e clase social.

2. Como consecuencia desta observación, e relacionada con esta subhipótese, postulouse tamén a *aparición dun esquema de diferenciación entre vocais abertas e pechadas no español da Coruña, de acordo co timbre das correspondentes vocais galegas, naqueles falantes nos que a presenza do galego ten sido maior.*

O estudio destas hipóteses foi desenvolvido de acordo coa *metodoloxía experimental*, segundo a cal, e trala presentación daquelas, leváronse a cabo os seguintes pasos:

- 1) *Elaboración dun Corpus Lingüístico de palabras.*
- 2) *Selección dos falantes*, para o cal se tivo en conta, entre outros factores, as variables da *clase social* e a *idade*.
- 3) *Medición da frecuencia do 1º e 2º formante* por seren estes os relacionados máis directamente co timbre vocálico.
- 4) *Creación dunha Base de Datos* formada por fichas incluíndo en cada unha delas unha serie de parámetros pertinentes.
- 5) *Análise estatística dos valores frecuenciais* obtidos coa finalidade de comprobar se cumpren as hipóteses iniciais.

### 1) Corpus de palabras

Como se desprende das hipóteses, necesitábase, en primeiro lugar, traballar cun corpus de palabras nas que aparecesen as vocais medias [e] [o] tónicas en sílaba inicial. En segundo lugar, considerouse que para o estudio de interferencia fonética resultaría máis interesante a selección daqueles termos que en galego común tivesen timbre aberto e en español estándar timbre pechado (“pero”, “media”, “bélico”, “metro”, “serie”, “coche”, “bote”, “copa”, “nota”, etc) pois, deste xeito, poderíase definir a dirección da interferencia e cuantificar o seu grao de actuación. Ó noso entender, en galego non se pode falar dun estándar oral, por iso utilizouse o cualificativo “común” que ben podería ser substituído nesta investigación por galego occidental, segundo a división por áreas ou bloques subliñada por Fernández Rei (1990). Da mesma maneira somos conscientes de que en español non existe unha diferenza entre o timbre aberto e pechado que sexa pertinente fonoloxicamente, pero si parece habela se se estima o contorno fonético, tal e como apunta Navarro Tomás (1974:53, 57-59). Con todo, temos que dicir que a escaseza de palabras que cumprisen estes requisitos para a vocal media anterior levou a engadir aquelas palabras formando o ditongo [je] (“bien”, “tiene”, “viene”, “diez”, etc.).

Unha vez seleccionadas estas palabras coidouse tamén necesario establecer outro tipo de criterio fonético que permitise controlar aínda máis o grao de actuación da interferencia. Por este motivo, decidiuse escoller outra serie de termos, coas vocais [e] [o] de novo tónicas en sílaba inicial pero con timbre pechado tanto en galego común como español estándar (“veces”, “meses”, “pelo”, “todo”, “lona”, “zona”, etc.). Deste xeito, e

trala comparación de ámbolos dous *corpora*, comprobaríase se os falantes escollidos pronuncian tódalas vocais co mesmo grao de abertura, e se algúns deles traslada o esquema de diferenciación segundo o timbre –pertinente fonoloxicamente en galego– ó español da Coruña.

Respecto ó *contorno fonético* das vocais medias en todos estes termos que compoñen os *corpora* lingüísticos, cabe salientar que non foi controlado dun modo rigoroso, posto que de ser así, este factor obrigaríanos a escolmar aínda máis o número de palabras, co cal, este reduciríase drasticamente. Tralo exame dos distintos termos, concluíuse que, unicamente a presenza dunha consoante nasal podería incidir na medición frecuencial, sobre todo no que respecta á frecuencia do primeiro formante, tal e como apuntan a maioría dos manuais de fonética acústica. Pero o feito de que aparece este contorno en tódolos falantes non provocou que houbera que realizar ningún tipo de tratamento aparte.

## 2) Corpus final de falantes

A selección final do corpus de falantes co que se ía traballar non resultou tarefa fácil xa que se tiñan que combinar distintos parámetros que nuns casos se derivaban da propia investigación, pero que noutros viñan dados por factores alleos, como a calidade das gravacións. Por este motivo, para a escolma das gravacións existentes no Corpus da Coruña consideráronse os seguintes aspectos:

### – CRITERIOS ALLEOS Á INVESTIGACIÓN

– Calidade das gravacións.

### – CRITERIOS INTRÍNSECOS Á PROPIA INVESTIGACIÓN.

– Dependentes dos falantes: lingua, sexo, clase social e idade.

– Non dependentes dos falantes: necesidade de establecer un mesmo número de falantes na clasificación final.

1) Respecto á *calidade das gravacións*, vímonos na obriga de rexeitar moitas daquelas realizadas en lugares públicos ou espazos abertos, ou nas que interviña máis dun falante debido á existencia de moitos solapamentos.

2) En relación coa *lingua* utilizada polos informantes nas gravacións, tamén rexeitamos, como é lóxico, aquelas nas que se empregaba galego, ou nas que se producía unha alternancia continua de códigos, pois, ó ter como obxectivo 45' de gravación, neste último caso, a cantidade de fala en español reducíase moito.

3) Decidiuse escoller unicamente informantes *masculinos* ante a dificultade da lectura dos espectrogramas das mulleres, que responde a unha cuestión puramente fisiolóxica, tal e como apunta Llisterri (1991:108). A variación da lonxitude das cordas vocais masculinas e femininas tradúcese en diferencias tamén na fala dos informantes que se presentan na VOZ, na INTENSIDADE dos sons (máis baixa na voz feminina), na FRECUENCIA FUNDAMENTAL (que determina o carácter grave ou agudo da voz). Estes aspectos producen que no momento da análise acústica xurdan moitas máis dificultades á hora de medir as frecuencias das mulleres, xa que as técnicas utilizadas responden mellor a voces con F0 máis baixa.

Existen, sen embargo, complicados procedementos de normalización que permiten comparar os sons de ámbolos dous sexos, se ben decidiuse non utilizalos nun estudio inicial destas características.

4) Desde un principio considerouse nesta investigación a diferenza de *clase social* nos falantes, e máis en concreto, entre aqueles de clase alta e baixa. Non preestablecemos unha clasificación máis exhaustiva da categoría clase social (media, media-baixa, media-alta) porque se coidou que sería máis interesante analizar os extremos, xa que desta maneira, os resultados distintos –de habelos– indicarían unha tendencia que os falantes de clase media ían seguir segundo se aproximasen a cada un dos polos extremos.

Esta clasificación dos falantes por clase social estaba xa establecida no Corpus de Coruña polo que non tivemos que reiniciar outra, tan só tentouse que os falantes finalmente escolmados se adecuasen o máximo posible a ámbalas dúas clases sociais consideradas.

5) No caso da variable *idade* estableceuse uns límites extremos: ata 25 anos e máis de 54. Esta selección xustificámola atendendo ó exposto xa para a clase social: de haber algún tipo de tendencia ou variación na pronuncia segundo a idade, os falantes con anos comprendidos entre os dous polos, inclinaríanse a un ou outro extremo, de acordo coa súa proximidade.

6) Por último foi necesario establecer un mesmo número de falantes na clasificación final, polo que se decidiu marcar un número mínimo de dous falantes por grupo, tendo así, un corpus final de oito informantes clasificados da seguinte maneira: dous de clase baixa novos, dous de clase baixa vellos, dous de clase alta novos, dous de clase alta vellos.

### 3) Medición

Con tódalas gravacións xa seleccionadas e trala configuración do corpus procedeuse á análise acústica das vocais medias do español da Coruña. Fixéronse espectrogramas de banda ancha de tódalas vocais recollidas nos falantes. O espectrógrafo de son utilizado foi o Computer Speech Lab, máis coñecido como C.S.L., modelo 4.300, de Kay Elementrics, do *Laboratorio de Fonética* da Universidade da Coruña.

Para avaliar o grao de abertura da vocal [e] considerouse, tal e como subliña Martínez Celdrán (1983: 289) a resta entre as frecuencias do F2 e o F1, e a altura relativa de ámbolos dous formantes na vocal [o]. Se ben en moitos casos, prestouse especial atención ás frecuencias do F1 e o F2 por separado. En tódolos casos determinouse realizar a medición no punto medio da dirección do formante, xa fose horizontal ou diagonal.

### 4) Análise estatística

Unha vez que obtivemos os resultados da análise acústica, os cales foron introducidos nunha base de datos, procedeuse ó traspaso de toda esta información a un paquete estatístico de software, en concreto, o SPSS +. Facendo uso deste programa leváronse a cabo as seguintes operacións para tódalas vocais:

- Calculáronse as medias totais do F1 e o F2.
- Tratáronse os datos de cada informante separadamente e aplicouse este mesmo cálculo estatístico.
- Mediante o método de Análise de Varianza, procedeuse a analizar a relación entre as variables independentes (Clase social e idade) e as dependentes (F1, F2, F2-F1). Esta análise proporciona ademais, entre outros moitos factores, un parámetro, o estatístico F, que permite determinar a significatividade da proba realizada.

Trala explicación dos obxectivos e a metodoloxía desta investigación, pasamos agora a expoñer as conclusións as que se chegou.

En primeiro lugar, temos que dicir que semella complicado poder establecer unhas conclusións definitivas nesta investigación. O feito de ter traballado con *fala espontánea* orixinou a aparición dunha serie de factores –difíciles de controlar neste estudio– e que, sen dúbida, afectan ós resultados obtidos, se ben non se pode cuantificar exactamente en que grao.

Nalgúns casos estes fenómenos propios da fala espontánea parecen vincularse, na nosa opinión, cun determinado tipo de pronuncia –a enfática– que vai acompañada dun pequeno cambio no xesto articulatorio que favorece a abertura vocálica. Da mesma maneira, a existencia, en varios informantes novos, dunhas determinadas marcas fonéticas, características de variedades de fala xuvenil tamén parecen repercutir nesa maior abertura vocálica (referímonos aquí ó denominado “acento pijo” ou ó que noutros casos cualificamos como “cheli coruñés”).

Por último, e antes de pasar a avaliar polo miúdo os resultados, hai que facer especial fincapé noutra dificultade engadida ó desenvolvemento desta investigación, como é a imposibilidade de establecer unha comparación minuciosa entre os valores formánticos das vocais analizadas e as vocais medias galegas, debido á ausencia de investigacións nesta área da fonética no ámbito da lingua galega. A causa disto vímonos mesmo obrigados a revisar as conclusións do traballo de González e Regueira (1994) e establecer uns novos resultados, posto que nesa investigación, se mesturaban, sorprendentemente, os datos pertencentes a informantes de ámbolos dous sexos.

Unido a este feito antóllase complicado ofrecer valores absolutos en calquera análise de fonética acústica, polo que, en xeral, existen diferencias considerables entre os resultados presentados polos diversos autores (mesmo os acadados en traballos realizados en laboratorio), como sucedeu para as vocais medias do español estándar.

- 1) En relación coa primeira hipótese de traballo, cómpre destacar que, unha vez medidas tódalas realizacións das vocais medias tónicas [e] [o] (con timbre aberto en galego común e pechado en español estándar) en sílaba inicial, *tódolos informantes coruñeses pronuncian estas vocais cun timbre máis aberto que as correspondentes ó español estándar*.
- 2) Conforme ó expresado na subhipótese (1.1.), esta abertura vocálica non afecta a todos estes falantes por igual, senón que existen diferencias segundo a *idade* e a

*clase social* destes informantes da Coruña. Así, para a vocal [e] (con timbre aberto en galego) confirmase *unha maior abertura nas realizacións dos falantes adscritos á clase social baixa*.

No estudio da variable independente da *idade*, en relación con esta mesma vocal, conséntase unha pronuncia máis aberta nos informantes vellos naqueles casos nos que o [e] forma parte da secuencia vocálica [je]. Na vocal [e] sen formar ditongo, a resta das frecuencias formánticas –practicamente idénticas en ámbolos dous grupos de idade– non ofrecen indicios dunha maior abertura nos falantes, segundo esta variable independente. Sen embargo, e tal e como foi corroborado no tratamento estatístico, a frecuencia do F1 nos informantes novos elévase –de xeito salientable– por encima da dos vellos, o que levaría a interpretar as súas realizacións como máis abertas.

Na interacción entre a clase social e a idade resulta ser máis relevante a primeira das variables independentes, posto que son os falantes novos e os vellos de clase baixa os que pronuncian esta vocal media anterior cun timbre máis aberto. Con todo os resultados non parecen coincidir co que podería esperarse *a priori*, xa que, curiosamente, son os falantes novos (de clase baixa) os que presentan un maior grao de abertura.

Na realización da vocal [o] (aberta en galego común e pechada en español estándar) non se confirman diferencias de timbre na pronuncia dos falantes, de acordo coa súa procedencia social. Pola contra, no estudio da variable independente da *idade*, resultan ser os informantes novos os que presentan unhas realizacións da vocal [o] máis centralizadas, a causa da elevada frecuencia do F2; feito que, indirectamente, maniféstase na percepción deste son como máis aberto.

Na interacción entre a clase social e a idade (non significativa estatisticamente) os datos obtidos amosan a tendencia subliñada para a análise da variable da idade, posto que son os falantes novos, principalmente os de clase alta, os que presentan unhas realizacións máis abertas.

Consideramos que, a aparición destas realizacións cun timbre máis aberto (tanto no caso da vocal [e] como no da vocal [o]) nos falantes novos, aparentemente en contradición coa subhipótese (1.1.), débense, case con toda seguridade, á existencia de todos aqueles factores propios da fala espontánea, que vimos de comentar. Así mesmo, esta diferenciación entre a pronuncia aberta dos falantes novos de clase baixa no [e], e os novos de clase alta no [o] está conectada, ó noso entender, co feito, ademais, das peculiares realizacións dun dos informantes novos de clase alta que eleva sistematicamente a frecuencia dos dous formantes en ámbalas dúas vocais. Aspecto que non leva a recoñecer a súa pronuncia como aberta, no caso do [e] (debido á resta entre os valores do F2 e o F1), pero si no caso do [o], xa que na súa medición tívose en conta, como xa explicamos, a elevación sistemática de ámbolos dous formantes.

Esta elevación frecuencial nos formantes pode que estea ocasionada, quizais, por determinadas características fisiolóxicas deste falante que inflúen, ante o escaso número de informantes, nas medias definitivas segundo as variables sociais.

A actuación de todos estes fenómenos incide, loxicamente en maior medida, na pronuncia dos informantes máis novos, xa que se trata sempre dun grupo máis heteroxéneo e permeable a novas modalidades fonéticas, en contraposición ós falantes vellos nos que, malia as súas diferencias sociais, a fala ten adquirido un maior grao de “estabilidade”, de xeito que non se encontra nestes informantes a presenza de toda esta serie de factores propios das variedades de fala xuvenil.

3) En canto ás realizacións das vocais medias con *timbre pechado en galego e español estándar*, os resultados acadados son moi semellantes en relación coas variables independentes da idade e a clase social en ámbalas dúas vocais. Así, e de acordo coa subhipótese (1.2.), confirmase que son os informantes *vellos* os que pronuncian un [e] e un [o] máis pechados que os falantes *novos*.

No estudio da outra variable independente constátanse, do mesmo xeito, diferenciacións de timbre na pronuncia do [o] e o [e] entre os falantes de clase baixa e alta, sendo as realizacións dos primeiros máis pechadas.

Na interacción entre a clase social e a idade na análise do [o], resultaron ser os falantes vellos de clase baixa, seguidos dos de clase alta os que presentan un timbre máis pechado. Mentres que no caso dos informantes novos, son os de clase alta quen realizan a vocal algo máis aberta.

Na interacción destas variables independentes no estudio do [e] non se poden dar por corroborados os datos obtidos –que tamén indican unha realización máis pechada nos falantes vellos de clase baixa–, ó non resultar significativa –tralo tratamento estatístico– a diferenza entre os valores acadados polos diversos subgrupos.

A aparición destas realizacións máis pechadas das vocais medias naqueles falantes nos que a presenza do galego ten sido maior, isto é os vellos (vellos de clase baixa, no caso do [o]) confirma, segundo os resultados avaliados, o postulado na subhipótese 1.2., xa que é nestes mesmos informantes nos que encontramos un *esquema de diferenciación do timbre vocálico aberto/pechado*, de acordo coa súa correspondencia na lingua galega.

O feito de que sexan os falantes vellos os que distinguen o timbre vocálico fronte ós novos, en que a penas aparece (agás nun falante novo de clase baixa) subliña, sen dúbida, a actuación da interferencia fonética na dirección galego-español. É, pois, debido á orixe desta diferenciación do timbre nos falantes máis vellos –sobre todo os de clase baixa– polo que coidamos que este aspecto non pode deberse senón á incidencia da INTERFERENCIA FONÉTICA, xa que é na análise e confrontación das vocais medias –segundo o seu timbre galego– onde se atopa a *pegada* deste fenómeno motivado polo contacto lingüístico.

Este esquema de diferenciación vocálica entre abertas e pechadas observado nos falantes vellos da Coruña –e ausente practicamente nos informantes novos– vincúlase, desde a nosa perspectiva, coa desaparición progresiva do galego nestes últimos, sobre todo nos ámbitos urbanos, entre os que destaca A Coruña. Unido a este aspecto, podería considerarse tamén a denuncia manifestada por Regueira (1994) da paulatina perda da



distinción do timbre nas vocais medias nesa nova variedade de “galego urbano” que se está a crear, e que, de se confirmar a súa presenza, incidiría en maior medida nos falantes de menor idade. Aspecto que igualmente podería ser unha das causas desta non diferenciación de timbre nestes informantes, tal e como parecen corroborar os resultados obtidos.

No estudio unicamente do [e] e [o] (con timbre aberto en galego), segundo acabamos de anunciar, pódense dar por confirmadas, *ad cautelam*, case a totalidade das hipóteses. Se ben fíxose imposible determinar con exactitude se a abertura vocálica aparecida nos falantes novos e no grupo de clase baixa, era debida a influencia das vocais medio-abertas galegas, posto que a aparición de peculiaridades na fala dalgún dos informantes puido ter incidido, case con seguridade, nos resultados finais.

A pesar de todos estes inconvenientes, cremos que o feito de que os datos avaliados indiquen unha maior abertura en tódolos falantes, mesmo nos novos, constata que na actualidade esta peculiaridade do timbre constitúe unha característica intrínseca á variedade de español falado na Coruña. Mentres que a distinción no timbre que presentaban os vellos, causada por ese maior contacto lingüístico, parece ir desaparecendo consonte descendemos na escala da idade. Feito que, sen dúbida, apunta á paulatina diminución do contacto coa lingua galega que se manifesta na progresiva perda desta interferencia. Sobre todo se consideramos, como dixemos anteriormente, que ese contacto se establece con variedades do galego nas que a distinción de timbre é practicamente inexistente.

Malia tódalas estas afirmacións, e ante o inconveniente de non poder ter establecido unha avaliación exhaustiva pola suma de dificultades xurdidas no curso da investigación só cabe reiterar, unha vez máis, que, *tódolos resultados e conclusións presentados neste estudio deben ser interpretados con suma prudencia*.

## BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Montero, X. “Ensayo de bilingüística: galego e castelán fronte a fronte”, *Grial* 13, 1966, pp. 314-333.
- Álvarez, R.; Regueira, X. L. e Monteagudo, H., *Gramática galega*, Vigo, Ed. Galaxia, 1993 (4ª ed).
- Álvarez Cáccamo, C., “A influencia do galego sobre o sistema verbal e no uso de certas perífrases verbais do castelán en Galiza”, *Grial* 82, 1983, pp. 423-442.
- Álvarez González, J. A., *Vocalismo español y vocalismo inglés*, Madrid, Universidad Complutense, 1980.
- Borden, G. e Harris, K. S., *Speech Science Primer. Physiology, Acoustics and Perception of Speech*, Baltimore (USA), Williams and Wilkins, 1994 [1980] (3ª ed).
- Carballo Calero, R., *Gramática elemental del gallego común*, Vigo, Galaxia, 1979 (7ª ed).
- Cotarelo Valledor, A., “El castellano en Galicia (notas y observaciones)”, *Boletín de la Real Academia Española (BRAE)* 14, 1927, pp. 82-136.

- De Castro Pinto, J. M.; Parreira, M. e Vieira Lopes, M. C., *Gramática do português moderno*, Lisboa, Plátano, 1995.
- Delattre, P., “Change as a correlate of vowel-consonant distinction”, *Studia Linguistica* XVIII, 1964, pp. 12-25.
- “Les indices acoustiques de la parole” *Studies in french and comparative phonetics: Selected papers in French and English*, The Hague, Mouton, 1966, pp. 248-274.
- Dubois, J., *Dictionnaire de linguistique*, Paris, Larousse, 1974.
- Fernández Rei, F., *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Ed. Xerais de Galicia, 1990.
- Fernández Rodríguez, M. A., “Bilingüismo y diglosia”, *Verba* 5, 1978, pp. 377-391.
- “Coordenadas sociais e dinámica do bilingüismo galego”, *Grial* 110, 1991, pp. 239-262
- “La lengua materna en los espacios urbanos gallegos”, *Plurilinguismes*, 6 (*Sociolinguistique Galicienne*), Paris, Centre d’Études et de Recherches en Planification Linguistique, 1993, pp. 27-53.
- Fernández Rodríguez, M. A. e Rodríguez Neira, M. (coords.) *Lingua inicial e Competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, 1994.
- *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, 1995.
- Ferreiro, M., *Gramática histórica galega*, Santiago de Compostela, Laivento, 1995.
- García González, C., “Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano”, *Revista Española de Lingüística (RSEL)* 6/2, 1976, pp. 327-343.
- Gil Fernández, J., *Los sonidos del lenguaje*, Madrid, Síntesis, 1991.
- González González, M. e Regueira, X. L., “Estudio acústico das vocais tónicas galegas en posición fonética normal” en Ramón Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago de Compostela, 1989)*. A Coruña, Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa” VI, 1994, pp. 141-180.
- Hualde, J. I. e Martínez-Gil, F., “Un análisis autosegmental de ciertas alternancias vocálicas en el gallego moderno” en Ramón Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago de Compostela, 1989)*. A Coruña, Fundación “Pedro Barrié de la Maza, conde de Fenosa” VI, 1994, pp. 181-196.
- I.G.E. (Instituto Galego de Estatística) *Galicia en cifras*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1993.
- Jakobson, R.; Fant, G. e Halle, M., (1952) “Preliminaries to speech analysis: the distinctive features and their correlates” en Roman Jakobson *Selected Writings* (VIII, Completion volume one) Major Works, 1976-1980 edited by Stephan Rudy; Berlin/ New York/ Amsterdam, Mouton de Gruyter, 1988, pp. 584-642.
- Jakobson, R e Halle, M., *Fundamentos del lenguaje*, Madrid, Ayuso, 1974.
- Kabatek, J., “Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar”, *Cadernos de lingua* 4, A Coruña, Real Academia Galega, 1991, pp. 39-48.
- Kent, R. D. e Read, Ch., *The Acoustic Analysis of Speech*, San Diego (California), Singular Publishing Group Inc., 1992.
- Ladefoged, P., *A course in Phonetics*, Orlando (Florida), Harcourt Brace and Company, 1993 [1975] (3ª ed).
- Llisterri Boix, J., *Introducción a la fonética: El método experimental*, Barcelona, Anthropos, 1991.
- Mackey, W. F., “Interference, integration and the synchronic fallacy” en J. E. Alatis (ed.) *Bilingualism and Language Contact. Georgetown University Round Table on Languages and Linguistics 1970*, Washington, Georgetown University Press, 1970, pp. 195-227.
- Martínez Celdrán, E., *Fonética*, Barcelona, Teide, 1983.
- Martínez Melgar, A., “Estudio experimental sobre un muestreo de vocalismo andaluz” en VV. AA. *Estudios de fonética experimental*, Barcelona, PPU S.A., 1988.
- Mateo, A., “Experimento sobre el tono intrínseco de las vocales castellanas” en VV. AA. *Estudios de fonética experimental*, Barcelona, PPU S.A., 1988.

- Matosso Camara, J., *Estrutura da língua portuguesa*, Petrópolis, RJ, Brasil Editora Voces Limitada, 1982 [1970] (12ª ed.).
- Monroy Casas, R., *Aspectos fonéticos de las vocales españolas*, Madrid, SGEL, 1980.
- Monteagudo, H. e Santamarina, A., “Galician and Castilian in Contact: historical, social, and linguistic aspects”, en Rebeca Posner e John N. Green (eds.), *Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance*, Berlin /New York/ Amsterdam, Mouton de Gruyter, 1993, pp. 117-173 (=Trends in Romance Linguistics and Philology, 5).
- Muljačić, Ž., *Fonología general. Revisión crítica de las nuevas corrientes fonológicas*, Barcelona, Laia, 1974.
- Navarro Tomás, T., *Manual de pronunciación española*, Madrid, CSIC, 1974 (18ª ed.).
- O’Flanagan, P., *Xeografía histórica de Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1996.
- Precedo Ledo, A., *La Coruña metrópoli regional*, Fundación Caixa Galicia (Serie economía y territorio 3), 1990.
- Precedo Ledo, A. e Villarino Pérez, M., (coords.) *A poboación de Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1994.
- Quilis, A., *Fonética acústica de la lengua española*, Madrid, Gredos, 1988.
- *Tratado de fonología y fonética españolas*, Madrid, Gredos, 1993.
- Regueira, X. L., “Modelos fonéticos e autenticidade lingüística”, *Cadernos de lingua* 10, A Coruña, Real Academia Galega, 1994, pp. 37-60.
- Runyon, R. P. e Haber, A., *Estadística para las ciencias sociales*, Wilmington (Delaware, E.U.A.), Addison-Wesley Iberoamericana, 1987.
- Thomason, S. G. e Kaufman, T. *Language Contact, Creolization and Genetic Languages*, Berkeley and L. Angeles, Ca. and London (England), University of California Press, 1988.
- Urrutia, H. *et alii*, “El dialecto Bajo Navarro Oriental: vocalismo” en *Fonética* (edición a cargo de Ana Elejabeitia y Alexander Iribar), Bilbao, Universidad de Deusto, 1995.
- Veiga Arias, A., “Fonología gallega. Fonemática. Más sobre vocales”, *Grial* 28, 1970, pp. 173-182.
- Weinreich, U., *Languages in Contact: Findings and Problems*, The Hague, Mouton, 1968 [1953].



## A INTERFERENCIA DO CASTELÁN NO LÉXICO GALEGO: O CASTELANISMO COMO RECURSO EUFEMÍSTICO

Xosé A. Fernández Salgado

Edicións Obradoiro. Vigo

O que a continuación lles vou expoñer pensarán vostedes que non se axusta ó resumo que aparecía no cadernoño entregado pola organización, resumo amplamente pretensioso e que levaría varias horas tratar. Contando con 20 minutos de exposición, vinme na obriga de acouta-lo tema dalgún xeito. E as miñas miras colleron rumbo ó eufemismo, en concreto, ó uso do castelanismo léxico como recurso eufemístico, enunciado que debe figurar despois do título, logo de lle poñer dous puntos.

A exposición artellarase en 3 apartados, que poderíamos enunciar da seguinte maneira:

1. No primeiro apartado trataremos aqueles castelanismos léxicos que se utilizan como eufemismos; poñamos por caso, o uso de *\*arrojar* para evita-las formas galegas que recollen este significado: *vomitar* ou *golsar*.
2. No segundo apartado veremos que tamén é por un uso eufemístico polo que existen parellas do tipo *\*costillas - costelas*, en enunciados como: *Dóenme as \*costillas*.
3. E no terceiro e último, partindo de que, psicoloxicamente, moitos falantes galegos teñen asimilada e consideran a súa propia lingua, o galego, como un tabú (algo prohibido en determinados contextos), este feito axudaría a entender tamén parellas do tipo *\*ayer - onte*, termos que coexisten nun mesmo falante e que fai un uso deles, falando galego, en contextos moi marcados: interlocutor máis/menos coñecido, situación máis/menos formal, etc.

Cómpre deixarmos claro desde un primeiro momento que a interferencia producida polo contacto de linguas, no caso que nos ocupa do castelán no galego, é un proceso complexo no que, como xa sinalou Weinreich (1953), actúan dous tipos de factores: os estruturais e os non estruturais.

Os factores estruturais ou lingüísticos proveñen da organización das formas lingüísticas que constitúen un sistema definido, diferente para cada lingua, e en parte, indepen-

dente da experiencia e do comportamento non lingüísticos. Pola súa parte, os factores non estruturais ou extralingüísticos derivan do contacto das linguas co mundo exterior, da familiaridade dos individuos cos seus sistemas ou variedades e do valor que esa lingua como un todo é capaz de adquirir e as emocións que pode provocar.

Uns e outros deben terse en conta na explicación do castelanismo, sexa o nivel lingüístico en que se dea. Estes factores poden favorecer ou inhibi-lo nacemento da interferencia e, ó mesmo tempo, acelerar ou frea-la velocidade do proceso. As causas lingüísticas que provocan as interferencias irán parar antes ou despois ós factores extralingüísticos, moi importantes no caso do contacto entre galego e castelán. Pensemos, por exemplo, na importancia de considerármolo status de cada lingua e dos falantes que a empregan, o prestixio de cada unha entre os mesmos falantes, os niveis ou rexistros en que se usan, a maior ou menor receptividade dos falantes cara ás interferencias da outra lingua, etc. O predominio duns factores ou doutros en cada caso de interferencia levará ó falante á escolla dos mecanismos interferenciais, como pode ser no nivel léxico do galego a substitución da súa palabra pola do outro idioma (o caso de *onte* por *\*ayer/aier/aer*), ou unha restricción semántica da palabra autóctona (coma no caso de *costelas*).

1. Feita esta aclaración, pasemos a desenvolver-lo primeiro apartado do que falabamos. En liñas xerais, entendemos por eufemismo a palabra ou expresión que empregamos para agochar outro termo, interdito ou prohibido, xa que as condicións do acto de comunicación sexa polo receptor, a mensaxe, o código ou o contexto así o require. E ó falarmos de eufemismo temos que referirnos, loxicamente, a *tabú*, palabra tomada dunha lingua polinesia onde significa “sagrado” ou “intocable”. Os tabús existen en tódalas culturas coñecidas e refírense a actos, obxectos ou relacións que a sociedade desexa evitar, así como á linguaxe utilizada para falar deses asuntos. Xeralmente os tabús verbais están relacionados co sexo, o sobrenatural, a excreción, a morte... pero con bastante frecuencia esténdense tamén a outros aspectos da vida doméstica.

A utilización de palabras tabú pode dar orixe a toda unha serie de ditos, usos e respostas. A mención do demo ou dun espírito pode provocar unha reacción verbal, coma tal unha invocación divina: *¡Deus nos libre de tal!*; ou mesmo física, por exemplo o sinal da cruz. Unha obscenidade pode dar pé a unha recriminación escandalizada, por exemplo, *Vai lava-la boca*, ou incluso violencia física, especialmente se hai mulleres presentes.

A influencia das palabras tabús pode, incluso, atravesar-las fronteiras lingüísticas. Wardhaugh (1992, p. 271) e Crystal (1994, p. 8) fan notar que certos tabús parecen orixinarse en situacións de bilingüismo. Citan o exemplo da tribo dos *creek* de Oklahoma, que comezaron a evitar con frecuencia as palabras *fákki* ‘terra’, *apiswa* ‘carne’ e *apissi* ‘graxa’, na súa lingua a medida que incrementaban o seu entendemento do inglés, lingua na que existen vocábulos tabús de pronuncia similar a estas palabras. Un fenó-

meno parecido ocorre cos tailandeses que aprenden inglés, onde o inglés *yet* se asemella moito ó tai *jed*, unha palabra obscena usada para “ter trato sexual”. E comenta tamén que os chineses que se chaman Li, un apelido moi corrente entre eles, poden encontra-lo seu nome embarazoso en Rangún, en vista da palabra birmana *lá* “falo”. Non dispoño de abondos datos para poñer algún exemplo semellante no galego; é dicir, unha palabra galega que deixase de se usar ou recuase no seu emprego por homonimia cunha palabra tabú en castelán. Coido, con todo, que razóns deste tipo deben ser consideradas para explica-la presenza no galego moderno unicamente das formas cultas *medio*, *mediar*, *mediado*, *mediada* (<lat. MEDIUS), que substituíron as populares habituais no galego medieval *meo*, *mear*, *meado*, *meada*, debido á evidente semellanza formal destas coas palabras castelás *mear* ‘ouriñar’, *meada*, *meo(s)* ‘ouriños’.

A maneira máis frecuente de o falante enfrenta-las palabras e nocións tabús é a de desenvolver eufemismos e circunloquios. Pero o falante tamén pode atenua-la palabra prohibida coa anteposición ou posposición de expresións do tipo *con perdón* ou *dispensando*. Alguén podería dicir: *Pícame aquí no c.*, *dispensando*, ou *Úlenche os pés, con perdón*.

Na actualidade as causas eufemísticas son da orde afectivo-asociativa. Xa non se teme a palabra coma antigamente, senón as asociacións e as connotacións que esperta. Do que se foxe por medio do eufemismo é da representación obscena, lixosa ou molesta que o ser, a función, o obxecto lle transmite á palabra.

Segundo Montero Cartelle (1981, p. 22), dúas son as causas eufemísticas: unha interna, psíquica, e outra externa, social (a decencia, a delicadeza, a prudencia, o pudor). Ámbalas dúas, sen embargo, poden reunirse nunha soa externa e social (a presión do mundo cultural sobre o individuo), que por un proceso de asimilación psicolóxica chega a formar parte da propia personalidade, converténdose deste xeito en interna. Dunha banda, o sentimento relixioso-supersticioso e doutra o convencionalismo social, son os que en último termo xeran o proceso psicolóxico que condiciona ó individuo a elixir de entre as posibilidades que lle ofrece a lingua, aquelas que lle van permitir designar suavemente o que el asocia co perigoso, co obsceno, co desagradable e co malsante.

O problema do eufemismo é un problema de asociacións. O falante no seu afán de evitalas utiliza as posibilidades que a súa propia lingua lle ofrece. E entre as varias, unha delas pode se-lo substituto da palabra por un estranxeirismo, no caso do galegofalante, o castelanismo. A palabra castelá, con independencia do status que teña nesta lingua, é para os usuarios do galego, polo menos para un certo tipo de falantes, unha forma léxica que se adapta con facilidade a calquera modalidade de discurso: culto, se así se quere que sexa, respectuoso, se é o que se busca. Por exemplo, o castelanismo *\*carajo* non posúe as connotacións obscenas que, pola súa parte, caracterizan a *carallo*; *\*carajo* admite un uso eufemístico. Ben é certo que, ó igual que o que é tabú para unha xeración pode deixar de se-lo nas seguintes; con *\*carajo* sucedeu algo parecido, e actualmente nas xeracións máis novas está caendo en desuso. Seguindo na interdicción

sexual, o mesmo uso eufemístico se produce cando se empregan \**joder* ou \**coño*, falando galego. Estes castelanismos —e outros do mesmo campo que non nomeo, pero de seguro que saben a cales me refiro— son percibidos como menos vulgares e obscenos cás formas autóctonas galegas que refiren isto.

Relacionados coa interdicción relixiosa, en concreto coa “morte”, o uso eufemístico do castelanismo \**morir* por *morrer* existe en zonas do galego oriental, así coma tampouco é infrecuente o culto \**fallecer* noutras zonas.

Outros exemplos deste tipo de castelanismos son os empregados cos cativos cando se lles di \**marrano*, \**cochino*, \**cochinada*, formas eufemísticas tamén en castelán, por *cocho* ou *porco* e os seus derivados *cochada* ou *porcallada*; \**grueso* por *gordo*, referíndose a persoas en comentarios como: *A Fulana vincha \*gruesa*; \**joven* por *novo* ou *mozo* en enunciados do tipo: *Vostede aínda está moi \*joven*; ou o de \**parienta*, vulgarismo festivo para se referir á muller dun.

É o decoro, tamén, a razón pola que sempre lle teño oído a miña nai o castelanismo \**culo*, por *cu*, en enunciados do tipo: *O pantalón quédache moi arretegado no \*culo*, cando usa *cu*, por exemplo, nunha frase como: *Viña co feixe sobre do cu*. Ou os eufemismos, xa mencionados ó comezo da exposición, \**arrojar* e \**devolver* no canto das palabras galegas *golsar* ou *vomitir*, con restriccións semánticas dentro do propio galego, unha para os animais e outra para as persoas.

Vemos que o carácter bilingüe do falante galego, aínda que sexa pasivo, permítelle satisfacer a necesidade de eufemismos botando man de palabras castelás. Pero isto tamén ocorre noutras linguas. Comenta Weinreich (1953, p.130), ó analiza-las razóns dos préstamos lexicais, que nun dialecto do ruso a forma finlandesa *repaki* converteuse nun eufemismo benvido de “menstruación”, e os *patois* dos Vosgos tomaron a forma francesa *vomir* ‘vomitar’, en tanto que o francés satisfizo esa necesidade substituíndo *vomir* polos sinónimos máis elegantes *rejeter* ou *rendre*.

2. Dun xeito semellante, coído que razóns de tipo eufemístico axudan a explica-la existencia nun mesmo falante de parellas do tipo *costelas* - \**costillas*, *costas* - \**espalda*, *figado* - \**higado* ou *riles* - \**riñóns*. O usuario normal do galego, condicionado polo contexto socio-comunicativo tende a ir restrinxindo o significado da palabra galega: emprégaa para designa-la parte do corpo dos animais, en tanto que escolle o castelanismo para nomea-la parte do corpo humano. Isto leva o perigo de que a forma galega se especialice e vaia quedando obsoleta para o falante, en tanto que toma o castelanismo como voz moderna.

Casos eufemísticos semellantes de especialización semántica son tamén o uso do verbo galego *deitar* para os animais, mentres que o castelanismo \**acostarse* tende a ir suplantando a aquel cando se refire ás persoas, porque se lle preguntasemos a un paisano o porqué do asunto diría: *¡Home, unha cousa é unha persoa e outra un animal!* De



xeito igual hai que enfoca-la parella *\*ternera - becerro*: o castelanismo refírese a carne do animal —é a forma que se escoita adoito cando se pide nas cortadorías e restaurantes— en tanto que a palabra enxebre vai reducindo o seu significado ó de ‘cría da vaca’; o mesmo sucede con *\*cerdo*, ‘carne’, e *porco*, ‘animal’. Esta distinción reflíctese noutras linguas; lembremos que en inglés *pig* ‘porco’ designa o animal, en tanto que o termo para a carne comestible deste animal é *pork*, palabra tomada do francés cando esta era a lingua de prestixio en Inglaterra.

O uso do castelanismo como eufemismo nestes casos ten que ver, enunciado dun xeito simple, co problema da definición de rexistros lingüísticos dentro do galego; mellor dito, coa indefinición dun rexistro, digamos, medio-culto ou non marcado, feito que tivo que influír na psicoloxía e na ideoloxía do propio falante sobre a súa lingua. O galegofalante ve no termo castelán (*carne de \*cerdo, carne de \*ternera, \*acostarse...*) unha denominación de rexistro lingüístico medio sen connotacións pexorativas, connotacións que si lle parecen que teñen as palabras da súa fala normal *porco, cocho, becerro, xato, deitarse...*, e que non sente como respectuosas. En última instancia, o castelán é para moitos galegofalantes a lingua do decoro, da delicadeza e a lingua culta, a do prestixio, da cal pode botar man cando a situación comunicativa así llo dicta.

3. Recordemos que ó longo da súa convivencia, o castelán influíu sobre o galego en dúas direccións. Por unha banda, o castelán actuou de tranca durante varios séculos para a renovación lexical do galego, impedindo que no propio idioma se habilitasen novos termos que o mantivesen a ton coa evolución socioeconómica e cultural. Por outra, o castelán asumiu as funcións comunicativas das situacións formais: Administración, Igrexa, Ensino... relegando o galego ás coloquiais e familiares.

Por iso coído que, psicoloxicamente, o galegofalante actúa ante a súa propia lingua e ante as súas propias palabras coma se estas fosen un *tabú*, un algo prohibido, e en tal caso o castelán sérvelle, ás veces, de escape eufemístico. A propia lingua galega é un *tabú*, sono as súas palabras e o que significan. Historicamente, esta desestimación pola propia lingua veulle imposta ós galegos da situación diglósica que viviron o galego e os seus usuarios durante máis de cincocentos anos; o sempre mencionado “autonoxo” levounos a ve-la nosa fala e as súas palabras como vulgares e *groseras*. Por exemplo, non deixa de ser curiosa a elección e a predilección consciente por voces galegas, por parte dalgúns castelanfalantes de Galicia, para expresaren calidades e estados negativos; estoume a referir a palabras como *trapallada, trangalleiro, lacazán, nugallán, lercho, parvo, parvada*, etc.

Tampouco debemos esquecermos da connotación pexorativa que arrodeou a palabra *gallego* en idiomas coma o castelán e o portugués; nin da visión que de nós tiñan os non galegos. Lembremos só algunhas opinións sobre o galego e os seus falantes que recolle o profesor Alonso Montero (1974) no seu libro *Galicia vista por los no gallegos*:

A. Jouvin (1672): “*La lengua es hermosa en Castilla, en Galicia es grosera*”, (p. 283).

P. Norberto Caino (1755): “*Verdad es que en Galicia el dialecto es un poco grosero y rudo, porque tiene un poco de portugués, lo que lo desfigura mucho*”, (p. 283).

Diccionario da Real Academia Española, (ed. de 1899): “*Gallego: Dialecto de los gallegos*”, (p. 284).

C. Daux (1909): “*El país de los gallegos empieza, y con el un lenguaje bárbaro, una mala jerga de bajo español y de portugués que hace las relaciones embarazosas*”, (p. 284).

Pío Baroja (1928): “*Así dentro de España mismo, el castellano siente más enemistad natural por la manera de hablar del catalán o del gallego, que emplean dialectos latinos como el suyo, que no por el vasco, que usa un lenguaje que no tiene relación con su lengua*”, (p. 285).

Seméllame que parte destas opinións serían compartidas polas clases máis podentes galegas de cada época, que en resumidas contas falaban castelán e vían no galego, parafraseando as opinións anteriores, un dialecto indelicado, unha especie de xerga falada por rudos labradores e mariñeiros. Ante esta consideración, a psicoloxía do falante de galego dictaríalle dúas saídas: cambiar de lingua ou depura-la súa fala, sobre todo das formas léxicas que máis denotasen a súa procedencia. E estas serían, nun primeiro momento, aquelas das que el era consciente que tiñan forma e pronuncia distinta nos dous idiomas. Sería entón cando, se a situación e o contexto o requirían, comezou a substituí-las voces máis enxebres, como *lonxe* por \**lexos*, *culler* por \**cuchara*, *coello* por \**conexo*, *onte* por \**ayer*, castelanismos máis ou menos vellos no galego, ou o máis recente, \**perro* por *can*.

E remato cunha pequena reflexión que foi a que me fixo teimar en todo o anterior. Coido que poucos pobos hai coma Galicia no mundo con lingua de seu, en que os propios falantes empreguen unha palabra estranxeira para denomina-la súa lingua e o seu xentilicio. O castelanismo *gallego* foi ata hai ben pouco a voz xeral en todo o territorio galego, utilizada por nós, os galegos, para chamármonos a nós mesmos e ó noso idioma. A voz *galego*, hoxe felizmente recuperada, conservouse no galego exterior e mais en Portugal.

E pregunto eu: ¿non será o castelanismo *gallego* un eufemismo noso para denominármonos a nós mesmos?

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, X., *Galicia vista por los no gallegos*, Madrid, Ediciones Júcar, 1974.  
 Crystal D., *Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge*, Madrid, Taurus, 1994.  
 (Trad. e adap. de *The Cambridge encyclopedia of language*, 1987).

- Wardhaugh, R., *Introducción á sociolingüística*, Universidade de Santiago de Compostela, 1992. (Traduc. de *An introduction to Sociolinguistics*, 1986).
- Montero, E., *El eufemismo en Galicia (su comparación con otras áreas romances)*, Anexo 17 de *Verba*, Universidade de Santiago de Compostela, 1981.
- Weinreich, U., *Lenguas en contacto. Descubrimientos y problemas*, Ediciones de la Biblioteca de la Universidad Central, Caracas, 1974. (Trad. de *Languages in contact: findings and problems*, 1953).



## ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS TEÓRICAS SOBRE AS CONSECUCENCIAS FUNCIONAIS E ESTRUCTURAIS DO CONTACTO NA LINGUA GALEGA

Anxo M. Lorenzo Suárez

Universidade de Vigo

### INTRODUCCIÓN

O contacto lingüístico entre o galego e o castelán en Galicia permite observar e analizar un amplo abano de aspectos sociolingüísticos de interese e de relevancia teórica, metodolóxica ou aplicada, uns máis abeirados cara á forma e á estrutura das variedades en contacto, outros máis arrimados ós elementos sociais e culturais vinculados ós individuos e ós grupos sociais. A carencia dunha disciplina propia, que teña como obxecto de estudio as situacións de contacto nun sentido amplo e diversificado, non impide que poidamos analizar aquelas consecuencias sociais e culturais e estruturais mediante as ferramentas conceptuais e as perspectivas de análise dos diversos paradigmas de estudio que foron conformando o campo de estudio do contacto lingüístico<sup>1</sup>.

Desde a perspectiva do estudio do contacto de linguas, dous dos aspectos que tenden a recibir unha atención específica na análise da situación da lingua galega en contacto co castelán son os que se centran na evolución funcional dos procesos de mantemento e de substitución social da lingua galega, por un lado, e os que examinan a evolución estrutural do galego en tanto que sistema formal xenuíno e diferenciado do castelán, por outro.

O obxectivo deste traballo é discuti-lo contido de tres aspectos relacionados coa interpretación da evolución funcional e estrutural da lingua galega en contacto. En primeiro lugar, analizáremo-lo contido de tres enunciados que atinxen á interpretación da situación e evolución estrutural da lingua galega. En segundo lugar, argumentáremo-lo interese de distinguir entre descrición sociolingüística e prescrición á hora de categorizalo status e mailo alcance das observacións sobre a evolución estrutural da lingua

<sup>1</sup> Véxase Clyne (1992), onde propón distinguir catro paradigmas de estudio do contacto: o paradigma do *contacto*, propiamente dito, o paradigma da *substitución lingüística*, o paradigma da *extinción* e, finalmente, o paradigma do *debilitamento/perda*.

galega. E, finalmente, presentaremos unha definición dos procesos funcionais do contacto baseada dun dobre plano de análise que distinga nidiamente entre o proceso funcional xeral e aqueloutras procesos funcionais específicos ou locais.

## 1. SITUACIÓN E EVOLUCIÓN ESTRUCTURAL DA LINGUA GALEGA

Na análise das consecuencias estruturais do contacto entre galego e castelán en Galicia, encontramos tres enunciados que constitúen un lugar común suxeito a unha certa unanimidade teórica. En primeiro lugar, afirmase que, anque a influencia estrutural foi recíproca, o castelán influíu máis poderosamente sobre o galego ca ó revés; ademais, como unha consecuencia da influencia producida ó longo do tempo, considérase que o galego se foi aproximando léxica e estruturalmente ó castelán na súa evolución diacrónica. En segundo lugar, argumentase que os fenómenos de variación e de cambio lingüístico producidos en galego proceden, mediante os mecanismos da interferencia lingüística, directa e indirectamente do castelán. En terceiro lugar, grande parte dos fenómenos formais producidos en galego tenden a ser analizados coma erros ou, incluso, coma defectos e “vicios” propios de falantes pouco competentes.

Tocante ó primeiro enunciado, malia que o transvasamento de formas se produciu nas dúas direccións posibles, a cantidade e profundidade do mesmo non é estrictamente comparable dado que a asimetría social do contacto predispón cara á diferente cantidade e calidade dos fenómenos de variación e cambio en cada unha das linguas en contacto. Que o castelán fose o modelo de moitos dos cambios suscitados no galego, que moitos cambios se producisen na dirección de reduci-las diferencias fonéticas, e morfosintácticas entre ámbalas linguas, etc., todo isto leva a argumentar que a evolución estrutural do galego non foi independente do castelán.

Unha cuestión máis complexa que se pode formular é a de se a evolución estrutural do galego se realiza de forma autónoma ou se, polo contrario, está influída e mediatizada polo contacto –intenso e xa prolongado no tempo– co castelán. A este interrogante podemos responder, en primeiro lugar, que a evolución lingüística dunha variedade en contacto nunca é nin autónoma nin independente, menos aínda se se trata dunha variedade socialmente recesiva. Ademais, se galego e castelán se presentan hoxe cunha distancia estrutural escasa debe estar motivado, ó menos en parte, á evolución parella debido á situación de contacto.

Outra cuestión que se podería formular a este respecto é que os fenómenos de variación e de cambio suscitados na lingua galega non afectan por igual a tódalas variedades da lingua. Concretamente, a situación lingüística que presentan as denominadas variedades urbanas (cf. Regueira, 1994; Kabatek, 1997) parece estar lonxe dos condicionamentos que caracterizan as variedades tradicionais, tanto na cantidade coma no tipo de trazos que presentan unhas e outras variedades.

Con respecto ó segundo enunciado, no cal se sinala que o castelán, mediante os mecanismos da interferencia lingüística, é o responsable dos fenómenos formais no galego, lévase reducido o abano de fenómenos e de procesos formais posibles cara ó proceso de interferencia do castelán no galego, coa conseguinte limitación no entendemento e na descrición dos mesmos<sup>2</sup>. Coidamos que esta limitación se produce en dous sentidos moi claros: a) ó equiparar interferencia con intercambio ou adición de trazos estruturais; b) ó negar ou ó minimiza-lo impacto doutros procesos formais, se cadra máis difíciles de definir e de probar empiricamente.

Ademais de ter en conta só os casos de interferencia, outro aspecto problemático que achamos neste enunciado é aquel que implica que o castelán é o responsable directo ou indirecto dos cambios producidos no galego. Esta xeneralización resulta moi prexudicial para a descrición dos fenómenos formais que ocorren no galego e leva a interpretacións que empobrecen o entendemento de cómo operan os fenómenos formais nas situacións de contacto.

Sobre este punto é preciso partir dun esquema de traballo que teña presente que o contacto lingüístico constitúe o marco en que se manifesta a relación estrutural entre as variedades lingüísticas presentes. Ademais, esa relación dá pé á presentación dunha tipoloxía de fenómenos formais que debe incluír, como mínimo, casos de interferencia e de simplificación estrutural, e en moitos casos tamén haberá que describir casos de variación sociolectal. Polo tanto, a influencia da lingua dominante non constitúe o único factor posible de variación e cambio na lingua minoritaria. Pero os diferentes tipos de fenómenos formais deben ser analizados en contexto, isto é, cumprirá consideralos en función do proceso de mantemento ou substitución correspondente (cf. § 3).

Con respecto ó terceiro enunciado, a referencia pexorativa a pecados ou vicios lingüísticos, asociada con fenómenos de alteración formal, resulta claramente inadecuada desde calquera punto de vista sociolingüístico. Con excesiva frecuencia antepónese unha interpretación prescritiva e estandarizadora sobre unha análise estritamente sociolingüística, circunstancia que chega a desvirtuar por completo o contido e mailos obxectivos tanto dunha perspectiva coma da outra, como veremos en § 2.

Noutros casos, diferénciase entre interferencia e alternancia lingüística (ing. *code-switching*), considerando que a interferencia supón un “erro de aprendizaxe” fronte á alternancia que constitúe un acto de “creatividade” (cf., por exemplo, Silva Valdivia, 1991). Efectivamente, en moitos casos poden aducirse exemplos empíricos na liña de que a adquisición parcial ou incompleta do galego é o motivo para a aparición de determinado trazo de interferencia; e tamén en moitos casos os fragmentos alternantes supoñen unha intervención expresiva dos falantes bilingües. Pero tamén podemos aducir casos contrarios: interferencias que non poden estar motivadas por descoñecemento ou erro

<sup>2</sup> Con moita frecuencia, cando se fai referencia á interferencia lingüística, non se fai referencia ó proceso formal ou á consecuencia do mesmo, senón que se usa tal substantivo para indica-la orixe castelá do trazo ou do elemento descrito como tal interferencia. Isto leva, xa que logo, a alimentar unha confusión entre o proceso ou o resultado formal, e a orixe do fenómeno, confusión que poucos autores mostraron interese por evitar.

na aprendizaxe –senón uso consciente, por diferentes motivos, de formas interferidas–, e exemplos de alternancia lingüística suscitados por descoñecementos de diferente clase.


Máis alá de erros ou incorreccións, atopámo-las pegadas lingüísticas de distintos tipos de procesos funcionais como os seguintes: *a)* os resultados do que denominamos como substitución inversa castelán > galego; *b)* os resultados da actuación de bilingües con predominio do castelán, que por mor de circunstancias varias (persoais, grupais, profesionais, laborais, etc.) usan o galego esporadicamente e dun xeito ben diferente do que desenvolven outros falantes máis implicados na súa actividade oral; *c)* os resultados de usos estratéxicos das linguas en contacto por parte de falantes bilingües ou de falantes en mantemento precario, que dese xeito poden estar indicando identidades diversas na conversa, ou a marca de significados contextuais e interaccionais relevantes<sup>3</sup>. Tendo en conta isto, máis ca erros ou “vicios” habería que falar de procesos de adquisición imperfecta ou parcial, ou se cadra de estratexias conversacionais, segundo os casos.

Tras analizar tres perspectivas sobre a evolución formal da lingua galega, podemos considerar que unha situación de contacto que se prolonga no tempo alenta dinámicas lingüísticas converxentes e influencias formais mutuas. Mediante a utilización dunha tipoloxía ampla e realista de fenómenos estruturais, debemos tender a contextualizalo alcance empírico de cada tipo concreto de trazo estrutural tendo en conta as características funcionais da comunidade ou grupo social analizado, isto é, debemos incardinalos fenómenos formais nas dinámicas de mantemento e substitución lingüísticas.

## 2. A CONSIDERACIÓN DOS FENÓMENOS ESTRUCTURAIS: PLANO DESCRITIVO VS. PRESCRITIVO

A partir dalgunha das reflexións que acabamos de suscitar no apartado anterior e na medida en que desexamos evitar interpretacións reduccionistas, parciais ou desenfocadas dos fenómenos formais, coidamos que resulta imprescindible distinguirmos entre dous planos de análise (cf. cadro 1): por un lado, un nivel prescriptivo ou estandarizador, e por outro un plano descritivo, interpretativo ou sociolingüístico.

CADRO 1. *Planos de análise e proceso funcional*



<sup>3</sup> O propio Silva Valdivia (1991) sinala tal posibilidade ó analiza-lo significado de boa parte dos fenómenos de interferencia.



Consideramos que o plano prescriptivo ou estandarizador é o que configura os usos correctos e incorrectos partindo en todo momento dunha norma estándar de referencia e tendo en conta os esforzos de uniformización lingüística propios dos obxectivos estandarizadores. Tendo en conta aqueles esforzos restauradores dunha forma xenuína para a lingua galega, e co obxectivo de adecuala ás novas necesidades de comunicación, a estandarización –e a configuración dunha variedade estándar– constitúen un obxectivo prioritario do proceso de normalización da lingua galega<sup>4</sup>. Desde esa perspectiva estandarizadora avalíanse todo un conxunto de formas que se desvían da norma estándar, considerados como atentados á integridade formal do código restaurado. Así, defínense dentro do mesmo ámbito fenómenos de natureza e orixe moi diversa e pouco comparable, distintos –ismos como son os *vulgarismos* –variantes coloquiais, populares ou familiares, é dicir trazos de carácter funcional–, os *lusismos* –trazos da lingua portuguesa introducidos principalmente a través da lingua literaria–, os *hipergaleguismos* –invenções, en forma de falsas analoxías e evolucións, realizadas tamén principalmente a través da lingua escrita literaria, anque tamén se dan formas procedentes da lingua oral–, os *dialectalismos* –fenómenos de variación xeográfica ou espacial– e os *castelanismos* –formas de orixe castelá, principalmente léxicas e léxico-semánticas, aínda que tamén fonéticas, morfolóxicas ou sintácticas–.

Un segundo nivel de análise consiste na avaliación das variantes e variedades desenvolvidas polos distintos tipos de falantes en contexto. Este constitúe o nivel descritivo, interpretativo ou sociolingüístico e céntrase tanto nos aspectos lingüísticos vinculados cos usuarios da lingua –fenómenos de variación formal–, coma nos aspectos relacionados co uso da lingua –fenómenos de variación funcional, asociados cos ámbitos e espazos de comunicación– (cf. Payrató, 1987; Gregory & Carroll, 1978). Nunha situación de contacto este nivel descritivo convértese, automaticamente, nunha panorámica sociolingüística a partir da cal interpretamos, en termos socioculturais, comunicativos, estilísticos, estruturais, etc., os usos lingüísticos dos falantes, dos grupos sociais e das comunidades, tendo unha finalidade primordial de observación da realidade e de interpretación da mesma. Neste terreo interésannos tanto as prácticas lingüísticas en contexto coma as ideoloxías que as sustentan.

Con esta distinción o máis clara posible entre un plano descritivo e outro prescriptivo non negamos que poida –e de feito deba– existir retroalimentación entre ámbolos niveis de análise, e coidamos incluso que sería desexable establecer unha comunicación fluída entre descrición sociolingüística e prescrición, sobre todo atendendo a determinados contidos da planificación da lingua galega. Pero as interrelacións deben ser trazadas dunha forma máis complexa do que se adoita facer, e, o que coidamos máis importante, desde a independencia da dinámica propia e da relevancia de cada un dos dous planos que acabamos de distinguir.

<sup>4</sup> Para un percorrido histórico sobre a norma culta e estándar da lingua galega, véxase Santamarina (1994); Fernández Salgado / Monteagudo (1995).

No seo da dimensión interpretativa e sociolingüística, tal como recollemos no Cadro 1, cremos que é o lugar pertinente para a diferenciación entre os distintos procesos funcionais derivados do contacto. En moitos casos distintos autores fixeron referencia ós procesos de mantemento e de substitución mediante o uso dunha terminoloxía excesivamente escura e confusa. Por exemplo, tense manifestado que certos cambios estruturais detectados no galego, aínda que estean moi xeneralizados, están máis estendidos especialmente entre os novos falantes de galego, que proceden do castelán, opoñendo desta forma a fala dos falantes espontáneos e a fala dos falantes non espontáneos. Non cómpre insistir en que tras este tipo de afirmacións, ó subxacer consideracións de idade, de sexo e mesmo de hábitat de residencia por exemplo, atopámo-las pegadas evidentes dos procesos de mantemento e de substitución.

Outro argumento que sustenta o interese por distinguirmos entre procesos sociais ó analizármolos cambios formais é que, segundo cal sexa, podemos estar asistindo a un proceso de adquisición parcial ou imperfecto ou a un proceso de perda lingüística, e os mecanismos e mailas repercusións de ámbolos dous non teñen, nin moito menos, por qué coincidir. Así, no caso da substitución do galego polo castelán daranse distintos tipos de cambios formais debidos a dificultades de adquisición, no caso do mantemento pleno detectaremos primordialmente fenómenos de perda, e no proceso de substitución cara ó galego atoparemos fenómenos formais derivados dunha adquisición imperfecta ou parcial (§ 3 e 4).

Unha situación específica é a que xorde da presentación de casos de interferencia, de simplificacións estruturais, etc. entre falantes e grupos sociais inseridos en procesos de recuperación da lingua galega. Neste caso haberá que analiza-lo contido destes fenómenos lingüísticos producidos polos aprendices da variedade minoritaria que erran en adquirir competentemente a variedade de chegada, é dicir, que efectúan unha aprendizaxe imperfecta. Tendo en conta que o proceso normalizador debe ter, como un dos seus obxectivos prioritarios, a ampliación da base social de galegofalantes, e considerando que tal aumento da base social se efectúa nun período temporal breve –dadas as circunstancias de urxencia para inverte-lo proceso substitutorio–, as consecuencias lingüísticas deste proceso poden supoñer que, debido a unha aprendizaxe imperfecta da lingua de chegada, o galego, a variedade desenvolvida se arrede das variedades tradicionais da lingua. É dicir, se a adquisición se realiza nun período breve de tempo, será case con seguridade unha aprendizaxe imperfecta ou parcial, porque o aprendiz disporá de pouco tempo para completala satisfactoriamente (cf. Argente, 1991). Se ó tempo limitado para completa-las tarefas de adquisición lle engadimos un contexto que non implica unha inmersión efectiva na lingua que se está a interiorizar, os resultados serán, con seguridade, aínda máis espectaculares. Nestes casos, poida que o interese do planificador se centrará en que o uso da lingua predomine sobre a forma da lingua que se utilice.

Para establecemos un marco interpretativo amplo que acolla a diversidade de situacións que se poden producir e de factores que interveñen, a definición dos procesos sociais derivados do contacto, centrada no paradigma do mantemento e da substitución lingüística tal como foi establecido por Weinreich (1953), debe se-lo suficientemente flexible como para acubillar procesos xerais e dinámicas específicas. Concretamente, a nosa argumentación parte da consideración dun marco de análise que contén dúas dimensións interpretativas (cf. cuadro 2). Por un lado, illamos un macroproceso social xeral, latente ou de fondo, que define o contexto sociolingüístico histórico da comunidade observada, sendo as dúas opcións excluíntes neste caso: ou o proceso é de mantemento ou de substitución. Por outra parte, é posible atoparmos catro microprocesos patentes ou locais, que definen comunidades particulares ou calquera outro tipo de grupo sociolingüístico específico. Seguindo esta formulación, o feito de que consideremos que a situación do contacto que caracteriza toda unha comunidade determinada está baseada nun proceso de substitución social da lingua A pola lingua B non impide que debamos buscar e, consecuentemente, analizar outras realidades microsociais en termos semellantes ou diferentes con respecto a aquel. Por exemplo, se na comunidade Z se está a producir un proceso de substitución da variedade vernácula pola variedade foránea, este será o proceso de fondo; esta análise é compatible coa constatación de que noutros planos de análise locais, comunitarios, mesmo sociais, se están a producir outras dinámicas que poden non coincidir co proceso de fondo enunciado.

**CADRO 2.** *Macro e microprocesos de contacto: plano funcional xeral*

- 
- |   |
|---|
| 1. 1. <i>Macroprocesos de fondo</i>                             |
| a) Mantemento da variedade nativa.                              |
| b) Substitución pola variedade non nativa.                      |
| 2. 2. <i>Microprocesos locais</i>                               |
| 2.1 Mantemento pleno da variedade nativa.                       |
| 2.2 Mantemento precario da variedade nativa.                    |
| 2.3 Substitución directa: variedade nativa > variedade foránea. |
| 2.4 Substitución inversa: variedade foránea > variedade nativa. |
- 

En relación cos procesos locais, distinguimos catro posibles: mantemento pleno e precario da variedade vernácula, a súa substitución pola variedade foránea, e o proceso substitutorio inverso. Os catro procesos locais anteditos non son, por definición, excluíntes.

En primeiro lugar, no extremo oposto ós casos de substitución directa podemos describir contextos sociais ou locais nos cales a variedade minoritaria aínda goza dunha vitalidade social moi elevada, en forma de uso inter e intragrupal maioritario e de presenza importante da lingua nativa nas transmisións lingüísticas primarias. Cremos que

se pode catalogar como *mantemento pleno* aquel proceso que se desenvolve en grande parte dos contextos rurais, proceso artellado mediante unha configuración socioeconómica que permite manter un número alto de vínculos e contactos localmente ancorados e un ecosistema local cun grao importante de autosuficiencia e de endogamia.

Que en espazos socioxeográficos rurais e semirurais a variedade vernácula aínda manteña unha razoable vitalidade supón, desde un punto de vista teórico, que a substitución, como proceso xeral, pode acubillar no seu seo outras situacións contrarias nas que só se detecta unha perda lenta de falantes, nada que ver nin no ritmo nin na intensidade co que se produce nos ámbitos máis urbanos<sup>5</sup>.

En segundo lugar, debemos precisa-lo alcance do concepto de mantemento precario. Os ámbitos urbanos son considerados como a vangarda da substitución, xa que neles se observa xeralmente un predominio crecente da variedade dominante nos esquemas de elección lingüística entre os residentes citadinos. Sen embargo, nos núcleos urbanos poden producirse diferencias significativas entre o uso das linguas nos centros urbanos –coas características demográficas e mesmo xeográficas tipicamente urbanas–, e a situación lingüística de barrios e contextos de tipo periurbano, nos cales os modos de vida e de relación social están máis preto dos comportamentos sociais típicos dos emprazamentos marcadamente rurais –vilegos e aldeáns– ca non dos tipicamente citadinos.

Nestes contextos, a lingua minoritaria pode manter unha presenza importante nas estratexias de elección lingüística das xeracións intermedias e altas –é dicir, en pais e avós–. E a súa vitalidade nas redes familiares, de amizades e veciñais pode chegar tamén a ser moi alta. Se cadra non se pode afirmar, porque sería irreal, que a variedade dominante no contacto está ausente da comunicación grupal, pero a cantidade de vínculos establecidos e maila calidade dos mesmos na variedade minoritaria difiren abertamente da situación que encontramos entre os grupos de idade media e alta nos contextos marcadamente urbanos. E tocante á transmisión primaria, aínda que a variedade dominante sexa a que se traspasa ás novas xeracións en virtude do pragmatismo dos pais, aínda se poderá rastrexar, sen excesivas dificultades, o esforzo familiar para que os nenos interaccionen na variedade minoritaria durante a socialización posterior.

A situación tende a ser substancialmente diferente nas xeracións máis novas, entre as cales as estratexias de elección lingüística reflicten significados sociais e contextuais vehiculados principalmente a través da variedade dominante. A pesar de todo, estas xeracións máis novas –que sen dúbida son as que se atopan máis arredadas da simboloxía e dos significados que a variedade minoritaria pode vehicular, sobre todo en comparación coas outras xeracións–, interactúan en redes sociais de interacción informal nas que a variedade minoritaria pode chegar a estar presente dunha forma importante cuantitativa e cualitativamente.

<sup>5</sup> Temos que supoñer que se a dicotomía substitución/mantemento está en marcha, os contextos urbanos non poderán acoller, por definición, microprocesos de mantemento pleno.

O proceso interaccional neste tipo de contextos periurbanos e vilegos pódese denominar como *mantemento precario*: uso social alto da variedade minoritaria coa incorporación crecente da variedade dominante nas relacións intragrupoais, nun contexto de forte presión substitutoria, e resultando, en xeral, unha dinámica socialmente fráxil e contradictoria. Máis concretamente, o mantemento precario podemos definilo como o proceso resultante da retención social dunha variedade lingüística nun contexto social xeral de substitución cara á lingua socialmente dominante no contacto. A dinámica sociocomunitaria que xera o mantemento precario aséntase na vitalidade das redes sociais informais de alta densidade, polas que circula a variedade minoritaria, como un dos elementos que definen a actividade social dos individuos involucrados. Coidamos que este proceso pode estar bastante estendido nas situacións de contacto sobre todo se estas non son socialmente intensas pero se prolongan no tempo<sup>6</sup>.

Un contexto desta natureza, lonxe de ser estable ou de estar arredado da sociedade en que se insire, contén características sociolingüísticas que poden delatar un marco substitutorio de fondo: individuos cunha competencia alta na variedade alóctona, froito do contacto prolongado no tempo e socialmente intenso; transmisión primaria parcial da variedade autóctona, baseada maiormente en esquemas de transmisión de carácter pragmático; e esquemas de elección lingüística organizados coa alternancia entre as variedades en contacto, que serven para sinalar diferenzas grupoais<sup>7</sup>.

En terceiro lugar, cumprirá analiza-los procesos típicos de substitución *lingua minoritaria* > *lingua dominante*, denominados como substitución directa. Non é preciso deterse na amplitude potencial deste microproceso cando coincide co proceso de fondo, aínda que estará máis xeneralizado nos contextos urbanos e en función doutras variables sociolingüísticas. Unido a isto, cómpre salienta-lo aumento de falantes que se socializan en familias que xa consumaron a substitución desde a xeración dos avós –ou tamén na xeración dos pais–, e que desenvolven as súas actividades en redes familiares, sociais, comunitarias e veciñais, educativas, laborais, de lecer, etc., nas cales non se albisca pegada ningunha da variedade minoritaria.

En cuarto lugar, debemos considera-los resultados da inserción da variedade minoritaria nos distintos niveis educativos e a existencia de sectores sociais que, procedentes da variedade dominante, utilizan a lingua minoritaria con diferentes niveis e intensidades. Tan-

<sup>6</sup> Non é doado atopar descrições deste tipo de situacións. Con todo, Mougeon / Beniak (1991, p. 80), ó se referiren ós tipos de restricción lingüística no contacto francés-inglés en Ontario (Canadá), fan referencia ós falantes da categoría «restricción lingüística sen substitución», que posúen as características de ter un índice de uso da variedade minoritaria superior ó 80%, o francés é tamén a variedade categórica na familia e na casa, e o seu uso decrece fóra do núcleo familiar e nas interaccións cos máis novos. Abandonando o plano individual e centrándonos nos procesos en cuestión, coidamos que este tipo de usuarios están inseridos, de acordo coa nosa tipoloxía, nun proceso local de mantemento precario.

<sup>7</sup> Podería obxectarse que estamos ante un proceso incipiente ou retardado de substitución; cremos, sen embargo, que unha afirmación dese tipo non recolle a variedade e riqueza de matices que caracterizan esas situacións, en termos de normas de selección de variedades nas interaccións ordinarias ou de estratexias de transmisión, equidistantes tanto do mantemento pleno coma da presenza testemuñal da variedade en trance de substitución nos intercambios en falantes marcadamente urbanos.

to un coma outro son exemplos das consecuencias do proceso de normalización, proceso que ten un conxunto de repercusións sociais e outro conxunto de repercusións lingüísticas.

Con respecto ás súas repercusións sociais, cómpre insistir en que os procesos de recuperación lingüística están normalmente enfocados cara a paliar as carencias de prestixio social e de status da variedade que se quere normalizar, e polo tanto incidirase en que a lingua se empregue en ámbitos que a prestixien. Outro obxectivo básico dun proceso de normalización, ó menos en teoría, ha consistir en ampliar a base social de falantes na lingua minoritaria, ampliación que, para levala adiante e que sexa efectiva, require dous procesos paralelos: que os novos falantes sexan usuarios habituais da lingua minoritaria, e que falantes da variedade socialmente dominante pasen a ser falantes da variedade minoritaria. No primeiro caso, o proceso normalizador tende a incidir na restauración dos mecanismos da transmisión primaria da lingua minoritaria, e no segundo caso o proceso normalizador tende a incidir –e incentivar– a inversión do proceso substitutorio en marcha: é dicir, que a lingua dominante perda falantes, que son gañados pola variedade minoritaria.

Do que acabamos de ver –procesos de mantemento precario e pleno, consecuencias funcionais do proceso normalizador, e proceso de substitución directa–, concluímos que ademais dun proceso latente, comunidades e grupos sociais particulares poden ser definidos en virtude doutros procesos patentes paralelos, que poden ou non coincidir con aquel. O status destes procesos dinámicos –en contraposición ó proceso de fondo, ou proceso xeral latente– e as hipóteses sobre a súa estabilidade deben ser discutidas e, consecuentemente, definidas con precisión, pero, en todo caso, dubidamos de que sexan procesos efémeros, residuais ou que carezan de relevancia descritiva.

De aplicarmos esta distinción tal como a establecemos, proceso de fondo e proceso patente coinciden con frecuencia, pero tal confluencia non se dá necesariamente por definición: é dicir, a deriva funcional dun grupo social ou dunha comunidade local concreta pode non coincidir co proceso de fondo. Así, que tódolos trazos funcionais de uso, transmisión, etc. nos indiquen que unha comunidade está en trance de substitución non impide que poidamos illar e describir no seu seo focos de mantemento social da variedade minoritaria. Ou viceversa: nun contexto xeral de mantemento poden desenvolverse focos de substitución cara á lingua dominante. Xa que carecemos de datos abondos que nos permitan argumentar empiricamente esta afirmación, intuímos que se produce con maior frecuencia a primeira das opcións sinaladas (v. g. substitución de fondo e procesos localizados de mantemento de diferente tipo).

#### 4. PROCESO DE FONDO E DINÁMICAS LOCAIS NO CONTACTO GALEGO-CASTELÁN

Tendo en conta o contido do Cadro 3, consideramos que o proceso de fondo que define actualmente a situación de contacto en Galicia é o de substitución do galego polo caste-

lán, e, ó tempo, é posible atopar exemplos abondos e variados de microprocesos de mantemento pleno e precario, e de substitución inversa.

En relación co proceso funcional de fondo, parece existir un consenso no sentido de que a evolución funcional do contacto foi mudando durante este século desde un contexto próximo ó equilibrio funcional de tipo diglósico ata chegar a unha dinámica de substitución lingüística (cf. Fernández, 1991, 1993; Rodríguez Neira, 1988, 1991; Lorenzo, 1998). Os datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* non fixeron senón confirmar cuantitativamente o avance do proceso de desgaleguización con ritmos xeográficos e sociais diferenciados (cf. Fernández & Rodríguez (coords.) 1994, 1995, 1996).

### CADRO 3. Macro e microprocesos no contacto galego-castelán

|   |  |
|---|--|
| 1. <i>Macroproceso de fondo</i>             |  |
| • Proceso de substitución galego > castelán |  |
| 2. <i>Microprocesos locais</i>              |  |
| 2.1 Mantemento pleno                        | • comunidades e grupos rurais/vilegos      |
| 2.2 Mantemento precario                     | • comunidades e grupos periurbanos/vilegos |
| 2.3 Substitución directa galego > castelán  | • comunidades urbanas e vilegas            |
| 2.4 Substitución inversa castelán > galego  | • resultados do proceso normalizador       |

Con respecto ós procesos locais, podemos describir, en primeiro lugar, aqueles contextos en que o galego mantén unha vitalidade social alta, en forma de uso case exclusivo. Estes casos, aínda que cada vez menores a teor das observacións impresionistas e de anécdotas máis ou menos fiables, seguen a se-la maioría de situacións que se dan no país, senón cualitativa, si polo menos cuantitativamente. Cremos que se pode catalogar como *mantemento pleno* aquel proceso que se desenvolve en boa parte destes contextos rurais de Galicia, proceso encarreirado mediante unha configuración socioeconómica que permite manter un número alto de vínculos e de contactos territorialmente ancorados, e unha economía local cun grao aínda importante de autosuficiencia e illamento. Con esas condicións podemos entende-los datos de lingua habitual do sector xeográfico denominado Lugo-5, por exemplo<sup>8</sup>.

### CADRO 4. Usos lingüísticos en catro sectores xeográficos

|                      | <i>A Coruña</i> | <i>Pontevedra</i> | <i>Ourense-4</i> | <i>Lugo-5</i> |
|----------------------|-----------------|-------------------|------------------|---------------|
| <i>Só castelán</i>   | 28,3            | 28,1              | 2,4              | 1,1           |
| <i>Máis castelán</i> | 36,6            | 25,2              | 11,0             | 5,3           |
| <i>Máis galego</i>   | 24,6            | 24,4              | 39,4             | 32,8          |
| <i>Só galego</i>     | 10,5            | 22,3              | 47,2             | 60,7          |

Nel, o 60,7% usa só o galego, o 32,8% utiliza máis galego ca castelán, o 5,3% máis castelán ca galego, e o 1,1% restante manifesta que usa só castelán. Compárense as cifras globais e as tendencias para cada unha das linguas coas cifras xerais e por sectores

<sup>8</sup> O sector Lugo-5 está formado por 55 concellos da provincia de Lugo. Este sector exemplifica o tipo de hábitat socioxeográfico máis rural e disperso de Galicia (cf. Fernández / Rodríguez Neira 1995).

vistas máis arriba, ou compárense coas porcentaxes de lingua habitual dos contextos urbanos, presentes na cidade da Coruña ou de Pontevedra. Desta comparación teremos necesariamente que afirmar que a configuración sociolingüística presenta un perfil diferente, que no caso de contextos como o de Lugo-5 encaixan co que definimos como mantemento pleno do galego.

En segundo lugar, cómpre referirse a un proceso interaccional que estaría afinado nos contextos de tipo periurbano, e que denominamos *mantemento precario*<sup>9</sup>, baseado no uso social alto do galego coa incorporación crecente do castelán nas relacións intra-grupais, nun contexto de forte presión substitutoria, e que dá como resultado unha dinámica socialmente fráxil para a lingua galega.

Neste tipo de contextos, a lingua galega mantén unha presenza importante nas estratexias de elección lingüística das xeracións intermedias e altas —é dicir, na dos pais e avós—. No Cadro 5 recollémo-los resultados para toda Galicia de cruza-la lingua inicial segundo o hábitat de nacemento (cf. Fernández & Rodríguez Neira (coords.), 1994: 43), e podemos observar a profunda distancia entre a presenza do galego como variedade inicial nos contextos urbanos e nos contextos periurbanos.

CADRO 5. *Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento*

|            | Galego | As dúas | Castelán |
|------------|--------|---------|----------|
| Urbano     | 17,1   | 17,5    | 65,3     |
| Periurbano | 61,3   | 17,5    | 21,1     |
| Vilas      | 51,7   | 16,2    | 32,1     |
| Rural-1    | 67,3   | 13,8    | 18,8     |
| Rural-2    | 86,5   | 7,8     | 5,6      |

A vitalidade do galego nas redes familiares, de amizades e veciñais é alta. O castelán tamén está presente na comunicación grupal, pero a cantidade de vínculos establecidos en galego e a calidade dos mesmos difiren abertamente da situación que encontramos entre os grupos de idade medios e altos nos contextos marcadamente urbanos. Tocante á transmisión primaria, aínda que o castelán é a variedade que se traspasa ás novas xeracións en virtude do pragmatismo dos pais, aínda podemos atopar, sen excesivas dificultades, o esforzo familiar para que os nenos interaccionen en galego durante a socialización posterior. A presión do castelán nestas xeracións compróbase na lingua transmitida, que adoita se-lo castelán, e nuns esquemas de elección lingüística que incorporan, en distinta medida, un uso táctico do castelán con distintos significados sociais e para cumprir diversas funcións comunicativas.

Non ocorre o mesmo nas xeracións máis novas, nas cales as estratexias de elección lingüística reflicten significados sociais e contextuais vehiculados a través do castelán. Estas xeracións máis novas, as máis arredadas da simboloxía e dos significados que o

<sup>9</sup> Coidamos que é un proceso principalmente urbano —ou mellor dito, periurbano—; pero non podemos desbotar que tamén sexa un microproceso patente que está en marcha en grupos, comunidades e sectores de vilas próximas ás cidades galegas.



galego presenta para as outras xeracións, interactúan en redes sociais de interacción informal nas que está presente de forma importante o galego. Pensemos nas redes familiares e nas veciñais, retículas centrais no desenvolvemento cotián de calquera individuo e nas que está presente a oralidade en galego.

Ademais do proceso de substitución, en tanto que dinámica global, non podemos minusvaloralos resultados, aínda por considerar na súa medida e aínda tamén por cuantificar dalgún xeito, da inserción do galego nos distintos niveis educativos, da ampliación no rango de funcións producida desde a restauración democrática, e a existencia de sectores sociais que, procedentes do castelán, usan a lingua galega con diferentes niveis e intensidades. Tanto un coma outro son exemplos das consecuencias do proceso de normalización da lingua galega, proceso que ten un conxunto de repercusións sociais e outro conxunto de repercusións lingüísticas.

Malia carecermos de datos cuantificables sobre as repercusións sociais reais da normalización do galego, podemos supoñer, por exemplo, que tenden a provocar un aumento do grao social de bilingüismo, e que consecuentemente fai medra-la capacidade para as interaccións en lingua galega por parte de castelán-falantes habituais, un maior nivel de competencia en galego, sobre todo nas destrezas que requiren unha aprendizaxe formal –como son a escrita e maila lectura–, unhas actitudes xerais positivas cara á utilidade da lingua, etc.

Unha consecuencia no plano actitudinal da extensión social do galego foi a relaxación de certos estigmas sociolingüísticos asociados coa oralidade en galego e cos grupos sociais galegofalantes<sup>10</sup>. Esta relaxación das avaliacións negativas espontáneas fomentou a presenza da lingua galega en transvasamentos lingüísticos máis ou menos esporádicos. Esta conducta bilingüe, unida ós casos de asunción da lingua por motivos ideolóxicos ou por razóns profesionais e laborais, provocaron numerosos casos de sectores sociais e de individuos que empregan a lingua galega e que poden ser aducidos como exemplos de substitución inversa *castelán* > *galego*, consecuencia directa –ou indirecta, segundo os casos– dos esforzos normalizadores sinalados.

Consideramos que este proceso está presente naqueles casos de falantes que, tendo o castelán como lingua inicial e de socialización secundaria, se achegan ó galego na adolescencia por motivos de coherencia política, persoal, ou por motivos laborais ou profesionais. Polo tanto, os individuos nesta categoría usan habitual ou normalmente a lingua galega nas súas interaccións ordinarias. Non consideramos que sexan un exemplo deste proceso aqueles falantes habituais de castelán que usan residualmente o galego en determinadas interaccións moi localizadas e esporádicas<sup>11</sup>.

<sup>10</sup> Para unha maior profundización no estado actual das actitudes ante as linguas en contacto en Galicia e os grupos sociolingüísticos implicados, é preciso consulta-lo terceiro volume do MSG, cf. Fernández / Rodríguez Neira (coords.) (1996).

<sup>11</sup> Álvarez / Fernández Rei / Xove Ferreiro (1980) establecen unha distinción entre falantes aprendidos que parten do castelán e falantes que parten do galego. Esta diferenza baséase na constatación de que o uso da

Un caso paradigmático sería o formado por aqueles falantes que empregan a lingua galega dun xeito ocasional, condicionado por necesidades profesionais ou por diferentes tipos de militancia no idioma. O perfil destes grupos e dos individuos implicados responde ó usuario bilingüe, cun ambiente familiar castelanfalante, localizado en redes sociais febles, cunha competencia activa en galego procedente da aprendizaxe secundaria no ámbito escolar. Estes individuos empregan a lingua galega polas expectativas de promoción profesional derivadas do posto de traballo que ocupan, ou por certas compoñentes de coherencia persoal.

Finalmente, réstanos por facer referencia ós procesos típicos de substitución directa *galego* > *castelán*, microproceso cada vez máis detectable en amplos sectores da poboación galega actual tanto urbanos coma non urbanos. Unido a isto, cómpre salienta-la presenza en lento, pero constante crecemento, da proporción de falantes que se socializan en familias que xa consumaron a substitución polo castelán desde a xeración dos avós, e que desenvolven as súas actividades vitais en medios sociais, educativos, de lecer, etc. nos cales a presenza da lingua galega é case imperceptible.

Con respecto á interpretación que podemos realizar sobre o papel destes procesos que concorren simultaneamente, ábreanse dúas liñas de interpretación que se cadra hai que conxugar malia a aparente distancia conceptual existente entre elas.

En primeiro lugar, podemos interpretar esa situación como chanzos intermedios na resolución final do proceso, que será, ineludiblemente, a extinción social do galego, a lingua socialmente minoritaria no contacto. Nesta interpretación, o mantemento pleno e mailo precario son considerados como reflexos de intensidades, ritmos e momentos sincrónicos diferentes dun mesmo proceso xeral que é a substitución do galego polo castelán. Tocante ó proceso normalizador, non se considera que vaia influír poderosamente no cambio de tendencia do proceso substitutorio xa en marcha.

Unha interpretación alternativa á que acabamos de indicar no parágrafo anterior establecería que substitución e mantemento, tomados en xeral como procesos de fondo, poden acubillar focos de procesos contrarios. Desde esta perspectiva, a substitución lingüística sitúase como un proceso social de fondo –ou xeral–, que define toda unha comunidade. Pero a carón deste proceso xeral, poden producirse con toda naturalidade, e con toda a lóxica socio-cultural, procesos de mantemento, é dicir, sectores ou subgrupos dunha comunidade que ben aínda non principiaron o proceso substitutorio, ben non se atopan nunha situación abertamente substitutoria.

O mantemento lingüístico poder ser tamén o proceso xeral de fondo nunha comunidade. De feito cremos que debeu de ser así ata hai poucos anos en Galicia, dado que a incomunicación xeográfica e socio-cultural provocou unha convivencia diglósica, que

---

lingua galega se pode efectuar dunha maneira ocasional ou dun xeito continuado, con repercusións estruturais moi diferentes. Os falantes que parten do castelán usan o galego de maneira ocasional, tendo como variedade preferente o castelán; en cambio, os falantes que parten do galego, aínda que tiveron o castelán como lingua inicial, usan única ou preferentemente o galego.

facia do galego a lingua demograficamente máis importante do país. Isto non impedía, sen embargo, que nas cidades xa se detectaran importantes focos de substitución cara ó castelán, alentados sen dúbida polas valoracións estigmatizadoras e pola carencia de referentes de poder asociados cos grupos sociais galegófonos.

A pesar de que estas parecen ser dúas interpretacións ben distanciadas, non o son tanto na medida en que, malia a preferencia pola segunda interpretación, somos conscientes de que a tendencia substitutoria pode resultar moi dificilmente reversible sen actuacións planificadas rigorosas. Sen embargo, non cremos que esteamos ante unha situación transitoria dirixida necesaria e fatalmente cara á extinción, porque: *a*) as prediccións deste tipo téñense revelado totalmente aleatorias e máis próximas a un exercicio de profetas ca de científicos, *b*) non se deben minusvalorar ou despreza-los resultados, nun prazo medio e longo, dos procesos normalizadores, que mesmo poden chegar a inverter un proceso substitutorio moi avanzado ou aparentemente irreversible.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez, R. / Fernández Rei, F. / Xove Ferreiro, X., s.v. “Galego”, *Gran Enciclopedia Galega*, volume 14, Xixón: Silverio Cañada Editor, [1980], pp. 222-255.
- Argente, J. A., “Reflexions sobre algunes conseqüencias lingüísticas del procés de normalització”, in Argente, J. A. (ed.), *Debat sobre la normalització lingüística*, Barcelona: Institut d’Estudis Catalans, 1991, pp. 9-16.
- Argente, J. A. / Payrató, Ll., “Contacte de llengües: antecedents i constituïció de l’àmbit de recerca”, *Límits*, 8, 1990, pp. 81-98.
- Clyne, M., “Linguistic and sociolinguistic aspects of language contact, maintenance and loss: towards a multifacet theory”, en *Fase*, Jaspaert e Kroon (eds.), 1992, pp. 17-36.
- Fernández, M. A., “Coordenadas sociais e dinámica do bilingüismo galego”, *Grial* 110, 1991, pp. 239-262.
- “La lengua materna en los espacios urbanos gallegos”, *Plurilingüismes* 6, 1993, pp. 27-53.
- Fernández, M. / Rodríguez Neira, M. A. (coords.), *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña: Real Academia Galega, 1994.
- *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña: Real Academia Galega, 1995.
- *Actitudes lingüísticas en Galicia*, A Coruña: Real Academia Galega, 1996.
- Fernández Salgado, B. / Monteagudo, H., “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, in Monteagudo, H. (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, Vigo: Galaxia, 1995, pp. 99-176.
- Fishman, J., *Reversing language shift*, Clevedon: Multilingual Matters, 1991.
- Gregory, M. & S. Carroll, *Language and situation. Languages varieties and their social contexts*, Londres: Routledge & Kegan Paul, 1978. [Traducción ó castelán en México: Fondo de Cultura Económica, 1986].
- Kabatek, J., “Strengthening identity: differentiation and change in contemporary Galician”, en J. Cheshire & D. Stein (eds.), *Taming the Vernaculars. From Dialect to Written Standard Language*, London/New York: Longman, 1997 (pp. 185-199).
- Lorenzo, A., *A reorganización dos repertorios verbais nas situacións de contacto: procesos funcionais e consecuencias formais no contacto galego-castelán*, Bellaterra (Barcelona): Servei de Publicacions de la Universitat Autònoma de Barcelona, 1998 [microficha].

- Monteagudo, H. / Santamarina, A., “Galician and Castilian in contact: historical, social and linguistic aspects”, en Possner, R. / Green, J. (eds.), *Bilingualism and linguistic conflict in Romance* (=Trends in Romance Linguistics and Philology. Vol. 5), Berlín: Mouton de Gruyter, 1993, pp. 117-173.
- Mougeon, R. / É. Beniak, *Linguistic consequences of language contact and restriction*, Oxford: Oxford University Press, 1991.
- Payrató, Ll., *Català col.loquial. Aspectes de l'ús corrent de la llengua catalana*, Valencia: Servei de Publicacions de la Universitat de València, 1988.
- Regueira, X. L., “Modelos fonéticos e autenticidade lingüística”, *Cadernos de Lingua* 10, 1994, pp. 37-60.
- Rindler-Schjerve, R., “Les minorités et la linguistique de contact –méthodes de recherche–”, *Sociolinguística* 4, 1990, pp. 1-18.
- Rodríguez Neira, M. A., “Sobre o proceso de sustitución lingüística en Galicia”, in Kremer, D. (ed.), *Actes du XVIII Congrès International de Lingüistique et de Philologie Romanes* vol. 5, Tübingen: Max Niemeyer, 1988 (pp. 253-265).
- “Outra contribución á cuantificación do cambio lingüístico en Galicia”, in Brea, M. e F. Fernández Rei (eds.), *Homenaxe a Constantino García*, vol. 2, Santiago de Compostela: Departamento de Filoloxía Galega-Universidade de Santiago, 1991, pp. 179-194.
- Santamarina, A., “Norma e estándar”, in Holtus, G. / Metzeltin, M. / Schmitt, C. (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol. 6, 2. *Galegisch, Portugiesisch*, Tübingen: Max Niemeyer, 1994, pp. 66-79. Reeditado in Monteagudo, H. (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, Vigo: Galaxia, 1995, pp. 53-98.
- Silva Valdivia, B., “Tipoloxía das manifestacións do contacto lingüístico en Galicia”, *Cadernos de Lingua* 4, 1991, pp. 27-38
- “Cambio de código, alternancias e interferencias lingüísticas: unha perspectiva didáctica sociocomunicativa”, in Silva Valdivia, B. (coord.), *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade, 1994, pp. 151-176.

## EL PRONOMBRE PERSONAL *CON NÓS* EN GALLEGO Y EN BARRANQUEÑO

*M<sup>a</sup> Victoria Navas Sánchez-Élez*

Universidad Complutense de Madrid

Esta comunicación<sup>1</sup> surgió a partir de la lectura de la novela de Rafael Dieste, *Dos arquivos do trasno*, donde encontré algunas formas como **abondo** y **con nós**, que yo había oído y recogido en mi estancia en un pueblo, situado en la frontera entre España y Portugal. De las tentativas para encontrar respuestas a por qué pervivían estas formas en un dialecto –mixto de portugués y español– y también en gallego, formas que hoy día no se usan en lenguaje estándar portugués, surgió el trabajo que hoy presento.

En uno de los extremos más orientales de Portugal, introducida a modo de cuña entre las provincias de Badajoz y Huelva, existe una villa de unos 2.400 habitantes –Barrancos–, donde se habla un dialecto de base portuguesa, con fuertes marcas de dialectos meridionales españoles (andaluz y extremeño) y con la presencia de rasgos arcaizantes: es el barranqueño.

Entre las influencias sureñas españolas en barranqueño se pueden mencionar la aspiración, o incluso, la desaparición de la <s> en posición implosiva: **o[h] menino (os meninos, los niños); me[h]mo (mesmo, mismo)**. La elisión de la <r> en posición final: **ralha[0] (ralhar, conversar)**. Entre los rasgos arcaizantes se pueden citar la no elevación de las vocales átonas: **[bo'nita] / [bu'nita]** o la no diptongación de los diptongos nasales: **aparesi[ã] / aparesi[õw] (apareciam)**<sup>2</sup>. Hoy aquí me voy a ocupar apenas de un aspecto morfológico, del pron. pers., 1<sup>a</sup> pers. de pl., **con nós**, para presentar su historia y uso actual en portugués, en gallego y en barranqueño.

<sup>1</sup> Esta investigación ha sido posible gracias a las ayudas recibidas del Ayuntamiento de Barrancos, del Centro de Lingüística de la Universidad de Lisboa y de la Facultad de Letras de la misma Universidad.

<sup>2</sup> Para más información sobre el barranqueño cfr. Vasconcelos, 1955 y Navas, 1992, 1998 y 1999.

En latín vulgar existían los pron. pers. complemento **mecum**, **tecum**, para el sing., y **noscum** y **uoscum**, para el pl. En este segundo caso, como se ve, el vulgar prefería las formas en acusativo en vez de las formas en ablativo: **nobiscum** y **vobiscum**. En los primeros tiempos, tanto en portugués como en gallego<sup>3</sup> y español, en la 1<sup>a</sup> y 2<sup>a</sup> pers., existieron las formas **migo**, **tigo** y **nosco**, **vosco** que, como es evidente, llevaban incluidas la preposición **cum**, pospuesta al pronombre. Durante algún tiempo parece ser que las gentes tenían conciencia de ello pero a lo largo de la Edad Media la noción de que se trataba de una forma compuesta se debió de ir perdiendo y de ahí resultaron

*las expresiones pleonásticas comigo, contigo, conosco, convosco*

(Nunes, 1951, pp. 238-239)

Para mejor comprender lo que ha sucedido con estas expresiones oblicuas conviene mencionar cuál fue la historia del pron. sujeto pl. de 1<sup>a</sup> y 2<sup>a</sup> pers., es decir, las formas **nós** y **vós**, que poseían además el valor de acusativo. Estos pronombres tenían en latín vulgar unas formas paralelas, **nos alteros** y **vos alteros**, que se empleaban enfáticamente para poner la 1<sup>a</sup>, o 2<sup>a</sup> pers., en contraste con otra. Estos compuestos fueron los que se impusieron en castellano en la Edad Media, y quedaron las formas **nós** y **vós**, con valor de sujeto, relegadas al estilo elevado y caballeresco (Menéndez Pidal, 1904, pp. 250-251). El portugués, sin embargo, comenzó a preferir los pron. sujeto **nós** y **vós** (aunque con uso dialectal, está documentado **nós outros**, todavía con valor enfático, en el Algarve (Vasconcelos, 1901, p. 107). Mientras que el español se decantó por **nosotros** y **vosotros**, y el gallego ha permitido, hasta nuestros días, la convivencia de las dos posibilidades: **nós** / **nosoutros**, **vós** / **vosoutros**.

En lo que se refiere a las formas de complemento, poco a poco se fueron abandonando los pron. + PREP, **nosco**, **vosco**, para ser sustituidos por PREP + pron.: **conosco**, **con nosotros/nosoutros**; **convosco**, **con vosotros/vosoutros**, según las diferentes inclinaciones de cada lengua.

## 2. EN BARRANQUEÑO

En lo que respecta al barranqueño nos encontramos con la construcción **com nós**, para la 1<sup>a</sup> pers. del pl. mientras que para la 2<sup>a</sup> pers. se utiliza la preposición **com** + las expresiones de tratamiento correspondientes: **com vocês**, **com os senhores**, etc.; es decir, no se usa **com vós**.

<sup>3</sup> Parto del principio de que, a pesar de sus diferencias, el gallego y el portugués, en el periodo arcaico, eran lenguas con una cierta unidad (Lorenzo, 1975, pp. XXVII-XXVIII).

Cuando en esta ocasión me refiero al barranqueño no hago un análisis sociolingüístico<sup>4</sup>, pues apenas me limito a dar cuenta de un fenómeno que en Barrancos es general a todas las edades y, tal vez me atrevería a decir, a los diferentes grados de escolarización, siempre y cuando la comunicación se establezca en barranqueño y no en portugués.

Los pronombres personales de 1ª y 2ª pers. en pl. en barranqueño se pueden representar así:

**nós,**                    **com nós**<sup>5</sup>  
**vocês,** etc.,    **com vocês, com + tratamiento**

En el estudio pionero sobre el barranqueño, llevado a cabo por Leite de Vasconcelos en 1939, este filólogo daba ya cuenta de este paradigma; pero, también hoy día, en mis diferentes estancias, en el mencionado pueblo, entre 1988 y 1994, he comprobado que este fenómeno sigue vivo. De las muestras que aquí menciono concretamente la primera a) corresponde a un adolescente, la segunda b) a una mujer de más de noventa años y la tercera c) a un anciano. Es decir, el uso del pron. pers. pl. ablativo de 1ª pers., con la prep. **com** y el pron. sujeto **nós**, es un fenómeno extendido a toda la comunidad barranqueña.

- a) *Havia um rapaz, assim de dez anos ou coisa assim, que foi **com nós** e não conseguiu nadar* (C. M., 122, A) (Había un niño, así de unos diez años o cosa así, que se fue con nosotros y no sabía nadar).
- b) *Mãe, se quer vir **com nós**?* (A. C. M., 115, A) (Madre, ¿se quiere venir con nosotros?)
- c) *Se o senhor quer vir caçar **com nós*** (J. S., 106, A) (Si usted quiere venir a cazar con nosotros)

### 3. EN GALLEGO

Según Ramón Lorenzo (1977, vol. 2, p. 356), el pron. compl. antiguo **nosco**, que existió en gallego hasta el siglo XIV, se documenta desde el siglo XI. Más tarde, en el siglo XVI, esta expresión, **nosco**, se sustituyó por **connosco** –forma frecuente desde las Cantigas (Corominas *et al.*, 1991, p. 239)– y por **con nós**. Pero a principios de siglo refiere García de Diego (1909, p. 108), que aún se empleaba la forma **nosco**, al mismo tiempo que **connosco** y **con nós**, aunque, añade, la más corriente era **connosco**, que es la forma moderna aceptada: *viñeron á carballeira **connosco***. En lo que respecta a las formas

<sup>4</sup> Para un estudio variacionista del barranqueño, cfr. Navas, 1993.

<sup>5</sup> No se puede decir que en Barrancos no se realicen nunca las formas **connosco** o **convosco**. No podemos olvidar en un estudio lingüístico la realidad social. De hecho existen en la villa personas escolarizadas en portugués, con formación media o superior, que cuando hablan en dicha lengua lo hacen siguiendo la norma; pero el barranqueño es otro registro en otros contextos.

sujeto, el gallego del S. XIV todavía distinguía el uso entre **nós** y **vós** por un lado y entre **nosoutros** y **vosoutros** por otro (Corominas *et al.*, 1991, p. 239).

Los pronombres correspondientes a la 2ª pers. del pl. eran: **vosco**, **convosco**, **vós**, **vosoutros**. Sin embargo, hoy día las formas tónicas estándar gallegas de complemento con preposición, **connosco** y **convosco**, no existen en gran parte de Galicia (Álvarez Blanco, 1982, p. 251). E incluso éstas ceden su lugar a las formas **con nós** y **con vós** cuando van seguidas de ciertos identificadores o cuantificadores: **con nós todos**.

Algunos autores contemporáneos gallegos, hasta la implantación de las normas ortográficas y morfológicas dictadas por la Real Academia Galega y el Instituto da Lingua Galega en 1982, utilizaban indistintamente **con nós**, **connosco**, **con nousotros**. Por ejemplo Álvaro Cunqueiro, en *Merlín* (Álvarez Blanco, 1982, p. 251): “O frautista veulle bicar a mán a mi amo, i eu acordei que quedaba **con nós**” (p. 75) o Rafael Dieste, en *Dos arquivos do trasno*: “Aquel santiño de rei estaba **con nós**”, (p. 164), son apenas algunos casos.

Si recordamos aquí que los pronombres personales en gallego son

**nós/ nosoutros, nos, connosco/ con nós/ con nosoutros**  
**vós/ vosoutros, vos, convosco/ con vós/ con vosoutros**

observamos que existen dos expresiones para el sujeto: **nós**, **nosoutros** y **vós**, **vosoutros** pero no son equivalentes. Las formas **nós** y **vos**, mayoritarias, implican la presencia del sujeto, **eu**, en un grupo restringido, cerrado. Mientras que **nosoutros** y **vosoutros**

*delimitan un grupo, establecido no contexto ou coñecido polo interlocutor (...)* **eu e mais estoutros**; esta diferencia tradicional, *nalgunhas zonas de Galicia eliminouse a favor de un dos dous pronomes correntes (nós e vós ou nosoutros e vosoutros)* (Normas, 1995, p. 91).

Esta es una distinción antigua que se mantiene en gran parte de Galicia aunque **nós** y **vós** son válidas en todos los casos (Álvarez *et alii*, 1992, pp. 159-163). Para Carballo Calero (1976, p. 182, n. 24), por ejemplo, en lo que se refiere al estilo, considera que en gallego **nosoutros** y **vosoutros** tienen escaso valor literario.

En lo que respecta al pron. pleonástico se usan **connosco**, **convosco** al mismo tiempo que **con nós**, **con nosoutros**, **con vós**, **con vosoutros**. Las tres realizaciones son correctas, aunque se utilizan con mucha frecuencia **con nós** y **con nosoutros**. Pero, según la gramática de Álvarez *et alii* (1992, p. 162), se deben preferir las primeras por ser tradicionales:

*non falou connosco*

Sin embargo se exige en gallego como en portugués corriente, **con nós**, **con vós**, cuando van seguidos de identificadores o cuantificadores (Costa *et al.* 1988, p. 92):

*Que veñan no coche con vós mesmos*  
**Con nós os dous facemos cinco**



Es curioso que, por otra parte, la última edición de las *Normas* (1995) no mencione ni de pasada la existencia en gran parte de Galicia, de los compuestos **con nós** o **con vós** para los mismos contextos, cuando es práctica corriente en el lenguaje oral<sup>6</sup>.

#### 4. EN PORTUGUÉS

En portugués antiguo ya antes vimos que las expresiones eran **nosco**, **vosco**. Pero las formas que triunfaron en portugués moderno son **connosco**, **convosco**. La forma **connosco** se halla documentada en poetas de Portugal desde principios del siglo XIV (Corominas *et al.*, 1991, p. 239). En portugués de Portugal, sin embargo, existe hoy día la forma **com nós** con valor dialectal. Así se encuentra, por ejemplo, en la región fronteriza de Jálama (Costas, 1992, p. 101) y, curiosamente, está documentada en algunos criollos de base portuguesa, por ejemplo, en África –el guineense (Barros, 1902)– y en la India –el indo-portugués (Dalgado, 1907, p. 219)– lo que tal vez quiera decir que en la época de la expansión lusitana tenía vigencia la forma **com nós**.

En el portugués arcaico, a finales del XIV *Os diálogos de São Gregório* (Mattos e Silva, 1989, p. 212), no había distinción entre las formas **nos**, **vos** que se utilizaban tanto para sujeto como para acusativo. En el apartado de las formas complemento la más usada era **conosco** (32 veces), pero todavía aparecía **nosco** (5 veces) y apenas **com nós** (una vez).

Desde el siglo XIII a finales del XIV, el portugués presentaba el esquema siguiente (Mattos e Silva, 1994, p. 99):

**nós, nos**, (PREP) **nós/connosco/nosco**  
**vós, vos**, (PREP) **vós/convosco/vosco**

Hoy día, en portugués estándar, el paradigma es:

**nós, nos, connosco**  
**vós, vos, convosco**

Hay que mencionar, sin embargo, que **connosco** y **convosco** son formas poco utilizadas en el habla familiar, que prefiere sustituirlas por las perífrasis **com a gente** y **com vocês**, **com os senhores**, etc. (Vázquez Cuesta *et al.*, 1971, vol. 2, p. 42):

*Maria está com a gente / Maria está connosco (Maria está con nosotros)*

También, como en gallego, es normal en portugués (Cintra *et al.* 1984, p. 301) la construcción **com nós**, **com vós**, cuando le sigue **outros (otros)**, **mesmos (mismos)**, **próprios (id.)**, **todos**, **ambos** o un numeral:

*com nós mesmos (con nosotros mismos)*

<sup>6</sup> Es probable que ejerza gran influencia sobre esta construcción la expresión **canda nós**. La forma normativa **connosco**, tal vez, la sientan los hablantes gallegos como arcaizante. Informaciones ofrecidas, a partir de su experiencia como hablante por Xoán Babarro González.

Por último, se puede mencionar que en portugués europeo corriente no se suele utilizar la forma sujeto **vós** –a no ser con carácter dialectal en el norte y en la Beira portuguesa– de manera que se puede decir que la 2<sup>a</sup> per. del pl. sujeto está prácticamente en desuso y ha sido sustituida por la 3<sup>a</sup> del pl. **vocês**, etc. (Lapa, 1984, p. 154).

## 5. EN CASTELLANO

En el período arcaico, en castellano, fue general el uso de **nós** como sujeto, equivalente a **nosotros**, pero se fueron generalizando, desde el siglo XIV, las formas enfáticas, **nosotros** y **vosotros**.

En español antiguo, como ya se ha dicho, existieron las formas **nosco**, aunque con escasos ejemplos, y **connosco**, mientras que en español moderno las formas que triunfaron fueron **nosotros**, **vosotros**; **con nosotros**, **con vosotros**, para sujeto y complemento, respectivamente.

## 6. EN LEONÉS

En zonas de habla leonesa, como por ejemplo en Asturias, Santander, León y Miranda, conviven los pronombres sujeto, **nosotros**, **vosotros** con las arcaicas **nós** y **vós**, aunque en los concejos más occidentales se prefieren **nós** y **vós**. En lo que se refiere a los pron. compl. no se conocen **connosco** y **convosco**, se dice en este caso **cū nós**, **cū vós** (Zamora Vicente, 1970, p. 170). Pero, como en portugués y en castellano, existieron en leonés **nosco** y **vosco** y más tarde se introdujeron los pleonásticos **con nusco**, **con vusco**, que aún subsisten en portugués (Menéndez Pidal, 1904, p. 251) y en gallego.

## 7. EN DIALECTOS FRONTERIZOS

Si recorremos los dialectos fronterizos peninsulares, de norte a sur, se puede ver que, en la región de Jálama, como he citado antes, se encuentra la forma **con nós**, concretamente en tierras de las provincias de Salamanca y Cáceres limítrofes con tierras portuguesas, en pueblos como San Martín de Trevejo, Eljas y Valverde del Fresno<sup>7</sup>. Al fin y al cabo en zonas españolas repobladas por colonos gallegos y leoneses por el rey Alfonso IX de León y Galicia en el siglo XIII (Costas, 1996, p. 358). Siguiendo hacia el sur, en la Extremadura española, en Olivenza, en contacto con el Alentejo portugués –Elvas,

<sup>7</sup> Fenómeno ya recogido por Vasconcelos (1933, p. 193) en San Martín de Trevejo.

Campo Maior y municipios de Alandroal– Fátima Matias (1984, p. 168), sin embargo, no recoge estas formas; apenas refiere la escasa preferencia por el uso de **connosco**, que los habitantes de las localidades mencionadas suelen sustituir por **com a gente**, hecho además que, como ya vimos, pertenece al habla familiar portuguesa.

Por otra parte, en otro dialecto de contacto, muy próximo al barranqueño en cuanto a su circunstancia –mixto de portugués y español– situado en América del sur, el fronterizo<sup>8</sup> propiamente dicho, entre las ciudades de Rio Grande do Sul, en Brasil, y las correspondientes en Uruguay, no se han encontrado, en la bibliografía conocida, las construcciones **con nós** ni **con vós** en las circunstancias ya mencionadas.

## 8. RESUMEN

Podemos concluir, a partir de toda la información recogida, que la forma pronominal barranqueña, de 1ª pers. del pl. **con nós**, es usada también hoy día en gallego e incluso fue expresión corriente en algunos escritores gallegos de prestigio, hasta la implantación de las *Normas* en 1982. La forma **con nós** existió, sin embargo, en portugués y gallego antiguos, pero poco a poco, la norma portuguesa impuso **connosco**; mientras que en gallego actual conviven tanto **connosco** como **con nós**, o la forma castellana **con noso(u)tros** –aunque la norma prefiera **connosco**. Por otro lado, conviene también decir que la expresión **connosco** se rechaza en portugués familiar y se prefiere en cambio expresión perifrástica, **com a gente**.

| barranqueño    | gallego              | portugués       | castellano          |
|----------------|----------------------|-----------------|---------------------|
| ---            | <i>connosco</i>      | <i>connosco</i> | ---                 |
| ---            | <i>con nosoutros</i> | ---             | <i>con nosotros</i> |
| <i>com nós</i> | <i>con nós</i>       | ---             | ---                 |

Hemos visto que la forma en estudio, **con nós**, es la expresión corriente en leonés occidental; está documentada en alguna zona fronteriza luso-española, como la región de Jálama (San Martín de Trevejo) repoblada por gallegos y leoneses, pero también en criollos de base portuguesa en África (el guineense) y en la India (el indo-portugués). **Con nós** es un resto arcaizante que está vivo en los límites periféricos del territorio lingüístico portugués y también del leonés, aunque va siendo arrinconado en el gallego normativo, no en el lenguaje oral. Es decir, podemos encarar la forma barranqueña **con nós** como un fósil de tiempos pasados, pero vivo también en el leonés occidental y en el gallego oral, que convive con otros fenómenos conservadores de tipo fonético, morfológico o lexical, hoy día perdidos en el portugués y gallego normativos.

<sup>8</sup> Para información sobre este dialecto cfr. Elizaincín *et alii*, 1987 y también Navas, 1994.

- Álvarez Blanco, M<sup>a</sup> R., "Sobre a lingua de Cunqueiro: o pronome persoal", *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1982, pp. 246-266.
- Álvarez, R. / Regueira, X. L. / Monteagudo, H., *Gramática galega*, Vigo, Galaxia, 1992.
- Barros, M. Marques de, "O guinéense", *Revista Lusitana* 7, 1902, pp. 166-188.
- Carballo Calero, R., *Gramática elemental del gallego común*, Vigo, Galaxia, 1976.
- Cintra, L. F. Lindley y Cunha, C., *Nova gramática do portugués contemporâneo*, Lisboa, João Sá da Costa, 1984.
- Corominas, J. / Pascual, J. A., *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, 5 vols. Madrid, Gredos, 1980-1985.
- Costa, X. H. / González, M<sup>a</sup> A. / Morán, C. C. / Rábade, X. C., *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua*, A Coruña, Vía Láctea, 1988.
- Costas González, X. H., "Breve caracterización das falas (fundamentalmente galegas) do Val do río das Ellas", *Cadernos da lingua* 6, 1992, pp. 85-107.
- , "O galego de Extremadura: as falas do Val do Río Ellas", *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera. Cáceres, 1994*, Cáceres, Universidad de Extremadura, 1996, vol. 1, pp. 357-376.
- Cunqueiro, A., *Merlín e familia*, Vigo, Galaxia, 1983.
- Dalgado, S. R., "Dialecto indo-portugués do Norte", *Revista Lusitana* 9, 1907, pp. 193-228.
- Dieste, R., *Dos arquivos do trasno*, Madrid, Austral, 1989.
- Elizaincín, A. / Behares, L. / Barrios, G., *Nós falemos brasileiro*, Montevideo, Amesur, 1987.
- García, E. C., "Convusco: a casualty of analogy, or of differential '(un)fitness'?", *Linguistics* 35-1, 1997, pp. 57-87.
- García de Diego, V., *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*, 1909, *Verba*, Anexo 23, 1984.
- Lapa, M. Rodrigues, *Estilística da língua portuguesa*, Coimbra, Coimbra Editora Lda., 1984.
- Lorenzo, R., *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, 2 vols., Orense, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo", 1975-1977.
- Matias, M<sup>a</sup> F. de Rezende, *Bilinguismo e níveis sociolinguísticos numa região luso-española*, Coimbra, Universidad de Coimbra, 1984.
- Mattos e Silva, R. V., *Estruturas trecentistas. Elementos para uma gramática do português arcaico*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1989.
- , *O português arcaico: morfoloxia e sintaxe*, Bahia, Contexto, 1994.
- Menéndez Pidal, R., *Manual de gramática histórica comparada*, Madrid, Espasa Calpe, 1904, 1977<sup>15</sup>.
- Navas, M<sup>a</sup> V., "El barranqueño: un modelo de lenguas en contacto", *Revista de Filología Románica* 9, 1992, pp. 225-246.
- , "El efecto del contexto lingüístico en la presencia, aspiración o elisión de la /s/ en barranqueño", *Actas do VIII Encontro da Associação Portuguesa de Linguística, Miranda do Douro, 1992*, Lisboa, Colibri, 1993, pp. 371-390.
- , "El barranqueño y el fronterizo en contraste", *Anuario de Lingüística Hispánica* 10, 1994, pp. 267-281.
- , "La frontera lingüística hispano-portuguesa: aproximación bibliográfica", *Madrygal* 1, 1998, pp. 81-86.
- , "La frontera lingüística hispano-portuguesa: aproximación bibliográfica (cont.)", *Madrygal* 2, 1999, pp. 115-116.

- Nunes, J. J., *Gramática histórica portuguesa*, Oporto, Imprensa Portuguesa, 1951.
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, 1995<sup>12</sup>.
- Vasconcelos, J. Leite de, *Esquisse d'une dialectologie portugaise*, 1901, Lisboa, INIC, facs. 1987.
- , “Português dialectal da região de Xalma (Hespanha)”, *Revista Lusitana* 31, 1933, pp. 164-275.
- , *Da fala de Barrancos*, Lisboa, Imprensa Nacional de Lisboa, 1939.
- , *Filologia barranqueira. Apontamentos para o seu estudo*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1955, facs. 1981.
- Vázquez Cuesta, P. y Luz, A. Mendes da, *Gramática portuguesa*, 2 vols., Madrid, Gredos, 1971.
- Zamora Vicente, A., *Dialectología española*, Madrid, Gredos, 1970.



## INFERENCIAS ENTRE GALEGO E CASTELÁN NA PRENSA ESCRITA EN GALICIA

*Patricia Romero Rodríguez*  
*Manuel Carlos Núñez Singala*

IB. Carballo Calero, Caranza, Ferrol  
Servicio de Normalización Lingüística. Universidade de Santiago de Compostela

### INTRODUCCIÓN

A presente comunicación foi elaborada con material recolleito para a realización dun traballo xa publicado (Goyanes Vilar 1996) sobre a lingua galega e a prensa. Darase conta nela dunha parte do dito traballo, a que xulgamos que pode ser máis novidosa e de maior interese: a análise das interferencias da lingua galega na castelá, no marco da prensa escrita en Galicia.

A metodoloxía seguida para levar a cabo o traballo consistiu nunha lectura exhaustiva de tódolos xornais diarios que se publicaban en Galicia durante a última semana do mes de outubro de 1990 e a última semana do mes de novembro de 1993. A non coincidencia dos meses é debida a que no mes de outubro de 1993 tiñan lugar as eleccións autonómicas, evento que, pola cantidade de información que xera, podía distorsionalos obxectivos do traballo.

A escolla dos medios de comunicación escrita para seren obxecto dun estudio deste tipo fíxose no convencemento de que podían ser un referente idóneo para obter unha visión diferente, pero perfectamente válida, da situación da lingua galega. En efecto, os medios de comunicación, e entre eles a prensa, actúan como vehículos e soportes das informacións que se producen no seo dunha colectividade, e malia o proceso de reflexión que adoita preceder a escrita, sempre máis pausado có da fala, reflicten así mesmo, aínda que en menor medida, pero pola súa natureza cun evidente efecto multiplicador, o conflito lingüístico que vive a comunidade á que informan. En definitiva, tamén os xornais sofren as condicións de contacto lingüístico que se dan en Galicia, e así mesmo a reflicten en moito maior medida do que adoito se recoñece.

Dúas linguas están en contacto cando poden ser utilizadas alternativamente polas mesmas persoas. Este contacto entre linguas é un feito cotián e universal, xa que son innumerables os casos, no mundo de hoxe, en que conviven linguas diferentes en zonas xeográficas de moi limitada extensión.

A influencia entre dúas linguas en contacto é case sempre recíproca, aínda que a miúdo se recoñeza con máis facilidade a que exerce a lingua A (dominante) sobre a lingua B (dominada). Debido a este contacto prodúcense tres fenómenos, a saber: o préstamo, o calco e a interferencia. A seguir faremos algúns comentarios moi breves sobre cada un deles:

### **O préstamo**

Trátase dun termo un tanto enganoso posto que, como ben sinalan algúns investigadores, non se restitúe, non se devolve a palabra prestada, polo que habería que falar máis ben de termos tomados doutras linguas. Quizais unha das definicións máis claras e completas do que significa este termo sexa a do *Dictionnaire de linguistique* (Paris, 1973) que menciona Calvet (1993:88-89):

“Hai préstamo lingüístico cando unha fala A utiliza e acaba por integrar unha unidade ou rasgo lingüístico que existía previamente nunha fala B e que non a posuía. (...) O préstamo é o fenómeno sociolingüístico máis importante en todos os contactos entre linguas... Vén necesariamente ligado ao prestixio do que goza unha lingua ou pobo que a fala (melloramento) ou ben ao desprezo en que se ten a un ou a outro (pexoración)”.

Cómpre, a isto, engadir aspectos como que non afectan á estrutura da lingua que os adopta, non parece existir límite para o número de palabras dunha lingua que se poden incorporar a outra... pero é raro que se tome prestado vocabulario básico doutra lingua.

### **O calco**

En realidade trátase dun préstamo, pero que non está asimilado, é dicir, o falante non atopa semellanza formal coas palabras ou expresións estranxeiras das que deriva. Nos calcos o que se imita é o significado da voz estranxeira, non o seu corpo fonético. Velaí, por exemplo: *rañaceos* ou *entrechán*.

### **A interferencia**

Este termo fai a súa aparición coa publicación da obra *Languages in contact* en 1953, de Weinreich, e constitúe un elemento clave na descrición das linguas en contacto, dado que ata ese momento os tres fenómenos eran agrupados baixo a denominación xenérica de “préstamo”. Nós utilizaremos-lo termo interferencia para todo aquilo que resulte da introducción de elementos foráneos na lingua, tanto a nivel morfolóxico como sintáctico e tamén no léxico-semántico. Consideraremos interferencia todo elemento alleo a unha



lingua dada e non integrado nela, xa que cando a integración existe estamos perante un préstamo.

## INTERFERENCIAS DO GALEGO NO CASTELÁN

Non nos referiremos aquí ó nivel fonético, pois é imposible facer unha análise fonética dun medio escrito, aínda así certas formas documentadas na lectura dos xornais (*repití, bendicidas, sétima*) parecen responder a tendencias de pronuncia máis galegas ca castelás. Obviaremos tamén as interferencias ortográficas, xa que moitas delas poden ser debidas simplemente a erros tipográficos, algo que é bastante común nos xornais e que pode desculparse parcialmente polo relativamente curto período de tempo que transcorre entre a elaboración dun texto e a súa saída a lume. Por outra banda, dadas as limitacións de tempo e espacio deste relatorio, non se fará mención en absoluto ós xornais dos cales proceden as interferencias. Abonde dicir que non existen diferencias significativas entre eles, e que as formas galegas introducidas nos textos en castelán teñen un grao de presenza moi similar en calquera das cabeceiras estudadas.

No que toca á morfoloxía, o numero de interferencias é realmente elevado.

O diminutivo, por exemplo, unha forma que en galego ten moito maior rendibilidade ca en castelán, e á significación de pequeno que comparte co castelán engade connotacións afectivas moi intensas, de aí que os redactores a miúdo sexan remisos a prescindir delas. Atopamos formas como:

*a lo buenño  
llevo mucho tiempo fuera de la terriña  
guapiña ella*

Áchanse tamén numerosas confusións no xénero dos substantivos, que moitas veces manteñen o orixinal galego:

*en la orden del día  
una aula  
la ponte de Arnúide  
la color rosada  
esta área*

destaca así mesmo o emprego sistemático en feminino do substantivo *margen*, que en castelán adoita alterna-lo xénero. A miúdo o demostrativo galego despraza o castelán:

*la certeza de que estes cumplen la normativa vigente  
la permanencia en esos establecimientos  
estos singulares peregrinos saldrán en autobús*

e mesmo introdúcese en castelán un dativo de solidariedade do que esta lingua carece absolutamente:

*yo no le sé nada*  
*Te hay gentes que se han pillado una insolación*

Nun único caso atopamos unha forma híbrida do indefinido *calquera*:

*imponiendo en cualquiera situación*

Destaca tamén a case total ausencia de “leísmo” nos artigos de Galicia e en xeral os asinados pola redacción do xornal. Sen embargo, nos que envían os correspondentes e así mesmo nos despachos de axencias do resto do Estado este fenómeno é notablemente máis abundante.

Verbo da morfoloxía verbal cómpre destacar que, como o galego non posúe o segundo proceso de temporalización verbal, hai constantes confusións na escolla entre formas simples e compostas. Deste xeito áchanse formas simples en troques de compostas, e por ultracorrección atópanse exemplos de formas compostas onde deberían de esperarse tempos simples.

É moi frecuente a utilización do antepretérito galego conservando os valores do pretérito pluscuamperfecto do castelán:

*Me olvidara de ellos*  
*A este respecto se preguntan a donde fuera a parar el dinero*  
*A la Alameda dejara de venir hace ya mucho tiempo el Gran Circo Feijoo, que alegrara nuestros corazones infantiles.*

Atopamos tamén un caso de conxugación regular do verbo *poder*, coincidente co paradigma galego:

*podería seguir teniendo la misma movilidad*

Dentro das construcións verbais perifrásticas, unha das máis significativas é a perfecta “dar + participio” exclusiva do galego e que no castelán carece por completo de significado. Atópanse con relativa frecuencia frases do tipo:

*Nunca lo vimos ni dimos contactado con el*  
*No me daba pasado el tiempo*

O mesmo ocorre coa perífrase “ir + infinitivo” existente tamén en castelán pero que en galego se constrúe sen preposición. Hai, xa que logo, interferencias en:

*No va haber ningún tipo de impedimento*  
*Se veía venir que ese razonamiento se iba hacer*  
*Las tarifas que van regir en la explotación*

Tamén se dá o caso de calcos de perífrases galegas cando o castelán posúe recursos propios para expresa-lo mesmo:

*Señala que ya se tiene pronunciado  
Que se tengan acogido al pacto  
Cuando andaba al contrabando no quise mezclar a mis hijos*

O galego conta cos seus propios adverbios, preposicións, locucións e fraseoloxía, entendidos e asimilados polos falantes, e ás veces o seu contido semántico transmítese ó pasaren como calcos ó castelán. Sucede isto en:

*somos atlánticos y casi que americanos  
No sé, iremos viejos  
cuando llueve fuerte los productos y las vendedoras se ponen como pingos  
viniendo como si existiese la ley Corcuera, que de aquella no existía  
Funeral de Cabo de Año*

O mesmo pasa coa construción “non ser quen de” inexistente en castelán; nós atopamos:

*Si son quienes para guardar o ceder terreno  
Yo no soy quien para decirlo*

A nivel **sintáctico** son frecuentes os complementos directos sen preposición en contextos onde en castelán sería de regra o emprego da preposición **a**.

*llevar la mujer  
la Xunta elige el Celta máximo exponente  
acuden a esas fábricas a comprar su hijo*

De tódalas maneiras o caudal de interferencias máis abundante dáse no campo **léxico**. Pódense clasificar en varios tipos:

As interferencias conscientes, ou préstamos. O redactor é consciente de que o termo que emprega non é castelán, escribo entre comiñas, pero non prescinde del, en ocasións por non existir un equivalente exacto en castelán, outras veces por te-la palabra galega unhas connotacións das que o termo castelán carecería, ás veces por tratarse dun termo acuñado orixinalmente en galego, e mesmo, se cadra, por puro descoñecemento:

*desde las más terribles amanitas al “cogomelo carrabouxeiro”  
con las que pagar varios “punteiros”  
en lugar de ser calles son “corredoiras”  
que le vayan cogiendo el “xeito”  
los arrastreros siguen pescando “carioca”  
lo hizo en un “agarimoso” gallego  
apostó por mantener el “vencello político”  
para evitar la “desfeita”*

Rexistramos mesmo algúns casos nos que o redactor, consciente de que non debe introducir un termo galego nun artigo en castelán, ensaia unha expresión equivalente, pero insatisfeito co resultado, e se cadra temendo non ser comprendido polo lector, engade entre parénteses a palabra galega:

*los trabajadores de viveros flotantes (bateas)*  
*el beagle y el sabueso del país (palleiro)*

E incluso nalgúns casos emprégase un termo galego por non existir ou descoñecer un castelán equivalente, e dáse despois a explicación entre parénteses:

*Patatas dulces, botelo (vértebras de cerdo dentro de un tripón curado)*  
*Con los huesos de la soá (los del espinazo)*  
*Con los rodicios (ruedas de piedra) colocados al nivel del suelo*

Algúns termos que son de doada traducción ó castelán convértense en intraducibles segundo o contexto, xa que o termo español non significaría o mesmo, e por esa razón se manteñen:

*carne “ó caldeiro”*

(pénsese en “carne al caldero” ou peor: “carne al cubo”)

*se ha producido precintado de “potas”*

(“precintado de ollas”, nun contexto de augardenteiros non sería axeitado, e o redactor non deu, ou non lle interesou, co termo xusto: alambiques ou alquitaras.)

Outras refírense a expresións moi concretas: alcumes, profesións, denominacións específicas de pratos típicos, etc., que se desvirtúan á hora de traducilas:

*empanada de “coello caseiro”*  
*conocido en la zona por “o home dos cans”*  
*Los “aguardenteiros” piden soluciones*  
*el “pregón dos capós”*

e mesmo refráns enteiros, cun equivalente en castelán que, ou non existe, ou habéndoo, o redactor prefere non utilizar:

*nosotros creemos que “mal lle vai ó raposo cando anda ós ovos”*  
*cree que al nuevo responsable “Subíronselle os cargos ó papo”*

Por último están aquelas expresións que normalmente xorden en conversas ou entrevistas e que se manteñen en galego por razóns enfáticas:

*ha vivido “dende sempre” en Puebla*  
*aunque como “guerreiro tártaro” puede ser*  
*reparación al “aldraxe’ cometido*  
*Lo que está que bota (sic) “fume” es lo de O Ente*

Rexistramos outro tipo de interferencias que denominaremos “adxacentes”, ante a ausencia dunha denominación máis axeitada para nos referir a aqueles casos en que a interferencia e inaudita; casos, por exemplo, de contraccións galegas no castelán que só teñen explicación tendo en conta que son adxacentes a algunha expresión galega que as precede, xeralmente denominación de institucións ou organismos con nome sempre en

galego. Xorden probablemente cando o galego está fortemente instalado como lingua do redactor, e este, despois de escribir unha denominación, continúa na súa lingua sen se decatarse de que debería volver ó castelán:

*ingresados en el Hospital Xeral do Insalud de Lugo  
por el director xeral de Traballo e Emprego da Xunta*

Temos por outra banda as interferencias propiamente ditas, aqueles termos galegos que ó redactor se lle coan no texto sen consciencia de que non pertencen ó idioma en que escribe.

Un caso moi común é o do termo galego “concello” que aparece con tanta frecuencia que mesmo chega a desprazar os casteláns “ayuntamiento” ou “concejo”, tamén presentes pero en menor medida. A ordenación territorial de Galicia fai que o termo “ayuntamiento” estea baleiro de significado e non se corresponda co concepto galego “concello”; sen embargo a profusión deste termo nos xornais é recente, e probablemente teña moito que ver coa “oficialización” dos nomes dos concellos levada a cabo pola Xunta de Galicia, de xeito que o redactor, ó manter en galego o nome do topónimo, mantén asemade o da categoría do mesmo. Cremos inútil facer unha relación de exemplos sobre este fenómeno xa que o atopamos en gran medida na totalidade dos xornais analizados. Si se pode facer mención, sen embargo, da presenza que nos medios analizados comezan a ter os nomes normalizados da toponimia urbana, que moitas veces, sobre todo nos xornais analizados no ano 1993, manteñen a súa denominación oficial, isto é, a galega:

*en la Virxe da Cerca, en sentido ascendente  
Cuiña Crespo evolucionó por O Hórreo  
el primer tramo de la Rúa Rosalía de Castro  
de A Porta do Camiño a la rúa Travesa*

e dando lugar ás veces a mesturas curiosas:

*el suceso ocurrió en una papelería de la rúa Traviesa  
A plazas y rúas de Compostela les falta esa luz  
la calle Hortas  
la zona portuaria de Ferrol Vello*

Dun tempo a esta parte estase dando un crecente proceso de normalización lingüística na vida oficial da Comunidade, de xeito que organismos como a Xunta, a Televisión, as Universidades, o Parlamento, entidades políticas e culturais, algúns concellos e deputacións, etc. xeran grande cantidade de información en galego. Os xornais non son alleos a isto e en moitos casos reproducen, traducidas ó castelán, notas de prensa previamente xeradas en galego, o que implica a existencia dun forte substrato galego que aflora sobre todo no léxico, e fundamentalmente en expresións de corte administrativo. Reprodúcense a seguir os exemplos máis habituais:

*reclamando la confección de un cuadro de personal*

evidente calco do galego “cadro de persoal” que en castelán adoita dicirse “planti-lla”.

*la concelleira delegada del departamento de*

que en español sería, evidentemente, “concejala”

*plan de financiamiento del sistema universitario galego (sic)*

*módulo de financiamiento*

*disminución porcentual del financiamiento básico*

onde “financiamiento” substitúe o castelán “financiación”. Outros casos que non necesitan comentario son:

*El equipo rectoral ordenó el pagamiento de los atrasos*

*defenderá su tesis de doctoramiento*

*la cobranza de las contribuciones*

*Convocadas bolsas por la Secretaría de Estado*

*esta fórmula solucionará muchos atrancos económicos*

*el roteiro aprobado el lunes por el pleno del Concello*

*la prestación del servicio público de subministración de gas natural*

*Cuando Fraga asignó en julio de 1992 el actual modelo de financiación de las comunidades autónomas*

Atópase tamén unha sorprendente profusión de formas como “cumplir” co significado de “ser necesario”, “signar” por “firmar” ou “desenvolver” por “desarrollar”. No castelán de Galicia xa non se *desarrolla* nada, polo visto agora *desenvólvese* todo.

En certa medida relacionado co anterior témo-lo distinto tratamento dado ós cargos propios destas institucións e ás creadas no período autonómico como desenvolvemento do Estatuto. Así podemos dicir que non hai, en xeral, un respecto á propia denominación, alternando o nome galego coa súa traducción e mesmo introducindo híbridos do tipo *Consellería de Economía e Hacienda*. Por outra banda, cando se trata de institucións con certa antigüidade, aínda que utilicen o galego nos seus logotipos, adoitan aparecer en castelán. É o que ocorre, por exemplo, coa Universidade de Santiago, que aparece a miúdo como “Universidad de Santiago” mentres que o seu recente organismo, Consello Social, aparece sempre en galego.

*Convergencia Intersindical Galega*

*Junta de Gobierno*

*Facultade de Psicología*

*Consello de la Cultura Galega*

*UGT / UXT*

*Sociedad galega de otorrinolaringología*

*El servicio de Urología del Xeral*

*El Valedor do Pobo recibe una queja*

*la edil da Muller presentó el programa*

*Los residentes del Fogar de la Tercera Edad*  
*La Dirección General de Xusticia*  
*El Pazo del Hórreo*

Algo semellante ocorre coa denominación de festas, feiras, congresos, etc.:

*La festa do antroido*  
*Los responsables de la exposición de setas vivas ofrecerán una mostra*  
*Certamen galego*  
*Obradoiro de la naturaleza, obradoiros rurales*  
*El concurso de panxoliñas*  
*El Deporte en Idade Escolar acapara la atención*

A vida rural e mariñeira desenvólvese en Galicia en galego case nun cen por cen, de aí que moitas palabras galegas deste campo semántico pasen ó castelán de Galicia empregado polos xornais. Ó redactor resúltalle moi doado evitar formas coma “peixe” ou “palleira”, que denuncian claramente a súa orixe, pero moitas outras que non parecen galegas cóanse nos xornais. Velaquí uns exemplos:

**Do léxico mariñeiro:**

*Especialidad en caldeirada de pescado*  
*Sopa de marisco mixta, vieira*  
*Algunas pescantinas*  
*Entre las que se encuentran la vieira, zamburiña, volandeira*  
*Cultivo de doradas en bateas*  
*de todos los tipos: cargueros, dornas, chalanas*  
*extraer longueirones*  
*Los bateiros entienden que*  
*almeja, berberecho, carneirolo y otras especies*  
*almeja babosa, berberecho, navaja y cadelucha*  
*las pozas dejadas por las areneras*

algúns destes termos adoptados xa como préstamos do galego no español.

**Do léxico rural:**

*cruceiros, petos de ánimas y otros vestigios del pasado*  
*Cuando, en una pista que une Lamas con Cadrón*  
*malos caminos y estrechas corredoiras*  
*No autorizó la instalación de un galpón*  
*Sepulturas cistoides de lajas selladas con sábreo*  
*Dalias y carballinos*  
*Cada familia pudiente dedicaba el vinculeiro a la gleba*  
*Afiladores, capadores, paneiros, cesteros, costureras*  
*Grandes robles, castaños, teixos, abedules*  
*En un alpendre próximo al mismo*  
*Estudiar la propiedad de la carballeira de*

*En el estuario y antes de la fraga  
se recogerán las escorrentías de pluviales del monte de Vite a través de colectores  
hasta regatos*

### **Da gastronomía:**

*Lacón con grelos, filloas al caramelo  
el pan de mollete y el queso de tetilla  
cachelos, caldeirada de bacalao, carne o caldeiro  
una manzana, un cacho de pan y un chorizo*

### **Do tempo atmosférico:**

*Hoy es un día gris, borrallento  
En mañanas de orballo como esta*

Rexistramos tamén un curioso caso de interferencia entre a expresión castelá *botar un barco* e o verbo galego de significación máis xeral “botar”, así unha persoa falando de barcos afirma:

*Incluso algunos de ellos pueden votarse (sic) al agua*

A linguaxe xornalística galega de expresión castelá abusa normalmente de voces inusuais en español pero que, sen embargo, son frecuentes en galego, e o caso dos verbos “rematar”, “trocar”, “percatar” e “acrecentar” ou de substantivos como “cuartos” (diñeiro) ou “pasantía” (clases particulares).

Atopamos tamén gran cantidade de termos galegos que teñen un claro substituto en español. Se cadra non se empregou este por razóns de expresividade, ou de ignorancia. Algúns dos máis comúns son:

*por si las meigas  
europeísmo y enxebrismo conjugados  
la cultura de la saudade y la saudade de la cultura  
todo lo que se recauda en las boetas  
se necesitan cerrallistas  
el lío forma parte de la trapallada política  
lanzar el histórico aturuxo  
que contribuyen a esparcir el conocimiento de la enfermedad  
han pillado una insolación y andan un tanto aqueloutrados.*

## **CONCLUSIÓN**

Só unha conclusión, evidente, e unha reflexión: do relatorio despréndese que o castelán da prensa galega está inzado de galeguismos, e que os seus textos, malia estaren escritos en castelán, deixan ver un forte substrato galego. Isto pode ser un sinal da forte presen-



cia do galego no noso país, aínda nun terreo que sempre lle foi tan hostil como a prensa diaria. Pero tamén é unha advertencia: este substrato pode se-lo único testemuño da lingua galega de aquí a uns anos se non se lle pon remedio á situación actual de declive que padece.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Calvet, L. J. (1993): *Lingüística e colonialismo*. Santiago de Compostela: Laivento.  
Goyanes Vilar, H. *et alii* (1996): *A información en galego*. Santiago de Compostela: Lea.  
Weinreich, V. (1953): *Languages in contact: Findings and problems*. New York: Publ. of the Linguistic Circle of New York.



## A INTERFERENCIA LINGÜÍSTICA NO GALEGO ORAL

*Miruca Parga Valiña*

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Como é sabido, o galego, moi a pesar noso, está inzado de vocábulos non autóctonos que fixeron incursión no noso idioma provenientes da lingua de Castela. Estas interferencias lingüísticas que sofre o galego gozan dun alto grao de integración sobre todo na lingua oral, e dentro dela máis concretamente no rexistro coloquial. Nin nun rexistro culto nin na escrita atopamos tantos destes desvíos da norma recoñecida como estándar, quizais polo carácter máis coidado da lingua culta e polo menos espontáneo da escrita. Na fala, xa que logo, é onde máis exemplos de castelanismos podemos atopar, e por esta razón, entre outras, escollémola como base para elabora-la presente comunicación.

Tomamos como mostra nove etnotextos recollidos en tres parroquias, todas elas pertencentes pola súa caracterización dialectal á área mindoniense do bloque central: unha do concello de Barreiros, outra do de Foz e outra do de Lourenzá, na provincia de Lugo<sup>1</sup>. En cada parroquia gravamos tres informantes de distinta xeración e do medio rural: o primeiro de máis de sesenta anos, o segundo que tivera entre trinta e sesenta e o terceiro, de menos de trinta, e a partir destes etnotextos comezamos a extrae-los castelanismos<sup>2</sup>.

Podemos definir como **castelanismo** calquera vocábulo non autóctono que fixo incursión no galego procedente do castelán. De tódolos xeitos non tódolos castelanismos son iguais nin polo plano da lingua ó que afectan nin pola causa ou vía de entrada

<sup>1</sup> As parroquias que escollemos para este estudio foron: San Pedro de Benquerencia (Barreiros), Santa Cecilia (Foz) e San Tomé (Lourenzá).

<sup>2</sup> Ó pé de cada castelanismo aparece entre parénteses unha letra maiúscula e un número. A letra refírese ó concello onde foi recollido o castelanismo e o número á xeración á que pertencía o informante:

B = Barreiros

F = Foz

L = Lourenzá

1 = 1ª xeración (máis de 60 anos)

2 = 2ª xeración (entre 30 e 60)

3 = 3ª xeración (menos de 30 anos).

no idioma nin pola forma que presentan ó aparecer no discurso. Polo tanto, imos intentar poñer un pouco de orde nestes incursores tan integrados no noso código e que tan a miúdo estamos afeitos a escoitar sobre todo nun rexistro coloquial.

Trataremos de establecer unha serie de clasificacións ou tipoloxía dos castelanismos exemplificando cos atopados nos etnotextos gravados, e para iso imos comezar polo funcionamento dos castelanismos no interior do noso sistema lingüístico. Non tódolos castelanismos funcionan dun xeito semellante. Esta diferenza tradúcese en que existen castelanismos que desprazan totalmente o termo galego e outros que conviven coa que sería a denominación galega correcta, ocupando só algúns dos trazos semánticos do termo autóctono. Este sería o caso de *parexa*, utilizado para as persoas e “parella” referíndose á dos bois. A este tipo de castelanismos chamarémolles **semi-integrados**.

Por conseguinte, son **castelanismos integrados** os que desprazaron por completo a forma galega. Algúns exemplos destes últimos serían:

*abuèlo* (F1)

*árbol* (F3)

*buèno* (B1, F1, B2, L1, L2, F3)

*carretèra* (F1)

*Diòs* (F1)

Á parte disto, polo que se refire á forma externa, cómpre establece-la distinción entre castelanismos plenos e castelanismos híbridos. Podemos denominar **castelanismos plenos** aqueles que manteñen intacta a forma que posuían no castelán, que non sufriron ningunha modificación ó incorporarse ó galego. Sen embargo, os **castelanismos híbridos** son os que se adaptan ás regras da fonética galega.

Imos poñer algúns exemplos destas dúas denominacións. Serían castelanismos plenos:

*capilla* (B1)

*carretilla* (L1)

*èkhèmplo* (F1)

*escuèla* (B2)

*khuèves* (F2, L2)

*maíz* (L2)

*parrillas* (L2)

*persona* (F2)

*polilla* (L3)

*setièmbre* (F2)

*sòlo* (L2), no canto de só adv. ou adx.

Como exemplos de castelanismos híbridos temos:

*conexos* (F1, F2)

*cumpleanos* (B2)

*desaiñar* (L1)

*estuvèron* (B2)

*naide* (B1, F1, B2, B3)

*naranxas (L2)*

*parexas (B2)*

En canto á clasificación en planos lingüísticos, podemos establece-la xa clásica distribución en castelanismos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos.

En canto ó plano fonético, a influencia do castelán foi máis ben pequena e a única interferencia digna de mencionar é a utilización do fonema fricativo velar xordo /x/. Cómpre distinguir, sen embargo, entre o uso deste fonema como calco do castelán e o seu uso como variante dialectal do fonema oclusivo velar sonoro /g/ nalgunha das zonas de gheada.

Exemplos de **castelanismos fonéticos** serían:

*aukhe (B2)*

*colexhio (F1)*

*èkhèmplo (F1, F2, B3, L3)*

*fìkhos (B1)*

*khèfe (F1)*

*kheneral (L1)*

*khèrseis (L2)*

*Khèsús (L1)*

*khinnasia (B3)*

*khubilado (F1)*

*lòkhico (L3)*

Polo que se refire ó plano morfolóxico, a interferencia do castelán foi algo maior ca no plano anterior. Imos ve-las categorías gramaticais que atopamos interferidas nestes textos da área mindoniense:

– No caso do substantivo a influencia do castelán fixo que algúns deles cambiaran o seu xénero:

*dun puènte (B1)*, por “dunha ponte”

*un viaxe (B1)*, no canto de “unha viaxe”

*pola èse (L1)*, no canto de “polo èse”

*na cárcel (B2)*, por “no cárcere”.

– Tamén se viron afectados os demonstrativos e indefinidos:

*calquèr (F1)*

*cual (F1)*, este só na expresión “tal ou cual”

*esos (L1)*

*misma (B2)*

*mismas (F2)*

*mismo (B1, F1, B2, F2)*

*mismos (B2)*

*naide (B1, F1, B2, B3)*

– O verbo tamén aparece interferido pola influencia do castelán:

*dicen (B2)*, en vez de “din”

*estuvèron (B2)*, con raíz “*estuv-*” no canto de “*estiv-*”

*iba* (B1, F1, F3), no canto de “ía”  
*íbamos* (B1, L1, F3)  
*iban* (B1, L1, B2)  
*prefière* (F3), no canto de “prefire”  
*sea* (L1, F3), no canto de “sexa”  
*seipa* (B1), por “saiba”  
*sigue* (L2), sen a alternancia vocálica da forma estándar “segue”  
*tuvèmos* (B1, L1, F3), coa raíz “*tuw-*” no canto de “tiv-”  
*tuven* (F1, L1, F3)  
*tuvèra* (L3)  
*tuvèran* (B2)  
*tuvèras* (L2)  
*tuvo* (F1, L1, F3, L3)  
*vamos* (B2, B3), en vez de “imos” P4 do indicativo presente.

As interferencias do castelán que acabamos de observar afectan á raíz verbal nalgún dos tempos do verbo, pero atopamos outro tipo de interferencias como a pronominalización que pode ser considerada un castelanismo no caso de:

*casáronse* (F1) e  
*casarse* (F1)

– os adverbios tamén reflicten a interferencia do castelán:

*aora* (B1, F1, L1, B1, F2, L2, B3, F3, L3)  
*donde* (F1)

*muchísimo* (L1) ou *muchismo* (L1). Nesta área dialectal aparece castelanizado o grao superlativo *muchísimo*, en contraposición a “muito” que non se ve afectado.

– as preposicións que se presentan castelanizadas nos etnotextos son:

*hacia* (L3), que debería ser “cara a”  
*hasta* (B1, L1, B2, F2, F3, L3), que aparece no canto de “ata”  
*según* (B1, B2, L3), no canto de “segundo”  
*sigún* (L3)  
*sin* (F1)

– as conxuncións que atopamos castelanizadas son:

*anque* (L2, F3)  
*cuando* (B1)  
*donde* (L1, F2, L2, L3)  
*mèntras* (F3)  
*si* (F1)  
*sinón* (L1)

Á parte disto, preséntanse tamén nos textos interferencias castelás no plano sintáctico:

– a colocación do pronome en:

*me parece que* (L1, L3)  
*me cago en...* (B1)

– E tamén podemos considerar un castelanismo sintáctico o uso da preposición “a” en:

*vamos a facer (B2)*

Como se pode observar, o plano morfolóxico está máis interferido cós planos fonético e sintáctico, os que, afortunadamente, aínda non están moi deturpados. Sen embargo, o plano da lingua máis afectado é o léxico.

O galego, desde que entrou en contacto co castelán a partir dos últimos séculos da Idade Media sufriu un proceso de redución de ámbitos de uso. O castelán converteuse en teito lingüístico do galego e abrangueu moitos dos eidos que lle pertencían co conseguinte empobrecemento paulatino do léxico autóctono. Estes campos substraídos ó galego (a algúns ámbitos nunca chegou ata a actualidade) enchéronse de solucións substitutorias procedentes do castelán. Pero non imos levar a cabo un estudio diacrónico dos castelanismos léxicos senón que imos tratar de analiza-la situación actual expoñendo as principais causas ou vías de entrada na lingua e os campos semánticos interferidos.

A principal vía de entrada de interferencias castelás no galego foi a administración, polo seu carácter centralizador e uniformizador, tanto na súa vertente educativa coma no que se refire a outras institucións oficiais como xulgados, concellos, etc.

Atopamos pegadas desta interferencia lingüística en campos semánticos como o da **escola**, entre os exemplos que podemos mencionar están:

*a èse (L3)*

*artículos (F1)*

*asignaturas (B3)*

*asinatura (B2)*

*castellana (B3)*

*castellano (F1, L1, B2, F2, L2, B3, L3)*

*colexhio (B1, F2, F3)*

*correkhindo (L3)*

*correkhir (L3)*

*cuènta (F3)*

*èkhèmplo (F1, L1, B2, F2, B3, L3)*

*enseñaba (B1)*

*enseñan (B3)*

*enseñar (B2)*

*enseñen (B2)*

*escuèla (B2, B3)*

*frontèra (F3)*

*fubito (F3)*

*gallega (L1)*

*gallego (B1, F1, F2, L2, B3, F3, L3)*

*gallegos (B1, B2, F2)*

*hècho (L3)*

*kheneral (L1, L3)*

*khinnasia (B3)*  
*khuègo (B3)*  
*lengua (B3)*  
*lenguakhe (B3)*  
*lòkhicamente (L3)*  
*lòkhico (L3)*  
*maèstra (L2)*  
*maèstro (B1)*  
*nòmbre (F3)*  
*pabellón (F3)*  
*règla (L1)*

**– Anatomía e medicina:**

*cèguèra (B2)*  
*costillas (L1)*  
*cuèllo (B1, L1)*  
*diabetis (F1)*  
*enfermedá (F1)*  
*enfermedades (B2)*  
*inyèciós (F1)*  
*rodillas (F1)*  
*suèro (F1)*  
*tratamiènto (F1)*  
*vena (F1)*

**– Partes da casa:**

*sótano (F2)*  
*ventana (F2)*  
*ventanas (B2)*

**– As comidas do día:**

*cenar (B3)*  
*ceno (F3)*  
*desaiunamos (L2)*  
*desaiuno (F3)*  
*desaiñar (L1)*  
*desayuno (B2, B3)*

**– Os días da semana:**

*lunes (L2)*  
*khuèves (L2, F2)*

**– Os meses do ano:**

*òtobre (F2)*  
*setièmbre (F2, L3)*



– **Os números:**

*cuarenta (L3)*  
*quinièntas (L3)*  
*vente (F1)*

– **A familia:**

*abuèla (F1)*  
*abuèlo (F1, L3)*  
*abuèlos (F1)*  
*huêrfana (L3)*

– **Termos empregados pola burocracia administrativa:**

*ayuntamiènto (L1)*  
*empleados (F2)*  
*emplean (L1)*  
*emplearon (L1)*  
*empleo (L1)*  
*khubilado (F2)*

Outra causa importante de castellanización do léxico foi o influxo da **Igrexa**. Atopamos no campo semántico da **relixión** castelanismos como:

*adiôs (F3)*  
*capilla (B1)*  
*Diôs (L2)*

E incluso quedaron expresións fixadas ou sintagmatizadas completamente en castelán:

*Diôs mío (F1)*  
*Diôs mío del alma (F1)*

Tanto a administración como a Igrexa fixeron estragos en dous eidos que resultan fundamentais no léxico patrimonial de calquera lingua: a **toponimia** e a **antroponimia**. Mostras disto aparecen tamén nos textos:

*Ánkhel (L1)*  
*Carmen (F1)*  
*Castilla (B1, F3)*  
*Khenerosa (F1)*  
*Khèsús (L1)*  
*Khosê (B1, L1)*  
*Lòrenzo (F1)*  
*San Esteban (B1)*  
*Villacesar (F1)*, contraposto a “Velaizar” pola informante  
*Villalba (F1)*

Á parte disto, atopamos castelanismos tamén no **agro** a causa das innovacións tecnolóxicas e dos cambios de cultivos.

Algúns dos campos afectados foron:

– **O das árbores, plantas e os seus froitos:**

*árbol* (F3)  
*árboles* (B3)  
*avenas* (B1)  
*ciruèlas* (L2)  
*fruta* (L2)  
*fruto* (L2)  
*hongo* (L3)  
*maíz* (B1, F1, L1, F2, L2)  
*naranxas* (L2)  
*pino* (B3)  
*pinos* (L1)  
*retoñar* (B1)

Con estes últimos exemplos podemos decatarnos facilmente de que moitos termos entraron na nosa lingua para denominar conceptos máis xeneralizadores ou abstractos, como ocorre con *árbol* ou *fruto*, por exemplo, dos que os labregos podían prescindir por emprega-lo nome de cada árbore en concreto.

–Tamén resultou afectado o campo semántico dos **animais**, os seus **derivados** e os **lugares** onde se gardan:

*cerda* (F1)  
*cerdos* (F1)  
*còlmena* (L3)  
*conexos* (F1, F2)  
*chòrizos* (L2)  
*establo* (L2, B3)  
*establos* (L2)  
*ganado* (B1, L2)  
*grasa* (L2)  
*huèvos* (F1)  
*khalea* (L3)  
*purín* (L2)  
*realèras* (L3)  
*zángano* (L3)

–**ferramentas e labores do campo** que atopamos tamén designadas mediante castelanismos:

*acordonadas* (L2)  
*asèrradèro* (L1)  
*carretilla* (L1)  
*corredèras* (B1)  
*cosècha* (L2, L3)  
*manguèra* (L2)  
*òrdeñando* (L2) (convive con “muxindo”)

*pala* (B1)  
*parrillas* (L2)  
*rastrillo* (L2)  
*sembraban* (B1)  
*sembradora* (L1, L2)  
*soplete* (L3)  
*vertedèra* (B1, L1)  
*yugo* (F1)

A castelanización non só afectou ó campo. Como se pode comprobar nos etnotextos tamén chegou ó **mar**:

*almexas* (B2)  
*bacalao* (F2)  
*pescados* (B2)  
*plaia* (B2, F3)  
*pulpo* (B2)

E por último, entre as vías de entrada de castelanismos no galego cómpre sinalá-lo **comercio**:

*duro* (F1), en “non ganou un *duro*”  
*còsta* (F2), do verbo “custar”  
*khòia* (L1)  
*moneda* (B1)  
*plata* (B1)

Tamén se viron afectadas polos castelanismos as **vías de comunicación**:

*carretèra* (F1, F3)

E ó mesmo tempo podemos sinalar como grandes fontes de castelanismos os **medios de comunicación**:

*dibukhos* (F3), referíndose ós debuxos animados  
*òrquesta* (F3)  
*pasodobles* (L2)

Por mor do comercio as interferencias lingüísticas acadaron tamén campos semánticos como os da **roupa e os labores e utensilios da casa** ó deixar estes de ser elaborados a man coa materia prima que producía o noso campo por chega-la industrialización e compra-las cousas xa fabricadas:

*almoada* (F1)  
*almoadiña* (F1)  
*almoadós* (F1)  
*cafetèra* (L2)  
*calcetines* (L2)  
*clavillo* (F1)  
*cuchillo* (L3)

*chupitos (L2)*  
*deshilaba (L1)*  
*deshiladora (L1)*  
*farolillo (B2)*  
*khersés (L2)* (pasou ó galego a través do castelán aínda que este non era o seu idioma orixinario)  
*limpiar (L1)*  
*muñeco (B3)*  
*planchar (F1)*  
*tekhedor (F1)*  
*telar (B2)*  
*telas (F1)*  
*tienda (B3)*  
*vakhillas (F1)*

Rematada a clasificación en vías de entrada e campos semánticos é posible distinguir aínda outro tipo de castelanismos. Son os que denominaremos **estilísticos**, por ser utilizados con carácter ponderativo. Atopámo-los seguintes exemplos:

*de lo mekhor (F1)*, para referirse a algo realmente bo  
*viñ' à cièn (L2)*, para expresar que alguén viña moi rápido, cando o numeral por si só aparecería como “cen”, non como *cièn*  
*casa bièn (F1)*, para referirse a unha casa nobre ou importante.

Por último, imos centrarnos na diferenza existente entre as distintas xeracións. Podemos sinalar que a maioría de castelanismos pertencentes ó campo semántico do agro se presentan nas xeracións máis vellas, na primeira sobre todo e tamén na segunda. Sen embargo, os castelanismos relacionados coa escola aparecen en tódalas xeracións pero predominantemente na terceira. Isto débese a que cada informante falará acerca do que é a súa dedicación habitual.

Por outra banda, cómpre salientalo mantemento dalgunhas formas non castelanizadas nas xeracións máis vellas que nas novas se perderon. Este é o caso de:

*gado (B1) ~ ganado (B1, L2)* (Pódese sinalar neste caso que conviven a forma castelanizada e a autóctona nun informante de 70 anos, o que pode significar que está en fase de perda).  
*muxir (L1) ~ ordeñar (L2)*  
*corènta (L1) ~ cuarènta (L3)*  
*angazo (L1) ~ rastrillo (L2)*

En resumo, o noso obxectivo era amosa-la situación na que se atopa o galego oral dunha zona rural na actualidade no que respecta ás interferencias lingüísticas do castelán. E asemade, tratamos de organiza-la ampla gamma de castelanismos que están inseridos na nosa fala clasificándoos segundo:

- o seu funcionamento no interior da lingua,
- segundo a súa forma,

- segundo o plano lingüístico ó que afectan,
- segundo a vía de entrada na lingua
- e segundo o campo semántico ó que pertencen.

Sintetizando, polo seu funcionamento no interior da lingua os castelanismos poden presentarse como integrados, desprazando a forma autóctona ou semi-integrados, convivindo con ela.

Pola súa forma é posible distinguir entre plenos, os que non sufriron ningunha modificación, e híbridos, aqueles que se adaptaron ás regras do galego.

Polo que se refire ó plano lingüístico ó que afectan poden ser fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos, que son os máis abundantes e que clasificamos pola súa vía de entrada na lingua. Como principais vías de entrada citámo-la administración, na súa vertente educativa e na das outras institucións oficiais. Citamos tamén a Igrexa, as innovacións tecnolóxicas e cambios de cultivo, o comercio e as vías e medios de comunicación. Á parte disto, podemos aínda falar de castelanismos estilísticos, que posúen carácter ponderativo.

Aínda que como levamos observando ata este punto o léxico galego nalgúns campos aparece profundamente estragado pola interferencia do castelán, descubrimos no corpus analizado dúas tendencias positivas: unha inclinación nas vellas xeracións á conservación e nas novas, á recuperación. Na xeración de maior idade prodúcese unha resistencia á perda que se resolve mediante a conservación mentres que nos máis novos, a propensión é á renovación, é dicir, adquiren un vocabulario galego novo para eles, aprendido fundamentalmente a través do ensino.

Cómpre salientar que as palabras conservadas e as recuperadas non coinciden. Os vocábulos que se manteñen non son coñecidos na maioría das ocasións polas xeracións novas xa que se trata de léxico relacionado con obxectos ou labores tradicionais que xeralmente deixaron de existir ou sufriron modificacións nas técnicas para levarlos a cabo. Os termos recuperados, as máis das veces, tampouco son restablecidos ou rescatados polos máis vellos por chegar á fala a través da escola ou da vía educativa.

Despois de presentar esta última orientación dos falantes na que observamos síntomas de recuperación cómpre termos en conta que a situación á que se somete ós informantes, o sentírense gravados, pode predispoñer a este tipo de utilización de palabras aprendidas. De tódolos xeitos, o feito continúa manifestándose como positivo sempre que sirva para que diminúa o número de castelanismos. É preciso, sen embargo, sinalar que estamos a falar de tendencias, non de regras, polo que atoparemos vacilacións ou fluctuacións, é dicir, haberá informantes que dubiden entre a palabra castelá e a galega ou casos nos que ámbalas dúas solucións convivan no mesmo idiolecto.

De tódolos xeitos o corpus de castelanismos existentes no galego é moi amplo e non todos son de doada clasificación. A pesar disto, espero que esta tipoloxía contribúa a organizar dalgún modo o conxunto dos castelanismos e a dar a coñece-la situación do galego oral dunha zona rural, e en concreto, destas tres parroquias enmarcadas na área

mindoniense do bloque central. O estado do galego oral no que se refire ás interferencias lingüísticas do castelán preséntase como satisfactorio nos planos fonético e sintáctico pero atópanse bastante deturpados o morfolóxico e, sobre todo, o léxico, que presenta unha grande influencia do castelán. Quédano-la esperanza de que coa normalización comecen a utilizarse progresivamente as formas autóctonas.

## BIBLIOGRAFÍA

- Fernández Rei, F.: *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais, 1990.
- Graña Núñez, X.: *Vacilacións, interferencias e outros "pecados" da lingua galega*. Vigo: Ir Indo, 1993.
- Kabatek, J.: "Interferencias entre galego e castelán: problemas dos galego estándar", *Cadernos de Lingua* 4 (1991), 39-48.
- Noia Campos, M<sup>a</sup>. C.: "Contribución ó léxico dos bilingües", *Verba* 11 (1984), 181-195.
- Overbeke, M. van: *Mecanismos de l'interference linguistique*. Madrid: Fragua, 1976.
- Payrató, L.: *La interferència lingüística. Comentaris i exemples català-castellà*. Barcelona: Curial Edicions Catalanes, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 1985.
- Silva Valdivia, B.: "Tipoloxía das manifestacións de contacto lingüístico en Galicia: algunhas consideracións", *Cadernos de Lingua* 4 (1991), 27-38.
- Silva Valdivia, B.: "Cambios de código, alternancias e interferencias lingüísticas: unha perspectiva didáctica sociocomunicativa", in Silvia Valdivia, B. (coord.): *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*. Santiago: Universidade, 151-176.
- Weinrich, U., *Languages in contact: Findings and problems*. New York: Publ. of the Linguistic Circle of New York 1953.

## OCHENTA ¿É REALMENTE UN CASTELANISMO?

*José Antonio Puentes Romay*

Universidade de Santiago de Compostela

0.—Quero comezar por manifestar o meu agradecemento pola aceptación desta intromisión dun simple afeccionado nun terreo que me é, alomenos oficialmente, alleo e por pedi-la benevolencia dos que, con maior autoridade, poderán, sen dúbida, vulgar o que me dispoño a dicir.

### 1.— INTRODUCCIÓN

Non deixa de chama-la atención, en efecto, o feito facilmente comprobable na realidade de tódolos días e confirmado ademais cos datos do Atlas Lingüístico Galego de que, dentro do sistema dos numerais galegos, pareza existir unha especie de corpo estraño, a forma *ochenta*, que ten toda a aparencia de ser un membro máis da abundante lista de castelanismos que, por razóns varias e de todos coñecidas, entraron na nosa lingua. Consecuentemente, esta forma é unanimemente rexeitada e non aparece, por tanto, nin nas gramáticas nin nos dicionarios. Sen embargo, e se ben se mira, produce unha certa estrañeza o illamento do fenómeno, xa que carece practicamente de paralelos no resto da serie dos numerais cardinais e, sobre todo, coexiste coas formas *oito*, *oitocentos*, *oito mil*, etc., que, ata onde chega o meu entendemento, non mostran o menor indicio de ve-la súa vitalidade disputada por ningún tipo de formas concorrentes máis semellantes á que nos ocupa e, por extensión, ó correspondente numeral castelán *ocho*.

Ademais da excepcionalidade do fenómeno, non parece doado atopar unha razón convincente que dese lugar á substitución pura e simple da forma galega pola castelá: cuestións de eufemismo, claridade, volume fónico da palabra, designación dunha realidade non presente no léxico patrimonial, etc. non parecen cadrar moi ben con ela, ó lado, ademais, da distorsión que se rexistra, como apuntaba hai un momento coas outras formas correspondentes. Todas estas razóns, aínda que quizais non totalmente decisi-

vas<sup>1</sup>, constitúen, ó meu entender, unha base suficiente para manifestar unha certa cautela á hora de se pronunciar sobre a clasificación e proscripción deste numeral. Certamente, a forma *oitenta*, considerada correcta e portadora de tódalas cartas de natureza e de lexitimidade galega, ademais de ser a existente en portugués, e, ademais, propiciada polo uso oficial e escolar da lingua, pode gozar razoablemente de todas estas virtudes, sobre todo por ser perfectamente coherente coa forma *oito*, etc. Sen embargo, todo parece indicar que na conciencia dos falantes segue a ser considerada como artificiosa, escolar ou “galego moi ben falado” e, conseguintemente, non dá entrada con facilidade no uso normal e espontáneo.

A situación que acabo de describir sucintamente e quizais de maneira incompleta e excesivamente superficial induciume a tentar de buscar algunha causa que puidese xustificarse ou, alomenos, dar razón da presenza da forma que nos ocupa sen ter que acudir á explicación polo simple préstamo ou substitución sen máis. Dito doutro modo, trátase de ver se é posible atribuíla a causas internas dentro da evolución fonética do galego ó longo de toda a súa historia, dando conta ó mesmo tempo das posibles razóns de dous feitos facilmente comprobables: primeiro, a presenza da forma escrita *oitenta* nos primeiros textos e, segundo, o mantemento no portugués oral desta mesma forma, a diferenza, por tanto, do que acontece no galego.

## 2. ALGUNHAS CUESTIÓNS PREVIAS

Os Neogramáticos estableceron o concepto de lei fonética, da que logo se foi matizando a súa presunta inexorabilidade coa introducción de factores correctores como o contexto fónico, os condicionamentos da presenza ou ausencia do acento e a analoxía. A consideración destes veu reforzar aínda máis o carácter do “obrigado cumprimento” das leis fonéticas, chegándose a establecer, á medida que progresaban os estudos, tanto no ámbito da lingüística indoeuropea como no terreo máis particular da Romanística, os cambios fonéticos que se podían dar nunha época determinada e nunha determinada lingua. Para as excepcións, por desgracia moitas veces presentes, buscáronse —e búscanse— diversos tipos de explicación, tanto de factores internos como externos: pénsese, por exemplo, no problema presentado polas excepcións á regra de lat. *fl-* > cast. *ll*-<sup>2</sup>.

Esta situación segue a ser en grande medida a dominante no ámbito dos estudos dos grupos lingüísticos xa mencionados e, concretamente, no caso do galego. Aquí, ademais, a situación tórnase especialmente delicada debido ó afán, que poderíamos chamar

<sup>1</sup> En efecto, da lectura de estudos sobre situacións de bilingüismo, especialmente o de S. Romaine (1989), que son, no fondo, unha acumulación de casuística particular, o primeiro que se pode concluir é a dificultade de acadar unha sistematización dos elementos lingüísticos máis susceptibles de ser transvasados entre linguas en contacto, polo que non se poden sentar facilmente principios de valor universal.

<sup>2</sup> Refírome, evidentemente, ó léxico patrimonial; non se trata dos cultismos ou préstamos evidentes.



“terapéutico”, de delimitar con total claridade os trazos do que é realmente propio da lingua e do que non o é, como consecuencia do seu especial contacto co castelán<sup>3</sup>. En efecto, restrinxíndonos só á fonética, da regularidade constatable das correspondencias de, por exemplo, lat. [p] > cast. [k], gal. [č], deducimos correctamente que os respectivos resultados do grupo consonántico latino no castelán e mais no galego son característicos e diferenciadores das dúas linguas. Igualmente podemos engadir a esta observación que aínda que tanto un son coma o outro entren no inventario de fonemas das dúas linguas, o punto de partida latino é distinto no caso de cada unha delas.

Temos así unha base certa e obxectiva dun trazo que é propio, privativo e diferenciador do galego fronte ó castelán e isto mesmo pódese aplicar ós restantes trazos, de maneira que a partir dun fonema latino ou combinación de dous ou máis fonemas latinos constatamos unha determinada solución no galego, no castelán ou en calquera lingua románica desde os seus primeiros textos coñecidos ata a actualidade. Pero cabe preguntarse se o que antecede, que é totalmente correcto desde o punto de vista tradicional, reflicte toda a realidade do proceso ou é simplemente unha abstracción dos seus aspectos máis relevantes. A resposta parece ser que máis ben se trata do segundo, especialmente á vista dos resultados dos estudos de dialectoloxía máis recentes<sup>4</sup>, que tenden a demostrar que as fronteiras marcadas polas isoglosas, especialmente as que dan conta de diferencias fonéticas, non son tan estancas como se pensaba inicialmente, senón que precisamente nas falas dos núcleos nas que estas se trazan existen vacilacións entre as solucións que separa a liña, repartidas entre diferentes elementos léxicos susceptibles de contelas. De aquí parte precisamente a teoría da difusión léxica, que parece dar a entender que as evolucións dos sons non son nin foron historicamente tan automáticas e universais para o conxunto do léxico como quere a doutrina tradicional, incluídas tódalas súas salvidades e factores de corrección. Para a difusión dunha determinada innovación parece existir tamén unha multitude de factores acelerantes ou retardadores, entre os que non ten unha menor importancia o contacto de linguas ou falas, e, dentro deste, distintos elementos considerados de prestixio, de facilidade de comunicación, etc.

Pero aínda con estas achegas queda por resolver unha difícil cuestión, para a que os datos observables están moitas veces en contradicción entre si: se os cambios fonéticos son bruscos ou progresivos<sup>5</sup>. Evidentemente non vou entrar agora neste problema, pero

<sup>3</sup> Penso, con todo, que o alcance desta afirmación xa se foi restrinxindo algo e que xa non causa tanta incomodidade como causaba, hai anos, calquera coincidencia gramatical entre o galego e o castelán. Sen dubidar nin por un momento da bondade das intencións dos que pensaban así, as consecuencias non foron sempre boas á hora de elaborar unha normativa da lingua, tanto pola vía doutrinal como pola da composición literaria. Sen embargo, ó meu entender, subsiste aínda un exceso de prexuízos a este respecto.

<sup>4</sup> Cf. T. Bynon (1977), pp. 241 ss. da versión española.- J. K. Chambers, P. Trudgill (1994).

<sup>5</sup> Unhas boas sínteses da cuestión pódense ver, por exemplo, en T. Bynon (1977), esp. p. 157 ss. da versión española e tamén en P. M. Lloyd (1987), pp. 1-96 da versión española.

si noutro moi conectado con el e que é fundamental para o estudio diacrónico dunha lingua, como é o da escritura, en canto que é representación visual e análise dos sons sobre o que quero deixar brevemente moi claras unhas ideas que considero básicas e referidas simplemente á grafía do latín e das linguas románicas, especialmente ás que contan cunha vella tradición escrita. En primeiro lugar, algo ó que, por obvio, non se lle presta a atención que merece, como é que o feito de escribir por primeira vez o latín supuxo, aínda que xa existían modelos, unha análise fonolóxica máis ou menos consciente. En segundo lugar, que non daba conta exacta de tódolos sons da lingua e, á súa vez, non sempre toda letra escrita correspondía a un son real<sup>6</sup>. En terceiro lugar, que a escritura estaba –e está– ligada a unha aprendizaxe baseada nunha norma, máis ou menos rixida, pero norma en calquera caso, que ten como resultado o mantemento inalterado ou case inalterado da grafía, independentemente das innovacións fonéticas. En cuarto lugar, derivado do anterior e non menos importante, que, como demostra a experiencia en xeral para toda lingua con tradición escrita, o texto, isto é, a forma escrita dunha lingua, adquire o *status* de lexítima, verdadeira, real, modélica forma da lingua, portadora e conservadora, por tanto, de tódolos seus valores e esencia<sup>7</sup>. A consecuencia de todo isto é que alomenos durante longos períodos de tempo, a análise gramatical, manifestación en definitiva da norma, estará referida a tódolos aspectos dos textos literarios tidos por canónicos, independentemente das innovacións da lingua oral, que, mentres non son aceptadas pola lingua literaria, son consideradas dexeneracións ou corrupcións que é necesario evitar.

No referente á cuestión da relación entre a evolución fonética a a representación escrita, voume deter brevemente no caso xenérico dun novo fonema orixinado pola fusión de dous anteriores consecutivos, do que pode ser un exemplo lat. [fl] > gal [č], son este último que dá lugar ó establecemento dun fonema. Parece evidente, como en moitos casos máis, que aínda que se dese a realización oral como [č], mentres a norma de análise gramatical e, por tanto, da escritura non foi outra que a tradicional do latín, este son non era concibido, no mellor dos casos, máis que como unha realización “vulgar” do que gramaticalmente era /f/ + /l/, sen que se poida descartar totalmente que en realizacións especialmente formais, sobre todo de lectura, se articulase artificialmente así<sup>8</sup>. Precisamente esta artificiosidade viría imposta polo carácter modélico da lingua escrita ó que aludín hai un momento.

<sup>6</sup> Pódese ver especialmente en W. Sidney Allen (1978).

<sup>7</sup> A pesar de que a lingüística moderna, “post-saussureana”, proclama como campo básico de observación a lingua propiamente dita, isto é, oral, segue a darse máis ou menos inconscientemente un apego á forma escrita da lingua, tal e como viña ocorrendo desde a Antigüidade: os termos *grammatica e litterae* son suficientemente elocuentes. A experiencia demostra, dito sexa de paso, que para o caso do galego, polo menos desde o punto de vista dalgúns, esta concepción dista moito de estar superada ou, mellor dito, situada na súa xusta medida.

<sup>8</sup> Cf. T. Bynon (1977), pp. 275 ss. da versión española, onde se resume o traballo de Labov (1966), no que establece para a súa análise da fala de cidade de Nova York cinco situacións de fala: A, “fala casual”; B “estilo formal”; C, “estilo de lectura”; D, lectura de listas de palabras e, por último D’, lectura de pares mínimos.

Non me é posible agora entrar en detalle no complexo proceso que culmina coa aparición dunha norma romance, no noso caso do galego, autónoma con respecto á norma latina; a algún dos seus aspectos xa me teño referido noutros momentos<sup>9</sup>. Simplemente me interesa dicir, antes de entrar na análise da forma concreta que agora nos ocupa, que o proceso que se inicia coa representación máis ou menos fiel da realidade fonética instaurado a partir dese momento, seguido polo inicio de posteriores innovacións, a existencia de factores acelerantes ou retardadores, entre outras causas debida ó maior ou menor vigor da norma, e, chegado o caso, a proscripción ou triunfo da innovación, acaba por repetir tódolos pasos do que se dera xa anteriormente no latín. En calquera caso, mentres a innovación non adquira carta de natureza gramatical, non se aceptará como correcta, ou nin sequera se dará ningunha variación na representación escrita.

### 3. A FORMA *OCHENTA* NO GALEGO ACTUAL

Parece estar fóra de toda discusión o feito de que nunha ampla área da Romania, na que se inclúe a Península Ibérica, a secuencia latina [kt] pasou a ser substituída por [it], sendo o novo elemento vocálico, alomenos na Península, o segundo elemento dun novo ditongo decrecente formado en unión da vocal anterior. Formas como *octo* ou *pectus* pasan a ser [o̞ito] e [pe̞ito], aínda que a grafía inicialmente non recolla o cambio. Paulatinamente, e dentro dese complexo proceso de aparición dunha norma autónoma con respecto á latina, pasan a ser escritas *oito* e *peito* ou ben *oyto* e *peyto*. A continuación, e nun ámbito xeográfico que, en calquera caso, non alcanza a área que, por comodidade, podemos chamar do galego, ten lugar una rápida innovación consistente na fusión da secuencia fónica [it] nun único son [ɨ], aínda que a secuencia escrita *it* seguíse a ser utilizada, xa na práctica como un dígrafo<sup>10</sup>.

O galego, como dicía, non foi alcanzado por esta innovación que, en cambio, se propagou enteiramente noutras falas peninsulares, incluída a que, co andar do tempo, chegaría a ser o castelán. Como consecuencia, converteuse nun trazo diferenciador das dúas linguas literarias que aquí nos interesan, isto é, galego-portugués e castelán a presenza ou ausencia da referida innovación, conformándose como formas propias de cada unha delas, respectivamente *oito* e *ocho*, *peito* e *pecho*, etc.

Cabería agora preguntarse cal foi o factor que causou, no caso do castelán, a fusión da secuencia [it] e, respectivamente non a causou no galego-portugués, pero a resposta a esta cuestión non parece estar de momento ó noso alcance, tal e como, en xeral, non hai respostas claras e de tipo xeral que respondan ó mesmo tempo a por qué se producen as

<sup>9</sup> J. A. Puentes Romay (1994 e 1995). Permítaseme recordar aquí que, especialmente no primeiro destes dous traballos, expoño as miñas fondas discrepancias co enfoque que dá a esta cuestión R. Wright (1982).

<sup>10</sup> Vid. L. Michelena (1972), esp. pp. 246-47.

innovacións ou deixan de se producir. O que si podemos, á luz dos datos da moderna dialectoloxía, é preguntarnos razoablemente se esa innovación comezou nalgún vocábulo no que se desen condicións de contexto fonético especialmente favorables, pasando logo a difundirse, por razóns que, repito, non están ó noso alcance, amplamente.

Se realmente isto puido ser así, podemos pasar a continuación a unha nova pregunta: ¿poden existir nalgún vocábulo galego condicións especialmente favorables para o inicio dunha innovación semellante? A primeira vista, todo parece indicar que non: o único candidato sería precisamente a forma *ochenta* e conta coa dificultade de ter que explicar a razón de que en portugués non pareza haber nada semellante, manténdose, alomenos ata onde chega o meu coñecemento, en pleno vigor a forma *oitenta*. Sen embargo, penso que non se perde nada con examinar esta forma un pouco máis de cerca. Se o facemos así, podemos descubrir unha primeira pista, na que ata o momento non parece que reparase ninguén. Trátase de que na primeira parte da palabra *oitenta* se dá unha combinación de factores practicamente única no galego, a saber: ditongo [oi] átono en inicial absoluta seguido de [t] e de vocal tónica, cousa que a diferencia bastante da forma *oito* (ditongo inicial tónico) o de *oitocentos*, *oito mil*, (ditongo átono, igual que en *oitenta*, pero sílaba seguinte tamén átona). A estes factores pódese engadir un máis, como é a presenza de [t] novamente na terceira e última sílaba. A coincidencia de todas estas condicións é, repito, totalmente excepcional, salvo erro ou omisión.

Apoiándome precisamente nesta excepcionalidade, permítome establecer a hipótese de que aquí se puideron dar unhas especiais condicións, suficientes para unha palatalización da secuencia [oit-] na forma *oitenta*, pero, ó mesmo tempo, insuficientes para a súa propagación a outras nas que non se daba a mesma coincidencia de factores. O mecanismo puido ser o seguinte: o carácter inicial e pretónico de [oj-] debilitou a articulación da sílaba, favorecendo que o segundo elemento do ditongo tendese á fusión coa oclusiva dental xorda seguinte; pola súa banda a presenza dunha segunda oclusiva dental xorda na sílaba seguinte, totalmente a salvo de calquera posible palatalización, favorecería o proceso de disimilación iniciado na sílaba anterior. O último paso sería a identificación do son palatalizado resultante co campo do fonema /ç/ existente en galego. Terei que volver dentro dun momento sobre isto.

Admitindo a viabilidade da hipótese, quedan aínda dúas cuestións por resolver: en primeiro lugar, a situación cronolóxica da innovación e, en segundo lugar, a razón de que, para o portugués, non se teña noticia dunha evolución paralela que, en teoría, podería ser igualmente esperable<sup>11</sup>.

Verbo da primeira cuestión, o feito de que nos textos literarios medievais ou na documentación escrita en galego, mentres foi o vehículo normal da administración, poida

<sup>11</sup> Refírome aquí fundamentalmente ó portugués continental, sobre o que non dispoño de ningunha noticia verbo desta cuestión que, de se producir siquera en estado incipiente, podería pasar facilmente máis desapercibida. Por outra parte, penso, non sei se con algún fundamento, que a situación pode ser algo distinta no brasileiro, onde parece haber unha tendencia máis xeral á palatalización de /t/. Cf. Cunha / Lindley-Cintra (1994), p. 47.

aparecer a forma *oitenta*, non nos debe levar a concluír necesariamente que esta respóndese fielmente á realización oral en tódolos rexistros da lingua. Pódese admitir sen ningún problema a altísima probabilidade de que efectivamente respóndese a ela nas realizacións máis coidadas e, desde logo, no acto da lectura<sup>12</sup>. O que xa non se pode afirmar, nin tampouco negar, é a validez desta afirmación nas realizacións máis naturais, espontáneas e menos cultas<sup>13</sup>. Nestas, as condicións fónicas antes indicadas podían obrar máis libremente, retardadas, iso si, ou mesmo anuladas en certas condicións pola presión do rexistro culto, no que o factor de corrección lingüística, baseado alomenos nos criterios de regularidade, analoxía e “literalidade”, ten normalmente moita importancia. En definitiva, a existencia dun estándar lingüístico podía moi ben estigmatizar as realizacións innovadoras como incorrectas, vulgares e vitandas.

Pero a partir do momento no que cesa totalmente ou case totalmente a existencia dun ideal de corrección lingüística, isto é, cando o galego deixa de ser lingua oficial e literaria, cesa tamén a actuación dos factores retardadores. E como, ademais, ese papel pasa a ser exercitado polo castelán, a relación de forzas invértese. É así, sen dúbida, como a realización vulgar queda, por un lado, libre de atrancos e, por se fose pouco, favorecida por unha nova forma tida por culta á que se acaba asimilando paulatinamente.

Se isto foi realmente así, quedarían explicadas dúas cousas. En primeiro lugar, que a forma *ochenta* terminase sendo de uso xeral; en segundo lugar, a súa disimetría con *oito*, etc, máis a salvo, polo que levamos visto, de calquera innovación. Ó mesmo tempo, podemos estar en condicións de entender por qué non se deu o mesmo fenómeno no portugués, no que nunca se deu un cambio radical no ideal de lingua culta.

E agora, penso que é chegado o momento de responder á pregunta que dá título a esta intervención. Na miña opinión, aínda que non se pode negar o papel catalizador do castelán, este non foi o primeiro causante. En consecuencia, non se debería incluír a forma *ochenta* na categoría de puro e simple castelanismo. Pero agora, restablecida a norma e o uso oficial –non totalmente, certo é– do galego, sería ben meditar un pouco sobre a conveniencia da súa exclusión de gramáticas e dicionarios, pois penso que este non é precisamente o único exemplo dunha evolución do galego paralela e distinta despois da súa separación do portugués.

<sup>12</sup> Ver notas 8 e 10.

<sup>13</sup> Salvo a posibilidade, moi remota polo que levamos visto, de que quedase marcada ocasionalmente na escritura e só no suposto –que é moito supoñer– dunha identificación prematura co fonema /ɛ/, que, en principio, non parece moi probable.

- Allen, W. S., *Vox latina. The Pronunciation of Classical latin*, 2nd Edition, Cambridge, 1978.
- Bynon, T., *Historical linguistics*, Cambridge, 1977. Versión española, *Lingüística histórica*, Madrid, 1981.
- Chambers, J. K. / Trudgill, P., *Dialectology*, Cambridge. Versión española, *La dialectología*, Madrid, 1994.
- Cunha, C. / Lindley Cintra, L. F., *Nova Gramática do Português Contemporâneo*, Lisboa, 10ª ed., 1994.
- Lloyd, P. M., *From Latin to Spanish. Vol 1: Historical Phonology of the Spanish Language*, American Philosophical Society, 1987. Versión española, *Del latín al español, 1. Fonología y morfología históricas de la lengua española*, Madrid, 1993.
- Michelena, L., “Distribución defectiva y evolución fonológica”, *Revista de lingüística española* II (1972), pp. 337-349; recopilado en *Lengua e historia*, Madrid, 1985, pp. 240-252. As citas corresponden a este último.
- Puentes Romay, J. A., “Acerca de la pronunciación del latín altomedieval: a propósito de una teoría reciente” *Euphrosyne* XXII (1994), pp. 269-281.
- “Representación gráfica de palatales en documentos altomedievales del noroeste peninsular: tradición e innovación”, *Actas I Congreso nacional de latín medieval (León 1-4 de diciembre de 1993)*, León 1995.
- Romaine, S., *Bilingualism*, Oxford, 1989.
- Wright, R., *Late Latin and Early Romance in Spain and Carolingian France*, Liverpool, 1982. Versión española, *Latín tardío y romance temprano en España y la Francia carolingia*, Madrid, 1989.

## PRÁCTICA LEXICOGRAFICA NAS LINGUAS EN ESTADO DE BILINGÜISMO

I.M. Roca

University of Essex

### 1. O PROBLEMA DOS ESTRANXEIRISMOS

A tarefa do lexicógrafo consiste na recollida de palabras. A primeira vista, a realización desta tarefa non é difícil: simplemente o lexicógrafo debe abrir ben os ollos e os oídos e apañar as palabras que hai ó seu redor. Como vou mostrar agora, sen embargo, esta primeira impresión é enganosa.

Examinemos brevemente primeiro un caso monolingüe como é o do castelán na maior parte de España. O diccionario de estranxeirismos de Alzugaray Aguirre (1985) ten 100 páxinas cheas de palabras como estas:

*bouillonneur, boule, boulevard, boulevardier, bouquet, bouquet garni, bourbon, bourgignon, boutade, boutique, bowling, boxcalf, boxer, boxes, boy, boy scout, bracket, brainstorming, brand, brandy, braquet, brasserie, brassie, break, breakeven point, breakfast* (p. 80).

Todas as palabras incluídas neste diccionario apareceron impresas en textos que son polo demais casteláns. ¿Podemos, con todo, dicir que estas palabras tamén o son? Repárase que o feito evidente de estaren tiradas dunha lingua estranxeira (o francés ou o inglés, neste caso) non as pode descualificar automaticamente de castelás: compare as palabras citadas enriba con *bistec, buró, carné, coñac, chulé, dueto, élite, escalope, estéreo, estraperlo, líder, yate*, por exemplo, e veredes inmediatamente que hai notables diferencias de estatus (!) entre palabras deste tipo.

¿Cómo vai logo o lexicógrafo decidir a inclusión dunha palabra no inventario léxico dunha lingua determinada? A única resposta realista a esta pregunta é que o lexicógrafo debe coñecer ben esa lingua (idealmente, debe ser falante nativo dela) e deixarse guiar polas súas intuicións léxicas, de modo paralelo ó que se fai coa sintaxe e os demais compoñentes da lingua. Nótese en particular que a decisión non se pode deixar simple-

mente nas mans da academia da lingua, primeiro porque se entende que o experto na materia é o lexicógrafo, non necesariamente os señores académicos, e segundo porque o criterio dos académicos finalmente ten que ser o mesmo, ou sexa, as intuicións que teñen sobre a súa lingua como falantes nativos dela.

## 2. A MESTURA LINGÜÍSTICA DE GALICIA

Comecemos agora o exame dunha lingua como o galego, exclusivamente con falantes bilingües. O problema vai ser a interferencia dunha das linguas sobre a outra, ben atestada no caso galego (vid. nestas *Actas* a miña comunicación “A historia moderna do galego e o continuo poscrioulo”). As citas que seguen ilustran a situación:

O peso da españolización do galego, correlato do seu contacto subordinado co español, tanto a nivel visual como auditivo, é abafante no noso país (F. Rodríguez 1991:105).

O impacto do castelán nos últimos 50 anos... ten sido enorme e acadou xa dimensións verdadeiramente alarmantes... O único dominio importante no que o galego aínda preservaba a maior parte... do seu esplendor e riqueza era nas... áreas da vida tradicional relacionadas coa Natureza (agricultura, pesca, e profisións artesanais). Pero... ata as palabras non eruditas [están] finalmente ameazadas (Fernández Salgado 1992-93:9) [traducido do orixinal inglés, IMR].

Non estamos a falar obviamente do empréstemo que funciona en calquera lingua do mundo e que é asimilado á corrente léxica do idioma en cuestión, que o nacionaliza e fai seu, senón do que ingresa no galego por outra vía: a da imposición do español...; ela tamén se deixa sentir na sintaxe, na fonética e na morfoloxía, até o punto que na caracterización intrínseca do galego actual, cremos que non hai un só trazo deturpado que poda ser analizado sen contarmos coa presión do español (García Negro 1991:308, fn. 67).

No rexistro oral-popular (empregado pola inmensa maioría dos falantes) é onde pululan os castelanismos máis flagrantes que, lonxe de estaren en retroceso, día a día estanse consolidando: *abuelo, águila, almendra, anzuelo, árbol, arcilla, besugo, bolsillo, calle, capilla, cigüeña, cuchara, deuda, duda, escuela, estrella, isla, luna, mueble, paloma, piel, polvo, codo, reina, tabla...* son só unha pequena mostra dos que se poden catalogar por centos (Graña 1990:55-56).

O alarmante empobrecemento, que se está a producir no léxico das novas xeracións de falantes, non dá lugar á vacilación. [Referímonos en principio só ós sectores que teñen o galego como lingua materna e habitual na súa comunicación. Nos sectores neofalantes, a cuestión xa non é alarmante: é dramática]. De pais a fillos e de avós a netos o inventario terminolóxico sofre mutilacións a cotío, que afectan fundamentalmente ós conceptos con máis tradición no noso vocabulario (Graña 1990:49 [nota 4 entre corchetes]).



Cando no galego existen varios termos para definir unha mesma acción, cada un deles especializado en aspectos determinados da mesma, por influencia do termo castelán, que posee soamente unha ou dúas formas para definir tódalas acepcións, o galego reduce algúns destes termos, recollendo nun só tódalas acepcións... Algunhas palabras castelás que entran no galego non chegan a desprazar totalmente a forma orixinaria xa que ó se poñer en contacto as dúas formas, galega e castelá, no vocabulario, cada unha delas especialízase nunha acepción (Noia Campos 1982:95).

O número de obras dedicadas recentemente á corrección de erros no galego dá testemuña práctica da situación que estamos a comentar, por outra banda evidente sen necesidade de investigacións eruditas (mesmo os falantes espontáneos e naturais da lingua adoitan renegar do seu galego, proclamando que o galego real se fala nunha aldea na montaña veciña, como é sabido).

Esta bastardización do galego presenta obvios problemas ó escritor, quen a nivel lingüístico non é mais que un lexicógrafo práctico. No prólogo á súa tradución dos *Carmina* de Horacio, Iglesia Alvaríño comenta especificamente este punto e fai explícita a súa actitude persoal (vid. Rodrigues Lapa 1973:283):

Non hai outro galego ó que acudir, pra facer unha lingua literaria, que o que falan as xentes dos nosos campos e ribeiras. Nos casos en que a lingua oficial barréu a forma orixinaria, tiven que decidirme entre a histórica, morta, ou a viva, de Castela, e preferín a derradeira nos mais dos casos.

A filosofía aquí expresada, que sanciona o uso real da lingua polos seus falantes espontáneos, contrasta cun exemplo bastante surrealista citado tamén por Rodrigues Lapa (1973: 284): a omisión da palabra *alegría*, común no galego real, do dicionario de X. L. Franco Grande, poeta amais de lexicógrafo, que en troques inclúe o termo obsoleto *ledicia*. Obviamente, esta segunda práctica está baseada nun ideal platónico da lingua, decidido polo escritor ou lexicógrafo mesmo cando non se corresponde coa realidade sincrónica actual, que se considera deturpada (por veces erroneamente) en relación a ese ideal. Esta actitude é, pois, claramente prescritiva, e así acientífica, xa que vai directamente en contra da metodoloxía descritiva aceptada e adoptada por toda a lingüística moderna.

Hai, de feito, unha grande distancia entre o galego ideal (prescritivo) que usan a maioría dos nosos escritores (e que tamén sustenta a lingua oral normativa, sinónimo de prescritiva e artificial no caso galego), e o galego real que fala espontaneamente a xente que o recibiu dos seus pais por unha liña de transmisión ininterrompida desde os romanos. É importante decatarse que tal distancia revela, por unha banda, o estado corrupto da fala real, e pola outra o rexeitamento de tal estado polas elites intelectuais, que de feito “reinventan” a lingua para satisfacer o seu desexo intelectual e emocional de pureza e diferencialismo. Como é de esperar, esa distancia non existe no caso de linguas normais, como o castelán en España, onde a lingua culta é un rexistro a penas diferente do coloquial (vid. a miña comunicación “A historia moderna do galego e o continuo poscrioulo”).

A distancia entre a lingua culta e a popular é un dos moitos problemas que confrontan a supervivencia do galego. En concreto, nas linguas en situación normal a lingua culta e a lingua popular fertilízanse mutuamente nos labios da (práctica totalidade da) poboación. En casos como o galego, por contra, a lingua culta forma un couto autosuficiente do que na práctica está excluída a inmensa maioría dos falantes reais (como digo, aqueles que recibiron a lingua ininterrompidamente desde os romanos). Outra curiosa mostra deste divorcio ofrécena agora os manuais para a aprendizaxe do galego. Por exemplo, no publicado por *La Voz de Galicia* hai uns anos (*Curso de Galego*, 1986) faise falar galego de libro a unha familia galega media, unha situación obviamente fantástica e incongruente no contexto galego actual: naturalmente, pode haber algunha familia intelectual militante que intente achegarse a ese ideal (evidentemente máis dentro da casa ca en público), como tamén pode haber familias galegas que falen en esperanto ou ata en xaponés, pero casos coma estes serían verdadeiramente excepcionais, e por tanto non se lle poden dar ó público como modelos de normalidade.

O problema que se lle presenta ó lexicógrafo galego pola mestura do galego co castelán é, xa que logo, considerable. Esta problemática é, con todo, obvia, e non lle imos prestar mais atención aquí. En troques, imos enfocar outro aspecto da cuestión, máis sutil, e por iso menos evidente e menos coñecido.

### 3. *ESPERAR E AGARDAR*

Moitas linguas estranxeiras conteñen unha parella de palabras como as que seguen:

|       |           |           |
|-------|-----------|-----------|
| ing.  | (to) hope | (to) wait |
| al.   | hoffen    | warten    |
| fr.   | espérer   | attendre  |
| ital. | sperare   | aspettare |

Esta oposición tamén pode expresarse en castelán:

|       |         |          |
|-------|---------|----------|
| cast. | esperar | aguardar |
|-------|---------|----------|

Dentro desta oposición, a palabra *esperar*, como o seu equivalente noutros idiomas, pode parafrasearse como “tener esperanza” (= ing. *to hope*, etc.), e *aguardar* como “estar a la espera” (ing. *to wait*, etc.). En castelán, *aguardar* substitúese agora normalmente por *esperar*, que invadiu o seu campo semántico a través do antigo *asperar* (vid. o comentario en Corominas 1954): *te esperé dos horas*, por exemplo, é moito mais común en castelán contemporáneo que *te aguardé dos horas*). Noutras linguas, sen embargo, os campos semánticos dos dous termos permanecen perfectamente delimitados e non é posible intercambiar as dúas palabras, como mostran os exemplos seguintes (como é habitual na literatura lingüística, os erros van sinalados por un asterisco):

‘llevo dos horas esperándote’

‘espero que hayas ganado’

|       |  |   |
|-------|--|---|
| ing.  | I've been waiting for you for two hours<br>*I've been hoping for you for two hours | I hope that you have won<br>*I wait that you have won             |
| al.   | Ich warte seit zwei Stunden auf dich<br>*Ich hoffe seit zwei Stunden auf dich      | Ich hoffe daß du gewonnen hast<br>*Ich warte daß du gewonnen hast |
| fr.   | je t'attends depuis deux heures<br>*je t'espère depuis deux heures                 | j'espère que tu as gagné<br>*j'attends que tu as gagné            |
| ital. | ti aspetto da due ore<br>*ti spero da due ore                                      | spero che abbia vinto<br>*aspetto che abbia vinto                 |

Mesmo en castelán, non é posible usar *aguardar* por *esperar* no seu sentido primitivo de “tener esperanza”, aínda que, como sabemos, si é posible, e común, dicir *esperar* por *aguardar*:

|       |   |  |
|-------|---|--|
| cast. | llevo dos horas aguardándote<br>llevo dos horas esperándote | espero que hayas ganado<br>*aguardo que hayas ganado |
|-------|---|--|

Chegados aquí imos ver qué pasa en galego. O galego ten dous verbos cognatos cos casteláns, e co mesmo significado ca eles:

|      |         |         |
|------|---------|---------|
| gal. | agardar | esperar |
|------|---------|---------|

En contraste co castelán, o verbo *agardar* segue vixente en galego enxebre (moi probablemente debido ó carácter arcaico e rural do galego enxebre comparado co castelán).

A oposición semántica entre *esperar* e *agardar* está recollida nos dicionarios. O de Rodríguez González, por exemplo, defíneos (en castelán) como segue:

|  |  |
|--|--|
| AGARDAR: Aguardar, esperar alguna cosa, persona o suceso; permanecer en espera de que venga, llegue o suceda // Aguardar, hacer tiempo, parándose o deteniéndose, para que otro llegue a juntarse con él | ESPERAR: Esperar, tener esperanza // Creer que ha de suceder alguna cosa |
|--|--|

Como sucede en castelán, o galego *agardar* pode ser substituído por *esperar*, e Rodríguez González tamén inclúe a seguinte definición baixo o lema ESPERAR:

Aguardar a alguien o algo

Por outra banda, a definición de *agardar* non inclúe a acepción de “tener esperanza”. Esta práctica coincide exactamente coas miñas intuicións, e coas intuicións de varios falantes nativos que consultei, entre eles profesores da Universidade de Santiago e membros do Instituto da Lingua Galega.

Outros dicionarios de galego referendan este dictame:

## Galaxia

AGARDAR *vt. y vi.* Aguardar, estar alguen en un lugar esperando que alguen llegue o que suceda certa cosa. ESPERAR.

[NB. *esperar* dáse como sinónimo total de *agardar*]

### Real Academia Galega

AGARDAR *v.t.*:1. Permanecer nun lugar contando con que alí vai chegar alguén ou ben vai producirse algún acontecemento. OBS. Cando o complemento dereito é de persoa, este verbo pode leva-la prep. *por*. *Agardei por el nun café. Senteime a agardar que saíses da reunión.* 2. Manter unha determinada situación ata que se modifiquen as circunstancias que a rodean. *Agardou o momento oportuno para actuar. Agarda a que escampe para saír.* || SIN. **esperar.**

[NB. *esperar* dáse como sinónimo xeral de *agardar*]

### Xerais

AGARDAR (de *a + gardar*). 1. Permanecer en espera de que veña, chegue ou suceda. 2. Facer tempo para que chegue outro a xuntarse con un. 3. Dar tempo de espera // **A. a man.** Deixarse acariñar. **A. a súa.** Esperar con paciencia a ocasión propicia. **A. os sete agardares.** Esperar durante moito tempo ata esgota-la paciencia.

FAM. **Agarda.**

### Alonso Estravis

AGARDAR, *v. tr.* (1) Estar à espera de; permanecer na expectativa de: *agarda por min ao saír da misa.* (2) Parar, facendo tempo para que outra persoa chegue a xuntar-se con el: *agarda mentres non chego.* (3) Dar tempo, especialmente ao que debe cartos, para pagar. Locs. *Agardar a mao:* parar, esperando que alguén o colla. *Agardar a súa:* agardar a ocasión apro-

ESPERAR *vt.* Esperar. Tener esperanza de conseguir lo que se desea./ Esperar, creer que ha de suceder alguna cosa./ Esperar, aguardar a alguen o algo.

[NB. *esperar* defínese como “aguardar” só na terceira acepción]

ESPERAR *v.t.* 1. Permanecer nun lugar contando con que alí vai chegar alguén ou ben vai producirse algún acontecemento. OBS. Cando o obxecto dereito é de persoa pode leva-la prep. *por*. *Espera a que acabe a película. Non espero por ti máis de media hora.* SIN. **agardar.** 2. Manter unha determinada situación ata que se modifiquen as circunstancias que a arrodean. *Esperar mellor ocasión. Espera que adormezan os nenos.* SIN. **agardar.** 3. Te-la esperanza de que algo suceda. *Espero que chegue hoxe. Espero aprobar.*

[NB. *agardar* dáse como sinónimo de *esperar* nas acepcións 1 e 2, pero non na acepción 3]

ESPERAR (lat. *sperare*). *v.* 1. Ter confianza para conseguilo que se desexa. 2. Agardar nun sitio a alguén. 3. Crer que vai suceder algo. 4. Ser inminente unha cousa ou feito.

FAM. **Espera, esperable, esperado, esperanza.** || **Inesperado.**

ESPERAR, *v. tr.* (1) Ter esperanza en, contar con: *esperar os favores de alguén.* (2) Ficar nun lugar até que chegue alguén ou aconteza algunha cousa: *Espera que saia o sol.* *v. i.* (1) Ter esperanza ou confianza en: *esperar en Deus.* (2) Estar à espera de alguén ou dalgunha cousa: *esperar por un amigo.* (3) Manter-se en expectativa. Sinóns. *Agardar, confiar, crer,*

piada para facer algo, xeralmente para facer mal. Rfr. O que agarda polo que ven de fora, agarda polo que ven tarde e sen hora. Sinón. Esperar [der. de gardar].

### Ir Indo

AGARDAR, v. tr. Estar á espera de; permanecer na expectativa de // Parar, facendo tempo para que outra persoa chegue a xuntarse con el // Dar tempo, especialmente ó que debe cartos, para pagar.

*desexar*. Antón. *Desesperar* [lat. *sperare*] [NB. imprudentemente, non se especifica a que acepción corresponde cada un dos sinónimos, que obviamente non se poden usar indiscriminadamente]

ESPERAR, v. tr. Ter esperanza en, contar con // Ficar nun lugar ata chegue alguén ou aconteza algunha cousa // v. i. Ter esperanza ou confianza en // Estar á espera de alguén ou dalgunha cousa // Manterse en expectativa. Agardar. [NB. *agardar* dáse como equivalente de *esperar* no sentido de ‘manterse en expectativa’, pero non nos outros]

## 4. DO DIFERENCIALISMO Ó BARBARISMO

Sobre a base de que *ter esperanza* equivale a *esperar* e non a *agardar*, segundo acabamos de establecer, a seguinte frase, atribuída por *La Voz de Galicia* (6.1.1995) ó xogador brasileiro do Deportivo Mauro Silva, non pode menos de causar sorpresa:

“AGARDO xogar contra o Real Madrid”

É, claro, moi improbable que o Silva pronunciara esta frase en galego, que de maneira mais que segura foi traducida por *La Voz* do seu castelán (na actualidade, tales traducións seica constitúen unha práctica habitual en moitos xornais galegos). A intención da frase é claramente a de *esperar* = *ter esperanza*:

ESPERO                      xogar contra o Real Madrid  
Teño esperanza de

Se o Mauro Silva estivese realmente a agardar o partido a frase tería que incluír a preposición *a* para chegar a ser gramatical:

AGARDO A                    xogar contra o Real Madrid  
Estou á espera de

Á vista disto parece razoable concluír que *La Voz de Galicia* errou no uso de *agardar* por *esperar*.

No número do semanario *A Nosa Terra* de 30.12.1993 apareceu a seguinte gacetilla:

“É de AGARDAR que, o próximo 25 de Xullo, a Xunta de Galicia convide aos seus actos a persoas de maior garantía”

Sintacticamente, a expresión *\*é de agardar* é agramatical. Evidentemente trátase dunha tradución literal do seu equivalente correcto *é de esperar*, pois a obvia interpretación pragmática da frase (ignorando, claro, a súa agramaticalidade) é a de “ter esperanza”. Repárese que neste caso non hai posibilidade de amañar a frase para preservar o sentido literal de *agardar* (= “permanecer en espera de que venga, llegue o suceda alguna cosa, persona o suceso”, segundo o diccionario de Rodríguez González), porque aquí a inclusión da preposición *a* non chegaría a corrixir a agramaticalidade da expresión:

\*É de AGARDAR a que, o próximo 25 de Xullo, a Xunta de Galicia convide aos seus actos a persoas de maior garantía

Este breve exame da prensa en galego obviamente mostra que os seus niveis de corrección lingüística deixan algo de desexar nalgunhas ocasións (sorpudentemente no caso de *A Nosa Terra*, dado o seu carácter galeguista militante). Naturalmente, sería razoable esperar (!) non encontrar vicios de linguaxe semellantes na literatura especificamente sobre o galego. Consideremos, sen embargo, a frase seguinte:

\*AGARDAMOS que, con esta iniciativa, contribuíamos a lograr estes obxetivos

Para tornarse gramatical, esta expresión necesitaría a inserción da preposición *a*, como a suposta declaración de Mauro Silva a *La Voz de Galicia*, e tamén a posposición da frase *con esta iniciativa* (e aínda así ficaría un tanto estraña, polo menos semanticamente):

AGARDAMOS A que contribuíamos a lograr estes obxetivos con esta iniciativa

Aquí o escritor di que vai permanecer á espera ata conseguir os obxectivos en cuestión. O lector ten, pois, unha vez mais dúas opcións para entender a frase orixinal agramatical: ou inserir *a* e interpretar a frase como unha espera física, ou deixala como está no orixinal e vulgar o uso de *agardar* por *esperar* como un erro léxico-semántico. Evidentemente, o contexto favorece a segunda interpretación. A sorpresa desde esta perspectiva é que a frase non está tirada de ningún periódico galego, senón da introducción dun folleto intitulado *Galego. En Galego con Todo o Dereito*, publicado pola Xunta de Galicia.

O lector ben disposto cara ós usuarios do galego escrito tal vez estea pensando que hai que ter certa xenerosidade cando estes non son especialistas de lingua, e por tanto que os exemplos de mal uso de *agardar* a que me estou referindo non teñen maior importancia. Debo dicir que eu non estaría de acordo con este dictame, como de certo tampouco o estaría a Real Academia Española nin o público castelán-falante de Madrid ou mesmo de Galicia se os erros apuntados se tivesen producido en español (cf. *\*aguardamos que, con esta iniciativa, contribuíamos a lograr estos objetivos*, etc.). E, de tratarse dun exame dunha lingua estranxeira, o erro correspondente podía facilmente levar a un suspenso, ou polo menos a unha nota baixa (cf. *\*we wait to achieve these*

*goals with this initiative*, etc.). De todos os modos, as esperanzas de que o uso da parella de verbos *esperar* / *agardar* sexa correcto en libros ou artigos escritos por especialistas infelizmente tamén son infundadas, como imos ver agora.

Mesmo sen peneirar sistematicamente a literatura, atopei dous exemplos que non vou dubidar de cualificar de moi preocupantes, e que agora transcribo:

“AGARDEMOS que esta obra, ó igual cás precedentes, axude á fixación da variedade estándar”

“Así AGARDAMOS que sexa”

Unha vez máis, estas frases son incorrectas, ora sintacticamente, ora semanticamente. En concreto, se de verdade estamos a falar de *agardar*, a inclusión da preposición *a* resulta obrigatoria, e a posposición da frase parentética moi aconsellable:

AGARDEMOS A que esta obra axude á fixación da variedade estándar, ó igual cás precedentes

Nótese, sen embargo, que a segunda frase non pode corrixirse desta maneira, debido ó seu encabezamento pola partícula *así*:

\*así agardamos a que sexa

O que precisamos aquí é a posposición desta partícula:

agardamos a que sexa así

Agora a frase é gramatical, e debe interpretarse como que non nos imos mover dalgún sitio ata que suceda a cousa de que estamos falando. Claramente, emporiso, non é esta a intención dos escritores correspondentes, que neste caso, coma en todos os anteriores, queren dicir simplemente *esperar*:

esperemos que esta obra, ó igual cás precedentes, axude á fixación da variedade estándar

así esperamos que sexa

O verdadeiramente preocupante é que a primeira expresión ocorre no prólogo do libro de erros e dúbidas de X. Graña Núñez (1993) (aínda que o prólogo non é del), e a segunda tamén no prólogo do manual de galego *Galego 3*, elaborado e publicado polo Instituto da Lingua Galega. Aínda mais irónico é o contexto do “así agardamos que sexa” do *Galego 3*, que agora transcribo:

Pero nunha lingua como a nosa, onde o influxo do adstrato castelán é moi sensible, a corrección lingüística adoita estar sometida a certos prexuícios que levan a algúns a producir un galego “hipercorrecto”. Para prevenir a estes dun perigo así, tratamos con certa amplitude o problema do diferencialismo... Podemos resumir, xa que logo, que a teoría gramatical no derradeiro destes manuais vén ser unha “gramática de dúbidas” do galego e pode ser de proveito mesmo para quen non seguira os dous primeiros. ASÍ AGARDAMOS QUE SEXA.

É obviamente interesante, e altamente revelador da precaria situación do galego hoxe en día, que o(s) escritor(es) incorre(n) no mesmo vicio que condena(n), ¡e no mesmo anaco de discurso! Como este discurso acertadamente sinala, a causa do erro é simplemente o diferencialismo con respecto ó castelán, infelizmente abondoso de mais na escrita galega contemporánea, e do que se poden (e deben) tirar dúas conclusións, por outra parte relacionadas. A primeira é que quen incorre no diferencialismo (sexo agramatical ou gramatical) está a promover a mesma cousa que quere combater, ou sexa, a falta de autonomía do galego cara o castelán, porque para diferenciarse de algo cómpre telo presente (naturalmente, non hai diferencialismo galego respecto ó chino, o sueco, o ruso, etc.). A segunda conclusión, relacionada como digo coa primeira, é que os que así escriben (ou falan) parece que descoñecen o galego real, secularmente transmitido en Galicia desde o tempo dos romanos, porque se o coñeceran seica non caerían en tales defectos, como non incorren en diferencialismo respecto ó galego (ou outra lingua) os falantes do castelán (en Madrid ou en Galicia). Como polo menos nalgúns dos casos que examinamos tal descoñecemento é improbable, a conducta lingüística destes escritores só se pode explicar sobre a base de que (consciente ou inconscientemente) dan prioridade ó diferencialismo sobre a realidade (de xeito especialmente irónico no caso dos manuais de dúbidas e das gramáticas, e mais aínda no do *Galego 3*, dado o contexto). En calquera caso, como xa dixen, isto revela que a autonomía do galego está considerablemente minguada. E, naturalmente, unha fala sen vida de seu non é mais que unha variedade (ou “dialecto”) da outra da que depende (vid. nestas *Actas* as miñas comunicacións “O falante nativo na enquisa sociolingüística da RAG” e “A historia moderna do galego e o continuo poscrioulo”).

A moda de *agardar* en troques de *esperar* tamén está presente na lingua oral formal (é dicir, “normativa”), e vou citar só dous casos que presenciei precisamente co gallo deste congreso. O primeiro foi nun avión de Aviaco, vó AO 795 de Barcelona á Coruña, no que pouco antes de aterrar a compañía nos obsequiou coa gravación (supoño) dun espléndido “agardamos que teñan unha boa estada”, ou cousa semellante. O segundo foi no acto de clausura do congreso mesmo, onde o Rector Magnífico da Universidade de Santiago tamén “agardou” non recordo que (¡probablemente un futuro glorioso para a lingua galega!).

## 5. CRITERIOS LEXICOGRÁFICOS

Chegados a este punto o lector pode pensar que é imposible que tantos persoeiros e estudiosos do galego erraran no seu uso de *agardar* por *esperar*, e que quen erra é o escritor destas liñas na súa interpretación. Naturalmente, isto é posible, aínda que no caso presente parece altamente improbable. Como xa dixen antes, en primeiro lugar eu non lembro ter oído este uso de labios de ningún falante tradicional no curso da miña



vida (isto non quere dicir que non poida haber nalgún sitio un falante cun uso idiosincrático, pero unha andoriña soa non fai verán tampouco na lingua). En segundo lugar, os falantes nativos que consultei (moitos deles, como xa dixen, relacionados coa Universidade de Santiago e/ou o Instituto da Lingua Galega) concordaron co meu diagnóstico. En terceiro lugar, tamén vimos que os dicionarios incorporan sistematicamente a diferenciación semántica das dúas palabras, semellante á que se dá en linguas estranxeiras e mesmo no castelán (habida conta do desprazamento de *aguardar/agardar* por *esperar* ó que nos temos referido). Toda esta evidencia suxire que a análise proposta aquí é acertada, e o uso que vimos comentando errado.

Para reforzar esta conclusión, vou convidar o lector a que explore as súas intuicións respecto ás constelacións léxicas que seguen, formadas sobre as palabras base *esperar* e *agardar*, onde sinalo cun asterisco aquelas palabras que me parecen erradas ou inexistentes en galego:

|                 |                               |
|-----------------|-------------------------------|
| esperanza       | *agardanza                    |
| esperanzado     | *agardanzado                  |
| desesperar      | *desagardar                   |
| desesperado     | *desagardado                  |
| desesperación   | *desagardación, *desagardanza |
| desesperanzar   | *desagardanzar                |
| inesperado      | *inagardado                   |
| inesperadamente | *inagardadamente              |

Como podemos ver, existe unha profunda asimetría morfolóxica en favor da raíz de *esperar* fronte á de *agardar*, xustamente como é de esperar (!) á luz das reflexións anteriores.

Como colofón ofrezco un pequeno rastreo de construcións sintácticas que corrobora a diferenza entre os dous verbos obxecto da presente pesquisa:

levo dúas horas agardándote  
 todos os días teño que te agardar  
 agardeite no café de sempre  
 agardei por el ó saír da misa  
 senteime a agardar a que saíse  
 agarda a que escampe  
 estou a agardar a que escampe  
 agardou o momento oportuno  
 agarda mentres non chego

En todos estes casos é posible substituír o verbo *agardar* por *esperar*, que como sabemos ten invadido o seu campo semántico (aínda que menos vigorosamente en galego ca en castelán). A substitución oposta, en troques, non é sempre posible, como testemuñan as frases a seguir:

espero que aprobaras  
 espero aprobar sen dificultade  
 espero que chegue hoxe  
 espero en Deus e os seus santos  
 espero que escampe logo  
 espero espertar a tempo  
 espero que espertarei a tempo  
 espero que non chovera  
 espero que non choverá

Estes feitos tamén nos levan á conclusión de que os usos de *agardar* que examinamos enriba están errados.

A lección que nos dá o presente estudio é que a tarefa do lexicógrafo nunha lingua falada por bilingües, como é o caso do galego, está ateigada de dificultades. O que evidentemente non se pode facer co galego é recoller literalmente o que se oe ou le, porque é posible que algo que se está a dicir ou escribir nun momento determinado non é realmente galego, senón castelán (*abuelo, anzuelo, bolsillo, calle, castillo, cuchara, deuda, isla, mueble, paloma, pueblo, polvo, reina, tabla*, e centos ou mesmo miles mais) ou, mais insidiosamente, anticastelán (*\*agardar*, no sentido de “ter esperanza”). Se o lexicógrafo galego non coñece a lingua galega desde dentro (ou sexa, se non é falante nativo galego, ou case) vaille ser moi difícil non caer na trampa de tomar a careta artificial que se lle presenta (sen querer ou adrede, e usualmente coa mellor vontade do mundo) pola cara real que se oculta detrás, que é o que o lexicógrafo busca, ou debe buscar.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alzugaray Aguirre, J. J. (1985) *Diccionario de extranjerismos*. Madrid: Dossat.
- Corominas, J. (1954) *Diccionario Crítico Etimológico de la Lengua Castellana*. Berna: Editorial Francke.
- Fernández Salgado, B. (1992-93) Notas para un curso dado na Universidade de Oxford.
- García Negro, P. (1991) *O galego e as leis*. Vilaboa, Pontevedra: Edicións do Cumio.
- Graña, X. (1990) “O léxico patrimonial galego: algúns aspectos do seu empobrecemento”. *Cadernos de Lingua* 2, 47-58.
- Graña, X. (1993) *Vacilacións, interferencias e outros “pecados” da lingua galega*. Vigo: Ir Indo.
- Instituto da Lingua Galega (1983) *Galego 3*. Santiago: Instituto da Lingua Galega.
- Noia Campos, M. C. (1982) “Interferencias léxicas entre as linguas galega e castelá”. *Grial* 75, 91-99.
- Rodrigues Lapa, M. (1973) “A recuperación literaria do galego”. *Grial* 41, 278-87.
- Rodríguez, F. (1991) *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*. Santiago: Edicións Laivento.

## **SITUACIÓN LINGÜÍSTICA ACTUAL DEL 'GALLEGO EXTERIOR' HABLADO EN LA COMARCA DE SANABRIA (ZAMORA). PROBLEMAS DIALECTOLÓGICOS Y SOCIOLINGÜÍSTICOS**

*Francisco Vega*

Universidad Complutense de Madrid

### **1. INTRODUCCIÓN**

Con esta investigación se pretende incorporar en el ámbito de los estudios sincrónicos un ejemplo modelo todavía hoy vivo para la investigación de la variación lingüística, y más concretamente, para aquellas disciplinas que tienen por objeto el estudio de las lenguas en contacto. En la actualidad, con la adaptación de una metodología adecuada basada fundamentalmente en los modelos que proporciona la Sociolingüística, el estudio de las variedades dialectales en el área de transición denominada Alta Sanabria ofrece la posibilidad de investigar aspectos teóricos del comportamiento lingüístico de comunidades que reflejan diversos grados de variabilidad. Dentro del marco de las lenguas en contacto, se puede investigar, por ejemplo, los procesos de acomodación de la lengua dentro de un *continuum* dialectal, la formación, el desarrollo y el estado actual de dialectos mixtos y fundidos por estar expuestos a distintas influencias, el proceso de adquisición de un lengua minoritaria ante el idioma nacional, como sucede con el gallego y la incorporación del portugués bien sea en la competencia comunicativa de los hablantes o más frecuentemente en su competencia receptiva, la variabilidad lingüística influida por numerosos factores (sexo, localidad, edad, actitudes). También se puede estudiar el proceso de cambios o adaptaciones que hace una lengua a través de sus hablantes para sobrevivir o coexistir en un ambiente sociolingüístico que no siempre es positivo, y dentro de este aspecto, como consecuencia el cambio o elección de lengua que puede dar lugar a la decadencia y mortandad lingüísticas por la presión de una lengua mayoritaria. Por otra parte, las variedades dialectales en Sanabria deben relacionarse con otras variedades lingüísticas en España, es importante estudiarlas dentro de un marco de sociedades multilingües e individuos que también pueden serlo. Es conveniente estudiar el comportamiento de la lengua donde se observan todo este tipo de situaciones.

En términos actuales, el estudio del multilingüismo en Sanabria (Zamora) supone un proyecto concebido en una línea de investigación interdisciplinar donde de una manera significativa la Geografía se va a convertir en la tercera disciplina que necesariamente va a pasar a formar parte integradora de los estudios dialectológicos, bajo los auspicios de las disciplinas formadas por la Geografía Lingüística y la Dialectología ‘regional’. Conviene hacer algunas precisiones terminológicas por la polisemia que encierran las etiquetas de dichas disciplinas. En primer lugar, aquéllas que tienen objetivos estrictamente lingüísticos que corresponden a las corrientes denominadas como: Geografía Lingüística, que ha de ser entendida como Dialectología Tradicional, y Dialectología ‘regional’, entendida como Sociolingüística, pero aplicada a las variedades rurales, y en consecuencia, complementaria de la Dialectología ‘urbana’. En segundo lugar, la inclusión de una tercera corriente cuyos objetivos no son estrictamente lingüísticos: la Geografía, y más específicamente, la Geografía Humana, que puede parecer menos esencial a los lingüistas, y verdaderamente está menos integrada en los estudios dialectológicos que las otras dos ramas, pero conviene tener en cuenta lo que dice Trudgill al respecto: “Los dialectólogos no deberían contentarse simplemente con describir la distribución geográfica de los rasgos lingüísticos distintivos sino que también deberían ocuparse de explicar esta distribución” (1983 b: 54).

La incorporación de la Geografía Humana tiene por objeto el estudio de la difusión geográfica de las innovaciones lingüísticas dentro del marco de la teoría de la variación y posee un claro antecedente en Inglaterra, especialmente con los trabajos de Chambers y Trudgill (1980) que inauguraron una nueva rama, la Geolingüística moderna, cuyo origen se fundamenta en la confluencia de estas tres disciplinas: la geografía lingüística, la dialectología urbana y la geografía humana.

En definitiva, la justificación última es romper con el vacío bibliográfico desde el punto de vista de la dialectología castellano-leonesa y volver sobre Sanabria una vez más para actualizar los datos después de estas tres últimas décadas de nihilismo científico. Sin duda alguna, sería impensable hoy hacerlo sin tomar como punto de partida los materiales rigurosamente recolectados y posteriormente elaborados y presentados por el profesor alemán Fritz Krüger, porque teniendo como precedente este material lingüístico y con la aplicación de una metodología adecuada para el estudio actual, se puede dar cuenta de uno de los problemas que más han preocupado a la lingüística contemporánea: descubrir los mecanismos del cambio lingüístico, la naturaleza de la variabilidad lingüística y la estructura de los sistemas lingüísticos.

## 2. PROBLEMAS DIALECTOLÓGICOS

### 2.1. Sanabria: un *continuum* dialectal

Para interpretar la situación lingüística actual del *gallego exterior* en la comarca de Sanabria es necesario tener en cuenta, además de la gran diferenciación dialectológica

que caracteriza a la zona en general como un marco idóneo para el estudio de los dialectos en contacto, tener en cuenta también los problemas que plantea la distribución geográfica de los dialectos, porque en líneas generales, la comarca de Sanabria (Mapa 1) está situada en la región montañosa del noroeste de la provincia de Zamora y presenta unos límites naturales muy precisos con las poblaciones vecinas. Limita al norte con la provincia de León y más concretamente con la comarca de la Cabrera, de la que la separa la Sierra del mismo nombre; el límite por el sur lo constituyen las últimas estribaciones de la Sierra de la Culebra, zona fronteriza con el distrito de Braganza en la región de Trás-os-Montes de la vecina Portugal, mientras que por el oeste la Sierra Segundera en la zona denominada Alta Sanabria, actúa como una barrera natural separando la comarca de Sanabria de la del Bolo en tierras orensanas y al mismo tiempo separa la Alta Sanabria de la Sanabria interior. Estas tres formaciones montañosas configuran en su centro un valle cerrado que se abre en dirección sudeste siguiendo la dirección del río Tera y limita en este punto con la subcomarca La Carballeda, territorio de transición hacia Benavente.

Los factores físicos, como por ejemplo la distancia geográfica de los centros urbanos, y las barreras naturales, como el complejo sistema de sierras que caracterizan la geomorfología de Sanabria, han intervenido de una manera decisiva en la diferenciación regional de la lengua. Teniendo en cuenta estos factores es obvio predecir que los efectos sobre el carácter dialectológico de las poblaciones tenga el aspecto de mosaico dialectal donde las formas lingüísticas varían no sólo entre poblaciones alejadas entre sí sino también entre poblaciones próximas. Por otro lado, una comarca de transición entre regiones socioculturalmente distintas como ésta no puede presentar características lingüísticas homogéneas. La coincidencia en el mismo espacio de un límite internacional, otro autonómico y otro provincial, cada uno de ellos con su propia identidad cultural y lingüística: al sur, la confluencia con la lengua y la cultura portuguesa en su variedad trasmontana; al oeste, con la lengua y la cultura gallega en su variedad oriental orensana; y al norte, con las hablas y la cultura de la Cabrera Baja, a punto de su desaparición; hacen que Sanabria se constituya en una zona muy interesante para el estudio de la Dialectología, la Sociolingüística y la Etnografía de la Comunicación, dentro de las nuevas corrientes de la Filología Hispánica.

Para la Dialectología en concreto, los dialectos rurales de Sanabria representan un foco de estudio importante porque puede ser considerada como una zona lingüística de transición, o lo que es lo mismo, un *continuum* dialectal (Mapa 2) en el territorio español dentro del *continuum* románico occidental que lingüísticamente abarca el bloque gallego-portugués y el bloque asturiano-leonés. Si se examinan los dialectos tradicionales en la región de Sanabria se puede comprobar que, dentro del *continuum* dialectal del romance occidental, pueden considerarse un caso especial de transición gradual entre variedades de lenguas con un origen común que se han ido diversificando y que en la actualidad presentan distintos grados de evolución.

La clasificación de las variedades dialectales del *continuum* sanabrés en términos de gradualidad geográfica está formada por las siguientes áreas:

- Los últimos enclaves del dialecto histórico leonés al norte, pero utilizado como norma encubierta entre determinados miembros de la comunidad, especialmente entre mujeres y en el grupo generacional de edad más avanzada. Es muy reducido el número de monolingües, en estos casos lo que se produce es una situación diglósica en la que una variedad del castellano mezclada con dialectalismos se utiliza para hablar con el forastero, en las relaciones con el exterior y con los miembros de la comunidad que han perdido o abandonado el uso del dialecto tradicional a favor de la variedad más prestigiosa. Por el contrario, el escaso rendimiento del dialecto tradicional tiene reservado su uso para las relaciones internas, es decir, dentro de la familia y con los miembros de la comunidad que conservan la lengua vernácula formándose una red social intergrupala.
- En el centro, el *área focal* del castellano de la que parten todas las innovaciones lingüísticas en todas las direcciones dejando a los lados *áreas remanentes* de isoglosas correspondientes a rasgos lingüísticos del antiguo dialecto leonés hablado allí.
- Al oeste una frontera natural separa las variedades del gallego *exterior* en la Alta Sanabria de las hablas de Sanabria interior y al mismo tiempo esta zona representa un área de transición hacia el gallego *interior* en Ourense y hacia el portugués trasmontano.
- En el Sur del *continuum*, en la zona fronteriza con Portugal, dos enclaves aislados del centro de Sanabria por una cadena montañosa entran en contacto con el portugués de manera diferente:

(1) Por un lado Calabor, la frontera oficial que une Sanabria con el distrito de Braganza en Portugal, fue en un estadio anterior un ejemplo claro de rivalidad entre dialectos fronterizos –el gallego, el portugués y el dialecto leonés– llegando a formarse lo que en términos actuales se denomina un *interdialecto*. En la actualidad, presenta la misma situación que el resto de Sanabria, quedan restos del *interdialecto* que allí se formó y el contacto con el portugués hoy se limita a un bilingüismo reducido a un pequeño número de hablantes perteneciente al grupo de los comerciantes que mantienen un estrecho contacto comercial con los clientes de las poblaciones vecinas de Portugal y la lengua de intercambio es el portugués. La rivalidad entre lenguas no es como en la etapa precedente donde el gallego, la lengua base del dialecto, el leonés y el portugués se mezclaron dando lugar a un dialecto fronterizo; en la actualidad lo que existe es una situación de bilingüismo marcada socioculturalmente entre lenguas bien diferenciadas: el castellano y el portugués.

(2) El segundo enclave es Rihonor, pueblo que está vinculado lingüística, demográfica y socioculturalmente a su homónimo portugués Rio de Onor o *Rui-*

*denor*. Este fragmento ya ha sido particularmente estudiado en otras ocasiones por la Antropología cultural y la Dialectología aunque se desconoce una actualización con las herramientas de las nuevas metodologías. Desde el punto de vista de la Dialectología y la Sociolingüística este tipo de contacto entre lenguas suele ser objeto de investigación por la variedad de niveles de lengua que emergen de la acomodación entre los códigos utilizados a través de sus usuarios. La causa principal hay que buscarla en el tipo de relación social entre los miembros de ambas comunidades que socioculturalmente forman una sola. La formación de matrimonios mixtos entre miembros de ambas comunidades aisladas respectivamente de sus centros administrativos ha producido este *mestizaje* lingüístico desde sus orígenes. Hay que decir también que las consecuencias lingüísticas de esta clase de contacto sólo pueden ser observables en el grupo de edad más avanzada, el único representativo. La ausencia de movilidad demográfica en Rihonor augura la pronta desaparición de esta reliquia lingüística conservada en unos 25 habitantes. No sucede lo mismo en el pueblo vecino de Portugal que cuadruplica la población del anterior. Teniendo en cuenta el número de hablantes la lengua que domina en las comunicaciones internas entre los miembros de las dos comunidades es el portugués. El resto de los niveles de lengua en relación con el uso del portugués o del castellano según las situaciones contextuales dependerá de muchos factores que se tratarán en otro momento.

Esta situación conocida como *continuum* dialectal es muy apropiada para dividir y clasificar el fragmento particular que constituye Sanabria dentro del *continuum* románico peninsular, y en concreto, en el mismo espacio geográfico, para examinar lo que sucede lingüísticamente en la zona más occidental de esta región que va a ser objeto de atención en las siguientes páginas.

## 2.2. El gallego exterior en Sanabria. Variedades transicionales

La Dialectología Tradicional, que opera fundamentalmente con isoglosas o haces de isoglosas que indican los límites de uso de un determinado rasgo o fenómeno lingüístico, ha permitido, según los materiales del *ALGa* (*Atlas Lingüístico Galego*), clasificar el gallego hablado en el área zamorana denominada Alta Sanabria dentro del *bloque oriental* del dominio de la lengua gallega, junto al área ancaresa (León) y el área asturiana. Geográficamente, según la clasificación hecha por Fernández Rei (1990: 115), comprende el gallego hablado entre las Portillas de Padornelo y La Canda y además el municipio ourensano de La Mezquita. Dentro del bloque oriental, el área zamorana es delimitable con la isoglosa *collín / collí, dixen / dixen*. La isoglosa de la inexistencia o presencia del teísmo permite delimitar a su vez dos subáreas: la de Porto, al norte, con distinción *che / te (xa che dixen todo / xa te vin)* y La Mezquita-Lubián, al sur, con teísmo (*xa te dixen todo / xa te vin*). En la subárea La Mezquita-Lubián se pueden delimitar dos microsubáreas, La Mezquita y Lubián-Hermisende, teniendo en cuenta las isoglosas *lle / le, cantache / cantèste(s), collemos / collimos*, etc.

La determinación de isoglosas y patrones de isoglosas sólo permite demostrar descriptivamente que existe una variación geográfica en los límites entre dos regiones, permite delimitar zonas dialectales y clasificarlas, como la clasificación en dialectos y subdialectos, o en áreas, subáreas y microsubáreas (Fernández Rei, 1990: 144-147) porque “como construcción teórica, la isoglosa implica al menos una asunción importante: que la variación es geográficamente hablando, abrupta. El diseño de una isoglosa en un mapa implica claramente que una variable da paso a otra variable en un punto concreto del espacio” (Chambers y Trudgill, 1980: 23). Pero la rigidez con se aplican estos principios en el desarrollo de la dialectología tradicional ha llevado a estudiar de una forma inadecuada la descripción del habla, y sobre todo cuando se trata de describir lo que sucede en una zona de transición entre variedades dentro de un mismo sistema lingüístico que aparentemente son muy diferentes entre sí, a juzgar por las opiniones bastante generalizadas entre los hablantes de la zona de estudio. Una consecuencia lógica predecible en un área de transiciones es la rivalidad entre tendencias diferentes y en este sentido la variabilidad parece ser una de las características más relevantes en esta situación. Es muy frecuente escuchar respuestas como la que se describe a continuación a preguntas del tipo ¿cómo es el gallego que se habla en región?:

Vas a Porto y hablan de una forma, vas a Hermisende, hablan de otra y vienes aquí y hablamos de otra, porque, un simple cacho de pared que está quitado nosotros llamamos un *portón* y ellos (Hermisende) le llaman un *caneiro*, que es palabra portuguesa. Hermisende perteneció a Portugal. **Castromil (Zamora, 1994).**

Observaciones de este tipo son comunes entre los hablantes del gallego *exterior* en el área zamorana. Este hecho demuestra la complejidad que representa en las regiones fronterizas la clasificación y la interpretación de la variabilidad lingüística en términos dialectales, porque existen algunas preguntas, planteadas por Chambers y Trudgill (1980), que incluso tienen representación psicológica en la mente de los hablantes conscientes de vivir en un área de transición así como de la naturaleza de su lengua:

Una de las cuestiones clave cuando nos enfrentamos a lo que parece ser una variedad infinita de hablas de una región a otra, es cómo limitan las áreas dialectales entre sí. ¿Existe algún límite en los tipos de variación que puede haber entre un hablante y su vecino, y, si esto es así, cuál es este límite? ¿Cómo se acomodan los vecinos entre sí en una frontera lingüística? ¿Hasta qué punto es *real* tal frontera?; o, en otras palabras, ¿cómo influye (si es que lo hace) en los asuntos cotidianos de la región o afecta al comportamiento lingüístico de la gente en la comunidad hablante?, ¿de un modo consciente o –con mayor probabilidad– inconsciente? (Chambers y Trudgill, 1980: 164).

La solución a tales preguntas aplicadas a un *continuum* dialectal sólo puede aclararse si se entiende que la transición entre unas variedades y otras no es abrupta sino gradual. Si se analizan algunos de los fenómenos que caracterizan el gallego en el área zamorana respecto al gallego en el resto de los bloques (Fernández Rei, 1990: 144-147) se puede predecir que el tipo de variación encontrada responde a la noción de gradualidad geo-



gráfica de las variedades distribuidas a lo largo del *continuum*. Teniendo en cuenta las variables siguientes:

- Alternancia en los diptongos *oi*, *ou*: *noite~noute*, *dous~dois*, *despois~despous*, *touro~toiro* (Port. *noite*, *dois*, *depois*, *toiro*).
- Ausencia de diptongo en: *muto*, *truta* (Gall. *moito*, Port. *muíto*).
- Vocal temática *i* en formas como *collimos*, *collistes* en lugar de *collemos*, *collestes* (Port. *-emos*, *-estes*).
- Perfecto *collí*, *partí*, *dixe*, *fice*, sin sufijo de número y persona *-n* (Port. *-ø*).
- Desinencia *-ste* ~ *-stes* en la segunda persona del perfecto de indicativo en lugar de *-che*. (Port. *-ste*).
- Desinencia *-steis* en la quinta persona del perfecto de indicativo en lugar de *-stes* (Port. *-stes*).

Lo que llama la atención en las anteriores formas lingüísticas es que en su estructura aparecen fundidas gradualmente o en alternancia tendencias que pertenecen a sistemas lingüísticos diferentes: el gallego, el portugués y el castellano se alternan bien sea en su realización fonética, morfológica o léxica. El estudio de las transiciones muestra de un modo más revelador la naturaleza de las variedades fronterizas con el descubrimiento de los lectos (o variedades) mixtos o fundidos, que tuvieron su origen en los *Estudios de Dialectología Sanabresa* inaugurados por Krüger con los denominados *Mischdialekte*. Dentro del sistema lingüístico del gallego *exterior* marca el camino a seguir para situar la dialectología “sanabresa” en el lugar que le corresponde en el ámbito de los estudios sincrónicos, al lado de la dialectología hecha en Galicia y Portugal, así como en Asturias y León.

### 2.3. Lectos mixtos o fundidos.

#### Algunas consideraciones acerca de la naturaleza de las variedades fronterizas

El *continuum* dialectal de Sanabria, dentro del mapa lingüístico actual de los territorios que constituyen el Estado español, es un caso más de pluralidad lingüística como resultado, por un lado, de la supervivencia del dialecto histórico leonés en el extremo norte del área, el gallego *exterior* en la Alta Sanabria y el portugués en el sur (La Raya) y en algunos pueblos de la Alta Sanabria que limitan con Portugal, y por otro, del mantenimiento de una *variedad* dialectal del castellano con sustrato del antiguo leonés en las zonas intermedias y la expansión del castellano como variedad dominante en el centro y la lengua oficial en todo el área. Sólo una disciplina actual como la Sociolingüística e indudablemente contando con la ayuda del método de la Dialectología Tradicional o Geografía Lingüística y de la Geografía Humana para la obtención de los datos, sería capaz de interpretar los mecanismos que intervienen en el multilingüismo de una manera lógica y coherente. Con la adaptación a la dialectología regional de la metodología Sociolingüística (Borrego Nieto, 1981), disciplina que desde los años sesenta se ha convertido en el eje de la “Teoría de la variación” fundamentalmente dedicada al ámbito urbano, se puede elaborar un estudio sincrónico interdialectal en el nivel de investiga-

ción explicativo que dé cuenta del interés que ofrece esta área geográfica para la dialectología contemporánea como un claro ejemplo donde tienen lugar fenómenos específicos relacionados con el contacto de lenguas. En este sentido, la metodología tradicional con el empleo que hace de la noción de isoglosa y conjunto de isoglosas o haz resulta de una utilidad limitada en la descripción del habla en una zona de transición en la que se produce una situación de alto contacto entre variedades diferentes pero mutuamente inteligibles. En otras palabras, que se puede describir el tipo de variación encontrada en esta zona de un modo más revelador utilizando otro tipo de sistemas.

Como representativa de una zona de transición de un *continuum* dialectal, dentro del marco de las lenguas en contacto, se ha producido en la región fronteriza de Sanabria desde sus orígenes el proceso de formación y desarrollo de dialectos mixtos o fundidos, *Mischdialekte* según la terminología alemana. El carácter dialectológico particular de la franja sur de Sanabria condujo a Fritz Krüger a aislar en sus clasificaciones dialectales esta zona geográfica considerándola como un bloque unitario por el hecho de constatar una serie de fenómenos lingüísticos diferenciales frente al dialecto leonés y el gallego:

Por cierto, no faltan interpenetraciones castellanas, rinconcitos (del extremo Este) donde hasta ya se ha infiltrado el *idioma oficial*, pero predominan claramente aquellas zonas que, siguiendo una ruta multiseccular, han conservado, hasta nuestros días, su carácter propio, mejor dicho los caracteres sumamente distintos que les ha imprimido la historia en el curso de los tiempos: el *dialecto leonés* en toda la zona central; el *gallego* (puro, purísimo), netamente separado de aquélla (también geográficamente), en la parte occidental de la comarca, y en el extremo Sur, ya lindando con Trás-os-Montes de Portugal, una franja bastante extensa caracterizada por una *mezcla curiosísima de dialectos*" (Krüger, 1965: 256).

El establecimiento de las características de los dialectos mixtos o fundidos fue uno de los objetivos de Fritz Krüger en una investigación pionera sobre los efectos del multilingüismo en las zonas fronterizas: *Mezcla de dialectos* (1925a), localizada en los límites de Sanabria con Galicia y Portugal. Los primeros resultados que obtuvo Krüger le permitieron caracterizar los dialectos fronterizos con una serie de rasgos que los diferenciaba claramente del dialecto sanabrés hablado en la mayor parte de la comarca y de todas las variedades de las provincias occidentales:

Expuestos a diversas influencias —a la portuguesa en el Sur, a la gallega en el Oeste y a la leonesa en el Norte— forman ellos un verdadero campo de batalla entre dialectos que, aunque más o menos afines, tienen todos sus rasgos particulares. Más que en ninguna otra parte de la provincia de Zamora se cruzan aquí influencias diversas, haciendo que el habla de este pequeño rincón presente aspectos tan variados y tan particulares, que no se le puede comparar con ninguna otra zona de las provincias occidentales (Krüger, 1925a: 122).

Con el estudio *Mezcla de dialectos* Krüger intentó dar una idea de la estructura dialectal de algunos pueblos situados en el extremo sur de Sanabria y que lindan directa-

mente con Portugal guiado por la intuición de que su posición geográfica hacía suponer un carácter dialectológico particular. Los dialectos de la raya fronteriza, localizados geográficamente (Mapa 1) en Hermisende, Calabor, Rihonor, Santa Cruz y La Tejera, se distinguían por:

- 1) Una gran diferenciación geográfica.
- 2) La heterogeneidad de las tendencias fonéticas, morfológicas y lexicológicas que en ella se nota.
- 3) El carácter arcaico que en varios aspectos presenta.
- 4) Aspectos lingüísticos propios de pueblos determinados.
- 4) Vacilaciones continuas en el empleo de formas indígenas e importadas.
- 5) Formas de compromiso.
- 6) Las particularidades mencionadas se explican por la situación aislada y limítrofe de los pueblos; las relaciones que sostienen con regiones de diferente carácter dialectal han causado la especial estructura lingüística que los distingue.
- 7) Los dialectos de la frontera sanabresa pueden servir para aclarar la formación de dialectos mezclados.

Estas características son importantes para el estudio actual porque marcan un precedente que permite el conocimiento de la lengua en un estadio anterior en el que los dialectos tradicionales formaban un complejo sistema lingüístico en pleno rendimiento. La posibilidad de contrastar los códigos en el mismo espacio geográfico pero en distinto tiempo, teniendo en cuenta los cambios socioculturales ocurridos entre ambos momentos, permite hacer interpretaciones acerca de los mecanismos que tienen lugar en el cambio lingüístico por este tipo de situaciones en las que en un espacio geográfico delimitado se acomodan varias lenguas inteligibles entre sí pero que expresan culturas diferentes. Profundizar en el estudio de los lectos mixtos y fundidos con presupuestos metodológicos actuales es el camino para la elaboración de una teoría explicativa que tenga en consideración la formación de gramáticas polilectales. Las variables lingüísticas citadas anteriormente entendidas en estos términos como formas que incorporan en su estructura más de una variedad aclararían preguntas relacionadas con el porqué se mezclan las lenguas en enclaves fronterizos con convergencia lingüística y el porqué las lenguas cambian.

Siguiendo en esta línea, la clasificación dialectal propuesta por Fernández Rei (1990: 144-147) en cierta medida es muy semejante a la que se va a proponer a continuación bajo la denominación de lectos (o variedades) mixtos dependiendo de la mayor o menor vinculación a las otras lenguas con las que entran en contacto. En el Mapa 3 se distinguen tres áreas diferentes de norte a sur:

- (1) El área norteña, donde está situado el pueblo de Porto que por sí solo forma un *lecto aislado* que se diferencia claramente del resto de los lectos del área zamorana. Constituye el lecto de Porto lo que en ocasiones se ha llamado un área de reliquia por poseer una serie de características que lo individualizan con respecto al

resto de las variedades gallegas. Además de ser diferente gramaticalmente de los lectos centrales y sureños el rasgo que lo convierte en un área de reliquia es la entonación o el acento que hace que en ocasiones parezca incomprensible incluso para hablantes que tienen competencia en la lengua gallega. De hecho los miembros de esta comunidad son conscientes del grado de diferenciación de su lengua en relación con el resto de las hablas gallegas y denominan la variedad que ellos hablan con el nombre de *portexo*.

(2) En el interior, a ambos lados de la única vía de comunicación con Galicia y Castilla se sitúan los *lectos mixtos centrales*, los más expuestos al gallego del bloque oriental orensano por un lado, y por otro lado los más expuestos al castellano.

(3) En el sur, los *lectos mixtos sureños* están vinculados directamente con el portugués, en primer lugar porque fue una zona que perteneció a Portugal en un estadio anterior y todavía sobreviven restos de ese pasado en la lengua.

Queda por estudiar a través de la recolección de nuevos materiales orientados a la profundización teórica de los lectos mixtos en qué medida están mezcladas unas lenguas con otras en las variedades distribuidas a lo largo de la franja de norte a sur. Lo que parece claro es que todas las variedades contienen elementos suficientes para identificar la presencia de tendencias internas de las diferentes lenguas en cuestión que entran en contacto.

### 3. PROBLEMAS SOCIOLINGÜÍSTICOS

#### 3.1. Competencia comunicativa en la comunidad de habla gallega en Sanabria

Desde un punto de vista teórico la competencia comunicativa, uno de los aspectos más relevantes en el estudio etnográfico del uso del lenguaje, parte de la consideración de que todos los hablantes nativos de una lengua tienen que saber no sólo la gramática, fonología y vocabulario de ésta sino también cómo usar la lengua apropiadamente en la sociedad en que viven. Aplicado a la realidad, el primer problema para el investigador es resolver cómo puede medirse la competencia comunicativa en un momento determinado en el caso de las lenguas minoritarias, como el gallego *exterior* en Sanabria, con un cultivo exclusivamente oral desde sus orígenes, sin ningún tipo de intervención en el marco del tratamiento de lenguas minoritarias y sin ninguna clase de desarrollo lingüístico. El segundo problema que se plantea es cómo un hablante en una zona de transición entre sistemas lingüísticos diferentes puede dar cuenta de su competencia comunicativa en la lengua materna si en su código aparecen entremezcladas formas lingüísticas de los diferentes sistemas, es decir, ¿el hablante es consciente en el uso del lenguaje que su código es diasistemático?

El primer problema entronca con el concepto de competencia lingüística de Chomsky y hace referencia al conocimiento que tienen los hablantes de las reglas de la gramá-

tica, pero si se tiene en cuenta el marco general en el que se ha desarrollado la historia de la lengua gallega se puede decir que el cultivo oral de la lengua, el único que ha existido en el dominio zamorano, resta importancia a la existencia de unas normas supradialectales como determinante en el comportamiento en el habla porque el hablante oyente posee el conocimiento o 'habilidad' suficientes para satisfacer sus necesidades comunicativas en el medio en que viven, independientemente de la gramaticalidad o no de las formas lingüísticas. El criterio de la corrección ocupa un lugar secundario en el desenvolvimiento lingüístico, por el contrario, el mantenimiento del código así como su transmisión intergeneracional tienen mayor relevancia, aspectos éstos mucho más preocupantes desde el punto de vista de las actitudes para conservar la identidad del grupo etnolingüístico, al margen de que se utilice de una manera más o menos correcta. El verdadero problema de la competencia comunicativa afecta fundamentalmente a la adquisición del gallego en las últimas generaciones que aprenden el código de una manera fragmentada por no proporcionar la lengua materna los recursos necesarios para llevar a cabo repertorios completos de actos de habla adaptados a las exigencias lingüísticas que tienen lugar en el cambio intergeneracional. Lo que se produce, sin embargo, es una clara situación de desigualdad lingüística con respecto a los hablantes jóvenes del resto de las provincias gallegas que, además de aprender la lengua a través de la familia y la comunidad, la perfeccionan en los centros de enseñanza tanto en el nivel de la lengua hablada como en el de la escrita. Las consecuencias que se derivan de este contraste entre hablantes que pertenecen al mismo grupo generacional pueden llegar a ser muy negativas si por el contrario no se toman medidas en la educación tendentes a la equiparación de los currículos en las comunidades donde los planes de estudio no contemplan la existencia de hablantes de una lengua minoritaria (Fernández Rei, 1994) porque la incompetencia comunicativa o el déficit lingüístico, por oposición a la competencia comunicativa de Dell Hymes, puede acabar en el desprestigio de la lengua materna y perder la lealtad lingüística que es la base del mantenimiento del código.

Cómo el hablante es consciente en el uso del lenguaje si su código es diasistemático en una zona de transición entre sistemas lingüísticos diferentes, el segundo problema que está en el fondo de la discusión, es una pregunta que de igual manera tiene lugar frecuentemente en la mente de los propios hablantes y dan cuenta de ella en sus juicios, porque en las situaciones en las que hay conflicto lingüístico se aviva más el discurso en torno a el origen y la naturaleza de la lengua y más aún cuando se trata de una lengua que la comunidad considera diferente y que no está codificada. Una de las observaciones más usuales hacia la lengua se recoge en la siguiente opinión de un informante:

Buêno, a min, ôcurriuseme a idèa porque, antigamente falaban os nòsos pais, nòsos abuèlos, falaban desa forma ia hoxe nós non facemos máis que mòdifica-las cousas, creo que empeorándoas; porque, eles usaban esas palabras, que eu penso que ê unha mezcla de gallego, portugués, i-àlgunha palabra castellana, porque esto ê unha mezcla. **San Ciprián de Hermisende (Zamora)**. (Fernández Rei y Hermida Gulías, 1996: 101-102)

El hablante es consciente de que su lengua fue diasistemática y lo es en el presente y además sabe que los mismos principios que actuaron en un estadio anterior de la lengua se repiten en otro momento bajo formas lingüísticas diferentes. En general, este hecho es constatado por la mayoría de los hablantes, no en vano coloquialmente hay un término bastante extendido con el que denominan su lengua, el *chapurrau*, paralelo a los nombres técnicos de lecto mixto o también alternancia de código con el que se define la mezcla de lenguas. Lo difícil es saber reconocer en cada componente de la gramática qué forma lingüística pertenece a una lengua o a otra. La discusión que surge de la competencia comunicativa, teniendo en cuenta además la competencia lingüística de Chomsky que sólo ha sido esbozada aquí, es necesario realizar una recolección de datos adecuada que permita indagar y resolver los problemas que suscita el grado de realidad psicológica que tienen las formas lingüísticas en la mente de los hablantes y para la lingüística contemporánea profundizar en el estudio de las gramáticas que en su construcción incorporan más de una variedad, en términos de la dialectología generativa las llamadas gramáticas polilectales que se basan en la competencia receptiva o la habilidad de los hablantes en una zona de transición entre diferentes lenguas con inteligibilidad mutua para entender diversas variedades, por tener interiorizada alguna forma de gramática diasistemática.

### **3.2. Actitudes respecto a la identidad etnolingüística en el área zamorana del “gallego exterior”**

En el marco de las lenguas en contacto la literatura sociológica o sociolingüística ha intentado demostrar si existe una relación directa entre lengua e identidad y la manera de conseguir una explicación de esta relación se ha centrado en el estudio de las actitudes con la búsqueda de datos que reflejen que la conexión entre esas lenguas y sus usuarios debe manifestarse en las actitudes lingüísticas de los individuos hacia los diferentes códigos y hacia los diferentes grupos sociales. Aunque no exista una relación necesaria y categórica entre lengua e identidad, el ejemplo del grupo etnolingüístico de la Alta Sanabria en el área zamorana aporta resultados evidentes sobre esta relación como consecuencia de pertenecer a una comunidad autónoma, Castilla y León, en la que por motivos históricos los límites autonómicos no coinciden con los lingüísticos y socio-culturales. El mantenimiento del gallego refuerza el grado de adhesión al grupo con el que está más emparentado lingüística, histórica y culturalmente, es decir, con el bloque oriental gallego de la provincia de Orense y la lengua funciona como un marcador que determina la distancia con respecto a la lengua y la identidad castellano-leonesa.

Una muestra de esta asociación entre lengua e identidad de los grupos etnolingüísticos se puede verificar con la opinión de dos miembros de la comunidad de habla de gallego exterior acerca de la identidad sociocultural a través de dos preguntas necesarias en los casos concretos en que no están muy bien definidas las fronteras políticas:

(1) Actitudes hacia el grupo etnolingüístico: Galicia o Castilla

Mira, eu vouvos a decir, non teño nada en contra de Castilla; però si muto a favor de Galicia, porque nós a nòsa vida, todas as transaciois de todas estas cousas, facémolas

con Galicia: ventas iè compras iè todo eso, è con Galicia. En cambio, os asuntos de papeleos iè mèdico iè todas estas cousas temos que o facer con, con Zamòra, Zamòra capital; porque, xa vos digo, pertencemos así. Però eu son partidario de que, si sería partidario, non sei, non renunciar á, á cidadanía, esto, castellana i-àzquirir a gallega; però, sería partidario de que, de que, nos arrimèramos a Galicia, completamente. **San Ciprián de Hermisende (Zamora)**. (Fernández Rei y Hermida Gulías, 1996: 101)

### (2) Gallegos o castellanos

Pòs mira, nós somos galegos, sómolo por cultura è sómolo porque este tèrritòrio foi galego asta o ano mil oitocentos trinta è tres. Deixamos de ser galegos, administrativamente hai cento cincuenta anos, però sin embargo as nòsas comunicacìois ca zona que administrativamente nos correspònde, con Zamora, pos son totalmente nulas. (...) Temos todas as comunicacìois con, con Galicia è temos o mesmo carácter còs galegos. **Lubián (Zamora)**. (Fernández Rei y Hermida Gulías, 1996: 92-93)

Si bien es cierto que la muestra es poco representativa, sin embargo recoge opiniones bastante generalizadas entre los miembros del grupo tanto jóvenes como mayores y la conclusión a la que conduce es que en este caso concreto la pertenencia a Castilla-León representa más inconvenientes, sobre todo sociales, que ventajas. La adhesión y solidaridad a Galicia mejoraría de alguna forma algunos aspectos sociales en términos de distancia geográfica porque el aislamiento se produce en un doble sentido, por un lado la lengua y la cultura impuesta no es representativa del grupo y por otro las ventajas de vivir cerca de los centros urbanos más desarrollados dentro de la comunidad no afectan a este área de una manera significativa por estar geográficamente aislada por grandes sierras. Y además, no sólo los miembros no se sienten satisfechos de pertenecer a Castilla y León sino que también el nombre con el que denominan las autoridades castellanoleonesas esta región, Alta Sanabria, no ha sido muy afortunado entre sus miembros al no considerarse tampoco sanabreses. Es preciso recordar que hace unos años surgió la polémica de cambiar el nombre a esta zona con el fin de que no apareciera Sanabria en el enunciado y en cambio propusieron otros nombres que o bien la vinculaban a Galicia o bien que sirviera como denominación de una zona autóctona.

Por otro lado, otra clase de preguntas complementarias de las anteriores son las que hacen referencia a las actitudes de los individuos hacia la lengua materna. Si hay una relación entre lengua e identidad esta debe manifestarse en los juicios de valoración hacia las lenguas:

### (3) Actitudes hacia el código

[Vamos a ver, o galego desta zona] è un galego con toda seguridá diferente ó galego que aora se está normativizando. Sin embargo a min paréce-me que como falèmos sempre, falou o meu avô, folou o meu pai, eu seguireino falando sempre, e non me impòrta que sea diferente a ese que aparèce nos libros de tèsto; porque a min paréce-me que o galego nos meus labios, nos meus beizos, sae coma a hèrba nos prados, è algo natural, è entonces non me teño que avergonzar pra nada do que è natural. **Lubián (Zamora)**. (Fernández Rei y Hermida Gulías, 1996: 92)

En las fronteras políticas y a la vez lingüísticas parece observarse determinada proporcionalidad entre el mantenimiento de la lengua y la adhesión a un grupo etnolingüístico. En el caso de Sanabria la lealtad lingüística hacia el gallego actúa para identificar la existencia de un grupo con poca estratificación social, por tratarse de una zona rural, pero sí muy diferenciada geográficamente, con un alto grado de solidaridad intergrupual y que elige una variedad o diferentes variedades del gallego extendidas de norte a sur para diferenciarse socioculturalmente, por un lado, de la comunidad castellanoleonesa a la que pertenecen administrativamente y por otro, para marcar la frontera internacional con la lengua y la cultura trasmontanas de Portugal, aunque este hecho no afecte al buen entendimiento a ambos lados de la frontera como ha sucedido tradicionalmente pero manteniendo las distancias lingüísticas y socioculturales.

### 3.3. Cuestionarios: actitudes lingüísticas

El método más extendido en Sociología del lenguaje para el estudio de las actitudes lingüísticas es el que utiliza como herramienta la técnica del *cuestionario*, que contiene varias clases de preguntas sobre la lengua y el uso lingüístico. Aplicado a la minoría lingüística del gallego en Zamora desde el punto de vista sincrónico el enfoque de las actitudes tiene que ir orientado al descubrimiento del grado de motivación de los hablantes hacia el código materno y hacia el resto de los códigos con los que entra en contacto, el castellano y portugués, porque ofrece la posibilidad de investigar fenómenos muy complejos como el mantenimiento o cambio de lengua en un momento en el que se están produciendo importantes cambios lingüísticos relacionados con las lenguas minoritarias, sobre todo con respecto a la equiparación de las variedades estándar.

El modelo que representa la formación de actitudes aparece en el esquema del GRÁFICO 1 tomado de Appel y Muysken (1987: 30):




GRÁFICO 1. Esquema que representa la formación de actitudes

La mayor parte de las investigaciones sobre actitudes lingüísticas tienen su origen en la relación entre los conceptos de la cadena representados en el esquema y parten de la idea de que:

En la sociedad los grupos sociales (o étnicos) adoptan determinadas actitudes hacia otros grupos según sus diferentes posiciones sociales. Estas actitudes influyen en actitudes hacia instituciones o modelos culturales que caracterizan a estos grupos, tales como la lengua, y conducen a actitudes hacia los miembros individuales de esos grupos (Appel y Muysken, 1987: 31).

Sobre estos principios se han elaborado múltiples cuestionarios para investigar aspectos cruciales de las lenguas en contacto como la alternancia (o elección) de código



en el estudio de los mecanismos que operan en el mantenimiento o decadencia de las lenguas minoritarias. La resolución de problemas que se desprenden de la investigación en este campo desde un punto de vista teórico depende de las respuestas de los informantes a preguntas contenidas en los cuestionarios siguientes:

### ***I. Actitudes hacia la alternancia de código***

- 1- ¿Piensa usted que esta persona habla gallego la mayor parte del tiempo?
- 2- ¿Piensa usted que la lengua usada en casa de estas personas es la mayoría de las veces el gallego?
- 3- ¿Piensa usted que esta persona se expresa bien?
- 4- ¿Encuentra usted a esta persona fácil de entender?
- 5- ¿Piensa usted que esta persona suena más a gallego que a castellano o portugués, por ejemplo?
- 6- ¿Piensa usted que esta persona habla más gallego que castellano?
- 7- ¿Piensa usted que esto es gallego?
- 8- Siguiendo en esta línea, ¿piensa usted que esta persona podría ser profesor de gallego?

### ***II. Actitudes lingüísticas hacia el mantenimiento del código***

- 1- ¿Si nosotros dejamos de utilizar totalmente nuestras lenguas minoritarias, piensa que podríamos mantener la cultura e identidad de nuestra comunidad?
- 2- ¿Es el mantenimiento de nuestras lenguas el asunto más importante de nuestra Comunidad (Castilla-León)? ¿Es una tarea difícil?
- 3- ¿Cómo podríamos mantener el pleno uso de nuestra lengua en la región a la que pertenecemos? (esto es, no sólo por el hogar y la comunidad).
- 4- Nuestros hijos aprenderán tanto de nuestra lengua como ellos necesitan saber de la familia, por eso, ¿hay necesidad de poner clases especiales para la enseñanza de esta lengua?
- 5- ¿Qué pensaría usted de las clases de lengua y literatura gallega en el caso de que se incluyeran en los planes de estudio?
- 6- Sin ninguna ayuda del gobierno, ¿pueden organizar nuestras comunidades cursos de lengua materna?
- 7- ¿Piensa usted que nuestras lenguas deberían ser enseñadas en escuelas ordinarias? ¿Será eso suficiente?
- 8- ¿Debería nuestra lengua ser enseñada de forma separada como diferentes asignaturas, o deberían otras asignaturas tales como matemáticas y ciencias ser enseñadas en nuestra lengua?
- 9- ¿Animaría a sus hijos a recibir clases de gallego?
- 10- ¿Piensa usted que sería buena idea que nuestros hijos aprendieran otra lengua cooficial, como por ejemplo el gallego?
- 11- Si el gobierno pensara en apoyar una lengua minoritaria en las escuelas, ¿cuál cree que debería ser: gallego, catalán o vasco?
- 12- ¿Deberían las autoridades hacer versiones de cartas oficiales, noticias, folletos en nuestra lengua así como en castellano?
- 13- ¿Debería el gobierno emplear más médicos, profesores y trabajadores sociales que hablen nuestra lengua?
- 14- ¿Deberían los ciudadanos del resto de la comarca animarse a aprender nuestra lengua? Si es así ¿por qué?
- 15- ¿Qué pensaría usted de la gente que hablara sólo castellano y nunca su propia lengua?
- 16- ¿Le ha ocurrido alguna vez que al hablar con una persona que usted sabe que puede hablar gallego, vuelve a hablar en castellano mientras usted habla con ellos?
- 17- ¿Por qué algunos niños responden en castellano incluso cuando la pregunta ha sido en gallego?
- 18- ¿Piensa usted que los niños están perdiendo contacto con sus padres?

(Basados en un cuestionario utilizado por Suzanne Romaine (1989: 289-319) para el estudio de la alternancia de código entre el inglés y el panjabí en Gran Bretaña).

La fijación y estandarización de las lenguas minoritarias, o por el contrario, la decadencia o muerte lingüísticas tienen su origen en las actitudes de los miembros de los grupos de las minorías lingüísticas hacia su propia lengua. Una explicación de los resultados de los estudios de actitudes lingüísticas en el área zamorana del gallego *exterior* es el principio para llevar a cabo un primer intento de planificación adecuado del gallego en esta zona.

### 3.4. Planificación lingüística del gallego en el área zamorana

La situación del gallego en la Alta Sanabria, como consecuencia de pertenecer a una comunidad en la que por motivos históricos –hasta 1833 perteneció a Galicia– los límites autonómicos no coinciden con los lingüísticos y culturales, es que por parte del gobierno autonómico de Castilla y León no hay un reconocimiento legal de la existencia de un área de lengua y cultura gallegas ligada a Galicia y los gallegohablantes no sólo del occidente de Zamora, sino también del occidente de Asturias y León carecen de derechos lingüísticos en el uso de la lengua materna (Fernández Rei, 1994: 227). En todo el territorio español las lenguas minoritarias que están en contacto con la lengua nacional han experimentado desde el año 1979 grandes procesos de normalización lingüística llegando a constituirse como verdaderas lenguas autónomas dentro del territorio que abarcan respecto a la lengua dominante, el catalán y el vasco son dos ejemplos de estandarización muy desarrollada, debido en gran medida a factores políticos y socioculturales; el gallego, por el contrario, está en otra fase de evolución y su estandarización no depende tanto de su distanciamiento con respecto al castellano como de su independencia del portugués, lengua internacional con la que forma un *continuum*. Trudgill (1986: 83-84) basándose en los conceptos de *autonomía* o independencia y *heteronomía* o dependencia lingüísticas muestra de una manera concisa los problemas que plantea la noción de *continuum* geográfico en la Península Ibérica para la determinación de la categoría de las lenguas:

En la Península Ibérica, como es bien sabido, hay un continuum dialectal geográfico (véase Matias, 1984; Kurath, 1972) en el que los dialectos del catalán, español y portugués se mezclan uno con otro gradualmente, y en el que el número de ‘lenguas’ reconocidas como habladas depende del número de variedades estándares, autónomas, que han logrado sobresalir del continuum dialectal. A los hablantes de los dialectos procedentes de la parte catalana del continuum se les considera generalmente, en estos días, hablantes de una lengua independiente del español / castellano, mientras que la aceptación del gallego como una lengua independiente es mucho más controvertida.

Una de las causas de la controversia de la aceptación del gallego como lengua independiente tiene su origen en el hecho de que el gallego representa un ejemplo de lengua en proceso de elaboración –lengua *ausbau*– en la que todavía no se ha culminado la fase de fijación y estandarización para caracterizarse como una autonomía lingüística, sobre todo en relación con el portugués, porque entre estos dos ‘dialectos’ latinos no hay una fuerte separación lingüística, pero por el contrario sí la hay sociolingüística y sociolite-

raria (Fernández Rei, 1990: 18), parámetros estos últimos que determinan la dirección para que una lengua se convierta en lengua independiente aunque las formas lingüísticas no sean nuevas:

Na actualidade, desde o punto de vista estrictamente lingüístico, ás dúas marxes do Miño fábase o mesmo idioma, pois os dialectos miñotos e trasmontanos son unha continuación dos falares galegos, cos que comparten trazos comúns que os diferencian dos do centro e sur de Portugal; pero no plano da lingua común, e desde unha perspectiva sociolingüística, hai no actual occidente peninsular dúas linguas modernas, con diferencias fonéticas, morfosintácticas e léxicas, que poden non impedi-la intercomprensión ó existir un bilingüismo inherente entre o galego e o portugués, semellante ó existente entre o catalán e o occitano, o danés e o noruegués, o eslovaco e o checo, o feroés e o islandés. (Fernández Rei, 1990: 17-18)

En cambio, otros gobiernos que como el de Castilla y León incluyen dentro de sus límites zonas en las que se ha impuesto una lengua dominante sobre la lengua vernácula y no poseen una política lingüística en relación a las lenguas minoritarias incluidas dentro de su dominio, por el contrario, pueden ejercer de una manera inconsciente una política encubierta, porque el hecho de ignorar o no apoyar a una lengua minoritaria puede ser la causa de su decadencia o incluso de su mortandad lingüísticas, que en algunos casos puede convertirse en el objetivo de un gobierno (Appel y Muysken, 1987: 74). Pero en este caso, factores de tipo geográfico como la situación de insularidad geográfica respecto al resto del dominio zamorano, unido a factores de tipo socio-psicológicos basados fundamentalmente en las actitudes de los individuos hacia la lengua y la cultura vernáculas, han contribuido en el establecimiento de un grupo etnolingüístico considerado diferente por parte de todos los miembros de la comunidad de la 'mal' denominada Alta Sanabria y con un grado muy elevado de adhesión a la lengua y cultura gallegas. El mantenimiento de este grupo etnolingüístico desde que empezó a formar parte de la administración territorial del gobierno de Castilla y León ha determinado la dirección de la lengua oral, la única que ha existido secularmente y en este sentido puede decirse que el gallego hablado entre As Portelas de Padornelo y A Canda, después de haber sufrido importantes reajustes, ha seguido su propia evolución, es decir, el camino que han decidido sus hablantes y en la actualidad sigue siendo la lengua vehicular en las relaciones sociales y comerciales en toda la comunidad gallegohablante del occidente de Zamora, así como la lengua de intercomunicación con las poblaciones vecinas de Galicia y la primera lengua que interiorizan los niños de las últimas generaciones hasta los tres años cuando comienzan todo su desarrollo educativo en otra lengua diferente.

Pero antes de llevar a cabo cualquier intento de tratamiento de lenguas minoritarias es necesario plantearse las siguientes preguntas:

“¿Cómo se puede determinar la dirección de la planificación lingüística?”

“¿Existe una “lengua óptima”, un código concreto que al ser seleccionado y desarrollado sirva a las necesidades comunicativas de la comunidad de habla de forma óptima?” (Appel y Muysken, 1987: 75).

Las respuestas a estas preguntas en el caso del gallego estándar todavía están en el aire por tratarse de una lengua en elaboración cuyo código no abarca horizontalmente toda su extensión geográfica ni verticalmente a todos los ámbitos donde el uso lingüístico tiene lugar ni a todos los grupos sociales. Lo que se está produciendo en el gallego es un cambio lingüístico en marcha en el que la planificación lingüística afecta sobre todo a la forma escrita de la lengua mientras que las variedades orales permanecen inalterables porque los hablantes individuales se resisten a cambiar sus hábitos lingüísticos o deciden cambiarlos en una dirección diferente de la planificada (Appel y Muysken, 1987: 84). Teniendo en cuenta estos hechos representa un problema añadido en la planificación lingüística la existencia de áreas fronterizas con variedades diasistemáticas que además no reciben ningún apoyo institucional para llevar a cabo un desarrollo lingüístico adecuado en cada caso concreto. El hecho de pertenecer a una minoría con una correlación cultural y lingüística divergente de la lengua y cultura mayoritaria de la comunidad castellanoleonese pone en una situación muy precaria el mantenimiento del gallego en las generaciones más jóvenes por aprender el código de una manera parcial frente a sus vecinos que lo aprenden de una forma completa a través de la enseñanza regularizada. La lengua materna no es suficiente para satisfacer las necesidades lingüísticas que tienen lugar en el cambio intergeneracional y el vacío que provoca en la competencia lingüística de los hablantes la ausencia de formas lingüísticas adaptadas a las nuevas realidades se compensa con la lengua impuesta, de la que acaba siendo cada vez más dependiente.

### 3.5. Propuesta de planificación lingüística en la enseñanza

Habría que empezar por el reconocimiento en los Estatutos de Autonomía de las Comunidades de Asturias y Castilla y León de la existencia legal de un área de lengua y cultura gallegas en unas comarcas ligadas a las vecinas de Galicia, para que los gallegohablantes de Asturias, León y Zamora tuvieran derechos lingüísticos en el uso de la lengua materna. En segundo lugar, elaborar una propuesta de planificación que sirva a las necesidades comunicativas de los miembros de las anteriores comarcas. Una propuesta conocida es la que el Consello da Cultura Galega elevó al MEC, después de ser aprobada por unanimidad por el pleno del Consejo el 5 de octubre de 1990, para frenar la desgaleguización lingüística y cultural, alarmante en las generaciones más jóvenes, y para contribuir a la normalización del gallego en las comarcas de la *franja exterior*, y contiene los siguientes puntos:

- 1— Que se incluya la lengua gallega como materia de enseñanza en un programa experimental de tres años en las comunidades gallegohablantes de Asturias, León y Zamora, respetando hasta donde sea aconsejable las variantes lingüísticas locales, en especial en la comunicación oral. Aparte de las razones aducidas con la anterior exposición de motivos, debemos añadir aquí que son numerosos los escolares de estas comarcas que cursan estudios medios o superiores en centros de Galicia. Haber cursado el gallego aproximaría los currículos escolares de estas zonas a los de la Comunidad gallega y facilitaría la integración de los alumnos que,

por los motivos que fuera, se trasladasen a cursar sus estudios medios o superiores a Galicia.

2- Que se creen equipos de profesores en los distintos niveles de enseñanza dependientes del MEC para atender sus necesidades o bien que se establezcan los acuerdos necesarios con la Consejería de Educación de la Xunta de Galicia para colaborar prestando los medios humanos y materiales precisos.

3- Que se cree una comisión por cada provincia que haga un seguimiento del programa experimental y reglamente los mecanismos a seguir para una equiparación de los programas con los que se desenvuelven en la Comunidad Autónoma Gallega.

4- Que la lengua y literatura gallegas sean consideradas materias obligatorias en los planes de la Reforma, con un programa idéntico al de la Comunidad Autónoma Gallega.

5- Que se promueva a corto plazo el desenvolvimiento de proyectos lingüísticos de centro para la incorporación progresiva del gallego como lengua vehicular de la enseñanza, particularmente con los niños en edad más infantil y en aquellos centros donde por ser mayoría los niños gallegohablantes la enseñanza en su lengua es más factible.

6. Que se estimule la incorporación del gallego en las comunicaciones internas y externas de la comunidad escolar.

La siguiente propuesta para la normalización del gallego en la franja *exterior*, si se tiene en cuenta la cantidad de alumnos que lo tienen como lengua materna, unos 50 alumnos de primaria en las escuelas rurales de Lubián y Barxacoba y otros 50 alumnos de un total de 500 de secundaria obligatoria en el instituto de enseñanzas medias de Puebla de Sanabria, los puntos 5 y 6 no pueden ser aplicados en el caso de Sanabria por la poca representatividad del grupo de lengua minoritaria. Pero no sucede lo mismo con el resto de los puntos del 1 al 4, más adecuados para ser contemplados en los nuevos planes de estudio. Es frecuente escuchar a jóvenes de habla gallega el reconocimiento de su ignorancia con respecto al gallego escrito y encuentran grandes dificultades cuando intentan transcribir la lengua oral. El objetivo de incluir la propuesta del Consejo da Cultura Galega es conseguir una valoración de los propios hablantes de los puntos contenidos en dicha propuesta y ver el grado de motivación que tienen hacia su lengua para conseguir la incorporación del gallego en la enseñanza y frenar de alguna manera los problemas de déficit lingüístico o incompetencia comunicativa a los que se ven sometidos el grupo de los jóvenes en comparación con los alumnos de los centros escolares del resto de las provincias gallegas.

Por otro lado, aunque el gallego en las últimas generaciones está en una situación residual, no obstante, es un grupo representativo para estudiar los procesos de adquisición de una lengua minoritaria, con muy poco prestigio, aprendida oralmente en el seno familiar y usada en un ámbito muy reducido. El estudio de la lengua en las generaciones más jóvenes en el seno de la comunidad escolar podría aclarar algunos aspectos relacio-

nados con el cambio lingüístico ocurrido entre unos grupos y otros. Si bien es cierto que las lenguas cambian de unos grupos generacionales a otros: ¿qué sucede con las lenguas minoritarias en las últimas generaciones, el caso del gallego exterior en Sanabria, que sólo tiene un cultivo oral y que ni siquiera es una lengua protegida dentro de la comunidad autónoma a la que pertenece? Es necesario comprobar, antes de que sea tarde, como es aprendida la lengua materna con unos condicionamientos socioculturales diferentes a los de las generaciones anteriores, y en definitiva, como un caso para hacer *Ecolingüística*, intentar una planificación de la lengua que incorpore además de la variedad estándar algún tipo de desarrollo lingüístico de la variedad vernácula en aquellas circunstancias en las que por motivos político-administrativos, la lengua materna no coincide con la lengua representativa de la comunidad autónoma a la que pertenece.

## 4. BIBLIOGRAFÍA

### 4.1. Bibliografía específica

- BLÁZQUEZ FRAILE, A. (1907): “Límites del dialecto leonés occidental en Alcañices, Puebla de Sanabria y La Bañeza”. *Memoria para la Junta de Ampliación de Estudios*. Madrid. 67-78.
- BOLLER, F. (1995): “Paradigmas interferenciales no galego exterior zamorano”, *Verba* 22, 33-73.
- BORREGO NIETO, J. (1981): *Sociolingüística rural. Investigación en Villadepera de Sayago*. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- BORREGO NIETO, J. (1983): *Norma y dialecto en el sayagués actual*. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- CORTÉS VÁZQUEZ, L. (1950): “Dos textos dialectales de Rihonor y dos romances portugueses de Hermisende”, *Boletim de Filologia* XI (*Miscelânea de Filologia, Literatura e História cultural à memória de Francisco Adolfo Coelho* II), 388-403. Lisboa.
- CORTÉS VÁZQUEZ, L. (1954): “El dialecto galaico-portugués hablado en Lubián (Zamora) (Toponimia, textos y vocabulario)”, Anejo de la revista *Acta Salmanticensis* VI, 3. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- CORTÉS VÁZQUEZ, L. (1955): “Sobre el proyecto de realización del Atlas Lingüístico y etnográfico de Sanabria”, *Actas y Memorias del VII Congreso Internacional de Lingüística románica*, 7-10 de Abril, Tomo II, Barcelona: Universidad de Barcelona. Abadía de San Cugat del Vallés. 635-645.
- CORTÉS VÁZQUEZ, L. (1976): *Leyendas, cuentos y romances de Sanabria. Textos leoneses y gallegos*. Salamanca: Librería Cervantes.
- DE MOURA SANTOS, M. J. (1967): *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*. En Separata de la *Revista Portuguesa de Filología*, vols. XII (t. II); XIII y XIV, 197-199 y 201-202. Coimbra.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1985): “Textos do galego exterior: Piantón (A Veiga-Oviedo), Paradaseca do Bierzo (León) e Lubián (Zamora). Caracterización lingüística”. En *Homenaje a Álvaro Galmés de Fuentes*, vol. 1, 171-197.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1991): “A normalización da franxa exterior da lingua galega”, *Cadernos de lingua* 4, 5-25.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1991): “Trazos lingüísticos nos límites orientais da galegitude”. En X. M. González Reboredo e X. A. Fernández de Rota (eds.): *Actas do Simposio de Antropoloxía “Lin-*

- deiros da Galeguidade I" (*O Cebreiro, A Pobra de Navia, Vilafranca, 1990*). [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, 113-128.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1992): "A normalización da *franja exterior* da lingua galega", *Cadernos de lingua* 5, 47-73.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1992): "A Terra Navia-Eo, O Bierzo, As Portelas. Delimitación xeográfica e caracterización lingüística do 'galego exterior'". En X. M. García Crego (ed.), *1 Congreso da Lingua e a Cultura Galegas en Asturias, León e Zamora [Celanova, 1989]*. Vigo: Clube Cultural Adiante.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1993): "Galego oriental: O Bierzo, As Portelas e O Val de Verín". En X. A. Fernández de Rota, X. A. Fidalgo Santamariña e X. A. González Reboredo (eds.): *Actas do Simposio de Antropoloxía "Lindeiros da Galeguidade II" (Verín, Chaves e Lubián, 1991)*. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, 97-108.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1994): "Linguas fronteiras: o galego da franxa occidental de Asturias e de Castela-León", en *Variación lingüística no espaço, no tempo e na sociedade*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística / Colibri, 227-246.
- FERNÁNDEZ REI, F. y HERMIDA GULÍAS, C. (eds.) (1996): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Arquivo Sonoro de Galicia.
- KRÜGER, F. (1914): *Studien zur Lautgeschichte westspanischer Mundarten*, Hamburg.
- KRÜGER, F. (1923a): "El dialecto de San Ciprián de Sanabria. Monografía leonesa". En Anejo IV de la *Revista de Filología Española*, Madrid.
- KRÜGER, F. (1923b): "Vocablos y cosas de Sanabria", *Revista de Filología Española* 10. 153-166.
- KRÜGER, F. (1925a): "Mezcla de dialectos". En *Homenaje a Menéndez Pidal* II, 121-166. Madrid.
- KRÜGER, F. (1925b): *Die Gegenstandskultur Sanabrias und seiner Nachbargebiete. Ein Beiträge zur spanischen und portugiesischen Volkskunde*. Hamburg. [Trad. española: *La cultura popular de Sanabria*. Instituto de Estudios Zamoranos Florián de Ocampo, Zamora, 1991].
- KRÜGER, F. (1954): "El perfecto de los verbos en -ar en los dialectos de Sanabria y de sus zonas colindantes", *Revista de Filología Española* 38. 45-82.
- KRÜGER, F. (1957): "Notas de dialectología asturiana comparada". *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos* XI, 1-48. Oviedo.
- KRÜGER, F. (1965a): "Aportes a la fonética dialectal de Sanabria y de sus zonas colindantes. Con tres mapas lingüísticos", *Revista de Filología Española* 48, cuadernos 3 y 4. 251-282.
- KRÜGER, F. (1965b): "Los adverbios *lejos* y *luego* en perspectiva dialectal (con dos mapas lingüísticos)". En el *Homenaje dedicado al Dr. Rodolfo Oroz*. Santiago de Chile.
- KUNDERT, H. (1962): "El romancerillo sanabrés", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* 18, 37-124 (estudio lingüístico 43-73).
- LEITE DE VASCONCELLOS, J. (1923): "Linguagens fronteiriças de Hespanha e Portugal", 593-619. "Linguas raianas de Trás-os-Montes", 723-738. "Breve estudo dos falares de Riodonor e Guedramil", 739-790. En *Opúsculos* IV. *Filologia*, parte II. Coimbra.
- LEITE DE VASCONCELLOS, J. (1935): "Linguagens fronteiriças. Ermisende (ou Ermesende), Guedramil e Riodonor", *Revista Lusitana* 33, 307-309. Lisboa.
- MENÉNDEZ PIDAL, R. (1962): *El dialecto leonés*. Oviedo. (Idea original de 1906).
- PÉREZ PASCUAL, J. L. (1981): "La aportación de F. Krüger a los estudios filológicos sobre Zamora", *Studia Zamorensia* 2, 333-337.
- RODRÍGUEZ LAGO, M<sup>a</sup> C. (1974): *Léxico dialectal y costumbres de Porto*. Memoria de Licenciatura (inédita), Facultad de Filosofía y Letras, Universidad de Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ, M. (1957): "Aspectos del dialecto leonés hablado en Aliste (Zamora)". En *Trabajos sobre el Dominio Románico Leonés* I, 129-142. Madrid.

RUBAL RODRÍGUEZ, X., VEIGA MARTÍNEZ, D. y ARZA ARZA, N. (1992): *A lingua do alumnado e profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora*. Santiago: Consello da Cultura Galega.

#### 4.2. Bibliografía general


- AGHEYISI, R. y J. FISHMAN (1970): "Language attitude studies: A brief survey of methodological approaches", *Anthropological Linguistics* 12: 137-157.
- ALVAR, M. (1961): "Hacia los conceptos de lengua, dialecto y hablas", *Nueva Revista de Filología Hispánica* 15: 51-60.
- ALVAR, M. (1971): "Un problème de langues en contact: la frontière catalano-aragonaise", *Travaux de Linguistique et Littérature de Strasbourg* 9: 73-84.
- ALVAR, M. (1973): Estructuralismo, geografía lingüística y dialectología actual. Madrid: Gredos.
- ALVAR, M. (1979): "Lengua, dialecto y otras cuestiones conexas", *Lingüística Española Actual* 1: 5-30.
- APPEL, R. y MUYSKEN, P. (1987): *Language Contact and Bilingualism*. London: Edward Arnold. [Trad. española, *Bilingüismo y contacto de lenguas*, Barcelona, Ariel Lingüística, 1996].
- BENTIVOGLIO, P. y P. M. SEDANO (1993): "Investigación sociolingüística: sus métodos aplicados a una experiencia venezolana", *Boletín de Lingüística* 8 (en prensa).
- BLECUA PERDICES, J. M. (1990): "Actual panorama de las ideas lingüísticas de España". En V. Demonte y B. Guarza Cuarón (eds.), *Estudios de Lingüística de España y México*. México: Universidad Nacional Autónoma de México. 19-34.
- BUSTOS GISBERT, E. (1989): "Las variedades dialectales en Castilla y León". Ed. por la Consejería de Cultura de la Junta de Castilla y León.
- CASADO VELARDE, M. (1991): *Lenguaje y cultura. La etnolingüística*. Madrid: Síntesis.
- CATALÁN, D. (1974): *Lingüística Ibero-románica*. Madrid: Gredos.
- CATALÁN, D. (1989a): *El español: orígenes de su diversidad*. Madrid, Paraninfo.
- CATALÁN, D. (1989b): *Las lenguas circunvecinas del castellano*. Madrid, Paraninfo.
- CEDERGREN, H. J. y SANKOFF, D. (1974): "Variable rules: performance as a statistical reflection of competence", *Language* 50: 333-355.
- CHAMBERS, J. K. y TRUDGILL, P. J. (1980): *Dialectology*. Cambridge: Cambridge University Press. [Trad. española, *La Dialectología*, Madrid, Visor, 1994].
- CHAMBERS, J. K. (1995): *Sociolinguistic Theory. Linguistic Variation and its Social Significance*. Oxford: Basil Blackwell.
- COSERIU, E. (1981): "Los conceptos de *dialecto*, *nivel*, y *estilo de lengua* y el sentido propio de la dialectología", *Lingüística Española Actual* 3: 1-32.
- DENISON, N. (1977): "Language death or language suicide? *International Journal of the Sociology of Language* 12 (*Linguistics* 191: 13-22).
- DENISON, N. (1982): "A linguistic ecology for Europe?" *Folia Linguistica* 16: 5-16.
- DORIAN, N. C. (1973): "Gramatical change in a dying dialect". *Language* 49: 413-438.
- DORIAN, N. C. (1977): "The problem of the semi-speaker in language death", *International Journal of the Sociology of Language* 12 (*Linguistics* 191: 23-32).
- DORIAN, N. C. (1978): "The fate of morphological complexity in language death: evidence from East Sutherland Gaelic", *Language* 54: 590-609.
- DORIAN, N. C. (1981): *Language death: the life cycle of a Scottish Gaelic dialect*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.
- DORIAN, N. C. (1982): "Language loss and maintenance in language contact situations". En R. D. Lambert y B. F. Freed (eds.), *The loss of language skills*. New York: Rowley.




- DORIAN, N. C. (1982): "Linguistic models and language death evidence". En L. K. Obler y L. Meen (eds.), *Exceptional language and linguistics*. Nueva York: Academic Press.
- DRESSLER, W. (1972): "On the phonology of language death", *Papers of the Chicago Linguistic Society* 8: 448-457.
- DRESSLER, W. (1977): "Wortbildung bei Sprachverfall". En H. Brekel y D. Kastovsky (eds.), *Perspektiven der Wortbildungschung*. Bonn: Bouvier.
- DRESSLER, W. (1981): "Language shift and language death – a Protean challenge for the linguist", *Folia Linguistica* 15: 5-28.
- DRESSLER, W. (1982): "Acceleration, retardation and reversal in language decay?". En R. Cooper (ed.), *Language spread*, Bloomington: Indiana University Press.
- DRESSLER, W. (1988): "La extinción de una lengua". En F. J. Newmeyer (ed.). [Trad. española, *Panorama de la lingüística moderna de la Universidad de Cambridge. IV. El lenguaje: contexto socio-cultural*. Madrid: Visor, 1992: 223-232].
- DRESSLER, W. y R. WODAK-LEODOLTER, (1977): "Language preservation and language death in Brittany", *International Journal of the Sociology of Language* 12 (*Linguistics* 191: 33-44).
- EDWARDS, J. (1994): *Multilingualism*. Routledge. (Ed. en Penguin Books, 1995)
- FASOLD, R. (1984): *The Sociolinguistics of Society*. Oxford: Basil Blackwell. [Trad. española, *La Sociolingüística de la Sociedad. Introducción a la Sociolingüística*, Madrid: Visor Libros, 1996].
- FASOLD, R. (1990): *The Sociolinguistics of Language*. Oxford: Basil Blackwell.
- GIACALONE RAMAT, A. (1983): "Language shift and language death", *Folia Linguistica* 17: 495-507.
- GIMENO, F. (1987): "A propósito de comunidad de habla: 'The social dimension of dialectology' de José Pedro Rona". En H. López Morales y María Vaquero (eds.), *Actas del I Congreso Internacional sobre el español de América*. San Juan: Academia Puertorriqueña de la Lengua Española, 689-698.
- GIMENO, F. (1990): *Dialectología y sociolingüística españolas*. Alicante: Universidad de Alicante.
- GRASSI, C. (1977): "Deculturization and social degradation of the linguistic minorities in Italy", *International Journal of the Sociology of Language* 12 (*Linguistics* 191: 45-54).
- GILES, H. y ST. CLAIR, R. (1979): *Language and Social Psychology*. Oxford: Basil Blackwell.
- GUY, G. R. (1988): "Language y clase social". En F. J. Newmeyer (ed.). [Trad. española, *Panorama de la lingüística moderna de la Universidad de Cambridge. IV. El lenguaje: contexto socio-cultural*. Madrid: Visor, 1992: 57-86].
- HILL, J. (1978): "Language death, language contact and language evolution". En W. C. McCormack y S. A. Wurm (eds.), *Approaches to language. Anthropological issues*. La Haya: Mouton.
- HILL, J. y HILL, K. (1977): "Language death and relexification in Tlaxcalan Nahuatl", *International Journal of the Sociology of Language* 12 (*Linguistics* 191: 55-70).
- HUDSON, R. A. (1980): *Sociolinguistics*. Cambridge: Cambridge University Press. [Trad. española, *La Sociolingüística*, Barcelona: Anagrama, 1981].
- KIEFFER, C. (1977): "The approaching end of the relict South-East Iranian languages *Ormuri* and *Paraci*", *International Journal of the Sociology of Language* 12 (*Linguistics* 191: 71-100).
- KNAB, T. y HASSON de KNAB, L. (1979): "Language death in the valley of Puebla: a socio-geographic approach", *Proceedings of the Berkeley Linguistic Society* 5: 471-483.
- LABOV, W. (1972a): "Some principles of linguistics methodology", *Language in Society* 1: 97-120.
- LABOV, W. (1972b): *Sociolinguistic Patterns*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press. [Trad. española, *Modelos sociolingüísticos*. Madrid: Cátedra, 1983].
- LABOV, W. (1994): *Principles of Linguistic Change. Vol 1. Internal Factors*. Oxford: Basil Blackwell.

- LEE MCKAY, S. y HORNBERGER, N. H. (eds.) (1996): *Sociolinguistics and Language Teaching*. Cambridge: Cambridge University Press.
- LÓPEZ MORALES, H. (1993): *Sociolingüística* 2ª ed. Madrid: Gredos.
- MILLER, W. (1971): "The death of language or serendipity among the Shoshoni", *Anthropological Linguistics* 13: 114-120.
- MILROY, J. (1992): *Linguistic Variation and Change. On the Historical Sociolinguistics of English*. Oxford: Basil Blackwell.
- MILROY, J. y MILROY, L. (1985): "Linguistic change, social network, and speaker innovation", *Journal of Linguistics* 21: 339-384.
- MILROY, L. (1980): *Language and social networks*. (2ª ed., 1987). Oxford: Basil Blackwell.
- MILROY, L. (1982): "Social network and linguistic focusing". En Romaine, S. 1982a.
- MILROY, L. (1987): *Observing and Analysing Natural Language. A Critical Account of Sociolinguistics Method*. Oxford: Basil Blackwell.
- MILROY, L. y MARGRAIN, S. (1980): "Vernacular language loyalty and social network", *Language in Society* 9: 43-70.
- MILROY, L. y MUYSKEN, P. (1995): *One speaker, two languages*. En L. Milroy y P. Muysken (eds.), *Cross-disciplinary perspectives on code-switching*. Cambridge: Cambridge University Press.
- MORENO FERNÁNDEZ, F. (1990): *Metodología sociolingüística*. Madrid: Gredos.
- MÜLLER, C. (1973): *Estadística lingüística*. Madrid: Gredos.
- NEWMAYER, F. J. (ed.) (1988): *Linguistics: The Cambridge Survey. IV. Language: The Socio-cultural context*. Cambridge: Cambridge University Press. [Trad. española, *Panorama de la lingüística moderna de la Universidad de Cambridge. IV. El lenguaje: contexto socio-cultural*. Madrid: Visor, 1992].
- POSNER, R. (1996): *The Romance languages*. Cambridge: Cambridge University Press.
- RANKIN, R. L. (1978): "The unmarking of Quapaw phonology: a study of language death", *Kansas Working Papers in Linguistics* 3: 45-52.
- ROMAINE, S. (ed.) (1982a): *Sociolinguistic variation in speech communities*. London: Arnold.
- ROMAINE, S. (1982b): *Language in Society. An Introduction to Sociolinguistics*. Oxford: Oxford University Press. [Trad. española, *El lenguaje en la sociedad. Una introducción a la sociolingüística*. Barcelona: Ariel Lingüística, 1996].
- ROMAINE, S. (1989): *Bilingualism*. (2ª ed., 1995). Oxford: Basil Blackwell.
- ROTAETXE, K. (1988): *Sociolingüística*, Madrid: Síntesis.
- RYAN, E. B. (1979): "Why do low-prestige language varieties persist?". En H. Giles y R. St. Clair (eds.), *Language and social psychology*. Oxford: Basil Blackwell.
- SALVADOR, G. (1977): "Estructuralismo lingüístico e investigación dialectal", *Revista de la Sociedad Española de Lingüística* 7. 35-57.
- SALVADOR, G. (1986): *Estudios dialectológicos*. Madrid: Paraninfo.
- SALVADOR, G. (1987): *Lengua Española y Lenguas de España*. Barcelona: Ariel.
- SCHLIEBEN-LANGE, B. (1977): "The language situation in Southern France", *International Journal of the Sociology of Language* 12 (*Linguistics* 191: 101-108).
- SCHMIDT, A. (1985): "The fate of ergativity in dying Dyrirbal", *Language* 61: 378-396.
- STUBBS, M. (1983): *Discourse Analysis. The Sociolinguistic Analysis of Natural Language*. Oxford: Basil Blackwell.
- SWADESH, M. (1948): "Sociologic notes on obsolescent languages", *International Journal of the Sociology of Language* 14: 226-235.
- SZEMERÉNYI, O (1981): "Sprachverfall und sprachtod besonders im Lichte indogermanischer Sprachen". En *Bono homini donum: essays in historical linguistics in Memory of J. A. Kerns*. Amsterdam: Benjamins.


- TERRELL, T. (1980): "Teoría generativo-transformacional y dialectología castellana". En J. Guitart y J. Roy (eds.): *La estructura fónica de la lengua castellana*. Barcelona: Anagrama. 203-246.
- TERRELL, T. (1983): "Dialectología". En H. López Morales (ed.), *Introducción a la Lingüística actual*. Madrid: Playor. 133-146.
- TRUDGILL, P. J. (1977): "Creolization in reverse: reduction and simplification in the Albanian dialects of Greece", *Transactions of the Philological Society 1976-7*: 32-30
- TRUDGILL, P.J. (1983a): *Sociolinguistics: An Introduction to Language and Society*. London: Penguin (Ed. revisada; 1ª ed. 1974).
- TRUDGILL, P. J. (1983b): *On dialect: Social and Geographical Perspectives*. Oxford: Basil Blackwell.
- TRUDGILL, P. J. (1986): *Dialects in contact*. Oxford: Basil Blackwell.
- TSITSIPIS, L. D. (1984): "Functional restriction and grammatical reduction in Albanian language in Greece", *Zeitschrift für Balkanologie* 20: 122-131.
- VILLENA PONSODA, J. A. (1992): *Fundamentos del pensamiento social sobre el lenguaje (Constitución y Crítica de la Sociolingüística)*. Málaga: Ágora.
- WEINREICH, U. (1954): "Is a Structural Dialectology Possible?", *Word* 10: 388-400.
- WILLIAMSON, R. C., van EERDE, J. A. y WILLIAMSON, V. (1983): "Language maintenance and shift in a Breton and Welsh sample", *Word* 34.2: 67-88.



MAPA 1: Área zamorana del gallego exterior y sus zonas limítrofes



MAPA 2: Continuum dialectal en la comarca de Sanabria



MAPA 3: Lectos mixtos o fundidos del gallego exterior en el área zamorana





# ÍNDICE

|   |     |
|---|-----|
| <b>ADRO</b> .....   | VII |
| <b>VERBAS LIMIARES</b> .....  | IX  |
| <b>ACTO DE INAUGURACIÓN</b> .....   | 3   |
| <b>ACTO DE CLAUSURA</b>   |     |
| <i>Acto de Clausura</i> .....   | 13  |
| Antón Santamarina   |     |
| <i>Conferencia de clausura</i> .....  | 21  |
| <b>MESAS REDONDAS</b>   |     |
| <i>Língua galega e ensino</i> .....   | 39  |
| <i>Língua galega e literatura</i> .....   | 65  |
| <i>Língua galega e medios de comunicación</i> .....   | 97  |
| <i>Situación sociolingüística do galego</i> .....   | 129 |
| <b>SECCIÓN 9</b>  |     |
| Antonia Álvarez Torres   Concepción Fernández Fernández   |     |
| <i>Identidade social e lingua</i> .....   | 165 |
| M <sup>a</sup> Jesús Bugarín López  |     |
| <i>O galego no Faro de Vigo na década dos trinta</i> .....  | 173 |
| Francisco Caamaño Isorna   M <sup>a</sup> Xesús Cebro Ferro   |     |
| <i>Os deseños de medidas repetidas na avaliación de programas de intervención lingüística</i> ..... | 181 |
| Rocío Castro Tarrío   |     |
| <i>Usos e actitudes con respecto á lingua na Facultade de Ciencias da Información</i> .....         | 189 |
| Paula Cons Varela   Edith Pazó Fernández  |     |
| <i>A lingua na publicidade dos xornais galegos</i> .....  | 199 |

|   |     |
|---|-----|
| Santiago Esteban Radío  |     |
| <i>Competencia léxica galego-castelán en alumnos galegos</i> .....                  | 215 |
| Carme Fernandes García   Valentim Rodrigues Fagim                                   |     |
| <i>História funcional do valenciano:</i>  |     |
| <i>valoración sócio-lingüística em relación com o caso galego</i> .....             | 225 |
| Carme Fernández Rodríguez   |     |
| <i>A reflexión sobre a lingua no boletín Rexurdimento</i> .....                     | 237 |
| Mauro Fernández   |     |
| <i>O uso do galego nos espacios urbanos</i> .....                                   | 245 |
| Xesús Ferro Ruibal  |     |
| <i>Notas para un Manual de resistencia lingüística</i> .....                        | 257 |
| Valentina Formoso Gosende   |     |
| <i>Análise da situación lingüística na empresa galega</i> .....                     | 283 |
| Mário J. Herrero Valeiro  |     |
| <i>Ámbitos de análise na sociolingüística galega: uma sistematização</i> .....      | 291 |
| Onésimo Juncos Rabadán   Arturo X. Pereiro Rozas                                    |     |
| <i>Determinantes actitudinais no uso da lingua</i> .....                            | 309 |
| Xulia Marqués Valea   |     |
| <i>O emprego da lingua galega no xornal El Compostelano</i> .....                   | 321 |
| Xulián Maure Rivas  |     |
| <i>Escritura e sociedade.</i>   |     |
| <i>¿A lingua galega soporte dunha mentalidade precientífica?</i> .....              | 331 |
| Gabriela Prego Vázquez  |     |
| <i>Unha aproximación microsociolingüística ó xénero discursivo do regateo</i> ..... | 347 |
| Monserrat Recalde Fernández   |     |
| <i>Os fenómenos da desgaleguización e a (re)galeguización en Galicia</i> .....      | 357 |
| Gabriel Rei Doval   |     |
| <i>Historia e actualidade da sociolingüística galega:</i>                           |     |
| <i>das actitudes do profesorado ó MSG</i> .....                                     | 371 |
| I. M. Roca  |     |
| <i>O falante nativo na enquisa sociolingüística da RAG</i> .....                    | 377 |
| Modesto Rodríguez Neira   |     |
| <i>Panorama da situación sociolingüística do galego nos universitarios</i> .....    | 389 |
| Xoán Paulo Rodríguez Yáñez  |     |
| <i>O proceso de negociación conversacional da escolla de código</i>                 |     |
| <i>nunha interacción no mercado de Lugo</i> .....                                   | 403 |
| Bieito Silva Valdivia   |     |
| <i>Un aspecto da avaliación da competencia:</i>                                     |     |
| <i>identificación e valoración de interferencias lingüísticas</i> .....             | 415 |



|  |     |
|--|-----|
| Xosé Soengas Pérez   |     |
| <i>O papel da Televisión de Galicia e da Radio Galega na normalización lingüística</i> .....   | 431 |
| J. Miguel Túñez López  |     |
| <i>As estratexias lingüísticas dos medios galegos: análise da actitude de xornais e xornalistas</i> .....  | 439 |
| Carlos Valcárcel Riveiro   |     |
| <i>Dinámicas xeolingüísticas da Galicia interior: o exemplo da Ribeira Sacra</i> .....   | 447 |
| <b>SECCIÓN 10</b>  |     |
| M <sup>a</sup> Xesús Bello Rivas   |     |
| <i>A interferencia negativa na traducción do castelán ó galego</i> .....   | 469 |
| Sandra Faginas Souto   |     |
| <i>Algúns aspectos do español da Coruña: as vocais [e] [o] tónicas en sílaba inicial</i> .....   | 489 |
| Xosé Antonio Fernández Salgado   |     |
| <i>A interferencia do castelán no léxico galego: o castelanismo como recurso eufemístico</i> .....   | 501 |
| Anxo M. Lorenzo Suárez   |     |
| <i>Algunhas consideracións teóricas sobre as consecuencias funcionais e estruturais do contacto na lingua galega</i> .....                                 | 509 |
| M <sup>a</sup> Victoria Navas Sánchez-Élez   |     |
| <i>El pronombre personal con nós en gallego y en barranqueño</i> .....   | 525 |
| Manuel Carlos Núñez Singala   Patricia Romero Rodríguez  |     |
| <i>Interferencias entre galego e castelán na prensa escrita galega</i> .....   | 535 |
| Miruca Parga Valiña  |     |
| <i>A interferencia lingüística no galego oral</i> .....  | 547 |
| José Antonio Puentes Romay   |     |
| <i>Ochenta: ¿é realmente un castelanismo?</i> .....  | 559 |
| I. M. Roca   |     |
| <i>Práctica lexicográfica nas linguas en estado de bilingüismo</i> .....   | 567 |
| Francisco Vega Ballesteros   |     |
| <i>Situación lingüística actual del ‘gallego exterior’ hablado en la comarca de Sanabria (Zamora). Problemas dialectológicos y sociolingüísticos</i> ..... | 579 |

